

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA



Uxío Novoneyra

NÚMERO 371

A CORUÑA

ANO 2010

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA



NÚMERO 371

A CORUÑA

ANO 2010

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

Coordinadores

XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO
XOSÉ R. BARREIRO FERNÁNDEZ

Edita

REAL ACADEMIA GALEGA

Foto Cuberta

UXÍO NOVONEYRA POR FEDERICO GARCÍA CABEZÓN (1994).
CORTESÍA DA FAMILIA NOVONEYRA REI

Deseño

XOSÉ DÍAZ/IMAGO MUNDI

Maquetación e Impresión

HÉRCULES DE EDICIONES
RÚA CORDELERÍA, 32 EDIFICIO HÉRCULES
TEL. 981 22 05 85
FAX. 981 22 07 17
www.herculesediciones.es
15003 A CORUÑA

ISSN: 1576-8767

Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
Telf. 981 20 73 08
Fax. 981 21 64 67
www.realacademiagalega.org
15001 A CORUÑA

Esta publicación é posible grazas á colaboración
económica da Fundación Pedro Barrié de la Maza



I

Congreso Uxío Novoneyra

PRESENZA DE NOVONEYRA EN MADRID / Ana Acuña

SOBRE O PRIMEIRO LIBRO DE NOVONEYRA (ABROJOS, 1948)
E OUTRAS PÁXINAS SÚAS / Xesús Alonso Montero

TERRA E POBO EN NOVONEYRA / Anxo Angueira

A LIBERDADE DAS AMADAS MULLERES / Carmen Blanco

ASPECTOS FORMAIS DA POESÍA DE NOVONEYRA / Darío Xohán Cabana Yanes

ROMANCEIRO E CANCIONEIRO ENTRE OS VERSOS DE NOVONEYRA / Luís Cochón

LINGUA E ESTILO NA OBRA DE UXÍO NOVONEYRA / Xosé Ramón Freixeiro Mato

NOVONEYRA: NOVA XEIRA. A POESÍA COMO ANTÍDOTO
CONTRA O RUÍDO / María Pilar García Negro

DIVERSIDADE INTERNO-EXTERNA E MULTIPLICIDADE TEXTUAL
EN UXÍO NOVONEYRA / Luís Alonso Girgado

OS CAMIÑOS Á IDADE MEDIA NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA / Teresa López

UXÍO NOVONEYRA NA DISTANCIA DO LOBO / Antón Lopo

ARREDOR DOS EIDOS DE NOVONEYRA / Ramón Lorenzo

A PALABRA DESEÑADA E FEITA A MAN / Carlos Paulo Martínez Pereiro

UXÍO NOVONEYRA E A LINGUA LITERARIA / María Xesús Nogueira Pereira

ATA CANDO ISTE TEMPO DE ELEXÍA? / Branca Petra Novoneyra Rei

LINGOA SEN MAOS. O NACIONALISMO DEFENSIVO E CRÍTICO.
A PROSA PÚBLICA DE UXÍO NOVONEYRA / Uxío Novoneyra Rei

ESCRITURA DO CORPO: OS POEMAS CALIGRÁFICOS / Antón Patiño

NATUREZA E PAISAXE DO COUREL / Xosé Benito Reza

POETAS DA FALA NO LABIRINTO DAS LINGUAS. CORRESPONDENCIA
ENTRE VALENTE E NOVONEYRA / Claudio Rodríguez Fer

NOVONEYRA, RECITADOR. UN EXEMPLO DE EXECUCIÓN DO VERSO LIBRE
(NA LEMBRANZA DE RAMÓN BARCE) / Olivia Rodríguez González

NOVONEYRA: NOVA XEIRA A POESÍA COMO ANTÍDOTO CONTRA O RUÍDO

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

0. NOVONEYRA: NOVA XEIRA

Cómpreme, antes de máis nada, dar conta do porqué da escolla do dístico –ou, se o preferiren, ripio– que encabeza esta exposición. En superficial análise lexicométrica, termos como “terra”, “telúrico”, “cósmico”, “natureza”... rexistan unha alta frecuencia de uso na caracterización da poesía novoneyriana, a tal punto que, por veces, case temos tentación de acudirnos á xeoloxía, á edafoloxía, á topografía, á cosmoloxía ou á botánica para estas disciplinas nos facilitaren luces sobre a obra do escritor. Brincadeiras á parte, moi lonxe de min caír na insolencia de desprezar –cuantitativa ou cualitativamente– toda a acumulación crítica que fixo de Novoneyra o seu obxecto de análise ou comentario, de lle aplicar unha emenda á totalidade, mais si coido chegada a hora de contribuírmos a comezar unha nova xeira na consideración global da obra de poeta tan singular e caracterizado como Uxío Novoneyra. Ao servizo deste obxectivo contamos, hoxe, coa grande vantaxe de posuírmos publicacións que nos achegan inéditos, en verso e en prosa, da súa autoría e, sobre todo, cun material ben valioso, cal é, en diferentes formatos (discursos, entrevistas, memorias dialogadas...), a súa propia poética¹.

Esta *opera omnia* permite, de certo, situar mellor tanto a cronoloxía como a intención de poemas non publicados en libro e, desde logo, ilumina o conxunto da obra toda con novos focos que autorizan a redefinir algúns aspectos recorrentemente citados verbo dela. Outramente, convirá lembrar algunhas obviedades que, a por de o seren, aparecen adoito omitidas. Por exemplo:

- a) data de escrita e data de publicación ou, aínda, non publicación non son ou non teñen de ser en absoluto coincidentes na literatura da segunda metade do século XX e, máxime nunha literatura como a galega, submetida a particulares condicións de (re)emerxencia e condicionada polo

1 Nomeadamente, os volumes (indicados na Bibliografía): Novoneyra (1998), Novo (2004), Cochón (2010a e 2010b), VV.AA. (2005) e VV.AA. (2010).

- estado xeral da lingua e da nación, non admitidas ambas como realidades públicas;
- a) desde os comezos da década dos cincuenta do século XX –en que se sitúa a literatura incipiente dos novos daquela, por exemplo, Manuel María e Novoneyra– até ben entrada a década dos setenta, toda a literatura galega depende, para a súa publicación, do permiso da censura, que, con carácter xeral, opera en todo o Estado para vixiar o editábel e o que, por contra, ficaba condenado a ficar fóra da circulación pública;
 - c) a maiores deste mecanismo represivo e redutor de carácter xeral, pola dependencia política da Galiza ao Estado español, operan sobre a literatura galega máis outros factores de discriminación, debidos precisamente a esa dependencia secular e que seguen a pexar a literatura galega renacente, após a brutal cesura da guerra civil española, con todas as feridas e as marcas negativas do seu vehículo, isto é, da propia lingua que a sustenta;
 - d) as escritoras e os escritores nados na década dos vinte e na dos trinta do século XX non teñen cordón umbilical: foilles rompido violentamente, ao non poderen recoñecer pai ou nai, isto é, a xeración que os antecederá na literatura, no xornalismo e nas artes galegas, por os seus membros teren sido asasinados, estaren exiliados ou silenciados á forza no interior do país, razón pola cal o coñecemento directo da obra destes artífices do Segundo Renacemento da Cultura Galega é un coñecemento ventureiro, limitado ou, en todo caso, submetido á vontade ou ás posibilidades dos mediadores culturais agrupados arredor do grupo Galaxia;
 - e) en fin, a derradeira evidencia que mencionamos –e moi especificamente para a obra de Novoneyra– pasa por lembrarmos a vontade decidida de (re)incluír a poesía no recipiente amigábel doutras artes, nunha especie de retorno ao pasado xenético: a poesía **dita** e non samente escrita; a súa interpretación-escenificación; a escrita caligramática; a comunión deliberada pintura-poesía...

Todas estas evidencias, con frecuencia esquecidas, non son circunstanciais na obra de Novoneyra. Forman parte do pano de fondo imprescindible en que se tece e se divulga a súa obra. A aproximación crítica que a seguir farei parte delas para tentar encadrar a razón da novidade da súa poesía, a súa substantividade.

1. UN PROTOTIPO CRÍTICO CON FINALIDADE ESTABILIZADORA

No ecuador da década dos cincuenta do pasado século, publícanse *Os Eidos*, primeiro volume do poeta e primeiro de poesía editado por Galaxia. O prólogo

que o acompaña, da autoría de Ramón Piñeiro, correspóndese cunha longa carta que este dirixe ao mozo Novoneyra, en Agosto de 1953². Exerce Piñeiro, máis unha vez, o seu proverbial papel tutorial e, neste texto prologal, senta as bases da que, segundo el, debера ser interpretación canónica deste poemario, mesmo trazando o perfil psicolóxico do escritor nacente e a razón última da súa descuberta da terra. Foi a súa chegada a Compostela (desde o campamento de Parga, onde, con Manuel María, cumpría o servizo militar) a que, segundo Piñeiro, orientou o poeta para pasar do estadio de “solitario arrogante”, “isolado do mundo e dos homes” á conquista da “identificación espritoal coa Terra”. O seguinte paso na xestación d’Os *Eidos* viría dado pola confirmación poética, na Coruña, a través do coñecemento de Rosalía de Castro e de Pondal: “Confirmación decisiva pra quen naceu poeta e soio poéticamente pode comprender a realidade”:

Descoberta xa a identificación espritoal do home coa Terra, primeiro en Compostela como realidade viva ouxetiva, dispois na Cruña como ouxetiva realidade poética, ó achegáreste outravolta ó Courel tiñas que sentir unha nova, fonda e vivificante experiencia: o sentimento da túa propia identificación coa Terra.

[...]

E naceron OS EIDOS...

[...]

¿Por qué non imaxinámonos un despertar poético de tódalas demais terras galegas? O mesmo que o Caurel, a Terra Cha, e Lemos, e Melide, e a Peroxa, e Deza, e Fisterra, e Monterrei, e A Limia, e tódalas demais. O día que cheguemos a ter un Cancioeiro poético no que se recolla e se refrexe a voz de tódalas terras galegas como en OS EIDOS se refrexa a do Caurel, daquela contaremos co gran Poema de Galicia, con isa especie de epopeia colectiva na que tódolos pobos refrexan o seu ser. Porque Galicia, que ten grandes poetas, non ten aínda o seu gran Poema. E o gran Poema de Galicia non poderá ter realidade senón refrexando a voz da Terra. Na vida da cultura galega, a Terra é un elemento aitivo i esencial. A nosa realidade cultural vén a ser a integración do humán e mailo telúrico [...]. No libro OS EIDOS exprésase poeticamente a experiencia máis radical e permanente do espírito galego en canto realidade colectiva: a súa integración na vida cósmica. Experiencia de vixencia inmutábele durante centos e centos de anos. Iste libro houbéranos comprendido plenamente, como cousa propia, os caurelaus de fai mil anos. Como cousa propia comprenderano, tamén plenamente, os caurelaus de dentro de mil ou de dous mil anos.

E, en fin, como corolario: “Dentro da evolución xeral da poesía galega, OS EIDOS tamén sinala o inicio craro e conscente do que poderíamos chamar «a poesía como voz da Terra»”.

2 Todas as citacións que a seguir incluímos recollémolas de NOVONEYRA (1981: 202-204).

Xustificamos a extensión das citacións porque pensamos que non se ten reparado abondo en como, e até que ponto, Piñeiro utiliza Novoneyra e o seu libro primicial como óptimo pretexto para desenvolver a súa tese anti-historicista e estabilizadora da personalidade galega, isto é, a tese conveniente ao propósito simultáneo de desactivar calquer participación directa dos novos na restauración do galeguismo político ou nacionalismo de anteguerra. Con efecto, o editor ou mediador cultural que Piñeiro foi asume con toda naturalidade o papel de guía-preceptor do novo escritor, ao punto de o informar de cómo el é, isto é, de cómo *debe* ser, asemade delimita con total nitidez as fronteiras de cal deba ser a *boa* poesía, unha especie de coral afinada onde o cántico das terras do Courel se sume ao emanado doutras comarcas da Galiza, nunha sorte de mapa dialectolóxico-poético, onde as isoglosas virían marcadas pola “podente presenza da Terra”. O labor do poeta sería, así, o dun amanuense-transcritor desa voz ignota.

É curioso, así mesmo, que reclame ou desexe a creación do “gran Poema de Galicia”, tal e como pedía Vicente Risco, cando saudaba nas páxinas de *Nós*, en 1929, a publicación da segunda edición das *Cousas*, de Castelao: “Ten que facer co-elas o poema inteiro da Galiza de hoxe”³ Mais a diferenza crítica é notábel, pois o autor ourensano reconece que de cada unha delas, de cada unha das *Cousas*, “poderíase sacar unha novela, un poema, un drama, unha comedia”⁴, isto é, menciona como virtude do artista rianxeiro a súa fertilidade xenérica baixo a cobertura dun formato orixinal como o relato peculiar que alberga cada *cousa*. Vinte e tantos anos máis tarde, Piñeiro arela que o Ser galego se exprese, na coral polifónica de todas as voces da Terra, nun clamor ontolóxico que comezaría e acabaría nela mesma. Tal visión é tamén inteiramente coherente coa sublimación da poesía de Rosalía de Castro no recipiente da saudade e co intento de conceptualización da filosofía da saudade como marco explicativo do ser galego, que polos mesmos anos Piñeiro está a redixir e a publicar. Así, o seu ensaio “A Saudade en Rosalía” conclúe con estas palabras:

[...] Rosalía comunícanos, cos recursos propios da expresión poética, a súa vivencia íntima da soedade. Iles [os poemas citados] teñen a forza de unha pura afirmación: a afirmación da verdade íntima da propia soedade, espresada ás sinxelas, sin queixas nin protestas. Rosalía, grande e profundo esprito, viviu i-espresou a súa soedade ontolóxica, a súa saudade. Poeta que tal fixer pertence pra sempre ó reino da lírica pura.⁵

3 Vid. *Nós*, n.º 66, 15 / 6 / 1929.

4 *Ibidem*.

5 Vid. Piñeiro, Ramón: “A Saudade en Rosalía”, en VV.AA. (1952): *7 ensayos sobre Rosalía*. Galaxia: Vigo, pp. 109.

De modo e maneira que temos unidos, en concilio inmovilista, voz da Terra e Saudade, como *fixadores* da personalidade galega, filosofía que require, da man de Piñeiro, formatar *pro domo sua* tanto a poesía fundacional rosaliana como a inaugural novoneyriana. A tutela que quer exercer sobre o poeta novel é ben indicativa do designio de sentar un prototipo crítico non só sobre o poeta e a súa obra primeira senón, retrospectiva e prospectivamente, sobre toda a poesía galega e a guía da súa lectura *conveniente*: mesmo a utilización –para negalas– de “queixas” e de “protestas” na poesía rosaliana –contravindo todas as evidencias– semella un *lapsus calami* do autor, xustificante dunha actitude pasiva, inmóbil, na contemplación da realidade galega e, por tanto, negador, por inmanentismo, de toda transformación posíbel.

Falamos, así mesmo, de anti-historicidade, en dúas dimensións. En primeiro lugar, porque a diacronía que precede á obra de Uxío Novoneyra abunda na utilización da terra e da natureza galega como metonimia e como símbolo da nación e non como decorado inevitábel. Na tradición clásica, só os nomes de Rosalía de Castro, de Eduardo Pondal ou de Ramón Cabanillas xustificarán este aserto. Mais, en segundo lugar, porque o Courel “transferido” a *Os Eidos* non é eterno nen inmortal senón ben histórico e sincrónico, razón pola cal aducir como mérito unha recepción a-temporal da obra, tanto no pasado como no futuro milenario carece de todo sentido: tal e como a lemos, non vemos nesta obra inaugural adanismo nengún que ficase inmune ás mudanzas impostas pola propia historia. Hai mil anos, dáse a circunstancia de que a lingua galega, non interferida por outra, estaba en transo de se preparar para, unha vez escrita, reinar na lírica de toda a Península Ibérica, condición ben distante do tempo en que o escritor comeza a compor a súa obra. Renunciamos, de por parte, a nen tan sequer imaxinar o que poda ser a Galiza e a súa literatura dentro de mil ou de dous mil anos...

2. A SEMÁNTICA D’OS EIDOS

No mesmo ano en que se publican *Os Eidos*, 1955, en plena guerra fría, un titular a tres columnas do *New York Times* proclama rotundo: *Semantics, a Red Weapon in War on Free Enterprise* (“A semántica, unha arma dos roxos na loita contra a libre empresa”) ⁶. Así que, facéndonos caso da sentenza *sensu contrario*, utilizemos a semántica contextual como auxiliar necesario na análise desta primeira poesía de Novoneyra, tanto a publicada n’*Os Eidos* como a escrita por estas mesmas datas, publicada ou non. Desta análise derivamos as seguintes consideracións:

6 Vid. Guiraud, Pierre (1965): *La Semántica*. Fondo de Cultura Económica: México, 2ª ed., p. 9.

- 1^a. O que o poeta presenta, en primeira instancia, naquel libro primeiro, son as súas **credenciais**, mais non de forma absoluta ou libérrima, senón condicionado pola ferreña censura reinante. Noméase o que se pode, non todo o que se desexa, do mesmo xeito que non se pode ecuacionar escrita con texto publicado.
- 2^a. Existe, claro está, descuberta da terra para convertela en Terra, isto é, en nación sentida e querida, mais o itinerario non é cósmico nen telúrico: é patriótico, porque nace dun acto de amor aos lugares que se habitan e mais dunha ratificación ideolóxica, nomeación mediante, **do seu dereito a existiren**.
- 3^a. O porqué da abundancia toponímico-topográfica, así como de múltiplos elementos dunha natureza fecunda, mais tamén temíbel ou inexplorada, reside no desexo de humanización –a través da palabra poética– dunha realidade que se encontra na extrema da periferia, na Galiza menos accesíbel e, ao tempo, na que mellor compón unha fronteira xeográfica natural.
- 4^a. Esta realidade nomeada no texto correspóndese cunha realidade existente no subtexto: o traballo do campo, a cargo dos labregos que o autor converte na clase epónima da Galiza toda e mais a lingua que os define.
- 5^a. A fusión do poeta coa terra nomeada –nunca vista como paisaxe pintada ou como decorado sentimental– supón a ruptura inmediata da magnificencia do individuo, na versión ultrarromántica, face ao mundo exterior. En realidade, presupón unha clara visión ecolóxica, en virtude da cal desaparecen as fronteiras entre reino mineral, vexetal, animal e humano, para (re)incluír o ser humano nunha serie de continuidade convivencial, non nunha posición de superioridade.
- 6^a. Repitamos o tópico: efectivamente, en palabras súas, “... o concepto Terra é máis primario, máis elemental, máis profundo, menos prescindible; os que viven nela e con ela chámanlle **Terra** [negritas do orixinal], a penas usan o termo **paisaxe** [idem], ou non o usan nunca. Os eidos son os sitios da terra que poden nomearse cun microtopónimo [...] Tamén pode dicirse eidos dos lugares íntimos, os máis convividos, dos que se ten longa experiencia, hábito de longa presenza, os que un leva **estampados** [idem] dentro”⁷. Mais dáse o caso de que o que se nomea é o non roubado, o non espoliado, o non misturado..., isto é, os elementos elocuentes dunha especificidade galega aínda non destruída

7 NOVONEYRA (1998: 60).

ou contaminada. Son os elementos inconmutábeis, os non dexenerados ou confundidos.

- 7ª. A relación intertextual que propomos ilumina o publicado. Polo mesmo tempo en que publica *Os Eidos*, Uxío escribe poemas como estes:

OUH GALICIA⁸

1

OUH Galicia, miña toda!
Se a fe que che eu teño chegara para salvarte!

Os que así nos teín só teín noso os nosos nomes no censo,
que hasta o noso sudor, sin alento, pérdese na terra.
O único que nos dan
é esta forza da fame.

Escribín estas verbas
cas bágoas da afrenta que un non merez;
e según van enfriando

voume volvendo encender
contr'os inimigos da libertá
que estamos certos de alcanzar un día,
poil' a forza do noso amor ¡non pode ser inútil!

(1956)

2

OUH Galicia, tan perdida e tan nosa!
Será a miña xeneración quen te salve?

Irei un día do Caurel a Compostela
por terras libradas?

(1957)

8 Este poema publícase por vez primeira na revista *Epifanía* (Buenos Aires, n.º 1, Setembro 1958), segundo informa Olga Novo (Novo, 2004: 170). Aparecerá –como tantos outros poemas do autor– con versións modificadas en publicacións posteriores. Recollémolo, nesta versión inicial que reproducimos de Novo, 2004: 182. Trinta e cinco anos despois (23.6.1992) así o evoca o propio Novoneyra: *Irei un día, do Courel a Compostela, por terras libradas? Isto era no 1957. Veño eu a Compostela. Irei un día do Courel... E, fíxate, aínda non estaba nada consolidado o abalar do nacionalismo da posguerra... Irei un día... E esta cousa, esta seguridade: a forza do noso amor... Pero non o digo con xactancia de seguridade. E que a forza do noso amor non pode ser inútil! [...]. A forza do amor. A forza do noso amor, do noso amor á Terra, do amor ó Pobo, do amor ó propio pobo, do amor á Lingua, de todo o que configura a propia nación* (Araújo, Emilio: “Na rebolegando de comezo sempre enunciación de Uxío Novoneyra”, en VV.AA., 2005: 34).

CHAMAMENTO ÓS GALEGOS ⁹

GALEGOS,

hemos de ganar Galicia!
Hemos de ganala porque é nosa,
porque o quer o noso corazón
que o sinte necesario
para salvarnos nós e nosos pais,
para salvar ós nosos abós i os pais dos pais de nosos abós.

Pousa o tempo no sono
i eu non vos chamo en alto como antes se facía,
máis ben llanamente
como falamos entre nós tódolos días que perdemos.

Chámanos iste día que chove
chámanos cada xeito, cada ollada nosa,
cada val e cada teso.

Escuitai os que saben ler esta chamada.
Se todos somos fieles ó que somos
o tempo terá o noso sentido.

(1956)

Cabe conceptualos como fillos dunha dualidade, da cal esta póla, a chamada poesía cívica, proviría dunha corda poética diferente daqueloutra publicada. Non é este o noso xuízo. Unha e outra, a publicada en libro e a escrita e gardada (ou divulgada por outras vías), nacen exactamente da mesma fonte. Que, na mesma sincronía, o poeta abandone todo suposto ensimesmamento para se dirixir, nomeando o xentilicio “galegos” ou ben dirixíndose a un segmento que debe actuar como avanzada (os estudantes) na conciencia da identidade, fala ás claras dunha dialéctica da historia, entendida como mellorábel e rectificábel, que ilumina o pretenso estatismo d’Os *Eidos* e contradí a visión do “baño” telúrico, porque axiña o autor nomea necesidades ben sentidas de reapropiación da nación toda; de aí que o segundo dos poemas que evocamos teña caracteres de manifesto, que, na súa entrega aos estudantes galegos da universidade compostelana (1956), non deixa de significar una clara autonomización do momento histórico galego, nun ano en que a contestación universitaria en Madrid provoca o cesamento do ministro de Educación, Ruiz-Giménez.

9 Ao igual que o anterior, este poema conta con varias versións. Reproducímolo na que é presumiblemente a primeira delas, tirada tamén da recompilación de Olga Novo (Novo, 2004: 183-184).

Na nosa Introducción a *Gran Lugo de nebra* (Novoneyra, 2010: 11-12), utilizamos a versión que nos facilitou Florentino Varela Silva, a quen lla deu o propio autor. Nesta versión, titúlase “O chamamento” e leva esta dedicatoria: “Prós universitarios galegos, estudantes en Compostela”. Está datado igualmente en 1956.

- 8ª. A regra semántica que contrapón, nos seus atributos, SER e INDIVIDUO (ou exemplar) axuda igualmente na interpretación das escollos de Novoneyra e nos seus procedementos retóricos máis nomeados (síntese significativa; hiperconcentración semántica; ausencia de todo verbalismo...). O *ser* supón a máxima extensión e a mínima comprensión: todo é, existe, mais este é o seu único semantema. O *individuo* (ou exemplar) conta coa mínima extensión (é uno e único) e coa máxima comprensión, isto é, con todos os atributos de significación posíbeis. É así como o que se nomea informa, na súa estrutura superficial, dunha realidade fónica ou escrita, e na estrutura profunda de todo o que non se nomea mais sen o cal o visíbel non existiría. O poeta nomea realidades concretas, específicas, diferenciadas, unidades discretas, non xeneralidades humanas, fale de si propio, do irmán prematuramente falecido, do eu lírico namorado ou da natureza que o acolle, onde a acumulación da riqueza da flora non é bucólica: é o carnet de identidade galego, non trucidado polo censo, como diría el...
- 9ª. E, en fin, mencionemos unha evidencia que, non por selo, debe pasar inadvertida. Toda esta obra inicial de Novoneyra está escrita en galego. Este feito, que hoxe enxuicamos como ínsito a unha literatura galega que se incrementou desde os cincuenta e cinco ou cincuenta e seis anos que nos separan daquel tempo, non é en absoluto redundante naquela sincronía. A diferenza do presente, en que o uso literario do idioma galego pode se dissociar ou xebrar de calquer compromiso ultrabiográfico ou extraliterario, a aquela altura a escolla do galego encerraba unha rede complexa de vínculos: coa “terra”, efectivamente, mais coa terra, na súa fértil polisemia, entendida como país singular con lingua de seu; coas clases sociais –o mundo do traballo– de que o galego era patrimonio e distintivo; cunha tradición político-cultural que o elevou á condición de instrumento público, literatura mediante; cunha vontade, en fin, de restauración e de dignificación colectiva a través do uso do emblema principal e imprescindible. De feito, o autor vai insistir nas décadas seguintes, no papel central da lingua como gardadora da memoria e como garantía de pervivencia.

3. O SILENCIO CONTRA O RUÍDO. A POESÍA COMO ANTÍDOTO DO RUÍDO

Criticamos a lectura inmovilista, inmanentista, da Terra que, desde o prototipo piñeiriano, fixo fortuna na crítica da poesía de Novoneyra, mais recoñecemoslle unha grande eficacia como receita, sobre todo pola súa comodidade e

aforro doutras explicacións. Se a poesía se conceptúa como a “voz da Terra”, podemos esticar a metáfora *ad infinitum*, pois, obviamente, ela, a Terra, nunca nos vai contradicer ou responder. Admitirá cantas fantasías ou prosopopeias lle queiramos endosar. Mais enténdase que para nada nos burlamos dun dos elementos máis venerábeis e reiterados, como alimentador, da épica, da lírica, da dramática e até do ensaio galegos, en tanto que ligado (como metonimia, como metáfora ou como símbolo) á representación do colectivo, da nación, da saudade, por suposto, da aflición da perda e até do suxeito autorial ou do suxeito poético. Si afastamos o noso xuízo, como xa explicamos, do mito estabilizador que paralisa a comprensión, en termos históricos e contextuais, dunha poesía (vista hoxe na súa totalidade) incríbelmente unitaria e allea a modas efémeras.

Vaiamos, pois, con outro dos *leit-motiv* do poeta, que se resume nun oxímoro: a música do silencio ou a poética do silencio. Digamos xa, sen preámbulo nengún, que utilizamos **ruído** na súa significación semiolóxica, mais cunha particular aplicación a unha sobrecarga de interferencias sufrida pola lingua galega e mais polo universo de representacións galegas en xeral. Se nunha lingua en condicións soberanas de desenvolvemento, se conceptúa “ruído” como calquer perturbación que se experimente no proceso de comunicación, por parte de calquer dos seus actores ou elementos, no caso dunha lingua, como a galega, submetida a unha situación de conflito, o ruído é considerabelmente maior, en cantidade e en intensidade das turbacións. A propia percepción do idioma reséntese da lousa dos preconceitos acumulados; a motivación para o manter estaba –e está– asediada adoito polo hábito da substitución diglósica; o exercicio, en fin, ou uso, fortemente mancado pola ausencia ou limitadísima presenza da escrita pública e da megafonía social. Nos anos cincuenta do século XX, en que Uxío comeza a súa andaina literaria, si era aberta maioría a poboación utente do galego como lingua inicial, mais non por iso deixaban de ser ferreñamente actúantes as regras da exclusión do galego de todo o espazo público. Constitúese así a literatura galega nun icebergue ou nun illó monolingüe nun mar inmensamente galego, tanto como dolorosamente diglósico, popular tanto como ausente dos usos formais. Contra estes farallóns de españolización-desgaleguización forzosa, contra este ruído, ergue a súa voz a poesía.

O antónimo do ruído vai ser, efectivamente, o silencio, mais non entendido como afasia ou mutismo senón como recollemento e introspección. O poeta debe precaverse da contaminación ambiental, distinguir realidades de aparencias, disterar apósitos deformadores de elementos puros... a través, en primeiro lugar, dun exercicio de concentración e de meditación. É, tal cal, o que procla-

ma Rosalía de Castro, no poema que cerra o Primeiro Libro, “Vaguedás”, de *Follas novas* (1880) significativamente titulado “¡Silencio!”:

¡SILENCIO!

*A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo cómo loitan
en sin igual batalla
inmortales desexos que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangue a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede
ó máis fondo da ialma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembroza no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿dónde quedou velada?*

Batalla permanente de toda e de todo poeta auténtico: entre a inefabilidade e a inevitabilidade, entre o tamaño ou intensidade do sentimento e a capacidade do vehículo en que á forza se ha de verbalizar e transmitir. No exercicio catártico previo á creación, hase de eliminar todo o ruído, isto é, todas as confusións e distraccións que turben o disparo da frecha do corazón e da cabeza do autor á mente e á emoción do lector, por utilizarmos de novo imaxes rosalianas. O SILENCIO é, con efecto, ollada introspectiva, paraxe necesaria, depuración estilístico-verbal até conseguir ou aproximarse ao resultado ansiado ou intuído:

*TENDO o meu silencio
e paro o tempo...
.....
Gran boi deitado
serra do sol
onde eu son
ca uz i o carpanzo! (d'Os Eidos 2).*

ou:

*AUGAS brancas da Rogueira!
Bouzas pechas d'uces e xestas!
Abrairas teixos faias xardois e reboleiras!*

*Outo bosco calado!
Fontiñas do corzo!
Carrozos picafondo!
Non hai outro templo máis vasto
nin outro credo
que este silencio (d'Os Eidos).*

O antídoto contra o ruído provén dunha natureza (dun campo, como dirían os seus habitantes) que non mudou o seu canto, que é testemuña muda doutros tempos históricos, onde o trinomio terra-home/muller-traballo mantiña un outro equilibrio. Porque o ruído maniféstase tamén en forma de abandono do campo, emigración, desertización e, aínda, condena ou desprezo do mal chamado ruralismo, e, así mesmo, en forma de todo o caudal lingüístico que sucumbe nas augas dun río inmisericorde, o da asimilación á lingua oficial do Estado. Contra toda esta perda inclemente erguerá a súa voz o poeta.

4. O INTERNACIONALISMO, REVERSO DO PATRIOTISMO GALEGO

Adoita apresentarse a poesía denominada cívica ou política de Novoneyra como filla dun tempo de efervescencia revolucionaria, nos anos sesenta, ao que seguiría un outro de desesperanza ou de pesimismo na deriva histórica. Pensamos, porén, que esta modalidade de poesía –que, como xa dixemos, agroma no repertorio do autor desde a súa primeirísima dedicación literaria– é un elo da mesma cadea, quer dicir, conceptuámola como elemento recorrente dun *continuum* que rexistamos non só na poesía senón no conxunto todo da súa produción, entendendo por tal toda a actividade paraliteraria, todos os paratextos, as intervencións públicas, a longa dedicación, como Presidente, á Asociación de Escritores en Lingua Galega e en múltiples actos onde o escritor se personou con clareza e coraxe sempre a ponto. Unha outra cousa é a mudabilidade da recepción. Para os máis novos, quizais resulte sorprendente informar de como un poema de só catro versos coma este datado en 1970:

*É xa hora de que señas **Terra** a patria dos teus
dos que gardaron a fala en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de falar
señora de decidir e dona de se negar ¹⁰*

un poema coma este aparece na primeira plana do xornal de maior tiraxe do país, *La Voz de Galicia*, no Día da Patria Galega, no 25 de Xullo, por tanto, de 1976, xornal dirixido na altura por Francisco Pillado Rivadulla. Resulta difícil

10 NOVONEYRA (1988: 63).

concentrar en menos verbalidade, en menos palabras (trinta e oito, exactamente), un auténtico “programa” de auto-organización, exercicio da soberanía, dereito á libre decisión nacional (dereito do que adoito denominar o triplo “v”: de voz, de voto e de veto) como o que estes versos encerran. Mais 1976 non é 2011, claro está, e hai probas abondas que certifican a non linealidade ou progresividade da historia.

Pertencen, xa que logo, á mesma serie e á mesma intención os poemas dedicados a persoas galegas e os dedicados a persoas non galegas e coido fundamental repararmos sempre na data de composición. Así, o poema titulado “Home naxe labrego a Daniel Pino na cadea” data de 1966. “Pranto polo Che. Elexía instantánea a Ernesto Guevara” está exactamente datado ás 10 da noite do 10 de Outubro de 1967, isto é, no día seguinte a ser asasinado, cando chegou aquí a noticia. O estremecente “Vietnam Canto”, en 1968, en plena contestación contra o xenocidio perpetrado polo imperialismo norteamericano no povo vietnamita, e con significativa asociación con motivos galegos. A “Letanía de Galicia”, que remata, a xeito de oración, con estes versos: *sabemos que ti podes ser outra cousa / sabemos que o home pode ser outra cousa*, está escrito en 1968. O poema dedicado a Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García, no 10 de Marzo de 1972, o mesmo día en que foron abatidos polas balas da policía. O poema que denuncia o asasinio de Salvador Allende en Setembro de 1973, igualmente crónica poética en tempo real. E para ratificación dunha poesía antimoda e si, en troca, moi atenta ás realidades e ás fraudes dun rexime *soi disant* democrático, citaremos o poema titulado “A Francisco Rodríguez na cadea”, datado no verán de 1989, nos mesmos intres en que o escritor e político foi preso por catro semanas no cárcere da Coruña. E, en fin, tamén de 1989, un poema¹¹ que resume perfectamente a unión nacionalismo – internacionalismo, como tese positiva que tería no binomio provincianismo – cosmopolitismo a súa antítese, coa utilización coñecida da nomeación como compendio de todos os atributos de significación... Universalismo desde a Galiza; Galiza, célula de universalidade, tal e como querían os clásicos da primeira metade do XX:

*Dinde Palestina
Dinde o Kurdistán a Eritrea a Somalia i ó Sáhara
dindes de África
dindes de América / América! América!*

*dindes de Irlanda
Dindes de Galicia i Euzkadi de Cataluña
E Córcega de Eslovenia e Croacia*

11 Inédito, recollido de Cochón et alii (2010b: 105).

*De Estonia a Ucrania e Armenia
Dindes de Europa a vastísima Asia
Tódolos pobos volven volven os pobos.
Inda falamos dinde a Memoria.
Ás veces esquécense e pasámolo linde
Pra perdernos.
Estamos perdidos e por iso tornamos*

Face ao sofisma que contrapón defensa da patria propia e solidariedade internacional, Uxío levanta o siloxismo verdadeiro: a reclamación da liberdade para a patria de un conleva a petición de liberdade para todas as patrias do mundo, nun diálogo en pé de igualdade e nunha relación horizontal, anti-xerárquica, que será, como xa proclamaba Castelao, a única garantía dun mundo en paz e libre do hexemonismo imperialista.

5. UNHA POESÍA QUE CONXURA A DERROTA

Fican fóra desta aproximación esquemática aspectos centrais da poesía de Novoneyra que nen sequer foron mencionados. Tal a poesía amorosa e a poesía elixíaca que, seguindo as súas propias informacións, afiliámos á mesma xenética, como nada dunha experiencia vivida e sentida e só a partir dela poetizábel. Tal a obsesión pola permanencia e normalización da lingua, que salfeiriu sempre calquer comentario sobre a Galiza ou sobre a súa cultura e que chegou a sintetizar en sentenzas certísimas: “Ninguén dubida xa da nosa identidade, nin os inimigos da **Lingua propia** [negritas do orixinal], que anque non a queiran nin a falen, será sempre o galego. Repito: hai cousas que non as escolle un, escolleunas a historia”¹², palabras que semellan escritas hoxe. Tal a preocupación e tristura causadas polo desaparecemento do agro e, con el, de millenta formas e fórmulas culturais. Si advertimos que a releitura que fixemos do noso escritor está estritamente baseada na poética por el expresada e explicada, sobre todo no volume que recolle o diálogo entre Emilio Araújo e el, titulado *Dos soños teimosos* e publicado en 1998, un ano antes do seu falecemento. Recolleremos só a título de exemplo, unha autodefinición como a que segue:

POESÍA. Pra min a poesía é unha forma de entusiasmo, unha forma de responsabilidade, é un manterse na busca, ter un alto concepto da dignidade do home, exercelo, exercelo, non mentir, pero facer que o home manteña a bandeira da súa dignidade e do seu entusiasmo, e da súa capacidade liberadora e solidaria. E de percibir toda cousa, toda cousa que te rodea, en toda a súa plenitude. E que quede perenne a graza da súa simple plenitude... Descubrir o mundo é a poesía, descubrir ese mundo é a poesía, e é algo co que se lle pode

12 Novoneyra (1998: 95).

axudar ós demais, pra que non crean que vivir é calquera cousa, vivir é unha aventura extraordinaria, e hai que estar á altura dela (13.5.1992).¹³

E aínda nos atreveremos a finalizar cun intento de conclusións:

- 1ª. A viaxe poética de Uxío Novoneyra consta dos seguintes itinerarios, todos eles afluentes do mesmo río: a descuberta do eu ao servizo dunha fusión co pasado histórico, coa palabra outorgada, coa Terra-testemuña dunha nación recuperábel; a razón da Galiza mesma; a razón doutros povos, doutras patrias; a pulsión amorosa e a elexía, sempre fillas da experiencia.
- 2ª. É a súa unha obra unitaria ao máximo, cunha semántica singular, sen submisión a modas ou débedas editoriais.
- 3ª. Se utilizarmos o verbo que dá orixe ao adxectivo “relixioso”, *religare*, no seu estrito sentido etimolóxico, falaremos dunha poesía que visa re-ligar o ser humano coa razón da súa existencia na Terra, a través dunha comunión propositada coa colectividade galega, co povo galego, lingua mediante.
- 4ª. *Residimos tanto na Lingua como na Terra*: nesta oración lapidaria o poeta reinterpreta de xeito definitivo a razón última da súa obra: a 4ª persoa (o humano galego) vinculada aos seus definidores inescusábeis. Nesta común pertenza, o poeta vese “non como apropiador, senón como descubridor” para, por súa volta, doar o que se descobre. Descubrir, gardar e doar: a función do poeta.
- 5ª. De novo, etimoloxicamente, é a súa unha poesía anti-derrota, isto é, que alenta a non perder a rota, o camiño en que, en existíndomos, podemos definírnos e facernos a nós mesmos na rectificación dunha historia negativa, a comezar pola identificación do eu biográfico co rumbo mellorado da sociedade a que pertencemos.

En palabras que xa teñen moitos anos¹⁴, a escritora Pilar Pallarés, nunha autopoética pedida para o volume *De amor e desamor*, concluíu:

Gostan-me os poemas nos que contan tanto os siléncios e a alusión como as palabras. O ideal sería o que constase de unha so palabra, sorprendente, eco-ante, nunca vista, que o dixese todo.

Talvez non exista este *desideratum*, mais, desde logo, a poesía de Uxío Novoneyra ándalle moi cerca... Para que o seu nome siga convocando a todas e a todos os que queremos que a Galiza sexa outra cousa. Así sexa. Obrigada a todos vostedes, a todos vós.

13 Araúxo, en VV.AA. (2005: 34).

14 Vid. VV.AA. (1984): *De amor e desamor*. Sada: Edicións do Castro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

- Novoneyra, Uxío (1981): *Os Eidos. Libro do Courel*. Edicións Xerais: Vigo.
- Novoneyra, Uxío (1988): *Do Courel a Compostela. 1956-86*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Novoneyra, Uxío (1994): *Poemas da doada certeza. I este brillo premido entre as pálpebras*. A Coruña: Espiral Maior.
- Novoneyra, Uxío (1998): *Dos soños teimosos* [Preguntas de Emilio Araújo]. Santiago de Compostela: Ed. Noitarenga.
- Novoneyra, Uxío (1999): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. A Coruña: La Voz de Galicia, Col. Biblioteca Gallega.
- Novoneyra, Uxío (2010a): *Tempo de elexía*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.
- Novoneyra, Uxío (2010b): *Gran Lugo de nebra*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.

BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

- Blanco, Carmen (1996): "Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso", *Historia da Literatura Galega*, t. 4, fasc. 40, Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra.
- Blanco, Carmen (2010a): *Novoneyra: Un cantor do Courel a Compostela. O poeta nos lugares dos seus libros*. Obre-Noia: Toxosoutos.
- Blanco, Carmen (2010b): *Uxío Novoneyra*. Vigo: A Nosa Terra.
- Campo, Marica (2010): "Novoneyra: a misa sobre a terra", *Encrucillada* 168.
- Castelao, Manuel (2010): *Novoneyra / Celso Emilio*. Santiago de Compostela: Ed. Laiovento.
- Canto de permanencia. A certeza de sermos* (2010), documental, Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Cochón, Luís (2010): "Prima nóttula", *Encrucillada* 168.
- Cochón, Iris e Luís (2010a) [eds.]: *A casa! o val! a patria homilde. Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. Cadernos Ramón Piñeiro, XIV, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cochón, Luís et alii (2010b) [eds.]: *i-en todo o silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999)*. Cadernos Ramón Piñeiro, XVI, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Franco Grande, Xosé Luís (2004): *Os anos escuros*. Vigo: Ed. Galaxia.
- García, Xosé Lois (2009): *Uxío Novoneyra revisitado*. Vigo: Ed. Xerais.

- García, Xosé Lois (2010): *Uxío Novoneyra. Home e Terra*. Obre-Noia: Ed. Toxosoutos.
- García Negro, María Pilar (2010): “Introdución” a Novoneyra (2010b).
- Garrido Couceiro, Xoán Carlos (2010): “Pensar a Uxío Novoneyra”, *Terra e Tempo* 153-154.
- Gómez Iparraguirre (2005): *Tino Grandío*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- López García, Antónia (1993): *Os camiños do soño. A poesía de Uxío Novoneyra*. Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010): *A man que caligrafando pensa. Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Ed. Xerais.
- Millán González-Pardo, Isidoro, Conde de Quirós (2010): [Introducción y apéndices: Luis e Iris Cochón]: *Don Gaiferos de Mormaltán, X Duque de Aquitania*. Santiago de Compostela: Ed. Follas Novas.
- Novo, Olga (2004): *Uxío Novoneyra. Lingua loira*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- Pallarés, Pilar (1991): *Rosas na sombra. A poesía de Luís Pimentel*. Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Pimentel, Luís (1990): *Poesías completas*. Granada: Editorial Comares.
- Rodríguez Fer, Claudio (1989): “Fonoestilística da poesía de Novoneyra”, en *Poesía Galega. Crítica e metodoloxía*. Vigo: Ed. Xerais.
- VV. AA. (1971): *Galicia. Ano 70*. Lugo: Ediciones Celta.
- VV. AA. (2005): *Uxío Novoneyra. A emoción da terra, Escrita contemporánea*. A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega.
- VV. AA. (2010): *Dossier / Uxío Novoneyra, Terra e Tempo*, 149-152.

DIVERSIDADE INTERNO-EXTERNA E MULTIPLICIDADE TEXTUAL EN UXÍO NOVONEYRA

Luís Alonso Girgado

Un dos efectos do ano Novoneyra (2010) nas nosas Letras foi o mellor coñecemento da amplitude do *corpus* textual do escritor; é dicir, a *amplificatio* do seu ámbito escriturario, xa non –mais tamén– no que atinxe aos seus poemarios canónicos, senón nas marxes da súa obra total: case un cento de escritos en prosa (varios deles pensados e preparados para a súa emisión oral, como limiares ou presentacións a recitais de poemas propios ou alleos); diverso material epistolar que ten como receptores a Ramón Piñeiro (tamén emisor, por suposto, nunha importante e ilustrativa correspondencia), Otero Pedrayo ou Manuel María, xunto con outros nomes –Cuña Novás, Méndez Ferrín, José A. Valente– e, finalmente, unha serie de versións poéticas emitidas ben no formato de pequeno caderno titulado “Falorpiñas de neve” e datado en 1952, ben nun conxunto de vinte e unha composicións poéticas (algunhas delas con dúas ou tres versións), conxunto poético incorporado a unha ducia de cartas que entre 1953 e 1972 enviou, no contexto dun conxunto de corenta e cinco misivas¹, ao seu inicial mentor, guieiro e editor: Ramón Piñeiro. Varias destas composicións adiantan primeiras versións que reaparecerán, modificadas, en *Elexías do Caurel e outros poemas* (1966) e n’*Os Eidos*, 2 (1974). O “Poema dos Caneiros” / “Lembranza de Betanzos”, as *elexías* a Carlos Maside e Luís Pimentel, o “Chamamento ós galegos” / “Chamada ós galegos”, xunto con “Poema da Saudade”, “Cantiga de dor” ou “Invocación e prego de Novoneyra” son algúns títulos dese interesante *corpus* lírico.

Na liña na que situamos este noso traballo contamos con dous valiosos precedentes. Así, Olga Novo² salientou hai xa varios anos “o proceso de constante reelaboración ó que Uxío Novoneyra somete os seus textos”; proceso concretado na publicación dos mesmos en revistas e xornais³, no paso posterior aos poe-

1 Publicadas en *Uxío Novoneyra, Cartas de poeta. De Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1953-1972)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2010. Edición ao coidado de Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum.

2 Vx. *Uxío Novoneyra. Lingua loira*, Lugo: Fundación Caixagalicia, 2004, p. 117. A autora dedica a segunda parte do seu libro á “presentación e estudo da obra dispersa, inédita ou xa exhumada... establecendo as distintas variantes que se coñecen dos textos” (p. 17).

3 Completamos a listaxe de cabeceiras de prensa nas que hai colaboracións de Novoneyra proposta por Olga Novo; cabeceiras que na nosa recompilación suman arredor de sesenta. (Vx. os volumes *Celebración de Uxío Novoneyra* e *Celebración, II*, publicados en 2010 polo Centro Ramón Piñeiro). Edición de Luís Alonso, Luís Cochón, Alexandra Cillero e Élida Abal Santorum.

marios, nas modificacións que no seu seo (recolocados, desprazados) experimentan e na elaboración de diferentes versións, moitas delas inéditas. Todo o cal deseña un proceso evolutivo externo, de acusadas implicacións lingüísticas e marcado por unha meta esencializadora da palabra e da expresión a base dun reduccionismo, dunha máxima condensación na que o poema queda resolto ás veces en tres ou catro versos e aínda nun único verso, como versión final.

O traballo⁴ de Carme Silva Domínguez privilexia as variantes e resultantes lingüísticas desta constante evolución textual que delata unha radical actitude correctora, unha intensa procura da plenitude expresiva, unha case enfermiza insatisfacción tanto idiomática como estético-literaria e unha rota idiomática que nace e desemboca nidiamente nas falas do Courel, no particular e local courelao, no enxebre e depurado. Todo, por suposto, afastado de calquera norma oficialista⁵; todo coa defendida independencia do criterio idiomático do escritor, o único que decide sobre o uso dunha lingua –espazo, lugar– que se carga de fondas transcendencias, algunhas de carácter metafísico⁶.

Un apuntamento á correspondente evolución semántica, de sentido ou do cosmos poético que informa a poesía de Novoneyra. Falemos, en síntese, dunha liña de configuración cerrada-circular e de natureza cósmico-telúrica: unha temática que enchía as expectativas de Ramón Piñeiro de atopar unha voz culminante do enxebre e tradicional lirismo telúrico/paisaxístico da poesía do país, popular ou culta. Mais tal liña, que comeza n'Os *Eidos* (1955) e remata en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999) –libros porén con ben marcadas diferenzas– coñece unha serie de bifurcacións que naturalmente enriquecen e diversifican a obra do poeta, sobre o que pesou (e pesa aínda, para algúns) a consideración unidireccional e simplificada, reducionista, do “poeta d'Os *Eidos*”, virtuoso do sensorialismo a través dos seus achados na órbita fonosimbólica de acordo coas puntuais e reveladoras análises de Claudio Rodríguez Fer⁷.

4 “De Compostela ao Courel, de 1952 a 1990: a evolución das decisións de escrita n'Os *Eidos*”, en *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico da USC, 2010, pp. 99-133.

5 A actitude fondamente individualista cara a lingua, a desatención a calquera normativa na escrita levan a penitencia dunha sensación de descoido e irregularidade verbal nos textos do poeta. Polo mesmo, a teima modificadora de palabras, sintagmas e ata versos enteiros ou desprazamentos de poemas ou fragmentos dun libro a outro desconcertan e ata desacougan o lector.

6 A consideración da lingua adquire renovadas, inéditas e múltiples referencias en varios dos pregóns e textos introdutorios de diversos recitais que aparecen no apartado “Inéditos. Prosa” nos dous volumes *Celebración de Uxío Novoneyra e Celebración, II* (2010), op. cit., que publicou o Centro Ramón Piñeiro: arredor dun cento de textos en total. Sobre a lingua, continúa a ser texto de referencia *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos*, (Noitarenga, 1998), longa entrevista de Emilio Araújo ao poeta.

7 Vx. “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra. Incursión ao nivel fónico da obra literaria” e “Elementos de Fonostilística: a prosa de Fole e a poesía de Novoneyra”, en *Grial*, números 68 (1980) e 89 (1985) respectivamente, así como “Fonostilística da poesía de Novoneyra” en *Poesía Galega* (Xerais, 1989).

A este estudoso novoneyrán volvemos para reflectir a condición de poeta total do courelao, cuxa obra coñece as vetas “obxectual, paisaxística, cósmica, existencial, cívica e amorosa a un tempo”⁸. Esas liñas temáticas están irregularmente espaxadas e conviven unhas e outras nos poemarios do escritor. Así, aínda que *Muller pra lonxe* (1986) declara no mesmo título a condición amorosa do canto, incorpora temas –da fusión cósmica, da protesta cívico-patriótica, da intimidade existencial– que advertimos en títulos precedentes do poeta, que habitualmente configura diseminativamente o substrato temático dos seus libros, que opera por tentativas sucesivas, en constante modificación formal e expresiva ata redondear e pechar o círculo totalizador –que vai d’Os *Eidos* (1955) a *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999)– da súa obra poética.

Naturalmente, esta temática proteica, que asoma e desaparece e retorna, está acompañada de diferentes acentos emotivo-sentimentais: canto celebrador, intimismo transido de dor, marcada corda elexíaca, diapasón satírico-burlesco, forza e elevación épica no lirismo cívico-patriótico, nacional e universal, solidario e libertario.

Pasemos, porén, a cuestións de carácter externo da lírica novoneyrá: á tendencia á multiplicidade de versións⁹, ao desprazamento ou deslocalización de poemas ou versos, ao proceso de supresión ou adelgazamento no poema, á teima correctora no literario e no lingüístico.

O peculiar *modus operandi* do escritor, que debeu “torturar” a máis dun dos seus editores, comeza n’Os *Eidos* (1955), que foi obxecto de importantes modificacións ata chegar á edición de 1990. Por exemplo, a publicación no ano 2010 dun caderniño dedicado polo poeta a Juan Naya, titulado “Falorpiñas de neve”¹⁰, integrado por dezaioito composicións datadas en setembro de 1952, representa un singular precedente do citado poemario. Así, no caderno manuscrito que en maio de 1954 coas 143 páxinas d’Os *Eidos*¹¹, envía a Ramón Piñeiro, está parte dos poemas de “Falorpiñas de neve”, mais hai composicións suprimidas¹², outras modificadas e outras con correccións lingüísticas ou gráficas. Así, en “Terras abesedas” varía o número de versos e a disposición e forma verbal nos mesmos,

8 Vx. Claudio Rodríguez Fer, nota epilodal a *Muller pra lonxe*, Lugo: Deputación Provincial, 1986, pp. 81-84.

9 Olga Novo recolle e confronta versións de poemas tan coñecidos como “Ouh Galicia”, “Poema dos Caneiros” (Invocación de Betanzos), “Letanía dos tesos cumes”, “Chile 73”, “Homenaxe labrego a Daniel Pino i-á nova mocedá”, etc. (Vx. op. cit., pp. 133-199).

10 Uxío Novoneyra. *Falorpiñas de neve. Cartas a Manuel María*, Santiago de Compostela: Follas Novas, col. Libros da Frouma, 2010.

11 Uxío Novoneyra. *Día das Letras Galegas 2010*, editado pola Universidade de Santiago (Departamento de Filoloxía Galega), en edición ao coidado de Anxo Tarrío Varela.

12 Referímonos a “Canción da moza mocíña”, “A ensemesmada da auga”, “Os encinos”, “Home d’o tempo”, “Montes da nebra” e algunha outra presente en “Falorpiñas de neve” (1952).

os apóstrofes e signos de admiración e o léxico: *Laz* por *Lazzo*, *Remesqueda* por *Valdasnela*, *cosecha* por *barbeito*, etc. En “O mofo das pedras” os catro versos finais pasan a tres radicalmente distintos, e un caso ben semellante é o de “O vrao” / “A vinda do vrao”. Certamente, o cotexo dos dous manuscritos resulta moi ilustrativo, de acordo coas numerosas variantes que rexistramos e das que amosamos unha mínima exemplificación: *das/d'as*, *brilla/brila*, *tropicós/tropicois*, *y'os/i'os*, *ouveando/oubeando*, *pra ir a/pre il'a*, *ferbas/frebas*, *José/Xosé*, *com'oun/coma un*, *miudiño/piquiniño*, *poidan/podian*, etc.

A multiplicidade de versións de numerosos poemas atopa canle non só na sucesión de poemarios ou nas colaboracións en prensa, senón tamén en escolmas, libros de autoría colectiva e cartas que dirixe a Ramón Piñeiro. Das corenta e cinco que envía entre 1953 e 1972 temos un feixe de dez, polo menos, que levan poemas escritos a proposta do poeta ou ben por petición do seu interlocutor. Este *corpus* poético-epistolar contén: a) Versións poéticas. b) Propostas de poemarios naufragados como “A noite é mais que unha pecha escuridade i autros poemas”, “Poemas escabelados” ou “Cancioneiriño do Caurel”. c) Poemas (tres) de “Elexías do Caurel” (carta de 13-III-1963). d) Poemas soltos, non publicados en libro. e) Diferentes datos sobre o desenvolvemento e proceso de xestación d’Os *Eidos* e tamén das “Elexías do Caurel”.

Patentízase unha vez máis a teima das versións, froito da insatisfacción do poeta diante de tentativas que estimaba non conseguidas con plenitude. Así, a “Cantiga de loubanza” (1958) a Otero Pedrayo é obxecto dunha “nova versión... pra que a mandes a Galaxia co fin de que sustituya a outra...” (carta de 12-VII-1958). Na mesma circunstancia, multiplicada aínda, temos a “Nova versión da Chamada ós galegos” (carta de 22-XII-56); insatisfeito con esta segunda, que “non é nin con moito o que eu quixera”, escribe e envía a Piñeiro unha terceira –datada tamén no Caurel en 1956–. As múltiples variantes de todo tipo, dende lingüísticas ata de arquitectura do poema, número de versos, etc., podemos advertilas xa nos dous primeiros versos, distintos nas tres versións:

“Dormidos peitos da libertá!
Meus irmaos galegos!...”

“Meus irmaos galegos
ben sabe Deus que hoxe non vos falo por coller sona!”

“Meus hirmaos galegos
que ás veces tamén tedes o corazón dos días de choiva coma este”

Como nalgunha outra ocasión, é Piñeiro o que solicita o poema: “Escribín esta ‘Chamada aos galegos’ –di Novoneyra– respondendo a unha petición túa do

Vrao pasado” (carta de 30-V-1956); poema que na segunda versión vai especificamente dirixido e dedicado ao mundo galeguista e nacionalista universitario: “Faíles entrega en meu nome distas verbas a Mourullo, Méndez Ferrín, Franco Grande ios outros rapaces da Universidad”. Nos anos sesenta outras dúas versións están localizadas por Olga Novo e a elas hai que sumar a dada a coñecer nunha ben recente escolma por Pilar García Negro¹³. Mais, en definitiva, quedan as palabras do propio Novoneyra arredor deste poema-arenga ou chamada á loita en clave cívico-patriótica:

Remeseiche o outro día a nova versión da “Chamada ós galegos”. Non é nin con moito o que eu quixera. Tiña que ser aínda unha cousa máis directa. Non foi así porque eu sei que o pobo non ten aínda “a consciencia de Galicia” e non pode esquecer o que sabe. Unha cousa é escribir entre a xeneral indiferencia i-outra escribir como escribía Petöfi. Por eso eu adico, ou mellor dito, dirixo a chamada especialmente ós universitarios galegos, estudantes de Compostela, agora que hai xente pra Universidade de Compostela que ten o sentido ia consciencia de Galicia. Galicia ten que nacer tamén na Universidad, e máis hoxe que é o único sitio onde hai unha mínima liberdade de manifestación pública.

(Carta de 22-XII-1956)

Neste *corpus* epistolar aparecen versións do poema á fuxidía figura de Clara Otero (a segunda, de 1957, cunha coda onde hai tres novos versos); as dúas do “Poema da saudade”, dedicada a primeira –por razóns evidentes– a Ramón Piñeiro, que quixo ver no courelán “o grande poeta da Saudade” e a segunda con catro versos máis e estrutura bimembre; a composición “Lembranza(s) de Betanzos” (ou “Poema dos Caneiros”), obxecto anos despois dunha ben coidada e ilustrada versión¹⁴, composición vitalista, dionisiaca e finalmente melancólica. Resoa aquí xa o mundo das cantigas medievais ao que volve o poeta en composicións como “Cantiga de dor” / “Nova cantiga de dor”, “Cantiga de amor (A Clara Otero)”, “Cantiga de amigo”, “A marcha é Egiuto” e ata “Cantiga de loubanza” a Otero Pedrayo.

Na corda elexíaca, tan frecuentada por un poeta que confesou vivir nun escuro “tempo de elexía”, a peza dedicada a Carlos Maside presenta dúas primeiras versións de 1958, no mes de decembro. Unha, posúe catorce versos e estrutura bimembre; a outra ten dezasete e catro partes. Caso contrario –no que á extensión atinxe– é o da “Elexía á morte de Lois Pimentel”, datadas as súas dúas versións en 1958. A primeira posúe cinco partes e vinte e cinco versos; a segunda,

13 Referímonos a *Gran Lugo de nebra*, Santiago de Compostela: Alvarellos, 2010.

14 Vx. Betanzos, libro no que aparece o “Poema dos Caneiros” en versión bilingüe galego-castelán e ilustrado con estampas de Jesús Núñez (Concello de Betanzos, 1997).

tres partes e doce versos nun proceso redutor que culmina nos catro únicos versos que o poema amosa no poemario *Elexías do Courel e outros poemas* (1966); proceso que o poeta aplicou a outros moitos poemas da súa autoría, como xa temos advertido con anterioridade.

Non abundaremos na casuística de versións e variantes –que aquí apuntamos unicamente– que fan da obra poética de Novoneyra un organismo vivo e cambiante, en constante proceso¹⁵ de modificación como xa dixemos. A presentación, neste ano 2010, de poemas “inéditos (ou case)”¹⁶, do caderniño de “Falorpiñas de neve” e do significativo bloque de poemas (moitos deles con dúas e ata tres versións) contidos no epistolario Uxío Novoneyra – Ramón Piñeiro, amplían considerablemente o *corpus* textual do escritor, circunstancia que haberá que ter en conta á hora de acometer a edición crítica que, sen dúbida, necesita un poeta tan dado a arrodeos e desvíos estéticos e lingüísticos na súa moi peculiar escrita poética como Uxío Novoneyra. Edición que precisamos e que continuamos a agardar.

15 Circunstancia manifestada polo propio poeta, que se considera “poeta de *longo curso*, que pasou por varios estadios distintos, e ben distintos, dendes *Os Eidos*, ás *Elexías do Courel*, ó *Tempo de Elexía*, á *Do Courel a Compostela*, *Poemas de doada certeza e Ámeto Mítico*”. Uxío Novoneyra, “Recital do Instituto Lucus Augusti”, de 16-IV-1999. Reproducido en *Uxío Novoneyra. Gran Lugo de nebra*, Santiago de Compostela: Alvallos, 2010, p. 130.

16 Vx. os citados dous volumes de *Celebración de Uxío Novoneyra* e *Celebración, II*.

OS CAMIÑOS Á IDADE MEDIA NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA

Teresa López
Universidade da Coruña

*Se o pasado é pasado
i o presente é o urxente
por qué inda busca a xente
aquil soño clausurado?*

As lecturas iniciais d'*Os Eidos* (1955), o primeiro poemario de Uxío Novoneyra, destacaron a súa condición de poesía dunha terra, o Courel, e a identificación do poeta coa Terra. A singularidade desta obra, xunto coa súa ampliación n'*Os Eidos 2* (1974), e a compilación de ambos os volumes como *Os Eidos* (na edición de 1981), contribuíu para a (inxusta) redución da poesía de Novoneyra a este único libro e, por extensión, para a súa conversión no cantor do Courel. Desta forma, o Novoneyra poeta tendeu a lerse e a explicarse na literatura galega na tradición de poetas paisaxistas lucenses, e inserirse, *sui generis*, na estirpe de Noriega Varela.

Mais estas interpretacións, así como a hipertrofia d'*Os Eidos* no conxunto da poesía de Novoneyra, foron revisadas nas máis apuradas achegas críticas, que marcaron os contornos exactos da poética novoneyriana (Méndez Ferrín 1984; Rodríguez Fer 1989; Blanco 1997; Novo 2002) e que, á par, subliñaron a importancia da cultura artística na obra toda (literaria, gráfica) do poeta lucense (García Devesa 1990; Araújo 2004; Martínez Pereiro 2010; Casas 2010)¹.

Se ben Uxío Novoneyra fuxiu das declaracións (auto)poéticas –até ao punto de reducilas ao rexeitamento da normativa e á exaltación “tamén na escrita de creación” da “*santa liberdade dos falantes*” (Novoneyra 1991: 136)–, en ocasións expresou algunhas ideas sobre a poesía, normalmente en entrevistas ou en encontros cos lectores, como o que mantivo co alumnado do Instituto Xelmírez en 1986:

1 Non esquecemos as contribucións de Anxo Tarrío, Ignacio Castro, Antonia López ou Francisco Sampedro para unha comprensión máis cabal da obra de Novoneyra.

Escribir poesía non é que me guste. É como coller forza do pasado e con ela querer esconxurar a Morte. Collela e darlla ós demais e, de paso, a un mesmo (VV. AA. 2010: 97)

E nese pasado vai destacar os seus autores de referencia, a tradición poética galega da que realmente se consideraba parte:

eu realmente noto unha cousa, que, o maior herdo, o herdo que me vén da literatura galega, son os medievais, Pondal e Rosalía² (Novoneyra 1998: 41)

Se os dous precursores son presenza importantes na poesía e na poética de Uxío Novoneyra, o herdo dos medievais vai ser actualizado con constancia e posto ao día de continuo.

Os trobadores que crearon a lírica profana galego-portuguesa, mais tamén Afonso X e o cancionero mariano (Nogueira 2010), ou o romanceiro (Forneiro 2010), cobrarán vida nova nos seus versos³. É “todo ese esplendor poético cuase planetario, toda esa longa “verdura da era” trovadoresca, simultánea da dos místicos sufís e da perennidade da lírica china e extremo-oriental, todo ese mundo trovadoresco e cabaleiresco” (Novoneyra 1993: 27) que unha e outra vez vai ser materia poética renovada e reinventada, como mostraremos nestas páxinas.

O interese de Uxío Novoneyra diríxese á lírica medieval galego-portuguesa como produto poético e aos propios trobadores como figuras humanas que forman o noso pasado. Non só actualizou a poesía e o mundo trovadoresco nos seus poemas, senón que contribuíu notabelmente para a difusión das cantigas, en recitais, charlas e diversas intervencións públicas, a través da palabra dita, nesa función de *dicidor* que reclamou para si e fixo súa nunha e noutra ocasión. Non por acaso unha das primeiras e máis lembradas aparicións públicas de Novoneyra, que acabou por converterse en símbolo de resistencia cultural na posguerra, vai estar ligada á poesía trovadoresca. Referímonos ao día 22 de febreiro de 1957, en que recita os poetas dos cancioneros no Círculo Mercantil de Santiago:

despois da emotiva introdución, as palabras rexas de Novoneyra: “Miñas donas e meus señores”. Nin nós mesmos podíamos concibir que se puidese falar galego en público. Río Barja e mais eu encollémonos nos nosos asentos. Aquilo era unha bomba. Pero a forte personalidade de Novoneyra dominou o ambiente. Recitou con mestría os poetas dos Cancioneiros, dicía os seus poemas como se fosen propios, tanto que os poemas de Torneol ou de Bernal de Bonaval semellaban dos nosos días e, en poucos minutos, aceptabamos como natural o seu parladoiro galego. (Franco Grande 2004: 87)

2 Outro poeta lucense, próximo e distante a un tempo de Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, respondía en 1935 ao cuestionario previo remitido por Filgueira Valverde para unha escolma de poesía galega: “Coido que non hai mais que Canzoneiros, Rosalia, Pondal, Carballo e Manuel Antonio” (Cunqueiro 1991).

3 O interese pola literatura medieval esténdese á épica castelá, por exemplo ao *Cantar de Mío Cid* (Rodríguez Fer 1992).

Tampouco é casual que para moitos mozos e mozas dos anos oitenta, os trobadores vaian estar encarnados na figura e na voz poderosa de Novoneyra, por mor dos numerosos recitais que deu por Galiza toda en que, para alén dos seus propios poemas, interpretou, cal moderno xograr, cantigas e trobadores da súa preferencia.

Estas aparicións públicas, ao longo de varias décadas, van ir conformando unha persoal antoloxía da poesía trobadoresca galego-portuguesa. Da maioría delas non se conservan datos concretos, pois foron só intervencións orais, sen plasmación escrita previa ou posterior. Ás veces temos testemuños indirectos, a través dalgún dos membros do público presente e, felizmente, nun número reducido de ocasións, quedou por escrito constancia do recital (caso de “O tempo dos trovadores”⁴) ou, cando menos, as notas do poeta que a súa familia gardou con esmero⁵.

Con toda a cautela que obriga a usar termos información parcial, nas preferencias do poeta como dicidor podemos ver unha evolución que acompaña e adianta, en certa forma, a apreciación e a comprensión contemporánea da poesía trobadoresca. O paso do tempo vai modulando e ampliando a selección de cantigas amadas que parten dun núcleo inicial centrado na cantiga de amigo, considerada nun sentido lato, para logo prestar atención singular ao xénero de escarnio e maldicer.

No recital do Círculo Mercantil, Uxío Novoneyra puxera de manifesto a súa querenza por obras primas da vertente popularizante do xénero de amigo, como “Levad’, amigo, que dormides as manhanas frias” (B 641 / V 242), alba de Nuno Fernandez Torneol. Nun recital en Xenebra en 1988, trinta anos despois, recitará “As frores do meu amigo” (B 817 / V 401) de Pai Gomez Charinho ou “Agora me quer’eu ja espedir” (B 135), belo descordo e canto de desconforto de Nuno Eanes Cerzeo, xunto con cantigas de Airas Nunes e Johan Airas (VV. AA. 2010: 103-104).

Andando o tempo, cobran relevancia a cita e a reprodución de cantigas satíricas, como acontece no recital compostelán de 1993, en que le “Non me posso pagar tanto” (B 480 / V 63) e “O que da guerra levou cabaleiros” (B 469 / V 79), de Afonso X, e “Porque no mundo menguou a verdade” (B 871 / V 455) de Airas Nunes, xunto con “A por que perço o dormir” (V 547 / B 960) e “Meu senhor Rei de Castela” (V 553 / B 966), dous escarnios de amor de Johan Airas (Novoneyra 1993) de que falaremos ao final deste traballo.

4 Glosa e recital de Uxío Novoneyra no Claustro do Convento de San Francisco en Compostela en xaneiro de 1993 con motivo do Primeiro Certame Xacobeo de Poesía, publicada logo no volume que recolleu as composicións premiadas (Novoneyra 1993).

5 Noticia dalgunhas figura no volume editado polo Centro Ramón Piñeiro con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Uxío Novoneyra (VV. AA. 2010).

O coñecemento, lectura, apropiación e interpretación da poesía medieval galego-portuguesa que realizou Novoneyra é, en certa forma, mostra dunha experiencia xeracional. El propio relatou como

Durante os primeiros anos cincuenta, despois da miña primeira estanza en Madrid e Compostela, en plena mocidade eu traguía comigo os trovadores galego-portugueses polos soutos montes e prados do Courel. Era un entóns recente volume, o primeiro editado por Galaxia, nº1 da súa ESCOLMA de Poesía Galega que está clamando ser reproducido en facsimil. Pasaba os ollos do Libro á Terra e da Terra ó libro sin maior salto. Ate a temática era a propia da mocidade. Algunha vez mesmo falei con iles, porriba de oito séculos, como se estivesen presentes (Novoneyra 1993: 28)

A cita refírese, por suposto, ao primeiro volume da *Escolma da poesía galega* editada por Galaxia no ano 1952 co título *Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)* –con edición, notas crítico-biográficas e glosario de Xosé María Álvarez Blázquez, e limiar de Manuel Rodrigues Lapa–, responsábel da lectura intensiva e, en boa medida, da descuberta do tesouro literario dos poemas medievais por parte de toda unha xeración de poetas e lectores de poesía galega. E refírese, igualmente, ao poema “CONVOSCO falo con vós el Rei Alfonso Esguío e Torneol” d’Os *Eidos* –que reproduce a continuación– en que van desfilando poetas medievais, nunha onomástica trobadoresca por veces reinventada, que individualiza os poetas, nas súas cantigas e nos seus lugares.

Esta experiencia inicial como lector da poesía trobadoresca é a que logo Novoneyra trasladou ao público xeral a través das lecturas de cantigas medievais –nas que contribuíu a conformar o canon contemporáneo da poesía trobadoresca–, e na súa obra poética de creación. A poesía medieval galego-portuguesa sempre acompañará ao Novoneyra lector, ao activista poético, ao creador.

Na creación poética é onde a lectura da poesía medieval cobra novos sentidos. A contribución de Uxío Novoneyra para unha nova apropiación poética da lírica galego-portuguesa foi decisiva, principalmente para a extensión dos seus contornos até o cancionero de burlas. Nela tamén participaron poetas como Celso Emilio Ferreiro, Lorenzo Varela, Manuel Casado Nieto ou Bernardino Graña.

A presenza da poética trobadoresca, de trovadores e cantigas, na poesía de Uxío Novoneyra é patente desde os inicios da súa obra. Sen ánimo de simplificar, mais de exemplificar, podemos distinguir diferentes formas de actualizar a lírica profana galego-portuguesa: é pano de fondo de poemas iniciais no ronsel do (neo)trobadorismo e/ou da poesía (neo)cancioneiril; convértese en interlocutora directa en poemas que establecen un diálogo cos trovadores; actualízase en poemas que reformulan xéneros trobadorescos –singularmente o cancionero de

escarnio–; e dá pé a unha persoal reelaboración de cantigas concretas, como forma de retorno ás orixes e de recuperación da esencia da poética trobadoresca.

O cruzamento de motivos (neo)trobadorescos e (neo)populares é característico dalgúns poemas d’Os *Eidos*, singularmente en seccións como “Follas de cantigas” –incluída en Os *Eidos* 2– a de máis evidente (e declarada) filiación neotrobadorista.

O uso do paralelismo quizais sexa a débeda máis clara cun certo neotrobadorismo:

RIBA da auga tecida
flaira d’abraira florida.
Riba da auga trenzada
flaira d’abraira granada.

Este poema, que Arturo Casas (2010: 33) leu como resultado da comunicación entre haiku e lírica galego-portuguesa, bebe e homenaxea o cancionero de amigo medieval, a través de cantigas de Johan Zorro ou Johan Airas, tanto como un certo Cunqueiro⁶: o que compón “Amor de auga lixeira”, poema inicial de *Cantiga nova que se chama riveira*, con que este poema novoneyriano comparte o gosto pola nominalización como forma de depuración expresiva.

En poemas como “VALÍAS xa samente amiga” o paralelismo incorpora novos elementos da retórica trobadoresca (como a sinonimia de repertorio “amiga” / “amada”) e enlaza co cancionero amoroso galego-portugués, para compor unha cantiga de ausencia:

VALÍAS xa samente amiga
polo que me costa non terte
i andar a soledá nemiga.
Valías xa samente amada
polo que me costa perderte
e ficar a soledá tornada.

A presenza de palabras chave do cancionero amoroso medieval, tal “coita”, “leda”, “delgada”, “amiga”... é outro dos puntos de confluencia co neotrobadorismo presente n’Os *Eidos*, como o son as citas de cantigas trobadorescas, tal “corpo delgado” de “LUA da xeadal”, que remite para “Senhor do corpo delgado” (A 292 / B 983 / V 570) de Pero da Ponte e para “Eno sagrado, en Vigo” (V 889 / B 1283) de Martin Codax, ou o título da sección “Quen amores ha”, que nos leva á can-

6 Uxío Novoneyra dedicou ao escritor mindoniense o poema “A Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, trovador”, publicado en *Vida gallega* en 1961. Os seus versos finais son: “ÁLVARO CUNQUEIRO DE MONDOÑEDO / a quen loubro e non sigo tensón / que il sabe de cousas que foron e non son / i eu sei só a coor do ucedo...”.

tiga de cantigas “Oí og’eu ua pastor cantar” (B 868-869-870 / V 454) de Airas Nunes e para o motivo do insomnio de amor, presente tamén nas cantigas de Juião Bolseiro. Ambas as citas traen, de novo, reminiscencias cunqueirianas, neste caso dos poemas de *Dona do corpo delgado* (1950) “Soedades da miña branca señor” e “Rondeau da dona enterrada en San Xohán de Badón, con dous anxos aos pés”, respectivamente, que incorporan os mesmos versos medievais.

Aínda n’Os *Eidos* encontramos novos motivos de ascendencia trobadoresca, como o da fiandeira, presente en “PASTORA que pásala vida”, en eco evidente da cantiga “Sedia la fremosa seu sirgo torcendo” (B 720 / V 321) de Estevan Coelho, tan cara a Novoneyra, cruzado con elementos da pastorela. O motivo da moza que fía repítese nos poemas “FIANDEIRA namorada” e “-FIANDEIRIÑA delgada”.

Algúns outros poemas datados da década de cincuenta testemuñan novas facetas do (neo)trobadorismo novoneyriano, como os incluídos en “Trobador pelegrín imaxinario”, sección final de *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999), en concreto “Óllase alá Compostela” e “Á Pena de Augas Brancas”, ambos os dous de 1954.

“Óllase alá Compostela” colócase nas coordenadas da cantiga de amor e presenta o eu poético transmutado en cabaleiro trobador que vai a Compostela ver a amada:

Traigo no peito unha door
que non ten nome contado
traigo cantigas de amor
i as que en de amigo traslado

O poema enlaza coa teoría cortés, en que a simple visión da dama conforta o poeta e o canto surxe do sufrimento amoroso. A mesma perspectiva encontramos no poema “Cantigas de amor e de amigo”, que presenta as cantigas como vehículo da coita, agora compartida entre creador (“a que compón os cantares”), transmisor (“a que os dí”) e auditorio (“os escoita”), marcando a dimensión oral e comunitaria da difusión e da recepción da poesía medieval.

“Á Pena das Augas Brancas” é un dos máis neotrobadorescos poemas de Uxío Novoneyra. Baixo as coordenadas da cantiga de amigo, enlázanse motivos trobadorescos (e populares) –a alba, a cita ao amigo–, e símbolos do encontro erótico, como catar as augas ou o ir “ó bosque do corzo esguízar”. Para alén dos procedementos paralelísticos ou do uso do refrán, a utilización dun nome de lugar –non tan frecuente na cantiga de amigo, e si moi habitual nos poemas neotrobadorescos de Novoneyra–, é máis unha forma de actualizar o pasado a través da idea de permanencia que os topónimos representan.

O interese pola poesía cancioneril de estirpe tradicional, lida con ollos trobadorescos, ponse de manifesto mesmo nalgún dos poemas primeiros en español, en concreto nos manuscritos inéditos ofrecidos a Luz Pozo Garza en 1950, e publicados pola poeta no ano 2001 baixo o título xenérico “A pluma na man”.

O poema “Hierba cierva”, bela imaxe de resonancias múltiples, evoca a poesía trobadoresca tanto como acompaña relecturas contemporáneas posteriores do cancionero medieval:

¡Puede tocarla
no puede gozarla!
El viento se enerva
sobre la hierba cierva.

A cantiga “Enas verdes ervas” (B 1189 / V 794) de Pero Meogo, e o fermoso poema “Pero Meogo no verde prado” de Álvaro Cunqueiro⁷, parecen ir da man nesta canción novoneyriana en que brillan elementos da simbólica erótica do cancionero de amigo (vento, herba, cerva).

Mais é “CONVOSCO falo con vós el Rei Alfonso Esguío e Torneol”, publicado na primeira edición d’Os *Eidos*, o poema que mellor representa o diálogo por riba dos séculos entre o poeta e os trobadores. Nel, Novoneyra trae ao presente aos trobadores medievais, convocados polos seus nomes, para facer unha reflexión sobre o sentido do canto poético.

O poema componse en tres estrofas. Na primeira, invocados pola voz poética, desfilan vinte e oito trobadores e a soldadeira María Balteira. A onomástica do poema por veces modifica o nome do trobador, para incluír o lugar de procedencia (“Rei Don Denis de Portugal”, “Martín Códax de Vigo”), para introducir referencias ás cantigas (“Xohan Zorro o da bailada i as barcas en Lisboa”, “Esteban Coello –a fremosa fía e canta manselín–”), para aproximalo da experiencia vital da voz poética (“Martín de Padrocelos perto donde eu nacín⁸”) ou reducíndoo só ao nome de familia, mais sen impedir a identificación exacta dos trobadores⁹. No caso da caracterización da Balteira (“belida dos dados donda da danza primeira”), a evocación medieval está filtrada polo poema que Lorenzo

7 A primeira versión deste poema cunqueiriano que temos documentada é de 1953 e publicouse nun artigo xornalístico, “Donde muere el corzo” (*Faro de Vigo* 13.3.1953).

8 No poema de *Arrodeos e desvíos* “Encontrar no Cebreiro a atrancada”, o lugar evocará o trobador: “Padrocelos de Martín trovador”.

9 Agás no caso de “Soares” e “Lopes”. Os cancioneros gardan composicións de até sete trobadores que se poderían identificar co “Soares” do poema: Afonso Soares Sarraça, Fernan Soares de Quinhones, Garcia Soares, Johan Soares Somesso, Johan Soares Coelho, Johan Soares de Paiva e Martin Soares. “Lopes”, tan só dous: Afonso Lopez de Baian e Johan Lopez de Ulhoa. Na onomástica dos trobadores, así como nas citas das cantigas que faremos, seguimos a Brea (1996).

Varela dedicara á soldadeira en *Catro poemas pra catro grabados* (1944), escritos para o álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medievales*.

Todos eles compoñen a representación do máis granado da poesía trobadoresca, que é convocada como auditorio selecto para escoitar a conclusión da voz poética, exposta na segunda estrofa envolta en procedementos de repetición e variación que modulan o verbo “trobar” (a través do políptoto e da *derivatio*): a defensa da autenticidade do sentir como motor do canto poético, e a crítica aos falsos trobadores.

Son eu trovadores do pensar
que non se debe ter por trovador
trovador que trova por trovar
sen ser de tal coita sofridor
que non pudera sen rebrer calar

A estrofa final funciona á par como *fiinda* e envío cifrado do texto:

E non é mester que vos diga
pra quen vai dreita esta cantiga

Fóra de que a cantiga fose dirixida (ou non) a Fermín Bouza-Brey –como apuntou Pilar Castro (1989)–, as dúas últimas estrofas levan o poema ao ámbito da sátira literaria e inciden nun motivo caro á lírica medieval galego-portuguesa, e presente noutros poemas de Novoneyra: o vínculo entre amar e trobar, o canto trobadoresco como consecuencia inevitábel do amor, a autenticidade do sentimento amoroso como base do bon trobar. En “Proençaes soen moi ben trobar” (B 524 ter / V 127) Don Denis converte en tópico a sinceridade do trobar galego-portugués e “Os que non aman nen saben de amor” (B 1108 / V 699) de Johan Baveca denuncia os falsos amadores, tamén como falsos trobadores.

No mesmo sentido debemos ler “Cantiga de amigo”, de *Arrodeos e desvíos*, un poema que se move entre a sátira literaria e o moderno escarnio de amigo, para desvendar a falta de autenticidade da palabra poética e a falsa intensidade do sentimento amoroso, expresada na metáfora da morte por amor:

De Amor ti non morrías
como extremado trovabas
e non sempre te atopabas
eno punto que dicías

De novo, o poema sérvese do acervo tópico das cantigas medievais, para glosar a burla sobre o tópico da morte por amor, como fixera Pero Garcia Buralés en “Roi Queimado morreu con amor” (B 1380 / V 988).

Se nestes poemas Novoneyra actualiza e revisa os fundamentos da poética amorosa trobadoresca, na súa relectura do cancionero satírico galego-portugués propón o que podemos chamar con propiedade modernas cantigas de escarnio e maldicer. Imos deternos en dúas, inéditas, que Pilar Castro recolleu na súa tese de doutoramento sobre o neotrobadorismo (Castro 1989).

Unha, “Doíame eu dunha tal que foi casar”, está datada de 1954; a outra, “Por máis que vaias a París e a Londón” non ten datación precisa mais, probablemente –segundo a información dada polo propio poeta e recollida pola súa editora–, foi escrita na década de sesenta do pasado século.

Son senllas sátiras persoais, aínda que hoxe non esteamos en condicións de identificar os seus destinatarios. Ambas as dúas teñen características estróficas, métricas e formais moi similares: son poemas de dúas estrofas con refrán, con rima consonante e, do punto de vista retórico, destacan polo uso do paralelismo e de procedementos de repetición léxica.

O primeiro dos dous poemas vitupera unha muller que casou “cun vello turdo que pasa da dobrar”. O motivo da sátira expónse na primeira estrofa, que contén tamén a descrición do seu home, individualizado nun único trazo físico repulsivo (“que está sempre das nefres a fungar”). O refrán censura este casamento desigual por diñeiro, ligándose así o poema co tema do amor como mercadoría, que vertebra moitas das cantigas dirixidas a mulleres do cancionero de burlas, singularmente as que teñen como albo as *soldadeiras*:

e non tiña nada de que me eu doer
pois quen un día acertouse a vender
foi dinde sempre cousa de mercar

A segunda estrofa organízase arredor da caracterización da destinataria da sátira, nunha descrición que mestura elementos próximos do cancionero amoroso medieval (a idealización da *descriptio superficialis*), e do satírico (a insinuación dun gosto polo sexo que seu home non poderá satisfacer):

Doíame eu da alba de doce ollar
por ser ela mui pagada de bicar
e demais que vellez non dá a abondar

O poema combina á perfección repetición e variación, os dous grandes principios compositivos en que asenta a retórica trobadoresca. Xunto co uso dos procedementos paralelísticos, a *derivatio* (“vello”, “vellez”) e o políptoto (“doíame”, “doer”) introducen a variación na repetición. Á súa vez, a antítese que estrutura o refrán (“vender” / “mercar”) é o eixo que articula o poema todo, asociada ás

dúas personaxes, caracterizadas de forma antitética, a través de dous trazos físicos moi concretos e de grande eficacia expresiva.

Onde o poema se distancia máis claramente a respecto do cancionero satírico medieval é na enunciación lírica. A presenza de formas pronominais de primeira persoa (“eu”, “me”) nos versos iniciais de todas as estrofas, asociadas ao verbo “doer”, e a progresión semántica do poema deixan entrever, máis alá da sátira, o pouso do desengano amoroso.

Pola súa parte, “Por máis que vaias a París e a Londón” insérese plenamente no espírito xocoso e burlesco do cancionero satírico medieval, como se pon de manifesto no inicio do poema, coa deformación acentual “Londón”.

Esta moderna cantiga de escarnio ten como destinatario un home pretencioso, probablemente un cargo público, obxecto da sátira burlesca. O poema estrúcturase como un retrato duplo e antitético: no corpo das estrofas repródúcese a imaxe que de si propio ten e quere aparentar (home de mundo e cosmopolita), e no refrán o retrato, concentrado en trazos físicos, preséntao como o ven os demais, na súa auténtica natureza:

Por máis que vaias a París e Londón
e sexas nise senso que ti eres bon
sempre che irá o que de si di Cochón¹⁰
pois cando falas fózala a verba
pós a papada i a panza riba dela

O retrato degradante e animalizador sintetízase na palabra “Cochón” que funciona a modo de mote glosado logo no refrán, e que se converte en palabra-chave do poema. Para alén da animalización grotesca¹¹, a través da inequívoca identificación co porco, “cochon” utilízase no cancionero medieval no sentido de “homem vil, ordinário, grosseiro” (Lapa 1995: 307), sobre todo en cantigas do ciclo burlesco dos infanzóns e ricos homes arruinados. Un exemplo témolo en “–Juião, quero tigo fazer” (B 403 / V 14), tenzón entre Men Rodriguez Tenorio e Juião Bolseiro, en que este responde, moi ao seu pesar, con este termo á provocación do primeiro: “ca vos averei de chamar cochon”.

Desta forma, o poema convértese nun exercicio de *interpretatio nominis* de “cochón” en que ecoan todos os significados asociados ao termo: o animal que

10 Novoneyra inclúe como nota a este verso “Ego nomenclum porcus” (Oratorio de Honneguer). Reférese a Arthur Honnegger (1892-1955), compositor suízo, autor de *Jeanne d'Arc au bûcher* (1935), obra da que forma parte a peza citada. Pierre Cauchon, bispo de Beauvais, foi o instrutor do proceso que condenou Jeanne á fogueira.

11 A animalización grotesca non é o procedemento máis frecuente no cancionero satírico galego-portugués, mais está presente nalgunhas cantigas, por exemplo no antirretrato descortés “Ua donzela coitado” (B 1619 / V 1152) de Pero Vivíaz.

designa coas súas connotacións literarias e culturais; o seu significado no galego medieval; e a figura do bispo de Beauvais invocada na nota a rodapé do poeta.

Como revisión do xénero de escarnio mais nunha liña diferente, que incorpora no texto o universo referencial medieval, podemos ler o poema titulado “Dicía Pero de Ambroa”, incluído en *Arrodeos e desvíos*. O primeiro verso, “O que queira gardar dona”, lembra xa o motivo das gardas de amor, o mesmo que fora obxecto de burla en cantigas como “Agora oi dua dona falar” (B 1332 / V 939) de Fernan Rodriguez de Calheiros, construída arredor dun equívoco sintáctico e do recurso retórico da *interpretatio nominis*.

Uxío Novoneyra realizou tamén a súa persoal relectura poética de cantigas trobadorescas. No número 1 de *Amastra-n-gallar* (2001) publicáronse cinco “poemas referidos” a cantigas medievais concretas: “2 poemas referidos” –dados en Compostela en xaneiro de 1998–, que retoman dúas cantigas de Airas Nunes, e “3 poemas referidos a cantigas de Xoan Airas no Cancioneiro da B. Vaticana, as dos números 547, 554 e 553” –sen data de composición.

A vocación contemporánea fica clara desde o título dado ás composicións: son poemas, non queren ser cantigas. Non estamos diante de refaccións de cantigas medievais, nin dunha tentativa de imitación trobadoresca.

Os “2 poemas referidos” van encabezados por dous versos da cantiga de amor “Pois min amor non quer leixar” de Airas Nunes (B 885 bis / V 469):

Amor faz a min amar tal señor [...]

e faz-m-alegre e faz-me trobador¹²

Estes versos exaltan o amor como fonte de alegría e como motivo do canto. Plasman así unha idea contraria ao tópico dominante na cantiga de amor galego-portuguesa, o amor como causa da coita, o amor-tristeza, e supoñen unha contestación dun outro lugar común deste xénero trobadoresco: non é Deus quen causa o amor do trobador; é o propio amor, deificado e personificado, quen move o sentimento amoroso do que xorde o canto.

Se a cantiga de Airas Nunes contesta os fundamentos da cantiga de amor canónica, o poema de Novoneyra constrúese como envés da cantiga medieval: baixo a roupaxe da cantiga de amigo, acolle características da pastorela (a localización, a figura feminina como *pastor*, a combinación de elementos narrativos e líricos) para nos mostrar unha voz feminina que, na tradición do xénero tro-

12 Transcribimos o texto tal e como o copia Uxío Novoneyra. Os versos pertencen ao inicio da segunda cobra da cantiga: dos tres versos iniciais, prescinde do segundo, que contén o eloxio hiperbólico da senhor (“mais fremosa de quantas og’eu sei”). Os cancioneiros italianos conservan outra versión desta cantiga, “Amor faz a min amar tal senhor” (B 827 / V 457), sen a estrutura do zéxel e con alteración da orde das dúas primeiras estrofas.

badoresco, acusa ao amigo pola falta de correspondencia amorosa e pide, retoricamente, explicacións:

A Amor amigo amas mais ca min
e por el trobas que por min non.
¿I el dime cáI é desto a razón
de non ser eu canto amas min?

Na segunda estrofa, a *pastor* sinala a estirpe provenzal da alegría do trobador na cantiga medieval, e relaciónaa coa distancia do amigo, motivo da súa propia insatisfacción:

El andas moi proenzal
afastado deste va¹³
de min e do meu mal

A estrofa final, de dous versos e carácter narrativo, contribúe para dar ao poema o ar dunha pequena estampa en movemento.

Fronte á exaltación amorosa do eu poético masculino na cantiga medieval, que apagaba a figura feminina, a moderna *pastor* reaxe con viveza, pondo ao descuberto a actitude do amigo, rebelándose fronte a ela, e superándoa con indiferenza e independencia.

O segundo poema está “referido” ás *bailadas* “Bailemos nós ja todas tres, ai amigas” (B 879 / V 462) e “Bailade, oje, ai filha, que prazer vejades” (B 881 / V 464) do trobador compostelán Airas Nunes. Nel o trobador compostelán convértese en personaxe, para ser espectador en terceira persoa da danza en corro das amigas. Como no poema anterior, combínanse elementos narrativos e líricos e motivos que remiten á pastorela, como “Oí og’eu ua pastor cantar” (B 868-869-870 / V 454), tamén de Airas Nunes, en que o cabaleiro é testemuña do canto da pastor na ribeira. O motivo do baile é o núcleo deste breve poema, que incorpora no canto das rapazas as localizacións das dúas bailadas que funcionan como referente:

So a avelaneira
so a milgranada
en ringuileira
a roda pechada

O poema transmite unha sensación de levedade e lene exaltación amorosa, desde a perspectiva masculina, para convocar e evocar a esperanza do amor e representar simbolicamente a unión sexual.

13 Neste quinto verso hai unha nota marxinal (“val do/río Sar”) que localiza o poema e, ao tempo, evoca as anotacións coloccianas dos cancioneros manuscritos italianos.

Os “3 Poemas referidos a cantigas de Xoan Airas no Cancioneiro da B. Vaticana, as dos números 547, 554 e 553” conforman un pequeno ciclo narrativo, en verso octosílabo, que reconstrúe un percurso imaxinario do trovador Johan Airas de Compostela a Lisboa, e de Lisboa a Castela.

As cantigas invocadas son “A por que perço o dormir” (V 547 / B 960), “Pelo souto de Crecente” (V 554 / B 967) e “Meu senhor Rei de Castela” (V 553 / B 966), a primeira e a última escarnios de amor; a segunda, unha pastorela. A partir delas, Novoneyra enlaza unha secuencia narrativa que afinca nos nomes de lugar citados ou evocados nos versos trobadorescos e, en cada poema, elabora motivos concretos da cantiga referida.

O propio Uxío Novoneyra puxo o interrogante sobre a relación entre a primeira e a terceira destas cantigas, aventurando unha hipótese biográfica e propondo unha lectura do cancionero amoroso galego-portugués que supera a idealización cortés:

I el ¿sería ésta do buscado “preito” a mesma dona movida que o vital e simpático Xoán Airas ve partir graciosa, “vestida de un pres de Cambrai” como decir cun “modelo de París”? O desinhibido soño do trovador galego xa pouco ten que ver co “amor servil”. Elo dános idea da liberdade con que algúns se movían e saían do espírito e enlevamento provenzal, ben que gardando un son medido como primeiros trovadores (Novoneyra 1993: 20)

A hipótese convértese en materia poética en “A brida para Padrón” que, con base na terceira cobra da cantiga “A por que perço o dormir”, transporta ao poema contemporáneo a un Johan Airas cabaleiro de camiño a Portugal levando diante “o corpo dunha ilusión”. Os aspectos máis descarnadamente anticortes da cantiga de Johan Airas (que evoca o rapto e a eventual violación da amada, nun arrebatado de paixón carnal) están ausentes do poema.

No segundo, “Atravesando Crecente”, continúa o percurso do trovador-cabaleiro, que fai un interludio no seu camiño “por unha pastor presente / que canta na mesma riba”. O poema retoma neste caso versos da primeira cobra da cantiga medieval, e o motivo do encontro do cabaleiro coa pastor definitorio da pastorela trobadoresca.

O terceiro poema, “Oíndo o cor que soa”, conclúe onde se inicia a cantiga “Meu senhor Rei de Castela”: na necesidade de solicitar a mediación do Rei como única forma de superar o conflito amoroso.

Nestes “3 Poemas referidos” o material cancioneril serve como pre-texto para a composición de poemas que priman absolutamente a sustancia narrativa sobre a lírica, e que reformulan o concepto de ciclo narrativo presente na poesía trobadoresca. Os poemas renuncian a imitar a retórica trobadoresca e, sobre as cantigas seleccionadas, Novoneyra presenta o trovador medieval como caba-

leiro protagonista dun percurso pola xeografía trobadoresca que acaba sendo, ante todo, un camiño para o amor.

Os cinco poemas “referidos” que acabamos de comentar son unha das mellores e últimas mostras do diálogo permanente que Uxío Novoneyra sostivo coa poesía medieval galego-portuguesa, cos trobadores e coas súas cantigas, trobador a trobador, cantiga a cantiga, cobra a cobra.

A poesía toda de Uxío Novoneyra fai verdade que os camiños á Idade Media foron camiños de ida, mais tamén de volta e, sobre todo, camiños de vida poética, unha e outra vez percorridos polo autor lucense, e abertos sempre a novas incursións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Araújo, Emilio (2004): “Uxío Novoneyra”, *Amastra-n-gallar* 7, 4-133.
- Blanco, Carme (1997): “Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso”, en *Historia da literatura galega*, Vigo: A Nosa Terra-AS-PG, 1250-1280.
- Brea, Mercedes, coord. (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudo biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Casas, Arturo (2010): *Uxío Novoneyra. Antoloxía poética*. Vigo: Galaxia.
- Castro, Pilar (1989): *Antología crítica de la poesía neotrobadoresca gallega*. Tese de doutoramento inédita, Madrid: Universidade Autónoma.
- Cunqueiro, Álvaro (1991): *Autopoética e poesías. 1935. Autógrafos e inéditos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Forneiro, José Luís (2010): “De romances, caligramas e poemas. O encontro de Uxío Novoneyra com o Seminário Menéndez Pidal”, *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela: Universidade, 33-61.
- Franco Grande, Xosé Luís (2004): *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
- García Devesa, Consuelo (1990): “O orientalismo en Novoneyra”, *Grial* 106, 204-217.
- Lapa, Manuel Rodrigues (1995): *Cantigas d'escarnho e mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo-Lisboa: Ir Indo edicións-Edições João Sá da Costa.
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010): *A man que caligrafando pensa. Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.

- Nogueira, M^a Xesús (2010): “Arrodeos e retornos. A poesía última de Uxío Novoneyra”, *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas*. Santiago de Compostela: Universidade, 63-81.
- Novo, Olga (2002): *Lingua loira*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- Novoneyra, Uxío (1985 [1981]): *Os Eidos. Libro do Courel*. Vigo: Xerais.
- Novoneyra, Uxío (1991): “A xeito de autopoética”, *Boletín galego de literatura* 5, 135-139.
- Novoneyra, Uxío (1993): “O tempo dos trovadores”, *Primeiro Certame Xacobeo de Poesía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 17-29.
- Novoneyra, Uxío (1998): *Dos soños teimosos. Preguntas de Emilio Araújo*. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- Novoneyra, Uxío (2000 [1999]): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Novoneyra, Uxío (2001 a): “2 poemas referidos” e “3 poemas referidos a cantigas de Xoan Airas no Cancioneiro da B. Vaticana, as dos números 547, 554 e 553”, *Amastra-n-gallar* 1, 148-149.
- Novoneyra, Uxío (2001 b): “A pluma na man. Homenaxe de Luz Pozo Garza a Uxío Novoneyra”, *Clave Orión* 7-8, 176-177.
- Rodríguez Fer, Claudio (1989): “Fonoestilística da poesía de Novoneyra”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*. Vigo: Xerais, 99-128.
- Rodríguez Fer, Claudio (1992): “Do Cantar de Mío Cid á poesía de Novoneyra”, *Boletín galego de literatura* 8, 45-52.
- VV. AA. (2010): *A casa! o val! A patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

UXÍO NOVONEYRA NA DISTANCIA DO LOBO

Antón Lopo

Durante a extraordinaria vida de Uxío Novoneyra, o período comprendido entre 1952 e 1961 é, talvez, o máis enigmático e intenso. Non me refiro só a que nalgún momento dese período, Novoneyra e María Mariño apertasen os “ritos esquecidos” dun “tempo de intres”, cando ela o axudou a ter “senso” na desolación e el lle ensinou o don da poesía. “Ouh amiga cotidián e frutal! / O tempo remata en cada pulo. / Ti érel’a terra da chuvia e do sol / Que en vano me dá os seus froitos. / O cor que sabe o seu sino / non pode acougar”. Tampouco me refiro ao encontro con Roberto Martínez Andrade, o outro extremo da escola novoneyriana, co o que poeta desafogou o seu desacougo existencial en noites de viño e escepticismo filosófico, en sesións ás que Manuel María asistía sorprendido polo refinamento dos comentarios e a furia interna que se desataba no alcol. Nin me refiro ás saudades do seu amor con Clara Otero, aquela rapaza de Pontevedra que coñeceu en Madrid e que inspiraría unha cantidade nada desprezable de cantigas; ou ás súas ríolas con Manuel María e Antón Avilés de Taramancos pola Coruña. 1952 e 1961 marcan a etapa da súa enfermidade, unha enfermidade da que, en realidade, nunca se recuperou totalmente, pois en 1961, cando oficialmente se dá por superada a crise e volve instalarse en Madrid, Novoneyra non abandona a medicación, maiormente corticoides, que terán como consecuencia máis evidente a súa transformación física posterior.

Os médicos diagnosticáranlle a pleuresía durante o servizo militar, en 1952. Estivo, ao primeiro, no Hospital Militar da Coruña, nunha estadía que, ao parecer, lle resultou proveitosa porque o hospital quedaba cerca da sede da Real Academia Galega (RAG) e nos momentos de relativa mellora acudía á biblioteca. Aí traba amizade con Juan Naya, o bibliotecario, que o axudará a orientarse nos fondos da institución. Moitos anos despois, en 1987, Novoneyra responderá o favor con amables palabras de calma cando un grupo de escritores ocupa a sede da RAG para esixir a dimisión do seu presidente, Domingo García Sabell, daquela tamén delegado do Goberno central en Galicia e aliado político do alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, un home tan belixerante contra o proceso de normalización do galego.

As semanas coruñesas de convalecencia tiveron máis importancia en Novoneyra do que se adoita crer, sobre todo porque ten lugar pouco despois da des-

cuberta do galeguismo xunto a Manuel María, compañeiro de mili e de faladoiros con Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo ou Carlos Maside. Eses faladoiros transformáronos na maneira de verse a si mesmos e de ver o mundo: Novoneyra aprendeu a ler a poesía galega desde outra perspectiva, igual que a súa concepción da poesía mesma cambiara tras a súa primeira experiencia universitaria de Madrid, entre 1948 e 1952. O tronso da enfermidade –da Coruña pasa a Lugo e, finalmente, instálase no Courel–, vaille dar o concreto necesario para cohesionar nun novo edificio poético as pedras das múltiples canteiras.

A pleuresía é a inflamación da membrana que rodea o pulmón debido, xeralmente, a unha pneumonía e o pulmón, por dicilo nunha linguaxe poética, era a súa “negra sombra”: o seu pai Manuel morreu dunha complicación respiratoria e o propio Novoneyra de cancro. Uxío, o seu fillo maior, estivo varias veces ao bordo da morte por terribles ataques de asma entre os catro e os doce anos. Nas crises pleuríticas, as dores adoitan ser insoportables. Méntaas a súa viúva, Elba Rey, e a viúva de Manuel María, Saleta Goi. Elba evoca, especialmente, aquelas mañás nas que el ía segar herba e volvía asfixiado, estroncado. O resto do día debía pasalo na cama, só, illado. Iso incluso nos anos setenta, que é cando Elba o coñeceu. Tamén posuímos testemuños de primeira man a través da correspondencia do poeta con Manuel María, editada nos últimos meses por Luís Cochón e Luís Alonso Girgado, nunha publicación do Centro Ramón Piñeiro. Nela, Novoneyra relata o seu “desacougo”, a “dor negra” que lle roía as entrañas. “Foi algo terrible, soio comparable á tristura d-istas serras soias. E suponte como sería –como se o ceo lonxán se me viñese encima. Isto é Caurel tráxico, onde o montes parece que camiñan cara a maior soidade e negrura”. E engade, “Pensar que nós eiquí estamos soios e que logo hamos de morrer é cousa triste”.

Abastaron uns meses, ao mellor só unhas semanas e Os *Eidos* abrollaron por entre os souts courelaos cos ruídos e os silencios que Novoneyra percibe en tonalidades insólitas desde a cama ou desde o corredor orientado ao sueste da súa casa de Parada, ao que chega exhausto no único paseo accesible dos seus tocos pulmóns. Abastan uns meses, unhas semanas, e o seu oído comeza percibir na lingua dos seus pais, na súa propia lingua, unha liñaxe de vivencias. Reforma os vellos poemas madrileños –talvez eses aos que alude Manuel María, xa de tributo ao Courel– e encáixaos no novo edificio. Reconstrúe os textos compostos máis recentemente, depúraos, escóitaos e vólveos depurar.

O proxecto debeu ser complexo, continuo e implacable. Complexo porque daqueles textos *cantaríns* que poden rastrexarse en *Falorpiñas de neve*, poemario editado en Follas Novas tamén por Girgado e Cochón, xorden composicións de musicalidade apenas presentida, de ritmos conceptuais existencialistas que, a

ben seguro, non terían osíxeno sen o Heidegger que lle inculcara Piñeiro pero, sobre todo, sen o abismo de contemplación ao que o asoma a enfermidade. “Pasou xa esta lobada de delor. N-ela creo que sentín o que é a saudade”, escribelle a Manuel María no mes de santos de 1953.

Continuo porque ata o último minuto, Novoneyra estivo remoendo versos, reescribíndoos, fundíndoos, o cal motivou a inquietude de Piñeiro pola acumulación de gasto editorial: existe a lenda –non está documentada– de que Galaxia destruíu varias pranchas para introducir as correccións cando o poemario estaba na imprenta e que, máis alá, *Os eidos*, publicados en 1955, se pecharon tras a negativa de Piñeiro a agardar máis tempo. Carlos Maside, de feito, ao ver o primeiro exemplar no ano 55, díxolles aos responsables de Galaxia: “Estades fritindo un peixe vivo”.

Implacable porque a Novoneyra non lle trema a man á hora de extirpar a mínima referencia persoal dos textos, os indicios que vinculasen o poema con identidades alleas á espiral courelá: quedan o poeta e o Courel fronte a fronte, sos, nunha reunión sensitiva extrema, radical, ao punto de confluír nunha sombra única o reflexo da terra e o da súa carne, da mesma forma que no asento dun castiñeiro conflúe a árbore e o seu humus. Esta acción, realizada cun meticuloso bisturí semántico e sintáctico, é probablemente a máis dolorosa e eficaz que Novoneyra acomete en *Os Eidos*, o elemento que fai recursivos os espazos, sexa o espazo un corpo, unha montaña ou un río. A descuberta da porosidade espacial e dunha especie de *contínuum* entre o suxeito e o complemento, con independencia de quen sexa un e outro, como ocorre nas oracións atributivas, permítenos comprender, ademais, a esculca que emprende logo o poeta: a prolongación expresiva nos ergogramas, a independencia da oralidade respecto da escrita ou a noción do poema en perpetua evolución.

En *Os Eidos*, elúdese a biografía e xorden os ámbitos desbordados, as ameencias. A anécdota individual evapórase e no fondo queda o residuo da memoria dos lugares, o seu topos, nos que Novoneyra encontra unha experiencia que non é súa e, porén, lle pertence. O exemplo máis revelador dáse nun dos textos iniciais do poemario, “Hein d’ir ó Pía Paxaro”. Na revista *Cántico*, en 1954, só uns meses antes de editarse *Os Eidos*, publícase a versión máis antiga conservada, pero existe unha versión –non sabemos se simultánea, posterior ou previa– titulada “Letanía dos tesos cumes”, dedicada a Clara Otero.

A estrutura destas dúas versións emula as cantigas trobadorescas, fonte básica da simbiose formal do poeta nun momento no que o neotrobadorismo recadaba impulsos de vangarda pragmática pola presión da ditadura. Nunha das versións, o retrouso é “pensar en ti!” e na outra “co meu amor soio”. Novoneyra acaba superando o molde trobadoresco –aínda que o molde continúe resoando

ata o seu último libro, *Arrodeos e desvíos*— precisamente extirpando os riscos biográficos, pero tamén mediante elipses ou disolucións físicas que algúns relacionan cunha actitude mística. E, verdadeiramente, a súa obra pode suxerir riscos de misticismo, pois xorde dunha situación de abandono emocional e físico, dun alleamento que lle trastoca a percepción. Ao meu ver, porén, estamos lonxe dun místico ou dun panteísta. O máis próximo que se me ocorre a esas latitudes, por buscarlle portén, é o xamán. O papel podía asumilo Novoneyra non só como poeta senón tamén como último representante dunha aristocracia rural que servía de intermediaria entre a súa tribo e a administración, como demostran as implicacións políticas da súa familia: o seu avó Ulises —asasinado á saída dun mitin— ou o seu tío Manuel, perseguido tras o golpe de estado de 1936.

Xamán sería, en fin, o papel co que el máis se identificaría, nun contexto que, anos máis tarde, o achegaría sentimentalmente aos *beat*, tan proclives aos experimentos psicotrópicos, á escrita automática, ás rodela oníricas e ás solucións do subconsciente. Pero tampouco debemos enganarnos: a poesía de Novoneyra non explora en profundidade, con devoción, ningún destes territorios literarios, agás se cabe o automatismo en “Vietnam Canto”, que escribiu nunha rautada polos estralóns dun periódico. Máis aínda, a súa poesía sería hiperconsciente, coa incidencia que nunha hiperconsciencia ten a súa propia alucinación.

Imaxino en 1952, a Novoneyra “cando escribín o primeiro gran núcleo de *Os Eidos*” (*Faro de Vigo*, 1992)— deitado na cama e escoitando desde a distancia abrasiva os ruídos do mundo. Imaxínoo, pois xa non vive ninguén que vise directamente ou que coñecese o Novoneyra de entón. É desconcertante que eu mesmo, amigo del, non lle preguntara nunca por ese período, clave na poesía galega do século XX. Supoño que, pola miña parte, se debeu a unha actitude de discreción: Non sei por que en vida resulta tan difícil preguntar por cuestións domésticas se despois as preguntas son imposibles. É curioso que a morte nos dea permiso para inmiscirnos na peripecia vital de alguén que xa non pode replicar ou corrixirnos. Pero o certo é que o facemos e nese exercicio cremos albiscar doses dunha verdade irreversiblemente perdida.

Imaxino, digo, a Novoneyra deitado na cama, “clavado á cama”, como dicía el, e escoitando desde unha distancia abrasiva os ruídos do mundo. A miña pregunta sería agora se esa distancia preexistía á enfermidade ou nace dela. Os testemuños que temos da súa infancia —indirectos, claro— describeno xa como un neno de liberdade ensimesmada. Elba Rey fala dunha distancia impenetrable, incluso para ela, “unha distancia última, necesaria para ser el auténtico. Era o seu reduto, o tobo do lobo”, e esa distancia —cría el, en palabras de Elba— acre-

centaba a súa intensidade. Os que o coñecemos sabemos que Novoneyra procuraba, na súa grandiosa xenerosidade, manter arredor unha área de privacidade... Pero ¿é esta a distancia da que xorden *Os Eidos*?

Eu diría que se trata de dúas distancias distintas. Unha sería, por empregar termos hermenéuticos, unha distancia óptica –inherente ao ser– e outra ontolóxica: a que fai o ser tal como é. Esta última arrincaría nunha éxtase, nunha revelación que tivo Novoneyra durante a enfermidade e que afectaría de xeito decisivo a escrita de *Os Eidos*: non porque o libro xurdise da propia enfermidade senón porque o libro medra durante o tránsito que fai Novoneyra na enfermidade, durante o seu tránsito ao outro lado. El mesmo non é consciente, ao primeiro, desa transformación e séntese perdido, abatido. En febreiro de 1954, meses antes de que aparecese esa versión desbotada de “Tesos cumes” que mencionabamos antes, con dedicatoria a Clara Otero, confésalle a Manuel María:

Eu creo que xa perdín para sempre aquela miña serenidade e soberbia case inhumán que me permitiu escribir *Os eidos*. Agora coa paz perdín tamén o amor das cousas. A terra xa non me fai compañía i-a monotonía pésame na i-alma como un penedo. Moitas veces penso que se poidera xuntar nun berro toda ista cousa que me afoga ficaría en paz, mais non é posíbel e, pouco a pouco, a medida que o tempo pasa, sinto medrar en min unha terrible blasfemia. Contra quen? Cuase todal-as noite vénseme amosando en sonos arrepiantes canto de demoníaco hai en nós. O mundo de Hofmann heme cousa familiar.

O parágrafo transcrito supón unha cala inequívoca da combustión que Novoneyra viviu nese período, e falamos xa de tres anos desde o inicio da enfermidade. O que tamén parece evidente é que, a esas alturas, Novoneyra non intuía aínda que *Os eidos* non estaba pechado, ata tal punto que Carlos Maside, en 1955, cando recibe o primeiro exemplar do libro, lle dixese aos editores: “Estades fritindo un peixe vivo”. En 1954, a Novoneyra faltáballe aínda incorporar a lobada da escuridade que afasta os seus poemas da tentación paisaxista e lle outorga ese alleamento, esa distancia trágica, espida, esa fusión inquietante de identidades. Nalgúns estados, di el en *Os soños teimosos*, “lógrose a experiencia máxima, a que depura a palabra até o límite que esixe o texto”.

ARREDOR DOS *EIDOS* DE NOVONEYRA

Ramón Lorenzo

Eu cheguei á Universidade de Santiago en outubro de 1955 cun descoñecemento case total da literatura galega, pero axiña entrei en contacto con outros rapaces novos que xa comezaran antes os estudos ou os comezaban naquel mesmo ano. Alí atopei a Méndez Ferrín, Beiras, Mourullo, Franco Grande, López Nogueira e outros estudantes e de contado nos fixemos amigos. Por medio dalgúns deles tamén entrei en contacto con Ramón Piñeiro e despois con García Sabell, ó mesmo tempo que comezamos todos a relacionarnos co mestre Otero Pedrayo. A relación con todos estes intelectuais abriume as portas a un mundo fascinante e desde entón comecei a ler tódolos libros que chegaban ás miñas mans de literatura galega e convertínme nun defensor da nosa lingua.

Un dos autores que de inmediato descubrín foi Novoneyra, porque acababa de aparecer no mes de xullo dese ano o seu libro máis coñecido (Novoneyra, 1955) e porque me falaba del con moito entusiasmo Ramón Piñeiro. Ó contrario do que pasou con Manuel María, con quen coincidín o Día da Patria Galega de 1956 en Santiago, a Novoneyra non tiveron a oportunidade de coñecelo naqueles anos, pero sabía quen era e o que facía. Daquela eramos poucos os intelectuais que non interesabamos pola cultura galega e por iso había entre nós unha grande irmandade. Tanto daba que uns estivésemos en Santiago e outros en Vigo, na Coruña, en Monforte, no Courel ou noutros lugares. Todos nos coñeciamos a través dos amigos comúns.

Méndez Ferrín e mais eu fomos estudar a Madrid en 1957 e alí entramos en contacto con outras persoas con inquietudes galeguistas e seguimos paso a paso o que acontecía en Galicia. Mesmo iamos moitas veces contra a noite a un café (non lembro o nome nin a rúa) onde traballaba unha curmá de Novoneyra polo simple feito de ser parente do poeta courelao.

En Madrid foi onde entrei en contacto persoal con Novoneyra, pero por moito que tentei lembralo e por moito que lles preguntei ós outros compañeiros aínda vivos de *Brais Pinto*, non podo dicir en que ano foi. Rodríguez Fer e Carmen Blanco, 1990 (²1991), p. 12, din que de 1962 a 1966 vive en Madrid traballando na radio e na televisión, que asistía ás tertulias do Café Gijón con Carlos Oroza, Tino Grandío e outros artistas plásticos, periodistas e escritores e que tamén se relacio-

naba con membros de Brais Pinto: o pintor Reimundo Patiño, o profesor Herminio Barreiro, o político Bautista Álvarez, o urbanista Daniel Pino e os escritores Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. Trátase dunha lista con olvidos e con erros, pois Daniel Pino non tiña nada que ver co grupo. Corrixe estes erros máis tarde Carmen Blanco, 2009, p. 11¹, pois pon correctamente como membros de Brais Pinto o pintor Reimundo Patiño, o profesor Herminio Barreiro, o político Bautista Álvarez e os escritores Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Tódolos que escriben sobre Novoneyra indican o ano 1962 como o da súa ida a Madrid e hai datos que o confirman, aínda que a min me asaltan as dúbidas. Nun poema dedicado a Reimundo Patiño e publicado na revista *Dorna* 9, 1985, p. 59, di que o escribiu en 1962 cando coñeceu o pintor en Madrid. En maio de 1961 en carta dirixida a Ramón Piñeiro desde o Courel escríbelle: “¿Sigue Lugo en Galicia? Se a miña voz galega valera pra BBC ... deixaba o Caurel por unhas anos. E volvería o Caurel, craro está”. Tamén lle escribe desde o Courel o 24 de novembro e no Nadal do mesmo ano, pero a seguinte carta xa é do 13 de marzo de 1962 e nela indícalle que hai un mes que está en Madrid e aínda estará un mes máis. Pero hai unha carta que me desconcerta escrita pola súa irmá Elisa a Piñeiro o 25 de marzo desde Parada. Nela dille que non lles escribiu antes por culpa dun cólico que lle deu en Lugo, mentres seu irmán estaba no “Café Méndez” cuns amigos. Pídelle información de canto lle podería custar operarse en Santiago e mándalle recordos dos pais, do marido, de Pepín e de “Eugenio”. Daríalle ese cólico antes de febreiro? Volveu Uxío ó Caurel antes do 25 de marzo? Ou é que Elisa lle manda recordos de “Eugenio” aínda que este estaba en Madrid? Non o sabemos.

O que si sabemos é que o 9 de setembro estaba no Caurel, desde onde lle escribe de novo a Piñeiro e lle indica que marchará para Madrid a comezos do outono, probablemente antes do San Froilán. Máis tarde en carta do 26-12-1962 está en Madrid e dálle noticias da posibilidade de facer unha ou dúas emisións en galego e catalán á semana en Radio Nacional e na T.V.E., que el será do equipo da emisión galega en caso de que a cousa vaia adiante e que se saberá na primeira quincena de xaneiro. Polo tanto, no ano 1962 aínda non estaba na radio-televisión española.

Tampouco é certo, como se repite tantas veces, que el e Luís González Blasco fosen membros de Brais Pinto, como o propio Herminio Barreiro, 2008, p.

1 A propia Carmen Blanco, 2010, p. 33, di que é no Café Gijón onde se relacionaba con Daniel Pino, aínda que pode dar lugar a unha falsa interpretación ó indicar que tamén se relacionaba con membros do grupo Brais Pinto, “particularmente co pintor Reimundo Patiño, así como co profesor Xosé Luís Cochón”, pois este non formaba parte do grupo.

213, di, que fala de Brais Pinto como un grupo aberto, de que se incorporou a el o Foz e de que a “bomba” para Brais Pinto “–que duraría, naquela etapa, tres ou catro anos– foi a presenza en Madrid de Uxío Novoneyra”. Non di cando empezou esa etapa e lembra que con Novoneyra chegaron Daniel Pino, Luís Cochón, C. Falcón e Manuel Portas. Un pouco confuso todo isto e cunha visión moi parcial. Repito que O Foz e Novoneyra non foron membros de Brais Pinto e tampouco entendo onde estaba esa “bomba” de que fala Herminio. Tal vez fose para el, non para outros. Pola mesma razón poderíamos considerar membro de Brais Pinto a Costa Clavell, que andaba sempre na nosa compañía. Ademais a gran etapa de Brais Pinto foron os anos 1958-1960, que é cando publicamos os libros e fixemos actos no Centro Galego e nesa época ningún dos dous estaba presente. Lembremos tamén que, cando foi para Madrid, a Novoneyra lle gustaban máis as tertulias do Café Gijón, aínda que non deixaba de relacionarse connosco.

Volvamos á data de 1962. Eu non teño moi claro cando coñecín a Novoneyra en Madrid. El afirma que chegou a Madrid en febreiro dese ano, pero non estaría xa antes nalgunha ocasión? Eu marchei para Coloña nos primeiros días de abril dese ano e antes de marchar tiven bastante relación con el. Bernardiño Graña andaba aínda por Madrid no curso 1960-1961, pero no curso 1961-1962 xa estaba en Lugo. Ferrín rematara a carreira en 1960 e, aínda que de vez en cando aparecía por Madrid, andaba por diversos lugares de Europa e no curso 1962-1963 estaba en Lugo. O feito foi que eu tiven bastante relación con el antes de marchar para Coloña e asistín, entre outras cousas, ó famoso episodio da cazadora polar que lle mandaran a Herminio uns tíos de América. Conta Herminio: “Encantáballe a Uxío aquela cazadora pola que me ofrecía máis carteros cada día... Regaleilla un día e xa non a sacou de enriba en moito tempo” (2008, p. 217). Recordar doe e a memoria é selectiva, porque a verdade é que, despois de longas negociacións, Herminio lle vendeu a cazadora por un chisqueiro e 200 pesetas. E hai que recoñecer que lle quedaba moito mellor ó home do Courel, que andaba con ela por Madrid adiante e tamén por Galicia e que lle mereceu o calificativo de “o Lobo”, como garimosamente o chamabamos.

Pero aínda debo lembrar algo máis de Madrid. Eu empecei a dar clases de galego unha vez á semana no Centro Galego de Madrid no curso 1959-1960 e seguinas dando ata marchar para Coloña no dito mes de abril de 1962, clases que seguiu despois impartindo o entrañable Ben-Cho-Shey. Nesas clases entrei en contacto con diversas persoas, especialmente cos irmáns Barreiro Etchevers e con Isabel Campos, que era de Vigo, filla de Xerardo Campos e bisneta de Diego Campos Añón, curmán do poeta Francisco Añón (cf. Lorenzo, 1984-85 [1987], 694-696). Con Isabel tiven unha fonda amizade e nalgún momento (posible-

mente nas clases de galego) presenteille a Novoneyra, que tamén pasou a ser do seu grupo de amigos. Lembro aínda con toda claridade unha festa que organizou ela na súa casa da rúa Prim de Madrid, na que estivemos Novoneyra e mais eu, festa que durou toda a noite e que nos quentou un pouco as cabezas. Mesmo nun momento da noite Novoneyra se enfurruñou un pouco comigo porque lle chamei “Novonera”. Non lembro cando foi esta festa nin tampouco se lembran algunhas das persoas con quen falei, pero unha delas, Carmeliña Barreiro Etchevers, pensa que tivo que ser en 1961. Déixemolo na dúbida.

Alén desa festa, a relación de Novoneyra con Isabel continuou, pois nunha foto que me enviou a Coloña en 1962 aparece no día da clausura da Semana de Pontevedra ela con Novoneyra, Ben-Cho-Shey e as irmás Carmeliña e Pilariña Barreiro. Tamén noutra foto do 20 de abril de 1962 están na Feira do Campo de Madrid sentados na mesma mesa varios dos asistentes ó curso de galego e con eles Novoneyra, pero ninguén de Brais Pinto. Con esa foto Isabel envioume un escrito asinado por todos e no que o noso poeta escribe coa súa letra inconfundible en tres liñas: “Lourenzo, bobo, tolo, cómo te fuches?”. É posible que toda a nosa relación en Madrid se concentrase só en dous meses, pero a distancia de tantos anos fai que os recordos se difuminen e quede todo nunha nebulosa.

Nos anos que pasei en Alemaña non decaeu a miña simpatía por Novoneyra e seguíndo tendo noticias del polos amigos comúns que me escribían. Esa simpatía continuou cando regresei a Santiago en setembro do 1968, aínda que me parece que ata 1979 non o volví ver. Foi nos Premios da Crítica de Vigo. Esa simpatía fixo que estando en Valladolid de catedrático lle encargase a unha alumna que fixese unha tese de licenciatura sobre o vocabulario dos *Eidos* (Planas Roca, 1978). Esta alumna visitou a Novoneyra para pedirlle información e o resultado do traballo non lle gustou moito ó poeta. É certo que non se trataba dunha alumna extremadamente brillante, pero ela fixo o seu labor con total dedicación e con criterios lingüísticos e comentaba as palabras que tiñan carácter dialectal, as que eran vulgarismos ou deformacións e tamén as que eran invencións do autor e ese foi o motivo do desencontro, pois xa daquela Novoneyra tiña moi marcada a idea de que a lingua literaria non podía estar sometida a ningunha regra e de que cadaquén debía escribir como lle petaba.

Anos despois, en 1982, como responsable da elaboración dos programas de lingua e literatura galega para o Ensino Medio, preparei con outros profesores os programas para o Bacharelato e para o Curso de Orientación Universitaria. O programa de literatura para COU tiña unha importancia extraordinaria, pois só incluía 8 temas dedicados unicamente a 9 autores. Neste temario limitadísimo escollemos só unha obra de cada autor e nel figuraban Cabanillas, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Blanco-Amor, Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro, Novo-

neyra, Méndez Ferrín e Neira Vilas. Naturalmente escollemos *Os Eidos* de Novoneyra e durante algúns anos en tódolos institutos de Galicia os rapaces de COU tiveron que estudar esta obra en profundidade. Foi unha escolla con controversias, porque había outros escritores que poderían estar presentes na programación, pero a min naquel momento pareceume que dos máis novos os que debían figurar eran Novoneyra, Ferrín e Neira Vilas e así se fixo (cf. *Programas* 1984, p. 26).

Lembro isto para que se vexa cales eran as miñas preferencias e como seguía valorando a súa obra. Lamentablemente, a relación rompeuse unilateralmente nos anos oitenta a partir da presentación que Novoneyra fixo en Lugo dun número da revista *Dorna* e por causa dunha discusión sobre a lingua despois dun acto celebrado na facultade cando xa el vivía en Santiago. Foi unha pena que se producise este desencontro, pero deixo así esta cuestión e non vou entrar aquí en máis detalles.

Xa dixeran que, cando apareceron *Os Eidos*, Novoneyra se converteu nun poeta de referencia, porque facía unha clase de poesía diferente, evocadora da paisaxe e do mundo do Caurel, do seu mundo interior, algo novo na literatura galega. De aí o recoñecemento de tódolos que estabamos metidos no mundo da cultura galega. Por iso me vou referir a esta obra e analizar algunhas particularidades que me interesaron de maneira especial. Silva Domínguez, 2010, xa fixo un estudo dos cambios que Novoneyra realizou nas distintas edicións dos *Eidos* e eu vou facer referencia a outros aspectos relacionados con iso.

A elaboración dos *Eidos* tivo unha longa traxectoria e Novoneyra fixo numerosos cambios no libro desde que empezou a escribilo en 1952. Xa antes de xullo de 1953 debía ter feito unha boa cantidade de poemas, posto que entón lle entregou o libro a Piñeiro e este lle enviou unha extensa carta en agosto de 1953 entusiasmado, carta que figura como un prólogo na edición de 1955 (pp. 9-20). O orixinal manuscrito enviouno a Galaxia en 1954, pero polas cartas a Piñeiro podemos ver os cambios que ía introducindo. Nunha do 25-6-1953 indica que, mentres estivo enfermo no Courel, escribiu dez poemas máis para o libro e noutra do 14-7-1953, alén de recoñecerla débeda con Piñeiro (“ti estás facendo muito por min, amigo”), alégrase de que Galaxia decidise a publicación do seu poemario. Xa o 3-2-1954 lle comunica que recibiu a carta-limiar para o libro “e solprendeume o ben que ti coñeces a miña vida”. Entón aínda non mandara o libro, pois dille que proximamente enviará o manuscrito e que acabará da seguinte maneira: “Xa non me valen os eidos. Non me vale / cousa algunha, / nista moura soidade / que somentes o amor aluma”.

Así aparece efectivamente no manuscrito que lles enviou (Novoneyra, 2010, p. 134, vv. 12-15), no que divide o poema en 5 partes e estes versos forman a parte nº 5, pero no libro impreso non aparecen estes versos. Si aparecen outros

que manda engadir entre os números 3 e 4 na carta do mes de Santos que cito máis abaixo, onde pon: “Ista dor! Ista dor! Iste cor meu / que así me doi!... / Ista dor que me veo, ila de seu / sin saber polo que foi!...”. Desta maneira, ó engadir isto na edición como número 4 e elimina-lo final primitivo, queda como número 5 o que primitivamente estaba como 4 (ed. 1955, p. 121).

Pouco despois o día 22-2-1954 volve repetir que axiña enviará o manuscrito. Nas cartas posteriores (de abril, do 8 de xullo e de setembro deste ano) non fai referencia ó poemario, que lle enviara a Piñeiro con data do primeiro de maio deste ano. Si o fai en carta do mes de Santos de 1954, pois nela envía outros cantos poemas para incluír e pídelle que lle manden probas do libro para corrixir antes de que se publique. En total son 8 e non todos aparecen na edición. Así, no capítulo das *Nebras* manda introduci-lo poema 58 da edición (p. 90). No capítulo das *Fontes* introduce o que na edición é o poema 23 (p. 49). No capítulo dos paxaros (pp. 111-114) manda introducir un que non lles debeu gustar ós responsables da edición ou que el despois mandou retirar, pois non o incluíron no libro. Titúlao *O cuco en paz i-en soidás* e di:

1.
Anda o cuco a cantar
o tempo que se vai,
mentras eu bebo paz
na copa do val...
2.
Canta o cuco no val.
Ai,
non sabe il o mal
que me fai!...

No capítulo *Da serán i-a noite* (pp. 115-118) mandaba introduci-lo titulado *Vagar, nos camiños* co seguinte contido:

Pola raiña da tarde
-as maos collidas detrás
i-os ollos lonxano aire-
oindo os pasos ó andar,
íbame eu sóio, de vagariño,
cara a Cernada, cara o Pumar,
polo camiño do Biduido...
polo camiño do Bolosal...

Pero na serie de cambios que introduciu entre o manuscrito e o texto impreso este poema aparece no libro no capítulo *O aire*, co título *AIRE DA SERAN* e co seguinte contido:

Sóio pro aire, nas seráns
 íbame eu indo de vagariño
 cara a Cernada, cara o Pumar,
 polo Camiño do Biduido,
 polo Camiño do Bolosal...

Sóio pro aire, nas seráns... (poema 32, p. 60).

Na segunda edición (1981) pasa a se-lo poema 64 (p. 77) e nel presenta bastantes cambios, pois elimina o último verso e tódalas comas e corrixe o primeiro verso que queda agora: “Sólo pro aire no serán”. Lembremos que no manuscrito (2010, p. 58) o poema *Ar do serán* só tiña dous versos diferentes: “Algén esta / niste aire da serán...”.

No mesmo capítulo manda introduci-lo poema titulado *Vagar, no pumar*, que é o poema 80 do libro (p. 118) e no capítulo *Ondas de saudade* manda intercalar outros dous poemas, que non aparecen na edición. O primeiro titulábase *As dúas sombras* e di así:

Veio a noite...
 Veome a noite...
 Veio a sombra e tocoume...

O segundo levaba por título *Morrer* e dicía:

Morrer é ficar morto
 baixar ó ceio dos toupos...

Morrer pra sempre!...

 Morrer pra sempre!...

 Morrer pra sempre!...

Na carta posterior de febreiro de 1955 indica que este capítulo *Ondas da saudade* está integrado por tres poemas, que o titulado *Morrer* debe ir no medio dos outros dous, entre o *Laio de Novoneira* e as *Novas verbas de dor*, e que se lle debe suprimi-la segunda estrofa quedando reducido a dous versos: “Morrer é ficar morto, / baixar ó ceio dos toupos...”. Xa dixeran que este poema non se incorporou á edición.

Non pararon aquí as interferencias, pois en carta do 28 de decembro mándalle novos poemas: “Unhos son novos i-outros son poemas que xa figuran no libro e que agora van cambiados”. Un deles está no capítulo da “PRIMADEIRA”. Poño paralelamente o texto que aparece no manuscrito e o que envía para substituír:

No ms. (2010, p. 67)
A vinda da Primaveira
Brila a auga nas beiras...
as calzas do cuco polas uceiras...
os carros polas rodeiras...
Veó a Primaveira polo seu pé.
Anduriñas do San Xosé,
carrizos e labrandeiras!...

Viñeron os ventos de cara Fontela
Viñeron as feiras
pra ir a mocifña insinar a canela.

Texto novo
A vinda da Primadeira
Brila a auga nas beiras...
as calzas do cuco polas uceiras...
Veó a Primadeira. E d-onde veñe
tanta ledicia como un teñe?

Todo no mundo está ben.
O meu cor non coñece a ninguén
que non poda andar, nadar ou voar.
Enche o cuco o val co seu cantar...

Primachorros brancos! ¡Froliñas
soias das penas! Anduriñas,
carrizos e labrandeiras!...

Feiras
de Seoane, Pedrafita e Triacastela!
En dous días a nena fíxose doncela:
cumple os sonos da alba abidueira
e sabe mirar de outra maneira...

Resulta moi estraño este cambio, que non se levou a cabo, pois na edición (poema 37, p. 65) aparece unha terceira versión só con catro versos:

Brila a auga nas beiras...
as calzas do cuco polas uceiras
i as bouzas dos outos boscos
nos tesos núos e foscós...

Como Novoneyra sempre andou remexendo nos poemas e na súa colocación, podemos atopa-las combinacións máis inuditas. Así, no poema 17 de *Os Eidos* 2, 1974, p. 28, coloca como primeira parte os versos “Alguén está / niste aire da mañá” e despois como segunda (versos 3-11) os seguintes:

Valéiranse as lareiras.
Homes nas leiras!
Carros polas rodeiras!
Veó a Primavera polo seu pé.
Anduriñas ó San José!
Carrizos e labrandeiras!

Viñeron os ventos de cara a Rodela.
Viñeron as feiras
de ir a meniña insinala canela.

Estes van seguidos doutros catro:

Meniñas meniñas meniñas son éstas
 meniñas doncelas de talla direita
 meniñas noviñas da nova colleita!
 Viñeron as feiras. Viñeron as festas.

A total confusión preséntanola máis tarde, pois na 2ª ed. coloca nos *Eidos 1* (1981, p. 49) os catro versos do poema 26 de *Os Eidos 1* (agora poema 37), seguidos dos últimos sete versos do poema 17 de *Os Eidos 2*: desde “Viñeron os ventos de cara a Rodela” ata “Viñeron as feiras. Viñeron as festas”. Así, elimina os 8 primeiros versos do poema, que tampouco vexo na 2ª ed. de *Os Eidos 2*. Ademais, un dos versos que formaba parte da versión que lle enviou na carta aparece como un engadido innecesario no poema 76 (p. 114) da edición impresa de 1955. É o último verso, incluído como apartado II: “Enche o cuco o val co seu cantar...”. Ademais no manuscrito (2010, p. 125) pon o poema *Paxaros do Val do Batán* con 7 versos: “Rincha o cabalo rinchón... / Peta o piquelo no encino... / Resga o gáio unha canción / e guindaa dindes do aire... / e vai voando, sin tino, / buscando outra noutro brelo / que ha de ter o mesmo sino...”. Na edición de 1955 (poema 76, p. 114), alén de mudar algo a puntuación e escribir *mismo*, pon a parte I e engade os versos 8-9, que destrozan o poema: “indo e vindo á voar / de Cido pra Tarelo...”. Despois pon a parte II e coloca o verso “Enche o cuco o val co seu cantar...”. Na edición de 1981 (poema 56, p. 69) decatouse do erro, eliminou a división e os versos 8-9 e puxo como verso 8 “Enche o cuco o val co seu cantar” e desta maneira conseguiu facer un poema perfecto.

Outro poema con diferentes versións é o número 40 (1955, p. 69), que no manuscrito (2010, p. 73) aparecía como

Veo o Vrao. Viñeron os tabaos.
 Veo a brega
 Veo o tempo das segas
 i-a gadaña dos prados,
 os gavielleiros, as medas.
 i-o troupelear dos mallos...

Na carta mándao mudar por

1
 Anda o sol outo a brilar...
 Reboleogan as cereixas na Rubial...

O lonxe, as froliñas das uces
 tiñen os montes de ferruxe...
 Cobre o souto a folla.

Xa non se oin os chíos
dos paxariños
tan de acotío soan...

2

Ve o tempo led o e craro do Vrao:
veo a lua das segas
i-a gadaña dos prados,
os gavielleiros, as medas
i-o troupelear dos mallos!...

No meu corazón,
nas paredes, nas requiebras
das penas:
onde queira que haxa terra hai frois...

De todo isto na edición de 1955 quedou o poema reducido a:

Ve o tempo craro do Vran: as festas i os traballos.
Ve o a lua das segas i a gadaña dos prados...
os gavielleiros, as medas i o troupelear dos mallos.

Parte do material non o perde, pois no poema 52 (p. 76) de *Os Eidos 2* aparece como primeiro verso “Rebolegan as cereixas na Rubial” e como versos finais “Xa non se oin os chíos / dos paxariños / tan d’acotío soan”. Despois na 2ª ed. (1981) volve a figurar nos *Eidos 1* como poema 58 (p. 71). Por outra banda os versos “O lonxe, as froliñas das uces / tiñen os montes de ferruxe...” pasan a formar parte do poema 53 (p. 77) dos *Eidos 2*, aínda que non de maneira idéntica, pois transfórmanse en “Nada está lonxe. / Os campaiños das uces / cobren os montes / de furruxe”.

Tamén manda intercalar no capítulo do *Inverno* un poema titulado *O tempo dos reis*, que con bo criterio non foi incluído, e no capítulo *Da serán i-a noite* o titulado *O castelo do Carbedo*, co seguinte contido:

Castelo do Carbedo,
soio pra tarde, no bico de un penedo!...

Aiqui vivío Doña Ildara
en tempos. A multitud e cramor
da cabalgata, cando o Conde de Lemos
a levará,
trocouse, pros que agora en ruínas te vemos,
n-un rabaño de ovellas, un pastor
i-o ruxido das augas do Lor...

Se pasamos ó texto impreso, vemos que na edición de 1955 é o poema 78 (p. 116), que queda reducido a dous versos: “Castelo do Carbedo, / soio prá tarde, no

bico de un penedo!...”. Xa na 2ª (1981) pasa a se-lo poema 10 (p. 22) e amplíao a 4 versos: “Ventana de Doña Ildara / prá banda da tara! / Castelo do Carbedo, / sólo pra tarde no bico do penedo!”.

Despois manda intercalar no capítulo dos *Tesos cumes* o poema *A Lucenza*, que corresponde ó poema nº 5 (1955, p. 29-30), co cambio no v. 14 de “Terras soias” por “Cumes soias” e na 2ª ed. (poema 12, 1981, p. 24) por “Cumes mouros”. Tamén nesta carta manda suprimir do capítulo *Ondas de saudade* o poema titulado *Os dous silencios*, pero este poema non está no manuscrito orixinal. Finalmente fai tres peticións. A primeira é: “Gostaría-me que tanto na portada coma no libro, dentro, sóio figure por nome de autor o de *Novoneira* sin levar por diante o de Eugenio”. A segunda que os versos non empecen con maiúscula, a non ser “os que de por si a levan”, e na terceira formula a pregunta de se Maside podería debuxa-las portadas dos capítulos.

Non foron estas as últimas correccións, pois en carta de febreiro de 1955 manda outras e dille a Piñeiro: “Ahí van as derradeiras instrucciós para correxir “Os Eidos”. Xa non te molestarei mais n-ise senso” e “Despois de todo esto xa agardo con maior tranquilidade as probas do libro”.

Vexamos estas novas correccións. No manuscrito (2010, p. 104) aparece un poema que non entrou no libro titulado *Aire e auga* e na carta manda eliminalo primeiro verso da 2ª estrofa, que era “Detral-a ventana”². No poema titulado *Chove para que eu soñe* (poema 61, p. 93) o manuscrito (2010, p. 103) tiña dous versos, que eran: “Chove pra que eu soñe / e pra que a terra se molle”. Na carta manda corríxilo para “Chove pra que eu soñe... / Quén poñe / no meu cor / ista mao morna, sin dor?...”. Pero na edición de 1955 só se puxo un verso: “Chove pra que eu soñe...”.

No capítulo do *Inverno* o poema *Noite de invernía* (poema 51, p. 83) dicía no manuscrito (2010, p. 87) “Isto si é chover. Nin que guindasen / auga con baldes. / Qué noite de mariñeiros e camiñantes!...” e manda corríxilo na carta para “Isto si é ventar e chover. Nin que guindasen / auga con valdes. / Qué noite pra mariñeiros e camiñantes!...”, pero na edición redúcese a “Esto sí é chover e ventare! / Qué noite pra mariñeiros e camiñantes!...”, co que melloira o poema.

Outro cambio que manda facer é no capítulo *Da serán i-a noite* no poema titulado *Noite do desvelado*, onde manda engadir encabezando o poema o verso “Toda a noite sóio sin prender sono!...”, pero este poema non aparece nin no manuscrito orixinal nin na publicación.

2 O texto do poema era: “Ventiladas de aire / e razadas de auga / cruzando en bandadas / pra o Chao dos Calvares... / Detral-a ventana, / presa nos fíos da auga, / que cuasi xa non vei / está a ialma calada / enfeixa no chover...”.

Moi interesantes son os cambios nos dous poemas que se relacionan coa pastora Germana de Romeor. No manuscrito un deles (2010, p. 114) leva por título *Germana de Romeor*, / *pastora do Sumedo* e a primeira estrofa dicía “Pastora que pasas a vida / no monte soiña” seguida de dous versos colocados na parte dereita: “Fia que fia / vaise o dia...”. Na carta de febreiro indica que se poña por título *Pastora do Caurel*, escribe “pasal-a vida” e elimina “Fia que fia / vaise o dia...”. Estes cambios recóllense na edición (poema 65, p. 101), pero en cambio non se recollen os que indica para o outro poema, que no manuscrito (2010, p. 113 se titulaba *A pastor* e dicía:

Germana de Romeor,
fia e canta no Sumedo
 á ráia do albor...

Germana de Romeor
olla e cala pr-o ucedo
 á ráia do solpor...

Na carta indica que se titule *Amor e soedade* e muda os versos 1 e 4 para “Pastora en sazón de amor”, alén de pór “pro” e “sol-por”. As razóns destes cambios explícaa na carta: “A supresión do nome de Germana de Romeor, como ben podes supórte, non obedece a motivo de índole estética, senon a que despois de unha cousa d-esas sempre se especula moito. e pra eso –que sempre resulta desagradable– xa me abundou o ocorrido c-unha “pastorela” do Libro de Cantigas que agora se canta en toda a serra sóia”. O que non se entende é que neste caso no libro impreso (poema 67, p. 103) pase a titularse *Pastora namorada* e que se manteña nos versos “Germana de Romeor”. En cambio, na 2ª edición (poema 60, 1981, p. 73) fai outra mudanza e pon “Ildara de Romeor”.

No capítulo das *Neves*, que non existe, pois é *O Inverno*, manda corrixi-lo último verso do poema *A nevarada* (no ms. *nebarada*), correspondente ó poema 56 (p. 86). Así, “Baixa a neve hasta Os Cangos” pasa a ser “Baixa a neve hastra os prados”. Finalmente, no capítulo *A primaveira* aparecía como último poema no manuscrito (2010, p. 70) o titulado *Onda de ledicia / primadeiral*, co seguinte contido:

Hai sol no meu corazón
i-aluma todalas cousas...
hasta crean as lousas
i-a auga turba do pilón...

Na carta manda corrixi-lo primeiro verso, que agora escribe “Fai sol no meu corazón” e poñer “Dá sol no meu corazón”, pero o poema non se incluíu na edición (corresponderíalle estar despois do poema 39, p. 67).

Novoneyra é consciente de tantos cambios e na carta de febreiro dille a Piñeiro: “Despois de todo esto xa agardo con maior tranquilidade as probas do libro”. Pero a preocupación polo libro continúa e o desexo de remexer no texto tamén, pois nunha carta de abril do mesmo ano vólvelle insistir a Piñeiro no tema: “Sempre que recibo un paquete postal, onde recoño a tua letra, temo que sexan as probas do meu libro. Teño medo que non fixesen ben as correccións que fun sinalando por correo *segun se me ocurrian*. Se non fora porque sinto que te enoxes por tanta menudencia, pediríache que lles dixeses ós de Vigo que me remesen unha copia do libro tal e como está pra dar a imprenta, pois quixera ver como quedou, ver os dibuxos que tamén me teñen preocupado, *e cambiar xa ben unha verba, xa un verso, poñer aquí e quitar acolá, aunque logo non me mandasen as probas pra correxilas*” (o que está en cursiva púxeno eu).

En maio segue coa teima e temos dúas cartas nas que se refire ó libro, unha sen data e outra do día 14. Na primeira pregúntalle a Piñeiro se recibiu as probas das primeiras páxinas dos *Eidos*. Dille que llas mandou hai uns días para que Piñeiro as mandase a Galaxia e engade: “Aínda non recibín o libro pra correxilo antes de que sigan imprimindo, pois *teño que facer n-il moitas correccións* ó marxe das erratas de imprenta. Dilles que mo manden pois teño moito medo de que non saia o meu gosto”. A el interésalle que saia ben, non que saia axiña. Na do 14 de maio dille: “Non me astrevín a mandar as probas a GALAXIA despois de tanta corrección, ó marxe das naturais erratas de imprenta”. E insiste: “Fai porque me manden o libro pra correxilo antes de que sigan imprimindo, se non causaríalles un traballo do demo”. Na carta enviáballe unha nota para os de Galaxia.

Aínda no 15 de xullo lle di a Piñeiro que o día 30 de xuño enviou corrixido o orixinal da segunda parte dos *Eidos* e que días despois recibiu unha carta del e outra de Galaxia pedíndolle premura. Espera que o orixinal non se perdesa e que as cartas se entrecruzarían e engade: “Despois de facer as derradeiras correccións tornei a ilusionarme co libro”. Supoño que estas últimas correccións chegarían a tempo, pois o libro rematouse de imprimir, se é certa a data que se pon ó final, o día 15 de xullo nos Talleres do *Faro de Vigo*. Desta maneira quedarían liberados na imprenta e en Galaxia dunha publicación tan complicada polos continuos cambios de opinión do autor, algúns indicados nas cartas a Piñeiro e outros posiblemente á propia editorial, o que fai que entre o manuscrito orixinal e o libro impreso haxa tantas diferencias e que mesmo o autor dese marcha atrás nalgúns das propostas enviadas. A eliminación dalgúns poemas ou versos que conformaban o texto orixinal e a substitución dunhas palabras por outras deu lugar a que no glosario incluído no manuscrito e publicado como folha separada aparezan algunhas palabras que non atopamos nos poemas impresos. Son as formas *eszunchar*, *mendos* e *razadas*.

O feito é que entre o manuscrito que enviou o 1 de maio de 1954 e o texto publicado o 15 de xullo de 1955 hai numerosas diferencias, unhas sinaladas antes nas cartas que lle enviou a Piñeiro e outras que debeu enviar directamente á Editorial cando lle mandaba de volta as probas. Velaquí uns cantos casos máis.

O poema 1 titulábo no manuscrito (p. 13) *Invocación do Caurel* e no libro (p. 25) pasa a titularse CAUREL DOS TESOS CUMES. O poema 2 (p. 14) comezaba con dous versos (“Terras mouras / das aigas!...”) e pasa a un verso na edición (p. 26): “Cumes mouras das aigas!...”. No poema 8 o manuscrito (p. 21) dicía “Encinos de Tarelo / –felos na noite–!...” e pasa (p. 33) a “Encinos de Tarelo / –espantallos / que á mesma noite poiden medo–!...”. No poema 10 o manuscrito (p. 23) puña “aubeando polas penas / sin deñar no barbeito dos baixos” e na edición (p. 35) só pon “aubeando polas penas...” e os versos “Terras do laz, por Xaneiro / adiante / hasta o Entroido i-a Demouca!...” pasan a “Terras do laz, / dende o outo Nadal / hasta o Antroido!...”. No poema 12 o manuscrito (p. 25) tiña 4 versos e na edición (p. 37) engade 3 máis: “Ven só dos castiñeiros / un ventinho pequeno / abalala...”. No poema 13 o manuscrito (p. 29) dicía “As frumallas pousanse / na terra. / Can as follas / e andan ceibas polo Outono... / Vein as choivas / i-apaxóanas” e mudouno na edición (p. 39) por “Fontiñas do corzo! / Misterio do bosco / calado!... / Non hai outro templo mas vasto, / nin outro credo / que este silencio...”. O poema 15 do libro (p. 41), titulado *No bosco do outono*, substituíu ó que estaba no manuscrito (p. 31) co título *No bosco lonxano* e que dicía “Óllase xoulearse as ponlas / das reboas / n-aquela valigota; e medio que se antoxa / polos movementos / oil-o vento / sin que o vento se óia...”. No poema 19 o manuscrito (p. 39) tiña 8 versos e no libro (p. 45) ten 12 con bastantes diverxencias, pois eliminou os versos 5-8, que dicían “Baixe ben ou baixe mal, / a tropicós, de fuciños, / chega ó val / e corre polos camiños...”, e engade 8 novos moito máis logrados nos que imita a Rosalía. No poema 21 (p. 47) engade ó final dous versos que non estaban no manuscrito (p. 45): “Fontiña do Carabel, / que dás xusto o que un pode beber!”. No poema 29 o manuscrito (p. 55) di “As veces no silencio da tarde / eu sinto que Deus é o aire...” e no texto impreso (p. 57) mudou todo e puxo “O aire sabe unha cousa... / que se perde se un a conta”. O poema 35 (p. 63), titulado A SERÁN DOS PRADOS, con 8 versos, substitúe ó titulado no manuscrito (p. 63) *Seran limpa e tranquila*, que só tiña dous versos: “Qué tarde mais limpa! Poden lerse no aire / os camiños da choiva, do vento e das aves...”. No poema 36 (p. 64) substitúe “Chove pausíño pra tarde...” do manuscrito (p. 64) por “Chove pausíño pras sombras...”. No poema 38 o manuscrito (p. 68) ten ó principio os versos “Algen está / n-iste aire da mañá...”, que foron eliminados na edición (p. 66). Tamén eliminou no

poema 39 (p. 67) os versos 5-8 do manuscrito (p. 69), que eran “Frores marelas das xestas / que eszunchan a froleir / polas cimadas das leiras / do teso de San-román!...”. O poema 41 tiña no manuscrito (p. 74) como título *A caída das candias* e pasa na edición (p. 70) a *A CAIDA DAS CANDIAS I OS NINOS*. O poema 42 dicía no manuscrito (p. 77) “Veo o Outono. Marelean / os souts... / Xébrase a folla dos gromos. / Veo a nebra... / Veo a choiva que dá sono...” e mudou totalmente na edición (p. 73) para “Veo o tempo morno do Outono! / Os días son tardes longas / nas que o aire soña / ser aínda unha cousa mas leve. / Todo teñe o seu xesto dos sonos, / o seu xeito mas lene: / os tesos, os camiños que se van / na serán dos vals... / os souts alumados dourou... / eu quedo, ollando ó mofo...”. No poema 43 o manuscrito (p. 78) puña “Qué olor de maza feita!... / Iste aire mesmo ten maos...”, que se substitúe na edición (p. 74) por “Cai a choiva que dá sono / na queda serán dos prados... / i eu cravo enviso os meus ollos, / sin ver o que estou ollando...”. O poema 47 titulábase no manuscrito (p. 83) *A vinda do Inverno* e no libro pasa *A VINDA DO INVERNO, PRO LABREGO* (p. 79). No poema 53 o manuscrito (p. 89) puña “Vense a xente tral-o lume” e múdao para “Vense a xente á tralo lume” (p. 85), pero non corrixe a falta de concordancia e deixa en plural *vense*. No poema 57 (p. 89) muda no v. 8 a palabra *enfexo* do manuscrito (p. 97) por *enviso*. No poema 60 (p. 92) o manuscrito (p. 99) puña “montes con mendos de pan...” e múdao en “Montes marelos de pan...”. Finalmente, no poema 64 (p. 100) substitúe no v. 21 “que aínda pensaba no prado...” (no ms. p. 110) por “que aínda quedaba no prado”.

Outra cousa que fai é cambia-la orde de varios poemas, pois o poema 65 (p. 101) está no manuscrito na p. 114, o poema 66 (p. 102) na p. 112, o poema 67 (p. 103) na p. 113, o poema 68 (p. 104) na p. 111, o poema 69 (p. 105) na p. 118, o poema 70 (p. 106) na p. 117, o poema 75 (p. 113) na p. 126 e o poema 76 (p. 114) na p. 125.

Outra particularidade é a inclusión de poemas no libro que non están no manuscrito, como é o caso dos poemas 23 (p. 49), 46 (p. 77), 49 (p. 81), 58 (p. 90) e 78 (p. 116). Tampouco está o poema 80 (p. 120), titulado *VAGAR, NO PUMAR*, que ten reminiscencias da poesía trobadoresca, pois no manuscrito (p. 130), despois de escribi-lo poema *Na fiestra, / Á outa noite* (poema 79, p. 117 da edición), pon ó final da páxina *FIN DE “OS EIDOS”*.

Como contrapartida, tamén hai poemas do manuscrito que non incluíu na edición, como pasa co poema titulado *Ametencia* (p. 86), que recuperou máis tarde nos *Eidos 2* (1974, p. 26) sen título, con variantes na escrita, o cambio “Bicouse a terra i-o ceo” por “Bicouse a terra co ceo” e o engadido de 4 versos ó final: “Dinde nino pequeno / vou ver sempre o río que ameteu / que me fai ise aceno / que sein eu”. Máis tarde na edición conxunta de 1981 inclúeo nos *Eidos*

1 (poema 32, p. 44), pero sen eses 4 versos engadidos, que non eliminou, posto que os introduciu (separados por un /) no poema “Loairas / de sol! / Ventaladas / d’aire e razadas d’auga!” dos *Eidos* 2 (p. 27; ed. 1981, p. 143). Outro caso témosto na p. 100 do manuscrito, onde, despois do poema titulado *Por San Joan* (na edición poema 60, p. 92 co título POR SAN XOAN), coloca o titulado *Siñals de trono*, que di: “Tira o vento do Couto. / A anduriña / cingue o vóo ras do suelo. / Van as nebras do trono / correndo cara Pinza / a un son agoreiro...”.

Así se foi xestando a publicación de *Os Eidos*, da que seguramente non quedou convencido de todo, pois en carta de novembro de 1955 afirmalle a Piñeiro que “ultimamente” chegaron a gustarlle “os Eidos” e dille que, no medio dunha infinita preguiza, que nace dun convencemento íntimo e profundo, “siguen medrando “Os Eidos” e definíndose cada vez mais”. El non sabe se ó lelo se nota como foi escrito o libro e aclárallo: “Eu remato case todos os poemas de pensamento. hastra axustar a derradeira verba; logo, se me parecen meus, levántome e sentome a escribilos, mellor dito a copialos. Iste e o método que eu teño pra, no que cabe, decil-as cousas como se sinten, pois así non se deixa un levar tanto das verbas”.

Os Eidos seguiron medrando e nunca remataron para Novoneyra, como demostran moitos poemas recollidos en libros posteriores. Lembremos un de 1983 no que di “Índa non estoun co’ela. / Aínda ún sigue n’el. / Estoun en Compostela / vendo nevar no Courel...” (Rodríguez Fer-Blanco, 1990/²1991, 211), ou outro de 1989 no que presenta un longo poema co tema da paisaxe, dos topónimos e o mundo da súa terra (Rodríguez Fer-Blanco, 1990/²1991, 214-215). Esta fixación polo tema deu como resultado que en 1974 publicase outra serie de poemas co título xa citado de *Os Eidos* 2. Despois publicou edicións conxuntas dos dous poemarios en 1981 e 1985 con introdución nas dúas de novos poemas, con numerosas correccións e cunha nova distribución dos textos. Desaparecen os títulos e a separación por capítulos nos *Eidos* 1 e moitos poemas que están nos *Eidos* 2 pasan ós *Eidos* 1. Sempre está remexendo, mudando uns versos por outros ou unhas palabras por outras, unindo uns poemas a outros, poñendo de maneira diferente a distribución dos versos e facendo cambios lingüísticos nas palabras. Tamén cabe destacar que a manía primitiva de pór ó final de numerosos versos “...” ou “!...” desapareceu, aínda que quedou presente a enorme frecuencia do sinal de admiración ó final de moitos versos.

Esta continua interferencia nos dous poemarios será moi interesante para os críticos literarios, pero a min non me convence e prefiro que as obras queden como foron concibidas polo autor nun momento determinado e que faga novos poemas en lugar de perde-lo tempo mudando o escrito moitos anos antes. Esta teima constante por remexer nos textos, cousa que Novoneyra xa fixo desde os

inicios, mesmo cando se estaba publicando o libro de 1955, posiblemente represente unha pequena falta de seguridade, particularidade que se nota tamén noutros poetas.

As diferenzas gráficas entre o orixinal e o texto de 1955 son bastantes e o propio Novoneyra, cando lle envía a Piñeiro o manuscrito o día 1 de Maio de 1954, firmando Eugenio Novo Neira, dille que corrixa a ortografía e o que lle pareza. Por iso en Galaxia mudaron a puntuación do poeta e corrixiron a maneira de escribir determinadas combinacións de palabras: *de este* pasa a *diste*, *n-elas* a *nelas*, *de un* a *dun*, *movimento* a *movemento*, *acustumado* a *acostumado* (todas na p. 21), *n-un* a *nun* e *d-il* a *dil* (p. 26), *i-as debesas* a *i as devesas* (p. 42), etc., pero disto xa falou Carme Silva, 2010.

A min o que me interesa é poñer unhas cantas mostras dos cambios introducidos nos poemas para indica-los acertos e desacertos que ó meu ver ten. Algo que se nota lendo *Os Eidos* de 1955 é a grande variedade no número de sílabas dos versos e en moitos casos o ritmo está ben logrado, pero nunha poesía non suxeita á rixidez da rima e ó mesmo número de sílabas en tódolos versos hai que ter moito coidado para que o ritmo sexa correcto. Xa sei que hai críticos que tratan de xustifica-la ruptura do ritmo como un logro do poeta, pero eu non concordo con esta afirmación e penso máis ben que se trata dunha impericia que podemos ver frecuentemente lendo poemarios de diferentes escritores. Vexamos uns casos neste libro.

No terceiro poema (p. 27) témo-los versos 1-2 “Hei de ir ó Piapáxaro i ás cumes do Faro / onde está o ceo a un voo de paxaro”, que na 2ª edición (poema 2º, p. 14) pasan a “Hein d’ir ó Pía Páxaro i a Boca do Faro / deitarme na Campa da Lucenza nun claro”. A imaxe cambia totalmente, pero ó segundo verso fáltalle unha sílaba, que se arranxaría facilmente poñendo “e deitarme na Campa da Lucenza nun claro”. Os versos 11-12 aparecen como “Hei de ir a Céramo, cruzar o Faro i entón / debrocar pra baixo, cara Oencia e León” e na 2ª edición como “Hein d’ir a Céramo cruzal’o Faro i entón / debrocar pra baixo cara Oencia e León”. Estaba mellor no manuscrito, que dicía “pra abaixo”, pero aínda así falta unha sílaba e o verso arranxárase poñendo “debrocar para abaixo cara a Oencia e León”.

No poema 6º (p. 31) os versos 5-8 din “Baixando Moreda abaixo, / cara o Muíño das Edras: / bate a auga nas pedras... / peta nas portas un touro...” e na 2ª edición (poema 8º, p. 20) “Baixando terra fragosa / dende a Fontiña da Rosa / hastr’o muíño das edras / peta a auga nas pedras / foza nas portas un touro”. Tanto nunha versión coma na outra o verso “peta a auga nas pedras” rompe o ritmo dos octosílabos.

No poema 14 (p. 40) o verso nº 14 da 1ª edición di “e polos boscos espidos do Nadal!” e na 2ª (poema 17, p. 29) desdóbrase en dous (vv. 16-17) e muda

para “e polos soutsospidos / do Nadal!”, onde *despidos* por *espidos* fai máis pesado o ritmo do verso.

No poema 21 (p. 47) os versos 9-11 dicían “–¡Qué fontaña máis pequena! / Sécase / con un sorbato” e mantiñan ben o ritmo, cousa que se perde na 2ª edición (poema 63, p. 76, vv. 9-10), onde o verso 10 lle falta unha sílaba: “Qué fontaña máis pequena! / Sécase dun sorbato”.

No poema 39 (p. 67; na 2ª ed. poema 46, p. 59) coloca os versos seguintes: “Xestas froridas da Sítima! / Virtas de xesta piornal!... / Terra probe, sequiza, / de penedo i herba chá!...”. No 3º rompe o ritmo porque lle falta unha sílaba.

Nos *Eidos* 2 no poema 12 (p. 23) puña “Falopiña a falopiña / vai branqueando a cortiña” e na 2ª edición (poema 56 p. 177) muda para “Falopiña a fopiña / vai branqueando a cortiña”, pero o ritmo mantense mellor na primeira versión.

No poema 88 (p. 118) escribe “Nun chover por siglos / todo foise esluindo”, coloca mal o pronome e rompe o ritmo, que se lograría simplemente colocando o pronome no seu sitio: “Nun chover por siglos / todo se foi esluindo”.

Podería indicar moitos máis casos, pero rematarei cos dous versos que forman o primeiro poema dos *Eidos* 1 (p. 25) e que repetín infinidade de veces ó longo da miña vida por ser un poema extraordinario dentro da súa brevidade: “Caurel dos tesos cumes que se ollan de lonxe! / Aiquí... síntese ben o pouco que é un home...”. Foi moi grande a sorpresa cando mirei a edición de 1981 (p. 13) e vin que dicía “Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe! / Eiquí síntese ben o pouco que é un home”. Pensei que se trataba dun erro de imprenta, pero fun vela edición de Rodríguez Fer-Blanco, 1990, e vin que fora un cambio consciente do autor. A imaxe muda totalmente e a uns gustaralles máis a versión primitiva e a outros a segunda, pero o que é indiscutible é que a falta do pronome se lle fai perder ritmo ó verso.

Xunto ós que para min son cambios desacertados na segunda edición, hai outros moitos que melloran os versos. Poñerei uns exemplos.

No poema 3 (p. 27) o v. 3 dicía “Hei de ir á Rugueira, i a Devesa de Donís” e na 2ª edición (poema 2, p. 14) mudouno para “Hein dír á Devesa da Rogueira i a Donís” (co erro tipográfico *dír* por *d’ir* corrixido en edicións posteriores).

No poema 15 (p. 41) dicía “Pasa o sol lene / sobor do bosco quedo que soña / nunha morte longa, lenta e irremediabel, / como se el non fora / o Pai Sol” e na 2ª edición (poema 83, p. 96) alixéirao e pon “Pasa o sol lene / sobor do souto quedo que afonda / na morte longa / como se il non fora / o Pai Sol”.

No poema 16 (p. 42) o v. 3 dicía “contra as bandas escuras das penas...” e corríxeo (poema 67, p. 80) para “contra as bandas das penas...”. No mesmo poema os versos 7-9 dicían “As veces / co vento a ruxidoira medra i esvécese... / Agora, eu son soio pra choiva...” e na 2ª edición pasan a ser versos 7-10 cun

texto mellorado: “Por veces / co vento a ruxidoira / medra i esvece / en ondas que ún alonga...”.

No poema 17 (p. 43) o manuscrito (p. 35) tiña “ha dar gusto”, pero queda mellor “vai dar gusto” como está no texto impreso. Tamén no poema 33 (p. 61) queda mellor “Ollando no río / voume indo inordiña non sei pra que sitio...” en vez do que dicía no manuscrito (p. 61), que era “Ollando no río / voume indo ispaciño / non sei pra que sitio...”.

No poema 47 (p. 79) o manuscrito (p. 83) puña “Viñeron as neves. Veo a choiva i--o vento / pra o que non pode estar drento” e mellora cun simple cambio para “Viñeron as neves. Veu a choiva i o vento / pra quen non pode estar drento”.

No poema 56 (p. 88) o manuscrito (p. 94) puña “O lume xa non dá fume / nin chama... / Van indo acabadas / as ganas de falar...” e mellora na edición ó engadir un verso: “O lume xa non dá fume / nin chama... / Tras tantas cousas contadas / van indo acabadas / as ganas de falar...”

O poema 59 (p. 91) titulábo no manuscrito (p. 98) *Nebras, a pasar* e múdao na edición para NEBRAS DE VERLO DE OVELLA, que queda mellor. Tamén queda mellor no v. 1 o cambio “Sin prisa, a fatos, pra Leon” por “Inorde, a fatos, pra León”. Xa o cambio do versos 4-6 por dous diferentes pode ser cuestión de gustos, pero a versión escrita queda máis acorde co ritmo dos versos anteriores. No manuscrito estaba “Nos tesos i-as debesas sin sol, / un silencio que cuasi non se ói / e unha sombra que non pasa...” e múdao para “Ollando os vals sin sol... / o cor non doi nin deixa...”.

O poema 63 (p. 95) tiña no manuscrito (p. 106) como versos 3-4 “Esta a terra enfexa / ollando a un sitio...O aire non latexa”, pero queda mellor como aparece na edición: “Está o aire enfexo / ollando algo que eu non vexo...”.

No poema 70 (p. 106), que está na p. 117 do manuscrito, hai correccións de franca mellora do texto. No manuscrito ten dous apartados de 7 + 4 versos sinalados cos números 1 e 2 e di: “Durme o lobo no Fedo, / na Lamela Longa, nos prados / do Noval, na Poxa / da Lomba, nos eidos / mais pechos e calados / onde a terra non oxa / porque está morta de medo. / Neva no Chao do Toxedo / e nos Carboeiros... / Andan os lobos rastreiros / polas virtas do xestedo...”. Na edición elimina os apartados, pon unha liña en branco despois dos versos 7º e 9º e queda reducido ós 10 versos seguintes: “Mora o lobo no Fedo, / na Lamelalonga, nos prados / do Noval, na comba / das penas, na Poxa / da Lomba: / nos eidos máis pechos e calados / onde ninguén o oxa... / Neva no Chao do Toxedo / e nas Lubi-cieiras... / Teño medo ós penedos i ás uceiras!...”.

No poema 71 (pp. 107-108) fai cambios na estrutura e na distribución dos versos e pon unha corrección que mellora o ritmo. No ms. (p. 119) os vv. 13-14

din “Rastrex... rastrex, / ole, parase e venta...” e pasan a se-los versos 11-12 do texto impreso, onde di “Rastrex... rastrex... / párase e venta...”.

No manuscrito (p. 126) o poema *A cantiga do cuco* tiña 6 versos (separando cunha liña en branco o verso 4 do 5): “Canta o cuco...cala... e canta / nos castiñeiros do val... / Pasa o tempo e non di nada... / e torna o cuco a cantar... / Ai, o tempo que non para! / Ai, o tempo que se vai!...”. Na edición o poema 75 (p. 113) elimina os dous últimos versos e deixa só “Canta o cuco... cala e canta / nos castiñeiros do val... / Pasa o tempo e non dí nada... / e torna o cuco a cantar...”, co que logra un fermoso poema de ritmo tradicional. Con todo, como lle gustaba sempre remexer nos poemas, na 2ª edición (poema 57, p. 70) introduce algún cambio e pon “Canta o cuco cala e canta / dos castiñeiros do val. / Pasa o tempo e non di nada / e volta o cuco a cucar”.

Como último punto téñome que referir ó tema da lingua, que foi o motivo polo que Novoneyra rompeu a relación comigo. O galego tivo a mala fortuna de chegar sempre tarde a todo desde o século XVI en diante. Se non se producise unha ruptura, como se produciu nese século, xa desde esa época teríamos gramáticas e dicionarios e iríase facendo unha codificación da lingua, como se fixo noutros idiomas. Mesmo se podería ter feito no século XIX ou nos inicios do XX, como se fixo no catalán, pero lamentablemente aquí non houbo lingüistas nin gramáticos que puidesen realizar este labor. Se o galego se ensinase cunha lingua normalizada nas escolas desde que estas empezaron, todos aprenderíamos as regras gramaticais e o léxico estandarizado e non habería os problemas que se produciron nas últimas décadas do século pasado. Toda normativa lingüística representa unha imposición férrea que se foi establecendo ó longo dos séculos e en ningún idioma se permite que os escritores escriban como lles peta. Pero no galego non se puido facer unha normativa lingüística ata a década dos setenta do século XX e houbo moitas voces discordantes, unhas por cuestións políticas e outras por unha falsa interpretación da liberdade literaria. Houbo, e hai aínda, escritores que consideraron que a eles non se lles podía impór ningunha normativa porque iso coartaba a súa capacidade de creación e expresión literaria. Isto é unha falacia e unha síntoma de prepotencia e de ignorancia, porque o escritor ten toda a liberdade do mundo para modela-lo seu estilo ou para xogar coas palabras utilizando os innumerables recursos que lle permite a lingua, pero o que non pode é cometer faltas de ortografía ou utilizar unicamente a fala da súa aldea.

Novoneyra tamén foi dos que consideraba que a normativa era prexudicial para a creación literaria e adoptou unha postura belixerante: “Rexeito o idioma normativizado, homoxeneizado dos que siguen os ditados normativos do Instituto da Lingua, da Real Academia e do Parlamento e Xunta de Galicia, *impos- tos incluso ás obras de creación literaria* donde máis se precisa conservar o sangue da

Lingua vivida, a súa forma peculiar i o aroma de infancia e comarca. Teime i teimo que sea válida tamén na escrita de creación *a santa liberdade dos falantes*. Igual que rexeito ó *Galego Oficial*, rexeito a normativa reintegracionista oposta a el e non menos encorsetada e con olor a falsa e a nonpatria. Ambas quitáronlle a color, o sabor i a aventura a moita da Literatura Galega Última i envenenaron ca súa teimosía o mundo literario con odios e marxinacións inda maiores que os existentes no partidismo político. E repito que non me opoño a un galego respetuosamente normativizado, eso si con moita maior flexibilidade e que dea cabida ás peculiaridades e que poda ser asumido e sentido como patria común unidora e fortalecedora” (Novoneyra, 1991, p. 136).

Se Novoneyra escribise en castelán ou en francés, poño por caso, non tería a ocorrencia de escribir estas palabras que acabo de citar, porque estaría sometido a unha normativa lingüística á forza e non se podería desviar dela, posto que lle corruxirían os erros na Editorial e porque, se tivese a teima de escribir con rasgos dialectais como escribe *Os Eidos* e outros textos, sería considerado un escritor rexionalista e un poeta menor. A “*santa liberdade dos falantes*” é unha cousa e escribir correctamente é outra. Ninguén lle impide a un escritor utilizar léxico específico dunha zona determinada, pero outra cousa é querer escribir con tódolos rasgos lingüísticos dunha zona determinada en vez de utilizar unha lingua común. Ademais, non se pode escribir “como fala o *pueblo*”, porque o *pueblo* está contaminado polo castelán e, se queremos ter unha lingua á altura das outras, temos que depurala de castelanismos e utiliza-las formas propias do galego.

Poñamos unhas mostras: Que pintan nos textos de Novoneyra palabras como *a costumbre*, *andivo* (corrixido na 2ª ed. en *anduvo*), *fai* ‘hai’, *iba*, *iban*, *mismo*, *nombro*, *parexas*, *pueblo*, *reconoza*, *sangre*, *siglos*, *soledá*, *solas*, *solo*, *sudar*, *suelo*, etc. en lugar das formas galegas autóctonas? Por que unhas veces muda na 2ª ed. de *Os Eidos* as formas que aparecen na 1ª ed. e outras non? Por exemplo, cando muda unhas veces *soias* e *soio* por *solas* e *solo* e outras deixa *soio* (con incongruencias como na p. 94 de *Os Eidos* 2, onde temos “Só se oi o que eu oio / só se olla o que eu ollo. / Val solo!”), ou cando unhas veces muda *outas* e *outo* por *altas* e *alto* e outras deixa as formas inventadas. Por que unhas veces corrixe na 2ª ed. a forma propia *oíndo* polo portuguesismo *ouvindo* e outras, en cambio, corrixe *ouvir* por *oir* ou *ouvía* por *oía*, alén dos casos en que deixa *ouvindo*? Que pinta a forma *irremediabel* nun texto do Courel ou as invencións *áas*, *ámeto*, *brila* (na 2ª ed. *brilla*), *asiñada*, *coor*, *crama*, *entranas* (corrixido despois en *entrañas*), *estranas*, *falla*, *froridas*, *inutile*, *medo antergo*, *sono*, *sonos* (que na 2ª ed. non sempre corrixe en *soño*, *soños*; cf. nos *Eidos* 2 p. 22, 2ª ed. p. 30 “do sono / que eu soño”, fronte a “o sono que eu soñaba” na p. 91 da 1ª ed., que pasa a “o soño que eu soñaba” na p. 164 da 2ª ed.)? Por que pon unhas veces *arbres* e outras

árbores? Por que corríxe na 2ª ed. a forma correcta *dór* (con acento innecesario) polo inventado ou medieval *door* ou o correcto *cuarto* polo vulgarismo *coarto* ou o correcto *florida* por *frorida* ou a forma correcta *soan* polo castelanismo *sonan*? Por que utiliza o medievalismo inexistente *cor* en lugar de *corazón* ou os vulgarismos *cencia*, *locía*, *pirmeira*, *pirmeiro*, etc. ou a absurda grafía *franmentos*?

Cando Novoneyra elaborou *Os Eidos 1* e, en parte, *Os Eidos 2* escribía como sabía, igual que faciamos todos, pois non había unhas normas ás que aterse e todos nos apoiabamos na fala propia e nas lecturas, con uso de medievalismos, vulgarismos, deformación das palabras para que non coincidese co castelán, etc. Pero o noso autor nas sucesivas edicións das súas obras foi mudando moitas veces as formas que aparecían nas primeiras edicións e podería facelo mellorando a lingua e non empeorándoa. Non o quixo facer e iso non xoga precisamente a favor do seu recoñecemento como modelo no futuro.

Novoneyra será sempre recoñecido como o poeta do Courel e nos *Eidos 1* e *2* está descrito de maneira marabillosa aquel mundo que el viviu e que hoxe xa está bastante deteriorado. Nos *Eidos* temos magníficas descrições da paisaxe, dos labores no campo, da vida na casa, da visión da natureza nas distintas épocas do ano e ó mesmo tempo indicacións sobre o estado de ánimo do poeta e os seus momentos de depresión naquel mundo tan illado. Nos *Eidos* podemos atopar poemas moi logrados xunto a outros menos brillantes. Tamén resulta desesperante a constante repetición da temática e dos esquemas métricos e para min quedaría moitos mellor se dos dous libros se fixese un único poemario eliminando unha serie de poemas de menor entidade e que non engaden nada novo. Eu valoro algúns poemas dos *Eidos* como logros extraordinarios, pero, se teño que escoller, prefiro a Novoneyra como poeta político-social e quedo con poemas como a *Letanía de Galicia*, o *Vietnam Canto* ou o poema dedicado a *Laxeiro pintor dunha Galicia*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barreiro, Herminio (2008): *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias [1940-1965]*. Vigo: Xerais.
- Blanco, Carmen (2009): *Uxío Novoneyra*. [Vigo]: Edicións A NOSA TERRA, 2009.
- Blanco, Carmen (2010): *Novoneyra: Un cantor do Courel a Compostela. O poeta nos lugares dos seus libros*. Noia: Coruña, Toxosoutos.
- Lorenzo, Ramón (1987): “Un manuscrito inédito de Francisco Añón”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXV, n.º 100, 1984-85 [1987], 693-750 (esp. pp. 694-696).
- Novoneyra, Uxío (1955): *Os Eidos. Terras outas e soias do Caurel 1952-1954*. Vigo: Galaxia.
- Novoneyra, Uxío (1974): *Os Eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas*. Vigo: Galaxia.
- Novoneyra, Uxío (1981): *Os Eidos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Novoneyra, Uxío (1991): “A xeito de autopética”, *Boletín Galego de Literatura* 5, 135-139. Tamén reproducido no n.º 21-22, 1999, 65-70.
- Novoneyra, Uxío (2010): “Reproducción facsimilar do manuscrito autógrafo d’Os Eidos (1952-1954)”, en Anxo Tarrío Varela (ed.): *Día das Letras Galegas 2010. Uxío Novoneyra. Contén reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo d’Os Eidos (1952-54)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 135-278.
- Planas Roca, María de los Ángeles: *Vocabulario en Os Eidos 1 y 2 de Uxío Novoneyra*. Tese de licenciatura inédita presentada na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Valladolid o día 29 de xuño de 1978.
- Programas de Lingua e Literatura Galegas para os niveis de Bacharelato e Formación Profesional*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Cultura. Dirección Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia, 1984.
- Rodríguez Fer, Claudio e Carmen Blanco (1990 [1991]): *Os Eidos*. Vigo: Xerais.
- Silva Domínguez, Carme (2010): “De Compostela ao Courel, de 1952 a 1990: a evolución das decisións de escrita n’Os Eidos”, en Anxo Tarrío Varela (ed.): *Día das Letras Galegas 2010. Uxío Novoneyra. Contén reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo d’Os Eidos (1952-54)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 99-133.

A PALABRA DESEÑADA E FEITA A MAN

Carlos Paulo Martínez Pereiro

Universidade da Coruña

*Qu'on ne dise pas que je n'ai rien
dit de nouveau: la disposition des
matières est nouvelle.*

[Blaise Pascal]

Deixando de lado a eticidade poética et *alia varia (et multipla)* da súa obra e persoa, de que aquí din outros, nós pretendemos disertar sobre ‘a palabra deseñada e feita a man’ por Uxío Novoneyra, porque temos para nós que houbo (e aínda hai) unha certa negligencia analítica a respecto da dupla obediencia plástico-escritural de parte da súa produción poética e porque sentimos unha imperiosa vontade de compartir a paradoxal certeza dubitante derivada da constatación de pintores e poetas seren “cordes, chacun, d’une unique lyre” (Yves Bonnefoy *dixit*).

Foi Antón Patiño, no seu interesante ensaio *Universo Novoneyra. A poética do intre* (2010), quen, con lucidez, referiu o anacronismo cultural galego que supón o feito de se ter mantido a distancia da duplicidade do pensar literario-visual, imprescindíbel na abordaxe da modernidade (non só de noso) e incontornábel cando un se pretende aproximar á obra de figuras como, por só citar unha tríada representativa, Luís Seoane, Reimundo Patiño ou Uxío Novoneyra.

Na realidade, este último, como invulgar creador verbal e xestual, podería asumir con naturalidade o sentido por extenso dos versos shakespearianos “se a

outros polos seus ditos os respectas / a min, polo que penso, que é a miña letra”. Algo que devén evidente se convocarmos algunha das inequívocas reflexións do autor dos referenciais *Poemas caligráficos*: “Os caligramas conforman unha parte esencial da miña obra. Por debaixo dos grafismos adoito poñer o texto mecano-gráfico como referencia, como simple acompañamento porque o que escribo a man non é para ser lido: é para ser sentido. Quero dicir: sentir a súa extremada tensión gráfica [...]. Eu a imaxe non a trato como pura imaxe, todo texto é imaxe, a imaxe non está confinada, todo texto é imaxe”.

De feito, de quen foi considerado moderno e excepcional rapsoda, salienta a integración do deseño nos poemas (ou, quizais con maior exactitude, dos poemas no deseño) e o tratamento destes como obxectos extravagantes, tamén plásticos, privilexiando a palabra deseñada así como esa súa poderosa concepción e conformación visual que pon á proba as facetas icónicas e plásticas dos elementos constituíntes da escrita.

Xa desde hai ben tempo levamos reflexionando sobre a performatividade poética das imaxes feitas a man por este efusivo creador e, máis en concreto, sobre a caracterización e importancia da súa xestualidade caligráfica. Deste xeito, cos resultados desas teimosas reflexións e pertinaces análises, en 2010, elaboramos finalmente o ensaio intitulado *A man que caligrafando pensa. Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. É por isto que, nunha ponderación de conxunto, estas nosas consideracións se conforman como máis unha maneira de re(a)sumir aquelas páxinas doutroa, a que remiten *in absentia*, e non como rotunda exposición de referencias fixas e estábeis, nin como establecemento de esquemas redutores, a respecto do complexo tema visado.

Procederemos, pois, (re)visitando a seguir as nosas ideas construídas a partir das maneiras e modos plástico-escriturais co obxectivo de presentar algúns contornos, paralelos, afluentes e influentes, da mostra exemplar do autor Uxío Novoneyra e da súa obra caligráfica, da súa *manuscrita*, sen pretendernos –por consideralo un algo perigoso e un pouco inútil– *faire le ménage* a respecto dunha calquera pretensa totalidade –por moi parcelar que for–, certamente (im)posíbel por inatinxíbel –cando menos, para nós.

Aínda sendo conscientes de que a obra (cali)gráfica de Uxío Novoneyra podería ser ‘lida en campo aberto’, isto é, percibida sen calquera información previa, coidamos que a súa produción poética espacializante, (para)concreta e manuscrita só atinxe a súa exacta consideración cando o seu exercicio de escrita-pintura neste campo aparecer integrado na súa diversa contorna epocal e mental.

A impronta da visualidade e da plasticidade asociadas á creación lírica traspasan a poesía do poeta case desde os seus comezos nos anos 50. Ora ben, vai ser

coa aparición do volume *Os eidos 2* (1974), axeitadamente presidido coa epígrafe de *Libro de olladas* que o subtitula, e, noutro sentido complementar, cos *Poemas caligráficos* (Madrid, 1979), que a importancia do ollar e a omnipresenza do gráfico comecen a adquirir unha máis do que relevante entidade.

Non sería descabido afirmar que, como punto de partida, o noso autor foi, da relixión do exercicio caligráfico evoluído no sistema literario galego, á vez o noso Papa e o noso primeiro Ateo.

Sabemos que toda obra se articula por volta dun tema dominante e que para Novoneyra esa dominancia primeira estivo presidida polo tema poético do Courel, metonimia da Galiza verdadeira e distante reflexo do Mundo auténtico, a partir da cal o autor se serviu, para a súa elaboración poético-gráfica, do que en termos musicais é coñecido como ‘ouvido absoluto’ a que nada lle escapa.

Sabemos tamén que calquera produción poética se edifica a partir dunha actitude privilexiada que, no caso de Uxío, consistiu na omnipotencia da procura do ego e do autocoñecemento: aténtese a que o noso ‘aedo bárdico’, xa na inmadura obra *Rojo* de 1949, afirmaba “yo casi soy algunas veces”, na esteira indagatoria da confluencia do bíblico “eu son o que son”, do real quixotesco (de Cervantes) “yo se quien soy” e mais do falso quixotesco (de Avellaneda) “yo quien quiera que sea”.

Pois ben, alén daquel tema e desta actitude, dúas son as influencias indirectas ou as afluencias substanciais que conflúen na poética caligráfica do noso autor: unha de base literaria, o coñecemento ‘ruminante’ da poesía oriental, e outra de base plástica, o grafismo abstractizante pollockiano. Ben é certo que, concordando con Antón Patiño, a respecto da xestualidade e da relativa falta de control, hai que ponderar a influencia (maior) do movemento do expresionismo abstracto e da modalidade da *action painting*, do que a (menor) da poesía oriental –máis relevante en relación ao principio da síntese e da sintaxe xustaposta–, sen esquecer o pano de fondo que supón o automatismo psíquico bretoniano –tanto da técnica pictórica surrealista do (inmediato) automatismo rítmico como da técnica do (mediato) automatismo simbólico.

A respecto da primeira influencia de base literaria, Uxío Novoneyra alicerzouna inicialmente –pois ao longo da súa traxectoria foi aprofundando neste seu ‘saber’– co seu amplo e profundo coñecemento da poesía chinesa e dunha das liñas mestras da produción poética xaponesa en concreto: un certo sentimento de caducidade impregnou moita da súa escrita poética e acabou por confluír coa inmensa sombra do paixasismo animista e humanizado que, como derivada da cultura tradicional galega, deveu un dos emblemas da poesía novoneyriana.

Xa no que di respecto á segunda influencia ou afluencia de base plástica, sigráfica e pollockiana, Uxío Novoneyra tivo como guía ao pintor –e poeta– Rei-

mundo Patiño, seu amigo e colega no coñecido grupo madrileño de vangarda e intervención «Brais Pinto», de que ambos formaban parte e no cal compartían o bífrentismo literario-plástico dos intereses dos seus integrantes. Neste sentido de influxo do plástico e da xestualidade performativa, poderíamos dicir que Patiño se situou *in loco parentis*.

Entre as dúas improntas, ten un grande relevo o feito de na década de 60 tornarse de interese para os calígrafos e pintores chineses a corrente occidental da *action painting* en sentido lato, que, aliás, dez séculos antes tivera un precedente no expresionismo dinámico de varios pintores chineses imbuídos de un moi peculiar misticismo taoísta e da tendencia budista-zen (*tch'an*) irracionalista, na súa procura de expresar polo exaxero e a deformación a emoción da incomunicábel experiencia mística.

O seu correlato, na mesma altura e en plena voga occidentalizante na creación artística e literaria, radicou na alianza do abstraccionismo occidental, das vellas técnicas pictóricas xaponesas, do informalismo e da transformación abstracta de ideogramas na obra do importante calígrafo e pintor Kosaka Gajin. Amálgama orixinal que, a posteriori, inflúe con forza tanto no Xapón como no Occidente.

Lembremos tamén o fenómeno paralelo de, xa na década de 30, Franz Kline –que deveu unha das grandes figuras do expresionismo abstracto– ter estudado a arte oriental, para alén de coleccionar gravados xaponeses. Non é difícil, pois, comprender que, nos 50, os seus cadros en branco e negro –como os de Willem de Kooning e os de Jackson Pollock– aparezan claramente relacionados coa caligrafía oriental e, máis en concreto, coa nipona.

En fin, retomando o fío expositivo, hai que ponderar que non foi só no coñecemento de Pollock no que influíu Reimundo Patiño a Novoneyra, mais tamén coa súa filosofía: de feito, o principio pollockiano de “pintar de dentro a fóra”, foi asumido como case devisa polo pintor galego e, aliás, podería considerarse que tamén foi interiorizada como *mot d'ordre* propia polo noso vate.

De todas as maneiras o que a fortuna crítica da súa obra realmente ten caracterizado como basilar é a estrutura temática e retórica de ‘haiku’ que, *mutatis mutandis*, resulta ser paradigma da poesía novoneyriana, tomando a parte polo todo e a fortuna crítica pola evidencia da verdade, aínda que o problema non está tanto na referencia que fagocita o conxunto dunha poesía plural, como no referente conceptual trivializado que se veu manexando.

Esta transitividade da produción novoneyriana a respecto da poética oriental e, en concreto, xaponesa, vai mostrar un seu influxo inicial e livián na escrita primeira d’Os *eidos* (1955), adquirindo xa unha presenza rotunda coa participación de Novoneyra como un dos dous autores do volume bilingüe *Camelio*

xaponés / *Watsubaki* (1995). Nesta fermosa obra, dedicada a Santiago de Compostela, reúnen-se sete *xiikas* (versos xaponeses) da artista xaponesa Ayako Sugitani e tres ‘versos’ de Uxío Novoneyra –uns e outros realizados a partir de dez fotografías daquela–, con versións entrecruzadas de ambos para o galego e para o xaponés.

É de notar que a intención ecfrástica novoneyriana, a respecto do fotográfico de que parte, só se manifesta verbalmente, en palabras impresas –e/ou ditas, aínda que for interiormente, nese ‘proclamar menos do que suscitar’ con que caracterizara parte da obra de Uxío o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín–, deixando a plasticidade visual á transposición gráfico-lingüística para o xaponés, e acontecendo o mesmo nas versións galegas realizadas por Novoneyra das *xiikas* da autora xaponesa.

Sendo ben certo que Novoneyra libertou o seu discurso do método, de calquera método, detras da *ligne Maginot* da opinión común, do outro lado da *ligne Verdun* da idea recibida, poderíamos e deberíamos afirmar a súa obra como a dun paisaxista, como pintor e como poeta, ademais da dun calígrafo que se mostrou cunha anorexia escritural só usando das palabras con valor duplo (de uso e simbólico) e unha paralela bulimia plástica ou, para sermos máis exactos, de deseño.

Porque, na súa obra, á maneira claudeliana, ‘o ollo escoita’, Novoneyra foxe do *digest* para lectores apresados, distánciase do pseudoformalismo, que chaman os franceses da escola oralista *diction formulaire*, e mais céntrase no particular significativo, até o extremo de podermos considerar o saudoso Uxío un poeta preocupado pola ‘dirección de lectores’. Abonde, neste sentido, con lembrar o combativo e celebrado poema de 1968 «Vietnam Canto», subtítulado “poema oral e visivo”.

De feito, como excelso ‘dicidor’ de poesía –só real cando oral–, con frecuencia, impregna a materia poética de trazos visualizantes e/ou caligramáticos. É máis, tamén poemas figurados como, entre outros moitos, «Letanía de Galicia» (1968), «Reimundo Mundo Patiño» (1971), «Chile /73» (1973) ou «Canto pra ter favores de Venus» (1984), son tamén –e de maneira preferente, atrevémonos a dicilo así– como ‘partituras’ para a interpretación oral e a enunciación vocoverbal. Esta poesía, por tanto, que asenta na importancia do auditivo e do acústico, no canto, devén facilmente e sen paradoxos unha escrita en que o predomínio do vector imaxético tamén alcanza unha importancia fulcral.

Dando máis un paso na caracterización dunha certa poética novoneyriana, na exacta ‘figuración’ do 9 de marzo de 1975, intitulada “Uxío Novoneyra” e dedicada ao poeta, Luís Seoane definíao “como home do Caurel, un poeta desta terra familiar do longo silencio das montañas, capaz de recollelo en versos e nos

blancos da compaxinación, pra facer brilar cada verba. Tamén os seus manuscritos, os orixinais dos seus poemas, teñen un carácter gráfico axeitado ós seus propósitos poéticos, e sería moi bon que se editasen en edición que os reproducese”.

Na longa traxectoria do noso autor, eses manuscritos orixinais, eses poemas caligráficos van aos poucos adquirindo un lugar central –aínda que non excluín-te– na súa concepción plástico-poética, van asumindo a función dun regrado *feedback* de natureza apreciativa, cunha rendibilidade artística igual de distante do pleonasma saturante, ou da tautoloxía repetida, do que da simple ilustración gráfica

Por unha banda, a (cali)gráfica *manuscripta* novoneyriana, feita pública, por primeira vez, en 1979 co volume *Poemas caligráficos*, sete anos despois, xa fagocita a linearidade voco-verbal na obra *Muller pra lonxe*, en que recolle a textualidade e a manuscrita amorosa escrita ruminantemente e grafada xestualmente entre 1955 e 1985. Por outra banda, aínda que dunha maneira desigual, esta modalidade poético-plástica percorre o conxunto das restantes obras que o autor publica con posterioridade, dado que, aos poucos, a importancia do ollar e, de maneira basilar, a omnipresenza do gráfico acaban adquirindo unha máis do que relevante entidade e progresiva centralidade na práctica lírica deste clásico contemporáneo galego.

En fin, por ir directamente ás cousas, abordaremos por vía dos *exempla* significativos, algunha da complexa e variada casuística dos usos caligráficos na poesía novoneyriana, obviando, en consecuencia, pretendemos un inventario clasificatorio dun corpus que se mostra basicamente como heteróclito.

No consciente e progresivo percurso para o cultivo do espazo fronteirizo da visualidade poemática e para a súa confluencia co exercicio da caligrafía como xestualidade, sen deixar de filtrar moitas das *idées reçues* doutras épocas e espazos culturais, o poeta lucense sérvese, en entrecruzamento cos telúricos signos e equívocos símbolos dos petroglifos atlánticos e das celtizantes miniaturas, tanto das prácticas interartísticas derivadas do pensamento plástico da modernidade occidental, como da influencia mediada dos modos tradicionais da varia poesía-pintura orientais: inicialmente da chinesa e xaponesa, nunha aprensión global máis do verbal do que do plástico, mais despois tamén da persa, da árabe e/ou da musulmá, para, cerrando o círculo de apropiación da síntese interartística, retornar á xaponesa e incorporar puntualmente a coreana –como sería o caso da apropiación rítmica e visual do *LEU KI* coreano nun poema datado en 1980 con parciais representacións caligramáticas, do cal só é manuscrito polo poeta-calígrafo o (fono)simbólico verso emblemático “o noo informe a zoar dentro ata as maos i a vida”.

Para alén dalgúns outros referentes contextuais plástico-poéticos, a poesía manuscrita de Novoneyra –isolada no sistema literario galego– sitúase, como xa dixemos, na esteira epigonal dos grandes construtores da vanguardia do século XX. Colocándose tamén, en diverxente paralelo e acudindo a unha caótica enumeración dependente da memoria selectiva, cos inumerábeis *microgrammas* do psicótico escritor suízo Robert Walser ou da iconoclasta (anti)poesía visual de múltiples rexistros substantivos do prestidixitador poeta catalán Joan Brossa, a *manuscrita* novoneyriana está no ámbito amalgamado da híbrida tendencia do xogo cos grafismos na pintura, con que André Masson tivo unha grande influencia no surrealismo e no expresionismo abstracto, dos *sorts* e máis algunha outra das modalidades equivalentes de Antonin Artaud, dos *artures*, obxectos documentais brutalistas a medio camiño entre pintura e escritura do artista de orixe turca Yüksel Arslan, dos híbridos tapices pictóricos da pioneira da abstracción arxentina Eugenia Crenovich, alias ‘Yeste’, do paixasismo caligráfico do brasileiro Burle Marx, da reescrita caligráfica de Brice Marden *Cold Mountain* –en verdade, sobre a obra do poeta oitocentista chinés Han-Shan (‘Fría Montaña’), dos alfabetos graficizantes da pintora e escritora portuguesa Ana Hatherly...

O poeta, compositor e cantor brasileiro Arnaldo Antunes, ten reflexionado e/ou teorizado no sintético texto programático «Sobre a caligrafía» (2002), a que remitimos, na súa validez e aplicabilidade tanto xeral como, en particular, para a práctica poética manuscrita –e oral, en canto se institúe, en paralelo, como pano de fondo referencial da exposición– novoneyriana, como perfecta exposición ‘radiográfica’ dos (pre)supostos creativos desta rendíbel modalidade fronteiriza.

Consabidos presupostos xerais a que, da parte do noso poeta lugués, compriaría acrecentar o da intención signica, a do desexo emblemático e mais, por medio da construción cultural propositada, a da procura da especificidade de formas escriturais –en paralelo aos grafismos pictóricos dos renovadores artistas plásticos galegos Reimundo Patiño, Luís Seoane *et alii*–, representativos dunha identidade colectiva galega, na esteira do pretendido polo artista, escritor e político galego Afonso R. Castelao que, sen o trasfondo plástico-poético novoneyriano, foi concibindo, nas primeiras décadas do século pasado e como referente de identidade nacional, o tipo de letra de matriz celtizante «Gallaecia».

Pois ben, asumindo *ad hoc* e *in absentia* os lúcidos (pre)supostos arnaldianos, máis a consideración de referente identitario agora acrecentada, e situándonos no ámbito desa deriva contextual, basicamente occidental, do grafismo plástico-poético nas súas diferentes e fronteirizas modalidades básicas, os emblemáticos *Poemas caligráficos* novoneyrianos constitúen, co ‘dicir’ e o ‘mostrar’ dos textos visuais, o punto de partida dun percurso de singular importancia na

experimentación poética xestual e de redimensionamento dos textos poéticos *tout court*.

Neste sentido, o poema caligráfico de 1965 («BAILAS e faisme libre»), dedicado ao mítico e engaxado bailarín español Antonio Gades que, na súa intención de representación do movemento, aparece en significativo paralelo á caligrafía árabe, pode supor un bon exemplo paradigmático do enriquecemento significativo con que a sgnica versión plástica dá a ver –reorientándoos para unha nova dimensión– os sentidos potenciais e subterráneos da enunciación voco-verbal primeira con que se xeraran.

Poderíamos dicir, en paradoxal síntese, que, na súa escrita poética de teor visualizante, en que o ler e o ver se (con)funden, manda tanto a autónoma man que, procurando, ve e pensa, como recolle o ollo vixilante que, ora encontrando ora achando, escribe e grafa. Nada extraño, aliás, para un poeta que, como ocasional mais non desprecíbel (xilo)gravador, quixo sempre manter a primixenia aura do tremor matérico da man e a distorcida imaxe da palabra deseñada.

Ben é certo que, para o houdini poético en que devén Novoneyra na súa oscilante traxectoria de orixinalidade –no sentido en que o polifacético e innovador poeta catalán Joan Brossa afirmara que ‘a orixinalidade consiste en renacementos oportunos’–, ese punto de chegada se xera pola súa basilar poética da contención e do despoamento –que, malia as súas desatadas expresións de telurismo pannaturista, de notorio engaxamento crítico (inter)nacional e de sentimento do erotismo e do amor compartido, por veces podería parecer distante friaxe ou, inclusive, arroxada abstracción irónica.

A obra manuscrita, como renacemento poético, deriva dese seu reescribir *ad nauseam* como tentación tautolóxica e horaciana na procura do imprescindíbel. Unha tal práctica plasticizante vese favorecida por aquel seu maioritario lacionismo (para)aforístico que, en moitos dos seus “poemas iceberg” (Anxo Tarrío felizmente *dixit*), dilúe tanto a base e a fonte referencial que acaba por a eludir. Un tal trazo xestual provén, en fin, da súa escrita de elipses e eclipses dun eu poético existencial que non escribe para dicir o que pensa, mais vaticina para pensar e pensarse como ser humano e para pensarnos como galegos.

É por todo isto –e para alén de todo isto– que, para comprender na íntegra a súa escrita, é preciso ‘sherlockar’ –descúlpese o expresivo neoloxismo– no coherente devir sinuoso da súa obra e gustar dos *puzzles*, dos quebracabezas, e así captar as figuras do oxímoron que a caracterizan, porque, estando contra a idea de cálculo –*ratio* en latín–, é tamén un contestatario multiforme, un poeta da razón e das razóns para dicir toda a riqueza e toda a miseria do mundo; porque, desde os presupostos e a práctica dunha asumida cultura poética voco-verbal, Novo-

neyra reconsidera tamén o interartístico trazo caligráfico como fenómeno propositadamente poético, por pictorizante e pola impronta xestual descondicionada e o impulso corporal aintencional que a *manuscrita* leva consigo; porque, por outro lado, é quen de enfrontar a ansiada utopía sýgnica da (re)unión da escrita e do deseño co pano de fondo do valor representativo do ideográfico; porque, sen deixar a un lado o contido e o sentido dos versos, foi capaz de mudar a escrita da interioridade para unha poesía da anterioridade –isto é, diso que nos alicerza–, secundarizando o ‘bio’ e privilexiando o ‘grafos’ no seu abalante percurso da consciente biografía poética (do eu e do nós, mesmo que diluídos na natureza) á inconsciente grafía matérica; porque...

Tamén nun sentido outro –naquel en que o narrador arxentino Ricardo Piglia dicía “todo lo que soy está ahí pero no hay más que palabras. Cambios en mi letra manuscrita”–, aténtese á intención emblemática e esencial da grafía novoneyriana, despersonalizada e esvaída, como símbolo identitario do colectivo, propositadamente procurada de maneira programática.

Propósito bárdico de voz e de escrita sempre do pobo, de quen se considera e se quere *medium*, que non asina co seu nome a autoría de cada poema-imaxe, agás nos escasos momentos en que a función do caligrafado é prefacial ou indicial.

Aténtese tamén ao que podemos denominar o ollo móbil da pluriperspectiva que, acompañando o apagado difuso dos trazos, á vez está dentro e fora, na totalidade e en toda e calquera parte en simultáneo, na procura de mostrar coa caligrafía máis un estado de espírito interior e non tanto un espectáculo exterior. Na realidade, trátase de retratar a paisaxe no interior do home en relación á (súa) paisaxe exterior.

Racionalizando de maneira lineal o percurso sinuoso que se move da tipografía impresa á caligrafía manual –ou, en ocasións, ás avesas–, no campo que agora nos di respecto, a súa escrita comeza cunha radical omnipresenza visualizante indiciada desde a espida palabra referencial, continúa coa presenza do xogo tipográfico de impronta caligramática nunha disposición significativa do negro e do espazo sobre o branco da páxina, prolóngase coa conceptualización ecrástica do poema e finaliza coa poesía caligráfica –tamén na esteira do ideogramático– na cal, como nunha certa parte da obra de Magritte, as palabras e as imaxes xa non necesariamente coinciden.

Ben é certo que este percorrido continuado, exposto nun antes e nun despois sucesivo que pretende colocar unha imposíbel orde no incontornábel caos, non é máis do que a representación funcional de liñas mestras e tendencias privilexiadas en diferentes momentos do percurso creativo deste noso poeta. É, pois, unha simplificación do que na realidade aparece certamente entrecruzado, por-

que a ‘copia orixinal’ duchampiana que supón o poema caligráfico manuscrito como *doublé* do poema tipográfico, mecanoscrito e/ou impreso, precede, a dada altura, á publicación convencional, aínda que como obxecto poemático publicado e intencional o siga.

Item máis: Novoneyra afina os seus poemas en continua reescrita, comandada polo concepto da lima horaciana, redimensionándoos cos novos e evolucionados presupostos a que vai aderindo, nunha súa concepción poética de base constante e (in)mutábel, mais que, por harmónica acumulación, devén integradora.

O que muda é, sen dúbida, a concepción tendencial dun lato e particularmente asumido ‘expresionismo abstractizante’, de base plástica e de teor graficamente pollockiano, a que, como xa dixemos, chega Uxío Novoneyra por volta da década de 70.

Xa nesa altura, o bardo galego comeza a actuar como se na caligrafía non importase tanto o contido, o argumento, mais a forma que o reviste, a redondez do trazo entrecruzado, o aspecto exterior visivo, ou/e como se o discurso expresionista inanizante que o modo caligráfico produce implicase unha ‘glosolalia’; isto é, unha secuencia de enunciados máis axeitados canto menos digan e máis expresiva e subxectivamente suxiran. Nunha simple ecuación, diríamos que, ao final, estamos perante o poema e o seu dobre caligráfico ou diante da reduplicación –apleonástica e atautolóxica– da poesía verbal e significativa, rexida pola consciencia pensante nunha imaxe visual e expresiva comandada pola xestualidade inconsciente. Ora ben, se o dobre caligráfico se move entre a artaudiana ‘realidade e o seu duplo’ e a léviniana ‘realidade e a súa sombra’, a referida inconsciencia está así mesmo mitigada, no sentido en que xa o expresara o autor de dupla obediencia plástico-escritural Frédéric Tristan: “J’aime la spontanéité du dessin [...], mais je suis écrivain même quand je peins”. De feito, os poemas manuscritos novoneyrianos nacen, por así dicir, como realizacións ‘replicadas’ e ‘derivadas’, son produtos de deseño resultantes dunha maquinación condicionada pola substancia verbal que (re)presentan e (re)crean.

É máis, a visualidade desdóbrase, en momentos emblemáticos, nun diálogo entre o modo caligrámico de base convencionalmente tipográfica e o xeito caligráfico manuscrito. Non é casual, por tanto, que o poema que abre o poemario de 1988 *Do Courel a Compostela* (1956-86) –que, na páxina de créditos, aparece definido do seguinte xeito entrecruzado: “Xuntadas verbas de patria e liberdade e máis palabra de Uxío Novoneyra / Con manuscrita do autor”– defina aprioristicamente o espazo bárdico da varia poética “de patria e liberdade” a que precede no volume, nunha materialización dupla e diversamente visual.

Mentres na modalidade caligráfica –indiciando a procura dos seus complexos referentes concretos de identidade colectiva– é o trazo manuscrito, o deseño

esvaído da letra, o que distorce as palabras *nós*, *nosos*, *nosas*, *nosa* e *noso*, aténtese a que, na modalidade de poema visual, ese valor indicial se efectiviza, como era de esperar, doutro xeito: a propositada disposición ordenada das letras tende a secundarizar a habitual lectura horizontal –en que só ‘NOSA’ é posíbel na segunda liña–, obrigando a direccións de lectura inhabituais en vertical e en diagonal, nun sentido ascendente ou descendente, aflorando así as diversas palabras de identidade, pronominal e colectivamente, persoais ou posesivas ‘NÓS’, ‘NOSO’, ‘NOSOS’, ‘NÓS’ e ‘NOSAS’, –e en que, no condicionado xogo de deciframento que o poema visual propón, aínda sería posíbel interpretar segmentos significativos e/ou polisémicos como ‘NÓS’ (tamén plural de ‘nó’), ‘SON’ e ‘SOS’ (‘sós’ e S.O.S.).

Na benjaminiana ‘era da reproducibilidade’ mecánica, unha das consecuencias primeiras desta nova concepción imaxética novoneyriana do feito poemático –que coincide coa súa xa inicial consideración de que calquera poema só é na íntegra cando é dito, cando se efectiva cada vez que devén canto– é a do seu carácter irrepetíbel, provocado pola pulsión xestual e emocional da escrita, o da súa fixación de vez e de maneira diversa. É así que acontece na dúplice *manuscrita* dos dous versos (“TODO o que pasou o meu pobo pasoume a min / todo o que pasou o home pasoume a min”) dun seu poema xerado en 1980 como derivado do basilar pensamento solidario novoneyriano.

As reiteradas e diversas (re)produccións caligráficas do noso autor supoñen, máis do que realizacións alternativas, auténticas variacións en sentido musical, concretas representacións que se xeran no impulso caligráfico (in)consciente. É así que, na reiteración serial manuscrita do poema voco-verbal, Novoneyra se vai servir, como principais maneiras de expresión solidaria, do seu carácter irrepetíbel, da rítmica ornamental da modulación xeométrica e mais dos entrelazados lineares ou, como incursión máis residual, da densidade de representación das texturas dos trazos –en paralelo, aliás, á interesante e invulgar teoría plástica do politexturalismo enunciada polo seu *maître-à-penser* plasticizante Reimundo Patiño.

Ben é verdade que esta dialéctica instantánea entre a *repetitio* e a *variatio* pode tamén inclinarse a favor do segundo termo, modificando de maneira notoria a substancia poemática e gráfica. Como mostra significativa, podemos remitir ao despoamento do xa referido texto caligramático dedicado, en 1965, ao extraordinario bailador flamenco Antonio Gades, peneirado dun libertario anti-franquismo compartido polo bailador e o poeta. No ano seguinte o noso poeta, na procura dunha máis apurada representación cinética do baile flamenco, actualiza o poema, eliminando a dedicatoria e acentuando a plasticidade referencial en moldes caligráficos de teor visual, harmónica e suxestivamente arabi-

zante, de tal maneira que a súa substancia verbal fica agora reducida á pura transitividade sentenciosa da expresión “BAILAS e faisme libre”.

Sen pretendernos un inventario burguesmente clasificatorio (Flaubert *dixit*) dun corpus basicamente heteróclito –que, en todo o caso, nos seus necesarios levantamento e sistematización exhaustivos, deberá ficar para un outro lugar–, refiramos agora dúas mostras paradigmáticas do caligráfico aliado ao –e con base no– peculiar exercicio poético neotrobadoresco do autor.

O primeiro poema (“Só a inminencia do posible / o máis temido / pon a ave á *seestra*”), datado em Compostela en 1986, está deseñado *alla prima* –isto é, a pulso e sen un só esquema previo– coa tinta da china do rotulador e con leves trazos de *pentimenti* –isto é, de cambios de opinión do escritor ao trazar-deseñar–, multiplica nas grafías as súas texturas e tamaños e, ao tempo, varía os trazos e as direccións na procura, no manuscrito, dunha representación plástica paralela á itálica, con que se diferencia a citación puntual e a remisión implícita –por medio da reprodución do arcaísmo *seestra*– ao escarño medieval «Os que dizen que veen ben e mal» do trovador Joan Airas de Santiago. Nesa cantiga, o burgués de Santiago satiriza de maneira burlesca a aqueles que preferen as aves para agoirar –queren, ao partir ou ao entrar, como bon sinal “corvo seestro”, “grande corvo carnaçal”, “bulhafre”, “voitre” ou “viaraz”–, mentres que el prefere as aves –outras: “capon cevado”, “patela gorda” ou “perdiz”– para comer.

En liña coa necesidade do título, para denotar significados e asociacións na pintura e no deseño, Novoneyra acrecenta, no inicio e de maneira (tr)avesa, “o corvo nuclear”, ao poema reproducido en letras de molde. Desta maneira, explíctase –ou cando menos se indicia– o sentido inicial do poema voco-verbal que nós mesmos tiñamos ouvido da sonora e tronante voz do poeta, en impresionante e sentencioso canto, con motivo dos actos e das manifestacións antimilitaristas da campaña contra a entrada do Estado Español na Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN). Entrada que, no referendun do 12 de marzo de 1986, infelizmente se fixo efectiva contra todo prognóstico.

Esta incorporación significativa foi intensificada –e realimentada polo poeta cun aquel de augurio oracular– cando se produciu o accidente nuclear ucraíno de Chernobil (entón parte da Unión Soviética) o día 26 de abril de 1986, que, ocultado, só comezou a divulgarse pouco despois, cumpríndose os peores agoiros fronte ao pretenso imposible do máis temido...

Ora ben, este uso do caligráfico a respecto da nosa lírica medieval non acaba co caso exemplar agora referido. Como proba de tal afirmación, pode servir a súa apropiación na prolongación da tendencia neotrobadoresca que preside unha grande parte da obra *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*

(1999). En concreto, o poema «Dicía Pero de Ambroa», para alén das formas (pseudo)medievalizantes á maneira de cantigas ou de trazos lingüísticos arcaizantes, está acompañado cun grafismo manuscrito da denominación do trovador medieval. Este grafismo, en caligrafía novoneyriana, quere reproducir, por aparente (de)semellanza caligráfica, as rubricas atributivas manuscritas do humanista Angelo Colocci ou dos copistas dos cancioneiros apógrafos e quíñentistas italianos, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e *Cancioneiro da Vaticana*, que nos transmitiron a súa obra.

Esta '(de)semellanza' caligráfica pode ser considerada como unha variante visual do recurso do 'nomear (re)presentativo' –aliás, por bárdico, tamén de xinea tan pondaliana– con que, noutros poemas voco-verbais, Novoneyra se apropia dos “trovadores do pensar” e actualiza a memoria poética medieval, como acontece, por só citar dous casos significativos, de maneira plural, no poema «Convosco falo...» e, con Juião Bolseiro e co poeta tardomedieval Macías, na súa referencial «Cantiga de Amigo».

Por outro lado, Novoneyra, ademais de usar a caligrafía manuscrita como *marginalia* en sentido restrito, servíuse dela, tamén, como autoilustración expresiva de fragmentos poemáticos e, na trasposición da verbalidade para unha representación caligráfica, procurou un redimensionamento visual, distorcido na súa disposición, na procura dun valor sógnico para o todo resultante. Valor, aliás, que xa está contido no teor simbólico con que, para alén do comunal de uso, utiliza as palabras. É isto o que sucede cunha das recreacións manuscrito-caligráficas dun poema amoroso datado en Madrid en 1964 (“Biquei súa tristura i atopei os labios. / Na aperta prendémolo mundo”), en que se pretende construír un signo plástico unitario, de teor (para)mimético, no achegamento e no entrecruzamento das caras e na aperta dos corpos suxeridos *in absentia*.

Pódese afirmar, pois, que, sendo notorio o esforzo por devolver aos caracteres alfabéticos e ás palabras a súa forza visual, constrañindo o espazo nas súas posibilidades estruturantes, é este proceso ecfrástico invertido, de transposición de un texto literario para a técnica do deseño xestual, o que obviamente se encontra nunha parte non menor da obra manuscrita dun noso poeta particularmente devotado para a dimensión visual e con intereses principalmente pictóricos e compositivos.

Deberá atentarse, tamén, no *modus operandi* do poeta, posto que a escrita en pé, a magnitude dos trazos caligrafados en tinta negra desde diversas direccións e o tamaño A3 do papel, do que o branco enmarca sempre os poemáticos rectángulos visuais, condiciona e dinamiza unha certa fragmentación versal, facendo do obxecto artístico resultante unha ligazon directa entre xesto e pensamento.

Sen saírmos da obra recompilatoria da súa poesía amorosa, antes referida, pode servir, como unha de tantas mostras desta escrita xestualizante –un grafismo entre imaxe e linguaxe que, sen descurar o inconsciente próximo do “ideograma sen evocación” michauxiano, privilexia a lucidez e a consciencia–, a de teor sentencioso-proverbial do poema de 1985 “Inda a bágoa máis pura máis sin dirección acusa ó poder”.

Para esta fragmentación, provocada polo xesto que deseña, coadxuva a amálgama de sensacións que se xustapoñen nun espazo e tempo descontínuos, resultante dunha das características fundamentais da escrita voco-verbal e visual de Novoneyra: a elipse –por veces eclipse– dos relacionamentos implícitos.

De todas as maneiras, un dos grafismos esenciais e primeiros a que obedece a *manuscrita* de Novoneyra deriva dun dos elementos definitorios e repetidos da pintura do ‘vorticista’ e simultaneista, do expresionista e informalista Reimundo Patiño: o vexetal ‘entrelazo’ de raíz celta, de iluminura medieval e significamente identitaria, que, o tamén pintor Antón Patiño, ten definido como unha “xeometría enguedellada do entrelazo celta, construción gráfica de ritmos encabalgados”.

Nos *Poemas caligráficos*, a interpretación deste grafismo vario, deste ‘entrelazo’, ten unha notoria presenza a partir da central homenaxe poemática de 1962 ao pintor e amigo Reimundo Patiño, que, como pode exemplificar a caligrafía posterior, con leves variacións, da dedicatoria e da primeira estrofa deste mesmo poema voco-verbal, o noso poeta vai modulando co paso do tempo.

Esta modalidade gráfico-sígnica coadxuva, ademais, ao velamento visual da textualidade de base en non poucas realizacións xa mais expresivamente xestuais do que caligráficas que tornan de maneira deliberada a propia escrita (case) ‘ilexíbel’, sendo preciso ver a propia *escrita* e non o que está escrito.

Acontecendo así con relativa frecuencia, escollemos como máis unha mostra que referir a dupla (re)escrita gráfica do coñecido poema oracular de 1957 “Galicia será a miña xeneración quen te salve? / Irein un día do Courel a Compostela por terras libradas? // Non a forza do noso amor non pode ser inútle!”: a completa dos *Poemas caligráficos* e aquela publicada en 1988 en que, só reescribindo os versos terceiro e cuarto, o noso calígrafo aprofunda no radical proceso de apagamento (des)identificador das grafías –das letras e das palabras– como fixación xestual do ‘desacordo’ xerado entre as preguntas (ar)retóricas e a afirmación esperanzada.

Dando un paso máis nesta dirección, na procura gráfica da representación dun dos matices do mítico “gris lugués” da pintura de Tino Grandío, Novoneyra continúa a acentuar a distorsión arreferencial do trazo entrelazado no poema que lle dedica ao artista no Madrid de 1963: “Nun chover por siglos / todo foise esluindo...”.

Para alén do ‘entrelazo’, moita da outra diversificada sýgnica graficizante da pintura dun Patiño, a quen o poeta chamara de “punteiro da avangarda”, está tamén presente e compendiada, por exemplo, na caligrafía manuscrita que recrea o poema datado en Alicante en 1974 “Como en nada graba o tempo no home”, no cal a rotunda visualidade dos signos torna o seu contido semántico secundario e/ou, por veces, irrelevante.

Quereríamos finalizar este incompleto, acelerado e sinuoso percurso –que quere mostrar máis do que demostrar– lembrando algunha da varia *manuscrita* da constante novoneyriana do que poderíamos chamar poemas ‘contra a morte’ –contra aquel hamletiano *undiscovered country*, un sono con terríbeis soños–, onde, servíndonos das derradeiras palabras do príncipe de Dinamarca, “o resto é silencio”.

Este tipo de poemas manuscritos contra o mortal olvido, en que se exaspera o xesto caligráfico, están presididos por un impactante tracexar expresionista. Lémbrese, por exemplo, a *manuscrita* que reduplica en diferenza a elexía fragmentaria dedicada en 1979 ao pintor Luís Seoane en que se fai manifesta a vontade de afastar a(s) palabra(s) da fluencia do discurso verbal, facendo dela(s) un obxecto reactivador da súa compoñente imaxético-visual. Tamén desta mesma maneira funcionan as palabras deseñadas do poema dedicado aos dous traballadores asasinados nos crueis estertores do franquismo, un 10 de marzo de 1972 –hoxe ‘Día da clase obreira galega’–, Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García, ou a ilustración dos versos “...marcados pasos apelotonados / o que foi a pé é en andas tornado...” do longo poema de 1976, dedicado a Manuel Cela Macía de Parada do Courel –coñecido como Manuel de Ribadaira– que, aos 21 anos, foi ‘paseado’ polos franquistas en 1936, no comezo da guerra (in)civil española.

En fin, esperamos que este percorrido sinuoso, regulado tamén por un *feedback* de natureza apreciativa e admirativa en que, de maneira propositada, liberamos o discurso de calquera método cartesiano e fuximos do *digest* para ouvintes e/ou lectores apresados, deixase ver algo do espazo da representación manuscrita da xeografía cultural e ideolóxica novoneyriana, ademais do periplo no tempo que o sostén e alimenta.

Aliás, o espazo poético aquí esbozado de maneira moi parcial forma parte do territorio frecuentado polos chamados ‘pensadores do absoluto’, e mostra que Novoneyra é un dos máis claros *écrivants* barthianos: un daqueles que utilizan a linguaxe como un instrumento de acción e influencia –tamén no teor identitario de signo identificador de noso, dos galegos–, que se pon ao servizo dunha poesía integralmente concibida e realizada en varia e diversa práctica. O bardo da vangarda, o poeta-profeta da memoria do pasado-futuro, o deseñador xestual

da palabra sígnica construíu unha obra rigorista e, en vario modo, recíproca e transitiva, que, temos para nós, destaca pola súa extrañeza, pola súa *differentia specifica* e mais pola súa decidida vontade solidaria.

Nesta perspectiva da poesía da acción, ultrapasando as barreiras da opinión común e da reserva dos xuízos de valor, afirmaríase o forte impacto e a relevancia ética e estética do impulso plástico, visual e xestual novoneyriano, da súa *manuscrita* caligráfica, pictográfica, ideogramática... Por moito que, se algunha vez foi unha pretesión deliberada do poeta, non conseguise máis do que unha relativa e desigual autonomía a respecto da produción literaria de que parte, nin atinxise ás claras a categoría dun *acting-out*, dun acto performativo.

Esta reinvidación de relevo e de importancia asenta, por un lado, na realidade palpábel de as referencias e exixencias estéticas novoneyrianas seren particularmente sensíbeis á visualidade dos signos manuscritos e do referente ideogramático, á súa materialidade, á importancia da súa disposición espacial e mais á valorización da noción de enerxía, mentres que, por outro lado, a súa poderosa *manuscrita* se constitúe en mostra dunha exemplar contención do excesivo, nunha poética que xoga co sagrado, o profano e o pagán, distanciándose do pleonasmo saturante ou da tautoloxía repetida a respecto do seu contido, mais non menos poderoso, modo voco-verbal, no híbrido punto de equilibrio entre a anorexia escritural e a bulimia plástica.

UXÍO NOVONEYRA E A LINGUA LITERARIA

María Xesús Nogueira Pereira

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo

U. N. "Letanía de Galicia"

A linguaxe poética de Uxío Novoneyra foi obxecto dalgunhas análises que se centraron tanto nas súas particularidades morfolóxicas e léxicas (Novo 2004) como na evolución ao longo das distintas variantes dalgún dos seus textos (Silva 2010). Máis desatendidas estiveron até o de agora outras cuestións que non teñen tanto que ver con estes procesos senón co pensamento do escritor a respecto da lingua e, en particular, do código literario. Abordar as ideas e actitudes que Novoneyra mantivo a respecto da coíné literaria supón enfrontarse a unha polémica na que se viu envolto nos últimos anos, a raíz de mostrar a súa disidencia coas solucións prescritas pola normativa oficial. A controversia, amplificada sen dúbida pola centralidade que naquela altura ocupaba na literatura galega¹, non debe considerarse un feito illado. Ao contrario, cómpre enmarcala no que foi a historia da elaboración do código literario –nomeadamente poético– ao longo da década dos oitenta, do que a miúdo se ofrecen visións en exceso polarizadas e simplistas. Alén de querer contribuír, en humilde medida, a este coñecemento, o presente traballo pretende tamén acrecentar un campo igualmente descoidado como é o do ideario lingüístico dos escritores, sobre todo no que ao estándar se refire.

Ao longo da obra de Novoneyra son moitos os momentos nos que a lingua constitúe o eixe temático das composicións. Igualmente numerosas son, aínda que menos coñecidas, as declaracións públicas acerca do idioma, pronunciadas en ocasións en espazos ben diversos. Trátase dun material heteroxéneo e disperso que nos últimos tempos foi exhumado e recuperado grazas a diferentes iniciativas entre as que cómpre salientar as da Asociación de Escritores en Lingua Galega e o seu Centro de Documentación, a revista *Terra e Tempo* e o Centro Ramón

1 Novoneyra ocupou a presidencia da AELG entre os anos 1988 e 1999.

Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que reuniron textos inéditos, espallados ou perdidos². Os documentos, os máis deles de finalidade pragmática, conteñen unha valiosa información sobre as cuestións que centrarán a análise desta achega: o compromiso co idioma e a súa ideas a respecto da lingua literaria.

O COMPROMISO DO ESCRITOR COA LINGUA

Ao longo da súa vida foron moitas e moi numerosas as ocasións nas que o Novoneyra puxo de manifesto o compromiso co idioma. Fíxoo en pregóns, feiras do libro, intervencións en calidade de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, presentacións de libros e mesmo en reunións políticas. O poeta foi elaborando un discurso en defensa do idioma sustentado nos seguintes argumentos:

1. A LINGUA COMO DEREITO

Nas palabras que precederon un recital celebrado nas Pontes en maio de 1989 Novoneyra lembraba aos asistentes que “falar a súa Lingua”

é un dos máis irrenunciábeis dereitos humanos e o mínimo de dinidade exi-
xible pra un pobo³. [...] Non hai maior indinidade e floxeira interior que dei-
xar perder a lingua. (Alonso 2010: 109)

Foron tamén moitas as ocasións nas que o escritor insistiu na responsabilidade de velar pola lingua con independencia de intereses partidistas⁴. Unha delas foi o Pregón da Feira do Libro de Santiago do ano 1987, onde expuxo unha idea que, cando vai alá case un cuarto de século, non perdeu a súa vixencia:

Todo galego de toda ideoloxía que implique responsabilidades do común ten
que ter a responsabilidade da nosa lingua i a nosa cultura, que son o máis
fondo, o máis conformado, a expresión viva do **noso común**.

(...)

Retomo o fío de que niste intre estamos tódolos galegos, repito: os de tódolos
credos e partidos, implicados no afianzamento da nosa lingua⁵ i a nosa cultura
do noso país. (Alonso 2010: 101)

2 Vid. Referencias bibliográficas.

3 No texto “O partido e a lingua” (1992), escrito para *Diario de Galicia*, Novoneyra demanda unha galeguización dos partidos políticos e alude aos “dereitos nacionais” dos pobos entre os que figura “o respecto a súa peculiaridade lingüística, como a marca máis patente da identidade é signo do seu fondo común” (VV. AA. 2009: 139).

4 “I é agora cando todos deben, debemos, ter conciencia de que todos estamos implicados [na recuperación nacional de Galicia], porriba de intereses e credos políticos”. (Alonso 2010: 101).

5 Novoneyra vincula o seu compromiso á loita polo “poder político do futuro”, advertindo que este “será moi distinto segun que a nosa lingua se sosteña ou non” (Alonso 2010: 102).

2. A LINGUA COMO IDENTIDADE

O poeta botou man a miúdo dun argumentario clásico do nacionalismo para concienciar os seus oíntes sobre a necesidade de conservación da lingua, considerada trazo principal de identidade desde tempos inmemoriais. Nunhas “palabras pra ler en Montevideo no Día da Poesía Galega en América” celebrado en 1994 explicaba:

Todo o que foi un pobo sólo pode caber e resumirse na Lingua. Nela quedaron como fixados, esbrugados, gravados a buril, tódolos rostros dise pobo que se animan e volven cando alguén o fala con mediada plenitude e acento. (Alonso 2010: 139)

Novoneyra reforza ademais este argumento con outra idea que posúe gran relevancia na súa poética, principalmente na d'Os *eidos*, como é a consideración da lingua como memoria do pasado. No final da presentación de *Muller pra lonxe* celebrada no salón de sesións da Deputación de Lugo en 1987 expresaba o desexo de que “na próxima lexislatura, ou na seguinte, ou na outra, como hoxe sona, sone por fin sólo eiquí a fala, a lingua de Galicia”, afirmando que

ela [a lingua] é o único sagrado pra todos nós, ó gardar o noso pasado profundo e común, de todos e de cada un⁶. (Alonso 2010: 100)

En canto *expresión viva do noso común*, insistiu na capacidade de unión que posúe a lingua en dous recitais celebrados na Coruña 1992, na Aula de Cultura de Caixa Galicia e no Instituto de Montealto. No primeiro deles afirmou con rotundidade que

a lingua é a nosa unión⁷ aunque nos creamos solos i a nosa única pervivencia aunque nos creamos mortais. (Alonso 2010: 122)

No segundo baseouse no feito de que “solo somos pasado i a lingua é memoria do pasado” para explicar que “é o que temos en común, o que nos liga”:

a lingua propia vale pra algo máis que pra comunicarnos. Vale pra unirmos, unirmos e gardarnos. (Alonso 2010: 127)

Ao mesmo tempo, salientou o labor da poesía, que “suple as carencias do intre social dos pobos, e sostén o que se chama o fogo sagrado, á espera de outro

6 Cfr.: “O Pasado, a profundidade do Pasado, solo está vivo na lingua. Non só é o xeito dun pobo senón que garda incluso o acento, a presenza i a figura de tódolos que a falan. Por iso nos move i é sagrada pra nós. O máis sagrado. Quizaves o único sagrado despois de toda desmitificación e desacralización habidas” (Presentación de *O galego e as leis*, 1991, VV. AA. 2009: 147).

7 “Por algo os pobos defenden a súa identidade na forma da súa lingua, por algo non envellece o sentimento de nación” (Alonso 2010: 122).

intre máis propicio pra liberdade, a xusticia i a dinidade humana” (Alonso 2010: 119), e tamén dos poetas, “ca súa capacidade de resistencia, ca súa desesperada esperanza, armados co pasado profundo do seu pobo, núos, sin máis que a palabra” (*ibidem*).

O peso identitario da lingua debe ademais pórse en relación coa fundamentación d’Os *eidos* en canto libro escrito cunha “lingua que xa sabía da terra, aprendida século a século” (Alonso 2010: 122), que o poeta só tiña que transcribir, á que se volverá máis adiante.

3. A LINGUA-PATRIA

Outra das ideas recorrentes de Novoneyra é aquela que identifica lingua e patria. Na súa formulación, o escritor botou man reiteradas veces da afirmación de Fernando Pessoa “minha pátria é a minha lingua”⁸. No final pregón da Feira do Libro de Vigo, en 1982, enlazaba esta sentenza cunha identidade ancorada no pasado, na liña do exposto máis arriba:

A miña patria é a fala galega, como dixo Pessoa da súa portuguesa. É a nosa forma secular inconfundible e única, co alento dos vellos pais e toda a carga de corazón e pasado, chamándonos seus (Alonso 2010: 90).

A autoridade de Pessoa convértese, como se poderá comprobar ao longo da exposición, nun verdadeiro *leit-motiv* no discurso de Novoneyra sobre a lingua⁹.

4. A LINGUA ESCRITA

Á tríade argumentativa dereito-identidade-patria engadiu aínda Novoneyra outra idea central no seu discurso sobre a lingua. Trátase do papel fundamental desempeñado pola escritura na súa pervivencia. Así o explicaba nas palabras previas a un recital celebrado nas Pontes en 1989 con motivo das Letras Galegas, no que reformulou un dos tópicos máis reiterados da historia da lingua:

Celébrase o día das **Letras Galegas**, non só polas **Letras** nosas en si, senón porque foron os escritores e poetas nosos quen ó usar o galego nas súas obras literarias reivindicaron o seu uso como lingua propia, hable non só pra creación literaria senón pra tódolos usos de comunicación colectiva, pra Educación, pra Administración. (Alonso 2010: 108-109)

8 “Minha patria é a lingua portuguesa. Nada me pesaria que invadissem ou tomassem Portugal, desde que não me incomodassem pessoalmente. Mas odeio, com odio verdadeiro, com o unico odio que sinto, não quem escreve mal portuguez, não quem não sabe syntaxe, não quem escreve em orthographia simplificada, mas a pagina mal escripta, como pessoa própria, a syntaxe errada, como gente em que se bata, a orthographia sem ípsilon, como escarro directo que me enoja independentemente de quem o cuspiisse” (Bernardo Soares, *Livro do Desassossego*).

9 Cfr.: “A nosa lingua é a nosa patria. Nela, inda o desconecido, nunca é alleo pra nós” (Alonso 2010: 101). “Ela é a patria e sería o colmo trabucarse de patria sempre” (Alonso 2010: 100).

A sobredimensión do texto escrito e, por ende, da función do poeta queda patente na xustificación da “mitificación da poesía e da creación literaria galega, dos poetas i escritores” levada a cabo no acto das Letras celebrado no Instituto de Montealto en 1992:

eles foron os pioneiros da concencia i a identidade de Galicia, os defensores da lingua propia do país, os que primeiro volveron a usala na escrita, por ser a máis clara seña de identidade, o máis incontestable argumento de nacionalidade (Alonso 2010: 127).

O papel elitista da escritura foi asociado noutro pregón de 1990, con motivo tamén da celebración das Letras, á idea de *dignidade*:

A escrita en galego ten por finalidade devolverlle a concencia i a dignidade ó noso pobo. Devolverlle a memoria histórica, a concencia profunda de comunidade longa. (Alonso 2010: 117)

A valoración da lingua escrita contrasta cunha concepción da lingua literaria etnográfica e aparentemente populista, baseada na fala herdada, que foi exposta en 1986:

[...] certamente non se sabe de qué sai o poeta. Toda a xente pode ser poeta e de feito todo home se comporta como tal, cando falando ou escribindo enriquece a Lingua e lle fai decir algo que inda non se dixo, mesturado co dito e sabido. A lingua non-a fan os poetas solos, nin os outros escritores, nin os lingüistas, a Lingua fixérona todos e facémola nos. Fíxose falándoa. Pudera decirse que todos somos poetas, non só os recoñecidos como tales. (Alonso 2010: 96)

Da escritura literaria fai depender noutra ocasión o futuro da lingua:

Mentres os poetas i os narradores, que son outra maneira poética, sigan escribindo en galego estade certos, polo menos, da posibilidade de salvación [da lingua]. (Cochón 2010: 78-79)

Aínda que estas afirmacións estean posibelmente condicionadas polo contexto no que foron expostas, o III Congreso de Escritores celebrado en 1995, o papel que Novoneyra concede á escritura non debe dissociarse da función mesiánica atribuída ao autor, nomeadamente ao poeta, depositario das esencias identitarias dun pobo, como foi exposto no texto que leva por título “A ebriedade do canto”:

Todo poeta éo primordialmente da súa nación.
Porque il é o ser da memoria inevitable, gardadora e salvadora.
É o esclavo poseso da súa lingua.
É a encarnación viva de esa lingua.

E nil volven cobrar alento, o alento que tiveron nelas, as palabras e os xeitos de lingua de xeneraciós e xeneraciós pasadas que a falaron e a fixeron única e así tal como é. (Cochón 2010: 198)

A LINGUA LITERARIA

Os estudos existentes sobre a lingua literaria de Novoneyra –escasos, como se dixo, até o de agora– salientan a base dialectal deste código poético fundamentado na variedade da microsubárea courelá do galego oriental-central (Novo 2004: 93). Nesa fórmula, consistente na incorporación a unha base courelá de formas doutras áreas e de lingua literaria, Olga Novo identificou unha “tendencia enxebriante que postula unha norma propia baseada nos patróns fonéticos caurelaos” (Novo 2004: 95). Unha análise recente de Carme Silva centrada nas distintas versións d’Os *Eidos* publicadas durante a vida do escritor (1952-1991) confirma esta tendencia, materializada na substitución de formas da lingua literaria por outras que pertencen á súa lingua natal. Neste senso, Silva considera que a actitude “regresiva” de Novoneyra convérteo nun “autor certamente excepcional na historia literaria galega” onde os escritores tendían a evolucionar “a partir do dialecto natal (...) nun movemento ascendente do local ao global, das formas de ámbito máis restrinxido a aqueloutras de circulación asentada a través dos textos literarios” (Silva 2010: 101).

Ao substrato courelao referiuse o escritor cando cualificou a lingua d’Os *eidos* como un código elaborado a partir dunha herdanza atávica, comunal e telúrica, unha “lingua que xa sabía da terra, aprendida século a século”:

Muitas veces eu cáseque só transcribía. Era como un tesouro soterrado, encontrado... Era a riqueza que todos levamos, o herdo que ninguén nos pode quitar ou que ninguén debe deixarse quitar. (Alonso 2010: 122)

Tratábase dunha lingua herdada, “non fixada, un idioma elaborado por xeneraciós e xeneraciós de labregos, capaz de suxerir o que a terra é” (Alonso 2010: 136), segundo explicou nun recital que tivo lugar en Escairón en 1993. A orixe labrega foi tamén evocada no discurso de clausura das Xornadas de Cultura Galega do Bierzo celebradas en Vilafranca en 1994. A reivindicación do Bierzo Galego dá pé nesta ocasión a unha declaración do orgullo lingüístico courelao formulada nos termos que seguen:

Levo con gran orgullo e con gran teima o ser poeta desta **Fala Galega Oriental** de labregos que garda o xeito, a forma das terras do Leste onde hoxe Galicia acaba en soave transcurso. (Alonso 2010: 143)

Novoneyra amosou no entanto unha actitude un tanto contraditoria con respecto ao substrato courelao da súa linguaxe literaria. Por unha banda, mostrou

o seu malestar polo encadramento por parte dalgúns críticos na fala d'Os *eidos* alegando que esa “base” herdada diversificábase en “varios idiomas poéticos” ou “varios estilos da fala”. Deste xeito, nunha intervención no Instituto Xelmírez no ano 1986 arremeteu contra

ises leutores simplificadores ou dictaminadores [que] quixeron encuadrarme ou verme só no idioma de Os *Eidos*, no xeito da fala de Os *Eidos*, pois Os *Eidos* están feitos nunha **fala escrita** máis que nunha pura **escrita**. (Alonso 2010: 94)

Fronte a esa visión reduccionista, o escritor reivindicou outros estilos como o “idioma de vangarda” empregado en “Viet Nam Canto” e outros rexistros que se *arredan* “do estilo da lingua oral”, como o utilizado en *Tempo de elexía* (Cochón 2010: 196).

O idioma courelao foi por outra banda obxecto de reivindicación en canto sinal de identidade. Neste senso, Novoneyra opuxo esa “lingua do pobo” á lingua estándar, nun texto dunha importante dimensión crítica lido en Triacastela en 1994 con motivo da celebración das Letras Galegas:

Sempre me producían calafrío aqueles contos dos camiñantes que cruzaban a serra ós que o vento atamentaba hastra acatualalos. Ando a falarvos de palabras galegas e de xeitos de decir, dos xiros de terras arredadas, aínda non ten (*sic*) asumidos pola lingua común o que agora chaman galego estándar os que andan a tervellar ca nosa Lingua como se fora Lingua pra eles xogar ou estruturar como se non fora a Lingua do pobo que a fixo e gardou. (Cochón 2010: 69)

A lingua courelá, representada neste caso por un léxico dialectal empregado con función diferencialista e un tanto exotizante –*atamentar*, *acatular*– é ademais utilizada como argumento para formular unha crítica aos criterios excluíntes cos que foi elaborada a *lingua común*. Deste xeito, Novoneyra botaba lume a unha das polémicas que mantivo nas últimas décadas da súa vida, como foi a da reivindicación da presenza de formas da morfoloxía dialectal na escritura e, en particular, na normativa oficial, que o levou mesmo á disidencia na creación literaria. O texto máis popular desta polémica é sen dúbida o titulado “A xeito de autopoética”, escrito por encargo de Anxo Tarrío para a revista *Boletín Galego de Literatura* no ano 1991. A composición tiña como destino a sección “Creación”, na que se publicaban inéditos precedidos dunha breve nota biobibliográfica e unha reflexión autopoética. O lugar non semella *a priori* o máis axeitado para declaracións acerca da polémica suscitada pola normativa que se aprobara había case unha década. Aínda así, o poeta declina facer unha autopoética ao uso alegando que “máis que unha serían varias, como é normal nun poeta de longa traxectoria e que non se imite demasiado a si mesmo”, e anuncia que “hoxe por

hoxe o único que direi é o que rexeito”. A aclaración precede a unha explicación contundente dos termos da súa disidencia:

Rexeito o idioma normativizado, homoxeneizado dos que siguen os ditados normativos do Instituto da Lingua, da Real Academia e do Parlamento e Xunta de Galicia, *impostos incluso ás obras de creación literaria* donde máis se precisa conservar o *sangre da Lingua* vivida, a súa forma peculiar i o aroma da infancia e comarca. Teime i teimo que sea válida tamén na escrita de creación a *santa liberdade dos falantes*. (Novoneyra 1991: 136)

Novoneyra diferencia nestas polémicas afirmacións a lingua literaria¹⁰ doutros usos, ao tempo que enfronta os *ditados normativos* ao *sangre da lingua vivida* e apela, como criterio, á *santa liberdade dos falantes*. A desobediencia esténdea ademais ás institucións que postulan unha normativa reintegracionista:

Igual que rexeito ó *Galego Oficial*, rexeito na normativa reintegracionista oposta a el e non menos encorsetada e con olor a falsa e a nonpatria. (*ibidem*)

Aos defensores de ambas as posturas en pugna durante o debate normativo culpa das consecuencias negativas dos seus postulados, tanto da artificiosidade do discurso literario que se está a producir, como das exclusións:

Ambas [actitudes] quitáronlle a color, o sabor i a aventura a moita da Literatura galega. Última i envenenaron ca súa teimosía o mundo literario con odios e marxinacións inda maiores que os existentes no partidismo político. (*ibidem*)

Novoneyra puntualiza finalmente na súa autopoética *sui generis* que a súa non é unha postura de oposición á elaboración dun estándar e dunha normativa:

no me opoño a un galego respetuosamente normativizado, eso si, con moita maior flexibilidade e que dea cabida ás peculiaridades e que poda ser asumido e sentido como patria común unidora e fortalecedora. (*ibidem*)

Co argumento da “lingua-unión” exposto máis arriba conflúe a aclaración do poeta, que fora formulada xa nas palabras previas a un recital celebrado en Sada en 1989 onde afirmaba non estar “contra a interlingua” (o “galego oficial”), á que lle esixe “que se pareza máis á de tódolos galegos” (Alonso 2010: 109). Nesta intervención o poeta expón argumentacións moi semellantes ás da *autopoética*:

10 Cfr.: “O que si, de seguro non se pode cantar [O Courel], é no Galego Normativizado do Instituto da Lingua, nin no Galego Reintegrado, alongado do pobo, manipulado nas cátedras e nas aulas, que perdeu todo acento noso conocido, toda liberdade e inocencia, toda porosidade co mundo donde vén” (1992) (Alonso 2010: 133).

(...) quero teimar na miña vella teima a pór un **galego noso propio** (por non decir **puro**, pois pudiera entenderse “purista”). Un galego noso propio pero domeable (flexible), libre, con esa santa liberdade dos falantes. Un galego particularizado, no que se noten as diferencias individuais, locais, comarcais e zonais, sin que por eso se desintegre, se perda a unidade da língua e a súa ampre comprensión.

(...)

Non queremos unha normativa que exclúa as peculiaridades dialectais. Non queremos unha inter-língua que pille algo de eiquí e algo de eilí. Non queremos un galego de laboratorio, un galego no que só, os que o “elaboran”, recoñecen a súa patria. (Alonso 2010: 109-110)

Como pode apreciarse na seguinte táboa comparativa, os termos enfrontados son tamén similares aos do texto do ano 1991:

RECITAL DE SADA (1989)	
GAÑARÍASE	PERDERÍASE
“en aire”	“en rigor normativo”
“en alma de patria”	“en forzada sistematización”
“en ser recoñecido sempre como noso”	“en manía do estriuto”
“en patria”	“racionalización normativa «forzada»”
“en calor de patria”	
“en deshinibición da escrita, i a fala”	
“en riqueza expresiva”	
“en matización”	
“en aire propio de cousa coñecida”	
“en ser de Galicia”	

O texto lido en Sada analiza ademais as vantaxes e inconvenientes dun cambio de actitude, explicando como, na súa opinión,

todo o que o galego perda en rigor normativo, en **forzada sistematización**, en manía do estriuto que sempre dá en estreito, todo esto ganhará en aire, en alma de patria, ganhará en ser recoñecido sempre como propio.

(...)

Penso en que o pouco que se perda de racionalización normativa “forzada” gañárase en patria, ó “legalizar” a maior parte das formas dialectais. Gañárase en calor de patria, en desinhibición da escrita, i a fala, en riqueza expresiva, en matización, en aire propio de cousa coñecida: gañarase en ser de Galicia. (Alonso 2010: 110)

RECITAL DE SADA (1989)		“A XEITO DE AUTOPOÉTICA” (1991)	
TEIMA	REXEITAMENTO	TEIMA	REXEITAMENTO
“un galego noso propio”	galego oficial	“sangre da lingua vivida”	“idioma normativizado, homoxeneizado”
“galego domeable (flexible)”	exclusión de “peculiaridades dialectais”	“forma peculiar”	“normativa reintegracionsita”
galego “libre”, “santa liberdade dos falantes”	“interlúgoa que pille algo de eiquí e algo de eilí”	“aroma de infancia e de comarca”	
“galego particularizado”	“galego de laboratorio”	“santa liberdade dos falantes”	

Novoneyra matiza tamén aquí o alcance da súa disidencia, sen restrinxilo, como facía no texto de 1991, á lingua exclusivamente literaria:

Queremos unha Lingua que todos recoñezan, recoñezamos como nosa (dentro das tamén propias diferencias). Non estamos de pran contra a interlingua chamada *galego oficial*, pero exixímoslle que se pareza máis á de todos os galegos, pois senón nunca será a nosa patria. Como pretenden que se vaia defender e que vaíamos loitar por unha lingua que non é a patria de ninguén? (Alonso 2010: 110)

O argumento da artificiosidade da lingua estándar e da súa distancia a respecto dos falantes está tamén presente neste discurso, que arremete igualmente contra dúas das institucións que estaban a manter o debate normativo:

Por eso, ós que verdadeiramente falan galego, ós que sólo falan galego, ós que sempre falan galego, chegaron a facerlles crer que non o saben falar. Esta creencia, este feito, é público e notorio e débíalles servir como motivo de refle-

xión ós señores lingüistas do “Instituto da Lingua”. E en canto ós seus antagonistas da “Asociación Galega da Lingua” eu diríalles tamén que é xusto que Fernando Pessoa diga: “a miña patria é a lingua portuguesa, como é xusto que eu diga, e que nós digamos: a miña patria é a lingua galega. (*ibidem*)

O texto remata cun chamamento á disidencia dirixido á xuventude nos seguintes termos:

Eu pídolles ós novos escritores¹¹ e poetas galegos que usen o seu galego individual, local, comarcal, pois o outro dudo que seña o galego, un galego interior, como ha de ser o idioma da creación escrita. (*ibidem*)

O discurso de Novoneyra sobre a disidencia normativa ou, cando menos, sobre o seu malestar a respecto de determinadas escollas, non se remonta aos últimos anos da década dos oitenta e comezo da dos noventa, nin tampouco, como se podería pensar, ao momento posterior á aprobación das *Normas morfolóxicas e ortográficas da lingua galega* (1982), senón que cómpre retrotaelo a un período anterior, pre-normativo. O xermolo da disidencia do escritor do Courel está xa presente no “Pregón de Fole” (1978), ocasión que aproveita para gabar o seu “galego popular, esa fala que leva no seu son i a súa estrutura toda a nosa carga histórica”, salientando ademais a lección do narrador lugués:

Seguimos a recalar a gran leución de Ánxel Fole, que é o uso dun galego natural, non requintado i estreito, como o dos que nin siquiera son puristas. Refírome ós deformadores da nosa fala. Na teima de falar o galego máis galego de tódolos galegos non só se conforman con usar en excrusive as palabras diferenciábeles do castellano, senón que inventan palabras galegas sacadas do seu laboratorio privado pra cousas que xa teñen nome dado e labrado pola historia, que iles no mellor dos casos desconocen ou desprecian por rurales ou polo que seña, que sempre buscarán i atoparán sotiles razóns para xustificalo. (Cochón 2010: 37)

No razoamento está xa presente a defensa da *naturalidade* fronte á *artificialidade* (“galego de laboratorio”), alén do rexeitamento dos neoloxismos innecesarios. O texto, datado en 1978 e anterior, polo tanto, á aprobación das *Normas morfolóxicas e ortográficas da lingua galega*, alerta xa sobre as consecuencias que terían as actitudes daqueles aos que denomina “desfacedores do noso idioma”,

os pedantes, os serios pedantes facedores refacedores, desfaedores do noso idioma, os do laboratorio da fala, cuio raro produto nos produce esa sensación de alergia idiomática que sentimos diante de tantos libros galegos de hoxe. (*ibidem*)

11 A relación de Novoneyra cos novos escritores coñeceu algúns episodios tensos. Vid. para isto Cochón 2001 e Ínsua 2005.

Á “alerxia idiomática”, que vén dada segundo explica polo estrañamento, o poeta engade os estragos na mocidade un modelo de lingua afastado do *maxisterio do pobo* dun, así como os atrancos no proceso de normalización que ocasiona:

A cousa é tan marcada e “tan pavera”, como diría Fole, que un sinte máis íntimo o castellano que ese raro produto que nos queren facer pasar por “galego depurado”. Non nos idiniaría que sólo o escribisen iles –os falsos puristas– se o tal vicio non fixera o estrago que está facendo o ser admitido como válido no idioma usado pola mocidade. E que xa o fixo cando era moza nova a miña xeneración, pois tamén un cría que había maestros nesto da fala á parte do propio pobo, e por eso a confusión é fenomenal, arrastrando a conseguinte falta de credibilidade na seguranza e precisión do idioma niste intre crucial pra a súa normalización i estensión a tódolos niveles. Engadindo máis dificultades ás que xa supón a diversidade comarcal. (*ibidem*)

Botando man das de “outra das leucións de Fole”, Novoneyra advirte do empobrecemento da “naturalidá da fala” que supón a uniformización da diversidade dialectal, e faino utilizando unha forma dialectal como é *ralvar*:

Porriba desta diversidade non cómpre ralvar nun afán de uniformización atropellada que máis que clarificar o que fai é empobrecer a naturalidá da fala, repito, da obra, foi outra das leucións de Ánxel Fole. (*ibidem*)

O “Pregón de Fole” anticipa polo tanto algúns dos argumentos utilizados por Novoneyra fronte a un modelo de lingua estándar –e, sobre todo, literaria– que deixa fóra solucións dialectais. O texto mostra como a súa disidencia, popularizada a raíz da polémica suscitada pola autopoética de 1991, era xa patente a finais da década dos setenta, nun momento previo á aprobación da normativa oficial e mesmo do Estatuto de autonomía.

A publicación da mencionada autopoética nunha revista académica –a diferenza doutros textos escritos para a súa lectura en feiras do libro, recitais e eventos varios– foi determinante na repercusión dun desacordo lingüístico que Novoneyra expuña nun momento no que o debate normativo dos anos oitenta perdera intensidade e protagonismo.

A disidencia do poeta respecto ao modelo de lingua escrita, principalmente literaria, debe ser polo tanto entendida nun contexto dunha certa complexidade no que o escritor se situou entre dous pólos: o ideal de liberdade de todo creador e a fidelidade á lingua entendida como un ben comunal que cómpre preservar. Co primeiro deles ten que ver a súa concepción mesiánica do escritor, e aínda máis do poeta, no que el vía unha “encarnación viva” da lingua. Co segundo, unha visión desta na que conflúen algúns dos tópicos dos que botou man o

nacionalismo desde as súas orixes e que a identifican coa memoria do pasado, a identidade ou a patria. A súa postura contraria a unha lingua escrita que considera uniformizada constitúe xa que logo un caso particular baseado en argumentos individuais e colectivos que teñen como finalidade, alén da estética, o reflexo da fala herdada e do “ser de Galicia”.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Girgado *et al.* (eds.) (2010): *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. *Cadernos Ramón Piñeiro*, XIV.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega. *Centro de Documentación* da. <http://www.aelg.org/Centrodoc/MainPage.do>
- Cochón, Iris (2001): “A poesía de fin de milenio. O reaxuste dos anos noventa”, en Anxo Tarrío Varela (coord.): *A literatura desde 1936 ata hoxe*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 366-417.
- Cochón, Luis *et al.* (2010): *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. *Cadernos Ramón Piñeiro*, XVI.
- Ínsua, Emilio Xosé (2005): “Algunhas reflexións sobre a figura e a obra de Uxío Novoneyra”, en Henrique Rabuñal Corgo e Cesáreo Sánchez Iglesias (coords.): *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*. [A Coruña]: Asociación de Escritores en Lingua Galega, 41-53.
- Novo, Olga (2004): *Uxío Novoneyra. Lingua loira*. Lugo: Fundación Caixa Galicia / El Progreso.
- Novoneyra, Uxío (1991): “A xeito de autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 5, 135-139.
- Silva Domínguez, Carme (2010): “De Compostela ao Courel, de 1952 a 1990: decisións de escrita n’Os Eidos”, en Anxo Tarrío Varela (ed.): *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 99-133.
- VV. AA. (2009): *As teimas e os sonhos de Uxío Novoneyra*. Dossier da revista *Terra e tempo*.
http://www.terraetempo.com/media/documentos/0TT_149_152_Dossier_As_teimas_e_os_sonos_de_Uxio_Novoneyra.pdf

ATA CANDO ISTE TEMPO DE ELEXÍA?

Branca Petra Novoneyra Rei

Tempo de Elexía é o libro de Uxío máis próximo á miña xeración, unha xeración profundamente individualista e desmobilizada para o colectivo.

Nel fálanos da soidade, da perda, do Amor e da Morte en poemas de poucos versos –case como mensaxes– que nos preguntan, que nos sosteñen no baleiro e nos enfrontan a imposibilidade da xustiza e da liberdade social.

Creo que si Uxío quedara a vivir en Madrid, se non volvera ó Caurel, a súa poesía posterior sería moi distinta. Poesía e vida unidas foi unha teima da que nunca desistiu.

Xa unha elexía foi o seu primeiro texto e esa intensidade acompañouno durante 50 anos de escritura poética. Así llo reconece o filósofo Emilio Araúxo en *Dos soños teimosos*, unha longa entrevista recentemente reeditada por Xerais na que Uxío atravesa toda a súa obra, di así:

O primeiro texto meu foi xa de tipo elexíaco; é curioso. Quizais o home está condenado á elexía, ¿comprendes?, está marcado polo pasar, está marcado. Quizais o ser humano é elexíaco... sempre me gustou que fose diante o descubrimento directo, a vivencia; sempre, e sobre eso me principiei a ordear. Pero reconezo que empecei moi insular. Se non tiña un coñecemento interior das cousas non dicía. Non utilizaría a palabra nostalxia se antes non tivese sentido nostalxia, inda que soubese o que era a nostalxia; non utilizaría a palabra amor se non tivese sentido amor, intensamente. Sempre precisei ter unha experiencia previa moi intensa.

Novoneyra comezou a escribir ós 18 anos e ós 25 publica *Os Eidos*, provocando un impacto inmediato sobre a literatura galega. *Os Eidos* implican unha experiencia profundísima, un encontro total coa Terra e coa Lingua. Despois da grande acollida e case inmediata canonización do seu estilo, seguiu escribindo, pero non publicou un segundo libro ata atopar outra voz, unha voz nova noutra dirección. Así aparecen as *Elegías del Caurel y otros poemas* na editorial madrileña Rialp, dentro da colección Adonais. Trátase dunha edición bilingüe castelán-galego cunha tiraxe de 1250 exemplares. O orixinal escribiuse en galego e a versión castelá é a do propio autor.

O impacto da cidade, a visión da serra dende lonxe e a visión da cidade dende a serra, a fonda soidade, o amor como intensidade máxima e efémera, as

mortes dos amigos máis queridos e a problemática política da posguerra atravesan o libro. Un libro pouco lido, mais con versos célebres, recollidos en posteriores poemarios e gravados na memoria de moitos lectores e amigos.

¿Que sucede cando moitos poetas e críticos falan durante anos da obra de alguén sen lela en profundidade? Xa sabemos non é nada persoal, senón unha forma asumida do sistema cultural, deste mercado cultural inexistente e marcado pola premura, que fala da poesía en termos produtivos. Xa sabemos que o noso sistema cultural ten este e outros cancros peores.

Falar da figura de Uxío dende a visión reducionista de *Os Eidos* deformada e restrinxida a unha teórica liña paisaxística é un erro enorme. Tamén foi unha forma de desviar a atención da súa actitude política e das súas opinións radicais fronte os poderes políticos e culturais que apoiaban unha normativa estrita e reducionista na que as novas xeracións escribimos constrinxidas. Así medra hoxe unha parte importante da nosa poesía, normativizada, sen liberdade, individualista, sen pulo social, desconectada a maior parte das veces dos problemas deste mundo en crise; cantamos sen conexión, pechados sobre nós mesmos.

Pero ninguén quere entrar neste debate nos sucesivos encontros de escritores. ¿Cal é o impacto que tivo e ten na actual creación poética esta normativa feita por duros de oído? ¿Que impacto tivo nas nosas lecturas en galego? ¿Como nos fixo fuxir en dirección contraria cara a outras literaturas e afastarnos sen remisión das xeracións precedentes?

A creba xeracional é unha realidade por moitas fotos que fagamos cos maiores. Isto ademais de conter unha fractura natural coa xeración precedente e unha afirmación do propio, no mesmo núcleo deste fenómeno, incrustase o problema educativo asociado á política lingüística nefasta dos anos oitenta en adiante e a normativización do idioma literario. Hoxe nomeamos as iconas, celebrámolas, recoñecemoslles a súa grande achega literaria e sociopolítica á Galicia e ó nacionalismo. Non lemos as súas obras, algunhas en edicións revisadas nas que se dilúen ocultas nunha linguaxe inexistente, morta.

Pero volvamos á poesía das *Elexías*, un posible punto de partida para outras novas xeracións; porque non cabe ningunha dúbida, a poesía de Uxío prevalecerá, porque a verdadeira poesía sempre o fai, porque a intensidade máxima e a busca da luz sempre permanecen na memoria de todos, na memoria dos pobos.

Novoneyra na escritura destes poemas seguiu unha estrita norma:

... non escribas nada que poidas calar. Este foi o propósito das *Elexías*.

Pasaron os anos. Volveu ó Caurel e seguiu escribindo para *Os Eidos*. A recepción deste libro polos poderes culturais da época non foi boa, desvíabase do camiño fixado pola súa editorial, a Galaxia dos sesenta. Ademais entrara en contacto

co comunismo e os seus textos poéticos tornáronse sociais e vangardistas, unha nova voz dende *O Vietnam Canto*.

En 1991, 10 anos despois de editar os novos *Eidos*. *Libro do Courel*, reaparecen as *Elexías* na colección Merlín cun título novo: *Tempo de elexía* e coa incorporación da serie de composicións “Madrid/Noite”. Uxío falou desta reedición e aproveitou para expoñer a súa visión sobre a recepción da poesía no lector:

propúxenlle recentemente ó responsable da colección *Merlín e familia* que vai inaugurarse coa reedición de dous libros do Existencialismo poético galego: *Fabulario Novo* de Manuel Cuña Novás e o meu *Tempo de Elexía* que foi editado pola colección Adonais baixo o título de *Elexías do Caurel e outros poemas*, propúxenlle, digo, que no meu libro vaia o texto poético só, desnudo, e que nunha folla a parte, dobrada e metida en cada volume, vaian a biografía i os textos críticos ou comentarios, para así preservar a liberdade e a pureza do primeiro encontro do lector cos poemas, se éste así o desea e non desdobra a folla antetempo.

A visión da poesía como alta misión, como dedicación total, está moi lonxe dos hoxe autodenominados “poetas-hobby”, dos que din todo o que poden calar, dos que non están arrebatados polo canto; este é o pulo poético que expresaba Novoneyra no ano 1992:

Para min a poesía é unha forma de entusiasmo, unha forma de responsabilidade, é un manterse na busca, ter un alto concepto da dignidade do home, exercelo, exercelo, non mentir, pero facer que o home manteña a bandeira da súa dignidade e do entusiasmo, e da súa capacidade liberadora e solidaria. E de percibir toda cousa, toda cousa que te rodea, en toda a súa plenitude. E que quede perenne a graza da súa simple plenitude... Descubrir o mundo é a poesía, descubrir ese mundo é a poesía, e é algo co que xe lle pode axudar ós demais, para que non crean que vivir é calquera cousa, vivir é unha aventura extraordinaria, e hai que estar a altura dela.

O outro día vin unha reportaxe sobre o novelista Roberto Bolaño, que ademais dun fenómeno editorial foi un poeta, e nunha entrevista dicía dunha forma moi sinxela e verdadeira: “el éxtasis quema y quien lo ha sentido alguna vez ya no puede volver ni escribir igual”. A Bolaño fascináballe a vida dos poetas, esa vida dedicada á creación, á aventura de cantar á experiencia máxima con total intensidade, lucidez e iluminación.

Así é a poesía de *Tempo de elexía*, unha poesía núa, fóra da literatura, a experiencia do canto fronte á intensidade da experiencia radical, que explicou o autor:

O segundo libro “*Elexías do Caurel i Elexías de Madrid*”, chamado tamén, *Tempo de Elexía*, desnúdase de toda literatura, arrédase da lingua oral e busca os estados límites do home diante do Amor i a Morte, a angustia e a distancia interior.

Versos inesquecibles, axustados mil e unha veces, con esa teima de comprimir a palabra ata o máximo, botando fóra do poema todo o que sobra, todo o que impide un encontro total. Ademais das tres elexías a Maside, Pimentel e Camus, escoitamos a transformación máxima de *Nunca fun como te amo*, o descubrimento luminoso de *Din os sonos e os paxaros: A morte non e certo!* e a certeza escura de *Morrer é ficar morto...*

Tamén poemas gravados na memoria do pobo como:

GALICIA, será a miña xeración quen te salve?
Irei un día do Caurel a Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!

No 2010, ano de celebración, de inundación da memoria de Uxío, presenteí este libro na súa terceira edición acompañada polo editor Henrique Alvarellos no IES Lucus Augusti. Terceira edición de *Tempo de Elexía* dentro do ano das letras, ano do que algo quedará, un só ano para Uxío quen lle dedicou a vida á palabra poética, algo quedará das súas emocións e teimas ás que lles foi fiel dende a primeira mocidade.

Cun pequeno texto escrito para os alumnos deste instituto, no que Uxío estudara de novo, quixen e quero agora rematar coas súas ideas sobre a Lingua, quizais o seu empeño máis forte, gardala e reactivala; e así llelo trasladei a aqueles nenos, que coma en case todos eses actos desexan saír canto antes ó recreo pero como dicía Uxío “*algo lles quedará*”. Un eco co que conectar máis adiante cando volvan a escoitar a frase de Pessoa que tanto lle gustaba a Uxío e que repetía en moitos recitais que daba polos institutos de Galicia:

“*A miña patria é a lingua portuguesa*”. Tamén para el a lingua recollía unha forma de vida, expresaba unha visión diferencial da realidade.

Con *Tempo de Elexía* Uxío abriu un camiño enraizado no seu que uniu coa súa experiencia fóra de Galicia. Atopou unha vía para vivir intensamente sen negar as súas raíces. Asumiu múltiples referencias doutras culturas, doutras linguas e fundiunas na súa poesía.

Este libro posúe esa mirada universal que contén as preguntas que sempre nos ocupan e rescata o noso diferencial conéctanos coa visión universal, a que compartimos sobre o Amor e a ilusión, e tamén sobre a perda e a Morte...

Por que queremos preguntarnos sobre o que realmente nos sucede, temos unha viaxe alucinante na poesía. Nesa viaxe Uxío trazou un *tempo de elexía*, unha liña de unión entre o que nos particulariza e o que nos une tanto na poesía como na vida.

LINGOA SEN MAOS **O NACIONALISMO DEFENSIVO E CRÍTICO** **A PROSA PÚBLICA DE UXÍO NOVONEYRA**

Uxío Novoneyra Rei

Esta lectura trata sobre unha cara de Uxío non tan coñecida, e case inaccesible en parte, polo menos ate iste ano, que xa o é: A prosa.

Esta produción prosística enmárcase, case por completo, nas dúas últimas décadas da súa vida e coincide, inda que nalgúns casos non é causa directa, co período de tempo no que il presidiu a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), o cal, cun breve lapso, abarca as dúas ultimas décadas da súa vida, que case se solapa coas dúas últimas décadas do século.

A falla de coñecemento quizabes ten a súa causa no ser unha prosa feita para a súa comunicación oral, verbas escritas pre ser ditas, e que conseguiron a súa finalidade primeira, ao ser levadas a centos de lugares de Galicia: a actos reivindicativos da lingua, da cultura e así, directa ou indirectamente, da Galicia, patria e nación, do noso pobo; e tamén a actos políticos de toda caste, recitais aos estudantes, actos para a mocidade, verbas para os sectores sociais, moitos deles desfavorecidos, a maior parte, no senso de maltratados polos poderes; xunto a pregóis, presentacións e louvanzas e festas populares.

A día de hoxe xa non só están rexistradas no recordo, senón que se pode acceder a elas, nunha parte, nos catro libros que durante o ano 2010 escolmaron un primeiro grande continxente delas: os dous tomos chamados “Celebración de Novoneyra” I e II, estudos levados a cabo polo Instituto Ramón Piñeiro, dirixidos por Luís Cochón e Luís Alonso Girgado; o “Home e Terra” de Xosé Lois García e o “Gran Lugo de Nebra” de María Pilar García Negro, ademais dos arquivos de onde se nutriron estas obras.

Integraremos eiquí, e tamén como prosa, e de igual xeito, con ise compoñente oral gravado, impreso; inda que só de xeito accesorio, coma remate, dada a súa diferente morfoloxía, o libro *Dos soños teimosos*, libro da propia autoría de

1 Novoneyra, Uxío (1999): “A fuxida de Roldán”, en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago i outras rotas*. A Coruña: Hércules / Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, pp. 35 e 36.

Uxío en colaboración co estudoso Emilio Araújo, o cal podería ser definido como unha entrevista-ensaio cunha finalidade testamentaria. Quizabes é a auto-poética e a autobiografía final que il deixou para que o fora, xunto a súa obra, “*pra retiro final indefinido*”¹ que el di do cabaleiro Don Roldán no *Ámeto mítico, Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago i outras rotas*.

A lectura diste conxunto, heterodoxo, de textos deixa un pouso da atención reiterada de Uxío Novoneyra, da súa reiterada reflexión, e da vontade de comunicación, repetida tamén, mecanicamente subliñada, ao seu pobo, da existencia e pervivencia de certos principios e valores, certas certezas no eido filosófico, que, no seu senso teórico-político, será no que me centre eu eiquí, disociándoos artificialmente de cómo existen no texto formando un *corpus*, en fusión coa reflexión poética, e non no senso de xunto, de xunguido, senón fundidas, nun entendemento de *continuum*, de ser unha soa cousa, o mesmo, un proceso vital, unha dinámica de existencia:

...>lingua>
poesía>artes>
cultura>nación>
liberdade>xustiza>ecosistema> lingua> poesía>
artes>cultura>nación>liberdade>xustiza> ecosistema>
lingua>poesía> artes>cultura>nación>liberdade>xustiza>ecosistema...

A REFLEXIÓN

De tanto calar xa falo eu solo
 1970

A **reflexión** poética e política, no sentido de alta política, que resulta na conciencia novoneyriana así feita é indisoluble, polo cal este será un exercicio mínimo, por respecto, de ollada da parte política en especial.

Decía nun poema Boris Pasternak que, ás veces convenlle ao poeta desaparecer da actividade pública, literaria ou non, e meterse na propia intimidade, na propia soedade, ou na estriada vida familiar “**igual que unha paisaxe se mete na nebra**”. Non cabe duda que o escritor i o poeta sobre todo o demasiado exercicio público disípao, discípao, como decimos no Courel.

Claro que contra esta opinión decía Nietzche no século pasado: “A multitude endure e pule (luie); a soedade amolece (millor) rebre, corrompe e apodrece (pudre).

Un, quizaves pola nacencia e longa estanza na serra do Courel onde pasei nove dos once lustros meus... Prefiro contar en lustros porque parecen menos anos. Quizaves tan longa estanza nunha serra arredada me trougo este hábito de meterme na “nebra” por non dicir “baixo a áa”. E que as miñas saídas, a miña actividade pública, fose sempre mais ben esporádica. E que sempre fuxise de cousas que signifcasen exercicio de poder, pois exercendo algún poder

real o home non pode permitirse o luxo de ser esporádico. Esta mesma tendencia arredoume, inda sendo fundamente social, da actividade política partidaria,, a pesares de ter unha gran pasión política, polo menos unha gran pasión nacionalista [...]²

A CONCIENCIA

– A que poetas admira?

- Non me interesan poetas singulares senón as poesías dos pobos no tempo
- Admiro a Carlos Oroza, que fai a súa poesía mentres camiña as rúas de calquer cidade, tódolos demais escriben sentados, i eu, eu escribo deitado que é cando un home está coa súa conciencia.³

A **conciencia** como percepción dos principios do home e a patria e a súa existencia no mundo:

Home e terra que, nominada, se fai lingua.

Lingua nomeando terra faise patria, e faise patria como ecosistema.

Liberdade e xustiza á vez, sendo a xustiza pensada enteira, como solidariedade entre pobos i entre homes, sempre dobre.

Home-destiño, o percibido coma propio, “*coma se chegara a recordar para o que eu nacera*”, pra “*recoller, gardar e doar lingua*” e cultura-pasado, de nación, de Galicia, o oficio dos resistentes por isolación.

Alto destiño compartido, deiquí as homenaxes i elexías aos resistentes, **aos que non teñen /voz/**, labregos mariñeiros e obreiros, clases populares de sempre ou as novas derivadas das novas formas de coacción; **ou** aos que **xa non teñen voz**, poetas, escritores, pintores, escultores, filósofos, políticos, labregos, mariñeiros e obreiros, loitadores de calquer crás... cidadáns, xa mortos. O continuo funcional do home que solo un sistema, o de hoxe, quizabes errado, pensou que por especializarse dividiuse en compartimentos estancos.

A COMUNICACIÓN ORAL

A **comunicación oral** coma finalidade da prosa pola súa caracterización, pola caracterización oral da mesma, radicalmente democrática, igual finalidade que a súa poesía, poesía para ser declamada, non en público, para o público, volvendo a posibelmente a finalidade orixinal, antes de que a poesía se separara do canto, da música.

Quizabes foi a máxima prioridade esta transmisión oral, a teima repetida da comunicación directa co pobo de Uxío, a causa de que estes textos sexan os máis descoñecidos pola “erudición”, pero tamén a faceta máis recoñecida xunto a de poeta pola xente.

2 Uxío Novoneyra “Celebración de Radio Nacional de España”. 1985. Inédito. Arquivo da familia Novoneyra.

3 Entrevista a Uxío Novoneyra.

Tamén hai que pensar na utilidade que el lle daba para o pobo, a transmisión oral en actos públicos, ou semipúblicos, entre axentes sociais, en especial intelecto-culturais-poéticos, os que sempre foron entendidos por Uxío como axentes; de sempre; políticos; produción poética, ou, neste caso, reflexión persoal pública, de pensamento político, como a síntese dun continuo, dun “itere”, dun camiño simétrico de idas e voltas vital.

A preferencia pola transmisión oral, complementaria á obra editada, tanto da poesía como, neste caso que me ocupa, da súa opinión sobre temas de interese público, público entendido no único senso verdadeiro, o republicano, non sendo máis ca crenza no uso da transmisión oral como ben colectivo, servizo público, no seu concepto antielitista, non cousificar o coñecemento, non poñerlle coto de valor-prezo ao proceso de comunicación home-pobo, home-pobo no senso de pobo-pobo, non individualista, tornar tender pontes entre homes, nun poeta que dixo “*escribo pros que non me len*”⁴.

A “DETEILA”

A **reiteración**. Esa deteila⁵ de aparición de certos temas de interese colectivo e a teima da súa repetición continua, en diferentes lugares i entre diferentes xentes, e da reaparición, non de mundos ideais de benestar, senón dos do sobrevivir, e non me refiro á nación galega senón á totalidade do/s home-pobos-mundo: Ise espectáculo dantesco do *turbocapitalismo*. Reiteración medida e desmedidamente voluntaria, “a posta”, non polo simplismo do soio interese nuns determinados eidos do home, senón para priorizar o que, moralmente, en conciencia, deulle a sensación de ter que compartir, a orientación á consecución dos soños teimosos, das posibilidades máximas da existencia, ou a caída aos soños negros, a extinción de Galicia e do home, do home-mundo.

...non hai diñeiro no mundo que pague un segundo de sufrimento dun home...

Selecionei unha serie de textos como exemplificadores, non por ser referente e que podían ser sen esforzo intercambiados por outros, destes temas reiterados na prosa publica/política oral, temas que sempre se encontran mesturados porque conforman en interacción, relacionados, a lóxica dun posible pensamento novoneyriano, orientados neste esforzo a concienciación do pobo galego para a conformación dunha cultura política e cidadá que dera lugar á súa emancipación nacional e social:

4 Entrevista na RTVG no programa “Terra e xente” de Manuel Rico Vereá no 1985.

5 Teima repetida.

A LINGUA-PATRIA: A Lingua, a súa normalización, e a normativización e a fala.

Case non hai nada que se deba explicar a maiores dos propios textos. A Lingua (así con maiúscula) galega, dende tódolos seus diferentes enfoques é o principal tema desta prosa pública por entendela como primeiro fundamento nacionalitario do noso pobo, e de tódolos pobos.

Así, a insistencia i esperanza, presente en toda a prosa, na súa normalización na sociedade galega, coma única deriva **lóxica** na democracia cativa na que deriva o século e Galicia.

Ao respecto do proceso de normativización, e de debate entre as daquela dúas propostas, e a aplicación da elixida polo poder, prevé o estrañamento da lingua polas clases populares, o cal que se continúa a constatar hoxe.

Inda que non é o meu campo parez significativo que incluso esta temática se traspase a conciencia, voluntaria e marcadamente xa non só a cada nova edición das súas obras senón tamén até aos rasgos estilísticos da súa prosa, e así reitere a presenza nun mesmo texto das diferentes formas non presentes na normativa oficial⁶ da mesma verba e tamén na inserción voluntaria de castelanismos como denuncia da situación de diglosia na que se encontraba a nosa Lingua, na propia sociedade do onte e o hoxe.

Así, reitero, utiliza tódalas formas dunha palabra e para deixar constancia de tódalas que existían antes do proceso de normativización (EXS: Liberdade, liberdade, libertá), non porque non distinga nin teña a súa preferida. Non é aleatoriedade, como penso que escoitei antes, senón que é a vontade da totalización gardadora, non normativizadora, das variantes do galego no texto como testemuña voluntaria e consciente da existencia das mesmas “*pros que vein*”, o cal se pode reafirmar nunha lectura completa da súa poética e prosa cronolóxica, pois esta presenza das variedades nos diferentes galegos de cada verba só aparece a partir do antedito proceso de normativización lingüística como reacción crítica.

Tamén, reitero, Uxío utiliza verbas nas súas formas deturpadas por castelaniación (Ex: Pueblo) como denuncia dunha Lingua-pobo que está sendo asoballada/minorizada por outra-outro. Como denuncia voluntaria a través da súa inserción, non porque as considere necesarias na norma, senón coma exemplos demostrativos da realidade sincrónica na cal crea e/ou reedita os poemas onde están presentes ditos castelanismos; o cal se pode reafirmar nunha lectura completa da súa poética e prosa cronolóxica, pois só aparece a partir do antedito proceso de normalización coma reacción crítica.

6 Nin na outra.

A nosa fala é a nosa bandeira. O vínculo de unión pra unidade nas loitas pola libertá ia xusticia é a fala dos traballadores. Si non esiximos iste dereito á normalización i extensión da fala irá degradándose inda máis á patente quebra moral en que está sumido o noso pobo.⁷

Nunca a lingua Galega tivo maior e mais insuficiente promoción, pois nunca se viu máis amenazada. Como é de sobra sabido, agora tamén está amenazada eilí nas aldeas, onde secularmente estivo a súa reserva inatacable. E se non se establece a galeguización das cidades, desgaleguizaranse as aldeas.

Só a voluntariedade de algunhas organizaciós e de algunhos colectivos de insinantes i escritores e algunhas individualidades, sosteñen a defensa fronte a presión estatal de desgaleguización ou de galeguización aparente. Anque o Estado considere oficiais ás linguas minoritarias inscritas no seu territorio, non as potencia de feito.

Os grandes partidos políticos de dimensión estatal non sinten o problema e só fan simulación verbal de atendelo e, ás veces, nin eso: senón todo o contrario. Algunhas persoas illadas de ises partidos non teñen aversión ás linguas minoritarias da minoría a que pertencen, mais ó saber que o aparato central do partido é contrario a promoción da mesma, elas abstéñense, dunha acción nise sentido, pra non ser marxidados.

Só os partidos nacionalistas se sinten responsabilizados, como de propio interés e teñen incidencia activa. Mais en Galicia dáse o caso de que non teñen demasiado poder.

No mundo da literatura o uso da propia lingua é cáseque total. Sigue dándose unha grande fidelidade á lingua propia e unha gran actividade creativa. As xeneracións sucédense sin ruptura. Inda que as axudas i o recoñecimento non é grande pros que entregan a vida a Literatura, cáseque a unha Literatura como misión ó longo da vida.⁸

[...] A nosa lingua é a nosa patria, aínda mais que o propio territorio. Nela aínda o descoñecido nunca é alleo pra nós.

Retomo o fío de que niste intre estamos tódolos galegos, os de tódolos credos e tódolos partidos, implicados no afianzamento da nosa lingua e a nosa cultura no noso país. Iste afianzamento faranos ver máis craramente os nosos problemas e os problemas da nosa relación cos outros pobos.

Se non somos capaces de deslindar e defender a nosa identidade, que problema común poderemos afrontar que non seña o de aceptar a imposición que nos veña de fora, a imposición que non pensa en nós como pobo, senón como territorio, como ouxeto?...

7 "Pregón da concesión do Pedrón de Ouro a Ánxel Fole" (A Coruña, maio, 1978), en Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

8 "Falándolles ós das Xornadas de Linguas minoritarias de Europa" (Compostela, vrao 1989), en Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Todo político que non vexa esto, todo home galego que non vexa esto, queda fora, queda deslexitimado pra exercer a responsabilidade da representación cidadán na súa terra, no seu pobo, que é iste pobo en trance de recuperación ou de extinción precisamente neste intre.

Todos somos galegos e todos temos responsabilidade como tales galegos, i estas responsabilidades, repito outra vez máis, ultrapasan as ideoloxías i as premisas do propio partido. Responden a algo mais profundo. E non valen medias tintas Hai que estar sí ou non con Galicia. E non se pode dicir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade da pervivencia da nosa lingua como meta primordial.

Nesa pervivencia: eiquí é onde está o futuro de Galicia. Eiquí está inclusive o poder político do futuro, que será moi distinto según que a nosa lingua se sosteña ou nón.

Así nos gobernaremos de verdade algún día ou seremos gobernados, seremos o que fomos e somos “gleba”, “carne da Historia” e non homes libres dun pobo libre.⁹

A gran leución de Ánxel Fole que é o uso dun galego natural, non requintado i estreito, como o dos que nin siquera son puristas. Refírome ós deformadores da nosa fala. Na teima de falar o galego máis galego de tódolos galegos non sólo non se conforman con usar en excrusive as palabras diferenciábeles do castellano, senón que inventan palabras galegas sacadas do seu laboratorio privado pra cousas que xa teñen nome dado e labrado pola historia, que iles no mellor dos casos desconocen ou desprecian por rurales ou polo que seña, que sempre buscarán i atoparán sotiles razóns pra xustificalo.

Ises son os pedantes, os serios pedantes facedores, refacedores, desfacedores do noso idioma, os do laboratorio da fala, cuio raro produto nos produce esa sensación de alerxia idiomática que sentimos diante tantos libros galegos de hoxe. A cousa é tan marcada e “tan pavera”, como diría Fole, que un sente máis íntimo o castellano que ese raro produto que nos queren facer pasar por “galego depurado”. Non nos idinaría que sólo o escribisen iles –os falsos puristas– se o tal vicio non fixera o estrago que está facendo o ser admitido como válido no idioma usado pola mocidade. E que xa o fixo cando era moza nova a miña xeneración, pois tamén un cría que había maestros nesto da fala á parte do propio pobo, e por eso a confusión é fenomenal, arrastrando a conseguinte falta de credibilidade na seguranza e precisión do idioma neste intre crucial pra súa normalización i extensión a tódolos niveles. Engadindo máis dificultades ás que xa supón a diversidade comarcal. Porriba desta diversidade non cómpre ralvar nun afán de uniformización atopellada que máis que clarificar o que fai é empobrecer a naturalidá da fala, repito, da obra, foi outra das leucións de Ánxel Fole.¹⁰

9 Pregón da Feira do Libro de Santiago de Compostela, 1987, en Cochón, Iris e Luís (2010a) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999): A casa! o val! a patria homilde!* Cadernos Ramón Piñeiro XIV. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

10 “Pregón de Fole”, maio de 1978, en Cochón, Luís et alii (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado.* Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

A CULTURA: A SÚA NORMALIZACIÓN, EN ESPECIAL A LITERARIA, NO SENSO DE TEORÍA E HISTORIA DA LITERATURA, DA CULTURA POPULAR E DA ARTE, EN ESPECIAL A PLÁSTICA. AS NOMINALIZACIÓNS ELEXÍACAS OU DE HOMENAXE

Ao igual que na poética novoneyriana existen homenaxes a homes na forma de elexías no caso da morte ou poemas homenaxe no caso dos que sufran coercións/castigos: Rosalía, Pimentel, Maside, María Mariño, Che, Allende, mortos; pero tamén, Daniel Pino, Herminio Barreiro, Méndez Ferrín, Paco Rodríguez, na prosa inda hai máis, non tan cercáns biograficamente e, moitas veces solapados ás celebracións das LL. Galegas, que ademais dado o devalar vital de Uxío, vai sendo dedicado a varios dos seus amigos e compañeiros primeiros, xa desaparecidos. Uxío recitaba aos que xa non podían dicir a súa poesía, de xeito prioritario a súa como demostran os textos de recordo a outros poetas, e tamén a outros escritores, e outras xentes.

Decíalle eu fai pouco, escribía nun homenaxe a Díaz Castro, que anque a súa obra literaria, que anque os seus poemas se perdesen, “ti quedarás como todos quedaremos pois xa estamos na Lingua con tódolos rostros do noso pobo cada un co seu xeito que se animan e volven cando falamos como agora [...]”¹¹

Os restos de Castelao están aí, e como todo poden ser manipulados, como todo polo poder. Máis Castelao sólo ven realmente pros que queremos unha Galicia ceibe, pros que sólo temos unha patria: a Patria Galega. Pros que sólo nos sabemos e sentimos pertencentes a unha nación: a Nación Galega, inda que sintamos a outros pobos irmaos dada a súa prousimidade e longa convivencia con nós. Ven pros que só comulgamos onde realmente se comulga, se é común con outros, se é patria e nación con outros, na propia lingoa, na Lingoa Galega.

Castelao era un nacionalista galego. Era conscente do que era: da súa propia patria, da súa propia nación, da súa propia lingoa, de todo o que é máis sagrado, porque é o mais fundamente propio e nos ven de lonxe, cáseque de sempre, dos antepasados nosos que así nos fixeron i en nos prevalecen. Non lle cambiaron como a outros galegos lles cambiaron a patria.

Os restos de Castelao, foron traguidos polos que se confesan e profesan de non nacionalistas (algúns xa de vello, outros dende hai pouco)e quixeron meter e pechar o nacionalismo galego baixo da lousa de Santo Domingo de Bonaval

11 Palabras preliminares do recital de Uxío Novoneyra. Recital 1988-89, en Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

xunto cos restos do seu líder histórico máis conocido e querido e de pensamento máis actuante e coiles enterrar a nosa esperanza. O noso mais grande e salvador soño colectivo: a liberdade e recuperación de Galicia, da súa Cultura e da súa total decisión.¹²

A NACIÓN/O POBO/GALICIA E O NACIONALISMO DEFENSIVO “A LÍNGUA SEN MAOS”

Estamos aquí, homes libres de compromiso partidario e outros de diversos campos, de diversas ideoloxías, para defender a liberdade de opinión i a liberdade de expresión e para defender o dereito ó fervor pola patria, pola recuperación dunha nación oprimida, dunha cultura oprimida, dunha lingua oprimida, representantes dun nacionalismo defensivo, o nacionalismo menos agresivo do mundo, o nacionalismo galego. O simple sentido nacional básico que a pesar de todo é hostigado polo poder, polo nacionalismo imperialista do estado [...]”¹³

As Letras Galegas teñen pois unha sinificación liberadora, xa que a sola palabra, foi característica do nacionalismo galego que é un **nacionalismo defensivo**, pacífico, si o comparamos cos nacionalismos agresivos francés e castelán que son os que conflúen no centralismo borbónico do Estado Español.

O nacionalismo galego nace ou esperta na Literatura, na Poesía i a elas volve en tempos difíciles cando todos abandonan ou calan e se corta toda aución política. Por eso o **Día das Letras Galegas** ten un algo de **Día da Lingua**, de **Día da Patria**. É explicable confundir Patria e Lingua. **A Lingua é a Forma da Patria**. E por eso hai sempre unha reivindicación nacional detrás da reivindicación da lingua propia, que é a lingua propia de tódolos galegos incluso a dos que non a falan.

Non hai inorancia máis crasa que a de equivocarse de patria.

Non te trabuques de patria. Fala galego.

Fala galego anque sólo sexa por elegancia.¹⁴

A LIBERACIÓN DO HOME

As revolucións sociais e nacionais, “os *procesos de liberación dos pobos*”, conforman a liberación do home, o obxectivo final da loita pola emancipación nacional e social.

O Arte ou a Literatura ás veces non perseguen outro fin que o da pura expresión. Mais cando o perseguen de intento, xunto co da verdade, o fin máis alto que pode pretender calquer Arte ou Literatura é o da Liberación.

12 “Castelao, nacionalista galego” (28 de Xuño de 1985), en Cochón, Iris e Luís (2010a) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999): A casa! o val! a patria homilde!* Cadernos Ramón Piñeiro XIV. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

13

14 Texto “Sinificación das Letras Galegas”, en Santiago de Compostela, abril de 1988. Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- A liberación do Poder.
- A liberación do pasado inútil.
(Ó pasado útil chamémoslle memoria profunda, fondo común, tradición ou herdo cultural).

O poder como groseira imposición, como foi cáseque sempre ou o poder simulado ou formalmente elixido, cando non é levado dunha pasión liberadora, é o exercicio da forza bruta máis ou menos enmascarada, disimulada tras da pretendida dinidade de certos valores ou de certas institucións.

É moi difícil de lexitimar o poder i o seu exercicio degrada. Non hai máis que ver como cambea en pouco tempo a face dos que o detentan alleos á pasión da Liberdade i a Xusticia.

E falando do pasado útil, hai o que eu lle chamo pasado profundo, que ten como forma máis patente a lingua propia. Con todo, o seu ritmo i acento oral, non a estreita normativizada (que non nos toquen a patria).

Toda esta urxente e inxente vaguedade: o pasado profundo, a lingua propia, o depósito vivo das xeracións pasadas, todo isto é sentido como sagrado inda por aqueles pros que a palabra sagrado perdeu vixencia.

Pra todo home que teña unha mínima concencia, o pasado profundo é sagrado. Por eso o nacionalismo defensivo, cando se exalta pola presión do imperialismo alleo ou do estatismo centralista non menos alleo, ten un carácter inequivocamente relixioso. I é natural! Que cousa pode religarnos que teña máis forza que o fondo común do pasado, de todo o pasado común? Por eso a nosa lingua propia é sentida como sagrada.¹⁵

A LIBERDADE E A XUSTIZA, EN COMBINACIÓN, COMO PRINCIPIOS REITORES DO COLECTIVO, DA REPÚBLICA

A liberdade e a xustiza son posibles a un tempo

A **liberdade** nos textos de Uxío é a liberdade positiva, a liberdade clásica nun senso grego. Cando Uxío fala da liberdade e a súa disgregación en liberdades-dereito, sempre se refire ás liberdades políticas, autodeterminación, e tamén expresión, participación, sindicación; en contraposición ás liberdades negativas, económicas, xa presentes en ausencia de democracia e, como non, en presenza de democracia cativa, como el xulgaba a nosa daquel tempo, democracia cativa inda hoxe, e cada vez máis.

15 Palabras preliminares do recital de Uxío Novoneyra. Recital 1988-89. Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

A **xustiza internacionalista** materialista, no senso de solidariedade entre pobos, e tamén entre homes, tendo especial importancia a solidariedade cos pobos asoballados, por situación similar a Galicia.

Secuestrado polo ensoño, secuestrado pola patria, cando tamén pola ideoloxía. Feito un nó coa forza tomada polo propio pobo. Alimentado e desmentido por él. O escritor ou poeta en lingua ameazada non pode escapar do circo teimoso da fidelidade que a un mesmo tempo o dignifica, o engrandece, o limita e constrinxen, séntese inescusablemente comprometido, obrigado, bloqueado, secuestrado, esgazado entre a liberdade e o deber igualmente asumidos.¹⁶

Hai sempre xeitos e palabras que se nos antoxan desmedidas, desmandadas nas mocidades revolucionarias. Nelas está a Historia como negación e como sono. E que millor postura diante da Historia, diante dunha Historia como a nosa, que negarse a aceptar o pasado como inevitable no futuro? E que outra millor fiabilidade pras palabras que a dos que son capaces de sufrir prisión repetida? Prisión por amor do seu pobo.

Quen millor pode chamarse amigo da xente, como Roi Xordo, Ferrín amigo da xente? Son poucos os que quedan d'aquiles mozos do 68, que soñaban un mundo tan xusto como ceibe. Na certeza de que Libertade e Xusticia xuntas son posibles. Son poucos os que quedan diles; daquelas incríbeles, boas, limpas, nobres, turbulentas mocidades. Unhos calaron, outros claudicaron. Unhos quedaron en que só a Xusticia. Outros en que só a Libertade. Outros en que a Patria primeiro.

Poucos como Méndez Ferrín seguiron fieis á total conxunción do ideal revolucionario, Libertade e Xusticia acentuadas polo desmedido corazón da Patria, nosa Terra.”¹⁷

“OS SOÑOS”

O concepto que engloba aos anteriores e obxectiva todo o discurso novoneyriano, dista muito da primeira significación onírica da verba. Contra a significación de querenza ou necesidade individual, os que orientan a liberación do home son os salvadores soños colectivos, e/ou os seus contrarios:

Pero está aí o fenómeno dos soños teimosos. ¿Por qué esa teimosía?. Esa teimosía dos soños do posible máximo, esa teimosía dos soños apunta a algo, non pode ser baleira, non pode ser baleira de sentido. Non queremos dicir que no futuro só vaia ocorrer esa posibilidade de realización dos soños máximos.

16 “Autopoética de Uxío Novoneyra”, en Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010) *A man que caligrafando pensa: Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. A Coruña: Universidade de A Coruña.

17 Presentación de Amor de Artur, de Xosé Luís Méndez Ferrín, en Lugo no 1982. Cochón, Luís *et alii* (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Tamén pode cumprirse entre eles a dos soños negros. O feito da teimosía é un indicio, é un indicio posto que o home, o home está xa moi desenganado para ser novamente iluso, se inda tendo como ten unha longa experiencia, sendo minimamente iluso, se inda seguen insistindo eses soños é que a algo sinalan, apuntan a unha posibilidade evidente, certa. Á mesma á que apunta o anseio, tamén repetido.

Non é que o soñar sexa certificativo. (Alguén dixo: soñar é crear). Non é fantasear, é sentir o futuro e mesmo preconfiguralo, orientados polo anseio mesmo. Pero esa cousa da teimosía dos soños sinala a certeza da posibilidade máis ou menos longa, e neste intre ou naquel. De aí tamén esta miña teimosía na repetición do mesmo.

Eu non sei se é iluso eso, pero non mo parece. Non me parece iluso, porque non é vencido pola conciencia de fracaso histórico. É trátase mesmo dunha resistencia non voluntaria. Eses soños volven, a pesar de todo. (Incluso nunha sociedade coma esta...).

A pesar de todo o home, a pesar de todo o terrible da Historia, ou quizabes por eso, o home ten soños de salvación ou de posibilidade. E repítense en culturas distintas, en individuos distintos, en idades distintas. Isto apunta a algo. Apunta, repito unha vez máis, a unha posibilidade certa que clamea pola súa realización.

Xa no ano 62 andaba un nesta deteila:

**E inda ha volver teimar a teima
por onde me veu esta certeza
heina volver perder e volver a ela.**

Xa aquela pregunta das elexías, cando un inda non tiña elaborado tanto esto, ía neste mesmo senso:

**Por que a Esperanza?...
Ela sabe algo que un iñora¹⁸**

18 Novoneyra, Uxío (1998): Dos soños teimosos. Santiago de Compostela: Noitarenga, pp. 103-104.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cochón, Iris e Luís (2010a) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999): A casa! o val! a patria homilde!*
- Cadernos Ramón Piñeiro XIV. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cochón, Luís et alii (2010b) [eds.]: *Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999): i-en todo o silencio preguntado*. Cadernos Ramón Piñeiro XVI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- García, Xosé Lois (2010): *Uxío Novoneyra. Home e Terra*. Obre-Noia: Toxosoutos.
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010): *A man que caligrafando pensa. Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Novoneyra, Uxío (1994): *Poemas da doada certeza. I este brillo premido entre as pálpebras*. A Coruña: Espiral Maior.
- Novoneyra, Uxío (1998): *Dos soños teimosos* [Preguntas de Emilio Araújo]. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- Novoneyra, Uxío (1999): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. A Coruña: Hércules / La Voz de Galicia.
- Novoneyra, Uxío (2010a): *Tempo de elexía*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.
- Novoneyra, Uxío (2010b): *Gran Lugo de nebra*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.
- VV. AA. (2005): VV. AA. (2005): *Uxío Novoneyra. A emoción da terra, Escrita contemporánea*. A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega.

ESCRITURA DO CORPO: OS *POEMAS CALIGRÁFICOS*

Antón Patiño

Ergografías de Uxío Novoneyra. Maxia do xesto. As palabras son trazos libres. Seres vivos nun fluído devalo orgánico. O son debuxa un segredo ritmo inédito riba do papel, a xeito de transferencia visual. Onde a palabra fusiona o corpo enteiro como plenitude sensorial e complementariedade activa. Apreixa o ar entre as cousas. Constrúe emblemas persoais. Debullla ritmos nun fluído poético inzado dunha vibrante textura visual. Os grafismos son trepidantes prolongacións da enerxía corporal. Unha sorte de radiografía psíquica sae á luz. Exterior e interior imantados na operación poética. O poeta detén o tempo na alquimia do intre. Se reparamos nunha das poucas instantáneas que se conservan do poeta en acción (debuxando un dos poemas caligráficos) axexamos no seu fondo estado de concentración. Case hipnotizado pola solidariedade das formas entrelazadas. Fascinado polo devalo visual coma se fose un mediu. Ten algo moi hipnótico e poderoso este labor arreo de Uxío Novoneyra tentando apreixar o misterio das palabras viradas en formas ceibes. Coma se fuxiran da gaiola gramatical, das convencións da linguaxe como reixa represiva, cara a outros mundos ingrátidos onde o espazo é un contedor silandeiro dunha xeira de pirotecnias gráficas. As palabras estalan sobre a superficie, os versos da chuvia figuran enchoupados en apertadas liñas oblicuas, as palabras bailan no espazo en home-naxe a Gades. Alén do caligrama vai ser a liberdade pulsional do chamado informalismo e da *action painting*, ou do tachismo francés o que lle dea esa liberdade arelada, unha *arte outra* como quería Michel Tapié. Dese xeito Novoneyra avanza cara un territorio non explorado na poesía galega.

ALIAXE DA PALABRA COA IMAXE

Xorde un entrecruzamento entre arte e poesía. Existe unha esculca radical na poética de Novoneyra que fai o traxecto da palabra ao xesto. Palabra e imaxe fusionan ao remate dos anos sesenta. A escritura acada unha dimensión esencialmente visual, torna nun feito estético. A verba entra daquela polos ollos como na descuberta dun vibrante enigma. Non poderíamos entender a dimensión estética que cobra o labor do poeta nos apuntamentos manuscritos se non matinamos na tensión creativa daquela e nos debates artísticos do momento. Un

contexto marcado pola mutación nas artes visuais. O coñecemento da pintura de acción e mais as esculcas da poesía experimental a través de Reimundo Patiño, o fundador do grupo informalista galego “A Gadaña”, moi ben informado de todo o que cheiraba a vangarda e transgresión artística.

Foi Reimundo Patiño así mesmo quen máis contribúe a salientar a importancia desta vertente visual na súa poesía. Ía mesmo ser o editor dos chamados *Poemas caligráficos* (contra o ano 1979) no selo Cadernos da Gadaña, nunha refundación que fixera da editorial Brais Pinto. Cun deseño do libro feito por Xosé Manuel Pereiro. O meu curmán fixo así mesmo un limiar de achegamento aos poemas nun escrito titulado “Signos no vento, signos no tempo”. Un fermoso título que establece os alicerces poéticos nas coordenadas básicas ao redor do espazo e mais do tempo. Se a poesía é palabra no tempo seguindo a Antonio Machado e outros, nesta nova dimensión posmallarmé ha ser tamén palabra que camiña no espazo. Este texto introdutorio ten coherencia e rigor crítico. Outro aspecto ben interesante e orixinal desta edición é o estudo comparativo que fai coa cultura visual doutras xeografías afastadas. Reflicte vontade universal coa mesma intensidade ca o poeta cando falaba da poesía do mundo enteiro como unha secreción cultural, case natural, nas distintas latitudes. Ritmos antropolóxicos que como soubo ver tamén Luís Seoane definen unha poética do espazo, un xeito de entender o mundo dende o eido visual. Cada cultura é unha atalaia singular ao mundo. O territorio das formas ten unhas recorrencias, por iso teimara Seoane no Laboratorio de Formas como decisiva ferramenta de comunicación dun pobo.

Grafoloxía: poucas cousas hai tan persoais coma a letra, a expresión manuscrita que nos ofrece a caligrafía. E poucas grafías reflicten tanta personalidade coma a de Novoneyra. Cando escribía calquera carta, un enderezo nun sobre, un cativo apuntamento ou breve remite... sempre cunha forza expansiva inzada de paixón. Os *Poemas caligráficos* o que fan é darlle aínda máis solemnidade a ese feito expresivo espontáneo. Poemas bébedos e heterodoxos agroman daquela. Formas manuscritas detrás do infinito da creación: na procura dun tempo sen tempo. Esguías acoutacións visuais extraídas do infindo devalar das formas en metamorfose.

Con relación á dialéctica entre escrita e debuxo fala Novoneyra nas conversas *Dos soños teimosos*:

Anque si reparei nela, o oriental non me inflúe, ou non me inflúe na súa maneira caligráfica inflúeme a capacidade de síntese que teñen os orientais, esa súa capacidade de síntese e de suxerencia e de totalización, eso si me inflúe. No outro quizais me influirá máis a **Action painting**, quizais eso me influira máis, que é o que che dicía daquela cousa mesmo de xesto, de expre-

sar coas mans e co corpo iso que non se pode expresar coas palabras, esa cousa do **trazo**, o trazo, **esa cousa**; que moitas veces non hai que buscar que o trazo estea apoiando ó dito na palabra escrita; non, son cousas que se van cada unha polo seu lado, pero o trazo está expresándose, ¿Comprendes?, está expresando esa sobredose de tensión, que aínda a palabra máis expresionista non consegue.

Existe un paralelismo entre a brevidade concentrada do haiku como un precipitado poético-existencial e a rápida grafía da tatuaxe expresionista. Nese senso a *poética do intre* expresa na rautada visual o acontecemento poético como radical acto de catarse. Hai algo moi orgánico, moi corporal nesa actitude. Temos talvez que considerar que todo o debate vangardista o que fixo foi recuperar a intensidade corporal que ofrecía a arte primitiva. Dende o cubismo esa vertente espiritual e física foi o cerne da meirande parte das aventuras da vangarda artística. A influencia de África, das artes de Oceanía e das illas Cícladas. As actividades parateatrais vinculadas ao happening e as distintas clases de performances son prolongación directa da chamada *action painting*. No cerne de Europa o remuíño de inquedanzas ao redor de *fluxus* expresa unha mesma vontade de poñer o corpo no primeiro plano. Anteriores experiencias radicais, mesmo atormentadas como as de Antonin Artaud e moitas das propostas surrealistas fixeron así mesmo do laboratorio corporal, e da realidade onírica, o paradigma dunha nova forma de se achegar á realidade.

Coincide Uxío Novoneyra en Madrid con Carlos Oroza, nun momento moi especial onde existía unha dinámica social con desexo de transformación. Fala-
doiros, recitais, desexo de cambio, sensibilidade comunitaria, recuperación de rituais colectivos. Sentimento de pertenza ao club dos heterodoxos. Talvez a aprendizaxe destes dous grandes recitadores vén daqueles momentos de fervenza colectiva.

PALABRAS EN LIBERDADE

“Vietnam Canto”. A máquina de escribir como ferramenta de resistencia popular. Lanza sons como balas dun desexo de emancipación. O repiqueo intermitente da máquina convoca un xogo de palabras en liberdade. Mallarmé ao lonxe, como substrato pioneiro e lúcido precedente revolucionario. As verbas dialogan sen medo sobre o abismo do baleiro. Activas liñas oblicuas, diagonais ferventes, trepidantes aliteracións visuais, aliaxes gráficas onde todo está permitido. O poeta fai aos poucos a descuberta da vangarda brasileira e francesa. Un número antolóxico dunha revista francesa ofrece unha boa escolma (a revista *Opus international* n.º 40/41 do mes de xaneiro do ano 1973 –“Poésie en question”–). Un potencial de vieiros abertos que falan da realidade poética como mutación experimental. A poesía pode axudar á resistencia libertaria fronte á

orde das cousas. Anos de loita anticolonial. Che, Vietnam... os anos 60 e 70. O poeta lanza reivindicacións dende Galicia, como un laio fronte á marxinação na lendaria “Letanía”.

TRAZOS VELOCES

O espazo poético é un ámbito de intervención. Accedemos a un tempo outro ao través do precipitado poético. Coma unha aliaxe química palabra e imaxe celebran un rebuldeiro corpo a corpo. Duración concentrada no corpo do poema como instante de plenitude. Condensación simbólica na maraña lineal. Enguedellado *horror vacui* na simultaneidade perceptiva. Xogos de tensión e torsión no texto. As verbas chegan até a fronteira case do irrecoñecíbel. Como na pintura chinesa o artista-poeta vai detrás da imaxe total, da pincelada única que acada unha dimensión sublime na forza de concentración expresiva dun trazo poderoso.

O ritmo é o eixo da poesía, do mesmo xeito que vén ser o paradigma da taquigrafía poética do autor da “Letanía de Galicia”. Os ritmos das carballeiras, a raíz antropolóxica de moitos estratos de sentido arremuiñado na paisaxe, nas resonancias atmosféricas, no xeito de traballar a terra e de asimilar o ritmo das estacións. O autor d’Os *Eidos* fixo desa escritura silandeira atenta ao latexar mínimo da vida o cerne do seu traballo. Na súa etapa vangardista vai ofrecer rexistros vinculados a esa experiencia telúrica mais tamén incorpora a militancia rebelde no desexo de transformación do mundo. Xusto é daquela, no contexto da súa poética máis social, onde xorden os caligramas como berros. Cómpre reparar nese feito se xuntamos os distintos referentes: dimensión comunitaria e social, fascinación pola nova pintura xunto á dimensión intimista da que partía (temos aí os ingredientes decisivos do seu labor).

O poema-berro fálanos de momentos trágicos, datados mesmo no día e hora, coma o “Pranto polo Che”. Xorde dunha vertixe emocional. O impacto que recibe o poeta xera unha resposta instantánea. A dor pola perda do carismático guerrilleiro fica sublimada na revelación poética como descarga. Cando elabora un poema longo de carácter épico como “Vietnam Canto” en homenaxe á resistencia do Vietcong acontece o mesmo. Talvez sexa este o seu poema máis preto das experiencias coetáneas da poesía visual. Logo viría a “Letanía de Galicia” onde tamén o poema entra en mutación, sofre unha transformación froito da dimensión coral e trágica até virar cara a unha dimensión visual expansiva. Por iso estes poemas teñen moito de estremecemento corporal, de sismógrafo emocional. Asoman os dentes de serra da inxustiza. O poeta rexistra cada golpe coma unha auténtica ferida.

Os grafismos expresionistas de Novoneyra recollen ese berro inarticulado. Procede a unha deconstrución dos seus versos para os dotar dunha nova vida, a

carón da intensidade perceptiva. Grafismos como aturuxos libertarios. Fendas negras na superficie branca. Violencia expresiva homeopática fronte ás agresións continuas da senrazón totalitaria.

Unha escrita do corpo, unha singular *ergografía*, é a que rexistra Uxío Novoneyra nos chamados poemas caligráficos. Trazos veloces como *graffitis* de urxencia (axilmente tatuados na páxina). Unha estratexia que tenta sortear o control racional para ir cara á profundidade do inconsciente, polos vieiros agochados dunha remota intraconciencia. Achegas xestuais na procura do inconsciente orixinario nas verbas ceibes.

Os apuntamentos manuscritos de Uxío Novoneyra figuran á sombra da súa voz encol do branco da páxina. A silueta das palabras pousada riba do papel. Ideogramas persoais cheos de forza e de enerxía concentrada. A man deixa unha informe sombra-tatuaxe: chea da autenticidade da grafoloxía espontánea. Unha escrita veloz para os seus *poemas-lóstrego*.

Existe en Novoneyra o que poderíamos definir como unha *teoría do intre*. O instante é o auténtico gardián na fronteira do tempo. O límite secreto entre o pasado e o futuro. Nesa encrucillada magnética estala o xesto como aliaxe intemporal. Espazo e tempo figuran fusionar mesmo nun momento de encantamento. A maxia do intre estoura nos poemas caligráficos. Alí está todo Uxío. A súa voz como unha fervenza. A súa lucidez. A fonda sensibilidade. O seu afecto á humanidade. A solidariedade entre o baleiro e a materia. Tempo concentrado coma no *jekt-tzeit* [tempo-agora] de Walter Benjamin.

A fenomenoloxía privilexia a mirada. Existe un pacto co instante na poética de Novoneyra. Por iso a palabra intre é sinónimo de epifanía, de instante máxico de revelación. A imaxe-eco de Novoneyra xorde como espello dunha realidade fascinante. Intres privilexiados nas imaxes dialécticas da sublimación.

Momentos de felicidade como relámpagos, que cómpre anotar amodo para que reverberen no tempo. O lendario e máxico: “Chove pra que eu soñe”, do 1953. O interrogante da mirada íntima, “Esta auga da presa son eu ou é ela?”, tamén do 53. “Morrer é ficar morto”, como dialéctica entre ser e non ser, acción e realidade inerte. “Galicia será a miña xeneracion quen te salve.” onde o lendario poema do ano 1957 vai mudar na translación gráfica nun bosque irmandiño ateigado de letras anónimas coma un exército popular de liberación. Un bosque de palabras insurxentes pola independencia do seu pobo. Cando chegamos ao poema “Din os sonos i os paxaros/ *a morte non é certo!*”, do 1959, sentimos un arrepío entrañábel pois foi o noso poema talismán fronte á desfeita de moitas perdas de seres queridos. Noutros poemas que reinterpreta no libro dos *Poemas caligráficos* imos atopar o recendo oblicuo da chuva, o afastamento case

metafísico do estrañamento. A rotundidade dun “Non podo non ser nin ser así”, maxistral aforismo da contradición datado xa na etapa madrileña do noso poeta, no ano 1961. “Nunca eu fun como te amo”, do 1962. Concluínte poema de amor dun só verso tatuado riba da páxina como unha xoia manuscrita, un torques para poñer no corpo da amada. Sabemos por Eusebio Lázaro que o poema de primeiras fluía logo noutro verso. A Reimundo Patiño vai dedicar outro poema-bosco. O territorio da infancia, inzado de fragas e soutos, do poeta serve para achegarnos ao berro expresionista da pintura de Reimundo Patiño. Ao seu inconformismo e furia vital fronte á orde inxusta das cousas: “No bosco entrelazo/ o berro que esnaquiza abre un ámeto múltiple. / Algo afima/ e algo hai tamén mui alleo en todo. / Sempre-xorda distancia e ir levado do valumbo, [1962]. Dedicada a Tino Grandío un melancólico poema-chuvia, en afinidade ao pintor lugués da brétema intemporal. Apreixa un intre de felicidade, en Madrid contra o 1965, na liberdade anatómica de Antonio Gades: “Bailas e faisme libre”. Envíalle un poema á súa compañeira, Elva Rei, a xeito de libertaria carta de amor: “Andas as rúas como si fora a praia” (datado no 1969) que nos leva a un ecoar das imaxinativas proclamas do maio francés. Pecha o libro dos seus apuntamentos manuscritos coa “Elexía perdida a Luis Seoane” [1979]. Unha curiosa homenaxe que reflicte agarimo e admiración cara ao grande pintor galego-arxentino. Vai lembrar un intre deses domingos redondos e provincianos dos que falaba Luís Pimentel. Convoca a tristeira nova do amigo morto en contraste coa felicidade daquela mañá de domingo en Lugo, onde vivía o poeta daquela. Fala de “Elexía perdida” porque en rigor non chega a facela, só agroma como apuntamento imposíbel naquel contexto. A vida segue e desmente dalgún xeito a morte do amigo.

GRAFISMOS DE NOVONEYRA

Os convulsos grafismos de Uxío Novoneyra, dos que falamos, son un persoal idioma visual. A xeito de maraña visual, arañeira gráfica, secuencia unitaria que garda o impulso dunha descarga enerxética. A pulsión xestual dunha *escrita-devalar*. A vertixe visual onde enfronta distintas direccións da escritura. Hai un xesto motor: un sismógrafo da emoción. O texto vai cara a unha viaxe onírica: onde as verbas son xesto no ar. Os poemas xestuais de Novoneyra proxectan o *espazo-inconsciente*: a xeito de radiografías enerxéticas. Amosando as liñas de forza. Trasacordos e inflexións. Dinámicos impulsos oblicuos. A pegada insomne na linguaxe cotiá encol dun espazo: o da páxina en branco de Mallarmé (que vai acoller ao azar). Todas as experiencias aleatorias derivadas do *eiquí + agora* do intre danse cita. Espazo-tempo convocando o acontecemento gráfico. Sortilexio do intre. O corpo traza o seu itinerario convulso: a rota das reviravoltas

(sobe e baixa a liña que soña). Nun errático entrelazo. A chuvia é unha sintaxe que molla. As pingas son os tiles que deixa o ceo riba nosa. A escrita é un líquido que se derrama ata esvarar sobre as nosas consciencias. A imaxe poética camiña cara ao magma primordial recuperado: a meta é o *non-sense*. Sentido e sentido han dialogar. A imaxe dialéctica tamén ha ser nas metáforas de Walter Benjamin espazo de reencontro do soño primordial. A aura é a sombra magnética do paraíso perdido. A palabra camiña cara a un complexo soño visual. A lingua daquela figura rarificada. O idioma enrarecido na viaxe do corpo. Sen chegar a ser totalmente hermética (agás nos casos extremos) a mensaxe fica como encriptada nos ideogramas veloces. *Psicografías* a remexer nos estratos da memoria. A percepción é un enigma onde o ollo é máis rápido ca palabra. O xesto é anterior á verba. A mirada da revolución das formas interiores. Memoria cara ao exterior da ollada. Linguaxe arcaica dende o horizonte do rostro. Falara Henri Focillon da “intelixencia das mans”. Estamos preto dunha sorte de *glosolalia visual*: a linguaxe acada a fasquía dun berro xestual. Os aturuxos gráficos de Novoneyra son alalás no espazo branco: rachan a harmonía convencional. Falan dende unha violencia primaria. A árbore nerviosa estoupa nas ramificacións dunha anguria xenérica. Os labirintos do espazo son os pregamentos da conciencia escindida. A lei das convulsións: unha pegada existe riba doutra. O inventario das derrotas está inzado dun sufrimento antergo: acumulado nos sedimentos da intraconciencia.

Un deixarse levar pola corrente da conciencia. O abalar do mundo coma un mantra. O fluxo dun monólogo sensorial. A profundidade que se busca é se cadra a do ilexíbel. Na procura doutra dimensión. Talvez o alén estea feito de estratos biográficos superpostos (nos sedimentos dunha alma esquecida). O *signo* como di Derrida non está daquela afastado da *forza*. A lingua ten os seus hábitos: o estrañamento poético xera unha deriva. Un *devalar visual* que non vai facer distinctions entre forza e sentido. A deconstrución que opera o poeta a través da mediación gráfica acada un novo sentido da percepción. A metáfora percorre o camiño de volta nunha ingrátida intensidade liberada no desdoblamento. O mapa do desexo tatúa os sinais contraditorios destes impulsos paradoxais. Manter en pé a escrita precisa dun baile. Dunha dinámica loucura: da audacia dun espazo sen medo. Convocando un magmático esconxuro visual. A ebriedade da liña que viaxa cara ao infinito da mente. En palabras de Novoneyra:

Os caligramas conforman unha parte esencial da miña obra. Por debaixo dos grafismos adoito poner o texto mecanográfico como referencia, como simple acompañamento porque o que escribo a man non é para ser lido: é para ser sentido. Quero dicir: sentir a súa extremada tensión gráfica.

Poderíamos nós eiquí facer tamén o xogo aleatorio. Tentar un achegamento á complexidade: alí onde se superpoñen todos os vieiros. Non hai saída posíbel nin acougo ao noso desamparo. O grafismo *horror vacui* é un enguedellado espazo amniótico da nosa incerteza primaria. A “selva de símbolos” da que falara Baudelaire ten un seu equivalente no delirio expansivo dos sinais. Colonizando a superficie como un rizoma poético deica chegar á desfeita do sentido. A salva-xe grafía da montaña: o infinito da montaña. As silveiras que medran proliferantes. A *escrita-labirinto* das ponlas das árbores. Texturas sen nome gravan o medo no corpo. A dor ten moito de farrapos dunha néboa interior. A memoria da dor traspassa o tempo. Segue viva na paisaxe. Os sinais convulsos falan dunha remota dor case inapreixábel.

Xesto de loita (corpo a corpo) coa palabra feita imaxe (mesmo interiorizada). Teñen moito estes poemas xestuais dunha caligráfica esgrima visual: trazos estilizados que voan sobre a membrana sutil do baleiro. Pousan logo, sutís, rozando apenas a superficie. Cara a non crebar o silencio profundo do espazo: o branco da páxina daquela vibra.

POEMAS CALIGRÁFICOS

Os apuntamentos manuscritos feitos cunha pronunciada urxencia (como veloces versións caligráficas e neuronais dos seus poemas) teñen o obxectivo de achegarnos cara a outro estrato. Facernos voar: alén do discursivo.

Se seguimos ao Jean-François Lyotard de *Discurso/Figura*: “O ollo existe en estado salvaxe”. Unha frase de André Breton que lle serve de talismán dialéctico recorrente ao longo das 600 páxinas dun seu libro complexo e apaixonante onde esculca no urdido paradoxal entre palabra e imaxe. Unha achega crítica ao sempre complexo tema da lingua e da mirada: con relación á arte e mais o pensamento. Lyotard toma partido polo figural como representación do inconsciente liberado. Esta indagación pode servir para achegarnos a Novoneyra. Nos trazos xestuais convoca o poeta ao inconsciente. A escrita automática da *action paintig* utiliza unha fórmula creativa que vén xa do surrealismo. A urxencia expresiva ten o sentido de conseguir unha transmisión do binomio *man-pensamento* de xeito que a razón vixiante fiquen neutralizada, dalgún xeito, pola velocidade expresiva. Urxencia vital para sobrepasar as alfándegas do control racionalista. Convocando toda a enerxía magmática dunha realidade convulsa que ten que expresar en última instancia a natureza humana máis fonda: a que permanece polo miúdo agochada e controlada pola sociedade administrada. Eclipsada na penumbra pola razón benpensante. Resulta elocuente con relación á dialéctica texto/ imaxe a opción de síntese que postula Novoneyra: “Eu a imaxe non a trato como pura imaxe, todo texto é imaxe, a imaxe non está confinada, todo texto é imaxe.” [28.09.1997]

Traspasar o sentido. Dotar o poema de nova vida: nun complexo espazo emocional arremuiñado. Como nas sinestesias os distintos sentidos son convocados daquela a unha vertixe sensorial. O propio poeta sinala o proceso:

¿Poesía da declaración e da intervención? Sí, hai algo que se quere facer patente, que se quere comunicar, non cabe dúbida, hai unha vontade de comunicación incluso, un ímpetu de comunicación. Digo na *Letanía de Galicia*: ‘Sabemos que tí podes ser outra cousa/ Sabemos que o home pode ser outra cousa’. Non incito amoso, pero hai unha tácita invitación e un non disimulado ton profetico. Entre escritura e debuxo nun principio non houbo separación, toda escritura veu dun facer signos, que nun principio eran signos que recordaban ben a cousa en si. Moitas veces por debaixo dos grafismos poño o texto mecanografiado, ou o texto composto do grafismo, porque o que eu escribo á mao non é para ser lido, é para ser sentido, quero dicir sentida a tensión grafica, que transmita a extremada tensión gráfica.

Coido que existe así mesmo unha nidia relación entre o poema caligráfico e o haiku no pensamento de Novoneyra. Falando desta cuestión Uxío achegou datos relevantes, matizando ao tempo a meirande influencia oriental no sentido de síntese e totalidade. O coñecemento deste xeito de expresión vén de moi novo. Seica foi un haiku o primeiro poema no que reparou:

O haiku debeu ser un dos primeiros poemas nos que eu reparei. Fascinoume un haiku, cando tiña quince anos. Fíxate que debín escribir os primeiros versos ós dezaoto, pero xa ós quince anos, non sei en que curso iría. O certo é que tiña unha sucinta literatura universal nas mans, e vin un haiku, lin un haiku que estaba traducido rimado, era o famoso haiku, ese que agora teño visto traducido doutras moitas formas non rimadas, pero eilí dicia: **“Una rama seca/ y una corneja. / Tarde de otoño”**. Ese creo que foi o primeiro poema escrito, no que eu reparei na miñas vida. Sí.

Noutro momento da conversa con Emilio Araújo fala Uxío Novoneyra destas cuestións e puntualiza aspectos do posíbel influxo do ideograma nas súas propostas visuais. Sitúase máis preto da chamada “pintura de acción” (onde o xesto ten moito de descarga nerviosa) ca no equilibrio harmónico propio da caligrafía chinesa.

Novoneyra achegou con lucidez algunha das claves máis profundas da súa fusión na práctica literaria-imaxe gráfica: coma cando fala do concepto “texto-en-xesto”. Que expresa moi ben o sentido de ritmo e de baile das palabras na páxina na liberdade expresiva do xesto manuscrito.

Nos poemas máis xestuais en *Do courel a Compostela (Vietnam Canto)*, o **texto-en-xesto** invade o corpo –a escrita caligráfica, ou a mesma composición tipográfica, ou mecanográfica– co patetismo das situacións extremadas dos sucesos políticos: a masacre [Chile 73] ou o asinato no *Pranto polo Che*. Tamén no *Vietnam Canto* o ademán de totalidade do texto opera como unha imaxe única, provoca un efecto conxunto de imaxe dinámica.

No *Poema Mundo Laxeiro/Galicia teima vida*, o ritmo do texto quere dar a pura impresión do ritmo vital de Galicia¹.

Neste poema ordeáanse a instantaneidade da comunicación oral, como ocorre no *Vietnam Canto*, anque máis explicitado e sen a multidirección da palabra do *Vietnam Canto*

Na conversa con Emilio Araújo sinala datos con relación á xénese do libro *Poemas caligráficos*:

Reimundo Patiño ía facer un número dedicado á caligrafía en todo o mundo: caligrafía chinesa, gaélica, árabe, etc. Estaba fascinado coa miña grafía, por iso ma pide, pra participar, a miña parte ía ser unha das partes. Pero recibe os poemas e fíxome un libro do que eu lle mandara de colaboración para unha revista. E el mesmo puxo o título de *Poemas caligráficos* [25.02.1998]

XÉNESE DA XEIRA XESTUAL

Escribiu en varias ocasións o escritor e xornalista Antón Lopo sobre a xénese dos poemas manuscritos. Dedicoulle mesmo dous monográficos a esta xeira xestual de poemas: o número 283 da lendaria *Revista das Letras*, que dirixía, e outro máis recente no tempo (o número 804 correspondente á *RDL* do mes de xaneiro do 2010)². Daquela, nese primeiro achegamento, tivera oportunidade mesmo de contrastar datos co propio autor: que unha vez máis amosa o coñecemento preciso (despois de telo estudado moi a fondo) do propio proceso de creación. Sinala Antón Lopo ao redor da xénese daquelas propostas visuais do poeta:

- 1 Novoneyra alude eiqú a propia grafía dos debuxos de Laxeiro: cun seu rechamante ritmo barroco que relembra a orografía da paisaxe galega. A comparanza que fai despois entre o longo poema dedicado ao pintor de Lalín e as lendarias composicións do “Vietnam Canto” e “Letanía de Galicia” cómpre interpretalas esencialmente con relación aos aspectos formais do texto e a disposición estética da tipografía. Aínda carecendo o poema de Laxeiro da inmediatez dese carácter reivindicativo dos outros dous: ao reflectir a paisaxe co ritmo musical da integración da figura humana e natureza, atinxe a aspectos da alma popular moi presentes na cultura campesiña. Dalgún xeito o autor dálle ao poema un estatuto colectivo e se cadra outórgalle tamén indirectamente unha dimensión política. Nese sentido, a interpretación antropolóxica do poeta vai casar co dinámico ritmo barroco das obras de Laxeiro (co substrato temático dun panteísmo lendario). O carácter coral e mesmo telúrico está presente na obra de ambos: ao facer unha interpretación simbólica de Galicia baseada na expresividade popular. As viñetas de Laxeiro que han acompañar a edición do libro *Os eidos 2* (editado contra o ano 1974) xa son obras de carácter, en certo xeito, abstracto pero a partir das referencias temáticas clásicas do pintor: o entroido e mais a natureza. Masas amoreadas de seres formando un trepidante mundo común. Dalgún xeito o pintor “ilustra” o poeta (cando recibe a encarga para o libro) mais temos que decatarmos do xogo que fai Novoneyra ao tempo: visualizando na fermosa homenaxe que lles fai aos propios cadros do pintor e á súa forma de construír as imaxes ensambladas, nun seu característico puzle vital (cara a transmitir a vida colectiva nunha dimensión de festa arreo: non exenta así mesmo dun evidente transendo dramático nas súa pintura de primeira época).
- 2 Existe outra colaboración do poeta xusto no primeiro número da *Revista Das Letras* [RDL]. Vai participar daquela, contra o 1991, con “Seis caligramas pola paz”, contra a guerra do Golfo. Grafismos ferintes e dramáticos (palabras como silveiras ou mesmo arames de púas) a partird dunha lúcida reflexión sobre aquel tráxico momento, cando Bush recomeza a deriva militarista: “Despois das terribles experiencias diste século é un insulto presentar a guerra como saída”.

En 1979, Reimundo Patiño pídelle a Uxío Novoneyra que lle caligrafe uns textos moi breves para o número un dos seus “Cuadernos da Gadaña.” Os “Cuadernos” era un proxecto moi ligado a Patiño, que no feito de publicar libros atopa unha compensación tan grande como a de pintar, confésalle ao propio Novoneyra nunha carta. [...] En principio o número non ía estar soamente dedicado a Novoneyra o obxectivo era dar unha ampla visión do grafismo no mundo e a través da historia. Caligrafías musulmanas e xaponesas, motivos celtas, grafismos medievais e, mesmo, as gravuras das lápidas do cemiterio gremial de Noia estarían incluídas no monográfico. A razón de que Patiño elixise a Novoneyra está no interese que a caligrafía dos seus poemas levantara en Seoane, que chegou a comparala cos haikus xaponeses. É por eses posibles vínculos que lle pide para o Caderno textos breves: comprimidos os versos nuns cantos trazos de grafía expresiva –como –é a de Novoneyra– permitíanlle interrelacionais perfectamente coa síntese ideogramática da poesía tradicional xaponesa. Valor engadido: o tema de boa parte da obra de Novoneyra asulagábase de natureza, con referencias continuas ós cambios estacionais –o outono: a chuvia e a rapa da folla; o inverno: a neve; a primavera: o renacer das árbores; o verán: o canto da chicharra, a sega –que conforman o elemento característico do haiku, xunto coa estrita medida das súas sílabas. Cando Novoneyra lles enviou o material, tanto Patiño como Xosé Manuel Pereiro –coordinador do volumen– dedicaron dedicarlles íntegramente o número ós “caligramas” de Novoneyra, que é a denominación que lles deron en contra da propia opinión do poeta: para el o nome adecuado sería *mecanografismo*, porque os meus poemas non son os típicos caligramas, que é unha forma dominada e reactiva, mentres que os *mecanografismos* son poucas veces parecidos, como se me dera vergonza chegar a un cliché” asegura. [...] En opinión de Novoneyra, os *mecanografismos* defínense como “unha impronta interior, biolóxica, espiritual, o intre físico total do corpo traducindo os versos”. Non hai unha dependencia exacta entre o poema e o seu *mecanografismo*: ás veces, a grafía vira nun elemento que en parte reproduce certos compoñentes do poema; noutras, o único que representa é o “intre interior, toda a súa forza con toda a súa expresividade.” [...] Anque o poeta confesa que non houbo premeditación na selección –“eu escollín os versos ó chou” de entre toda a súa produción– a vontade de afondar no momento biolóxico talvez o levou ó ser: “por vez primeira” opina Novoneyra, “a palabra ser volve ser recuperada. Ser con toda a súa forza” e –añadiríamos– con toda a súa incerteza. O ser fronte á súa aparencia –ese fastuoso “Non podo non ser nin ser así”–, o ser eu fronte ó outro, o ser eu fronte ó ser min –o mito de Narciso, insólito na poesía galega– ou o ser fronte á enerxía transformadora do amor, o ser fronte á morte e ó tempo e, dun xeito máis significativo, o ser fronte ó seu destino liberador, revolucionario: o heroe. En ningún outro libro, en fin, se reflicte como no dos *mecanografismos* a súa auto-

- 4 Gardaba Manolo Rivas na memoria dos seus anos en Madrid a retranca mesmo surreal dun dos berros dadaístas favoritos de Reimundo Patiño contra a metade dos setenta: “Vivan Mansilla de las Mulas y Destriana de la Valtuerma!” co que pechou O’Rivas a súa extraordinaria conferencia sobre Reimundo cando o invitamos ao ciclo teórico que lle dedicou a Reimundo Patiño o CGAC, en Santiago de Compostela, onde tamén participou Novoneyra cun emotivo relatorio sobre o amigo morto (moi vivo no ecoar da lembranza). A predilección por nomes como Vainamoinen (nome que utilizou arreo Reimundo Patiño) ou Fusquenlla expresan esa complexidade. Asinaron con ese nome irmandiño “Colectivo Fusquenlla” (Reimundo e uns amigos) para responder a unha crítica a Novoneyra na revista *Triunfo*. Cualificaban alí, naquela carta de resposta, os membros de “Fusquenlla” a Novoneyra como un dos “cumios líricos de Galicia”.

poética: “A poesía, a súa riqueza, é a falta de precisión e quizaves esa falta de precisión é a que fai emerxer nela o verdadeiro”.

Gustaría se cadra o poeta (de ser unha transcripción literal das súas ideas) ao teimar no concepto de “mecnografismos” facer alusión de xeito indirecto á chamada escrita automática (o método preferido dos surrealistas cara a convocar o azar) mais non é correcto para denominar os traballos que aparecían na publicación do *Caderno da Gadaña* (agás loxicamente do poema “Vietnam Canto”: que si encaixa moi ben nese xeito de expresión tipográfica experimental). “Mecnografismos” é unha definición atinada da técnica que utiliza no “Vietnam Canto” e na “Letanía de Galicia” e mesmo noutros momentos illados: onde o seu labor camiña cara ás técnicas de poesía visual que utilizan a máquina de escribir como ferramenta para as innovacións das súas esculcas tipográficas na páxina. Indagacións visuais coas letras do texto que tentan tensar o espazo en branco. Facendo unha partitura tipográfica co ritmo do poema (coa mediación da máquina de escribir). Hai unha parte salientábel das obras de Novoneyra (contra os sesenta e comezo dos setenta) que responden a esta dinámica. Coido que o nome que persoalmente adoito empregar de *ergografías* (ou grafías do corpo) é o máis preciso que se pode atopar para estes traballos. Podería existir outra denominación para este proceso: *psicografías* ou *psicografismos* (da que tamén gusto). Por outra banda son conceptos moi distintos: o de “caligrama” e o de “caligráfico” que en rigor é a técnica que emprega: a partir da súa propia letra ou caligrafía (sempre a xogar coa expresividade lineal). Vai levar logo a grafoloxía case deica o debuxo (indo alén do “letrismo” cara a reflectir a forza do trazo na “pintura de acción” e no “debuxo xestual”). Cunha técnica manuscrita que proxecta excitamento. Transmite urxencia sensorial: a páxina recolle o tremor desas vibracións interiores coma un sismógrafo. A pegada do desexo. Dispositivo pulsional da economía libidinal: se pensamos na terminoloxía de Jean-François Lyotard (auténtico mestre nestas cuestións da nova pintura corporal). Lyotard expresa ademais o contexto cultural daquela: un campo cultural amplo ao redor da contracultura no que han participar así mesmo os dous creadores galegos. Coexisten mesmo, de xeito cruzado, nunha chea de ocasións as dúas experiencias das que falamos: as estritamente caligráficas e as dos caligramas (como alegorías ou emblemas visuais que aluden simbolicamente con referencias figurais explícitas á representación da realidade do que nomea o poema). O que adoito chamar nalgún punto do presente libro como auténtica *onomatopea visual*. Por iso aínda que figure un dos entrelazos enguedellados aos que tan afeccionados foran os dous amigos (Reimundo e mais Uxío) pódese mesmo falar de xeito enrevesado de “caligráfismos caligramáticos” nalgúns casos ou alomenos de “caligrafía do caligrama”. Figuran case estas expresións unha barroca broma

moi rebuscada. Esta *caligrafía a xeito de caligrama* manifesta ao tempo un retruécano visual ou trasacordo das verbas (nun espazo paradoxal e simultaneísta). Mais as reviravoltas da tensión creativa destes dous amigos ían precisamente nese senso, a carón da ebriedade da liña e da palabra⁴. Nunha viaxe cara á abstracción: nunha explosión do sentido ata chegar ao territorio do *non-sense*. Deica acadar a patria liberada do *non-sense* (como bos “neodadás”: camiñaban case cara ao sen-sentido). Poderíamos falar mesmo, se cadra no seu caso, do *non-sense* como *promesa de bonheur*. Para eles o caos é un paraíso: onde a ríxida orde da razón coercitiva fica abolida. As *ergografías* de Novoneyra son berros contra a ditadura. Contra toda reixa que se lle poña á liberdade. Amnistía para as palabras: sempre a fuxir da gaiola da gramática.

Poema anfíbio: entre a palabra e a mirada. Ten razón Octavio Paz ao definir o poema-obxecto como unha criatura *anfibia* que vive entre dous elementos, o signo e a imaxe, a arte visual e a arte verbal: dacabalo entre o discursivo e o eido da imaxe. *Ut Pictura Poesis*: aliaxe que xa vén moi de vello. Dende tempos antigos a “emblemática” reparou no misterio entrelazado: no urdido das dúas poderosas linguaxes simbólicas. O idioma dos “emblemas” deu paso logo ás *impresas* que combinaban o epigrama poético coa imaxe plástica. Non está afastada a dinámica de creación dos poemas caligráficos de Novoneyra desta liñaxe. Unha xenealoxía que xorde como alegoría nas imaxes do barroco. A metáfora poética ten moito de viaxe visual. Xa na orixe como virtual mestura de obxecto e palabra. Sinal da linguaxe e fenómeno sensorial. Unha dobre tatuaxe que a imaxinación creadora vai axuntar ao longo de moitos momentos. A *impresa* como xénero poético-pictórico co seu ronsel aberto de influencias nunha mesta iconografía. Os lemas como traducións visuais dunhas determinadas claves. Hai algo, ás veces, de misteriosa linguaxe cifrada en Novoneyra: se reparamos nas súas tatuaxes xestuais de versos libres podemos pensar nunha taquigrafía de urxencia nun muro. Como unha pintada nunha parede: con rudos trazos veementes. Catro trazos para unha verdade existencial. Tamén o podemos ler como contrasinal: mensaxe agochada en clave (por mor da censura) no interior dun texto convulso, distorsionado. Unha *escritura-límite* que vai na procura de expandir as lindeiras entre os xéneros. Coma un berro visual. Nun espazo plural, aberto. As palabras teñen direccións (sentidos diversos) no poema. O que fai a proposta visual de Novoneyra é salientar ese vectores. O poema-xesto indica eses vectores de dirección como paradigmas visuais. A simultaneidade do espazo fai tamén que rexistren diferentes momentos: por iso hai ritmos distintos que coexisten na mesma páxina (ás veces enfrontados). Para salientar ese carácter procesual, cos distintos estratos temporais sedimentados. *Ergografías* como

presenzas disgregadas a reflectir o novo desacougo. A escrita ha recoller a convulsión, a desfeita da “nova pobreza” da que falou Walter Benjamin. Os tempos de precariedade que recolleu Holderlin.

Pasado o tempo dese impulso da poesía visual co baile tipográfico na páxina (“Vietnan Canto” e “Letanía de Galicia” de xeito privilexiado) o poeta vaise centrar nunha hipnótica práctica intemporal: nun seu xogo instantáneo que lle resultaba tan gratificante. Fica apreixado nesa arañeira hipnótica que xerou cos seus garabatos de raigame informalista. Na procura da vertixe do instante. Un Eureka visual: onde a verba xoga a destruír o sentido. A aliaxe da imaxe co texto apreixa o intre. Fica así definido visualmente ese punto de intensidade máxima: arelado climax visual que o autor procuraba na súa obra. A través dos grafismos expresionistas que han proxectar de dentro cara a fóra ese berro visual (que quixo expresar sempre). O silencio profundo do Courel, condensado simbolicamente, virou logo nun berro de angustia fronte ao Mundo.

O poema toma corpo: a palabra pousa riba do papel para emprender o voo. Poesía expandida. Xorden daquela estes seus poemas verticais: coma constelacións ingravidas. Todo o saber-zen do poeta do Courel sublimado en cativas pímulas gráficas. Un proceso de condensación simbólica cunha forza visual expansiva. O poema estala: reverte polas beiras. Ocupa o espazo. O poema é unha onda expansiva. Poesía-acción. Un garabato aleatorio de letras en liberdade. Un eco que resoa dende o epicentro dos cumios do Courel cara a lanzar un berro de liberdade ao mundo. Un aturuxo libertario, rebelde, heterodoxo, solidario. Un berro a favor do *poema-intre*. A natureza e o ser humano forman corpo común no entrelazo destes sinais: o labirinto que transportamos. Por iso Uxío Novoneyra gustaba dos músicos do *rap*: simultaneidade das voces amoreadas a manter viva a idea de comunidade. Alén do tempo (coma un talismán): eiquí están estes seus fermosos *poemas-lóstrego*. Palabras de resistencia aos tempos de incerteza. Graffiti de Novoneyra, cheos de música, á procura incesante da liberdade para o seu pobo. *Canto cosmos!*: nos poemas caligráficos de Uxío Novoneyra.



Mo
Zhang
Ping
R. Y. Yuen

ist.

Wm

Conto

Warrant

Wolo Ch's

Dr. Wm. H. Hays
1968.



NATUREZA E PAISAXE DO COUREL

Xosé Benito Reza

Agradezo a invitación da RAG con moita humildade e compromiso, e penso que o feito de que eu estea hoxe aquí poida que responda máis aos latexos dalgún xeneroso corazón que aos pulsos desa mesma ilustrada razón. Porque eu non son ningún experto en xeoloxía, nin en flora nin en fauna, e moito menos coñecedor a fondo do Courel. Hai moita xente experta en todas estas materias, como os Guitián, Castroviejo, Pérez Alberti, Pablo Ramil, Antonio Rigueiro, Xabier Amigo, Vidal Romaní, Jesús Izco, Xesús Domínguez etc. Porén, e co permiso de todos eles, intentarei cumprir con esta encomenda.

Entendo que o máis importante para poder interpretar unha paisaxe determinada é a necesidade que temos de sermos xenerosos no estudo de cada un dos elementos que conforman ese pequeno mundo, nun proceso sosegado e analítico, “delicadamente analizador e xenialmente sintetista” que foi o reto que nos lanzou Otero Pedrayo, e que vai desde os procesos tectónicos, o solo, o clima e a multitude de ambientes que xeran as formas, ata a cobertoira vexetal e a fauna asociada a eses hábitats, e rematar necesariamente con nós mesmos, no noso xeito histórico de entender e aproveitar o que a natureza puxo nas nosas mans, e de como nós a modelamos e nos adaptamos ao longo dos séculos ata nos fundir con ela.

É necesario pois aprender do que nos contan e falan estes nosos investigadores desde cada unha das disciplinas da ciencia, e logo, unha vez decantados todos eses coñecementos, descubrir abraiados a razón verdadeira e última da composición, do porqué o mundo se presenta así ante os nosos ollos. E con todo isto rematas por pensar en que ledicia sería que todos os galegos souberan interpretar na orixe a razón do mundo no que viven, e de que os nenos dispuxeran das claves mínimas adquiridas na casa e na escola para espertar ao mundo vital que os rodea, e sentirse así moi orgullosos do pequeno país no que naceron.

Trátase en resumo do que dixo hai 150 anos Alexander von Humbolt en Kosmos: “calquera intento de elaborar un cadro xeral da natureza é tan difícil que en lugar de limitarnos a describir en detalle as riquezas das súas formas tan variadas, propoñémonos pintar os grandes conxuntos”.

Se a Serra dos Ancares se ten por prolongación da Cantábrica, o mesmo podemos dicir do Courel. De feito a gran cordilleira do norte da península entra

en Galicia directamente polas terras de Rao e Piornedo, que é onde acada as súas máximas cotas na nosa terra, moi preto dos 2000 metros, e logo continúa en senso suroeste polo Courel deica morrer nas mesmas terras de Valdeorras, do val do Sil e do godello, onde o vello río si marca xa unha fronteira precisa entre os derradeiros estertores da prolongación cantábrica e os derrames e montuosas xeografías que chegan polo mediodía, desde Pena Trevinca, A Cabreira e a Serra do Eixo.

Hai tanta continuidade, tanta confabulación e compenetración entre todos estes soberbios conxuntos que non é a primeira vez nin será moito menos a última en que aos osos de Somiedo e Muniellos se lles dea por vir pasear Galicia. E vénme ao maxín, con especial emoción, a viaxe espectacular daquel oso novo e aventureiro no 2006, que se entremeteu polo cordal de Ancares e chegou logo ao Courel, coma unha sentinela vixiando a fronteira desde os cumiais (que tal dixo un día Ferrín) e rematou para abraio de todos esnaquizando unha alvariza no concello de Rubiá, preto da Pena Falcoeira.

Cando falamos de serras coma estas non é fácil establecer os seus límites dun xeito meridiano. Ata onde chega ou se estende ese país, esa paisaxe en particular. Algúns autores entenden que o Courel é a parte central dun gran macizo orográfico que se estende desde o río Valcarce polo norte ata o val do Sil e dos vellos guigurros polo sur, e desde o río Burbia en Vilafranca e a fochanca de Ponferrada polo nacente, ata o encontro do Sil co Lor nas estremas occidentais. Logo pecha cara ao norte pola serras da Trapa, os montes do Incio, a Serra do Oribio e do Rañadoiro atravesando os concellos da Pobra do Brollón, O Incio e Samos ata bater de novo nesta rolda orográfica nos Montes do Cebreiro.

Cebreiro! Faro! Iribio! Cervantes! / Ancares! Capeloso! / Montouto! Rebolo!
Cumes Mouros do Courel! / Serras longas de Oencia e Val di Orras!

Outros autores concretan máis e explican que a serra é o cordal montañoso que vai no senso NE-SO desde o camiño de Santiago, nas terras altas do Cebreiro, ata o val de Quiroga, presentando tres cumieiras principais que superan os 1600 m de altitude: o Alto do Faro, Formigueiros e Pía Paxaro, e que a este cordal básico poderíamos engadir unha proxección occidental ata o Alto da Escrita e outra cara ao leste ata o Montouto.

Inda así eu entendo que en moitos outros lugares, e tamén aquí, hai un xeito máis sinxelo de assimilar a xeografía e debuzar o país, estou a falar por exemplo do Ribeiro, de Valdeorras, do Baixo Miño ou da Arnoia, porque en moitos casos o apego e a comunión da xente co seu país vén marcado sobre de todo polas augas do río que lles canta na orella todas as noites, do dominio e atracción deste sobre todas as terras que gravitan en rodopío, e por iso podemos dicir, dun

xeito máis conciso e preciso, que o país do Courel é a serra homónima coas cabeceiras dos ríos Selmo, Soldón e Ferreirío, que agatuñan pola caeira sur ata esfragar en terras das lendarias silouras, máis todas as terras que domina o río Lor e os seus afluentes, desde que aquel abrolla nos montes do Cebreiro por riba dos 1300 m de altura ata a súa extinción no río Sil, mil metros máis embaixo. Un territorio que na meirande parte pertence ao concello de Folgoso do Courel, un pequeno anaco nos nacentes a Pedrafita do Cebreiro e a ladeira sur da serra a Quiroga.

As diatribas e debates que se montaran nos vellos tempos, entre Lamarck, Cuvier, Wallace, Lyell ou Whewell; entre vulcanistas e neptunianos nos albores da ciencia da xeoloxía, axúdannos hoxe a comprender a razón da forza descomunal que despregou o cicel acuático do río Lor dando como resultado este país do Courel. E para iso temos que nos remontar cincuenta millóns de anos, ao período neoxeno, de cando xigantescas moles comezaron a bascular, e mentres uns bloques soerguían de novo como este macizo onde se instala o Courel, outros bloques afundían en rodopío acugulando arxilas e lama, en lagos e lagoas bretemosas onde un día viviron os grandes saurios do Mesozoico, como por exemplo aconteceu coa cubeta ou fosa terciaria onde se chanta a Terra de Lemos, a de Ponferrada ou incluso a tan próxima de Quiroga pé do Sil.

Como consecuencia, os ríos que xa antes do Terciario levaban canso camiño andado perderon iso que chamamos perfil de equilibrio e comezaron a furar de novo nos depósitos metamórficos de xistos e lousas, nun proceso coñecido como antedecencia. Velaí a razón de que o Lor como tantos outros producira semellante fenda, do entallamento tan brutal de todos estes vales que escorregan cara aos bloques afundidos, mesmo de que o Sil se puxera a traballar de novo xerando tan abraiante canón, un lugar propicio onde rezar unha eternidade.

No Courel admira e sorprende que inda despois de tantos eóns poidamos admirar neste territorio unha formación paradigmática e única en Galicia, relíctica daquela primeira oroxene hercínica tan antiga: o pregue deitado do Courel. Desde o miradoiro próximo ao Alto do Boi, entre os lugares de Campodolas e Leixazós e ao longo duns once quilómetros, poderán contemplar abraizados o sinclinal do Courel, onde se evidencian as forzas descomunais desatadas hai 320 millóns de anos, que dobregaron, modelaron e esmagaron ao seu antollo os materiais preexistentes do silúrico e do devónico, e tanta é a súa antigüidade que nese mesmo lugar se pode comprobar como a parte superior da formación, o chamado anticlinal do Piornal, quedou practicamente desmantelado e aniquilado.

Tal e como explica Vidal Romaní, o patrimonio xeolóxico e paleontolóxico do Courel é dunha extrema importancia, tanto para comprender a xénese da nosa terra e da meirande parte dos ciclos xeolóxicos, como pola súa extraordi-

naria xeodiversidade atendendo á existencia de todo tipo de rochas metamórficas xeradoras desas paisaxes alombadas, mesmo voluptuosas, tan típicas de estas abas das nosas serras orientais. Terras que contrastan coas paisaxes caóticas da Galicia occidental granítica, a dos grandes bolos, illados penedos e castelos lanzais como os que asoman nos altores do Ribeiro e de tantos montes do litoral.

E por se fora pouco, no Courel descubrimos esa rareza de pedra calcaria, que presenta nesta bisbarra varias bandas dunha lonxitude considerable. Vémola desputando en outeiros e touticeiras onde o tempo, paseniño pero sen descanso, vai esnaquizando as lousas que son moito máis febles, e tamén xera moi interesantes formacións kársticas, que sen dúbida veñen enriquecer aínda máis o patrimonio xeolóxico da bisbarra e as súas tan contrastadas paisaxes, como son as covas e simas da Buraca das Choias, a Cova do Oso, a de Aradelas ou a gran sima da Cova de Campelo en Esperante.

Por último e inda que os efectos do glaciario, sinaladamente da última glaciación do Wurm hai dez mil anos, non son moi patentes, si quedan vestixios que sobreviviron ao enmascaramento producido pola erosión fluvial, como acontece por exemplo coa lagoa de Lucenza, na morena atoadada dun vello glaciar, un lugar idílico e evocador, cuxa morfoxénese nos remonta aos tempos dos grandes xeos, das mandas de bisontes, das pinturas rupestres e dos vaivéns dos océanos e as terrazas fluviais dos grandes ríos.

Terra alta e crara de Lucenza / Onde se ollan cerca as serras lonxanas!

Vidal Romaní propón a creación no Courel dun centro de interpretación xeolóxico e tamén paleontolóxico en atención aos tantos fósiles presentes. A dicir do profesor, O Courel conserva a secuencia máis completa da historia xeolóxica de Galicia, é un libro vivo onde amosar a evolución da tectónica, e por iso merece preservarse.

Serra aberta / inmensa antiga herencia!

FLORA

Por moi diversas razóns que atenden á contrastada xeografía do Courel, coa presenza de tan angostos vales, pinas abas e cumieiras que se erguen por riba dos 1600 m; ás distintas orientacións e luminosidades que se dan entre montes e serras pola disposición das fallas e do traballo nunca rematado dos ríos, á calidade do substrato e da rocha nai que como vimos pode ser moi variable, e o illamento secular que sufriron todas estas poboacións polas más comunicacións, non é de estrañar que no Courel se conserven aínda hoxe algunhas das mellores manifestacións da biodiversidade galega.

Por se isto fora pouco, o Courel instálase ademais no límite de dous mundos moi contrastados e dispares: o mediterráneo, que lle chega polo sur rubindo polo val do Lor e o eurosiberiano que domina o resto do territorio, e esa situación de fronteira entre as dúas biorrexións, de ecotono entre especies, onde se arrexuntan dous ambientes tan dispares, fai que a riqueza biolóxica do Courel varíe e se multiplique considerablemente. Aquí xúntanse e confúndense hábitats e especies ibéricas propias dos ambientes extremos da meseta con outras habituadas aos ambientes de montaña e ás humidades oceánicas. Valla como exemplo que polo val do Sil a precipitación non chega aos 1000 l/m² pero nas cumieiras das serras supera os 2000.

Se comezamos pola parte superior veremos que aló, nas partes máis duras e arrebatadas, próximos os cumes, e xusto por riba do límite natural do bosque nestas latitudes se instalan as brañas ou pasteiros higrófilos vivaces de montaña, as turbeiras que aparecen aló onde a humidade acada niveis moi elevados, mantendo un permanente asolagamento, e algún piorno illado. Pero o máis rechamante é a presenza dos cimbros nas cimbras cimeiras (ou “enebros” rastreiros), que de vez van con arando de turbeira, e que son unha reliquia do tempo dos glaciares que só quedan nestas extremas.

Pero sobre de todo no Courel o que vén axiña é o que máis abraia, porque un pouco máis embaixo asombra a presenza de notables fragas, bosques que se nos antollan primixenios, relictos evocadores doutros tempos nos que, queremos imaxinar, a meirande parte de Galicia estaría cuberta de bosques semellantes a estes do Courel.

Estas fragas, que se chantan na cabeceira dos vales orientados ao norte e a poñente, e por iso sempre húmidas e recendentes, son tesouros naturais únicos na nosa terra aos que as xentes do país chaman devesas, como as da Rogueira en Moreda que está incluída na lista dos bosques máis importantes da península, ou a devesa da Escrita preto de Paderne, e as de Romeor e do Faro. Deste xeito, nos estreitos e elevados vales, de fortes pendentes e abas sombrizas, por camiños intransitables, a salvo dos lumes famélicos e as tallas abusivas, sobreviviu durante milenios a natureza galega levada á súa máxima expresión, ou sexa ao clímax na sucesión ecolóxica.

Andan por alí mesturados, naquela escuridade verdeal, entre os 800 e os 1400 m, o carballo de montaña, o carballo do país, e o seu híbrido co anterior. No principio, nas zonas máis arredadas e sombrizas, facendo camiño no devalar de valgadas e barroncas, despuntará sen dúbida ese alarde luminoso e espigado dos fráxi-les bidueiros. E con eles, a medida que a terra afonda e desafogan os regueiros en gorxas máis abertas e nutritivas, aparecerá toda esa restrá de especies que nos marabillan: os “capudres” ou cancereixos cos seus acios esplendorosos, os acivros

no fondal de sombras imprecisas, desas acevedas que son lacena invernal tan cobizada polos seres todos do mundo nemoral; e seguirá aquela escuridade mesta amplificándose nos poucos e negros teixos que aínda sobreviven na nosa terra. Toparemos tamén abeleiras, freixos, sanguíños, e esa rareza no país galego que son as faias, como o faial da devesa de Fontefermosa. E por se todo isto fora pouco, agatuñando polas corgas, aínda con tanta escuridade e ese continuo abafar de humidades e suores vexetais, desenvolve ao amparo de tan exuberante fraga un sotobosque extraordinariamente diverso e con presenza de importantes endemismos ibéricos.

Estamos abofé nun santuario natural, nun relictos de extraordinario valor, lembranza daqueles tempos pasados de cando comezaron a se retirar os xeos implacables para deixar paso ás planifolias que todos coñecemos.

*Augas brancas da Rogueira! / Bouzas pechas d'uces e xestas! /
Abrairas teixos faias xardois e reboleiras!
Eiquí sempre foi bosque...*

Por se fora pouca tanta riqueza, a presenza desas bandas e esporóns calcarios propician a aparición dun convidado inesperado: as aciñeiras orocantábricas nas zonas de media ladeira, por baixo do corazón das devesas. E xunto con elas, en íntima comunión, xorden espiñeirais con especies como as silvas, roseiras, cerdeiras bravas, abruñeiros e estripeiros, que nas zonas máis baixas e quentes se mesturan cos érbedos e que son un agasallo para tanto paxaro como por alí anda solto.

Acións gachos de Cido / i os da Veiga do Lago!

E por se non abundara no Courel, ao igual que no resto do territorio galego, tamén abundan as carballeiras, e sobre de todo as reboleiras que dominan as áreas máis sollías, nas abas máis secas e luminosas. Son as carballeiras do piso montano das nosas serras, emprazadas nas corgas e nos vales afundidos, mesturadas con moitas das especies das devesas: capudres, acivros, bidueiros, olmos de montaña e abeleiras, e tamén pradairos e sanguíños, e outras máis miúdas e recatadas como madresevas, anemones, hedras, violetas, fentos e un longo etcétera... Todas elas, ben en comunión cos arandos constituíndo a impresionante comunidade das nosas típicas carballeiras galaico-portuguesas, e sobre de todo as reboleiras laciano-ancarenses de carballos cerquiños, son as touzas que desde tempos inmemoriais aproveitamos para leña, e que conforman os nosos bosques caducifolios máis extensos e coñecidos.

Entre todas estas masas compactas de vellas e maxestosas árbores espállase o mato das uceiras, resultante da degradación das serras polos lumes, o pastoreo e as tallas continuadas. A especie por excelencia é a uz vermella ou moura, pero

é frecuente a súa conxunción coa carqueixa, e tamén con outras queirugas como a cinerea, o breixo de umbela, a daboeira ou a queiruga de cruz. Por estas partes altas dos lombeiros tamén son frecuentes as repoboacións forestais con pino silvestre e de vez, cando o solo é máis fondo e xeneroso xurdirá o mato de leguminosas, ben piornais nas partes máis elevadas, frías e aventadas ou ben xesteiras de xesta negra e xesta branca nas partes baixas e nos baldíos resultantes do abandono das leiras lembrando que, en tempos non demasiado afastados e aínda lembrados, se facían estivadas, e rozas e tapadas nos montes, onde sementar estas boas leguminosas e fabricar logo pan ou carne para todos nas terras así nitroxenadas.

Estamos xa moi preto das aldeas, en terra de agras, campos, eirados, cómaros, sebes e valados itinerantes, definindo mesuradas xeometrías que nos anuncian a témera e sutil inminencia dos humanos. Aquí, acantonados arredor das aldeas topamos outra das formacións máis senlleiras e que confiren ao Courel unha indiscutible personalidade: os soutos de castiñeiros. Porque o castiñeiro sempre foi por estas terras frías e rachadas sinónimo de riqueza e seguro contra as fames negras que abofé chegarían ciclicamente ao longo das centurias. E por iso neste país cada aldea ten apegada a ela un soto de maxestosos castiñeiros, e os labores para o seu aproveitamento integral, os sequeiros a so pé das vellas caracochas onde se preparaban as castañas para as máis duras invernías, a castañeira e os magostos, a gastronomía asociada, son parte esencial do patrimonio cultural do Courel.

Se seguimos cara a embaixo, deica a fochanca do Lor, iremos por carreiros e congostras entre herdades, prados e lameiros que bican os pés nas augas cristalinas, e algunhas froiteiras vellas que van a rentes dos valados, e de vez, na mesta escuridade da corga que corre parella escoitaremos o estrondo de ferverzas e ruxidoiras invisibles, ata que por fin, na inminencia das augas do rego que xa é río ou regueiro topamos co bosque de ribeira, masas compactas itinerantes que amparan os cursos e que cumpren unha función primordial como corredores ecolóxicos. É o dominio dos amieiros, e tamén de salgueiros e vimbieiras, e do freixo de follas anchas, de sabugueiros, estripeiros e mesmo chopos negros que tamén gustan da humidade e das néboas preguiceiras. Ao seu través, coma se fose unha rede neuronal agatuñando desde o val ata as devesas máis recónditas, flúe no Courel a enerxía toda da súa natureza.

Vendo i ouvindo o río / vaise o tempo sin sentilo

Quizais agora, alcanzados os fondos do país poidan pensar que tanta regalía rematou xa, pero non é así porque paseniño iremos detectando unha mudanza nos aires que veñen, máis temperados e pousóns, que traen recendos inesperados de ouregos, tomiños, escornacabras e cantroxos. Son os ambientes medite-

rráneos que pulan cada vez con máis forza para penetrar en punta de lanza no Courel, porque non podemos esquecer que estamos na rede de drenaxe máis importante de Galicia, a do Miño-Sil, e esta realidade xeográfica ten determinado que outras especies propias da rexión mediterránea teñan acadado o mesmo corazón das nosas montañas. E por iso, cando estamos a piques de rematar o descenso, comezan a colonizar os montes e as pendentes máis pronunciadas tres das especies máis representativas dese mundo mediterráneo: as sobreiras, os érbedos cos seus alcólicos amorogos e o loureiro romano. E como acompañantes topamos como era de esperar coas xaras e as carpazas e tamén coa xesta negra, a xilbarbeira, o heboro, o trobisco, o codeso e incluso outro freixo diferente que é o freixo mediterráneo de folia estreita.

*Tódalas tardes traguía / gargantillas de morodos / i arandos que eu collía.
En chegar comíos todos*

Por todo isto entendo que non con maior gloria podíamos rematar esta viaxe cara a embaixo polo mundo vexetal, desde os tesos cumes que ollan de lonxe. Sendo conscientes de que no Courel atopamos 70 comunidades vexetais con 52 endemismos ibéricos e preto de 800 especies distintas, o que representa nada máis nin nada menos que o 40% de toda a flora vascular galega en apenas o 1% da superficie total do noso país.

FAUNA

Se antes explicamos que tanta diversidade era debida aos múltiples ambientes que topamos na montaña e nos angostos vales, e tamén a aquela diversidade xeolóxica que xera notables mudanzas na composición dos solos, das súa textura e estrutura, é obvio logo que tanta riqueza e variabilidade teña que resultar tamén nunha fauna moi complexa e especializada en cada un dos ambientes, hábitats, paisaxes ou ecosistemas que rematamos de descubrir. Velaí a razón de que en tan cumprido espazo atopemos unha biodiversidade excepcional no conxunto do noroeste peninsular: ata 160 especies diferentes de vertebrados en apenas 200 quilómetros cadrados de superficie.

No Courel, só en aves, existen preto de cen especies diferentes. Unha sinfonía de asubíos, chirlos, rechouchíos, parloteos, crocitaires, reclamos e alarmas percorren acotío as nosas montañas despois da candeloria que é cando comezan a casar os paxariños. Calandras, cotovías, laverca e paspallás nos campos e cultivos, pitos, ferreiriños, picafollas, gabeadores, ouriolos, gaios, zuritas e as diminutas estreliñas enchen de troula festeira os soutos e os bosques mestos; o chasco, a papuxa montesa, a escribenta riscada, os picanzos e as xa tan escasas charrelas campan polos espazos abertos ou abanean na curupela das uceiras; lavan-

deiras, papuxas, pimpíns, fulepas na fraga hidrófila das ribeiras, e a carón das aldeas, nas leiras e labradas, andan os xílgaros, verderolos, xiríns, piscos e varias escribentas máis.

De entre todos eles destacan o pico negro e o mediano, o ferreiriño de caluga negra que foi paxaro do ano da SEO no 2009, o papamoscas gris, rabirrubio real, abelleiro europeo, azulenta papuda, pica follas cantor, piquelo azul, merlo rubio, choias e o bufo real que asexo nas fonduras do bosque. E por riba de todos eles campan, fachendosas e imponentes, as donas do vento: as grandes rapinas como o miñado negro, a aguiá cobreira, a gatafornela e a rapina cincenta, a aguiá caudal, o lagarteiro e os grandes cazadores como o falcón peregrino e o azor.

*Cotolovíos ouriolos tordos merleaos! Paxaros e paxariños polos ríos
Polo soute e polos chaos / e bandadas e bandadas / de estorniños polas labradas*

Hai tamén unha boa representación de anfibios e réptiles cun total de 24 especies nas que destaca o lagarto das silveiras, a lagartixa da serra, das brañas e dos penedos, a píntega común, o pintafontes, a asombrosa salamántiga rabilonga que é endemismo ibérico, a ra patilonga e a rela, e tamén cobras como a cobra rateira, a serpe riscada, as cobras das augas e por suposto a víbora de seoane na súa subespecie cantábrica ou de montaña.

Por baixo da cúpula foliar das devesas, de fragas mixtas e reboleiras, cando a penumbra permanente transmuta en noite impenetrable, hai milleiros de ollos de seres lizgaios, curiosos e hiperactivos, tan espelidos como o musgaño patiblanco, a musaraña tricolor, a toupeira vermella e a nival, o leirón gris, e ese rato tan raro con trompa de elefante que navega polas marxes dos regueiros do rato almiscreiro ou desmán ibérico. Todos eles son comida abondo para os grandes e medianos carniceiros, para as raposas e unha morea de mustélidos como a doniña, a marta, a garduña, a algaria, o teixugo e a lontra, e incluso para os poucos gatos monteses que inda quedan. E quedan por suposto liberados desa presión os últimos chanzos da pirámide ecolóxica, de corzas e xabaríns a esgalla donos hoxe das herdades abandonadas, quizais algún cervo extraviado bradando pola serra adiante, algún deses osos transeúntes dos que falamos antes, e por suposto...

*O lobo! os ollos o lombo do lobo!
Ruxindo nas flairs dos teixos / Ruxindo na folla dos carreiros
Con toda a sombra da noite na boca*

Entre todos fan un total doutras 50 especies máis, sen esquecer os numerosos morcegos que ben aproveitan tanta fendedura e rachadura nas bandas de calcaria marmórea da serra. E bolboretas a milleiros que polo visto son outra proeza desta terra.

A XENTE

Mesturado entre tanta vida, entre tanta pródiga e prodixiosa natureza, vivimos nós durante séculos innumerables... Nas aldeas que hoxe esmorecen... traballando e creando paisaxes dunha espectacular beleza, no intento desesperado e brutal pero finalmente frutífero por domear tanta forza descomunal.

*Ucedo e ucedo! / Fontiñas outas / penedos / carrozos escuros /
fragas agros soutos e devesas! / Labregos e pastoras
/ que solo vistes / istes tesos e estes vales!*

Aquí, nestas terras frías e húmidas a montes, con tanto illamento e tan brava natureza, non pasa como por exemplo no Macizo Central ourensán, onde a culminación ou derradeiro chanzo da montaña é un mundo aberto, extenso e xeneroso, que foi en tempos unha regalía en veceiras, con vacas, cabras e ovellas a milleiros, porque no Courel, onde os montes se precipitan e esfarelan case de inmediato, sucumbindo ante a presión dos vellos xeos ou da atracción dos novos ríos, non houbo máis remedio que arredarse dos tesos e da noite perpetua das devesas, porque a pouco que se suba xa se pasa dos mil metros, como lle acontece a Miraz, Paderne, Pacios ou Zanfoga, e non hai quen aguante, e tampouco hai quen se sosteña naquelas pendentes tan extraordinarias. E tampouco pasa coma nos vales leoneses, que abren pola outra banda da serra e que locen gornas luminosas e farturentas onde entra o sol ata no inverno. No Courel, con vales tan encaixados e constrinxidos que apenas hai paso habilitado para o río, co tortuoso taxo tan acantonado, os únicos espazos produtivos onde poder instalar con garantías a primitiva choupana foron os chanzos producidos pola erosión diferencial, os interfluvios e as terrazas fluviais. Nestas áreas decantaron os sedimentos que foron deixando os ríos, e tamén repisaron como resultado da erosión periglaciaria que laminou os lombeiros, e que paseniño foi recubriendo as partes baixas das ladeiras con feraces depósitos. Se ben, como di Ferrín falando do noso Arnoia, por moito que se aproximen, as xentes sempre recean dos ríos, e aquí sería impensable montar unha poboación no medio dun río como acontece por exemplo na Ile de la Cité da vella Lutecia. Nós, pola contra, examinamos con parsimonia científica a xeografía fluvial, porque non nos fiamos, e por iso procuramos un relanzo, un miradoiro ou incluso un esporón roqueiro onde montar a ermida, non demasiado lonxe das augas imprescindibles, pero si o suficientemente afastado de avenidas, humidades, néboas preguiceiras e xeadas negras que produce a inversión térmica, e podermonos asegurar así unha raioliña de sol, a estabilidade estrutural do asentamento, un mínimo de campos que nos dean de comer, e xa que logo a permanencia futura do noso eido, unha elección que se nos antolla extraviada na

noite das idades, de canto finalmente baixamos dos tantos castros como andan por aquí espallados.

Isto é o que acontece en tantos e tantos lugares desta terra, estirados e enfiados polos cavorcos enriba, engruñados nas corgas máis abrigosas, aproveitando as terrazas erosivas que quedaron penduradas sobre do río. Sempre, sempre, na procura da calor do sol do mediodía, independentemente da marxe do río na que esteamos. Acontece aló nas terras altas das fontes do concello de Pedrafita, con Sisto, Trabazas, Pazos e O Seixo. E tamén en Meiraos, Vilasivil, Miraz e Paderne que van seguindo fielmente a corga do Río Pequeno; e tamén con Parada e Moreda no Rego da Brancha, Eiriz no Lóuzara, ou Froxán, Vilar, Vilamor, Sobre-do e Esperante na mesma gorxa do Lor. Inda máis paradigmáticos son os casos dos dous núcleos máis importantes do Courel: Seoane e Folgoso, que se chantan precisamente nas zonas máis propicias e agradecidas do país, nos interfluvios onde o Lor se topa co Pequeno e no entronque daquel co rego de Carballido non lonxe do Lóuzara, a tan só 600 m de altitude, cando por un intre, glorioso e feliz, abre o mundo pequeno de arredor.

Segundo explican Luís Guitián e Pérez Alberti a pontencialidade do solo foi a que, evidentemente, marcou os usos da terra e o seu aproveitamento futuro: as centeeiras e restrebas, o pan das searas, emprazadas na parte de riba limitando co monte baixo de uces e carqueixas; os campos de cultivo, agras, labradas, hortas e froiteiras e hoxe tamén as xesteiras, arredor da diminuta aldea; prados e lameiros en socalcos sinuosos situados a un nivel inferior onde levar as augas dos mananciais superiores e da parte alta dos regueiros, e por baixo, nas partes máis avesedas e constrinxidas, sobre de todo se son ladeiras orientadas ao norte e polo tanto máis sombrizas e húmidas, os soutos e as touzas, as fragas e as reboleiras, cubrindo a gorxa enteira ata bater e se confundir no bosque de ribeira.

Estas paisaxes, cos seus socalcos, eirados, campos, agras, hortas, eixidos e un milleiro de parcelas foron dispostas baixo a normas dunha ciencia que esvaece, cos seus muíños, pontes, fontes, alvarizas e sequeiros, coas corredeiras da serra que van a ningures e que tanto nos reclaman. Tanta vida debida... A uniformidade que trae o abandono mata as cores e transforma o mundo nun escenario gris e opaco, que apenas di nada.

O Courel é lugar de interese comunitario da Rede Natura 2000. E supoño, e espero, que por esa razón e pola aplicación da nova normativa en materia de territorio e paisaxe non se volvan abrir novas canteiras, tampouco novos aproveitamentos hidroeléctricos logo da aprobación por unanimidade dunha moción no Parlamento en data tan recente como o pasado día 8 deste mes, e tampouco parques eólicos que foron declarados como actividade excluínte en zonas de Rede Natura e que parece que o novo goberno da Xunta vai respectar. Pero todo

isto, que sen dúbida debe repercutir na salvagarda de tanta riqueza natural, non vai asegurar a permanencia dunha das especies máis ameazadas do Courel: a especie humana, hoxe claramente en vías de extinción. Só no concello de Folgoso, o corazón do Courel, e segundo as estatísticas, perdeuse no século XX case un 70% da súa poboación, unha sangría de dimensións estarrecedoras sen parangón en Galicia.

Hai trinta anos que entrei por vez primeira no Courel, foi nun día de néboas mestas e un barbañar cadencioso no medio da serra, que entre tanta montaña, cando nos colleu a noite pecha, perdida a tenda de campaña no medio do monte e das tebras, mesmo medo daba. Ao día seguinte fixemos campamento dentro da escola esborrallada de Moreda, e tomamos un grolo ao lusco fusco dunha lámpada cagada das moscas, na cantina da aldea, mentres un neno, que hoxe será home e a saber onde andará, xogaba cun ourizo cacheiro por riba da barra.

Logo de tantos anos fago votos para que a patria de Uxío Novoneyra, coma tantas outras nas que inclúo a miña Celanova, non se convertan nun ermo triste e silencioso, onde a única voz que se escoite sexa o rumor do vento entrefebrado nas devesas, ou o asubío seco e áspero do chasco nas pólas verdes dunha infinda uceira.

*Barbaña barbaña... / que noite de lobos! / oulan os cais nas airas.
Anda a nebra baixa / polos cavorcos do souto e pola bouzas da braña...*

POETAS DA FALA NO LABIRINTO DAS LINGUAS. CORRESPONDENCIA ENTRE VALENTE E NOVONEYRA

Claudio Rodríguez Fer

José Ángel Valente, nacido en Ourense en 1929 e morto en Xenebra no 2000, e Uxío Novoneyra, nacido no Courel en 1930 e morto en Santiago de Compostela en 1999, non presentan máis coincidencias e diverxencias poéticas que calquera outro par de poetas nados na mesma terra e no mesmo tempo, mais, dende logo, tampouco menos. Non parece haber, en cambio, mutua influencia, senón máis ben asimilación de fontes comúns e algunhas afinidades líricas entre eles. E, entre os máis visibles puntos en común salienta sen dúbida a tendencia á integración temática dende a autenticidade creativa, é dicir, á consideración global da realidade á hora de crear a poesía en forma aberta e totalizadora.

Mais, se a dimensión cósmica ten por obxecto o todo na súa materialidade e fenomenoloxía, ambos os poetas reflicten unha concepción unitaria e panna-turista do mundo, por certo en sintonía con tradicións célticas e orientais non moi distantes das perceptibles na propia tradición cultural galaica. En consecuencia, tamén ambos os poetas distan das escisións dicotómicas e antropocén-tricas que separan ao ser humano do mundo. Así, Novoneyra fala de “Outos vales soutos e bouzas! / Hora en que todo é unha sola cousa!”, e Valente di que “los largos ríos del otoño arrastran / hacia tu centro oscuro / las amarillas som-bras / de todo lo visible”.

Esta común aproximación ao mundo parece ter carácter animista, pois nela está integrado o ser humano como un elemento máis dela, tanto para Novo-neyra (“Eu son esto que vexo e que me veí”), como para Valente (“lejano y pró-ximo / de este lado del día o aquel lado / de sombra”).

A meteoroloxía preséntase en ambos os poetas como un activo envolvente igualador de todo a través do vento, da neve ou da chuvia. Por exemplo, Novo-neyra escribe que “Na tarde / todo quere ser o aire...” ou que “NEVA pra ate-nuar o MUNDO”, así como que “Nun chover por siglos / todo foise esluin-do...”. E, pola súa parte, Valente anota: “La luz no está en la luz, está en las cosas / que arden de luz tenaz bajo la lluvia. (...) Ya no tienes figura: la tuviste / cuando andábamos juntos contra el viento / que ya me amenazaba con tu ausencia”.

O propio ser humano aparece inmerso nesa totalidade, confundido e identificado con ela na poesía de Novoneyra (“Enviso son pra min mesmo / un niño infindo do que nada cai fora. / Eilí ven do xeito máis lene”) e tamén na de Valente (“La sombra. / Otra vez en su seno somos uno”). Ata o eu concíbese como un elemento natural efluínte, pois participa dos movementos cósmicos nos que se insire nunha especie de devalar que transmuta espazo e tempo para Novoneyra (“Estoun en Compostela / vendo nevar no Courel” ou “Cantas veces teño quedado fora da hora / levado por todo ou nada”) e para Valente en galego (“Voltei. Nunca partira. / Alongarme somente foi o xeito / de ficar para sempre”) e en castelán, aínda que referíndose a Galicia no poema “Orillas del Sar”:

Era tu forma ese deshacimiento.
 Brotar.
 Fluir.
 Abandonarse.
 Bajaba el aire hasta los límites
 perfectos de tu piel.
 Blancura.
 Y ya oblicuo, el poniente la encendía
 para nacer de ti aquella tarde
 de qué lugar, qué tiempo, qué memoria.

Este movemento continuo explica en ambos a transformación da materia, sexa a madeira do Courel en Novoneyra (“Ise aciño / deu a madeira dos mangos / das fouces que o chapodaron”) ou a de Ourense en Valente (“–Señor San Amaro / de tierra y de palo, / pariente del álamo”).

Ademais, a receptiva actitude de escoita e contemplación é constante nos dous poetas, ás veces próximos ao quietismo e a un estado de ausencia non alongado do nirvana en Novoneyra (“nada me chama dentro nin fora” ou “Levein os ollos pra serra / i esquecinme da alba de min e delas / que anque iban e viñan / i anque oía non oía...”) e da nada en Valente (“Este sueño, que acabo de soñar y en cuyo tenue borde te hiciste no visible, limita con la nada” ou “Escucha / como en la soledad despierta, / inaudible, la pura raíz del aire”).

A súa común busca da depuración lévaos mesmo a prescindir da palabra compartindo toda unha poética do silencio, que esixe unha participación descondicionada de quen lea. Para iso utilizan a cifra do enigma, a técnica da adiña e a suxestión a través da radical sobriedade. En consecuencia, Novoneyra fala de calar (“De tanto calar xa falo eu solo” ou “O aire ten unha cousa / que se perde se ún a conta”) e de silencio (“Tendo o meu silencio / e paro o tempo...”), mentres que Valente recorre ao símbolo (“El dragón / acoplado a

la trucha / engendra el elefante)”) e ao interrogante (“Esa mujer que lloraba en mi cuarto / ¿era el recuerdo de un poema / o de uno de los días de mi vida?”).

Non é de estrañar, pois, que tanto Valente como Novoneyra escribisen haikús en sintonía coa poesía xaponesa, como a versión de Takuboku que se acaba de citar ou outras composicións, como as que levan a Novoneyra á fusión coa pedra (“As árbores do xardín e as torres. / As flores por achegarse á pedra / mesmo na cor a imitan”) e a Valente á fusión co paxaro (“Cima del canto. / El ruiseñor y tú / ya sois lo mismo”).

En efecto, no terreo formal, ambos repudian a retórica do accesorio e avogan polo minimalismo do imprescindible, polo que son pródigos en poemas curtos e conceptuais, ás veces auténticos micropoemas dun só verso: “Bailas e faisme libre”, escribiu Novoneyra; “Alrededor de la hembra solar aún sigue girando oscuro el universo”, poetizou Valente.

Mais tamén ambos os poetas deixan fluír a miúdo a memoria histórica dos horrores fascistas ocultada pola ditadura franquista, como ocorre nos poemas dedicados, respectivamente, a un asasinato nos montes do Courel acontecido durante a infancia de Novoneyra (o cantar de Manoel de Rabadeira que comeza “Por toda a serra homes galgando”) e ao masacre nazi dos exiliados españois na Alta Saboia durante a ocupación alemá (a elexía nominalista “Cementerio de Morette-Gilères, 1944”).

En fin, Novoneyra e Valente compartiron tamén a aversión poética de raíz libertaria, podo poder, visible cando o primeiro escribe o longo verso “Inda a bágoa máis pura máis sin dirección acusa ó poder”, e cando o segundo ensaia o poema en prosa dicindo: “Crear no es un acto de poder (poder y creación se niegan); es un acto de aceptación o reconocimiento. Crear lleva el signo de la feminidad. No es acto de penetración en la materia, sino pasión de ser penetrado por ella”.

Non é de estrañar, pois, que entre as múltiples relacións con poetas que Uxío Novoneyra mantivo ao longo da súa vida dentro e fóra de Galicia, establecese contacto con José Ángel Valente, escritor tamén galego e de semellante idade, aínda que este morase a maior parte da súa vida fóra da terra nativa (sucesivamente, en Madrid, Oxford, Xenebra, París e Almería).

Eu mesmo podo dar fe desta relación persoal, da que fun testemuña directa, mais tamén acredítala documentalmente a través de cartas inéditas e doutros documentos que ambos os poetas se dirixiron. Todo este material se conserva na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela, onde se custodian o arquivo e a biblioteca doados a Galicia polo autor de *Cántigas de alén*.

ACOLLIDAS E DEDICATORIAS

Cómpre ter en conta, como punto de partida, que a filla maior de Valente, Lucila Valente, que estudou Antropoloxía, fixo na súa mocidade investigacións etnolóxicas no Courel, onde foi recibida e acollida por Novoneyra e por Elba Rey. De feito, en carta do 31 de agosto de 1980 (reproducida en *Cadernos Ramón Piñeiro*, núm XIV, 2010), Valente agradece a esta parella a súa acollida: “Gracias, primero, por la acogida que tu mujer y tú dísteis a mi hija. Mi reconocimiento a ambos”. O 27 de novembro de 1980, Novoneyra contestará a tal agradecemento con estas palabras: “Lucila, a túa filla, foinos un ser íntimo e tivémola na casa con gusto. Dalle un abrazo noso”.

Por outra parte, Novoneyra dedicou a filla e pai un exemplar dos seus *Poemas caligráficos* con data de “O Courel / Pascoa / 1980”, libro que agradecerá Valente na carta antedita: “Gracias después por tus *Poemas caligráficos*, que me interesaron mucho y muy de verdad”.

Non sería esta a única dedicatoria de Novoneyra a Valente, pois xusto dez anos despois tamén lle asinaría un exemplar de *Os eidos* publicado por Edicións Xerais de Galicia en edición introducida e anotada por Carmen Blanco e polo autor destas liñas, neste caso con data de “Compostela 28 de abril de 1990”. Días antes tamén lle dedicara a edición de *Verba que comeza*, de María Mariño, obra publicada nese mesmo ano polo Concello de Noia con transcripción de Novoneyra e con introdución de Carmen Blanco.

TRADUCIÓNS E SUPERVISIÓNS

A verdade é que Valente e Novoneyra interesábanse mutuamente como poetas e ambos recorreron un ao outro en consulta expresa. Por exemplo, Novoneyra solicitou a Valente, profesionalmente funcionario internacional no seo da ONU en Europa, que lle procurase versións en linguas diversas do verso “Nunca eu fun como te amo”. O multilingüe tradutor aceptou a encomenda na carta antedita: “Procuraré, pues, con mis colegas del Servicio Lingüístico, hacer versiones de tu <Nunca eu fun como te amo> en ruso, inglés, árabe, alemán y alguna otra lengua distinta de las que tú transcribías en tu nota”.

A nota en cuestión consistiu nun anaco de papel cortado a man co enderezo de Novoneyra no Courel e catro versións mecanografadas do famoso verso de 1962 a outras tantas linguas románicas: español (“Nunca fui como te amo”), portugués (“Nunca eu fun como te amo”), francés (“Jamais j’ai été comme je t’aime”) e italiano (“Non ho stato mai como ti amo”), as últimas das cales se ofrecen aquí corrixidas.

En cumprimento de tal compromiso, Valente ocupouse do tema e, entre os seus papeis, consérvanse dúas versións en alemán, tras as que se fai constar expre-

samente que a segunda se cingue máis ao orixinal: “Nie war ich so wie jetzt, wo ich Dich liebe” e “Nie war ich so wie ich Dich liebe”.

Máis tarde, o 27 de novembro de 1980, o cantor do Courel estenderá o seu interese de ver multitraducido outro poema-verso seu: “Os dous poemas meus –dun solo verso– dos que me interesan versións múltiples son <NUNCA FUI COMO TE AMO> e <NON PODO NON SER NIN SER ASÍ>”.

A esta demanda responderá Valente o 17 de decembro de 1980 con respectivas versións en francés e alemán. Respecto ao primeiro caso, Valente presenta unha versión francesa diferente da enviada anteriormente polo propio Novoneyra (“Je n’ai jamais été comme je t’aime”), mentres que abrevia a última das que el mesmo conservou en alemán (“Ych war nie wie ich dich liebe”). Respecto ao segundo, adxunta tamén versión francesa (“Je ne peux ne pas être ni être ainsi”) e alemá (“Ych kann weder nicht sein noch derselbe sein”).

Mais, en contrapartida á axuda polilingüística que Novoneyra require de Valente, este pediralle ao poeta do Courel colaboración galega. En efecto, na carta do 31 de agosto de 1980 explícalle que nese ano rebrotou nel a lingua galega ata o punto de escribir *Sete cántigas de alén*, conxunto que lle pide que supervise: “Me atrevo a mandarte esos textos para que los juzgues tanto poética como lingüísticamente. Te agradecería, desde ambos puntos de vista, pero muy en especial desde el punto de vista de la lengua (yo he escrito de oído, con un oído interior que espero que no me haya traicionado), un juicio palmario y estricto”.

POETAS DA FALA

En efecto, cando Valente escribe en Xenebra, tras máis de tres décadas fóra de Galicia, as *Sete cántigas de alén*, primeira serie da obra en marcha que acabaría sendo o seu ciclo poético galego *Cántigas de alén*, é consciente que non podía ser un poeta da lingua codificada, cuxo estadio normativo descoñecía. Sentíase máis ben un poeta da fala espontánea que se expresaba coas palabras que pervivían no seu particular idiolecto, o que adquirira na Ourense da súa infancia e adolescencia e o que utilizaba para comunicarse cos numerosos emigrantes galegos en Suíza, practicamente todos iletrados en lingua galega, cos que trataba e cos que colaboraba en actividades sociais, políticas e culturais.

Mais tampouco era Novoneyra estritamente un poeta da lingua, polo menos se identificamos esta cun código oficialmente establecido. Polo contrario, era un poeta que pretendía escribir coa fala que se fala espontaneamente –no Courel, no seu caso– e non coa lingua coa que se adoita escribir convencional e normativamente. Entroncaba, así pois, con outro escritor literaria e lingüísticamente vinculado ao Sur da provincia de Lugo, Ánxel Fole, quen

precisamente tiña como máxima unha tautoloxía anormativa: “A fala é o que se fala”.

A postura ao respecto de Novoneyra foi explicitada, entre outros lugares, en “A xeito de autopoética” (*Boletín Galego de Literatura*, núm. 5, 1991): “Rexeito o idioma normativizado, homoxeneizado dos que seguen os ditados normativos do Instituto da Lingua, da Real Academia, do Parlamento e da Xunta de Galicia, *impostos incluso ás obras de creación literaria* donde máis se precisa conservar *o sangue da Lingua vivida*, a súa forma peculiar i o aroma da infancia e comarca. Teimeie e teimo que sea válida tamén na escrita de creación *a santa liberdade dos falantes*”.

Claro está que Novoneyra non só estaba contra a imposición dunha determinada normativa, senón contra o propio concepto e contra as súas consecuencias, como aclara no mesmo lugar: “Igual que rexeito o Galego Oficial, rexeito a normativa reintegracionista oposta a el e non menos encorsetada e con olor a falso e a nonpatria. Ambas quitáronlle a color, o sabor i a aventura a moita da Literatura Galega Última i envenenaron ca súa teimosía o mundo literario con odios e marxinacións inda maiores que os existentes no partidismo político”.

Por isto, Novoneyra termina avogando pola apertura e pola integración nun contexto que consideraba pechado e integrista: “É repito que no me opoño a un galego respetuosamente normativizado, eso si con moita maior flexibilidade e que dea cabida ás peculiaridades e que poda ser asumido e sentido como patria común unidora e fortalecedora”.

En consecuencia con estas ideas, o poeta do Courel dirixiu unha resposta a Valente, datada en Parada, Seoane do Courel, o “27, Santos 1980”, máis acorde coa viveza da súa fala que co código establecido pola normativa oficial da lingua.

O GALEGO DO ALÉN

En tal misiva, inédita ata agora, Novoneyra informa a Valente de xestións editoriais para publicar en Galicia *Sete cántigas de alén* e mesmo unha antoloxía da súa poesía en castelán traducida ao galego. Ofrece ademais a súa opinión sobre as composicións galegas do poeta ourensán e da súa transcendencia en Galicia: “Os poemas de *Sete cántigas de alén* son delgados, fondos e sotiles como tódolos teus e gustarán eiquí. E siñificarán a recuperación, ó menos parcial, dun poeta noso”.

Baixo o título de “Posibles correucións a *Sete cántigas de alén*”, Novoneyra aneou unha listaxe de suxestións, moitas das cales non coincidían coa normativa oficial entón vixente. Por exemplo, propón a posibilidade da normativa “oio” por “ouvo”, mais tamén a de “ouzo”, acreditando esta variante no uso do seu

mestre Pondal. E, igualmente, suxire cambiar “hastra” polo normativo “ata”, pero ofrece tamén a posibilidade da entón non normativa forma “até”, a que cualifica de “máis portuguesa”. Así mesmo, a lingua fónica do poeta da fala aflo-
ra cando suxire substituír “enigma” por “eninma” e a expresión “sin no sabe-
ren nos” por “sin nól’o saberemos” ou “sin o saberemos”.

Valente agradecerá, en carta ata agora inédita e datada en Xenebra o 17 de decembro de 1980, da que por certo gardou copia, estas atencións: “Agradecín moito a túa carta e canto nela dices das *Sete cántigas*. As correccións que suxires vou a velas unha por unha. Xurdiron ises poemas d’unha lingua que teño máis no ouvido que na pluma. A idea de publicalos en Galicia gústame moito e a de completalas con outros poemas meus traducido ao galego tamén. Moitos dos meus poemas inciden no espazo e na luz interior disa terra. Eu diría que son, inda que escritos en outra lingua, poemas galegos. Pero non podería eu mesmo facer as traducións. Faría falta ahí outra man”.

As *Sete cántigas de alén*, que contou con outras supervisións, foron publicadas na prensa e en libro, neste caso por Edicións do Castro, en 1981. Esta pioneira edición abriu paso ás progresivamente ampliadas, xa co título de *Cántigas de alén*, que o propio Valente me encargou introducir en 1987, 1989 e 1996.

A presentación en Galicia da antoloxía *El fulgor* en 1988, supuxo o derradeiro encontro entre Valente e Novoneyra, pois este asistiu ao acto en cuestión, celebrado na Capela do Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela. Así que neste lugar, onde fora bautizada como filla de pais descoñecidos Rosalía de Castro, tiveron ocasión de presenciar a que sería definitiva despedida de dous poetas que, efectivamente, non podían non ser nin ser así. Que a poesía os acompañe sempre, como, grazas a eles, nos acompaña a nós.

NOVONEYRA, RECITADOR. UN EJEMPLO DE EXECUCIÓN DO VERSO LIBRE

Olivia Rodríguez González
Universidade da Coruña

Na lembranza de Ramón Barce

No que se refire á poesía, vella expresión literaria dos seres humanos, é ben certo que a voz como canle de expresión do canto e da declamación, así como a escritura no caso do libro, deixan algo máis que unha simple pegada na composición do poema. A primeira é evidente en certos sistemas métricos, practicamente en todos, que teñen o ritmo e a melodía como base. A segunda é visible no protagonismo adquirido desde o Simbolismo na factura gráfica do poema, e quizais tamén nas mesturas de elementos e o fragmentarismo que se practica desde a poesía romántica, onde cobra grande importancia o inacabado. O Romanticismo trouxo como hábito a lectura individual, persoal, íntima, da poesía editada. Antes fora habitual a súa lectura pública ou recitado, e non nos estamos a referir ao longo período de oralidade como exclusiva canle da poesía, en conxunción coa música e a danza. Vivimos hoxe un tempo de novas recitacións, pero segue a ser máis frecuente a lectura persoal, onde os versos se oen, execútanse, mentalmente. Mesmo hai quen os le en voz alta e chega á chamada “escansión”, unha lectura máis artificiosa, de acordo cos requisitos métricos a que atende.

Uxío Novoneyra era un recitador asiduo dos poemas de seu. O recitado da obra propia pode ofrecer datos tanto da poética do autor como das súas escollas estilísticas. Ese é xa motivo suficiente para interesarnos polo fenómeno da recitación, na que o creador é trovador e xogar a un tempo, ao actuar de intermediario entre o obra artística por el creada e o receptor.

Dispoñemos de rexistros sonoros e audiovisuais para levar a cabo unha análise dese recitado: existe unha gravación realizada polo editor de Santiago de Compostela, Henrique Alvarellos, cando era alumno de bacharelato nun instituto de Lugo no que Novoneyra ofreceu un recital en 1982 (Novoneyra, 2010a). E tamén contamos con dúas gravacións do recitado do poeta durante unha entrevista de 1988 en Radio Nacional (Novoneyra, 2010b e 2010c). Na rede atopamos vídeos dos recitais que Novoneyra ofreceu en Euskadi de composicións alleas; e o que o poeta deu en Vilaxoán de Arousa en 1998, co gallo do Día das Letras (cfr. nota 2).

TRES ENFOQUES DESDE OS ESTUDOS LITERARIOS

A análise servirá para botar luz sobre aspectos na recitación de Novoneyra da súa propia poesía, que resultan de interese para tres eidos literarios:

- 1– O retórico, concretamente o que se refire á derradeira operación ou fase de elaboración técnica da composición, a *actio* ou *pronuntiatio*, na que o creador transmite o discurso perante un público determinado.
- 2– O métrico, que nos levaría a unha reflexión sobre os fenómenos deste eido –considerados por outro lado como figuración retórica– na poesía de Novoneyra, desde o enfoque dunha métrica poética, no sentido de creativa¹. Póde-se adoptar unha perspectiva musical que non descoide a poético-semiótica. Partindo de patróns métricos normativos, a análise de certos compoñentes acústicos poñería de relevo as estratexias rítmicas dos versos de Novoneyra. O ritmo non é cuestión só fónica, pero nesta análise o fónico é o punto de partida fundamental. E no fónico entran outros aspectos —ademais da intensidade, a altura e a duración do son. Aspectos que alcanzan a expresión musical, como veremos máis adiante
- 3– O comparado, pois a análise entra de cheo nas relacións entre poesía e música, un dos múltiples campos da literatura comparada.

En cada ámbito escollemos unha serie de ferramentas metodolóxicas para aproximarnos ao estudo do recitado de Uxío Novoneyra.

A RETÓRICA

A *actio* retórica ten a súa correspondencia literaria na recitación da epopea, da lírica e do drama. Unha obra de arte poética está en continua disposición de chegar ao público: no caso do poema, este represéntase ou execútase seguindo unhas pautas que os tratados de retórica foron recompilando ao longo dos séculos. Deste xeito, a peza poética que se considera atemporal, transfórmase nunha función momentánea a través da recitación perante o público. O máis frecuente é que as dúas actividades artísticas, creación e recitación, sexan levadas a cabo por persoas diferentes. Se nos remitimos á división das artes na Retórica, e no que se refire á obra realizada –*opus*–, tíñanse en conta ata tres tipos: as poéticas, as prácticas e as teóricas. Un poeta que recita a súa obra propia, crea e practica os dous tipos primeiros nunha mesma acción comunicativa. O artífice das artes poéticas prácticas é o *actor* (actor dramático ou recitador), que realiza a *actio* de maneira transitoria, se ben as técnicas de gravación poden acabar con esa transitoriedade, acercando esta arte práctica á atemporalidade das artes poéticas e completando, como vemos, unha viaxe de ida e volta. A *actio* pode ter

1 Abeiramos outros enfoques do estudo da métrica, como poderían ser: o teórico, o descritivo, o histórico e o comparado (Domínguez Caparrós, 1993: 18).

fins externos, como o efecto purificador que pretenda alcanzar un recital artístico, o cal se relaciona dalgunha maneira co xénero retórico que Aristóteles identificou polos seus efectos de resposta práctica inmediata no público, o *gens deliberativum*. Pode igualmente esa *actio* ser obxecto do exame da “crítica”, que é o que intentaremos propor neste traballo (cfr. Lausberg, 1975).

Con esta finalidade, traemos aquí as interesantes observacións que a anónima *Rhetorica ad Herennium* (s.I a C.) recollía sobre as técnicas da “representación” do discurso na *actio*, referidas á voz e á xestualidade do rostro e o resto do corpo (Rhetorica, 1997: 189-198):

a) A modulación da voz vén condicionada por tres aspectos ou cualidades innatas do recitador, que a imitación e o exercicio continuo sen dúbida melloraran: O *volume*, a *firmeza* (por exemplo: no *exordio* precísase un ton calmado e baixo, con pausas respiratorias prolongadas), e a *flexibilidade* ou capacidade de variación da entoación. Hai unha entoación axeitada para cada peza poética, de acordo coa materia tratada, e mesmo para cada parte do poema, co fin de evitar a monotonía. Pode utilizarse un ton conversacional, apracible; un ton de debate, enérxico; ou un ton amplificatorio, destinado a provocar ira ou misericordia.

b) O movemento do corpo, especialmente o rostro, debe coidarse para que, neste caso, un poema cumpra a virtude do *aptum*, é dicir, da adecuación e da pertinencia.

No referente á *actio*, enténdese que a pronunciación do poema acompañada de xestos debe axeitarse ás ideas expresadas e á súa formulación elocutiva (Lausberg, 1975, v. II: 376).

Poden verse vídeos en *you tube*² onde se constata a pobre xestualidade da recitación de Novoneyra: abóndalle con quedar de pé ou sentado. Le, non memoriza, e sostén o libro, como fonte de autoridade, coa man esquerda³. Furta o xesto do rostro ao público, pois non levanta do libro a mirada, permanecendo coa cabeza inclinada e movendo exclusivamente a man dereita: nos casos en que

2 “Recital de Uxío Novoneyra, Letras Galegas 1998, Vilaxoán de Arousa”, 7 minutos, 6 segundos:

<http://www.youtube.com/watch?v=P7GliVWsBMA&feature=related>.

Xulio López Fernández, “Uxío Novoneyra en Baracaldo. Homaxe a D. Ramón Cabanillas”, editado por Asociación Cultural “Rosalia de Castro”, <http://www.youtube.com/watch?v=Mjb5WtVtMtQ>, 5 minutos e 49 segundos.

“Novoneyra em Veiros. A certeza de sermos”, <http://www.youtube.com/watch?v=8RwPII7bSKM>, 3 minutos, 22 segundos

3 O que asiadamente observa sobre o particular Paul Zumthor, podemos aplicalo, no caso de Uxío Novoneyra, ao que apreciamos na gravación sonora e na gravación audiovisual, respectivamente “Cuando el poeta o su intérprete canta o recita (ya sea el texto improvisado o de memoria) únicamente su voz le confiere autoridad. (...) Por el contrario, si el poeta o el intérprete lee en un libro lo que escuchan sus oyentes, la autoridad procede más bien del libro como tal, objeto visualmente percibido en el centro del espectáculo interpretativo; la escritura, con los valores que notifica y conserva, es explícitamente parte de la interpretación” (Zumthor, 1987: 22).

recita con a tril, o brazo esquerdo queda morto; e a man, metida no peto. Os xestos da man e do brazo cumpren unha función enfática, pois subliñan o pronunciado, reforzando o *carácter* do momento (como cando pecha o puño). Ou ben cumpren unha función icónica, deseñando no aire o aludido.

A MÉTRICA

Imos utilizar o devandito concepto de *execución*, procedente do formalismo ruso, que considera o verso como unidade fundamental do ritmo poético. Foi Roman Jakobson quen advertiu sobre a diferenza entre *modelo de verso*, que dá a norma métrica; e *exemplo de verso*: realización concreta que se axusta ao modelo, pero que ofrece variantes (Jakobson, 1960, 1975: 371). Esas variantes son as que a *estilística* estuda para indagar nas peculiaridades da creación dun autor. Tanto o *modelo* como o *exemplo* existen aínda que non haxa receptor. Doutro lado, no plano da recepción da poesía, distingue igualmente Roman Jakobson entre *modelo* e *exemplo de execución*, posto que un poema pode ser lido –executado– ante un receptor de varias maneiras: aproximándose ao esquema métrico, transgredíndoo en certa medida, ou achegándose á prosa (Jakobson, 1960, 1975: 374-375).

Trátase de conceptos paralelos aos de *lingua* e *fala*, e no estudo da métrica o feito de non diferencialos provocara no pasado múltiples erros. Aínda hoxe, Agustín García Calvo no seu tratado sobre o ritmo, ten que alertar sobre as confusións dos gramáticos entre feitos de lingua e feitos de fala (García Calvo, 2006:81, 84-85, 87-88). Polo camiño da lingua desenvolveuse unha métrica lingüística, estruturalista e xenerativa, que só considera metricamente relevantes os elementos fonolóxicos pertinentes nunha lingua. Polo camiño da fala, da voz, hai unha métrica acústica que analiza o fenómeno da execución, e un dos seus froitos é o traballo de E. McSpadden (1962) a base de espectogramas, realizado sobre un poema de Jorge Guillén que recita o propio poeta. Prescinde de todo o que no sexa o son, e a Domínguez Caparrós, do que extraemos esta información, parécelle que a obxección maior que se lle pode facer a este tipo de análise é que esquece que a métrica é un importante “mecanismo de produción de sentido literario” (Domínguez Caparrós, 1993:10). Concordamos con este teórico en que o “cadro conceptual” proposto por Jakobson, e non sempre utilizado ao completo polos estudosos da métrica, é o que mellor pode dar conta dos elementos que entran no xogo do funcionamento do verso (Domínguez Caparrós, 1988: 247).

Na execución do poema podemos falar de tres grandes modalidades: a canción, a salmodia e o recitado (Zumthor, 1983, 1991: 187). Uxío Novoneyra executa os seus versos de acordo con esta última. A maneira de recitar está suxeita, por outro lado, a modas e correntes. Hoxe domina –hai excepcións,

por suposto— a recitación próxima á lectura, unha lectura que limpa de ruído o texto e subliña os sons cunha esforzada pero natural vocalización. No período en que empeza a recitar Uxío Novoneyra, os anos 50, os modelos eran outros, próximos á declamación teatral (sen ser lectura dramatizada, que é outra modalidade, xa no terreo da arte dramática). No caso da poesía civil, como veremos, eses modelos estaban moi influídos polas maneiras de Pablo Neruda ou Rafael Alberti⁴. O certo é que a execución de Novoneyra tamén creou un modelo, como pode comprobarse no vídeo no que García Bodaño recita o “Poema dos caneiros”⁵, ou na parodia novoneyriana que Maite Dono inclúe no seu disco *Sons nus* (2010) acompañada por Baldo Martínez ao contrabaixo.

Por outra banda, hai a simple vista certas diferenzas na maneira de executar Novoneyra o recitado, determinadas polo xénero da poesía. Advértense xeitos distintos no recitado lírico-erótico de “O poema dos caneiros” (Novoneyra, 2010: gravación); no lírico-dramático de “Letanía de Galicia”, cuxo carácter coral vén dado polo título (véxase a execución do poema no vídeo da ASPG: Miguel Pernas, Comba Campoy, abril 2010). No recitado aforístico ou de imaxe lírica de haikú, para poemas creados con “versos illados”, que seguen a ser versos porque se integran na lembranza dun patrón, o cal implica, polo tanto, unha serie (Daniel Devoto, 1980, apud Domínguez Caparrós, 1993: 41). Ou o recitado da lírica de combate, civil, de ton épico, para “Vietnam Canto”.

Precisamente nos deteremos no exemplo de execución do “modelo” do verso libre que vén sendo este “Vietnam Canto”. Para o verso libre hai unha enorme variedade de execución, feito que ten implicacións no xeito de crear o poeta o texto. De aí que se poida extraer desa elección datos dunha poética implícita. A análise métrica dos poemas e a análise da súa execución revelan variantes polas que o esquema métrico do poema escrito queda transformado. Imos ver: Mario Pazzaglia distingue catro posibilidades de produción do verso libre en italiano —válido para as linguas románicas—: versos breves de distinta lonxitude, versos formados pola unión de dous tipos coñecidos, “uso de esquemas acentuais novos en versos de desigual medida”, e versos longos irreducibles a norma ningunha e con cadencia prosística (Pazzaglia, 1992, apud Domínguez Caparrós, 1993: nota

4 Uxío Novoneyra está máis preto de Rafael Alberti que de Pablo Neruda na execución do verso. Cfr. Alberti recita “A galopar” en Paco Ibáñez, “Concierto en el Teatro Alcalá de Madrid en mayo de 1991”: <http://www.youtube.com/watch?v=15JfnrqBqSI>, 6 minutos e tres segundos. Máis exemplos atópanse en <http://www.rafaelalberti.es/ESP/BibliotecaVirtual/Fonoteca/Audio.php?JT=VOBack>. Cfr. Poemas recitados por Pablo Neruda: <http://www.neruda.uchile.cl/obra/obra3.htm>

5 “Salvador García Bodaño recita o *Poema dos Caneiros*”, en Videoteca da AELG <http://www.coordinado-raendl.org/letras2010/uxiovideo.php#cane>

p.187). Este poema de Uxío Novoneyra parece axustarse aos modelos 2 e 3, e as transformacións do exemplo de execución crean alternativas dentro destas mesmas posibilidades.

Tomás Navarro Tomás apunta algo que nos aclara a peculiaridade do verso libre fronte a outros de marcada pauta tradicional:

Como creación de carácter individual, debería registrarse ante todo la lectura de cada poesía de labios de su propio autor. Sin duda se han de producir discrepancias de interpretación rítmica entre otros lectores. El papel principal del elemento subjetivo en el verso libre constituye su mayor diferencia respecto de la fluctuación de los antiguos versos épico y lírico (Navarro Tomás, 1966: 479).

A LITERATURA COMPARADA

Para examinar a relación entre a poesía e a música desde unha perspectiva comparatista, o primeiro ao que debemos atender é á existencia de distintas manifestacións teóricas dunha métrica musical apoiada no exame da organización temporal do verso, que pode chegar a representarse mediante unha notación como a existente en música. R.Wellek e A.Warren informan de que na poesía inglesa foi aplicada por Sidney Lanier en 1880 e desenvolvida en anos posteriores nas universidades americanas, onde calquera texto pode transcribirse atendendo a unhas normas non exentas de vaguidade: cada sílaba é representada por unha nota sen altura determinada, a duración ten en conta sílabas longas, breves e semibreves; e a velocidade vai marcada por compases polo común de 3/4 e 3/8. Estes compases inícianse en sílaba acentuada, o cal quere dicir que non se contan as sílabas átonas iniciais de verso, mediante a chamada *anacruse*. Xulgan estes teóricos que o método fracasa co verso libre ou o verso de ton conversacional (Wellek/Warren, 1966: 197-199).

En Francia, unha aplicación desta teoría, pero en sentido diverxente no que ao manexo de sílabas acentuadas se refire, foi a que levou a cabo Maurice Grammont en *Le vers français. Ses moyens d'expression. Son harmonie*, manual no que se propuxo analizar a parte artística da forma do poema. O autor considera que a corrección é a parte mecánica da forma do verso, mentres que a harmonía e a expresión constitúen a parte artística (Grammont, 1913: 2), e estes dous aspectos son os que analiza polo miúdo no libro, despois de rexeitar o recurso á *anacruse* para a medición dos versos. O autor, por outro lado, estima que cómpre dar a ler os textos a lectores experimentados e cultos, para unha boa aplicación das técnicas da fonética experimental.

A métrica musical foi posteriormente perfeccionada por investigadores de varios países, entre os que se conta o importador deste tipo de estudos na Penín-

sula, Tomás Navarro Tomás, defensor do compás musical como instrumento de simplificación e universalización da métrica. O compás comeza para Navarro Tomás sempre en sílaba forte, o cal implica o recurso á *anacruse*, para salvar a aparición de átonas ao comezo do verso. A mesma aplicación da notación musical ao ritmo do verso é utilizada polo filósofo e esteta portugués Amorim de Carvalho, autor da *Teoria geral da versificação*.

Á parte da cuestión de métricas de tipo musical, hai outros estudos comparados de poesía e música, moitos dos cales son realizados por poetas ou profesores que son músicos á vez, e que en Galicia ultimamente deron lugar a publicacións da autoría de Luísa Villalta, Silvia Alonso e Rosalía Rodríguez Vázquez (cfr. Bibliografía).

PROPOSTA DE ANÁLISE: A EXPRESIÓN MUSICAL NA POESÍA

A expresividade da disposición gráfica nos poemas de verso libre mereceu a atención de estudosos como María Isabel López Martínez, que a examina nos poetas do 27, entre os que se contan autores como Dámaso Alonso ou Gerardo Diego, que –e non está mal recordalo– prestaron tamén atención á tesitura musical do verso nas súas análises.

Nós propoñemos un estudo desa “expresión musical do poema”, onde se poñen de manifesto os recursos acústicos en consonancia cos seus contidos semánticos. Buscarémola na “orquestración sonora” do poema de verso libre, seguindo o concepto preferido polo formalismo ruso á habitual “eufonía” ou “melodía” do verso (Wellek/ Warren, 1966: 188). Dentro dos artificios da “orquestración” distínguense esquemas sonoros, repetición de calidades fónicas idénticas ou afíns, e utilización de sons expresivos, ou imitación de sons.

Hai moitos exemplos disto na poesía de Novoneyra. No seu *Diccionario metodolóxico de análise literaria*, Arcadio López Casanova elixía, como exemplo de uso de harmónicos, o poema “Cousos do lobo” de Os *eidós* de Uxío Novoneyra: nel xógase á reiteración tímbrica dos sons vocálicos e as sílabas presentes en “lobo”, que van ecoando en palabras distribuídas ao longo do poema. E Claudio Rodríguez Fer estudou o recurso do *fonosimbolismo* en Novoneyra, seguindo a idea de que a expresión fónica e o contido semántico do poema son insolubles.

O devandito teórico portugués Amorim de Carvalho considera que “é precisamente o sentido das palabras o que levanta o valor sonoro do verso” (Carvalho, 1987: 284). É ese sentido das palabras, ao noso entender, o que fai que Novoneyra recite os seu verso libre facendo un uso intensivo da chamada *expresión musical*. Como na música, na interpretación do poema non abonda con executar/realizar fonemas e entoacións de maneira impersoal. Hai unha parte artís-

tica na que o intérprete pon a súa propia personalidade aínda que siga a orientación dun autor ou compositor alleo.

Se buscamos antecedentes de análises desta parte artística na literatura comparada, teríamos que nos remontar ao libro de Étienne Souriau, *A correspondencia das artes*, que trata de poñer os fundamentos da Estética comparada, definida polo autor como “disciplina que se basa en la confrontación de las obras entre sí, así como en el proceder de las distintas artes” (Souriau, 1947-1979: 14). No relativo á relación entre música e poesía, menciona Souriau casos como a “tradución” directa que a música pode facer dun poema a través da “esaxeración da declamación”, e achega o exemplo de Louis Niedermeyer e a súa musicalización de “O lago” de A. de Lamartine. Entre os medios musicais, este autor menciona, á beira do ritmo, o compoñente espacial ou agórico, onde encadrarían os diferentes *movimentos* (*presto* ou *andante*, *accelerando* ou *ritardando*, etc.). En terceiro lugar, os matices. E, a seguir, a melodía, a harmonía, a instrumentación e a orquestración; é dicir, o uso artístico da variedade de timbres (Souriau, 1947, 1979: 193). Algúns destes elementos, aclara, só aparecen na execución. E mentres na notación musical eses elementos expresivos están indicados na maioría dos casos na partitura tradicional, na poesía non o están.

Imos centrar a análise da autorrecitación de Uxío Novoneyra nos seguintes elementos da *expresión*:

- *Movemento* ou *tempo*, que é a lentitude ou lixeireza coa que se executa o poema. Maniféstase na cadea da frase, pero sobre todo, na duración silábica –na poesía greco-latina, onde a duración era un feito de lingua, tamén se xogaba con ela na expresión–. Os termos para indicar o movemento inclúen indicacións sobre o carácter.
O movemento pode ser uniforme ou ben pode aparecer como desigual, por facer aumentar a velocidade gradualmente (*accelerando*), ou diminuíla (*ralentizando* ou *ritardando*). Poden realizarse cambios súbitos (*retido* ou *apresurado*), e cambios breves dunha soa sílaba. Pode romperse a regularidade e facer cambios a capricho (*ad libitum*) ata restablecer esa regularidade (*a tempo*). Cando se pasa dun fragmento a outro nunha transición rápida, sinalase cun *attaca*.
- *Carácter*: a idea expresada debe ir acompañada de sentimento. É difícil desligar o carácter do xogo temporal, como acabamos de ver.
- *Matiz* ou gradación da sonoridade, baixando ou elevando o volume. O matiz pode ser uniforme (*piano*, *mezza-voce*, *sotto-voce*, *forte*, etc.) ou gradual (*crescendo*, *diminuendo*). Para apuntar a diminución gradual do matiz e asemade do movemento, hai termos como *incalcando*, *calando*, *perdendosi*, etc.
- *Acentuación* e *articulación*: execución destacada ou ligada de sílabas, palabras, etc. Os matices da acentuación son máis complicados de facer en sílabas que

en notas. Pola súa banda, os ligados realízanse sen que se deteña a respiración do recitador. Hai xogos musicais de ligaduras que seica se poidan aplicar tamén á execución da poesía: ao ligarse dúas notas, distintas ou non, a 1^º pode acentuarse e a 2^º abandonarse suavemente. Por outra banda, unha sílaba pode executarse solta, reducindo o seu valor á metade, e dando entrada ao silencio (*destacado* ou *picado*). Existe a posibilidade de facer un *picado-ligado*. A sílaba, ademais, pode atacarse subitamente e de maneira intensa, ou atacando suave ou forte e logo diminuindo ou aumentando rapidamente a velocidade. Neste apartado gustaríanos incluír a utilización do “susurro”, a prolongación da articulación de sibilantes en posición final, a aspiración na pronuncia, e o alongamento ou recorte de vogais e mesmo consonantes, fenómenos que se producen na auto-recitación de Novoneyra.

ANÁLISE DUN EXEMPLO DE EXECUCIÓN DE “VIETNAM CANTO”

Como fontes de análise, dispoñemos dunha gravación realizada por Radio Nacional de Galicia en 1988, na entrevista de Manuel Rico Vereá para o programa *Noroeste. Terra e xente*, no que o poeta recita varias composicións, entre elas “Vietnam Canto”. A gravación foi sometida a limpeza nun estudo para distribuírse en disco acompañando a reedición de *Do Courel a Compostela*. O disco inclúe unha gravación máis antiga da lectura de “Vietnam Canto” (Novoneyra, 2010b). En segundo lugar, púxose en circulación esta mesma gravación do poema nunha escolma de oito composicións que Radio Nacional e a Deputación de Lugo editan con música de Manuel Balboa, co título *Últimas paisaxes. A voz de Uxío Novoneyra* (Novoneyra, 2010c). Existe tamén un vídeo co recitado deste poema en rede⁶.

A composición é un poema civil que Uxío Novoneyra escribe como reacción solidaria ante a enorme mortalidade producida na Guerra de Vietnam en 1968 pola “Ofensiva do Tet” –así chamada polo aninovo luar do Tet, que se celebra entre o 29 de xaneiro e o 5 de febreiro–, nun ambiente de Guerra Fría, na que o sentimento de culpabilidade e o temor a unha gran conflagración invadían Occidente. As tropas de Vietnam do Norte e o Vietcong lanzaron a ofensiva contra os exércitos aliados baixo o mando de Estados Unidos, e o resultado repercutiu nas consciencias de intelectuais de todo o mundo, entre eles Celso Emilio Ferreiro e Uxío Novoneyra.

En canto á edición escrita de “Vietnam Canto”, axustámonos ao texto da primeira do libro *Do Courel a Compostela*, realizada en Sotelo Blanco, debido

6 “Vietnam Canto”, 5 minutos, 5 segundos:
<http://www.youtube.com/watch?v=cGBHtVirQyQ&NR=1>

a que a reedición de 2010 en Galaxia ofrece variantes de escritura dos primeiros versos do poema. Atendendo, pois, á edición que en vida do autor se fixo por primeira vez desta obra obsérvase que hai unha diferente métrica entre a escrita (exemplo de verso) e a execución oral gravada: O primeiro verso, de 14 sílabas, recítase como un hendecasílabo, con pausas que son silencios e ocupan o tempo dunha sílaba (“Cumes// cumes// cumes com’estes / ecoen unha vez por cada noite/. O que segue é un hendecasílabo tamén, é dicir, hai pausa longa antes de “ecoen” e a articulación do seguinte segmento convérteo nun verso autónomo. Os seguintes versos, onde aparece a palabra “Vietnam” son trisílabos na escrita, mais pasan a ser polo menos cuadrísílabos a causa da prolongación da sílaba final. E detemos aquí o exemplo de diferenzas no cómputo de sílabas.

Hai marcas no poema escrito que só son visuais, empezando pola división en versos ou, como prefere chamarlles Francisco López Estrada, “liñas poéticas” (López Estrada, 1969: 119 e ss.), e seguindo polo uso das maiúsculas para enfatizar palabras, a repetición hiperbólica de letras e termos máis alá do realmente pronunciado, o uso de barras separadoras de letras e a representación do silencio con puntos suspensivos. Outras son marcas da voz, que representan a parte explícita desa expresión musical: uso de maiúsculas para indicar subida de volume, reiteración de vogais para sinalar que se prolonga a súa duración, uso de cursiva para indicar entoación de retrouso.

Na análise do poema que propoñemos a continuación, atenderemos aos aspectos seguintes (os dous primeiros quedan fóra da “expresión musical” na que se centra esta análise):

- 1) Indícanse en recadros as partes de expresión unicamente visual.
- 2) Mediante frechas apúntanse subidas e baixadas da altura do son, non dunha maneira exhaustiva, senón o suficiente para lembrar a presenza da riqueza tonal da fala galega, que na voz de Uxío gaña en matices.
- 3) Indícase o *movemento* con termos musicais que aparecen subliñados.
- 4) O *carácter* vai sinalado entre aspas, debaixo do termo de movemento. Procuramos utilizar vocábulos musicais, pero non nos resistimos a utilizar tamén termos retóricos relativos á *actio*.
- 5) Sinálase o *matiz*, é dicir, a variación do volume da voz, mediante reguladores (ángulos): *piano*, *mezza voce*, *forte*, etc. Se se mantén o mesmo matiz, indícase sobre o termo cunha liña descontinua.
- 6) Márcanse as pausas con barras (simples ou reduplicadas de acordo coa duración que teñan), e os silencios cunha liña entre parénteses cadradas. Mediante subliñados curvos destácase a *articulación* de segmentos pronunciados nunha soa respiración (ligados), que apuntan aos encabalgamentos cando

van máis aló dun verso. Os destacados ou picados, onde aparece o silencio acurtando o espazo da sílaba, van anotados con puntos sobre as sílabas correspondentes, mentres que a prolongación dunha vogal ou consonante é marcada cunha raia curta.

Anótanse tamén algúns dos fenómenos típicos da pronuncia de Uxío Novoneyra, como a prolongación das sibilantes, que quixemos incluír na *articulación*. Téñase en conta que a limpeza á que as gravacións foron sometidas poden ter cortado instantes de aspiración e espiración. Se se escoita coa debida atención, notarase en ocasións a ausencia de toma de aire polo recitador.

CONCLUSIÓN

A análise da execución de “Vietnam Canto” revela que Uxío Novoneyra interpreta moi libremente o exemplo de verso que se pon de manifesto na edición escrita do poema. Substitúe a unidade do verso por segmentos que, ou o fraccionan ou, o máis frecuente, van máis aló da medida versal. Tende á conversión do verso libre maior ao verso tradicional, suxeito ao tempo respiratorio natural (o hendecasilabo, por exemplo). Por outro lado, e en sentido contrario, xoga a articular series longas de sílabas. A división do poema en bloques vén determinada polo carácter e o matiz, e non coincide necesariamente coa división editorial. Alterna o carácter teatral, enfático, co conversacional e fai un discurso retórico no que o *envío* e a *peroratio* son as partes máis visibles da súa *dispositio*.

A conclusión á que nos leva esta análise é que poesía de Novoneyra ten unha forte base oral. Está antes a execución do poeta que a súa disposición tipográfica: a proba témola en “Vietnam Canto”. Iso sen contar coa importante presenza do xogo fónico, ás veces trabalinguas sen sentido, ou cun fin lúdico que embelece o significado das palabras. O son, a acústica, está por riba da sintaxe, que se somete a ela, provocando desvíos con respecto ás pautas métricas –desde o punto de vista da pertinencia fonolóxica– da poesía galega: como o carácter pertinente da prolongación do tempo dunha sílaba, tanto a través da vogal como a través da consoante; ou o uso do silencio con duración variada. Unha vez composto o poema sobre esta base, é sometido a unha “escritura” de tipo icónico, próxima ao caligrama, e típica da versificación libre: paralelismos tipográficos, que subliñan os sintácticos e semánticos; e elementos que pertencen exclusivamente á recepción visual do poema.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, Silvia (2001): *Música, literatura y semiosis*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Carvalho, Amorim de (1987): *Teoria geral da versificação*. 2 vol., Lisboa: Império.
- Domínguez Caparrós, José (1988): “Modelo y ejemplo de verso, y de ejecución”, *Epos* IV, 241-258.
- Domínguez Caparrós, José (1993): *Métrica española*. Madrid: Síntesis.
- García Calvo, Agustín (2006): *Tratado de rítmica y prosodia y de métrica y versificación*, Zamora: Lucina.
- Grammont, Maurice (1913): *Le vers français. Ses moyens d'expression. Son harmonie*. Paris: Édouard Champion (2ème édition refondue et augmentée).
- Jakobson, Roman (1960): “Lingüística y poética”, en *Ensayos de Lingüística General*, trans. Josep M. Pujol / Jem Cabanes, Barcelona: Seix Barral, 1975, 347-395.
- Lausberg, Heinrich (1975): *Manual de retórica literaria. Fundamentos de una ciencia de la literatura*. Madrid: Gredos, 3 vols., trad. José Pérez Riesco.
- López-Casanova, Arcadio (2001): *Diccionario metodológico de análise literaria*. Vigo: Galaxia.
- López Estrada, Francisco (1969): *Métrica española del siglo XX*. Madrid: Gredos.
- Navarro Tomás, Tomás (1956): *Métrica española. Reseña histórica y descriptiva*. New York: Las Américas (2ª ed., 1966).
- Novoneyra, Uxío (1988): *Do Courel a Compostela*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Novoneyra, Uxío (2010a): *Tempo de elexía*. Santiago de Compostela: Alvarellos (con grabación en CD dun recital de 1981/1982 no Instituto “Lucus Augusti” de Lugo).
- Novoneyra, Uxío (2010b): *Do Courel a Compostela*. Vigo: Galaxia (con grabación en CD, procedente do arquivo da familia Novoneyra).
- Novoneyra, Uxío (2010c): *Últimas paisaxes. A voz de Uxío Novoneyra nos arquivos sonoros de RNE en Galicia. Con música de Manuel Balboa*. Selección e dirección de Lino Braxe, Técnico de son e montaxe, Juan Luís Gómez; Producción: Tres. Laboratorio artístico, s.l., s.a., RNE/Deputación Provincial de Lugo.
- Pazzaglia, Mario (1992): *Manuale di metrica italiana*. Firenze, Sansoni.
- Pedro Cursá, Dionisio de (1992): *Teoría completa de la música*. vol. 1, Madrid: Real Musical.
- Rhetorica ad Herennium (s. I a C.): *Retórica a Herenio*. trad. Salvador Núñez, Madrid: Gredos, 1997.
- Rodríguez Fer, Claudio (1980): “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”, *Grial* 68, 144-160.

- Rodríguez Vázquez, Rosalía (2010): *The Rhythm of Speech, Verse and vocal Music: a new Theory*. Bern: Peter Lang.
- Silva, Vítor M. Aguiar (2001): *Teoria e metodoloxia literarias*. Lisboa: Universidade Aberta.
- Souriau, Étienne (1947): *La correspondance des arts. Éléments d'esthétique comparée* (versión española de Margarita Nelken, *La correspondencia de las artes*, México D.F.: Fondo de Cultura Económica, 1965 e 1979).
- Villalta, Luísa (1999): *O outro lado da música, a poesía relación entre ambas artes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Wellek, René / Warren, Austin (1948): *Teoría literaria*. Trad. José María Gimeno, Madrid: Gredos, 1966.
- Zumthor, Paul (1983): *Introducción a la poesía oral*. Trad. M.^a Concepción García-Lomas, Madrid: Taurus, 1991.
- Zumthor, Paul (1987): *La letra y la voz. De la "literatura" medieval*. Trad. Julián Presa, Madrid: Cátedra, 1989.

MEZA VOCE
PIANO
entran/nas cidades do SUL ESTE lonxe
e xa todas son a aldeia do lado
HUE/SAIGON/DANANG
con irmaos e parentes meus /ss/ "solemne"
galegos/de a diario
mais que nono esqueceron/como nolo esquecemos /ss/ "conversacional"
tanto que ás veces perto chaman/home
e /pach/ M.F. < FORTE
ollamos por quen

MEZO FORTE
non son eu tamén
quen eiqui quedo } acentuación
que estou matando eif/ marcada
luxando GALICIA como se luxan
KANSAS NEW JERSEY CALIFORNIA COLORADO
IOWA
nomes tan limpos?

PIANO
perdón por esta paz /ha/su/ }
PAZ en carteles xunto a COCÁCOLA ↓ "sarcastico"
PAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZ
pra tapar tanto/tanto PIANO < M.V.
muro

PIANO
valeiraronmos nomes ///
mais inda
indanda pobo
podo decir o teu con forza
inda se pode decir o teu nome dos que alá cain ↓ "amplificatorio,
podémós obstinado, dramático"
deles temos [de novo nome:]
/ MARIA MARINO / home pobo ↑
dinamiteira da FALA / "escurvuro"
home - pobo
home - pobo

M.V.
M.F.
SOTTO VOCE
PIANO
SOTTO VOCE
PIANO
aquil por siglos/foi un pobo como é o meu ↑
o meu por anos/foi un pobo como é aquil ↑
IRMANDIÑOS DE GALICIA/VIETCONG ↑ "murmurio"
entre miña mai / ANA/amor // iles
entre iles amor ANA // ñ
tres estudantes en LUGO sin os nomes "envío"
en VIGO / MENDEZ FERRÍN co'il
e vós MARIA MARINO CHÉ // bagoas 1967

PIANO
MV
non
eu sei que cantar non é igual
perdón tamén/por iste tempo cas palabras
anque sinceras/teín tarde polos lados
e puntos suspensivos calcados do refrixerador dun cañón
[]
o canto/parou/sin rematar
MV /PIANO (perdendosi) "conversacional,
con aspiración"

II

Alocucións académicas sobre Uxío Novoneyra no Día das Letras Galegas

UXÍO NOVONEYRA: O ANDAR DA ETERNIDADE

Manuel Rivas Barrós

UXÍO NOVONEYRA: LETRAS GALEGAS 2010

Margarita Ledo Andión

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2010

Darío Xohán Cabana Yanes

UXÍO NOVONEYRA COA LINGUA DO SEU POBO

Manuel González González

UXÍO NOVONEYRA: O ANDAR DA ETERNIDADE

Manuel Rivas Barrós

*Todo o que pasou o meu pobo, pasoume a min.
Todo o que pasou o home, pasoume a min.*

Así falou Uxío Novoneyra, a quen hoxe lembramos na terra na que el fixo que pousase a esfera para ser un centro do universo. O Courel, Galicia, a estrela do luceiro, os círculos todos do cosmos estaban aí, mais alguén tiña de termar, tiña de lindar, tiña de chamar polo soño da esfera para que pousase aquí. E facer do Courel a un tempo un escenario e un miradoiro sen paredes. Así que, por mor d'Os Eidos, dese primeiro círculo poético Uxío Novoneyra, podemos dicir que o Courel, como a Cumbria dos poetas lakistas, está no mapa dos espazos elixidos onde se encarnou con máis intensidade o que Luís Pimentel denominou “a maior milagre do mundo”. A poesía. Ese intre extraordinario, senti-pensante, no que a boca da humanidade enxamea e transmite de xeracións a xeracións verdades inexplicábeis por outros medios, verdades só visíbeis pola fiestra onde se tecen os “fius da auga” cos “fius do soño”. Aí onde o Cantar dos Cantares proclama con ledicia: “Chegado é o tempo da canción”. E en Uxío, “a canción moula leloula”. Mais tamén na estremeira da dor, César Vallejo di en Poemas Humanos: “Morreu a miña eternidade e estou a velala”. En Novoneyra, a eternidade aínda ten de andar, pois na bisbarra universal ten a tarefa do descoñecido: “Vaise vaise / o camiño d'aire do aire polo aire / camiñando cara a un sitio aonde nunca foi nadie...”.

Estando onde tiña os libros, a Wordsworth, o romántico inglés, preguntáronlle se aquel era o seu estudo. E el dixo: “O meu estudo está ao ar libre”. Ese foi o estudo de Novoneyra, estivese onde estivese. A poesía, toda verdadeira literatura, ou anda as ceibas ou non anda. Novoneyra andaba ás ceibas. A liberdade era a súa xenética. A poesía necesita e produce ao tempo ar libre. A escrita non pode ser subalterna, non pode ser propaganda, non pode ser dócil. Onde está el crea un viveiro de “soños teimosos”, un obradoiro de valumbos e silencios, de estrelamos, iso que chama con grande intención un “centro alucinado”. Teimo en lembrar a elexía perdida escrita a alta noite /cando calquer sitio é centro alucinado, di Novoneyra na extraordinaria elexía escrita cando morre Luís Seoane, a quen chama “lanza ponteira”, unha imaxe medieval que nos remite ao espírito vangardista. O efecto punzante de toda obra artística que non

queira ser estupefaciente ou decorativa. Mesmo os que teñen máis aparencia de tradición, todos os seus poemas son estrelampos, revolucións sensoriais.

A idea de centro alucinado ten este carácter de lugar de visión e de comunión, traspasando as lindes convencionais. É o maxín pondo en conexión os sentidos interiores e exteriores, como o tacto ou a memoria, como cando na casa ao limpar as laceras faille dicir: “Ando a tocar as maos aos antepasados”. Ese lugar é o da máxima receptividade, a absoluta xenerosidade dos sentidos. Virxina Wolf dicía que se sentía como alguén sen pel, que todo lle mancaba. *Skinless*. Tamén Novoneyra tiña esa sensibilidade. Tiña todos os sentidos aleutos, sen obturador, á espreita. Para o pasado e o presente, para o día e a noite, para o amor e a morte. Paras as voces todas. As “voces baixas” da terra e as “voces baixas” da historia. Semella que os poemas pousan nel. Dalgún xeito Novoneyra era esperado na terra. Esperado para dar forma á natureza, esperado para nomear, esperado para o refulxir. Esa é a cor da esperanza, o refulxir. E así o poeta é custodia do sentido das palabras. Era el o lobo, ese lobo que leva “a sombra da noite na boca”, era o camiño, o camiño que anda “sen levar outra compañía / que a gran presenza do ceo / sobre silencio da braña”, el era o vento, era a neve que protexía o seu segredo “tornándose aínda máis calada”. El era o obradoiro, a táboa de cera, a lousa onde a esperanza da terra, a enerxía alternativa da seiva, tiña onde re-escibir e re-existir. E el era tamén Vietnam, os nenos que sufrían o horror do bombardeo químico. E era quen escribía unha das máis breves e fermosas oracións fúnebres de Galicia, a dedicada a Amador Rey e Daniel Niebla, os dous obreiros de Ferrol asasinados nunha manifestación, ás oito da mañá, o 10 de marzo de 1972:

Erguéstesvos cedo aquel día/o costume do traballo / mañá cediño pra facer-
nos ca vosa morte.

*Todo o que pasou o meu pobo, pasoume a min.
Todo o que pasou o home, pasoume a min.*

Pódese intentar expresar o mesmo, mais é moi difícil a forza de auténtico aforismo, de imperativo moral, que ten esa declaración de Novoneyra.

E podía engadir con todo sentido:

Todo o que pasou a terra, pasoume a min.

Aí están os círculos todos da compaixón. Compañón que quer dicir partillar a dor. Que quer dicir fraternidade. Cos pobos e cos seres humanos privados de liberdade. Mais unha fraternidade que se estende de xeito profético á natureza, á terra maltratada, á violencia catastral, do que aquí tamén no Courel temos algúns exemplos. E aínda hai outro círculo de fraternidade. A relación amorosa coa lingua galega, coas palabras feridas, tamén afectadas pola depredación e a

ameaza dalgúns herbicidas e pesticidas. El demostrou de xeito mestral que o máis fermoso libro de Galicia é o manuscrito da terra, ese infindo poema que entrelaza topónimos, hidrónimos e antropónimos. E foi quen nun verso de conter toda a información esencial sobre a emigración e a lingua galega: Que é o galego? E di Uxío: A fala na que máis se dixo “adeus”.

Mais hoxe hai un país consciente, de Caurel a Compostela, que vai termar da lingua con intelixencia, sensibilidade e valor. Penso que hoxe é o día axeitado para que dunha punta a outra do país escoitemos a lucidez con que formulou Novoneyra esta cuestión da supervivencia da lingua: “Todos somos galegos e todos temos responsabilidades como tales galegos, i esas responsabilidades van máis aló das ideoloxías, das premisas do propio partido. Responden a algo máis profundo. E non valen medias tintas. Hai que estar, si ou non, con Galicia. E non se pode dicir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade da pervivencia da nosa lingua como meta primordial”.

Temos os seus poemas, as súas palabras, a agromar, a reviritar, a sementar e levedar no humus da memoria da terra, mais tamén podemos oílo como a banda sonora desa saudade do futuro, a voz dunha melancolía activa que non se deixa achantar pola apisoadora da historia. No salmo bíblico dise *Aures habent et non audient*. Teñen oídos e non oen. Ou non queren oír. Nós si que podemos oír a Uxío. A boca ecolóxica da lingua. Sentimos o aura xerminal das palabras. O país do desexo. Verbívoro. A partitura de Galicia, a biodiversidade, a natureza, xa non se pode entender sen o son de Novoneyra.

Protéxenos a súa voz. E hoxe, en todos os recantos do país, deberíamos evocar o brinde que tanto lle praciá: “Levantemos as copas até sacalas por riba do tempo pois estamos soñando!”.

O Courel, 17 de maio de 2010

UXÍO NOVONEYRA: LETRAS GALEGAS 2010

Margarita Ledo Andión

Señor Presidente da Real Academia Galega, señores e señoras académicas, autoridades, amigos e amigas a quen arestora Novoneyra convoca cara ao interior dunha consigna interminábel: *Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!*

Hónrame dirixirme a todas vós e partillar algúns esgos do pensamento identitario dun escritor-axitador, dunha figura que veu para a praza porque sente nel propio a dor do que lle falta, a dor do que nos falta.

A primeira imaxe da historia da humanidade é unha man. Unha man en se alongando a traveso do bango para pousar na rocha dunha cova mariña e alí, en solitude, decidir deixar un sinal. O sinal da man. Esa mesma man que na casa de Parada grava o poema para perdurar tal a súa imaxe primeira. Diante do mar de Anllóns o home escolle o lugar e escolle a palabra: Galicia. O real que toca coa man e coa fala.

Para termar desa primeira imaxe da súa man na pedra o home leva no interior da boca terra azul e saiva vexetal anil, tinturas como as que fan lucir a traveso dos tempos aló en Teixido, por ondia andou Andrés, o santo, os peixiños de pan. O home fai un fol cos beizos e deita por sobre a man e a laxa ese po que o prolonga e no que fica, para sempre, a forma dunha man. A man negativa, o oco, o silencio, o silencio que constata o acto orixinal: existir para os máis no ritual.

“Miñas donas e meus señores”. O ano era o 1957. O lugar o Mecantil, na praza do Toural, en Compostela. O que se denuncia no modo en que se enuncia. “Miñas donas e meus señores”, a primeira imaxe de nós propios escoitando en galego, após a creba das vértebras do século, que alguén –Uxío Novoneyra– se dirixe a todas nós para convocarnos a entrar nun acto comunal, un acto comunal e insumiso en que ouvimos dicir cantigas de Bernal de Bonaval, aló, cando Galicia comezaba a quererse irmandiña. A fala, na procura das pegadas que labraron o modo en que nos imaxinamos; o desexo, o devalo cara a outra cousa; a nación soberana:

... e señas dona de ti e señora de falar
Señora de decidir e dona de se negar

Folga Xeral contra a Historia, outra volta Uxío. Nación entrelazada polos intervalos, nación á que lle cómpre restaurar os mapas. Pía Páxaro, Boca do

Faro, Devesa de Rogueira, Donís, Fonlor. Cartografía caligráfica. O futuro prendido do que nos relata como colectivo con terra embaixo os pés e na diáspora. A identidade como construción. A memoria, o que pasou, como programa para un certo porvir: *recóllote pros novos que veín con forza*.

Códigos secretos, estirpe da gleba na que te recoñeces e te representas: a lingua, o obxecto, entre outros obxectos, que usas para amar e para defendéreste en que dis *a navalla que aguza a vara e corta o pan*. Escrita que ampla as súas posibilidades sensíbeis no zugar de innúmeras texturas que van da señardade á acción de mirar: *ollar é ire, ire (...)* dos teus ollos aos ucedos; mirar eu para ti, Uxío, a ler para min unha carta de Elba mentres na taberna de Julita agardamos por Ela. San Froilán, 1971: *a fibela do meu traxe sigue tan benfeita*, di cando publicada. A carta puña “linda”. Poemas-materia dun real que nos manca; Courel que contigo deveu un realizativo a prol da Terra; poemas que alentan apenas no movemento que describes coa man para percorrer a liña que marca esa distancia: *o lombo do lobo*.

No verán de 1968 eu tiña dezasete anos. No medio e medio dunha tarde de agosto subín polo Parrote para escoitar, na oficialísima Casa da Cultura, un recital. Sentei cara á banda esquerda, pola fila terceira para ollar sen ser vista, mentres as palabras ecoaban na sala. Rodeábanme mulleres da idade da miña tía Amalia, esas mulleres coruñesas que adoito facían o que na altura chamabamos vida social: encontrábanse para xogar cartas, ían mercar roupa a Pascual, percorrían as mercerías da rúa Real, acudían a actos literarios.

El ponse de pé. El olla e sorri treméndolle un chisco a papada. El, sen deixar de sorrir, di:

– O Vietnam hai que cantalo de pé

El fica a ollar ese tempo xusto no que unha pálpebra abre e torna pechar. A sala enteira, todas aquelas mulleres da idade e condición da miña tía Amalia, pónense de pé termando dos bolsos.

El di os catro minutos e corenta e catro segundos do **Vietnam canto**.

Viste de escuro. O seu rostro distínguese. Os ollos son claros coma os dunha personaxe da Marguerite Duras. Olla cada verba, pona fóra da boca, funga da emoción co ruído do paso das follas, olla para nós, ergue na man coma se fose unha pomba roma:

*Pobo como o meu
Galicia pequeniña
Sola cousa de todos*

É esta a oración que ficou para sempre. Non sei se despois deses catro minutos e corenta e catro segundos para o **Vietnam canto** houbo outros poemas. Non recordo se permanecín todo o tempo de pé. Só me lembro deses versos e de

como os fixei para sempre nunha elipse: Vietnam, Galicia pequeniña. Aínda nin sabía eu case que ren do galeguismo nin coñecía ese territorio insubmiso, o da poesía. Aínda non sentira con esa determinación a forza da fala nin sabía desa outredade, a da nación, Galicia, que lle debo a aquela tarde morna na que non ía pasar case que nada.

A primeira imaxe da humanidade é a dunha man que se perpetúa para entrar en contacto cunha man diferente, para partillar tempos e anxeios: *Cear todos xuntos e irse por parexas, agardar aos que volven (...) agardar outro século*". Tamén a primeira imaxe coa que adoito abro os meus textos a redor da relación entre Identidade e Industria cultural e do papel dos medios de comunicación e das institucións na súa construción ou na súa invernía, tíroa de Uxío Novoneyra e cito uns versos deses versos polos que xa Novoneyra é un clásico, porque nos explica. Uns versos da **Letanía de Galicia**:

Recóllote da TERRA,
estás mui fonda,
recóllote do PUEBLO
estás n'il toda
recóllote da HISTORIA
estas borrosa

Versos pautados como fora pautado aquel ritual tan simple, "miñas donas e meus señores" co que fomos quen de sermos outra cousa mentres a súa voz con corpo como unha mazá feita roda doa a doa polas vértebras da nosa existencia, patria-lingua, valumbo.

Bailas e ... faisme libre escribiu para o Antonio Gades no Madrid dos sesenta, expresando a pertenza a unha xeración que está arestora toda enteira acó, no Courel, e aló, en Compostela, en nós. O soño, continúa!

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2010

Darío Xohán Cabana Yanes

Señor Presidente, miñas donas e meus señores:

A min paréceme que o poeta Novoneyra naceu en 1952, e creo que naceu case de súpeto. Os seus versos anteriores non foron xamais considerados nin publicados polo Novoneyra noso, ese que de repente empezou n'Os *eidos* unha das aventuras líricas máis poderosas da nosa lingua, unha aventura que non ten que ver cos imitativos tateos anteriores, cando Novoneyra non era aínda Novoneyra, cando aínda non se producira, no que ó Novoneyra se refire, «o gran milagre do mundo» que é a encarnación da poesía.

Este milagre aconteceu, ou polo menos tivo as súas primeiras fulguracións, nas terras ásperas e militares de Parga a partir de xaneiro de 1952. Despois de preto de tres anos de descoincidencia residencial, os amigos da mocidade bacharel luguesa Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novo Neira vólvense atopar de recrutas no campamento de Parga. O Novoneyra viña de Madrid, do ambiente universitario de aló; o Manuel María seguira en Lugo pero matricularase en Santiago, por andar de Santiago a Lugo coma Fernando Esquío; en Lugo, Ánxel Johán, Pimentel, Aquilino. Novoneyra chegaba cun certo prestixio de Madrid, algún poema –seica– en revistas universitarias, algunha recitación impresionante xa; Manuel María con tres ou catro ou cinco libros feitos, dous deles publicados ou en prensa –*Muiñeiro de brétemas* e *Morrendo a cada intre*–, outro inédito aínda –pero tratábase de *Advento*, un dos grandes libros da poesía galega de todos os tempos, rematado polo outono de 1951. Manuel María era xa un gran poeta; Novoneyra aínda non.

Empezaría logo en Parga a revolución de Novoneyra: a conversa diaria entre os dous poetas irmáns –tan diferentes– houbo de ser a chareta que primeiro se fai pequeno lume e axiña grande incendio, cacharela, ragoada. Primeiro, os montes de Parga, e despois, Compostela, coa súa verdadeira universidade daqueles tempos: Piñeiro, Carlos Maside, Borobó, Bouza-Brey, o grande don Ramón coma un Presidente clandestino da República. E logo a perigosa doenza, os días e as noites interminables de hospital, as longas secuelas que hai que vir curar ás terras altas do Courel, onde o aire é máis limpo: a introspección, a soidade, a saudade.

A revolución de Novoneyra é que de pronto volve á lingua súa, pero tamén que rompe coas imitacións, coa aprendizaxe tradicional, pra escoitar a súa pro-

pia música, que nada ten que ver coa dos modelos románticos ou posrománticos, ou o que fosen, que o Novoneyra de Madrid pretendía quizabes emular. A cuestión é de fondo, pero tamén de forma, se moito non me engano.

Señor Presidente, hai xa bastantes anos tiveches o cumprido acerto de titular un libro luminoso co sintagma *De Pondal a Novoneyra*: así definías un espazo temporal e dialéctico entre dous nomes verdadeiramente grandes e simbólicos, pero ó mesmo tempo insinuaches e afirmaches lapidariamente a grande semellanza e fraternidade esencial que existe entre Pondal e o noso Uxío, poetas que por un igual merecen identificarse coa poderosa imaxe de «lostrego escuro» que inventou o primeiro.

A publicación de borradores sucesivos na edición crítica de Pondal, recentemente levada a cabo por Manuel Ferreiro, ofreceunos unha visión moito máis rica e interna do bergantiñán, un home que dedicou toda a súa vida á poesía, á construción teimosa dunha obra que –se lle quitamos as case infinitas e desperadas oitavas d’Os *Eoas*– resulta bastante breve en comparanza cos oitenta e dous anos que o bardo chegou a cumprir. Infelizmente o Novoneyra non chegou a facer os setenta; pero en restante dos seus anos, a súa obra é tamén relativamente breve –aínda que non tanto como ás veces sen pensar se pensa. E sen embargo, ben sabemos que Novoneyra era tamén poeta todos os días, incluso naquelas longas tempadas –«anos sen o poema!»– en que a súa infinita dedicación non se traducía en ningún novo achado.

Os borradores de Pondal, digo, falan ben claro do traballo hercúleo que era pra el a escritura do verso. As primeiras versións son a miúdo dubitativas, zouponas, cheas de versos tateantes, mal medidos e mal acentuados e até con rimas turpérrimas, que non admiten comparanza ningunha co fulgor dos poemas definitivos, onde a lingua –lingua de ouro– se fai tan tensa e tan brillante precisamente –e iso sabémolo agora– polo laborioso traballo de forxa a que foi sometida e pola extraordinaria dificultade que o poeta tiña pra encaixar as palabras no verso. A facilidade no escribir é –ben o sabemos algúns– moi perigosa, e produce brandura; a dificultade combatida, o titánico esforzo daquel Pondal que alancaba coma un tolo polo seu cuarto de escribir cun lapis de carpenteiro na man, iso produce, querido Presidente, queridas amigas e amigos, *calidade e dureza*.

E o mesmo é con Novoneyra, aínda que con algunha diferenza. Paréceme a min, polos seus ensaios prehistóricos e por outras razóns, que Novoneyra tiña tamén considerables dificultades coa forma. Pero o tempo de Pondal era o tempo do verso de medidas ríxidas e rima regular, e Novoneyra viviu no século en que o chamado verso libre corría xa ben ceibo e afouto polo mundo. Por iso, cando Novoneyra rompeu coa imitación dos vellos, cando Novoneyra sufriu a iluminación e o esgazamento que deu lugar a Os *eidos*, sabía que non tiña a obriga-

ción de suxeitarse a normas vellas e que podía adoptar a métrica que nacía do seu interior, ou por mellor dicir, a métrica do seu xesto e do seu alento. Porque a min paréceme que o verso de Novoneyra se define bastante ben se lle chamamos xestual, e tamén se reclamamos pra el a «medida da respiración» que teorizou, segundo teño lido ou ouvido, aquel Allen Ginsberg da Xeración Beat que tanto lle gustaba ó Uxío, polo menos cando eu o coñecín, aló polo setenta. O verso de Novoneyra é case sempre libre, pero certamente non se parece ó verso libre de Manuel María. O verso de Manuel María basea o seu ritmo sobre todo no fluír do pensamento; o de Novoneyra fúndase moito máis na música das palabras, e ás veces nin parece libre...

Mais aínda que a miúdo a métrica de Novoneyra semelle popular, en realidade éo poucas veces. É moi raro que o Novoneyra se constrinxa rixidamente a unha forma métrica preestablecida, a unha maneira de rimar canónica. E as máis notables excepcións a isto non van polo lado da métrica popular tradicional –nin, xaora, polo da renacentista ou da romántica–, senón que sacrifican no altar da lírica culta medieval, da poesía dos trovadores nosos. As *Follas de cantigas*, esa pequena parte d'Os *eidos* onde ó meu parecer están algúns dos mellores poemas de Novoneyra, conteñen tamén os versos máis suxeitos a esquema preexistente que publicou na súa vida. Datados algúns deles en 1954, débense sen dúbida á lectura devota e abraída do tomo I da *Escolma de Poesía Galega, Escolma medieval galego-portuguesa*, esa bendita obra de Xosé María Álvarez Blázquez publicada no ano anterior.

Un fistor destas terras, don Antonio Río Monteiro, o Ribeira de Louzarela, dixo felizmente unha vez, fai agora catro anos, que facer versos de brindos vén sendo «un arranque de palabras feitas que van coma polo río abaixo». Raramente é así en Uxío Novoneyra, que non é un fistor, que pouco ou nada ten que ver coas artes populares do fistor. O seu é máis ben a dificultade. A poesía do Novoneyra é unha tensión continua e un esforzo obstinado cara á perfección, unha perfección que non é a do sonetista que lima os seus hendecasílabos, senón a do home que escoita a súa música interna, que a traduce en voz e xesto, que a ensaia e remoe continuamente. E até chega un intre en que o xesto se fai caligrafía: a elegantísima e artificiosa letra dos orixinais antigos transfórmase na escrita xestual que se revelou a todos nos *Poemas caligráficos* prologados, xaora, por Reimundo Patiño e publicados nos Cadernos da Gadaña, 1979. (Jackson Pollock, *action painting*, pintura de acción corporal, pintura xestual.)

Este labor continuo, insisto, non de corrección senón de creación, de creación continua, é ben evidente prós lectores atentos, mesmo sen coñecermos os distintos estadios manuscritos ou borradores. Aínda despois do seu primeiro estado «definitivo», a través das súas diversas edicións moitos dos poemas de

Novoneyra vanse transformando levemente, gañando ou perdendo un verso, unha palabra, a simple marca dunha pausa, sempre na procura desa perfección que dixeran, desa identidade entre o sentir e o dicir. Con isto, xaora, non afirmo que a modificación sexa sempre feliz; podo citar, como exemplo do contrario, unha das cántigas paralelísticas cuxa alteración na edición vasca, bilingüe, d'*Os eidos* en 1988 dana gravemente o poema.

Eu quixera agora falar un pouco máis longamente doutro aspecto de Novoneyra que me ten fascinado; mais ben sei, señor Presidente, que o tempo non se estira. Por iso me limitarei a enunciar o tema e o seu fundamento, que é unha das máis fermosas obras do noso grande courelao: o cantar de Manuel de Ribadaira. Neste marabilloso poema de versos desiguais e inmisericordes asonancias, escrito en 1976 pra contar algo que sucedera corenta anos antes, parécenos estar oíndo –pero feitas do noso tempo, feitas materia aínda máis terrible e tráxica– as palabras antigas de *la geste que Turolfus declinet*. Nacía coa *Cansun de Rollant* unha literatura. A nosa tivo, segundo se mire, dous nacementos, os dous moito antes do tempo de Novoneyra; pero hai algo na súa obra, en parte da súa obra, que suxire unha actitude espiritual estraña: a pesar da tradición en que se inscribía gozosamente, a pesar das súas intensas e teimosas lecturas, a pesar de ser un home no que estaba presente boa parte da poesía de todos os tempos e de todos os países, un ten a sensación de que Novoneyra facía os seus poemas, ou polo menos algúns deles, coma se estivese inventando de novo a Poesía.

Coma se fose Picasso reinventando as covas de Altamira.

UXÍO NOVONEYRA COA LINGUA DO SEU POBO

Manuel González González

Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, Excmos. Sres. Académicos, Excmas. Sras. Académicas Excmas. e Ilmas. autoridades, familiares de Uxío, veciños do Courel, cidadáns de Galicia, hoxe convocámonos todos aquí no Courel de Novoneyra, aquí en Savane. Convídevos a erguer a cabeza e mirar na nosa volta: O Folgoso, Teixeira, Millares, Campelo, Outeiro. Mirade ben: a Veiga do Xal, Cido, a Reboleira, o Noval, a Fontela, o Val d'Asnela, o Campo do Muíño, o Chao do Longo, Lamelalonga, a Devesa da Rugeira. Esta era a natureza que cada día vía e vivía Uxío Novoneyra. Este era o medio no que sufriron, sentiron, se lairon, riron e soñaron os seus devanceiros, xeración tras xeración.

Se invoco estes topónimos non é máis ca para constatar unha realidade evidente: os nomes dos nosos lugares non son outra cousa máis ca galego. Aquí non hai *Helechales* nin *Tejeros*, nin *Oteros*, nin *Robledos*, nin *Fuentecillas*. As nais das nosas nais que labraron estas terras ao longo dos séculos non se expresaban noutra lingua que non fose o galego. Isto non o podemos esquecer nunca e hai que dicilo en voz alta, sen agresividade, pero con claridade. Non nos trabuquemos de patria; sería moito trabucarnos, como diría Uxío. E calquera política lingüística que pretenda superar a confrontación para acadar a concertación ten que basearse necesariamente nesta realidade histórica e ser consecuente con ela.

Neste Courel, auténtico na natureza e nas xentes, Uxío decátase decontado de que a realidade física circundante está expresada en galego (os cumes, os vales, os soutos, as carballeiras, os castiñeiros do val, os cotolovíos, os ouriois, os cucos, os estorniños, a auga, os ventos), pero tamén as vivencias dos que a habitan: os traballos, a morte, os xogos, as conversas, as cantigas, os soños. Non é de estrañar, pois, que axiña identificase terra-pobo-historia- e lingua, e que exclamase, parafraseando a Pessoa: *a miña patria é a fala galega*.

Neste aspecto Novoneyra non era orixinal: a concepción da lingua como espírito do pobo, como a maneira de ver o mundo dunha sociedade, fora difundida por toda Europa aló polos anos 30 pola chamada escola idealista, sobre todo por Leo Spitzer e Karl Vossler, e era tamén fundamentalmente a que tiña aquí Ramón Piñeiro.

Se para Uxío a lingua é un elemento consubstancial coa terra, coa paisaxe, que arrinca das raiceiras do noso pobo e da nosa historia non é sorprendente que o seu modelo lingüístico sexa o modelo popular, o da fala do lugar, o da fala que aprendeu dos labios dos seus pais e dos seus veciños. A fidelidade íntima á fala do Courel e da súa contorna é algo que se mantén dunha maneira constante na produción de Uxío Novoneyra, por máis que se perciba algunha pequena evolución co paso do tempo, tal como xa puxeron de manifesto Olga Novo e Carme Silva. Permítanme que sinala sucintamente algunha das súas características:

a) Na fonética

- Os ditongos *au* e *ai* alternan con *ou* e *ei*, en formas como *autro*, *aira*, *aiqué*, *ailí*, ao lado de *outro*, *eira*, *eiqué*, *eilí*. As formas con *a*, en contra do que se ten dito non son arcaísmos, senón formas innovadoras xeradas por fonética sintáctica.
- *Fiu* e *riu* pronunciados con ditongo conviven coas formas en hiato *fío* e *río*.
- Distingue o vocalismo tónico de *muíto* e *lúita* do de *coiro* e *noite*, como fai o galego oriental.
- A conxunción “e” pasa frecuentemente a “i” cando vai seguida de palabra que comeza por vogal: ¡*Terra costa, fraca i erma!*...O emprego deste alo-morfo *i* da conxunción copulativa vai acompañado da abertura da vogal seguinte, que por veces mesmo representa na grafía, como cando escribe: *O libro pechado i on fiu de sol*.
- A fonética é sempre importante na poesía, pero éo moito máis na de Uxío Novoneyra, onde tan presentes están a aliteración e o fonosimbolismo, fenómenos nos que non vou insistir, ben estudados por Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer. Fíxense como a acumulación de vogais velares en todas as sílabas acentuadas provoca a sensación de pesadez, de forza lenta, pousada:

*Boi burdión,
de corno broco,
aliñón!
Boi marón,
de boubo foco,
outeón!*

Importancia da fonética nada sorprendente se temos en conta que Uxío era un gran poeta, pero era tamén un extraordinario dicidor.

b) Na Morfoloxía

- Emprega xeralmente a solución *–ao* nos resultados da secuencia latina *–ANU*: *vrao*, *chao*, *mao*.

- Móstrase moi vacilante con respecto á solución do sufixo latino *-BILE*. Ao lado do resultado maioritario *-ble*, achamos tamén casos de *-bre* con *b*, de *-vre* con *v*, de *-bel* con *b*, de *-vel* con *v*, e mesmo de *-bele*.
- Hai unha utilización moi profusa das chamadas segundas formas do artigo *lo, la, los, las*, que, a pesar de seren tan de nós, hoxe por desventura están desaparecendo da fala de moitos galegos.
 - Os nomes agudos acabados en *-l* fan os plurais en *-ís*: *animais, candís,...*, pero tamén os agudos acabados en *-n*: *burdiois, xardois*.
 - Os femininos *úa, algúa, ningúna* conviven cos máis frecuentes *unha, algunha, ningunha*.
 - Son habituais as formas mórficas hipercharacterizadas *il, iste, ise, aquil* (con vogal *i*, que ocasionalmente estende tamén á forma feminina *ista*).
 - A preposición *pra* (coas formas contractas *pró, prós, prá, pras*) alterna con *pre* e *para*).
 - Moitas son as peculiaridades que marcan a súa morfoloxía verbal:
 - As desinencias verbais *-ais, -eis, -ís* (*levais, mireis*)
 - As formas verbais con resonancia nasal final: *estoun, pasein, deitein, sein, voun*
 - As formas verbais temáticas tipo *fais, teis, veis, vein, crein*.
 - Formas tipo *abria, cabia*, cun iode epentético na última sílaba
 - E moitas outras que non enumero para non abusar do tempo de todos vostedes.

c) No léxico

- Pola súa obra corre o léxico típico do Courel: *fainteiras, boubo, brelo, burdiar, candias, carnabudo, cerengo, cotolovío, flairas, ortigois, loairas, nabarega, primachorros, tesos,...*
- A abundancia de hiperenxebrismos contribúe a tinguir aínda máis o seu código lingüístico dun verniz de populismo.

Con este ideal de lingua non sorprende que Novoneyra mantivese unha certa belixerancia contra a lingua normativizada.

Uxío considera a lingua, e nisto ten razón, como un efluvio natural da terra e da xente, como unha manifestación do espírito creador do pobo, que non pode ser sometida a ningún tipo de acoutamento que free esta libre expresión. Por iso se posiciona abertamente contra o estándar:

Creo que todo o que o galego perda en rigor normativo, en forzada sistematización, en manía do estriuto que sempre dá en estreito, todo eso ganara en

aire, en alma de patria, ganaráo en ser recoñecido sempre como propio. Cada forma propia e normal da Lingua, na fala, ha de ser recoñecida como válida na escrita. [...] Non queremos unha normativa que exclúa as peculiaridades dialectais. Non queremos unha inter-língua que pille algo de eiquí e algo de eilí. Non queremos un galego de laboratorio, un galego no que só, os que o “elaboran”, recoñecen a súa patria

E nesta liña pídelle os novos escritores e poetas galegos que usen o seu galego individual, local, comarcal, pois o outro dubida de que sexa o galego, un galego interior, como ha de ser o idioma na creación escrita.

Moitas son as ocasións en que se mostra especialmente crítico co Instituto da Lingua Galega, e coa Agal:

Ós que verdadeiramente falan galego, ós que sólo falan galego, ós que sempre falan galego, chegaron a facerlles crer que non o saben falar. Esta creencia, este feito, é público e notorio e débíalles servir como motivo de reflexión ós señores lingüistas do “Instituto da Lingua”. E en canto ós seus antagonistas da “Asociación Galega da Lingua” eu diríalles tamén que é xusto que Fernando Pessoa diga: a miña patria é a lingua portuguesa, como é xusto que eu diga, e que nós digamos: a miña patria é a lingua galega

Non é este o momento de analizar polo miúdo este problema, pero coido que Uxío neste caso non atinou nas súas apreciacións nin na dureza das súas descualificacións. Quizais o cegou a importancia da función identitaria da lingua, que non lle permitiu ver con claridade a súa función de cohesión social nin a de instrumento para a comunicación da sociedade moderna, imprescindible para calquera lingua con vontade de futuro. E teño que dicir que non me parece xusta a valoración que fai de Institucións coma o ILG, porque non houbo ninguén que se esforzase máis e dunha maneira máis desinteresada ca o ILG por coñecer e respectar a lingua dos que verdadeiramente falan galego e as súas variedades, e por dotala dos recursos necesarios para responder eficientemente ás novas esixencias sociais. Só a incomunicación, as barreiras de fume que moitas veces se crean entre os veciños, e a imaxe destorcida desta institución difundida por certos grupos, poden explicar esta valoración, porque Uxío era unha persoa que amaba a xustiza e trataba de ser respectuoso cos demais, sobre todo cos que sabía que tiñan un compromiso certo coa defensa da súa lingua.

O galego é o pouso do noso pasado común e é o elemento que une as nosas xentes de todas as épocas da historia. É o verbo común depositario da memoria do noso pobo, gardador da nosa inmortalidade. É a memoria do pasado común, que vale para unírnos e gardarnos. Permítanme que cite un novo parágrafo de Novoneyra que sintetiza maxistralmente o seu pensamento neste punto:

Todo o que foi un pobo sólo pode caber e resumirse na Lingua. Nela quedaron como fixados, esburados, grabados a buril, tódolos rostros dise pobo que se animan e volven cando alguén a fala con mediada plenitude e acento

Esta lingua que nos identifica, que nos evoca o decorrer da nosa historia, que nos une aos galegos de todas as épocas nunha comunión espiritual leva séculos de marxinación e cada vez corre un maior perigo baixo a presión do castelán, mesmo no mundo campesiño e mariñeiro onde se mantivo con maior fortaleza. Láíase Uxío: *Agora xa non vale esa gran reserva que foron pra a Língua Galega as aldeas e os peiraos, o campo i o mar—*.

Pero o poeta ten fe no futuro, no futuro da nosa lingua, no futuro da nosa patria, expresada metaforicamente a través dos nomes dos seus fillos:

BRANCA, Uxío i Arturo
quedaranse no Futuro
quedaredes no Futuro

pre que siga o Pasado
e ti Galicia a durar
anque se funda o lousado
e caia a neve no lar.

Sendo a lingua un elemento nuclear da personalidade dos pobos, a súa defensa e o seu cultivo debe ser unha esixencia de todos os membros pertencentes á comunidade, independentemente da súa ideoloxía. Dicía na Feira do Libro en Santiago no 1987:

Todos somos galegos e todos temos responsabilidades como tales galegos, i estas responsabilidades ... van máis aló das ideoloxías, das premisas do propio partido. Responden a algo máis profundo. E non valen medias tintas. Hai que estar, si ou non, con Galicia. E non se pode decir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade de pervivencia da nosa lingua como meta primordial

Descansa tranquilo, Uxío, coa esperanza deste compromiso por parte de todos, que nos faga sentir orgullosos de nós. Descansa, porque formas xa parte da historia que para sempre nos vivifica. Descansa porque, a pesar dos tempos difíciles que estamos a vivir, desde a quentura dos sucos onde xermina a semente, desde o fondo dos cavorcos, desde as sombras dos soutos, desde o *bicarelo do bico do brelo* onde canta o paxaro, desde o cerengo dos tesos, resoará sempre a túa voz pregoando: “Galicia: terra, pobo e lingua”.

III

Traballos de investigación e estudo

UN NOVO TESTEMUÑO DA GLOSA A “ADÁN NON PUDO PECAR”,
DO CURA DE FRUÍME

Rosario Álvarez / Xosé Luís Rodríguez Montederramo

SOBOR DO ANTIGO LINGUAXE DO POBLO GALLEGO DE C. GARCÍA
ROMERO. UN ESTUDO ANACRÓNICO SEN DIACRONÍA

Carlos Búa

DOUS AUTÓGRAFOS INÉDITOS DE EDUARDO PONDAL:
O BANQUETE DE CONXO

Juan Félix Neira Pérez

UN NOVO TESTEMUÑO DA GLOSA A “ADÁN NON PUDO PECAR”, DO CURA DE FRUÍME

Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo

1. CONTEXTO DOCUMENTAL

O poema que nos ocupa está contido no derradeiro tomo dunha serie de tres de papeis varios (RB II/1975-1977) con cadansúa portada manuscrita; cada un deles está precedido, ademais, dun índice escrito en letra caligráfica e fileteado, que recolle puntualmente a variedade de temas e de tipos documentais. O compilador ou mero encadernador non parece seguir ningún criterio formal ou temático no seu labor de compaxinación; por iso no noso tomo, onde abunda a correspondencia e a lexislación, ten tamén cabida a materia xeográfica e até un interrogatorio de probas de limpeza de sangue, noticias de guerra en forma de gacetas, etc.¹. A composición galega de Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777) está no fol. 79r, illada dun monllo de poemas que ocupan os fols. 38r-49v, o primeiro dos cales está atribuído tamén ao «Cura de Fruíme» (é o que comeza “Viuda y desamparada / vuestra caridad implora”, RB II/1977, fol. 38r; en Cernadas e Castro 1778-1781: VII 349).

Para a historia destes volumes anterior á súa definitiva incorporación na Real Biblioteca é esclarecedor un papel acéfalo que ocupa os fols. 129r-130v do volume II. Trátase dunha carta na que se delata o autor do plaxio dun artigo publicado na revista *El Espectador*, pero o que realmente nos interesa é a anotación que leva ao pé: “Esta carta se presume ser de el difunto conde de Mansilla”. Dado que na Real Biblioteca se conserva boa parte da colección libraria deste conde segoviano, se non toda, parece claro que tanto ese manuscrito coma o noso, pertencentes á mesma serie, teñen tal procedencia; a data de ingreso pódese situar baixo o reinado de Carlos III. Por outra banda, un exame da encadernación confirma esta hipótese, pois a diferenza da maioría das bibliotecas que se incorporaron á coñecida como «Particular de S. M.» entre os séculos XVIII e XIX e que

1 Para unha relación completa do contido da serie véxase *CatMssRB*, t. II, pp. 363-366. En Aguilar Piñal (1981-2001: n° 2820) recóllese todo o monllo de poemas baixo a autoría do cura de Fruíme.

Viuda, y desamparada
 Fuera caridad implore
 la mas Hermana soltera
 y la mujer mas honrada
 Ayuda mental Ayuda
 con laudimonia caudada
 a mi Divina reliquia
 le traigais el Corazon
 No al mal mayor Compasion!
 No al malor solidad!

Entre fineros capuzos
 y entre dolores Placidos
 al la viuda de las monas
 la mule haciendo Cruzes
 repugnancia a todos luses
 sin mas Joyas q'm el corazon
 como va Herida por Cruzes
 de dor en Hermana supora
 que una vez orgo lo q' era
 y no quien mas Calmado.

Aunque m' p'ora apasionado
 contentendolas voluta
 a una Madre Doncellita
 no se le pone en estado.
 Mereca vuestro cuidado
 Dama de Juergas tan bellas
 y m' q' sacra bien de ellas
 acordas Herodes
 de que se desazon Caudales
 para acomodar Doncellas.

No haria xpefor obsequia
 p'ora al legarali al pronto
 Nenes de m' Joseph despois
 p'extenacion a Nazareth.
 En esta razon se fia
 su derecho a la g'edad
 fuera de que si ep'idad
 al d' aduesso no esta lofremo
 que el musfuro de m' Jermo
 lo goze una solidad.

88

C. El cura de Frumme

foron totalmente reencadernadas para uniformalas de acordo coas tendencias ligatorias vixentes na corte e, en particular, nos talleres que rexentaban os encadernadores de cámara, o fondo Mansilla, de xeito excepcional, quedou á marxe dese proceso ligatorio masivo e así todos os seus libros –manuscritos e impresos– mantiveron a encadernación con que probablemente os protexeu e adornou o conde segoviano. Apoiados neste dato fixemos varias comprobacións dos ferros da encadernación, e en concreto hai un do lombo que aparece en moitos volumes desa biblioteca, e só desa. Se ben non existe o inventario que de seguro se confeccionou para o traslado dos libros, boa parte deles exhiben na cara interna da cuberta ou na primeira folla de garda o exlibris de etiqueta que representa as armas do conde de Mansilla cunha lenda na parte superior que di “*Ars longa vita brevis*”. Desta forma puidemos illar un volume considerable de libros incontrovertiblemente orixinarios do conde de Mansilla e identificar un conxunto de ferros que se repetían; así foi posible reintegrar ao fondo de Mansilla os volumes que perderon este exlibris ou que nunca o tiveron, como é o caso do tomo do noso manuscrito, que leva no lombo o inconfundible ferro da biblioteca segoviana.

A determinación desta procedencia permítenos propor como data *ad quem* da copia do manuscrito a da entrada desta biblioteca nobiliaria na particular de S.M. Grazas ao memorial de Manuel Álvarez, bibliotecario real, sabemos que foi en 1790 cando se produciu a incorporación; e, en efecto, o 26 de xullo expón no devandito memorial que “fue a Segovia a buscar la [biblioteca] del conde Mansilla” (AGP Personal, Caixa 41/21). O dato concorda coas datas de redacción dos textos que integran a serie de manuscritos, nos que a datación máis recente non supera o ano de 1777, e probablemente as copias non se afasten moito no tempo da redacción orixinal.

2. A GLOSA DE CERNADAS

Diego Cernadas glosa unha coñecida redondilla, escrita orixinariamente en castelán, que xa fora obxecto da atención doutros coñecidos glosadores –e da Santa Inquisición– na Península e nos territorios de Ultramar, cando menos desde finais do séc. XVI². Tamén non é esta a única ocasión en que o cura de Fruíme

2 Vallan como mostras que a copla forma parte das probas acusatorias contra Juan Julio, natural de Nancy, nun auto do Tribunal da Inquisición celebrado en Lima en decembro de 1600 (Medina 1887: 320) ou que, tamén da man da Inquisición, viaxase de Manila (1610) a Nueva España (Maserá 2001: 6, 8); aparece glosada no *Cartapacio* de Mateo Rosas de Oquendo (1598-1612, fol. 115) e no *Ramillete sacro* de Alonso de Ledesma (principios do séc. XVII, n.º 115); recóllese tamén unha “Glosa a «Adán no pudo pecar» que comienza: «Formó de limo de tierra»” no Legajo 3 de manuscritos da biblioteca de Rodríguez Moñino (Madroñal 2004: II 447). Existe mesmo una atribución a Fray Luis de León, “*Pensamiento soberano de fray Luis de León en esta redondilla*, «Adán no pudo pecar»” (Blecua 1990: 54). Así pois, Cernadas súmase a unha tradición glosadora de longo alento, que xa dera froitos, cando menos, había un século e medio.

amplía esa “redondilla heretica por sus cuatro costados” cunha “glosa catholica por todas sus coiunturas”; a introdución a unha delas, posta en boca da ama ou criada, culpa un “duende casero” da tentación e, con fino humor, procura deixar ben clara a posición ortodoxa:

No sè que Duende casero tubo la travesura de entremeter en la Escrivania de mi Cura una Redondilla descomulgada, zurcida de quatro Propositiones impías, y erroneas, de las que suelen inventar algunos genios traviessos, para dar que hacer à los que tienen la flaqueza de hacer Coplas, poniendolos en la tortura de glosarlas, ò ponerlas en sano sentido. Viola mi Cura, cuya paciencia probaron yà otras veces con semejante tormento, y como el convertir hereges es obra tan laudable, y meritoria, se determinò à reducirla à la Fè catholica en obsequio de la Madre Dolorosa (Cernadas 1775).

Nas *Obras completas* figuran tres glosas de carácter relixioso, dúas no t. IV (pp. 380-381 e 381-383) e outra no t. VII (pp. 262-263). As dúas primeiras foron compostas con motivo da Semana Santa, nunha refírese a 2 Corintios 4:10 e a outra ten como transfondo a alegría da Pascua de Resurrección (porque seica o provocaron coa tal copla nese día)³. A última foi publicada dentro dun folleto encabezado pola obra *Sicut erat in principio, et nunc, et semper, en que el lanquente Sacrris de Fruíme, termina la oracion, que hace a los devotos de la Dulcissima Madre Dolorosa, en el dia en que se le notificó la sentencia, de que havia de ser herida su Alma inocentissima con la mas penetrante Espada* (Santiago, Oficina de Sebastian Montero y Fraiz, 1775); os fragmentos citados por nós proceden desta edición, pois nas *Obras completas* omitiuse a introdución. A glosa que nos ocupa, en cambio, é humorística: non se destina a ilustrar o misterio da resurrección e a redención, con ocasión da Semana Santa ou da Pascua, nin ao exercicio de “poner en sano sentido” a coñecida copla, facendo que as proposicións “impías” se convertan en verdadeiras no contexto adecuado; as doses de inxenio invertidas nesta ocasión buscan, pura e simplemente, o escarnio do cóengo composte-lán Pedro Fole de Navia.

Nas dúas edicións da obra completa en galego de Diego Cernadas mencionanse dúas versións desta glosa, procedentes do ms. 631 da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago (Pardo 2002: 170, 174-176; García 2002: 227-229). Ambos os editores coinciden en sinalar que só foi manuscrita polo propio cura

3 Estas son as citas e comentarios que, respectivamente, anteceden ás dúas glosas. “*Semper mortificationem Jesu in corpore nostro circumferentes, tu & vita Jesu manifestetur in corporibus nostris. 2 ad Corinth, 4 v. 10.* Tómasse este asunto por haberse hecho en Semana Santa” (‘Levando sempre por todas partes a morte de Xesús no noso corpo, para que tamén a vida de Xesús se manifeste nos nosos corpos’). “*Surrexit Dominus verè, Allel. qui pro nobis pependit in ligno, Allel.* Porque me provocaron con ella en el día de Pasqua de Resurreccion, se toma este asunto para la GLOSA.” (‘Verdadeiramente resucitou o Señor, aleluia, o que por nosoutros colgou no madeiro, aleluia’).

de Fruíme a versión que se atopa no primeiro volume⁴, de modo que é esa a que toman como texto principal; en adiante, referirémonos a este texto como S1. A copia do segundo volume⁵, con algunhas variantes sobre as que volveremos, foi publicada por Pardo de Neyra en nota a rodapé (2002:175-176); referirémonos a ela como S2. O texto que editamos, procedente da Real Biblioteca (Madrid), non é idéntico a ningunha das versións coñecidas ata agora; referirémonos a el como M.

3. AS PRESENTACIÓNS EN PROSA

As tres copias manuscritas que se coñecen conteñen unha breve introdución en prosa, de tamaño e contido diferentes, que presenta a copla, explica o motivo da glosa e xustifica a oportunidade da súa difusión. A existencia de tres textos introdutorios diferentes, que só se poden deber ao autor, obriga a considerar orixinais e copias a partir de tres realizacións distintas da súa man, con datacións que non teñen por que ser nin coincidentes entre si nin contemporáneas dos feitos.

Nas versións S1 e S2 esa introdución explicativa está en castelán. A da primeira, máis extensa, sitúase no inicio do texto; a outra segue á presentación da copla que vai ser glosada, ao parecer por segunda vez:

[S1] Los que entienden la lengua Gallega, y saben los cuentos ruidosos, que tube con el Canº de Santiago D. Pedro Fole, puede ser le hallen chiste ala glosa de la copla antecedente, que en aquellos tiempos corriò mucho, y por si acaso gusta, se pone aquí.

[S2] Segunda Glosa del Author à esta Redondilla, qe conbirtio en Satira contra Dº Pedro Fole, Canonigo dela Sta Ygla de Santiago, de quien se sentia algo lastimado.

Por iso, a versión que editamos ten o valor engadido de que a presentación está escrita en lingua galega. É, por riba, a máis extensa das tres, a de perfil máis humorístico e a que dá información contextual máis rica:

[M] Como anduvese estos días pola Vila una copra dàs que se fan â proba da Musa, savendo ô Mozo de Camara de Fol, què ô Criado do Crego tiña seu ramo de vena, quixo ver, como puxaba polo entendemento, e pidiulle què llà

4 Fol. 83, recto e verso, segundo indicación de Pardo (2002: 170). Pódese ver o texto completo na edición dixital do manuscrito en *Galiciana Dixital*, Cernadas de Castro [*Décimas y Romances*] (<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>), imaxes 175-176. Cremos necesaria unha ollada experta sobre os manuscritos para determinar cales textos son autógrafos e cales apógrafos, dito sexa sen ánimo de polemizar cos dous respectados editores (cf. no mesmo sentido, as consideracións de Monteagudo 2005: 416-418); observándoos atentamente, cunha ollada non experta, mesmo podería conxecturarse que nalgúns casos non se trata de distintas mans senón de distintas idades, pois as diferenzas non son tanto de forma dos grafemas coma de firmeza e soltura no trazado.

5 Fol. 105-106 (Pardo 2002: 175n). O texto completo en *Galiciana Dixital*, ib., imaxes 633-636.

glosasse. Ô Probe polo seu punto, consintíu nesso, ê, como hê gallego Mazi-so, vendo, què â redondilla, aunque era Castellana, tiña ô mesmo orden, sintido, ê consonancia, nà sua lingua, trasladaria[a] nela, por què topoù assi mais churume.
Eyla Vaỳ

A partir destas breves noticias podemos extraer algunha información interesante respecto das circunstancias que rodean a creación, oportunidade e difusión da obra. Dísenos, por exemplo, que a redondilla, castelá en orixe, andaba pola vila, era coñecida; con todo, en S1 non queda claro se o que “en aquellos tiempos corrió mucho” foi a glosa ou a copla que lle dá pé. A glosa en galego é sempre a mesma, polo que a mención “Segunda Glosa del Author à esta Redondilla...” debe entenderse referida a todas tres; con todo, é importante lembrar que se coñecen tres glosas da mesma copla en castelán, de carácter relixioso, todas diferentes, de modo que é nesa serie onde a glosa satírica ocupa o segundo lugar. Doutra banda, a indicación “y por si acaso gusta, se pone aquí”, de S1, suxire a selección para unha nova presentación, colectánea ou recompilación (a peza, con todo, non chegou a formar parte das obras completas).

Hai aínda outro dato de interese nestes textos introdutorios. En S1 non só fala dos episodios e disputa con Fole en pasado (“los cuentos ruidosos que tuve...”), senón con marcado distanciamento temporal (“en aquellos tiempos”), así que cabe considerar que esta copia se realiza e distribúe tardiamente. Na introdución de S2 tamén usa o pasado, non só para a creación senón, máis importante, para a motivación (“convirtió en sátira... de quien se sentía algo lastimado”), polo que semella un título xustificativo posto a posteriori. A única introdución que se presenta como inmediata ao asunto e á creación da glosa é a de [M]: “Como anduvese estos días pola Vila... Eyla Vay”.

A introdución de M é tamén a única que procura o escarnio sen anunciar que é una sátira nin comentar que haxa ningún tipo de desavianza con Fole. Válese nela dun artificio que tamén usa noutras composicións, o de presentar a crítica mordaz, para mellor ferir, en boca de alguén dun estatus social inferior (a criada, a ama, as panadeiras...). Neste caso é o “pobre” do criado do crego, “galego macizo”, quen fai a glosa, en galego, retado polo mozo de cámara do cóengo, á redondilla castelá proposta. Os elementos antitéticos están claros: criado/mozo de cámara, crego de Fruíme/cóengo da catedral compostelá, galego/castelán. O presunto burlador resulta burlado, o presunto burlado convértese en burlador.

4. O TRANSFONDO DA SÁTIRA

O contexto que motiva o poema, os personaxes en discordia, así coma os antecedentes literarios, foron xa trazados por Pardo (2000: 199-203), que estuda este texto a partir dos dous testemuños do manuscrito compostelán que dá a coñecer

(S1 e S2). Dende outra perspectiva, a dun Cernadas como periodista testemuña da súa época, Rivas Troitiño ofrece tamén claves desta querela, que considera “importante cuestión para la vida eclesiástica y las guerrillas personales de Santiago” (2006: 187-189). O tomo IV da edición madrileña de Ibarra das *Obras* de Fruíme recolle boa parte dos testemuños literarios da coñecida polémica e permite establecer con precisión os fitos que gradúan o conflito e que desembocan na diatriba que o cura de Fruíme dirixe a don Pedro de Fole, obxecto da glosa que nos ocupa.

En 1750 concédese á sé compostelá por bula papal o rezo da aparición do apóstolo na batalla de Clavijo, grazas á tenacidade do chantre Andrés de Gondar, que iniciara os trámites co Vaticano en 1719. Cernadas abre o debate literario en *La prosa del estudiante y la musa del platero*, onde encomia a Andrés de Gondar, chantre da Catedral, e censura ao cóengo lectoral Miguel de Montes e ao cóengo Rioboo Seixas⁶. A primeira parte de *La prosa* inclúe a “Relación de las fiestas con que se celebró en Santiago la concesión del rezo de la aparición del Santo Apóstol en la Batalla de Clavijo” (Cernadas 1778-1781: IV, 1--20); na descrición dos fastos e do aparato con que se desenvolveu a festa, considera a Gondar como verdadeiro artífice, e deixa ver os atrancos que opuxeron a esta xestión tanto o lectoral Miguel de Montes coma Rioboo Seixas, aos que menciona veladamente (Pardo 2000: 201). A segunda parte (pp. 20-27) contén un poema laudatorio en oitavas baixo o título “Expresión gratulatoria con que se da el parabién al Señor D. Andrés Gondar...”.

A polémica propiamente desenvólvese en “La tertulia en Santa Marta. Mosqueo de charlatanes” (pp. 28-91), que pecha *La prosa del estudiante*, por medio dun diálogo entre tres personaxes imaxinarios, o torneiro Andrés Tacón, o zapateiro Malvar e mais un falso clérigo con trazos goliárdicos, D. Jayme Ferrer, peregrino oriúndo de Valencia. Facendo boa a sentenza de Cernadas de que “cualquiera bolonio se mete a critico” (p. 28), xulgan en primeiro lugar a mencionada “obrilla poética” sobre as festas con que se solemnizou a concesión do rezo (i.e. a mencionada “Relación de las fiestas...”, de Fruíme). A opinión do valenciano é favorable e resalta a “soltura y naturalidad”, para opoñela ao “ropage fantástico y hojarasca con que muchos suelen vestir a las Musas de la moda” (p. 37). Axiña advirte Malvar que non é ese o criterio de “cierto caballero eclesiástico”, como se desprende do anaco de carta que atopou na catedral e que lle amosa a don Jayme; este recoñece axiña o nome da sinatura e lembra o xuízo negativo que lle transmitiu un presbítero de Pisa dun papel que o mesmo autor “dió á luz el año de 47 intitulado *Analysis*”, deixan-

6 Para a biografía de Rioboo Seixas e a súa relación de amizade co cura de Fruíme, véxase Pardo (2002: 219-223).

do así en evidencia a súa identidade para os lectores da época. Obviamente, a obra aludida é *Analysis histórica-cronológica de la primitiva erección, progressos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago*, composta polo Lic. Don Antonio Rioboo y Seyxas (Santiago, Imprenta de D. Andrés Frayz, 1747); e, por se non abundase, mencionan a súa xordeira, defecto físico polo que probablemente era coñecido no seu círculo compostelán: “... nunca le pueden hallar en sus cinco sentidos, y es menester hablarle con trompeta” (p. 38). Co culto valenciano como voz principal, proceden logo desbotando ordenadamente cada unha das censuras de Rioboo a *La prosa del estudiante*, de forma que as consideracións sobre poética e retórica coas autoridades traídas a colación constitúen, en realidade, unha verdadeira autopoética do cura de Fruíme. Adéntranse tamén na censura, sobre todo gramatical, que o lectoral fixo do Oficio redactado por Gondar, e conclúen cun enfervorizado don Jayme dirixindo toda unha serie de afrontas ao que denomina “señor Notante” e que identificamos co lectoral Montes. A polémica continúa aínda noutros papeis tamén recollidos no tomo IV: “Carta de D. Jayme á su amigo Tacon, y sirve para los que leyeren este papel de Prólogo” (pp. 127-142), “Mogiganga de Mogigangas, Papelón de Papelones, Cuento de Cuentos, Mosquea del Mosqueo de Santa Marta, Relacion métrica verídica de Dimes y Diretes de D. Diego Zernadas de Castro y Ulloa, por la gracia de Dios y de la Santa Sé Arzobispal de Santiago, Cura propio de S. Martin de Fruime” (pp. 142-160) e “Trinca Tridente: Tacón, Malvar y D. Jayme” (pp. 160-267); mais para o noso propósito, coñecer o transfondo inmediato da sátira contra don Pedro de Fole, interesan especialmente a “Carta del Señor Canónigo D. Pedro Fole al Cura de Fruime” (pp. 92-94) e a “Respuesta del Cura de Fruime á la Carta del Señor D. Pedro Fole” (pp. 94-127).

Sobre o poderoso cóengo Pedro de Fole ofrece datos Pardo (2002: 227-228), tirados do seu expediente de limpeza de sangue. Fillo de D^a Cathalina Fernandez e D. Domingo Fole de Navia, veciños de San Pedro de Romeán⁷, foi colexial de San Xerome, segundo consta no seu expediente académico (AHUSC, Fondo universitario. S. Xerome, col. S.H.292, P.3, Exp.1). A súa influencia procede da esfera eclesiástica e da mesma corte, ámbalas dúas por vía familiar: sendo irmán do cóengo ourensán Diego Fole de Navia e sobriño neto de Domingo Méndez de la Barrera, cóengo penitenciario da sé de Lugo, a súa medra na xerarquía da igrexa galega contaba con bos alicerces; en canto ao seu apoio na corte, Pardo apunta ao seu irmán José Fole de Navia, xentilhombre de Felipe V. A este corresponde o expediente persoal que baixo ese nome podemos localizar no

7 Romeán é parroquia do actual concello de Lugo, situada no NE, no límite con Castroverde e O Corgo. Está baixo a advocación de San Pedro.

Arquivo Xeral de Palacio (AGP Personal, Caixa 369, Exp. 1-2), con documentos que van dende 1733 a 1768. Da súa lectura deducimos que tamén foi fillo de Domingo Fole de Navia e natural de Romeán, bispado de Lugo, e que exerceu varios oficios na Casa do Rei, onde foi residente, percorrendo un *cursus honorum* habitual, que o leva de “sota-ayuda de la furriera” a acadar finalmente o posto de axudante de cámara. Así, en 1733, data do documento máis antigo do expediente, suplica que lle concedan o soldo do seu antecesor, xa que leva seis anos no servizo sen soldo, mais aínda terá que agardar catro anos para obter a praza en propiedade co correspondente salario; no ano 36 segue a solicitar melloras e pretende a praza de “garzón de la chambre”; e será en 1768 cando se lle outorga o oficial “ayudante de cámara”. Segundo parece, esta medra foi propiciada por un feito anecdótico, pois menciónase a “fidelidade con que habían procedido don Joseph Fole y Gregoria Ruiz, su mujer, en la quantiosa y exacta entrega de las alhajas y preciosidades que estaban a su cargo pertenecientes a las testamentos de la Reyna Madre... no habiendo documento por donde pedirles cosa alguna”.

No mesmo AGP atopamos tamén un Antonio Fole de Navia, de carreira eclesiástica, coetáneo do noso don Pedro de Fole. Trátase, en concreto, dunha súplica onde se solicita para el o cargo de “Predicador de V.M. de la provincia de Castilla del Orden de San Basilio el Magno”. Intitulan a don Antonio como “lector de theología, theólogo y examinador de la nunciatura, y al presente secretario provincial de la expresada provincia”. Sen embargo, non podemos establecer con precisión a vinculación familiar con don Pedro.

Volvendo á carta mencionada, o cóengo Fole sae en defensa do lectoral Montes e de Antonio Rioboo, atacados polo crego de Fruíme; a misiva, de ton ameazante, acusa a Cernadas de querer gañar o favor do chantre Andrés de Gondar coa Poesía, en particular co papel titulado *Prosa del Estudiante*, y *Poesía de un Platero*, que declara explicitamente estar dirixido contra o señor lectoral e o señor D. Antonio Rioboo, e que nun primeiro momento o moveu a delatalo ao Santo Oficio. Repréndeo polo tratamento de *ignorante, bolonio* “y otros desatinos”, con que o de Fruíme se dirixe ao lectoral, e defende o dictame que este redacta sobre o Rezo, obra de Gondar; remata esixíndolle ao noso crego, indigno de “copetear con la notoria erudición del señor Lectoral y con la concertada Poesía y literatura del Señor Rioboo”, que pida publicamente perdón. Cernadas, na súa ampla resposta, xustifica en primeiro lugar o expurgo que fixo da carta orixinal de Fole para dala a imprenta, poñendo en poder do seu amigo Francisco Piñeiro unha copia integral para os lectores que desexen consultala. Con naturalidade, recoñece a acusación de Fole de poñer a súa musa ao servizo dos seus intereses, en concreto, franquear as portas dos señores eclesiásticos coa fina-

lidade de mellorar o culto da Virxe Dolorosa da súa parroquia de Fruíme; expón o seu plan para fomentar o culto; rexeita punto a punto as obxeccións de Fole, facendo mención de todos os papeis que alimentaron a polémica, e remata cunha posdata na que pon de manifesto a inoportunidade da intervención de Fole.

5. EDICIÓN DO TEXTO

JS

Como anduvесе estos días pola Vila una copra dàs que se fan â ¹² proba da Musa, savendo ô Mozo de Camara de Fol, què ô ¹³ Criado do Crego tiña seu ramo de vena, quixo ver, como puxaba ¹⁴ polo entendemento, e pidíulle què llà glosasse. Ô Probe polo seu ¹⁵ punto, consintíu nesso, ê, como hê gallego Mazi-so, vendo, què â ¹⁶ redondilla, aunque era Castellana, tiña ô mesmo orden, sintido, ¹⁷ ê consonancia, nà sua lingua, trasladaria[a] nela, porquè topoù ¹⁸ assi mais churume.

Eyla Vaÿ

10 Adàn non pudo pecàr.
Christo non resucitoù,
S^o Juan non ô Baptizou,
Ningun se pode salvàr.

15	Dios â Adàn co seu poder puxo aquela privacion dun â Mazàn, por que non se desmandasse en comèr, Què fixo Adàn? quixo enchèr ô fol, ê â Mazàn probàr;	35	Què enfrascado na malicia se veu cheo de inmundicia assi què ô seu Fol veu cheo: Fillos, e, Fillas arreo desta maneira ciscòu,
20	assi pecoù, que â no andàr (aunque con Eva foy Mol) no conto ô Demo do Fol, Adàn non pudo pecàr. Desde âli no Fol do envigo	40	solo muy limpa quedou â Nay daquel capitan que outro, como el nò Jordàn S ^o Juan non ô baptizoù. Fixo penitencias rexas
25	Junto â caca nos criamos, sendo da culpa que erdamos, ô Fol ô primeiro castigo: Desto(s) poño por testigo a quen nos comadreôu,	45	Adàn de foles vestido, Que os foles, fora ô curtido, ô mesmo sòn que pellexas; pôr Silicio sé ô cotexas ô fol se pode tomàr,
30	aquel Fol nos apestoù, e si algen mo nega âfee: tamén pode decir que Christo non resucitoù. Alí Adàn quedòu tàn feo	50	e non savendoô levàr, quando enfádan â pacencia, os foles en penitencia ninguen se pode salbàr.

Como anduven entre d'as, ^{da} Vila una Espia d'as que se fizo á
 proba de Mui, cavenda d' Mui de Camara de Col, que é
 Criado do Rey, S'ia rev Vamo de vena, qu'ra v'ra, como p'obal
 polo Entendemento, e p'ictu de qu'ella glosave. O Prabe polo rev
 p'unto, concinhu negro, é, como h'e gallo Maciço, vonda, Qu' al
 Vedondilla, arunque eza Castillana, S'ia d' m'emo Orden, S'it'la,
 E Conconancia, n'a sua lingua, trasladada nela, por que d'p'ou
 así mai Chuxume.

Cyba Par

Adán non pudo pecar,
 Christo non Vencto;
 S' Juan non é Baptista;
 Ninguém se pode Salvar.

Agor á Adán é rev poder
 p'ora aquela p'obacion
 d'm á Mui, por que non
 se dermandace en comia,
 Qu' f'la Adán? qu'ra Enchea
 d' fol, é d' Mui, proba;
 Acel p'ev, que á no andá
 (arunque en Eva f'z Mui)
 no t'ra d' D'm de Col.
 Adán non pudo pecar.
 Desde á Li no Col do Enchea
 Qu'ra á Eva no d' amor,
 v'ra d' a C'pa que d' amor,
 d' Col é qu'ra Enchea;
 D'ra qu'ra p'ra d'ra
 aquen na Comadaca,
 aquen Col na qu'ra,
 é d' aq'ra mo n'a aq'ra.

Amor pode deite que
 Christo non Vencto;
 Adán qu'ra d'ra f'z
 Qu' en f'ra d'ra na malicia
 de v'ra d'ra de imundicia
 d'ra que é rev Col rev d'ra;
 F'ra, é, f'ra, aq'ra
 d'ra mania d'ra,
 d'ra n'aq'ra qu'ra
 á d'ra, aq'ra d'ra
 d'ra d'ra, d'ra d'ra d'ra
 O Juan non é Baptista.
 Adán qu'ra d'ra d'ra
 Adán de f'ra d'ra,
 Qu'ra fol, f'ra d'ra,
 d'ra d'ra d'ra que d'ra,
 p'ra d'ra d'ra d'ra
 d'ra fol, p'ra d'ra,
 En n'aq'ra d'ra
 Qu'ra d'ra d'ra d'ra,
 d'ra fol, En p'ra d'ra
 Ninguém se pode Salvar.

5.1 CRITERIOS DE EDICIÓN E XUSTIFICACIÓN DA LECTURA

O texto non está escrito pola man de Diego Cernadas, senón pola doutra persoa experta, con hábito de escritura e boa caligrafía⁸. Algunhas das emendas e correccións débense a que se trata dunha copia e por veces delatan o copista, pois suxiren que non ten moita familiaridade coas características formais do galego; así, en *pola vila* (l.1) escribe inicialmente <pora>, forma inesperable nun galego, que corríxe por *riba*, e logo aínda superpón de forma aclaratoria <la>.

Detémonos, por iso, brevemente nas outras emendas percibidas. En *ô criado* (l.2-3) superpón un groso <o> no artigo e no final do substantivo, ocultando os grafemas iniciais; é posible que inicialmente escribise “a criada”, posto que outros poemas semellantes están en boca da *ama* do crego ou da *criada* de Fole. Coloca o trazo dun <í> sobre o <e> da terminación en dúas formas de P3 do Ind. Pto. da CIII, co resultado *pidíu* (l.4) e *consintíu* (l.5), sobre os que volveremos máis adiante. Practica dúas correccións sobre o que cremos que quere ser a palabra *macizo*, a primeira cun <a> que se superpón a outros grafemas e a segunda con <s> longo, como non querendo deixar lugar a dúbidas, co resultado *maziso* (¿entende quen copia o significado de “hè gallego maziso”?). Cancela cun gran <u> final o derradeiro grafema de *veu* (l.36), parece que ocultando unha confusión.

A existencia doutras versións moi semellantes editadas de forma moi axustada aos orixinais respectivos, determinounos a facer unha lectura cos mesmos criterios gráficos para facilitar o cotexo; así, mantemos marcas gráficas en forma de acentos que pertencen aos hábitos do escribente e non teñen ningún valor representativo (do tipo <topoû>, l.7; <quèllà> l.4). Só intervimos na unión e separación de palabras, que representamos consonte a práctica moderna, nos seguintes casos: *pidíulle què llà glosasse* <pidíulle quèllà glosasse> (l.4), *porquè topoû* <por què topoû> (l.7), *a quen nos comadreôu* <aquen nos comadreôu> (l.28), *non savendoô levâr* <non savendo ô levâr> (l.50)⁹; en cambio, mantemos separado <por que> en *por que non se desmandasse en comèr* (l.16), por entendermos que se trata da prep. *por* ‘para’. Como vén sendo convencional, empregamos [] para as restitucións e () para as supresións de grafemas a máis, que só tivemos que empregar en dúas ocasións: *trasladaria[a]* (l.7), onde a redución fonética ou gráfica deixaría o verbo sen o necesario OD, e *desto(s)* (l.28), pois o único pronome acep-

8 Como xa se dixo, cremos que está por determinar sobre bases seguras que textos son realmente autógrafos. En todo caso, a letra deste é moi diferente das que se observan nos manuscritos do crego de Fruíme.

9 Optamos por representar a énclice a *sabendo*, sen dar lugar a outras interpretacións que non podemos sustentar con datos. En construcións xerundiais negativas, o clítico podería situarse tras *non*, consonte a práctica maioritaria na lingua antiga (*non o sabendo*), ou tras o xerundio, consonte unha práctica que se foi consolidando co paso dos séculos, con testemuños xa medievais (*non sabéndoo*). Doutra parte, o complexo verbal *saber* + inf. permite situar ese OD en calquera das posicións indicadas a carón de *saber* ou, secundariamente, enclítico a *levar* (*non sabendo levalo*); por tanto, a única posición sen apoio na descrición, feita a partir de corpus, é a próclise a *levar* (**non sabendo o levar*) (Álvarez 1997: 11-12, 16-19).

table é o autónomo (sempre m. sg.), como figura nas outras copias do poema. Advertimos tamén que en final de liña usa adoito unha marca semellante a certas formas do <s>, unida ou non ao derradeiro trazo, que non debe ser confundida cun grafema e que non foi tida en conta na edición.

5.2 COLACIÓN DAS TRES VERSIÓNS

Canto ao texto do poema, é basicamente o mesmo nas tres versións, mais con certas variantes entre elas. Dado que algunhas poden ser significativas e todas poden botar luz sobre a transmisión textual, axudando ao establecemento do texto desta composición, pasamos revista ás opcións máis relevantes, obviando outras pouco significativas (puntuación, acentos, maiúsculas, v/b...). Presentamos o cotexo partindo do texto que os anteriores editores aceptan como escrito pola man de Cernadas (inclúese unha táboa con todas as variantes).

Entre as variantes gráficas, destacamos: *batizou* (S1), sen representar o grupo culto (*baptizou*, S2 e M, l.12) nin a vocalización de <p> implosivo (cf. port. *bati-zar*); *resucitou* e *curtido* (S1 e M), sen admitir a pronuncia vulgarizante representada en *resocitou* e *cortido* (S2) (l.11 e 46); grafía independente dos dous elementos da amálgama formada polo adv. *non* e o pronome acusativo (*non* o, S1 e M, l.12), como fai adoito o noso crego, aínda que a lectura sería obviamente a representada por *no* no (S2); diferenzas no uso dos grafemas <x, j> (§ 3.4.1), nos nomes propios *Xuan* (S1, S2) / *Juan* (M, l.12 e l.43) e *Xordán* (S1, S2) / *Jordán* (M, l.42) e mais en *junto* (S1 e M, l.25) / *xunto* (S2); diferenzas na representación de /ɲ/ (§3.4.1), <de unha> (S1), <duna> (S2) e <dun â> (M, que na introdución mostra tamén <una copra>); *cilicio* (S1, S2) aparece grafado con seseo, *Silicio*, en M (§ 3.4.1); finalmente, *pelexas* (S1, S2) fronte a un estraño *pellexas* (M, l.47). Poden sumarse as diferentes solucións gráficas dadas ás formas contractas, ora con maior tendencia a representar por separado os elementos que se integran (S1, e en menor medida S2) ora con representación continua da amálgama en M: *de unha* (S1) / *duna* (S2), *dun â* (M, l.16); *de esto* (S1) / *deesto* (S2) / *desto* (M, l.28); *desta* (S1 e M, l.39) / *deesta* (S2); *de aquel* (S1, S2) / *daquel* (M, l.41); *cô o* (S1), *coo* (S2) / *co* (M, l.14); *n'o*, *m'o* (S1) / *no*, *mo* (S2 e M, l.22, 31).

Outras variantes son morfolóxicas, porque se escolle entre distintas formas do paradigma ou entre variantes formais. Así, no derradeiro verso da copla, fronte á forma *ninguen* (S1 e S2), a man de M opta por *ningun* (l.13), co mesmo valor absoluto de persoa, pero en cambio, cando se retoma este fragmento no derradeiro verso da glosa, é S2 o que se desvía, con *nadie* no canto de *ninguen* (S1 e M, l.53)¹⁰, polo mesmo, fronte a *alguen* (S1) e *algen* (M, l.31), en S2 óptase por

10 No corpus galego de Cernadas non rexistramos outros exemplos de *nadie*, *nadia* ou *ningún* con este valor, só noutra ocasión *nayde* (c. 1773).

algun con valor absoluto ('algunha persoa'). En S1 úsase *privazon* (S1), coa terminación *-zon* preferida por Cernadas (*ausuluzon*, *adulazons*, *devozon*) fronte á variante *-ción* que se impuxo no galego popular e que se adopta nas dúas outras versións (*pribacion*, S2; *privacion*, M [l.15]). En S1 e S2 resolve os seus problemas métricos sometendo *primeiro* a unha apócope ou elisión imposible ante consoante, <primeir>; en M, en cambio, imponse o sentimento lingüístico e aparece o sintagma íntegro, coa única forma aceptable en galego, sen importar que o verso pase a ter nove sílabas: “ô fol ô primeiro castigo” (l.27).

Hai aínda outras variantes, por escolla entre distintas solucións lingüísticas. Fronte a *desde* (S1 e M, l.24), usada tamén no resto do corpus, escóllese a forma sinónímica *dende* (S2); a xenuinamente galega *limpa* (S1 e M, l.40) distínguese de *limpia* (S2), común co castelán; en *què â outro* (S2) fronte a *que outro* (S1 e M), na pasaxe “que outro, como el nò Jordàn / Sⁿ Juan non ô baptizòu” (l.42), vemos a prep. *a* marcando o OD anticipado, ao que se refire en anáfora o clítico que acompaña o verbo; e en *coma el* (S1), o uso do nexo comparativo *coma* ante pronome tónico, consonte o uso máis estendido, fronte a *como* (S2 e M), “como el nò Jordàn” (l.42).

M	S1	S2	nº liña
Juan	Xuan	Xuan	12
ningun	ninguen	ninguen	13
co	cò o	coo	14
desde	dende	dende	24
primeiro	primeir	primeir	27
desto	de esto	deesto	28
daquel	de aquel	de aquel	41
Jordàn	Xordan	Xordan	42
pellexas	pelexas	pelexas	47
silicio	cilicio	cilicio	48
resucitòu	resucitòu	resocitou	11
non ô	non o	no no	12
xunto	xunto	xunto	25
algen	alguen	algun	31
desta	desta	deesta	39
limpa	limpa	limpia	40
que outro	que outro	què â outro	42
foles	foles	peles	45
curtido	curtido	cortido	46
ninguen	ninguen	nadie	53
baptizou	batizòu	baptizou	12
privacion	privazon	pribacion	15
dun â	de unha	duna	16
un â	unha	una	16
no	n'o	no	22
mo	m'o	mo	31
ali	así	ali	34
quedou	andou	quedou	34
como el	coma el	como el	42

Táboa nº 1. Síntese das diferenzas analizadas

Finalmente, hai un par de diferenzas textuais: en S1 lemos *Asi... andou* fronte a *Alí... quedou* (S2 e M, l.34), ambos os sintagmas con sentido aceptable no contexto; en S2 Adán vístese de *peles* e nas outras dúas versións de *foles* (S1, M): “Adán de foles vestido” (l.45).

A análise dos trazos diferenciais nin permite establecer unha filiación entre os tres manuscritos nin falar de maior similitude entre unha copia e outra, pois os 29 riscos estudados reparten as singularidades en tres grupos practicamente idénticos, como se pode comprobar na táboa nº 1, onde os trazos singulares de cada unha das copias están marcados cunha trama de fondo.

5.3 APROXIMACIÓN HISTÓRICO-LINGÜÍSTICA

A decadencia do idioma galego desde comezos do séc. XVI ata as primeiras décadas do séc. XIX —isto é, durante toda a Idade Moderna, o que na historia da lingua e literatura galegas se denomina significativamente “Séculos Escuros”—tivo efectos que cómpre ter presentes como marco en que encadrar o breve comentario que segue sobre a lingua do texto editado. Durante trescentos anos de silencio literario e de ausencia dos rexistros cultos, a produción en lingua galega é moi escasa e descontinua; por iso, nese apagamento total, calquera testemuño de cultivo e escrita en galego, sexa cal sexa a súa natureza, é unha candea que racha a escuridade. Co esmorecemento da escrita regular en galego prodúcese, como se ten sinalado tantas veces, unha solución de continuidade na tradición gráfica, de maneira que en certo modo cada novo autor que se pon á tarefa de representala por escrito debe reinventar o código adaptándoo aos novos tempos; pero, ao mesmo tempo, obsérvase un fío condutor e unha progresiva instalación de novas grafías, que emerxen e se van xeneralizando, pasando duns a outros, unidos por unha rede ou corrente invisible. A procura de solucións gráficas axeitadas está urxida, ademais, polo feito de que, liquidada a etapa medieval, neste treito temporal se vai conformando o galego moderno.

O texto que nos ocupa, coma os outros do crego de Fruíme, ten o valor de espuntar esa feble tradición gráfica, no terceiro cuartel do séc. XVIII, pois a obra en galego pode datarse entre 1752 e 1777. É estritamente contemporáneo de Fr. Martín Sarmiento (1695-1772) e, de forma parcial, doutros ilustres amadores e cultivadores do galego, entre os que están José Cornide Saavedra (1734-1803), Juan Sobreira Salgado (1745-1805) e Francisca Isla (1734-1808), irmá e divulgadora do P. Isla, coa que o de Fruíme mantivo unha estreita relación de amizade, intercambio literario incluído. En Santiago —e no contexto en que se move, entre a Universidade, a igrexa compostelá e os círculos cultivados da cidade—, Cernadas puido ter noticia das décimas de Martín Torrado, dos poemas escritos para as exequias de dona Margarita de Austria,

das *Festas Minervais* e doutros testemuños de antecesores no uso literario da lingua galega.

No breve comentario lingüístico que segue non nos guía o propósito de facermos unha descrición grafemática, gramatical e léxica pormenorizada, senón o de salientarmos unicamente os aspectos que nos parecen relevantes, ben desde o punto de vista da historia do galego ben para unha mellor comprensión do texto.

5.3.1 Algunhas características gráficas

Cernadas usa maioritariamente o grafema <x> (89% das ocorrencias, variantes textuais incluídas), sen unha pauta clara que guíe o uso dos grafema <j, g>. De feito, na historia da escrita en lingua galega, destaca por ser o primeiro en xeneralizar o uso de <x>, a custo dos grafemas <j, g>, para a representación de /ʃ/, sen consideracións etimográficas (para a historia destes grafemas, nos séc. XVI-XVIII, véxase Monteagudo 2005). A análise dos 16 exemplos con <j> e o único con <g> do seu corpus galego suscita algúns comentarios, que exporemos brevemente, porque gardan relación coa presenza minoritaria de <j> no texto que editamos.

✓ Parte das ocorrencias de <j> son nomes propios: ademais dos xa citados (*Juan* e *Jordân*, presentes só en M), *Jacinta* (1756) e o pl. *Josés* (p.1761), poderían ser os nomes casteláns correspondentes, que sen dúbida serían usuais na relación habitual cos seus destinatarios; *Jusepe* (c.1755), coa variante *Chisepe*, obriga a ter dúbidas sobre o son representado.

✓ O subst. *Jan-pan* é adaptación do estranxeirismo *jampan* (c.1773)¹¹.

✓ O resto das ocorrencias de <j, g> están moi limitadas no corpus (ciclo Fole) e nas datas (c.1752-55, segundo Pardo 2002: 229), e sobre todo ao manuscrito coruñés: *juroche*, *queijes* e *juicio* en “Ô pandeiro de fol”, que abre o manuscrito, *jeito* e *ajiña* en “As panadeiras da Porta Faxeira” (o ms. compostelán presenta nos mesmos casos <x>), *jà* en “Ô Baruto da Criada de Fol” (Pardo 2002: 187-194). No mesmo conxunto está a única ocorrencia de <g>, na palabra *singèlos* (en “As panadeiras”, nos dous manuscritos).

✓ Resta só outro rexistro do adv. *ja*, no poema “Ja que sodes tres Josès” (posterior a 1761, segundo García: 240), que se opón a 21 ocorrencias de {*xa*, *xà*, *xá*}.

✓ E, naturalmente, a forma *junto* (S1, M [l.25]) / *xunto* (S2) do texto que nos convoca, tamén do ciclo de Fole, mais fóra do manuscrito coruñés.

Tamén é sistemático na representación da nasal velar /ŋ/ como <nh>. No seu corpus contamos 33 rexistros de *unha*, aos que se suman 2 de *ningunha* e 1 de

11 O *jampan* era unha especie de cadeira de man usada na India, mais tamén o home que tiraba da que ten rodas; no texto parece denominar un servente para todo.

algunha; a eles só se opoñen os rexistros que comentamos (S2: <duna>, M: <una, dun â>) e mais outro, non seguro, nunha pasaxe do “Diálogo entre a lavandeira e o peregrino” (sd)¹². É este o caso dunha solución orixinal para representar unha consoante inexistente nas outras linguas hispánicas: xorde xa na época medieval (p. ex., en Bernal de Bonaval, o primeiro autor do cancionero de xograis galegos, “E, poys eu oer | por mha senhor mort ’ a prender, | Deus, meu Senhor, se lhi prouguer, | mh-a leix ’ ant ’ *unha* vez veer.”), parece esmorecer no séc. XVI, ensáíase de novo con outras opcións no séc. XVII e comeza a xeneralizarse no séc. XVIII, con Cernadas como un dos protagonistas (para máis datos de <nh> neste período, véxase Mariño 1995: 44-49).

Pódese afirmar que en Cernadas hai unha vontade consciente de non representar o seseo, que sen dúbida estaría moi presente no galego compostelán na altura e sería, coma o é aínda hoxe, xeral entre os fregueses de Fruíme. Unha persoa instruída en castelán, coma el, non tería grandes problemas en establecer correspondencias con esta lingua e grafar ora <c, z> ora <s>, en calquera posición silábica, e ese é o criterio que o guía (*privacion*, *pacencia*, *mazàn*, *voz*, *diz que...*); dese xeito, queda oculto aos nosos ollos cal era a pronuncia habitual ou procurada do autor. Esta constancia só se rompe, en puridade, en dúas palabras do noso texto, non sabemos se a causa do orixinal autógrafo ou, máis probablemente, por intervención do autor do apógrafo: *maxiso* por ‘macizo’ (l.5) e *Silicio* (l.48, nas outras versións <cilicio>). Con todo, no corpus lírico galego hai outros exemplos que merecen ser comentados. O de Fruíme canta a patria do bispo de Córbova, don Francisco Garrido de la Vega, natural de Verducido, usando unha copla popular con evidentes mostras de seseo¹³ (“Berdusido, Berdusido, / con todos teus arredores, / non te chames Berdusido, / chamate xardin de frores”,

12 Non é seguro que se trate dun rexistro válido da representación gráfica da nasal velar: “tómele cariño á Virxen, / porque una vez que lo teña, / eu lle dou a miña palabra, / que no ha de perder có ela”. A primeira vista, podería tomarse como un exemplo de hibridación (*le, lo, una...*), pero non é ese o teor do parlamento e o uso dunha variedade castrapizante nese contexto sería contradictorio coa mensaxe que se quere transmitir. Podería tratarse das variantes *le, lo* do pronome (‘lle, llo’), e daquela o texto non tería interferencias salientables (*no* é alomorfo de *non* ante verbo comezado por vogal); o caso é que non temos outros testemuños desas variantes sen palatal na obra do crego de Fruíme. Se son erros gráficos, castelanismos, *una* podería ser do mesmo tipo.

13 Non é posible saber se a copla orixinal se refería ao San Martiño de Verducido do concello de Pontevedra (que estaría próximo á área seseante, tal e como a coñecemos hoxe, e se callar formaba parte dela) ou ao San Martiño de Verducido da Lama (arciprestado de Oitavén, diocese de Tui), verdadeira patria do bispo de Córbova. Pero o que si é certo é que Cernadas dá por boa a grafía con <s> para se referir á patria do seu homenaxeado, e iso lémbra-nos as palabras de Sobreira cando indica que na conxunción da diocese de Ourense coa de Tui, no partido de Ribadavia (por tanto, do outro lado da serra do Suído, e non hai que esquecer que el é de Beade e debe saber de que fala), falan “seseando como los santiagueses” (Sobreira 1794: 223). A mesma localidade aparece con idéntica grafía no *Diccionario geográfico* de Miñano (1826: 88) e no dicionario de Porto (1900, *DD*: s.v), se ben o catálogo da Ensenada, Madoz e outros nomenclatores dano sempre con <c>. Noutro lugar, Fruíme usa *Sespon* por Cespón (parroquia de Boiro, OC: VIII 403).

c.1772-1776); en *tirixol* (c.1752-55) grafa unha consoante prepalatal /ʃ/, que comprobamos aínda nos días de hoxe en terras de Compostela¹⁴ e só se explica con base nun /s/ (predorsal ou, preferiblemente, apical), que pode ser antigo —isto é, anterior á evolución cara á interdental— ou contemporáneo, o que evidenciaría a presenza do seseo.

5.3.2 Algunhas particularidades léxicas

Interpretemos <hè gallego Maziso>·(l.5) como “é galego macizo”, dándolle ao adxectivo o significado de ‘firme; sólido e ben formado’ (Rodríguez 1958; *DdD*: sv), de onde deriva tamén ‘sen fisuras, substancial, profundamente arraigado, empedernido, inflexible’ (cf. Houaiss: s.v / RAE 1734: sv).

Churume, na pasaxe “por què topoù assi mais churume” (l.8), debe interpretarse como ‘substancia’. *Chorume* {chorume, churume, chorumen} rexístrase en galego con varios significados relacionados, non todos ben acaídos a esta pasaxe: dunha banda, están os negativos, relacionados co residuo líquido que produce a descomposición de materia orgánica, acompañado sempre de mal cheiro; doutra, os positivos, relacionados co zume da carne, co caldo substancioso ou o mollo succulento dunha comida, mesmo con certos xaropes, sempre líquidos apetitosos e de arrecendo agradable¹⁵.

Malicia non debe ser entendido cos significados máis habituais na lingua moderna, na área da picardía e a astucia¹⁶, senón co primeiro de ‘maldade, malignidade, aptitude ou inclinación para facer o mal’: “Alí Adàn quedoù tã feo / Què enfrascado na malicia / se veu cheo de inmundicia / assi què ô seu Fol veu cheo” (l.35).

É escuro o significado de *comadrear*. Está en relación evidente con *comadre*, que ten varios significados relacionados entre si: o máis común refírese á relación vitalicia establecida entre a madriña do bautismo e o padriño e mais os pais do afillado, ou entre a nai da criatura e ambos os dous padriños; tamén pode denominar a veciña de moita confianza con quen outra muller ten máis trato e, con trazos máis negativos, unha muller moi afeccionada á murmuración, que leva e trae contos, e incluso fai de alcaiota (*DdD*: sv); e, por último, a muller que

14 *Trixó* en (C39: Ortoño-Ames, *ALGa*: V 121), *tirixol* en Compostela (García 1985, apud *DdD*: sv TIRIZÓ).

15 Juan M. Pintos (c.1858), o primeiro lexicógrafo que recolle a voz, defínea como ‘perfume, aderezo, sustancia’ (VG-C: sv CHURUME/CHEIRUME). Dá a impresión de que se deixa levar pola similitude formal entre *churume* e *cheirume*, que o induce tanto a presentalas como variantes no lema coma a incluír ‘perfume’ na definición; baixo a entrada independente *cheirume* define só ‘olor, perfume’. Sen esa relación forzada, poderíase establecer *churume* ‘aderezo, substancia’ (agradable, tamén no arrecendo) / *cheirume* ‘olor, perfume’.

16 Así se define no DRAG (1997): “Actitude da persoa que encobre as súas verdadeiras intencións ós demais, prexudicándoos por iso, e que, ó mesmo tempo, desconfía e dubida da honradez dos outros, vendo mala intención no que fan ou no que din. *Ese neno tenche moita malicia*. SIN. PICARDÍA. *A última pregunta do exame estaba posta con malicia. Doéronme moito as súas críticas porque as fixo con malicia*”.

asiste á que está de parto, hoxe asumido polo derivado *comadroa*. No contexto non acae ben a acepción recollida polos nosos lexicógrafos, relacionada coa rexouba (“Comadrear, chismear, murmurar; andar las mujeres de un sitio en otro para saber y contar de vidas ajenas”, Rodríguez 1958, *DdD*: sv); cremos que Cernadas testemuña unha acepción e construción de *comadrear*, verbo transitivo, relacionada coa actividade da parteira, ‘asistir ao parto e traer ao mundo unha criatura’: “a quen nos comadreou” (l.29).

Ao longo de toda a composición, o crego de Fruíme xoga coa polisemia de {fol, fole}, forma que, referida ou non ao apelido do seu opoñente, un asunto que intencionadamente case nunca queda claro, emprega en once ocasións: “ô Mozo de Camara de *Fol*” (l.2), “quixo enchêr ô *fol*” (l.19), “que â no andâr... no conto ô Demo do *Fol*” (l.22), “âli no *Fol* do envigo” (l.24), “sendo da culpa que erdamos, ô *Fol* ô primeiro castigo” (l.27), “aquele *Fol* nos apestoû” (l.30), “assi què ô seu *Fol* veu cheo” (l.37), “Adàn de *foles* vestido” (l.45), “Que os *foles*, fora ô curtido, ô mesmo sòn que pellexas” (l.46), “pôr Silicio sé ô cotexas, ô *fol* se pode tomâr” (l.49), “e non savendoô levâr... os *foles* en penitencia (l.50). Pareceunos oportuna, por tanto, unha viaxe polo amplo abano de acepcións de *fol~fole*, como base para comprender os significados denotativos e connotativos postos en xogo polo autor da sátira.

Como substantivo, o *fol* é un saco que se fai aproveitando o pelello dunha cabra ou ovella e serve para transportar gran, fariña e cousas semellantes, e de aí calquera saco de coiro (de onde *fol de fusos* ‘persoa contrafeita’); o *fol* é o saco amniótico, formado por unha fina membrana, que envolve o feto; o *fol* é, humoristicamente, o estómago ou o bandullo, e por derivación unha persoa obesa e/ou sen control coa comida; un *fol* é tamén unha persoa moi grosa e baixa de estatura, sen relacionalo coa inxesta; o *fol* é o depósito de aire da gaita, que antes se facía de pel, e por extensión calquera pelello inchado; o *fol* é o ‘barquín’, instrumento feito con madeira e coiro, que alternativamente colle e bota aire para avivar o lume; os *foles* son os pulmóns, que inspiran e expiran o aire no noso interior (lémbrese a expresión *botar os foles*), e tamén as fazulas inchadas como para bufar; *fol* é, segundo Elixio Rivas, “término con que se reconviene al niño, con el sentido de estorbo, pejiquera”; para rematala, o primeiro dicionario da RAG (1913-28) atribúelle o significado de ‘bode, macho cabrío’ (cf. *DdD*: sv). Como se ve, os trazos que dominan son saco, de coiro, cheo, inchado, non estilizado¹⁷.

17 Hai aínda outras acepcións que non parece interveñan na polisemia da glosa, nin por denotación nin por connotación; é probable mesmo que fosen descoñecidas por Cernadas e o seu público inmediato: en lugares de Ourense, o *fol* é a vafía das leguminosas, que tamén semella chea de aire; na costa, o *fole* é a parte interior da rede onde enmalla o peixe; tamén no mundo mariñeiro, en lugares das Rías Baixas, *fol* pode ser a bolsa de ovos dalgúns peixes grandes e *foles* os cangrexos femias (cf. *DdD*: sv FOL, FOLE, FOLIES).

Como adxectivo, os significados non son nunca positivos. En tempos, *fol* significaba ‘tolo, louco’, mais non sabemos ata que punto ese significado pervivía, aínda que fose pasivamente, na altura da sátira. Pero, ademais, *fol* significa ‘fofo, sen vigor’, indica que algo está brando sen ser ese o seu estado natural ou preferible; aplicado á froita, mostra que a carne non é consistente, que non vale para comer, incluso que está podre; *fol* está o marisco (crustáceos) cando non está en comida, porque non ten nada dentro (“estas nécoras saíron foles”), do mesmo xeito que na Galicia interior están *foles* os ourizos ou as castañas que non desenvolveron o froito. En fin, *fol* é o baleiro, sen vigor, sen proveito.

5.3.3 Outros trazos lingüísticos relevantes

O texto presenta algúns trazos de importancia para os estudiosos da historia da lingua galega e da variación lingüística. Chamamos de maneira sucinta a atención sobre os que, ao noso xuízo, son máis interesantes.

Pidíulle (l.4) e *consintíu* (l.5) presentan vogal temática /i/ na P3 do Ind. Pto. como consecuencia da emenda practicada (§ 3.1). O dato ten interese porque evidencia unha escolla e unha rectificación entre dúas variantes que existen na lingua falada: a maior parte de Galicia distingue as formas de CII *colleu*, con /e/, das de CIII *partiu*, con /i/; nunha banda que vai das Rías Baixas á costa norte, entre o golfo Ártabro e a ría de Foz, iguálanse ambas en /e/, *colleu* e *parteu*; na práctica totalidade do territorio restante, no noroeste, iguálanse en /i/, *colliu* e *partiu*. Santiago de Compostela atópase, hoxe, nunha estreita banda de dispersión entre as áreas de *colliu=partiu* e de *colleu=parteu*, onde cabe tamén a solución mixta *colleu/partiu* (ALGa: I 55, 145). A emenda practicada sobre *pideu* e *consinteu* deixa un rastro na vogal radical, que non se corrixe; o resultado é unha forma híbrida, pois a /iu/ debería corresponder unha vogal radical /e/, *pédiu* e *consentiu*, salvo forte harmonización. En todo caso, Cernadas mostra ser da área de *colleu=parteu*, pois na glosa usa *veu*, de *ver* e de *vir*¹⁸, sen variación entre as tres copias (“se veu cheo de inmundicia / assi què ô seu Fol veu cheo”, l. 36-37), e amplamente testemuñadas no resto do corpus; consecuentemente, tamén usa /e/ en verbos regulares de CII (como *estreveu*, *volveu*, *nacéu*) e de CIII (*pareu*, *pideu*, *subeu*). Así pois a emenda practicada non parece ser da súa autoría.

No terceiro verso da copla, “Sⁿ Juan non ô Baptizou”, representa con <non ô> a amálgama [ˈnono], bisilábica, como esixe o metro e seguindo a súa práctica habitual noutros lugares do corpus. O adverbio *non*, en cambio, mostra variación alomórfica no texto: *non* é constante ante consoante (*non pudo*, *non resucitòu*, *non se desmandasse...*) e *no* ocorre no único rexistro ante vogal, “que â no

18 O verbo *ver* é irregular e ten unha P3 coma se fose da CIII, *viu*. Está sometido á mesma variación dialectal ca *partiu* (cf. ALGa: I 402).

andàr (...) no conto ô Demo do Fol” (l.20). O coñecemento do fenómeno a través doutras fontes permítenos describilo como unha distribución complementaria desigual: ante consoante sempre *non*, ante vogal alternan {*non*, *no*, *n*}. Así se manifesta tamén en Cernadas, que en contexto antevocálico fai as seguintes opcións: grafa con frecuencia <*no*, *nò*>, como se ve nas tres versións do noso texto (*no habendo*, *no andar*, *no andemos*, *nò estan*, *no ha de perder*, *no ai gato en Fol*, *no hay*, *no è*, *no he cega*); a outra opción reducida só aparece en dúas ocasións, en *n’acetou* e en *n’estan*, esta no manuscrito compostelán de “As panadeiras” (no coruñés <*nò*>); en ocasións, grafa <*non*>, pero debe pronunciarse [no], pois doutro xeito o verso é hipermétrico (“*non imagines*, que se engaita”, “*eso en verdá non ha de ser*”); finalmente, noutros contextos usa a forma plena (*non he ben*, *non hé*, *non è* [2v], *non és*, *non hay* [3v], *non hai*). Nun mesmo texto poden concorrer distintas variantes, o que mostra que realmente forman unha variable; así, no manuscrito compostelán de “As panadeiras” (c. 1752-55), temos {*n*, *non*}, no coruñés {*no*, *non*}.

Cernadas emprega *orden*, como substantivo masculino e acabado en -*n* (“ô mismo orden”, l.6), dous trazos que se teñen por castelanismo. Considérase que a forma xenuinamente galega é *orde* (coma *home*, *nome*, etc.), mais na lingua medieval son máis abundantes as formas grafadas con nasal na sílaba final, polo que non parece que haxa razóns de peso para desbotala (fonte *TMILG*); en cambio, no mesmo corpus medieval non atopamos rexistros concluíntes que permitan afirmar que co significado de ‘colocación ou disposición metódica’ podía ter xénero masculino, só un caso excepcional de *o hordem* ‘mandato’ (Postmarcos 1457, apud *DDGM*: sv *ORDEN*). Se o xénero masculino é efectivamente un castelanismo, Cernadas está contribuíndo a datalo; en textos de comezos do século XIX obsérvase xa un notable grao de instalación (p. ex., “non había aquel orden” [1810], “despoñedor do millor orden público” [1812], fonte *TILG*).

A peza composta polo criado do crego introdúcese cun “eyla vày”, que merece dobremente ser comentado. Dunha banda, pola presenza do adverbio presentativo *eis*, documentado desde o século XIII pero tan raro en galego contemporáneo que mesmo ten levantado dúbidas sobre a pertinencia do seu uso no galego moderno (cf. Lorenzo 1977: sv). O emprego e o contexto mostran que na altura era forma coloquial no ámbito en que se move o crego de Fruíme, percepción avalada por varias ocorrencias no escaso volume de textos do século precedente (p. ex.: “eis aquí”, “eis uns a cabalo doutros” [1671, *Entremés famoso*], vid. *TILG*). Doutra banda, pola presenza da forma amalgamada do pronome, e isto por dúas razóns: por se tratar do alomorfo *la* e pola función que cumpre. O alomorfo é o esperable tras /s/ (coma en *ti cóllela*) e aparece tamén en contraccións moi antigas sen ese condicionante (nomeadamente co antigo adverbio *u*, *¿ula?* ‘¿onde está

ela?”); non é o lugar de nos estendermos en consideracións etimolóxicas nin diacrónicas, pero a importancia do testemuño de Cernadas aumenta se consideramos que o seguinte exemplo no corpus é de Rosalía de Castro, que un século máis tarde e na mesma bisbarra, usa o adverbio *ei* (sen *-s* final) seguido do alomorfo /o, a/ (“Ei a ambición da muller”, “Ei o qu’eu deseio” [1880], fonte TILG)¹⁹. Canto á función, a secuencia está en relación cunha estrutura moi particular de verbos intransitivos (de movemento ou estativos), na que participan un adverbio défítico no inicio, focalizado, e un clítico acusativo concordante co suxeito, proclítico, e destinada a dirixir a atención do alocutario cara ao suxeito (expreso ou non) actuante nese lugar (*aí o vén, alí as estaban*)²⁰. Este uso está moi vivo no cadrante SW de Galicia, cun límite norte que hoxe se sitúa por baixo de Fisterra e comprende tanto o concello de Santiago coma o de Lousame; o rexistro en Cernadas permite comprobar que tamén existía neste espazo a mediados do séc. XVIII.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguilar Piñal, Francisco (1981-2001): *Bibliografía de autores del siglo XVIII*. Madrid: CSIC.
- ALGa I = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: Morfoloxía verbal* [coord. por Francisco Fernández Rei]. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”/Instituto da Lingua Galega.
- ALGa V = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V: O ser humano (1)* [coord. por Rosario Álvarez, Francisco X. Dubert García e Xulio C. Sousa Fernández]. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario (1997): “A posición do pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio en galego antigo”, en Ivo Castro (ed.): *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Braga-Guimarães, 30 de Setembro a 2 de Outubro de 1996)*. Lisboa: APL, vol. II, 7-29.
- Blecua, José Manuel (ed.) (1990): *Fray Luís de León. Poesía completa*. Madrid: Gredos.

19 Cernadas coincide, por outra banda, cos testemuños do século XVII, “éilos vén nunha bandada” (1671, *Entre-més famoso*), “Ora éilo vai, meus fidalgos” (1697, *Festas minervais*); e tamén con outros do séc. XIX, coma o desta cántiga popular que nos transmite, en 1881, Saco Arce, “¡Tanto dirán éilas, éilas!” (fonte TILG).

20 É distinto o pronome que aparece en amálgamas que dan lugar a outros adverbios presentativos, como *velaí* e *velaquí*, que tamén admiten variación [veloafvai, velasaívan; velaquí...], pois neste casos cabe interpretalos en orixe como OD de *ver*.

- CatMssRB = Catálogo de la Real Biblioteca. Tomo XI. Manuscritos. Madrid: Patrimonio Nacional, 1994-2003.
- Cernadas de Castro, Diego (1778-1781): *Obras en prosa y verso del cura de Fruí-me*, Madrid: Joaquín Ibarra [http://iacobus.usc.es/record=b1233637~S1-*gag].
- DdD = Antón Santamarina (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega [contén CD-ROM].
- DDGM = González Seoane, Ernesto (dir.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo 57 de Verba. Santiago de Compostela: USC [contén CD-ROM].
- DRAG = García, Constantino / Manuel González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG/Xerais/Galaxia.
- García Cortés, Carlos (2002): *O cura de Fruíme. Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777). Recuperación biográfica. Catalogación da obra publicada. Antoloxía poética galega*. Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelano.
- Houaiss, Antônio / Mauro de Salles Villar et alii (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva [versión electrónica].
- Ledesma = Rodríguez Moñino, Antonio (1969): *El «Ramillete Sacro». Cancionero manuscrito con poesías de Alonso de Ledesma*. Segovia: Instituto Diego de Colmenares.
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. II. Glosario*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Madroñal, Abraham (2004), “Los manuscritos de la biblioteca Rodríguez Moñino (Hacia su catalogación y estudio)”, en P. M. Cátedra / M. L. López-Vidriero (dir.): *La Memoria de los libros. Estudios sobre historia del escrito y de la lectura en Europa y América*. Salamanca: Instituto de Historia del libro y de la lectura, t. II, 429-458.
- Mariño, Ramón (1995) = Fr. Martín Sarmiento: *Coloquio de vintecatro galegos rústicos. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Masera, Mariana (2001): “Textos poéticos populares y popularizantes en la Nueva España del siglo XVII”, *Revista de Literaturas Populares* 2, 5-18 [disponible en <http://www.rlp.culturaspopulares.org/textos/2/01-Masera.pdf>].
- Medina, José Toribio (1887): *Historia del Tribunal de la Inquisición de Lima (1569-1820)*. Santiago de Chile: Imp. Gutenberg.
- Miñano y Bedoya, Sebastián (1826-1828): *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*. Madrid: Imprenta de Pierart-Peralta / Imprenta de Moreno.

- Monteagudo, Henrique (2005): “A xeneralización do uso do grafema <x> para a consoante /f/ na escrita galega. Notas sobre a súa orixe (ss. XVI-XVIII)”, en Ana Isabel Boullón Agrelo / Xosé Luís Couceiro Pérez / Francisco Fernández Rei: *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela. USC, 405-421.
- Pardo de Neyra, Xulio (2000): “Tres inéditos galegos do Cura de Fruíme. Contribución ao corpus lírico da Galicia do XVIII”, *Boletín Galego de Literatura* 23, 189-203.
- Pardo de Neyra, Xulio (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Noia: Laiovento.
- RAE = Real Academia Española (1734): *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las frases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua [...]*. Madrid: Imprenta de la Real Academia Española, por los herederos de Francisco del Hierro [<http://buscon.rae.es/ntlle/SrvltGUIMenuNtlle?cmd=Lema&sec=1.2.0.0.0>].
- Rivas Troitiño, José Manuel (1998): “D. Diego Antonio Zernadas, un periodista gallego en el siglo XVIII”, *Estudios sobre el mensaje periodístico* 4, 161-189.
- Rosas de Oquendo = Paz y Meliá, Antonio (1907): “Cartapacio de diferentes versos á diversos asuntos, compuestos ó recogidos por Mateo Rosas de Oquendo”, *Bulletin Hispanique* 9.2, 154-185 [http://www.persee.fr/web/revues/home/prescript/article/hispa_0007-4640_1907_num_9_2_1526].
- Sobreira, Fr. Juan (1794): “Ensayo para la historia general botánica de Galicia”, en J. L. Pensado (ed.): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, 221-267.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].
- TMILG = Varela Barreiro, Francisco Xavier (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg/index.php> [maio-setembro 2010].
- VG-C = Pintos Villar, Juan Manuel (s.d.): *Vocabulario gallego-castellano por Juan Manuel Pintos* (manuscrito, Real Academia Galega) [incluído en DdD].

SOBOR DO ANTIGO LINGUAXE DO POBLO GALLEGO DE C. GARCÍA ROMERO. UN ESTUDO ANACRÓNICO SEN DIACRONÍA

Carlos Búa

1. O título escollido para estas miñas reflexións sobre esta obra inédita de García Romero (de agora en diante GR) quere salientar un aspecto fundamental e decisivo do seu pensamento, o rexeitamento da evolución lingüística diacrónica, o que entrado xa o século XX significaba virarlles as costas a tódolos fantásticos descubrimentos e avances no eido da lingüística histórica do fecundo século XIX. O seu estudo resulta por tanto neste aspecto fundamental completamente anacrónico, situándose ás veces mesmo por detrás de Martín Sarmiento.

Na lingüística actual podemos facer unha clasificación dos nosos estudos en dous grandes grupos, os sincrónicos e os diacrónicos. A lingüística sincrónica estuda a lingua nun momento ou período histórico determinado, a diacrónica estuda os cambios que se producen entre dúas ou máis etapas sincrónicas diferentes. Fronte a esta dicotomía sincronía vs. diacronía da que está sentando as bases o seu contemporáneo F. de Saussure, nesta obra de GR atopamos un estudo da lingua galega ó longo da historia no que non se admiten cambios evolutivos de ningunha clase, senón que se parte dunha especie de sincronía perpetua. É neste sentido lingüístico que digo no título que se trata dun estudo sen diacronía. Mentres o tempo real segue o seu curso, o reloxo da lingua permanece no pensamento de GR completamente conxelado.

2. GR mostra a súa convicción e pretende poder demostrar de forma clara e rotunda mediante esta obra que a lingua latina nunca foi adoptada polos habitantes do noroeste peninsular que aínda hoxe seguen a fala-la súa lingua ancestral, que xa se falaba antes de que chegasen os romanos e que nunca chegou a extinguirse nin a alterarse substancialmente.

De lo dicho resulta claro y demostrado que no fue el latín lengua vulgar jamás en Galicia. (...) deseáis otras pruebas de que no hablaron en su común len-

guaje el latín nuestros padres, sino que continuaron usando el que les servía para entenderse antes que los romanos llegaran a Galicia? (...) (Epílogo y conclusión).

Esas *pruebas* son unha chea de argumentos que, analizados debidamente e un por un, en ningún caso e de ningún xeito poderemos coincidir en cualificar de probatorios. GR considera e presenta eses razoamentos, non obstante, coma se fosen de sentido común, completamente lóxicos e convincentes, e dedica toda a súa obra a sumar neles incansablemente, sen se decatar nin admitir en ningún momento posibles interpretacións alternativas e contradicións entre as súas ideas, a pesar de que algunhas son moi evidentes. A enorme cantidade de argumentos acumulados convértese ó final en presunta constatación definitiva da súa calidade, calidade que precisamente se bota de menos na presentación e discusión de todos e cada un deles.

(...) el hecho demostrado de no haber cesado jamás de oírse en nuestra tierra el primitivo lenguaje de nuestros antepasados. Lo demuestran evidentemente (...) tantos hechos indudables referidos (Epílogo y conclusión).

GR regalounos aquí e así un exemplo excelente de manipulación e perversión do material lingüístico prerromano non por falta, senón en realidade por renuncia a unhas bases teóricas científicas axeitadas que estaban á súa disposición, un exemplo de construción dun xigantesco castelo no aire carente de terreo firme sobre o que o asentar. O pouco alento que necesitamos para pronuncia-las palabras “evolución lingüística” é suficiente para derribar tan altas torres, *tantos hechos indudables* e tanta presunción de demostración evidente. Esta obra, non obstante, ten un valor moi importante, porque nos permite contemplar como no campo da paleohispanística se poden torcer e retorcer--los datos de que dispoñemos cara a onde un queira, se non se parte dunha reflexión previa sobre as limitacións tanto do propio material como da nosa capacidade especulativa, coa particularidade engadida no caso deste autor dunha formación insatisfactoria en tódalas ciencias que directa ou indirectamente interveñen no estudo das linguas paleo hispánicas. Actualmente seguen a publicarse numerosos estudos sobre toponimia e hidronimia antiga, tanto por afeccionados como por especialistas, que en realidade non teñen máis fundamento có antollo e teima dos seus autores de manipula-los resultados cara a unha determinada teoría preconcebida propia ou máis ou menos aceptada ou aceptable pola *communis opinio*. Sirva pois unha análise crítica desta obra como chamada á precaución para cantos desexen investigar no eido lingüístico prelatino.

Segundo GR o galego moderno e o “galego antigo” (galego de época romana e prerromana no seu pensamento, termo que usarei sempre entre comiñas para

evitar confusións co galego medieval ou calquera outra etapa antiga do galego entendido como lingua románica) son practicamente unha mesma lingua, a pesar de que non —recollendo a súa expresión— matematicamente idénticas, pois admite que se teñan introducido cambios causados basicamente por perda e incorporación de léxico (obsérvese abaixo a metáfora horaciana das follas novas que ocupan o lugar das vellas). Esta súa figuración dunha mesmidade esencial do galego ó longo da historia fundaméntase na *semejanza*, *analogía*, *afinidade* e *parentesco* observables entre numerosos elementos léxicos e onomásticos do galego moderno e do “antigo” reunidos na súa obra. Téñase en conta que o termo *parentesco* non se utiliza aquí no contexto dun pensamento lingüístico evolutivo, coma se falase da relación entre unha lingua nai e unha lingua filla, senón como un simple sinónimo máis de “semellanza”.

No afirmamos al escribir el epígrafe de este capítulo que era ya tan completo el vocabulario gallego en el siglo nono y en el octavo que ni una sola de las palabras que hoy lo enriquecen faltase entonces en él ni se echase de menos en su sintaxis uno solo de los giros de que hoy se sirven los naturales de Galicia. Son las lenguas, según el canon del docto preceptista latino [Horacio, Arte poética], no como el grandioso edificio que con pausado martilleo labró en un principio el cincel del ingenioso artista y así persevera por largos siglos, ni como la inhiesta montaña que permanece la misma desde que sobre incommovibles cimientos la asentó la mano omnipotente de Dios, sino al contrario mudables como las hojas de los árboles que no sólo ceden a cualquier empuje del viento, sino que caen y se mudan y se renuevan desapareciendo las viejas arrastradas por el vendabal de los tiempos y naciendo en su lugar otras nuevas y frondosas que son la hermosura y el orgullo de la selva. No decimos pues que de esa extraña manera es idéntica la lengua de entonces a la que hoy hablamos, pues sólo en los muertos puede existir esa inmovible y matemática identidad, sino que presenta tales caracteres que, a través de los documentos que de aquellos hombres hasta nosotros llegaron, se ve que el lenguaje que aquellos siglos hablaron era el mismo que hoy hablamos también (cap. 54).

As súas ideas provocan inevitablemente non poucas contradicións que é incapaz ou non está disposto a recoñecer nin discutir. Unha das máis evidentes podería se-la seguinte. Comenta a propósito das inscricións en lingua indíxena:

Porque es de saber que no son latinas todas las inscripciones antiguas halladas en nuestra patria, las hay también griegas y púnicas y hebreas y las hay sobre todo escritas asimismo en ese antiguo lenguaje de nuestros mayores desconocido todavía para nosotros, grabadas unas veces con esos sus especiales caracteres cuyo valor casi ignorado nos hace más desconocido su lenguaje y otras con caracteres latinos que, aunque dejan en las tinieblas el significado de las palabras, nos permiten conocer el valor de los sonidos de que estaban ellas constituidas (cap. 28).

As linguas que convencionalmente chamamos tartésica, ibérica e celtibérica utilizaron uns signarios particulares que hoxe podemos transcribir, pero na época de GR seguían sendo un misterio por resolver. Só coa chegada dos romanos se puido empezar a usa-lo alfabeto latino. Desta época son as poucas inscricións en lingua indíxena conservadas no territorio occidental. Están escritas en alfabeto latino e foron por tanto lexibles dende o primeiro momento. Pois ben, se a nosa lingua galega de hoxe é basicamente a mesma, case idéntica á “antiga”, ¿como se explica que estas inscricións non se asemellen en nada ó galego moderno? Se os únicos cambios que experimentou a lingua son perdas e incorporacións léxicas, ¿como é que non recoñecemos como galego ningún elemento flexivo ou derivativo, ningunha conxunción ou preposición?

Achegámonos aquí a outro dos aspectos máis criticables na argumentación de GR. Dado que as inscricións en lingua indíxena as considera inintelixibles, as súas reflexións, toda a súa argumentación xira arredor do sistema nominal, é dicir, duns poucos nomes comúns e sobre todo dunha chea de nomes propios. Podemos admitir que non lle queda máis remedio que compara-lo galego moderno con eses nomes e conceder se cadra que nesas condicións os erros que vai cometer son ata certo punto comprensibles. Pero non debemos esquecer que GR tamén está obrigado a compara-lo galego co latín, como fixeron outros antes ca el e como el ben sabe e manifesta abertamente (Martín Sarmiento, Menéndez Pidal, etc.), e que neste caso o pode facer a tódolos niveis, contando sempre ademais coa cara semántica ou significativa das palabras, dos morfemas, dos paradigmas ou do conxunto dos sistemas verbal, nominal e pronominal. Un simple exemplo ilustrativo: galego *cantāba* / *cantāvī* correspóndese formal (base léxica, sufixos flexivos, posición do acento - cantidade vocálica) e semanticamente (voz activa, indicativo, pasado durativo/perfectivo) co latín *cant bam* / *cant vī*. Fóra do ámbito latino-románico non vai atopar correspondencia formal e semántica tan exacta en ningunha outra lingua do planeta, indoeuropea ou non, e outro tanto vai ocorrer con multitude de exemplos máis que se poderían engadir facilmente. GR, non obstante, pasa por alto todo isto e non lle dedica a máis mínima reflexión.

Operando case exclusivamente con nomes propios os fenómenos formais pasan a xogar un papel fundamental na súa argumentación. O principal deses argumentos é a presenza do ditongo *ou*. De feito en máis dunha ocasión etiqueta a lingua galega (incluíndo aquí tanto o galego moderno como o “antigo”) como *lenguaje en ou*:

Y si fuese necesaria todavía más concluyente demostración no tendremos más que advertir que casi los mismos límites a donde llegaba el *ou* que nos con-

servaron las inscripciones en piedras de tan alejados días, alcanza aún en los nuestros el ou y siguen pronunciándolo todavía labios españoles casi dentro de los mismos términos en que lo pronunciaban entonces. No llega por cierto en nuestro tiempo el lenguaje en ou hasta Segovia y Sigüenza, ni hasta Salamanca y León, pero vive aún en el fondo de la extendida área que quedaba a la izquierda de la línea que hemos trazado del Guadiana a Pamplona. En Galicia y Portugal, donde más abundantes hallamos las antiguas palabras con ou, siguen todavía siendo abundantes y repetidas esas palabras (cap. 28). Resulta pues demostrado de una manera incontrovertible a mi ver, que el ou que pronuncian hoy los gallegos se viene pronunciando en nuestra tierra desde los más remotos días a donde pudo hasta ahora alcanzar la memoria de los hombres, que es anterior a la venida de los romanos a Galicia y ageno a su influencia y cultura, y que desde aquellos remotos tiempos vino repitiéndose hasta nuestros días, aunque ahora en una área mas restringida que la que cubrió en pasadas centurias (cap. 29).

Tenía palabras en ou aquel pueblo para expresar sus pensamientos y esas palabras son todavía hoy sello y carácter distintivo de lenguaje y raza y gente gallega. Si alguna señal e indicio hay que la especifique, ninguna ciertamente más clara e indudable que ese diptongo tan repetido y típico en sus modos de decir (cap. 63).

A pesar de que tamén se serve doutros argumentos léxicos adicionais, ese *ou* parece ser suficiente para clasifica-lo noso *lenguaje en ou* como unha lingua celta:

bien podemos con fundamento afirmar que al lenguaje de los celtas pertenecían las palabras que este diptongo llevaban. Donde hallamos ou, hallamos celtas también (cap. 31).

As conclusións ás que chega GR son pois escandalosas, non só dende o punto de vista do estado actual dos nosos coñecementos, senón tamén no contexto científico da súa época. Había naquel momento investigadores moi importantes que lle debían ter servido de referencia, pero entre os autores que cita obsérvase, por unha parte, a ausencia dalgunhas das figuras máis destacadas no estudo da onomástica prelatina como Leite de Vasconcelos e outros estudosos portugueses que neste momento (finais do XIX - principios do XX) están á cabeza da investigación internacional neste ámbito e falta, por outra, unha análise crítica das ideas dos investigadores que si son mencionados.

Observemos en primeiro lugar uns poucos exemplos onde o autor nos sorprende manifestando a súa opinión contraria á dalgúns deses estudosos ou institucións sobre cuestións nas que hoxe coma daquela se recomendaría non andar a remexer:

- a. sobre a orixe da lingua galega cita a Martín Sarmiento que lle resulta excesivamente contundente na defensa da súa latinidade:

Para el doctísimo P. Sarmiento a quien tantos cariños debe Galicia “son puras raíces latinas las primitivas de la lengua gallega” y “es tiempo perdido el que se emplee en querer señalarle otro origen” (cap. 2).

(...) escribió el prudentísimo P. Sarmiento, como dejamos anotado en el capítulo anterior, que “el gallego que habla el vulgo y se lee en los manuscritos antiguos no es sino una inflexión de las voces latinas”. Tanto duró, al parecer de este docto varón, en nuestra tierra el eco de la lengua y literatura romana que todavía hoy perdura (cap. 3). [ese tanto duró vai cargado de ironía]

- b. sobre a escasa relevancia da compoñente prelatina no léxico das linguas iberorrománicas manifestada por Menéndez Pidal:

(...) este es el caso en que yo me he encontrado al leer el Manual de gramática histórica española de D. Ramón Menéndez Pidal impreso en Madrid en 1904, pues, según él, “los idiomas indígenas de España eran muchísimos y perecieron tan completamente que apenas en el español se encuentran restos de ellos cada vez más dudosos” (...), lo cual es, como se ve, bastante contrario a lo que hasta ahora hemos enseñado. Con todo, aunque es grande la autoridad del señor Menéndez Pidal, no es tanta a mi ver que destruya los hechos consignados (cap. 12).

- c. sobre a orixe de palabras como lobo ou sal que o DRAE dá como latina:

Menos puede desconocerse a mi entender, si me perdona la R. Academia de la lengua castellana lo equivocado de la etimología que da esta docta corporación a la palabra lobo. Dice que esta viene del latino lupo, cosa que no hubiera enseñado de seguro si hubiese advertido que entre los apellidos de nuestros antiguos se encuentra Lobesus, Lobessa, Lovesius, Lovessus, Lovesa, Lovatus, que es todavía apellido frecuente en Galicia (...) (cap. 11).

Se podrá añadir a éstas también la palabra sal? Se podrá computar entre las indígenas? Diréis que no, si os mueve la autoridad de la Academia de la lengua castellana de tal manera que no deje en vuestro ánimo lugar ninguno a la duda, pues en su diccionario nos asegura que esa palabra viene de su correspondiente latina. Pero estudiando nuestras antigüedades yo creo que tenemos algún motivo para dudar. Entre nuestras antiguas ciudades se hallan Salacia, Salduba, Saldania (...), Salmantica, Salpesa, (...); entre los antiguos pueblos de Galicia se halla también Salnés. Resulta pues que esta palabra sal formaba desde los más remotos tiempos parte de otras muchas que son indudablemente indígenas, si no todas ellas, en su casi totalidad. Era pues palabra repetida y conocida por acá antes que a nuestra tierra llegasen los romanos. No sé pues por qué hemos de decir que de la suya trae el origen cierto e indudable (cap. 44).

- d. non só contradí a opinión ben fundada de estudosos modernos, senón tamén algúns testemuños de autores antigos como Estrabón a propósito de

cuestións onde en principio non hai motivo para crer que tivese algún interese por falsificar a realidade (aínda que neste caso poida haber certa extrapolación de feitos constatados en centros urbanos a toda unha comarca ou territorio):

(...) en tiempo de Estrabón no sólo los que vivían en las riberas del Betis, sino que los mismos celtíberos, tenidos hasta entonces, al decir del geógrafo, por los más fieros é inhumanos, habían olvidado ya la lengua indígena, y adoptado por entero la lengua y las costumbres latinas. Y nota que murió Estrabón muy al principio de la era cristiana, hacia el año 25 después de J.C. (cap. 3).

(...) cómo es creíble que acabase el latín en dos siglos ni en seis siglos con la lengua indígena cuando vemos con nuestros ojos que con ella no pudo acabar el castellano en diez? (cap. 3).

Hay que rebajar mucho, si se piensa con atención este asunto, el testimonio de Estrabón cuando nos asegura que hasta los fieros celtíberos habían olvidado ya en su tiempo la lengua de sus padres (cap. 3).

A un mesmo nivel dáselles voz e voto a outras “autoridades” con hipóteses ben disparatadas como, por exemplo, Álvarez de Sotelo:

Discrepa de estas enseñanzas y estos maestros el P. Álvarez de Sotelo de nuestra Compañía en la Historia general del reino de Galicia que permanece inédita en los anaqueles de la Academia madrileña, que, dando sin duda prueba de sus conocimientos en griego, dice que “pasan de seiscientas las voces griegas que tiene el gallego” y “ griegos son los más de los nombres de sus montes, valles, ríos, ciudades arruinadas, cuyos suelos conservan el nombre que ellas llevaron, de muchos de sus castillos y casas solariegas, antiquísimas”. Prueba del origen griego del gallego son también, dice, “sus muchos helenismos, innumerables diptongos, sinalefas, sínkopas y los artículos añadidos a los nombres” (cap. 2).

E finalmente conclúese sen maior reflexión nin valoración da calidade científica duns e doutros que:

los pareceres aducidos bastan para demostrar que es muy dudoso cuanto sobre esto se afirma, pues tan diversas son las opiniones de los que sobre ello escribieron (cap. 2).

Dedúcese de todo isto que GR carece dunha formación científica adecuada e acorde co seu tempo, circunstancia que non pode nin vai conducir a nada positivo nin convincente por moito que lle pese. El mesmo semella, por outra parte, ter certa consciencia da grande ousadía da súa proposta e temer unha recepción moi crítica. Só así parecen poder entenderse as continuas medias tintas e tiraeafrouxas dende o comezo e ó longo do seu texto en contraste e mesmo ás veces

en manifesta contradición coas conclusións finais que expresa de forma tan rotunda e coas que empecei este apartado:

no basta decir que el castellano ó el gallego es un lenguaje neolatino, una lengua que se formó del latín, aunque esto sea una cosa absolutamente cierta y demostrada, (...) pudiera ser verdad que el gallego fuese una lengua neolatina (cap. 2).

A nadie asombrará que se encuentren grandes semejanzas entre la lengua que actualmente hablan los gallegos y la que acá trajeron los latinos, porque, siendo lengua neolatina, como dicen, la que aquí se habla, algún parentesco la unirá todavía a su madre, aunque no tan grande, a mi entender, como muchos aseveran (cap. 36).

A conclusión á que chega GR é que os habitantes prerromanos do occidente hispánico eran celtas, que nunca deixaron de fala-la súa lingua nin adoptaron a latina, que o galego é un *lenguaje en ou* e todo *lenguaje en ou* é celta, mesmo chega a dicir que os antigos celtas hispanos falaban galego:

Y bastan, aunque se pudieran aumentar, los testimonios aducidos para demostrar que todos aquellos contornos, que aquellas tierras todas estaban pobladas por gentes que hablaban esa lengua que ostentaba ya entonces el mismo sello que se ve aún hoy en la que hablan los gallegos y, si hablaban la lengua gallega, por tales debemos tenerlos también nosotros (cap. 62).

pero en ningún momento nos di aberta e claramente que o galego moderno sexa unha lingua celta. Parece pois que en certa medida quixo tira-la pedra e agachala man. Tanta reunión de argumentos convincentes non foi sequera suficiente para que el mesmo se atrevese a falar claro.

Vou facer a continuación un repaso das moitas carencias e erros froito desas carencias que se poden observar nesta obra de GR, centrándome sobre todo no eido paleo hispánico. Finalmente retomarei e criticarei os puntos máis importantes das súas ideas.

3. Unha formación adecuada para dedicarse ó estudo das linguas prerromanas da Península Ibérica implica uns coñecementos moi variados, pois a paleohispanística é pola súa natureza unha ciencia interdisciplinaria. Como en calquera outra ciencia, ningún estudoso coa formación adecuada está libre de equivocarse e mesmo de construír castelos no aire, pero dificilmente poderá haber un diletante sen a formación precisa que consiga traballar adecuadamente en campos tan especializados coma este. GR pertence claramente a esta última categoría e coma el moitos que seguen en activo. Vexamos agora onde están as súas carencias sen entrar en moito detalle para evitar que estes apuntamentos se estendan excesivamente.

3A. LINGÜÍSTICA HISTÓRICA

Falar de historia da lingua dende un punto de vista estritamente lingüístico sen ter en conta o fenómeno evolutivo é un contrasentido e pretender investigar sobre unha lingua indoeuropea antiga fragmentaria sen ter en conta a lingüística histórica desta familia non só é pouco acertado, senón que é totalmente inadmisíbel. Unha das aplicacións máis interesantes da lingüística indoeuropea está precisamente en que nos permite penetrar na gramática e no léxico de restos de linguas indoeuropeas pouco coñecidas, do mesmo xeito que, por exemplo, a lingüística románica nos serve para penetrar no mundo das “jarchas” mozárabes, sen ser por suposto unha vara máxica que resolve tódolos problemas. Se contemplámo-lo noso estado actual de coñecemento das linguas paleohispánicas, podemos observar que as linguas que coñecemos un pouco mellor son o lusitano e o celtibérico, ambas indoeuropeas, mentres que do ibérico e do tartésico nin sequera estamos en condicións de distingui-lo que é un verbo do que é un substantivo.

No texto de GR atopamos alusións indirectas ó concepto da evolución lingüística (alusións ó galego como *lenguaje neolatino*, latín como *lingua madre*), de xeito que podemos partir da idea de que non lle era descoñecido:

no basta decir que el castellano ó el gallego es un lenguaje neolatino, una lengua que se formó del latín (cap. 2).

A nadie asombrará que se encuentren grandes semejanzas entre la lengua que actualmente hablan los gallegos y la que acá trajeron los latinos, porque (...) algún parentesco la unirá todavía a su madre (cap. 36).

Cando trata das palabras para as que non atopa emparellamento noutras linguas utiliza expresións para referirse ó fenómeno do cambio como un *rodar*, *crecer* y *desarrollarse*, pero faino sempre no contexto da metáfora horaciana, de modo que eses termos que parecen connotar a idea dunha evolución na que uns elementos se desgastan e outros se potencian e desenvólven nada teñen que ver en realidade coa tal evolución lingüística, senón simplemente cunha renovación e enriquecemento por perda e incorporación léxica.

serán pues esta multitud de palabras, que no tienen semejante, restos de antiguo hablar de los primitivos habitantes de Galicia? Algunas pudieron haber nacido en el continuo rodar y en el continuo crecer y desarrollarse de las lenguas, idéntico en *traze* del poeta latino [sc. Horacio, Arte poetica] al de las hojas de los árboles que unas caen y otras nacen (cap. 36).

O rexeitamento (non sen contradicións) da evolución lingüística provoca moitos e moi graves danos colaterais. Impide admitir, por exemplo, que a partir

da comparación do vocabulario das linguas románicas se poida reconstruír unha protoforma latina vulgar, pois “reconstruír” supón partir da idea de que houbo unha evolución e que os nosos coñecementos teóricos nos permiten involuciona-las formas románicas ata o seu estado orixinal:

Dice [sc. Menéndez Pidal] que el ver una forma que se extiende con diversas variantes por las lenguas neolatinas y no fluye de la palabra clásica, nos autoriza para restituir la forma del latín vulgar de donde a todas se propagó. Si en vez del clásico acuere hablamos en español aguzar, en portugués aguçar, en provenzal agusar, en francés aiguiser, en italiano aguzzare (...) podemos asegurar con toda lógica que el latín vulgar hablado en todos estos países decía acutiarre. (...) Y porqué ha de ser esa supuesta palabra del bajo latín y no de la lengua que esos pueblos hablaban antes que sufriesen la dura coyunda del poder romano? (cap. 12). [Obsérvese que neste caso rexeita a reconstrucción orientada ó latín vulgar, pero parece admitila se se enfoca cara ás linguas indíxenas]

Impide tamén operar con conceptos básicos como palabra herdada e (semi)cultismo:

Quién puede obligar a creer (...) que de cólloco vienen colóco y cuelgo, (...) ? Puede ser que esto sea verdad, pero me parece que no se debe afirmar sin pruebas que la demuestren (cap. 12).

Estes poucos exemplos chegan para ilustrar que GR non acepta os piares teóricos máis fundamentais da lingüística histórico-comparativa: evolución lingüística, diferenciación entre palabra herdada e préstamo, reconstrución a partir de cognatos. Sen esta base, o autor está recuando máis dun século con respecto ó estado científico do momento no que escribe e vai cometer erros que a estas alturas son imperdoables.

Sírvanos de exemplo a súa teima de interpretar formas tardías que emerxen en textos latinos tardoantigos ou medievais (é dicir, formas en realidade xa parcial ou totalmente evolucionadas) como formas “galegas antigas” de orixe prerromana. Introduce o cap. 13 con estas palabras:

Aún perduran hoy muchas localidades con los mismos nombres con que los designaron los pueblos antiguos (cap. 13).

Debe tomarse este *mismos* no seu sentido máis literal. Observemos o que di en concreto sobre os topónimos Galicia, Braga e Lugo:

Callaecia (...), Gallaecia y Callaecus (...), Gallaecus se llamó nuestra tierra y los hombres que la habitaron durante muchísimos siglos por los escritores griegos y latinos y con estas diversas denominaciones la designan asimismo varias inscripciones que nos conservaron su nombre, pero el gran S. Isidoro es testi-

go de que no se llamaba así a lo menos en su tiempo, pues escribe siempre en sus obras Gallicia, y Gallicii sus habitantes. Se había mudado el nombre ó es que los naturales decían desde los más antiguos tiempos como decimos hoy y cambiaron Gallicia por Gallaecia y Callecia los escritores clásicos que nos lo conservaron? No tendría nada de particular (...). Lleva por lo tanto muchos años ya llamándose Galicia este pequeño rincón del mundo (cap. 13).

Bracara Augusta fué ciudad notabilísima en aquel tiempo y con este nombre la designaron los escritores griegos y latinos, pero no así el mentado S. Isidoro del cual son estas palabras que leemos en su Crónica: *Theudorico (...) ad civitatem Bragarensem pertendente (...)*, de suerte que en su tiempo aquellas bracaetae gentes de que nos habla Ovidio habían convertido ya en bragas sus latinas bracas, aunque bien pudiera suceder que ellos hubiesen dicho siempre bragas y Braga y estas las hubiesen convertido en bracas y Bracara los latinos para no producir con sus labios sonidos tan desagradables a sus oídos (cap. 13).

El nombre de Lugo estamos todos cansados de oír que viene de Luco, porque allí tuvieron los romanos la capital del Conventus Lucensis que llamaron Lucus Augusti (...). Sin embargo, creo que conviene advertir (...) que Ptolomeo entre los pueblos de nuestra tierra nos habla de los Lugones Asturum que no debían estar tan alejados de ella y a los dioses Lugoves se rindió culto por acá segun nos testifica una piedra hallada no lejos de Osma y que algo de esto pudiera guardarnos el nombre que tenía Lugo antes que los romanos le pusieran el de Lucus Augusti pues no habiendo razón ninguna para pensar que fuese por ellos fundada algún nombre tendría antes que ellos llegasen (cap. 13).

Dado que GR non admite cambios evolutivos, non pode ter en consideración unha transformación diacrónica tipo *Gallaecia* > Galicia, senón que Galicia pasa a se-lo nome antigo, conservado sen alteración dende a época prerromana ata a actualidade e latinizado en época romana como *Gallaecia*, forma esta que os romanos nunca lograron impoñer. GR non se pregunta, non obstante, nin dá explicacións de qué necesidade tiñan os romanos de adaptar *Galicia*, *Braga* e *Lugo* e de facelo exactamente como *Callaecia*/*Gallaecia*, *Bracara* e *Lucus*.

Se non admite a evolución como motor principal do cambio lingüístico, ¿como se explicará GR a variedade lingüística do mundo e a agrupabilidade das linguas en distintas familias? Para o segundo só hai indicios que permiten intuír por onde pode ir o seu pensamento, pero para o primeiro penso que hai unha resposta clara. Falando da pluralidade lingüística da Hispania prerromana, pregúntase:

Querrá ello decir que antes que acá llegasen los conquistadores de Roma, era España de una sola lengua **labii venius** como del mundo, antes que empezasen los hombres a edificar la torre de Babel, dice el sagrado libro del Génesis (...)? (cap. 24).

Sae aquí á luz un condicionamento intelectual de fondo co que se debe contar no caso dun padre da Compañía de Xesús. GR tiña a *Biblia* seguramente

como referente superior da verdade para calquera cuestión que alí se tratase, como, por exemplo, a orixe do ser humano e da diversidade lingüística. Dado que o evolucionismo na lingüística é posterior e está influído polas teses evolucionistas das especies de Darwin, sen dúbida un tema tabú na mente de GR, é de sospeitar que sexa aquí onde ten a raíz o seu rexeitamento e desterro radical e absoluto do concepto da evolución.

Con todo e a pesar das súas crenzas hai momentos en que GR se ve obrigado a deixar entrever que hai cambios que non son puramente substitutivos (algúns dos nomes do “galego antigo” e moderno son os mesmos, pero non idénticos, están *casi intactos*, *muy poco se modificaron*, *no mudaron casi*), pero, como en tantas outras ocasións, esta cuestión só se deixa caer de pasada, coma por descoido, sen convertela en obxecto de reflexión:

En Galicia y Portugal, donde más abundantes hallamos las antiguas palabras con ou, siguen todavía siendo abundantes y repetidas esas palabras, y se conocen y se dicen esos apellidos, y todavía con ellos son designadas sus gentes. Con ellos casi intactos! Boutia, Boutius, Boudinna bien poco se distinguen, muy poco se modificaron para llegar a Bouzas, Bouzón, Boudiño. No sólo conservan el ou; no mudaron casi sino la terminación! (cap. 28).

Facer etimoloxía sen diacronía é outra *contradictio in terminis*. Observemos como pensa e obra GR a este respecto. Nun determinado momento en que outra vez considera a súa opinión máis acertada cá de Menéndez Pidal recalca que a etimoloxía non é cousa fácil:

Es que son muy difíciles las cuestiones de etimología, como lo hemos sostenido ya en uno de los primeros capítulos: por eso tropiezan en ellas aun los talentos singularmente organizados (cap. 12).

Non se trata, non obstante, dun recoñecemento da dificultade da ciencia etimolóxica en si, senón que o que pretende desta maneira é contribuír a poñer en dúbida a suposta etimoloxía latina de grande parte do léxico galego e castelán:

Y así para decidir que una palabra castellana ó gallega procede etimológicamente de una latina que se le parece y representa quizá la misma idea, no basta decir que el castellano ó el gallego es un lenguaje neolatino, una lengua que se formó del latín, (...) es necesario además, si ha de presidir la lógica nuestros razonamientos, que demostremos, que (...) esa palabra en particular procede de la correspondiente latina (cap. 2). [A demostración científica existe, pero ten que ver coa evolución lingüística que GR non está disposto a admitir]

Todo isto coa plena consciencia de que existe unha cantidade enorme de palabras semellantes tanto na súa forma como no seu significado entre o galego e o latín:

Y si de lo que sucedió en toda España venimos a considerar lo acaecido particularmente en Galicia y el poder que aquí debió tener la lengua del Lacio, no tendremos más que considerar el número incontable de palabras gallegas que se pronunciaban aún hoy por nuestros hombres, idénticas por entero a las que pronunciaron los labios latinos. Abrid un libro escrito en gallego, escuchad uno que lo hable, comparad sus palabras con las latinas y os será acaso más fácil contar las no semejantes que las que son por entero iguales (cap. 3).

Resulta abraiante que o autor non atopase ningunha contradición entre este tipo de afirmacións. GR estaba convencido de que toda semellanza co latín era casual, pero, por outra parte, nunca se pregunta se as semellanzas que el observaba entre o galego e a lingua indíxena tamén poderían ser casuais. Vexamos algúns exemplos nos que rexeita a aproximación ó latín e favorece a similitude de formas prerromanas, sen dar ás veces razóns da súa escolla (lémbrese arriba o que se dixo a propósito da etimoloxía de lobo e sal):

El gallego home, el castellano hombre, el francés homme, aseguran todos que proceden del latino homine y creo tener razones para asegurar que antes de salir el latín de las murallas de Roma había ya esta palabra en las regiones occidentales de Europa (cap. 2). [Non chega a explicar o motivo polo que fai esta afirmación].

(...) no estará de más advertir (...) que también pudiera creerse ageno a las antiguas lenguas el actual Pintado, pues tan cerca tiene el verbo “pintar” de que es participio pasado, el cual según la academia castellana viene a su vez de pictum participio de pingere y pudiera por lo tanto no sin fundamento decirse que el susodicho apellido pertenecía sin duda a esta familia de palabras latinas. Mas se persuadirá que se engaña quien tal piense si recuerda que entre los apellidos que nos conservaron las antiguas inscripciones de ese pueblo hay también Pintaius y Pintamus que tan análogos a Pintado [son] (cap. 17).

Talvez aínda máis sorprendente resulta a argumentación do seguinte exemplo, onde se utiliza como proba de que unha palabra non pode ser latina o feito de que a cousa designada xa existía antes da chegada dos romanos:

Ni procede tampoco castro [del latín] aunque tan cerca tenga la latina castra que tanto usó y repitió aquel pueblo conquistador. Quieren la prueba mis lectores? Pues al punto la doy. Nuestros castros nada tienen que ver con los romanos: son anteriores a ellos (...). Y si la cosa es indígena, gallego es también el nombre. Porqué? Porque cuando los hicieron con algún nombre los llamarían y ese nombre no lo olvidarían nuestros padres el día precisamente en que hollaron las huestes romanas nuestros campos (cap. 44).

Por último, debe aínda observarse que GR para facer etimoloxías non só opera a un nivel puramente formal con ecuacións directas entre formas antigas e modernas, senón que ademais manifesta ás veces un desprezo total e absoluto polo plano semántico. Vexamos algúns exemplos:

De nuestra tierra debieron también llevar los romanos para la suya la palabra caetrae ó cetrae que de las dos maneras se escribe y bien análogo es a nuestro cetro (cap. 9).

¡Qué ten que ver a palabra *cetro* (en realidade <lat. *scēptrum*, de orixe grega) coa *caetra* que é un escudo de coiro? Máis exemplos desta clase atopamos no cap. 43, onde relaciona, por exemplo, o orónimo *Barbanza* con *barbarus*, o hidrón. *Belo* con *bellum*; ou no cap. 52 onde se pon en relación os antropónimos *Aturo* (en realidade texto incompleto por [C]aturo) con *aturar*, *Burrus* con *burro* e en canto a *Lupia* chega a dicir:

En ella [na inscrición CIL II 2793] vemos *Lupia* que tiene cierta analogía no sólo con *lupus*, sino con “*lurpia*” que frecuentemente dicen nuestros aldeanos cuando quieren designar con un epíteto ingenioso a alguna de sus contradictoras (cap. 52).

Deixando de lado as posibles connotacións machistas, este tipo de asociacións e comentarios obrígnanos a pensar que a ousadía de GR non tiña límites.

3B. LINGÜÍSTICA INDOEUROPEA

No século XIX nace e desenvólvese a lingüística indoeuropea. Dende que a finais do XVIII se dese a coñece-la enorme similitude entre a lingua dos textos sagrados indios e as clásicas europeas, houbo continuos avances que permitiron descubrir que numerosas linguas europeas e asiáticas son membros dunha mesma familia, descendentes dunha mesma lingua nai á que finalmente lle quedou o nome convencional de indoxermánico ou indoeuropeo. No século XX aínda se descubriron algunhas linguas e dialectos indoeuropeos antigos máis que alteraron ou están alterando unhas (anatolias, tocario) a visión decimonónica do indoeuropeo e outras (micénico, celta hispano) a visión decimonónica de distintas das súas ramas.

Non atopamos no texto de GR ningunha referencia ó indoeuropeo, coa única excepción dunha cita de Amor Ruibal no capítulo primeiro. Grazas a esta mención podemos estar seguros de que este termo e todo o que leva consigo non lle eran descoñecidos e que a súa ausencia é un desterro consciente e voluntario. Como xa mencionamos anteriormente en repetidas ocasións, GR despreza todo o que teña que ver coa evolución lingüística e, por tanto, tamén

coa reconstrución por comparación, sexa protorrománico, sexa protoindoeuropeo.

Non vou insistir por tanto máis neste aspecto, pero é importante sinalar aínda que GR non é capaz de sacar ningún proveito das inscricións en lingua indíxena, precisamente porque rexeita todo o que a lingüística indoeuropea do seu tempo lle ofrecía. En caso contrario podería ter recoñecido posibles terminacións de acusativo sing. en *-om*, de dativo sing. en *-oi*, de 3. pers. plur. en *-nti* que automaticamente lle servirían para identifica-la lingua desas inscricións como indoeuropea antiga con flexión nominal e verbal. Isto tería evitado boa parte dos seus desvaríos.

3C. LINGÜÍSTICA CÉLTICA

O núcleo inicial de linguas recoñecidas indubidablemente como indoeuropeas foron as indoiranias, o latín, o grego e as xermánicas. Pouco a pouco fóronse engadindo outras, tardando máis ou menos en ser demostrada a súa indoeuropeidade, segundo a intensidade dos fenómenos evolutivos que cada unha delas experimentaron. Deixando de lado as escasas inscricións galas e restos onomásticos antigos coñecidos no século XIX, as linguas celtas estaban representadas principalmente polas linguas medievais gaélicas (principalmente irlandés) e britónicas (entre as que destaca o galés), que manifestaban uns cambios tan profundos a tódolos niveis que só a partir da *Grammatica celtica* (1853) de J. C. Zeuß pasaron a ser definitivamente consideradas como indoeuropeas.

Esta familia lingüística segue a ser na actualidade un ámbito especialmente complexo no que aínda non hai consenso sobre as súas fronteiras e sobre as súas innovacións comúns e diferenciais. Moitos deses elementos característicos e definitorios establecidos no século XIX esvaecéronse no século XX co coñecemento de novos textos galos e de novas linguas como o lepóntico e o celta hispánico: posición inicial do verbo (VSO), xenitivo en *-ī* e agora en plena discusión a cuestión da perda do **p* en determinadas posicións deixaron ou están deixando de ser atribuídos ó protocelta, de xeito que esta protolingua se está revelando nalgúns aspectos moito máis conservadora do que as linguas celtas medievais nun primeiro momento parecían indicar.

Mentres que o indoeuropeo non aparece nin no pensamento nin no texto de GR, o celta aflora constantemente e repítese ata a saciedade. ¿Que criterios seguirá GR para asociar determinadas linguas e agrupalas baixo a etiqueta de celta? Teñamos presente que a clasificación das linguas como indoeuropeas ou celtas é unha clasificación xenética. Irlandés e galés, por exemplo, dende un punto de vista puramente sincrónico, son linguas tan diferentes que os propios falantes nunca terían recoñecido parentesco mutuo de ningún tipo. Irlandés *cóic*

e galés *pimp* “cinco”, por exemplo, son formas completamente diferentes, só dende unha perspectiva histórico-evolutiva podemos afirmar que se trata da mesma palabra a partir dun protocelta **k^wenk^we* que pola súa banda procede de ide. **penk^we*. GR non se enfronta no seu texto en ningún momento a esta problemática, adoptando sen miramentos unha clasificación xenética que en realidade é incompatible co seu propio pensamento.

Dado que non se pode servir de argumentos evolutivos, para defender que a lingua prerromana occidental era unha lingua celta sérvese de diferentes razóns de moi desigual carácter probatorio. Os argumentos de máis peso son algunhas das coincidencias léxicas (*briga*, *ocelum*, etc.), sen pararse en ningún momento a reflexionar por que esas coincidencias se dan só co “galego antigo” e non co moderno. Interesante, pero só se a tratase coa precaución debida, é a documentación de formas con ditongo *ou*, pois grazas á súa dispersión xeográfica logra establecer un territorio celta peninsular que realmente se asemella moito ó indo-europeo que hoxe acepta a *communis opinio*, delimitado pola famosa liña de Untermann que separa a área dos topónimos en *briga* da dos topónimos en *ili*. O ditongo *ou* por si mesmo, non obstante, non é ningún argumento definitivo para falar de celtismo, pois pode aparecer en calquera lingua deste planeta (por exemplo, en galego que a pesar de GR sabemos que é unha lingua románica), sendo falsa a súa afirmación de que todo *lenguaje en ou* é necesariamente celta.

Resulta inaceptable, por último, todo o que se di con respecto a supostas terminacións en *-on* e *-om* de presuntos nomes indeclinables.

3D. LINGÜÍSTICA LATINA

O latín da cidade de Roma converteuse na lingua dun imperio. Tendo xurrido nun núcleo urbano concreto podemos asumir que inicialmente era unha lingua sen dialectos (existen dialectos itálicos emparentados coa lingua de Roma que irán sucumbindo progresivamente baixo a lingua da capital), pero nin carecía de historia nin carecía de variantes diastráticas e diafásicas como calquera outra lingua.

Para traballar no campo da paleohispanística é importante ter un bo coñecemento da lingüística histórica latina, especialmente cando unha parte da argumentación ten moito que ver coas variedades desta lingua, variedades que GR por certo tampouco está disposto a admitir, dado que para el só é latín o modelo que nos ofrecen os clásicos. Todo testemuño que se afasta dese latín clásico constitúe, segundo GR, unha proba de que quen escribe ese latín tan “incorrecto” necesariamente debe ser falante doutra lingua.

(...) no hablaba latín el pueblo de Roma; no hablaba la lengua que ordinariamente entendemos por lengua latina, la que nos legaron los grandes hombres

de aquel pueblo gigante, la que leemos en los escritos de Cicerón y Virgilio, de Tito Livio y Lucano, (...) (cap. 5).

Vexamos algúns exemplos de como trata a cuestión das variedades diacrónicas e diastráticas latinas.

As inscricións máis antigas non nos mostran, segundo GR, un estadio máis antigo da lingua, senón unha morea de erros inaceptables:

(...) Orelli registra con el nº 2497 y dice así: NOVIOS PLAVTIOS MED ROMAI FECID / DINDIA MACOLNIA FILEA DEDIT. El escribir filea en vez de filia y dedit con d final no parece gran muestra de erudición latina. Y fué dada en Roma! Y dicen que med está por me! (cap. 5).

Expresións arcaicas conservadas na linguaxe xurídica como *pater familias* “o cabeza da familia” co antigo xenitivo sing. en -s dos temas en -a, substituído máis tarde por un -ī analóxico da declinación temática (primeiro *familiā-s*, máis tarde *familiā-ī* > *familiai* > *familiae*), son incomprensibles para GR que demostra así un descoñecemento absoluto da historia da lingua latina e da lingüística histórica indoeuropea:

Mas no queremos insistir demasiado sobre este hecho porque el latín sigue a veces en la formación de las palabras leyes que están por completo fuera de la gramática, como se ve en *pater familias*, testificándonos de este modo que fueron éstas invenciones del vulgo y diciéndonos al mismo tiempo cuán lejos estaba el lenguaje que este usaba del que prescribía a los doctos la gramática (cap. 57)

As referencias, por outra parte, á existencia dun *sermo vulgaris* son para GR, como xa se dixo, probas de que existen linguas e falantes non latinos:

Es cosa demostrada, nos consta de ciencia cierta que no era uno el hablar del pueblo de Roma. Desde los tiempos más antiguos a que ha podido remontarse su historia aparece la “*urbs romana*” dividida en dos lenguajes tan diversos entre sí que de ellos pudo escribir nuestro Quintiliano, maestro de literatos, muerto bien entrado ya el siglo II de nuestra era: “*Aliam quandam videtur habere naturam sermo vulgaris, aliam viri eloquentis oratio*”: “Una es la naturaleza del lenguaje vulgar, otra la del lenguaje del orador” (cap. 5).

E tendo en conta que na mesma Roma os romanos falaban tan pouco e tan mal latín, é lóxico pensar, segundo GR, que lonxe de Roma se falaría aínda menos e peor:

Y si uno era el *sermo urbanus* y otro el *sermo vulgaris* en la misma Roma, dentro de sus murallas mismas, vamos a pensar que los que no hicieron que rei-

nase allí una sola lingua, habían de hacer que una sola se hablase en el resto del mundo (cap. 5).

Si los romanos no sabían hablar latín, el latín, digo, de Cicerón y Virgilio, habían de saberlo los españoles? Habían de hablarlo los gallegos? (cap. 5).

Como xa sinalamos anteriormente, un elemento importante na teoría de GR é a presunta ausencia de flexión nominal na lingua indíxena que se comproba, por exemplo, na existencia de dativos en *-a* da primeira declinación que temos, por citar un dos seus exemplos, na seguinte inscr. procedente da antiga Capera, h. Ventas de Cáparra:

BOLOSEA · FIDIO
PELLI · F · MACRI · F
M · FIDIVS · MACER
TESTAMENTO · F · C

Trátase dunha inscrición funeraria que *M(arcus) Fidius Macer* fixo por mandato testamentario para a súa nai *Bolosea Pelli f(ilia)* e para o seu pai *Fidius Macri f(ilius)*. *Bolosea* debe estar en dat., como *Fidio*, pero remata en *-a*, non en *-ae*.

En ella *Fidio* es indudablemente un dativo, como se ve por *Fidius* que más adelante en la misma se lee: luego *Bolosea* debe ser también dativo, como por otra parte lo exigen el ser una dedicación y el contexto mismo de la frase *Bolosea Pelli filiae, Fidio Macri filio*: y es un dativo terminado en *-a* que no cabe en la declinación latina como acabamos de decir (cap. 45).

Os dativos en *-a* son ben coñecidos e teñen dúas posibles orixes. Por unha parte, temos dativos en *-a* en inscricións latinas arcaicas, onde no contexto do sincretismo casual que se produce entre o indoeuropeo e o latín funciona como un alomorfo de *-ai/-ae* que finalmente acabará por desaparecer. Por outra parte, temos estes dativos en *-a* provinciais de época imperial que dificilmente terán unha relación directa co fenómeno anterior, senón que máis ben son produto dos novos cambios por sincretismo que está a experimenta-la lingua latina vulgar: tendencia a un sincretismo formal dat. *-ae, abl. -ā* → dat. *-abl. -a* por anloxía coa declinación temática (dat. *-abl. -ō*) e uso do acusativo (*-a(m), -o(m)*) con *ad* en función de complemento indirecto que conducen á perda do dativo en *-ae* na lingua falada e ós conseguíntes erros á hora de poñelo por escrito (téñase en conta ademais que algúns dos presuntos dativos en *-a* poden ser formas incompletas en *-a(e)* por falta de espazo). GR pecha os ollos por completo ante toda esta problemática e non fai unha análise específica e diferenciada para cada un dos testemuños de presuntas formas indeclinables, como sería o seu deber.

3E. LINGÜÍSTICA ROMÁNICA E IBERROMÁNICA

Non se pode comprende-la esencia e a relación entre as distintas linguas e dialectos románicos sen ter en conta a súa dimensión diacrónica. Moitos erros de GR débense tamén aquí á carencia dunha perspectiva histórica, pero ademais tamén á mestura indiscriminada de elementos procedentes de calquera área lingüística ou dialectal peninsular. Veremos máis abaixo, por exemplo, os problemas que xorden cando para exemplifica-lo sufixo *-alo* inclúe tanto gal. *cabalo* como cast. *palo* ou cando para o sufixo *-ego* inclúe formas como cast. *juego*, *fuego*.

Non pretendo determe en facer a crítica que esta obra merece dende a perspectiva románica, pero non podo deixar de salientar que se observa un claro descoñecemento das variedades lingüísticas e dialectais iberrománicas por parte do autor. Vexamos este extracto:

Y si queremos persuadirnos aun más de la gran área que cobijó con sus frondosas ramas el idioma gallego (...) recordemos que son numerosas las ciudades que cuentan aún hoy entre sus calles varias rúas. Hay rúas en León y en Palencia, en Toro, Zamora, Carrión y Salamanca y en otras partes más. En Burgos había aún hace poco una llamada Ruavieja (...). Hay también en Navarra una estación balnearia de aguas sulfatadas llamada Fonte (...) todas ellas llevan todavía hoy esa marca de nuestra lengua que conservan ciertamente desde remotos tiempos y están atestiguándonos que fué allí popular y lenguaje del pueblo el que es hoy patrimonio de nuestra tierra.(...) Y baste lo dicho para convencernos que fué en tiempos pasados conocido y usado en muchas partes de España, ó quizá en toda ella, el hablar que hoy usan los gallegos; esta lengua entendían y en ella se expresaban; y era extensa y dilatada su zona (cap. 60).

As palabras *rúa* e *fonte* na toponimia urbana de distintas cidades e como presunto nome dun manancial navarro respectivamente son, segundo GR, probas de que se falou galego por case toda a península. Comete aquí unha simplificación dos feitos que sorprende mesmo dende o seu modo tan particular de ver-las cousas. Se, segundo el, as linguas só cambian porque se deixan de usar unhas palabras e empezan a usar outras, ¿como é que non admite a posibilidade de que a palabra *rúa* conservada na toponimia de distintas cidades castelás poida ser unha palabra antiga desa lingua e doutros dialectos hispánicos non galegos? En canto ó topónimo *Fonte* (non puiden comprobar se está realmente ben citado así), que lle parece tan galega, debería saber ou podería ter pescudado que o galego non foi a única lingua ou dialecto hispánico que conservou o *f-* inicial, senón máis ben todo o contrario, e que esa era unha das características primitivas dos dialectos romances da área navarro-aragonesa.

3F. LINGÜÍSTICA PALEOHISPÁNICA

O complexo panorama lingüístico prelatino da Península Ibérica apenas se sospeitaba na época en que escribe GR, de xeito que moitos dos seus erros que agora podemos detectar facilmente sobre a base dos nosos coñecementos actuais se poden e deben entender no contexto do seu momento.

Aborda o tema da variedade lingüística no cap. 24, partindo da imaxe que se facía Hübner dunha Hispania na que predominaba a lingua ibérica con presenza dalgúns elementos célticos:

Querrá ello decir que antes que acá llegasen los conquistadores de Roma, era España de una sola lengua (...) o era una la lengua pero diversos los dialectos en que se hablaba, ó había regiones en que se entendían en otra diversa de sus moradores? Ésta última parece la opinión del sabio Hübner (...) y al terminar el prolegómeno de su libro *Monumenta linguae Ibericae* afirma que “cree haber probado que la lengua ibérica fué una sola en toda la península y en las regiones subpirenaicas que habitaron los iberos sin mezclarse con la de los celtas que ocuparon algunas regiones de España y dejaron en ellas vestigios de su propia lengua en los nombres de lugares, dioses y hombres celtibéricos”. Si hemos de creer a tan docto varón los iberos lo fueron todo en España en aquellas remotas edades, los demás pobladores, incluso los celtas no fueron apenas nada (cap. 24).

Decántase neste caso por seguir a Estrabón en favor do plurilingüismo hispánico prelatino:

Que no fué una sino varias las lenguas que se hablaron en España es enseñanza manifiesta de Estrabón (...): *Hi (turdetani et turduli) omnium Hispanorum doctissimi judicantur, utunturque grammatica et antiquitatis monumenta conscripta habent, ac poemata et metris inclusas leges a sex millibus, ut ajunt, annorum. Utuntur et reliqui Hispani grammatica non unius omne generis, quippe non eodem quidem sermone. Los turdetanos y los túrdulos son tenidos por los más doctos de España y tienen gramática y monumentos escritos de su antigüedad y poemas y leyes puestas en verso hace ya, según dicen, más de seis mil años. Los demás españoles tienen también su gramática, aunque no es para todos la misma, porque tampoco lo es la lengua”* (cap. 24).

Y ésta parece indudablemente la verdad en este asunto, verdad que imponen los hechos y el sentido común impone y que se funda en el parecer de tan doctos y respetados escritores. Se habló antiguamente en España el ibero como se habló el celta y el griego y el púnico y el fenicio en las regiones que ocupó cada una de estas antiguas razas. (...) Y esto nos explica por qué hay, como vimos, deidades y apellidos y ciudades que no aparecen sino en ciertas regiones occidentales de España (...) (cap. 24).

Limitándonos ó ámbito occidental, hai que sinalar que entre as inscricións en lingua indíxena que menciona inclúense as perdas do Mosteiro de Ribeira

(Xinzo de Limia) e Freixo de Numão (Vila Nova de Foz Côa, distr. Guarda) que actualmente non se consideran tal.

O altar do Mosteiro de Ribeira ten un interese moi especial. A lectura transmitida por Martín Sarmiento é CROVGIN / TOVDA/DIGOE / RVFONIA / SEVER (o final da última liña transmitida debe restituírse *Rufonia Sever[a]* ou *Rufonia Sever[i]*). Pensouse que *Crougin* podía ser un acusativo cun cambio *-m > -n* (cf. entre os nomes familiares, por exemplo, **keltikūm* [= lat. *Celticōrum*] > *Celtigun* “da familia dos *Celtici*, é dicir, dos descendentes de *Celtius*” en CIL II 6298) semellante ó que temos tamén do latín ó galego nos monosílabos sen *-a*: lat. *cum*, *quem*, *rem*, *sum* > *con*, *quen*, *ren*, *son*. Por outra parte, tamén se pensou que se podía tratar dunha mala lectura de *Grougiai*, dativo que temos documentado na inscr. de Lamas de Moledo baixo unha variante *Crougeai*, seguido dun adxectivo *Toudadigoe* tamén en dativo ou dun segundo teónimo en dativo *Toudadi* unido ó teónimo precedente mediante unha postposición *-goe* < **-gue* < **-k^we*. A opción máis verosímil é *Crougiai Toudadigoe* en dat. Entramos así en contacto cun dos fenómenos lingüísticos máis interesantes da epigrafía votiva hispanoccidental, a presenza de teónimos con desinencia de dativo indíxena en textos que polo demais están en latín. Non se trata propiamente de inscricións bilingües, senón testemuños dun latín falado e escrito no que se mesturaban elementos indíxenas flexionados pola súa propia declinación.

A inscrición rupestre de Freixo de Numão é na copia transmitida un feixe de problemas irresolubles: IVNO / VEAMVAEARVM / TARBOUVMAN / CNV-NARVM / SACRVM / CIRI / CVR, pero as terminacións *-arum*, a palabra *sacrum*, a posible abreviatura *cur(avit -averunt)* e a posible dedicatoria inicial a *Iuno[ni]* obrigan a pensar que se trata dunha inscrición latina mal lida, seguramente de seu moi deteriorada.

A principios do século XX ignorábase a existencia dunha lingua hispanoccidental que agora convencionalmente recibe o nome de lusitano (inscricións de Lamas de Moledo, Cabeço das Fráguas e tres fragmentos de Arroyo de la Luz, sobre as que tratarei máis abaixo brevemente) diferente do celtibérico. A proximidade xenética entre estas dúas linguas é na actualidade obxecto de debate. Para uns (Tovar e seguidores) o lusitano non pode ser unha lingua celta, para outros (Untermann e seguidores, entre eles o que escribe) pode tratarse dunha lingua celta en parte moi conservadora. Sexa cal sexa a relación entre estas linguas, o conxunto do seu territorio e mailas zonas intermedias constitúe, segundo a opinión máis xeneralizada, o territorio indoeuropeizado da Península Ibérica antes da chegada dos romanos. Esta área coincide aproximadamente coa que GR establece sobre a base da distribución das formas con ditongo *ou* e, en menor medida, de formas onomásticas (sobre todo topónimos) que considera celtas. A

área de dispersión deses nomes supostamente celtas resúltalle máis ampla cá das formas con ditongo *ou*. Isto é debido a que entre eles inclúe algúns nomes que hoxe distinguimos claramente como ibéricos, eusco-aquitanos ou tartésicos, ademais de establecer outras asociacións que carecen de fundamento. Vexamos algúns dos seus razoamentos:

a. sobre distintos nomes:

Carro es un apellido asaz frecuente hoy en Galicia y en otro vaso de tierra roja que se guarda también en Tarragona está escrito Carronis y al dios Carrus dieron culto en la Aquitania cuya lengua, como está demostrado, tan semejante es a la que por acá se habló! (cap. 17).

al tratar [Hübner] (61-64) de las [palabras] halladas en la Aquitania, región que se dice asimismo habitada por iberos, anotó como propias de este pueblo y su lenguaje Annous y Toutanogiris y los dioses Helioumouni y Bocco Harousoni que hemos incluido asimismo en nuestro catálogo de palabras celtas (cap. 31).

Los antiguos geógrafos nos dan dos Iluro en España y un Iluro en la Aquitania. Calagurris son conocidas dos en España y el Itinerario nos da una en la Aquitania también (cap. 33).

De suerte que abundaban sobre todo y se repetían las ciudades de nombre celta en las partes más occidentales de España (...) pero no se contenían sin embargo sólo en Galicia y Portugal, traspasaban también ellas, como hemos visto en los apellidos, los límites de estas tierras y aun la línea que no traspasaron los nombres con *ou*. Las Calagurris están muy lejos de estos campos y muy allá de la expresada marea a pesar de su reconocido celticismo, pues Calahorra, una de ellas, está en las márgenes del Ebro y la otra a tres leguas de Jaca en las cumbres pirenaicas, Iluro cerca de Mataró (...) (cap. 35)

b. sobre distintos sufijos:

Ilerda se llamó Lérida. (...) Lapurdum es el nombre antiguo de Bayona de Francia. [Y en castellano y gallego tenemos aun hoy lerdo, zurdo, esquerdo y otros varios]. Resulta pues que en Portugal y España entera y Francia e Italia se hallan hoy palabras terminadas en *-ardo*, *-erdo*, *-ordo*, *-urdo* (cap. 37).

c. sobre aspectos formais:

De dura pronunciación parece debían ser los subfijos de dos *rr* como burrus, Gigurru, Reburru que usaron aquellos hombres y otros en este tenor, como los pueblos Seurri que estaban hacia la Limia y la ciudad Graccurris que nos designan sus monedas y varios escritores de entonces. Y este sonido y terminación tiene hoy sus representantes en churro, churruqueiro, churruco, churra, cazurro, burro, como lo tenían también en la Aquitania que dió culto al dios Maiurru (cap. 38).

No estudo da onomástica prerromana a interpretación etimolóxica poucas veces é un obxectivo alcanzable. En xeral debemos partir da base de que os nosos

esforzos non poden ser recompensados neste sentido, pero hai outras análises deses datos que teñen grande interese e mesmo constitúen a base para poder intentar achegarse ás posibles etimoloxías. O piar fundamental do estudo da onomástica prerromana é o establecemento da área de dispersión dos distintos nomes que se documentan. A reiterada documentación de nomes diferentes nunha mesma zona permite identificar unha área onomástica e a confrontación deses nomes pode abri-las portas da súa análise morfolóxica. Por exemplo, o antropónimo *Bovius*, -a (documentado varias veces nos distritos de Bragança, Castelo Branco, Santarem, Lisboa e na provincia de Cáceres) é un nome hispanoccidental. Nesta mesma área documentamos esporadicamente, por exemplo, *Bovianus* (Santarem) e *Bovana* (Cáceres) que podemos contraponer a *Bovius*, -a e analizar así como derivados *Bovi-anus*, *Bov-ana* respectivamente. No caso de termos na mesma área outros exemplos nos que sexa factible unha análise similar pasará de ser posible a probable a existencia dun sufixo prelatino -ano-, -a.

A lingüística indoeuropea ocupouse en primeiro lugar das linguas ben ou relativamente ben documentadas, pasando despois a ocuparse tamén daquelas outras que se coñecen extremadamente mal e mesmo practicamente só a través de restos onomásticos. O indoeuropeísta máis destacado neste campo foi na primeira metade do século XX Hans Krahe, coñecido entre nós sobre todo polos seus manuais de lingüística indoeuropea e xermánica e pola súa teoría da hidronimia antigoeuropea (*alteuropäische Hydronymie*) na que se conservaría unha antiga lingua indoeuropea polo demais descoñecida. Da súa escola procede J. Untermann e doutras escolas proceden investigadores actuais que saben traballar adecuadamente coa onomástica antiga, entre os que destaca J. Gorrochategui e entre nós J. J. Moralejo. Todo isto é, non obstante, unha historia moi recente que só en parte e moi de lonxe puido coñecer GR, quen carece de calquera procedemento de traballo minimamente aceptable para estudala onomástica prerromana.

Tomemos como exemplo a súa análise do topónimo tartésico *Iponoba*. Os topónimos en -oba/-uba teñen unha dispersión restrinxida ó suroeste peninsular. Para asegurarnos de onde dividir esta palabra podemos e debemos comparala ademais con *Olisipon-* (*Olisipo -onis*) e outros topónimos en -ipon- que tamén aparecen só no suroeste. Todo isto impón unha segmentación *Ipon-oba*. Que fai GR?

Onoba, Ossonoba, Iponoba, que estiveron allá hacia la desembocadura del Betis y del Guadiana, coinciden en la terminación noba, que quizá no significase lo que hoy, pero repetían la palabra latina que traduce la idea de cosa nueva (cap. 63).

3G. FORMACIÓN DE PALABRAS

Dado que a interpretación etimolóxica raramente é posible no ámbito da onomástica prerromana, un dos aspectos que cobra unha relevancia moi especial é a formación de palabras. Para tratar esta cuestión é fundamental ter moi claros algúns conceptos básicos como distinguir entre derivado e composto e distinguir entre raíz, tema, sufixo derivativo, sufixo flexivo, etc., por citar só aqueles que constantemente imos ter que manexar na análise da onomástica antiga. GR non nos dá ningunha definición destes conceptos para sabermos qué sabe ou qué pensa a este respecto, pero as súas análises deixan ver por desgraza en máis dunha ocasión unha confusión absoluta, reforzada en parte sen dúbida polo feito de non ter en conta a evolución lingüística. Vexamos tamén algúns exemplos.

Dedica os capítulos 37-38 á sufixación. Entre os moitos sufixos que trata, escollo os seguintes do cap. 38:

- a. os sufixos *-aco* e *-oco* están ben representados na onomástica antiga (*Araco*, *Turiaco*, etc.; *Clounioqum*, etc.) e aparecen tamén, segundo o autor, en palabras galegas actuais como, por exemplo, *anaco*, *buraco* e *bichoco*, *mazaroca* respectivamente. Dado que GR non ten en conta ningunha evolución non sente a necesidade de enfrontarse ó problema de que as formas actuais presuntamente equivalentes ás antigas deberían ter unha velar sonora. Este problema ó que a estas alturas nos ten xa tan acostumbrados e pouco a pouco case que anestesiados parece perder relevancia cando se observa que entre as formas actuais (tanto galegas como castelás) que cita con eses sufixos aparecen, por exemplo, *tabaco*, *acá*; *broca*, *coco*, *choco*, *foco*, *loco*, mesturando préstamos cun adverbio como *acá* e distintas formas nas que a terminación *-oco* de ningún modo pode ser un sufixo. Que entende pois GR por sufixo? É obvio que non fai ningunha diferenciación entre sufixo e terminación, entre morfema e secuencia de fonemas carente de significado.
- b. as formas sufixais *-eco* e *-ego* están tamén documentados na onomástica antiga (*Brigaecum*, *Callecus*, etc.) e entre as formas modernas pasa a citalos seguintes exemplos: *muñeco* (sen entrar por suposto no problema da sonorización), *apoteca* (en realidade un helenismo composto de *apo-* “aparte” e *theka* “depósito, almacén”, por tanto “un lugar aparte para almacenar cousas”), *achego* (en realidade un derivado en *-o* de *achegar*) e palabras castelás como *hueco*, *juego*, *fuego* (para GR con suf. *-eco/-ego*, porque, ó non traballar coa evolución lingüística, non pode admitir que *-ue-* sexa froito da ditongación do *-ō-* aberto, antes *-ō-* breve tónico).
- c. para os sufixos *-aro*, *-alo*, *-ono* e *-omo* reúne diferentes formas antigas (*Caesarus*, *Bracarus*, *Bedoro*, etc.; *Camalus*, *Burralus*, etc.; *Vironus*, *Caturonus*,

Toutonus; os exemplos en *-omo-* son todos moi estraños) que pon en relación con palabras modernas como *preclaro*, *raro*, *moro*, *cabalo*, *palo*, *trono*, *plomo*, *palomo*, mesturando galego con castelán, préstamos con palabras patrimoniais, formas que de ningún modo poden ser consideradas derivadas con eses sufixos e, coma sempre, formas que en realidade só na súa forma actual rematan desa maneira, pois teñen unha orixe moi diferente que el non está disposto a ter en conta (*moro* < *maurus*, *cabalo* < *caballus*, *plomo*, *palomo* < *plumbum*, *palumbus*).

Un elemento que se documenta repetidas veces como terminación pode ser un sufixo, pero se tamén o temos como elemento inicial estamos obrigados a favorecer a opinión de que se trate dun membro dun composto. Así ocorre co elemento *-briga* (por exemplo, no top. *Nemetobriga*) que tamén aparece en topónimos como *Brigantia* ou *Brigaecium*. Neste caso a cuestión está aínda máis clara porque esta palabra se conserva en distintas linguas célticas: irl. *brí* (< **brig-*), galés *bre* (< **briga-*) “monte, outeiro”.

GR interpreta curiosamente este segundo elemento de composto como unha desinencia ou terminación que no caso dos teónimos en *-brigo* (p. ex. *Tameobriga*) non tería máis valor ca o de adaptar teónimos preceltas (iberos, p. ex. **Tameo*) á lingua celta, do mesmo xeito que gr. *tele-* + *grapho-* se adapta ó francés como *télégraphie* con *-e*.

(...) los dioses Abricus, Bandueatobrigus, Soemeobrigus y Tammeobrigus, que en el panteón gallego tuvieron avecindamiento y conocido solar. Si son celtas las ciudades gallegas por tener nombre terminado en esa desinencia, celta parece tambien el nombre de las divinidades en igual desinencia terminada. (...) pudiera ser, y aun me parece más probable, que no sean las referidas divinidades celtas, sino avecindadas solamente entre los celtas. Porque hay un fenómeno de todos conocido (...) y es que cuando una palabra de una gente y de una lengua se introduce en otra, no modifica, no varía su raíz, lo que altera y lo que rehace es su terminación. (...) Telégrafo por ejemplo tiene la misma raíz en castellano y en francés, pero no la misma terminación. Tomó en castellano una terminación en -o porque en -o terminan frecuentemente las palabras castellanas, y terminó en francés en -e porque así suelen terminar en esta lengua. Pues algo parecido pudo suceder en nuestro caso. Venían de remotos tiempos venerando los iberos gallegos su Bandua y Tamme y su Soe, adoptaron después los celtas estas mismas divinidades antiguas, las hicieron suyas y las llamaron Bandueatobriga, Tammeobriga y Soemeobriga, es decir, Bandua la de mi pueblo, Tammeo el de mi pueblo, y Soe el que se venera entre nosotros (cap. 61).

Deixando de lado esa idea tan inverosímil de que *-brigo* poida ser un simple elemento de adaptación lingüística, quedamos aquí coa dúbida de qué entende GR por un composto, un sufixo, unha desinencia e unha terminación. Todo parece mesturarse dunha forma absolutamente caótica.

A partir destes exemplos, ós que se poderían engadir unha chea de casos máis non menos escandalosos, resulta evidente que GR carece dos coñecementos teóricos necesarios para estudar a formación de palabras, que en realidade vén ser practicamente o único que podemos facer cos nomes propios indíxenas.

3H. ONOMÁSTICA

Se nos limitamos ó territorio da Galicia actual, deixando de lado os escasos préstamos de substrato que incorporou o latín local e herdou o galego e mailas poucas inscricións indíxenas, o mundo lingüístico prelatino está basicamente representado pola onomástica. Esta ciencia que no ámbito de moitas linguas pode parecer marxinal pasa a ser central no caso de linguas antigas escasamente testemuñadas como ocorre no occidente hispánico prerromano.

A onomástica ten unhas características especiais que fan que o seu estudo etimolóxico sexa moito máis problemático có de calquera nome común de significado perfectamente coñecido. Como é de supoñer, a dificultade incrementase enormemente cando non só se descoñece ou malcoñece a lingua na que se formou esa onomástica, senón que incluso nos vemos na obriga de partir desa onomástica para intentar saber algo da lingua na que se formou.

Dado que practicamente toda a nosa documentación procede da época romana, resulta que documentamos unha onomástica mesturada de elementos autóctonos e romanos que ás veces non é fácil separar con claridade. Sirva de exemplo o nome *Caesarus*, que se parece e pode estar relacionado etimoloxicamente co latino *Caesar*, pero é indíxena. Aparece tamén no topónimo *Caesarobriga*, pero aquí xa non podemos estar seguros de se se trata dun topónimo formado a partir do nome dun persoeiro local ou en honor dun César de Roma.

En xeral, non obstante, si é relativamente fácil identifica-la onomástica local que é a que practicamente só se documenta aquí ou en unidades do exército orixinarias de aquí e desprazadas a calquera outro punto do imperio. A onomástica romana foi estudada por W. Schulze no seu libro *Zur Geschichte lateinischen Eigennamen* (Berlín, 1904) que xa estaba á disposición de GR no seu momento. Este, porén, levado pola súa teima de que todo o que coincide co latín non se debe considerar tal necesariamente, acaba mesturando os nomes autóctonos e os romanos de forma indiscriminada. Así, no capítulo 21 dedicado a esta cuestión xunta e considera indíxenas tanto nomes como *Ambatus*, *Tanginus*, etc. como outros indubidablemente romanos como *Fronto*, *Maurus*, etc., ou mesmo de orixe grega como *Charito*.

Por outra parte, fenómenos morfolóxicos característicos da onomástica indoeuropea como a variación temática *-o/-on-* non é recoñecida e interpretada como tal, senón que se converte en argumento en favor dunha presunta termi-

nación nominal en *-o* indeclinable que en latín se adaptaría pola segunda declinación *-us -ī* ou pola terceira como tema en *-o -onis*. Sobre esta cuestión volverei máis abaixo.

31. FONTES EPIGRÁFICAS

A principal fonte de información para os estudos paleohispánicos é a epigrafía coa que se debe contrasta-la información literaria. GR é ben consciente disto, como se pode observar no seguinte extracto en que lle interesa opoñe-la información que nos achega a epigrafía ás afirmacións, segundo el, menos fiables dos autores que falan da rápida e intensa latinización da Península Ibérica:

No hay que consultar sólo los libros, sino las piedras y las monedas también y frecuentemente nos dirán que no fué tan abrumadora la civilización romana en el mundo como muchos han afirmado ni tan grande el poder de Roma en nuestra tierra que hubiese abolido el modo de hablar que tenían los gallegos antes que aquí hubiesen llegado las legiones invasoras (cap. 4).

En moitos epígrafes non atopamos a lingua clásica que para GR sería a única latina verdadeira, senón unha mestura desa lingua culta máis ou menos estándar coa falada realmente polo pobo que para GR, como xa se comentou anteriormente, non sería unha variante vulgar do latín, senón outra lingua diferente. Obsérvese o que di a propósito de fenómenos como os seguintes:

a. vocalismo:

Se equivocan hasta en las [palabras] más conocidas y escriben Deana, Dome-no, Karessemo, Merentessemo. Sabido es que el genitivo y dativo de singular y nominativo plural de la primera declinacion termina en *-ae* diptongo: pues ellos se dispensan frecuentemente de esta ley y escriben *-e* simple (cap. 6).

b. consonantismo:

No es [error] de pequeño [bulto] tampoco escribir Austo por Augusto (...). Del poner b por v y v por b no hay que decir nada pues tan frecuente es esto que se conoce que ya en tiempo de los romanos gozaba nuestra tierra esa dicha que en ella reconocen los franceses cuando para ridiculizar este vicio de nuestros lenguajes nos dicen: “Beati hispani quibus vivere bibere est” (cap. 6).

c. hipercorreccións:

Otras veces escriben mal las palabras y vemos por ejemplo Atiutorium, Conglegium. (...) Otras veces ponen *ae* en vez de *e* y nos hacen leer *-aeius*, *Naervae*, o hacen terminar en el citado diptongo adverbios tan conocidos como *optime*, *sancte*, contra las leyes corrientes del latín. (...) No es [error] de

pequeño [bulto] tampoco escribir (...) quot por quod y al revés y quit y quit-quit (...) (cap. 6).

d. consoantes dobres/simples:

Y qué diré del aumentar y suprimir letras según les venía en talante y escribir Calliste, Marrius, Fessto ó ano, opidi, tera, convirtiendo así palabras conocidísimas en latín en otras enteramente desconocidas en esta lengua? Podrá decirse que los que así escribían sabían la lengua que escribían? (cap. 6).

e. preposicións e casos (en parte caídas de -m, en parte -m hipercorrectas entre outros fenómenos):

En el régimen hay ejemplos repetidos y notabilísimos. Cum filios eorum, Ob meritis, Pro salutem, In honore, Pro vernaculam son modelos que en cualquier examen dan a un imberbe derecho incontrovertible a repetir el curso (cap. 6).

Tamén mete no catálogo de erros a aparición esporádica do uso gráfico arcaico latino para as velares: K ante a, C ante vogal anterior, Q ante vogal posterior, de onde só cabe deducir que descoñece este uso:

Se equivocan hasta en las [palabras] más conocidas y escriben (...) Karessemo, (...) (cap. 6).
No es [error] de pequeño [bulto] tampoco escribir (...) Pequinia por Pecunia, palabras tan conocidas (...) (cap. 6).

Ademais destes fenómenos, nos textos epigráficos atopamos constantemente, por unha parte, todo tipo de formas abreviadas, unhas veces abreviaturas estereotipadas, outras veces ocasionais motivadas pola falta de espazo ou por calquera outra circunstancia. Por outra parte, atopamos tamén moitos erros do lapicida como, por exemplo, o esquecemento ou a repetición de letras. Por último, co fin de aforrar tempo e espazo era moi frecuente ligar unhas letras con outras, ás veces de xeito tan abusivo que algunhas palabras, especialmente nomes indíxenas, non somos hoxe capaces de os descifrar con seguridade. Todos estes fenómenos caen para GR no caixón dos argumentos a prol de que os autores do texto eran falantes doutra lingua e non sabían latín como é debido.

En ella [nesta inscrición] vemos posuerunt sin la t final que jamás puede olvidar un latino y parentenes por parentes como debía escribir uno que no ignorase por entero esta lengua. Cuánto debía desconocerla el gallego que esto escribió cuando en una tan conocida palabra tropezó! (cap. 5).

Si quisiéramos poner algún orden en esa multitud de errores que nos dejaron los lapicidas romanos en las innúmeras obras que de ellos hasta nosotros llegaron, nos admiraríamos al ver que eran tan ignorantes de la lengua que escri-

bían, que nos deixaron grabadas en sus piedras palabras que nada absolutamente significan en latín (cap. 6).

O feito de non ter en conta a posibilidade de que algunhas formas estean abreviadas é unha das causas polas que GR atopa e admite a existencia, por exemplo, de nomes indeclinables en *-on*, sobre os que tratarei máis abaixo.

Para rematar, hai que ter en conta aínda o feito de que as inscricións se conservan frecuentemente nun estado deplorable: desgastadas, fragmentadas, retocadas, etc. etc., circunstancias que non parece descoñecer GR

(...) y aunque es muy fácil afirmar que les falta alguna letra, no es tan fácil probarlo en todos los casos si no se quieren latinizar a todo trance (cap. 40)

pero en moitos casos parece esquecer voluntaria ou involuntariamente. Así, por exemplo, cando no capítulo 52 relaciona o presunto antropónimo *Aturo* co verbo galego *aturar*, nin se para a meditar sobre a verosimilitude semántica desta proposta, nin ten en conta a posibilidade de que se poida tratar dunha forma incompleta por *[C]aturo* que é nome ben coñecido no occidente hispánico.

3j. HISTORIA ANTIGA

Para poder estudar as linguas paleohispánicas debe coñecerse, por último, tamén a historia antiga peninsular e a do seu contexto europeo. Non é posible avaliar adecuadamente se os coñecementos de GR neste campo eran moi profundos ou non, pero, para rematar este repaso ás súas carencias e ocorrencias, velaquí unha derradeira sorpresa.

Como xa vimos reiteradamente nos parágrafos anteriores, GR nega a orixe latina do galego e por tanto vese na obriga de quitar toda validez a calquera semellanza entre estas dúas linguas. Cara ó final do capítulo 43 indica que a coincidencia entre o topónimo *Emerita* (refírese a *Emerita Augusta*, actual Mérida) e o participio latino *emeritus -a -um* tamén é pura casualidade, enleándose na nota 445 da seguinte maneira:

Dirás acaso que ésta es palabra latina y puede ser que aciertes, pero bien pudieras engañarte, como se equivocaría quien juzgase latinas las demás que acabo de referir (nota 445).

Crer e querer facer crer que o nome *Emerita* non é latino é inaceptable por pura estatística. É relativamente fácil e frecuente que se dean coincidencias fortuítas entre segmentos breves (por exemplo, o *Canadá* e maila *Canda* comparten as montañas nevadas, un mesmo *Can-* inicial e gran parecido no que resta e, porén, non teñen nada que ver xenética nin etimoloxicamente), pero as probabilidades de que unha coincidencia exacta de sete fonemas seguidos se produza de forma casual

son tan baixas coma as de gañar na bonoloto. Por outra parte, por Dion Casio e Estrabón temos noticia histórica de que *Emerita Augusta* foi unha fundación augústea para os seus veteranos (en latín *emeriti*) cara a finais da campaña persoal de Augusto contra os ástures e cántabros (arredor do ano 25 a.C.). Isidoro de Sevilla, pola súa parte, di: *Emeritam Caesar Augustus aedificavit, postquam Lusitaniam et quasdam Oceani insulas cepit, dans ei nomen ab eo quod ibi milites veteranos constituisset. Nam emeriti dicuntur veterani solutique militiae* (Etimologías 15,1,69). ¿GR descoñece estes datos ou non lles dá ningún valor ou que lle pasa a este home?

4. Nos parágrafos anteriores reunín algunhas das interpretacións e propostas máis abraiante que podemos atopar nesta obra de GR e nos evidencian a súa escasa solidez científica en practicamente tódolos eidos que forman parte do complexo estudo das linguas prerromanas. A súa formación máis sólida consiste seguramente no seu coñecemento do latín e probablemente tamén do grego, pero debe tratarse sen dúbida dunha formación en linguas mortas tradicional, de gramática parda gravada a ritmo de canto que lle imposibilitaba ter en perspectiva e consideración toda a variedade e variación inherente a calquera lingua sexa antiga ou moderna. É probable por tanto que tamén isto teña sido en realidade unha circunstancia negativa máis para o seu pensamento e para a súa investigación.

Tendo en conta todo o visto anteriormente, quero pasar agora a repasa-los principais puntos da súa teoría.

4.1. A LINGUA INDÍXENA PRERROMANA NON SE PERDEU NUNCA

Unha das cuestións nas que máis insiste é a da supervivencia da lingua prelatina, resultándolle absolutamente incrible e inaceptable que se puidese ter extinguido e menos tan rapidamente como se pretende.

Dado que témo-lo testemuño de Estrabón de que na súa época (s. I dC.) nalgunhas zonas da Península xa se falaba só latín, GR necesita en primeiro lugar poñer en dúbida semellante afirmación:

(...) como es creíble que acabase el latín en dos siglos ni en seis siglos con la lengua indígena cuando vemos con nuestros ojos que con ella no pudo acabar el castellano en diez? (...) Si el latín hubiera destruido la lengua de los antiguos gallegos, el castellano hubiera también destruido la lengua que hablan los gallegos de nuestros días. Inmensamente mayor, como hemos dicho ya, es el poder del castellano que el exagerado influjo del latín en nuestra tierra. Aquel aún no destruyó el gallego, menos lo haría el hablar de los latinos (cap. 3).

Convencido como está de que o galego é un supervivente prehistórico, non dubida por exemplo en compara-la súa situación coa do vasco:

Qué pasaría en las regiones del norte y del oeste a donde había llegado inmensamente más atenuada y floja la influencia del poder romano? Testigo el vascuence que no es ciertamente posterior a la venida a España de estos famosos conquistadores (...) (cap. 7).

Fronte a Estrabón (63 aC. - 19 dC.) aduce o testemuño doutros autores antigos que aluden directa ou indirectamente á existencia de linguas prelatinas, banalizando o feito de que estas referencias sexan máis antigas e/ou non se refiran necesariamente ó mesmo lugar ou territorio:

a. Cicerón (106-43 aC.), *De Divinatione* 2,64:

Cicerón el cual impugnando lo que se refería de las manifestaciones y avisos de las deidades dice que como tales se refieren a veces cosas tan obscuras que ni el que las recibe puede entenderlas ni los arúspices explicarlas y por lo tanto si fueran obra de los dioses serían ellos tanquam si poeni aut hispani in senatu nostro loquerentur sine interprete (cap. 5).

b. Tácito (56-117 dC.), *Annales* 4,45:

No, no es posible que los descendientes de aquel fiero numantino, o mejor diré termantino, pues de Termes era, de que nos habla Tácito, que atormentado para que declarase sus cómplices en el asesinato de Lucio Pisón exclamó en la lengua de su patria que, aunque se los pusiesen delante, no habría tormento que le obligase a confesar que lo eran, hubiesen olvidado tan pronto la lengua de aquel valiente y hubiesen cambiado en 100 años la lengua de sus padres por el habla de sus verdugos (cap. 3). [o texto di: et repertus cum tormentis edere conscios adigeretur, voce magna sermone patrio frustra se interrogari clamitavit: adsisterent socii ac spectarent; nullam vim tantam doloris fore ut veritatem eliceret, os sucesos son do ano 25 dC.]

Ofrece ademais testemuños referidos a outras partes do Imperio como, por exemplo, o de S. Irineo (s. II dC.) no prólogo do seu *Contra Haereses*:

Habitando entre los celtas, habla, nos dice, ordinariamente un lenguaje bárbaro, el mismo que hablan los celtas, y por eso no había que buscar en su libro bellezas ni primores. (...) No predicaba en latín al pueblo de una ciudad de tanta importancia como fué Lugdunum en la época romana, porque no era ese el lenguaje que la gente hablaba y entendía, qué pasaría pues en ciudades sin nombre, en aldeas desconocidas a donde no llegó jamás el poder de Roma si no fué para apoderarse por ventura alguno de sus soldados de los escasos bienes que sus moradores poseían? Qué sería en los solitarios y escondidos burgos gallegos alejados de todo centro de civilización latina? (cap. 4).

GR comete o erro de pensar que o que ocorre nun lugar e nun momento determinado ten que ocorrer necesariamente de igual forma en calquera outro. A pesar dos seus esforzos por intentar demostra-lo contrario, está claro que na Península Ibérica o vasco é a única lingua prelatina que logrou sobrevivir ata a actualidade, mentres que tódalas demais desapareceron. A que ritmo, en que momento e en que derradeiro reduto desapareceu cada unha delas? Non o sabemos. É posible que quedasen recunchos nos que se continuase a falar ata relativamente tarde (ata a época sueva?), pero non temos ningunha información explícita sobre isto.

Os demais argumentos que GR nos ofrece tamén carecen de valor:

- a. as indicacións do tipo *vulgus vocat* en autores tardíos non implican nin demostran que se trate de falantes dunha lingua indíxena supervivente, como pretende e dende o seu punto de vista está obrigado a crer GR, senón máis ben todo o contrario. Cando Cicerón comparaba a dificultade de entende-los oráculos coa de comprender a un hispano falando na súa lingua non se refería a ningunha das linguas peninsulares en concreto, porque para face-la súa graza isto era irrelevante. Cando S. Isidoro di en cambio *Hispani vocant* é máis verosímil pensar que se refira á variedade do latín falado en Hispania, dado que neste territorio nunca houbo ningunha lingua indíxena común a tódalas súas xentes. Por outra parte, expresións máis concretas como *corrupte vulgo dicitur* só poden entenderse como unha referencia a unha forma vulgar alterada (dende a perspectiva dun autor culto do momento “corrupta”) do latín.

Este mesmo lenguaje ageno por entero al latín seguía hablándose en nuestra tierra cinco siglos después, según nos atestigua S. Isidoro, lumbrera de la ciencia de su tiempo. Abramos el famoso libro de sus Etimologías y leeremos a cada paso en él expresiones como estas: *vulgus vocat*, *dicitur vulgo*, *hispani vocant*, *corrupte vulgo dicitur* y otras a este tenor que demuestran, como vemos, que seguía hablándose en nuestra tierra otra lengua que no era la latina (cap. 7)

- b. o léxico que diversos autores latinos consideran de orixe hispana constitúe para GR outra proba fidedigna de que a lingua prelatina se seguía falando, pero en realidade de aí nada se pode deducir sobre o estado de conservación da lingua no momento coetáneo a esas referencias:

Plinio, que podía hablar de nuestras cosas con fundamento, pues había sido nombrado a los 45 años para gobernar España, dice que entre los celtas los anillos se llaman *viriolae* y en la Celtiberia *viriae*, que se llaman en España *strigiles* unas pequeñas masas de oro que aparecen a veces en sus minas y que a la sal que sacan de unos pozos la llaman *muriam* (cap. 7).

Plinio (...) dice que socavaban los montes con grandes galerías las cuales llamaban arrugias. A Díez le parece esta palabra no agena a nuestro actual arroyo (...) (cap. 9).

Tratando nuestro famoso Quintiliano en su libro “De Oratore” del barbarismo (...) dice, que barbarismo se comete cuando se introduce en una dicción latina un nombre africano o español como si se llama canthus al hierro que rodea una rueda (...). Y no es esta la única palabra que según el testimonio de Quintiliano llevaron de España los romanos: gurdos quos pro stolidis accipit vulgus tiene, según él, idéntico origen. (...) Española es también (...) la palabra lanza si hemos de creer el autorizado testimonio que venimos citando del cual son estas palabras: Marcus Varro XIV Rerum Divinarum lanceam dixit non latinum sed hispanicum verbum esse (cap. 9).

Dice [S. Isidoro] que las casas esparcidas por el campo se llaman burgos, camisas a ciertas túnicas de dormir, mantelia a las telas con que se cubrían las mesas, cosa que no pasa en latín (...). Y no prueba esto que pasaba entonces lo que debía pasar, lo que estamos viendo también hoy en Galicia, que hablan mas ó menos castellano las personas instruidas y gallego las que no los son? No decía camisas, ni mantelia, ni sarna, ni cuculos S. Isidoro, pero lo decía el vulgo que seguía hablando su lengua como sigue hoy también hablándola nuestro pueblo (cap. 7).

- c. o mesmo se pode dicir con respecto ó léxico de presunta orixe hispana que aflora en distintos textos literarios ou epigráficos antigos:

(...) cervum altifrontum cornua dicat Dianae Tullius, quos vicit in parami aequare vectus feroci sonipede [extracto de CIL 2660]: Dedicar a Diana la cornamenta de los ciervos de levantada testa que venció en la llanura del páramo llevado de un feroz caballo de cascos resonantes. No busquéis en escritor latino esta palabra pues será en vano. Sólo Julio Honorino en su Cosmografía hablando del Duero dice que currit per campos Hispaniae illustrans paramum que será el mismo páramo en que Tulio cazó los ciervos dedicados a Diana ó alguno que a este se parezca, pues abundan aún hoy y abundaron más en tiempos pasados por los que hoy llamamos campos de León los páramos en que se criaban entonces, según consta de la citada inscripción, cabras silvestres y javalíes y ciervos de elevada cornamenta. Ptolomeo trae en su Geografía dos Segontia y a las dos le da el apellido de Paramica [y la antigua Segida también se apellidó Paramica, lo cual nos prueba que era palabra de frecuente uso en el lenguaje de nuestros abuelos] (cap. 9).

- d. sorprendentemente tamén a onomástica é para GR un indicio de conservación da lingua indíxena, non querendo admitir que esta se poida conservar despois de aquela ter desaparecido:

Y hablando [sc. Plinio] de los pueblos que componían la España Citerior dice que en su tiempo se dividía in septem conventus (...). Al convento Lucense van XVI pueblos. Praeter Celticos et Lemavos ignobilium ac barbarae appellationis. Hablando del convento Bracarense dice que comprende XXIV ciu-

dades y CLXXV mil personas libres y de ellas Praeter ipsos Bracaros Bibali, Coelerni, Callaeci, Equasei, Limici, Querquerni citra fastidium nominentur. Luego no habían puesto los romanos esos nombres duros é ingratos a los pueblos de nuestra tierra. Son nombres que nuestros abuelos ellos mismos se daban, pues de otro modo no serían tan repulsivos a la lengua y a la manera de hablar de Plinio y sus lectores. Y bien sabemos cuan largos años duraron en España esas denominaciones. (...) Tenían, por lo tanto, como es claro, nombres propios para sus pueblos, y nombres propios tendrían también para otras muchas cosas: no usaban pues los latinos. (...) seguía pues hablándose una lengua bárbara en nuestra tierra cuando llevaban tres siglos de dominación los romanos en ella (cap. 7).

Na mesma liña tampouco pode admitir que as palabras galegas de orixe prelatina poidan ser préstamos de substrato:

Ahora bien esas palabras, esas numerosas palabras desemejantes y ajenas a las que usaron los latinos no podrían existir en la lengua gallega, si ésta hubiera roto en cualquier tiempo su actuación y sus anillos, pues no se conservaron escritas, sino por continua y no interrumpida tradición (cap. 58).

Segundo GR, a conservación de todos estes elementos onomásticos e lexicais de orixe prerromana demostra que o latín non chegou a ter unha presenza tan importante como se pretende:

Pero afirmo que eso [la conservación de palabras antiguas] acontece también aquí, que eso mismo pasa también entre nosotros y no es por consiguiente exacto que hubiese sido tan arrasadora la cultura romana en nuestra tierra, ni tan universal el predominio del latín que no aparezca nada del hablar de los hombres de aquellos tiempos (cap. 15).

Especialmente desafortunados son os capítulos 17-19 dedicados a demostrar a permanencia da onomástica persoal. Sirvan de exemplo as súas reflexións sobre a etimoloxía de *lobo* citada máis arriba, ás que podemos engadir estoutras consideracións baseadas en Hübner que, a pesar de ser un extraordinario epigrafista, se podía equivocar en cuestións de lingüística románica:

Del mismo escritor [Hübner] es el siguiente testimonio que nos demuestra que el Coello gallego y el Coelho portugués tiene también abolengo semejante. (...) Los apellidos [= antropónimos] Coelus, Coelius, Quoelius no tienen nada que ver con el latino coelis [dat.-abl. pl.], sino que han de decirse nombres peregrinos, ajenos al latín y que tienen su representante en el apellido actual Coello en Galicia, Coelho en Portugal (cap. 18). [É evidente que o apelido Coello é en orixe un alcume que fai referencia á forma da cara, nariz, boca e dentes, semellantes ós dun coello, ou a unha forma de ser tímida ou covarde]

GR non aforra unha referencia á cuestión dos apelidos en *-ez* que, seguindo a Fita, pon en relación con formas antroponímicas en *-is* presuntamente relacionables con antropónimos en *-us/-o*.

No chocan a mis lectores estos apellidos en *-is*? Sobre todo los de la inscripción primeramente aducida de la cual nos consta que llamándose el padre Modestus los hijos se llaman Quintus Modestis y Placidia Modestis? (...) A mí me parece que esos Modestis y Viriatís y Calletis y Caturis y Velaunis y otros semejantes tienen alguna analogía con Tellez, Nuñez, Arnaiz, Menendiz y Osoriz y tantos otros que hoy se dicen también. Y esto mismo le parece a persona de tanto valer como el P. Fita el cual estudiando la inscripción de Modestis con que empecé este capítulo traza estas notabilísimas palabras que confirman de modo evidente lo que dije: “He aquí una lápida que manifiesta el origen gramatical de varios apellidos tan comunes entre nosotros como López, Ferrándiz, Pérez” (cap. 19).

oigan sus [de Fita] mismas palabras: Tan céltico es el origen de los apellidos Pérez, Sánchez, Rodríguez como el de los irlandeses en *-ach* (cap. 19).

Deixando xa de lado a dificultade fonética que supón pasar de *-is* á forma actual en *-ez* (tanto dunha perspectiva evolutiva, como dende o punto de vista de GR que en principio non cre en máis cambios que nas perdas e incorporacións léxicas) hai que dicir que ese monte de formas en *-is* que se aduce non é máis ca unha morea de despropósitos:

a. malas lecturas:

En Portugal en el obispado de Guarda, a cinco leguas de Capinha, en la pared de la iglesia de Sta. Maria de la Villa de S. Estevan de Valdelobos está puesta una piedra y en ella se ven estas letras: QVINTVS MODIISTIS A. XXV / PLACIDIA MODIISTIS A. XIII / BOVDICAS LACCIS MODIISTVS / CIRCIATISS LIBIIRIS VXORISIBIESI que se lee Quintus Modestis annorum XXV Placidia Modestis annorum XIII Boudicas Laccis Modestus Circiatís liberis uxori et sibi fecerunt: es decir, aquí está enterrado Quinto Modestis de 25 años y Placidia Modestis de trece, Boudica Llacis y Modesto Circiatís hicieron este sepulcro para sus hijos para su muger y para sí (cap. 19).

Tendo en conta o uso do *e* cursivo, é lóxico pensar que aquí tamén poidamos ter un *f* cursivo lido erroneamente como <S>, que é o que provoca o equívoco. En realidade debe lerse: *Quintus Modesti f(ilius)*, *Placidia Modesti f(ilia)*, *Boudica Flacci f(ilia)*, *Modestus Celtiatis f(ilius)* (v. AE 1988 697).

b. malas interpretacións:

A la salida de Écija camino de Sevilla se halló una lápida y en ella esta inscripción MANILIA MOSCHIS ANN. XII H. S. E. S. T. T. L / MANILIA

TYCHE ANN. XXII PIA IN SVOS H. S. E. S. T. T. L / MANILIVS FVSCVS ANN. XVIII PIVS IN SVOS / H. S. E. S que dice: “Manilia Moschis de 12 años aquí está enterrada, séate la tierra leve. Manilia Tiche de 22 años buena con los suyos aquí está sepultada, séate la tierra leve. Manilio Fusco de 18 años piadoso para los suyos aquí yace, séate (la tierra leve)” (cap. 19).

(...) se hallan vestigios de ellos en tierras que no son España, pero que estuvieron también influidas por las extendidas gentes del pueblo celta, según nos demuestra la inscripción que con el número 4641 se lee en la colección de Orelí que dice así: HIC EST ILLA SITA / PIA FRUG. CASTA PVDIC. / SEMPRONIA MOSCHIS / CVI PRO MERITEIS AB CON/IVGE GRATIA RELATAST “Aquí yace aquella piadosa, buena, casta y pudorosa Sempronia Moschis a quien por sus grandes bondades amó tan grandemente su marido”. Ya hemos citado una lápida española en que se lee Moschis también y ese mismo apellido aparece en tierras no españolas pero celtas. Algo los habrá pues unido (cap. 19).

É evidente que aquí temos nomes femininos de orixe grega: *Tyche* e *Moschis* (nominativo sing., non xenitivo!), que se documentan por todo o imperio. Nada significa por tanto que documente este mesmo exemplo nunha inscrición gala, pois non se trata de ningún paralelismo limitado ós territorios celtas.

- c. algunhas das presuntas formas en *-is* son en realidade xenitivos en *-i* seguidos dunha abreviatura *s(...)* (para *s(uo, -uae, -uis)*, *s(ervus, -a)*, etc.). Así ocorre, por exemplo, no seguinte caso:

En León también otro cipo con astros y en él C. OCVLAT/IO OCVL/ATIANNO AN. XXIII / OCVLATI/VS CATV/RIS FILIO a Cayo Oculacio Oculatiano de 23 años. Oculacio Caturis a su hijo (cap. 19).

Non se trata de *Oculatius Caturis*, senón de *Oculatio Caturi s(uo) filio*.

- d. existen, non obstante, verdadeiras formas en *-is*, algunhas aparentemente relacionadas con formas da segunda declinación como *Viriatius - Viriatīs*.

en la ciudad de Vizeu en un cipo (...), según testimonio de Hübner (...) supliendo las letras que faltan probablemente dice Lobesae Viriatīs annorum XXX Loncinus Reburris matri faciendum curavit, ó sea, “A Lobesa Viriatīs de 30 años, procuró hacer esta memoria Loncino Reburris a su madre” (cap. 19).

No caso de *Loncinus Reburris* trátase en realidade de *Loncinus Reburri s(uae) matri*, pero *Lobesae Viriatīs* está ben lido e interpretado. Non se trata, porén, dun xenitivo en *-is* correspondente a *Viriatius*, senón que estamos ante dous nomes diferentes, *Viriatius -i* e *Viriatīs -is*. Este último está documentado en nominativo nunha inscrición de Cárquere (mun. Resende, HAE 239). A orixe destas variantes en *-is* aínda non está ben esclarecida. É posible que haxa que buscar explicacións diferentes para cada caso. A existencia dun sufixo *-ati-* (cf., por

exemplo, o antroponimo *Celtiatis*, derivado de *Celtius*) pode ter aquí facilitado a conversión de *Viriatus* en *Viriatis*.

Toda a argumentación de GR sobre a conservación da lingua indíxena carece por tanto de valor. É obvio que o final desta lingua non foi un fenómeno colectivo repentino, senón que tivo que ser un proceso máis ou menos longo. Dado que non temos ningunha referencia á posible supervivencia da lingua indíxena en textos tardoantigos e medievais, é de sospeitar que houbo unha latinización moi pronta e moi ampla. A pregunta é como puido chega-lo latín tan rápido ás innumerables pequenas comunidades afastadas das grandes capitais e dos portos máis importantes, dos campamentos militares, das minas e das principais vías de comunicación.

Unha posible causa deste fenómeno pode estar na conservación por parte dos romanos da organización e administración territorial indíxena en pequenas comarcas dende finais do século I aC ata finais do I dC, os chamados *castella*. Nese período inicial da súa dominación, correspondente a unhas cinco ou seis xeracións, en lugar de termos asistido a un aniquilamento das institucións e da clase dirixente indíxena que fixera tan dificultoso o final da conquista, os romanos, sempre tan prácticos e tan agudos, facilitaron a súa integración no imperio, permitindo que esas elites se puidesen sentir pronto cómodas dentro do novo sistema, tras comprobaren e asimilaren que así e só así podían manter e mesmo mellora-los seus privilexios e as súas perspectivas persoais. A nova lingua do poder e da administración pasou a se-lo latín de golpe e sen volta de folla, de xeito que todos cantos tivesen a pretensión de manter e mellora-las perspectivas nesta nova sociedade se viron obrigados a pasar polo aro e a aprendela. Na onomástica das inscricións con mención de *castella*, todas correspondentes a ese período dun século ou algo máis dun século inicial do dominio romano, pode observarse como se produce unha rápida adopción de nomes romanos por parte da poboación indíxena. Se temos en conta esta rápida latinización das elites locais (primeiro bilingües co latín como segunda lingua, pero pronto seguramente xa co latín como primeira lingua), ó que hai que engadir tódolos outros factores imaxinables (por exemplo, os miles de soldados indíxenas que tras unha vida de servizo no exército regresaban ó seu lugar de orixe orgullosos agora de seren soldados romanos e plenamente romanizados e latinizados), resulta que a expansión do latín se mostra dende un primeiro momento como un fenómeno reticular con pequenos nós moi densos espallados por todo o territorio. Non só hai que ver, por tanto, a latinización como unha máis ou menos potente irradiación a partir duns poucos grandes focos, senón ademais e simultaneamente como unha irradiación individualmente talvez tenue, pero en conxunto masiva dende pequenos focos familiares situados na cúspide

social de cada un dos innumerables castros e pequenas poboacións espallados por todo o territorio.

Esta rede foise facendo cada vez máis tupida, seguramente en grao e ritmo moi diferentes nas distintas zonas. Onde e ata cando sobrevivirían os últimos falantes da lingua indíxena? A toponimia moderna de orixe prerromana e a única fonte que talvez nos poida informar sobre isto, pero por desgraza aínda non foi estudada convenientemente e menos con estas miras.

Por moito que GR non estea disposto a aceptalo, o certo é que do latín ó galego ou ás linguas e dialectos románicos veciños producíronse moitos cambios fonéticos. Cada un deles tivo un período de vixencia que podemos situar dun xeito aproximado nunha determinada época. Por exemplo, o grupo *pl* converteuse en *ch* nunha fase antiga de formación da nosa lingua (*cheo*, *encher* < *plēnus*, *implēre*), mentres que palabras adquiridas posteriormente presentan un cambio *pl* > *pr* (*pregar*, *empregar* < *plicāre*, *implicāre*) e palabras adquiridas modernamente conservan o *pl* (*plástico*, *implantar*). Para o noso obxectivo son de especial interese os cambios máis antigos, como *pl* > *ch*.

Tomemos, como exemplo, o topónimo *Compludo* (León) que con toda probabilidade procede dun antigo *Complūtum* que podemos interpretar como **complouto*- “confluencia” dos ríos Miera e Miruelos. A lingua indíxena coñecía aínda outro termo co que designa-la confluencia de dous ríos: **con-dāto*- (< **condōto*- < ide. **kom-deh₃to*- “dar un co outro”) que se conserva no nome da comarca do *Condado*, onde o Tea dá co Miño. Hai casos en que se supón que a forma celta orixinal foi traducida, como, por exemplo, a actual *Koblenz* (Alemania) < lat. *Confluentes* (Amm. Marc. 16.3.1: *castellum (...) apud Confluentes, locum ita cognominatum ubi amnis Mosella confunditur Rheno*). O interesante da forma leonesa *Compludo* é que non aparece na forma regular esperada ***Conchudo*. Debe estudarse por tanto por que motivo se conserva aquí o grupo *-pl-* intacto. Unha posibilidade teórica é que se conserve por presión culta. Outra sería que nese lugar se tivese conservado a lingua indíxena ata unha data na que xa pasara o período no que no protodialecto románico local se producía a palatalización do grupo *pl*, de xeito que no momento da súa romanización o topónimo se incorpora co seu *-pl-* intacto que xa non vai poder experimentar ningunha palatalización posterior. Do mesmo xeito podemos preguntarnos, por exemplo, por qué temos (*A Coruña* <) *Cruña* se este topónimo procede realmente de *Clūnia* < **klounia*, pois o que se esperaría é ***Chuña*. Tamén aquí podemos ter influencias cultas ou talvez unha orixe etimolóxica diferente da que xeralmente se considera.

Habería que reunir tódolos posibles testemuños toponímicos que eventualmente puidesen contribuír a unha datación aproximada da desaparición da lin-

gua indíxena e facer un estudo pormenorizado da súa historia e circunstancias para ver en que medida as cousas se poden explicar dunha maneira ou doutra. A este como a outros problemas non menos interesantes trataría de dar resposta o proxecto *Thesaurus palaeocallaecus* para o que estamos tratando de buscar financiamento J. Untermann, J. J. Moralejo Álvarez, X. Rodríguez González e mais eu, de momento sen éxito.

4.2. O GALEGO NON É UNHA LINGUA NEOLATINA A PESAR DAS MOITAS SEMELLANZAS CO LATÍN

Como xa vimos anteriormente, segundo GR as semellanzas do galego co latín poden deberse a simples coincidencias:

Pues bien pudiera ser verdad que el gallego fuese una lengua neolatina, como se afirma que el 99% de sus palabras procede del latín y sin embargo no procede del latín esa palabra que se discute. (...) Creo sin embargo afirmar con derecho que mientras no sea mas conocida la lengua que hablaron nuestros mayores antes de la dominación romana, y acaso no lo sea nunca suficientemente, es aventurado el decir si es el setenta o el veinte por cien ó el total casi de las palabras gallegas las que traen su origen del latín. No digo que no proceda ninguna de esa fuente, no digo que no sean por ventura más de las que yo pienso, pero siendo, como es indudable, según tendremos ocasión de observar en estos apuntes, y hemos ya insinuado, análoga a la latina la lengua que hablaron los antiguos españoles y los antiguos gallegos, ciertamente que no procederán del latín muchas palabras que por tales se pregonan y será siempre difícil, sino imposible afirmar con certeza si traen su origen del latín ó de otra fuente gran parte de las palabras que latinas se apellidan (cap. 2).

Numerosas coincidencias entre o léxico galego e a onomástica indíxena antiga demostran, segundo GR, que o galego está máis próximo da lingua indíxena ca do latín. Por exemplo, galego *lobo* parécese máis á base de antropónimos indíxenas como *Lobessus* ca ó latín *lupus*. Hai que lembrar unha vez máis que GR só opera con semellanzas en confrontación directa sen ter nunca en conta a dimensión histórica da lingua: gal. *lob-(o)* = antrop. *Lob-(essus)* ≠ lat. *lup-(us)*.

É obvio que tampouco se interesa moito pola súa dimensión semántica. Non sabemos que o antropónimo *Lobessus* sexa un derivado dunha base co significado de “lobo” (en realidade máis ben parece que se trata da raíz ide. **leub^h* “amar, querer”), de xeito que non hai ningunha xustificación para a súa asociación coa forma galega *lobo*. Galego *lobo* e latín *lupus*, en cambio, si sabemos que significan “lobo” e tamén sabemos que a semellanza formal entre palabras de distintas linguas co mesmo significado raramente é casual. Deixando de lado as formas onomatopeicas, é evidente que ningunha característica de calquera

realidade concreta ou idea abstracta determina ou condiciona a forma que a designa. De aí que, por exemplo, en galego, vasco e árabe teñamos para “casa” nomes tan diferentes como *casa*, *etxe* e *dar* respectivamente. Isto implica que cando entre dúas linguas se dea algún tipo de coincidencia formal para un mesmo concepto en principio teña que haber algunha causa especial que o explique. Nalgúns casos extremadamente illados pode tratarse efectivamente dunha pura casualidade (galego *máis* - gótico *mais*, galego *haber* - alemán *haben*, galego *deus* - grego *theós*, etc. significan o mesmo e non teñen ningunha relación etimolóxica), pero xeralmente danse dúas posibles circunstancias: ou son préstamos (galego *internet* - alemán *Internet* tomados do inglés *internet*) ou son correspondencias sistemáticas que afectan a todo o vocabulario e especialmente ó máis básico da lingua (galego *man*, *mao* - castelán *mano*). Neste último caso non importa tanto a semellanza, como a recorrencia sistemática de correspondencias entre os mesmos fonemas ou secuencia ou ausencia de fonemas (cf. gal. *chan*, *chao* - cast. *llano* coas mesmas correspondencias vocálicas e da nasal que atopamos no exemplo anterior e noutros como gal. *verán*, *verao* - cast. *verano*, etc. e coa mesma correspondencia gal. *ch* - cast. *ll* que atopamos noutras moitas palabras como *chave* - *llave*, *chegar* - *llegar*, *chorar* - *llorar*, etc.). Estas correspondencias só poden explicarse como herdanza dunha lingua nai común. Esta é a base firme e segura sobre a que se asenta a lingüística histórico-comparada e que GR ou ben descoñece ou ben despreza sen ningún miramento cando asume que as múltiples e sistemáticas coincidencias entre o galego e o latín só son pura casualidade.

GR mestura por outra parte o que serían coincidencias do latín co galego con coincidencias do latín coa lingua indíxena prerromana, dado que para el galego e lingua prerromana son a mesma cousa. Nós só podemos admitir, porén, unha relación xenética entre o galego e maila súa lingua nai latina, rexeitando calquera relación directa entre o galego e a lingua prerromana. Isto non significa, non obstante, que entre o latín e a lingua indíxena prerromana non poida existir ningún tipo de parentesco.

Na onomástica prelatina descubrimos algúns elementos como **aqua-* (epíteto teonímico *Aguaeco* dat., inscr. procedente do Baño romano de Lafões, mun. S. Pedro do Sul, distr. Viseu), **equo-* (epíteto teonímico *Equotullaicensi* dat., inscr. do Sabugal, distr. Guarda), **querqu-* (top. *Aquis Querquernis* abl.), etc. que atopan unha clara correspondencia no latín *aqua*, *equus* e *quercus* e que dificilmente poderán deberse a simples coincidencias. Atopamos tamén correspondencias como o teón. *Revē* dat. = lat. *Iovī* dat. a partir de ide. **dyew-ei* (cos cambios **dy-* > *r-* vs. lat. *i-*, **ew-* conservado vs. > lat. *-ov-*, **-ei* > *-* vs. lat. *-*) que nos mostran que non se trata dun simple fenómeno de préstamos, senón de

correspondencias que xorden dunha orixe xenética común e a través de evolucións diferentes. A lingua indíxena prerromana é unha lingua indoeuropea (celta para unha parte dos investigadores, entre os que me inclúo) e por tanto comparte un mesmo léxico patrimonial herdado non só co latín, senón tamén co grego, coas linguas xermánicas, etc.

Isto non significa, porén, que todo canto se pareza ó latín sexa automaticamente un cognato seu. GR dedícase nos capítulos 43 e 44 a profundizar nas semellanzas entre a onomástica indíxena e o latín. Os seguintes exemplos tomados do cap. 43 deixan ver como esas asociacións son feitas moi á lixeira, sen ningunha reflexión sobre posibles problemas que relativizarían moito a súa verosimilitude. Algunhas das ecuacións poden ser correctas: *Albonius -a* etc. - lat. *albus*; outras son dubidasas: *Arcobriga* - lat. *arcus* (esperariamos **Arquo-briga*); outras son pouco probables: *Coronerus* etc. - lat. *corona* (*Coronerus* é máis ben un composto de *coro-* “exército” e **nero-* “home, heroe” semellante ó antrop. xermánico *Herman*); outras, por fin, son inverosímiles: *Barbanza* - lat. *barbarus*, *Belo* (hidrón.) - lat. *bellum*, etc.

4.3. CARACTERÍSTICAS DA LINGUA INDÍXENA

4.3.1. As principais características da lingua indíxena que a diferencian do latín son, segundo GR, a nivel fonético a presenza do ditongo ou e da secuencia -rr-, a nivel morfolóxico a ausencia de flexión nominal e presenza de determinadas terminacións (-o, -a, -on, -om) e, por último, a existencia dun artigo determinado

4.3.1a. O ditongo ou

Despois dunha primeira alusión no cap. 23 a propósito da inscr. do Mosteiro de Ribeira, onde xa recalca o seu valor caracterizador:

CROVGIN / TOVDA/DIGOE / RVFONIA / SEVER... (...) es en parte de más difícil interpretación, pues como sus tres primeras palabras pertenecen quizá a ese vetusto lenguaje desconocido no podemos decir si forman todas tres una sola palabra ó cuantas entre sus letras guardan, pero la una y la otra [refírese á inscr. CIL II 2849, 5797 de Pozalmuro, Soria] son notabilísimas por darnos el diptongo ou tan característico aún hoy del lenguaje de estas partes occidentales de España y que existía ya, como por ellas vemos, en los nebulosos días prerromanos en que se dió culto en estas tierras a deidades que fueron con tan notables nombres conocidas (cap. 23).

dedica nada menos que sete capítulos da súa obra a tratar desta cuestión. Nos cap. 25-26 reúne a documentación de *ou* na onomástica hispánica (bases *Bout-*, *Cloun-*, *Clout-*, *Louc-/Loug-*, *Tout-*, etc.). No cap. 27 trata da localización destes nomes no territorio occidental hispánico:

si se fijan mis lectores hallarán que las piedras en que leemos las palabras de que venimos hablando se encontraron todas ellas en estas regiones occidentales de España. Si subiendo por la desembocadura del antiguo Anas seguimos el curso de este famoso río hasta Ciudad Real y de allí trazamos una línea hasta Segovia, y de aquí otra que deje a su izquierda Sigüenza y de allí otra que se dirija por Castejón a Pamplona tendremos al poniente de esta línea los nombres todos en ou que fueron encontrados hasta hoy (cap. 27).

No cap. 28 sinala que neste territorio onde temos *ou* na onomástica tamén o temos nas inscricións en lingua indíxena (Mosteiro de Ribeira: *Crougin*, de Freixo de Numão: *tarboum*, Lamas de Moledo: *Crougeai*) e que este segue a se-lo territorio onde hoxe seguimos tendo *ou*, ás veces nas mesmas palabras:

Y si fuese necesaria todavía más concluyente demostración no tendremos más que advertir que casi los mismos límites a donde llegaba el ou que nos conservaron las inscripciones en piedras de tan alejados días, alcanza aún en los nuestros el ou y siguen pronunciándolo todavía labios españoles casi dentro de los mismos términos en que lo pronunciaban entonces. No llega por cierto en nuestro tiempo el lenguaje en ou hasta Segovia y Sigüenza, ni hasta Salamanca y León, pero vive aún en el fondo de la extendida área que quedaba a la izquierda de la línea que hemos trazado del Guadiana a Pamplona. En Galicia y Portugal, donde más abundantes hallamos las antiguas palabras con ou, siguen todavía siendo abundantes y repetidas esas palabras, (...) Boutia, Boutius, Boudinna bien poco se distinguen, muy poco se modificaron para llegar a Bouzas, Bouzón, Boudiño (cap. 28).

O cap. 29 está dedicado a reunir formas en *ou* na documentación medieval (*Couso* a. 886, *bouza*, *Pousadoira* a. 1018, etc.)

(...) vean mis lectores si se requiere sello más claro y manifiesto de lenguaje gallego que leer en los documentos de estos siglos nombres como Osonius, Ostouredus, escoupos, sotos, couso, mouras, **fouco** que llevan clara y manifiesta la marca de la tierra en que se dijeron y se dicen (cap. 54).

No cap. 30 informa sobre a presenza de *ou* noutros territorios extrapeninsulares, particularmente na Galia e Britania. No 31, por último, aborda a cuestión de qué tipo de lingua pode ser esta que ten tanto *ou*, chegando á conclusión de que se trata dun elemento característico das linguas célticas:

No se encuentran esparcidas por toda ella, no se ven en las regiones todas que sabemos fueron en España habitadas desde remotos tiempos por los hombres que desde entonces las ocuparon. Hay, como hemos dicho, una línea que esas palabras no traspasaron jamás, una línea que empieza en el Guadiana, sigue su curso hasta Ciudad Real, se endereza desde allí a Toledo y Sigüenza y por Castejón a Pamplona. (...) Notemos ahora que esta referida zona se nos presenta desde tiempo habitada por poblaciones celtas (cap. 31).

Y no es de extrañar porque celtas había asimismo, como acabamos de ver y hemos dicho en el capítulo anterior, no sólo en las Galias donde fueron numerosísimos, quizá constituían la totalidad de la población, sino también en la Germania, en la Pannonia, en la antigua provincia Nórlica (...) (cap. 31).

Y si más pruebas se requieren, notemos que Zeus escribe en su gramática céltica que “no pocas veces se leen los diptongos ai, ae, oi, oe, au, muchísimas el ou, algunas el ei, eu, au en las palabras celtas que nos conservaron los antiguos escritores y las antiguas inscripciones. Estos diptongos oyeron y escribieron los griegos y romanos en las palabras que de la lengua celta nos conservaron” (cap. 31).

luego bien podemos con fundamento afirmar que al lenguaje de los celtas pertenecían las palabras que este diptongo llevaban. Donde hallamos ou, hallamos celtas también, no será razón para afirmar como hemos dicho ya que son del pueblo celta estas palabras? (cap. 31).

Resumiendo pues este largo capítulo digamos para terminarlo que si recordamos que las palabras en ou se hallaron todas en estas partes occidentales de España; que ellas fueron siempre tenidas por poblados de tribus celtas; que esas palabras en ou, algunas enteramente las mismas, se hallan asimismo en las inscripciones de Inglaterra y Galia Transalpina y Cisalpina y en la Nórlica pobladas, como es sabido, por gente céltica y en las regiones todas que ocupó esta raza hasta llegar a las márgenes del Danubio; (...) bien podemos afirmar, como indicábamos al empezarlo, que al pueblo celta y al lenguaje de estas gentes pertenecen las palabras en ou halladas hasta hoy en nuestra patria (cap. 31).

E sendo celta a lingua indíxena, tamén o é o galego moderno, dado que da mesma lingua se trata:

Resulta pues demostrado de una manera incontrovertible a mi ver que el ou que pronuncian hoy los gallegos se viene pronunciando en nuestra tierra desde los más remotos días a donde pudo hasta ahora alcanzar la memoria de los hombres; que es anterior a la venida de los romanos a Galicia y ageno a su influencia y cultura; y que desde aquellos remotos tiempos vino repitiéndose hasta nuestros días aunque ahora en una área mas restringida que la que cubrió en pasadas centurias (cap. 29).

Este *ou* elévase así a categoría de selo de identidade celta e galega (lingüística, étnica e racial):

Y bastan, aunque se pudieran aumentar, los testimonios aducidos para demostrar que todos aquellos contornos, que aquellas tierras todas estaban pobladas por gentes que hablaban esa lengua que ostentaba ya entonces el mismo sello que se ve aún hoy en la que hablan los gallegos y, si hablaban la lengua gallega, por tales debemos tenerlos también nosotros. Y si bien lo miramos no es ésta aserción de que debamos asombrarnos, pues consignado queda en capítulos anteriores que la lengua gallega y en consecuencia la raza que la habla-

ba cubría la parte occidental de España hasta una línea que dejase dentro Sevilla, Madrid, Sigüenza, Castejón y Pamplona y dentro de ella caía, como es manifiesto, la antigua Numancia y los pueblos todos que constituyeron el convento jurídico de Clunia. (...) Lo que parece demostrar lo anotado, lo que parece confirmar el hecho de hablar aquellas gentes una lengua con el mismo sello que aún hoy tiene la gallega es la necesidad que tenemos de reconocer que pertenecía a la raza gallega como afirmamos al empezar este capítulo, que abundaban por allá gentes de este pueblo, familias que tenían apellido gallego y debían por lo tanto tener también sangre gallega en sus venas (cap. 62). Tenía palabras en ou aquel pueblo para expresar sus pensamientos y esas palabras son todavía hoy sello y carácter distintivo de lenguaje y raza y gente gallega. Si alguna señal e indicio hay que la especifique, ninguna ciertamente más clara e indudable que ese diptongo tan repetido y típico en sus modos de decir (cap. 63).

4.3.1b. A secuencia -rr-

Este é outro elemento característico da lingua indíxena, segundo GR, aínda que lle dedica moita menos atención e espazo ca a *ou*. Refírese a el no cap. 38 dedicado á sufixación, onde por desgraza, coma sempre, mestura ás tolas formas antigas occidentais con outras aquitanas e románicas modernas:

De dura pronunciación parece debían ser los subfijos de dos rr como Burrus, Gigurrus, Reburrus que usaron aquellos hombres y otros en este tenor, como los pueblos Seurri que estaban hacia la Limia y la ciudad Graccurreis que nos designan sus monedas y varios escritores de entonces. Y este sonido y terminación tiene hoy sus representantes en churro, churrusqueiro, churrusco, churra, cazurro, burro, como lo tenían también en la Aquitania que dió culto al dios Maiurrus (cap. 38).

Retoma a cuestión finalmente no epílogo e conclusión:

(...) Y por sufijos en multitud de palabras ardo, aia, aco, eco, ego, aro, oro, ono, alo, asco, esco, que aunque se encuentren también en vocablos latinos, se hallan así mismo en los nuestros y demuestran la afinidad y parentesco que existía entre nuestra habla y la suya, entre la nuestra y la antigua. Como manifiestan asimismo las rr que tanto huyó el latín.

Esta última afirmación é gratuíta. O latín ofrece exemplos abondo con -rr-: *carrus*, *currere*, *horreum*, etc., particularmente por contacto de diferentes prefixos co *r-* inicial de moitos verbos (*corrigere*, *irrigare*, etc.). Acáelle aquí a GR moi ben aquilo de que *errare humanum est*.

4.3.1c. Terminacións

Se contrastamos a terminación de substantivos galegos como *lobo* e *razón* co latín *lupus -i* e *ratio -nis* sen facer mediar ningunha perspectiva histórica pode-

mos chegar á conclusión de que é típico galego ter substantivos en *-o* e *-on* indeclinables fronte ó latín que ten substantivos en *-o* declinables (*homo -inis*) e carece de substantivos en *-on*. Así nos debemos imaxinalo xeito de achegarse á cuestión por parte de GR, que de ningún modo está disposto a relacionar *lobo* e *razón* cos acusativos latinos *lupum* e *rationem*. Sendo así que fronte ó latín é moi típico do galego ter formas indeclinables en *-o* e *-on* podemos comprender o interese que ten GR en tratar de demostrar que o mesmo acontecía coa lingua indíxena prerromana.

Á terminación en *-o* dedícalle o capítulo 39. Para GR as “variantes” antropológicas e teonómicas en *-o* / *-us* documentadas sobre todo en textos epigráficos latinos deben interpretarse como distintas adaptacións dunha forma orixinal en *-o*:

[estas palabras] no deben estar en la misma lengua, pues no hay ninguna, yo no la conozco al menos, que termine una misma palabra de dos maneras diferentes. (...) Aio y Aius, (...) Neto y Netus terminan diferentemente, luego no están en la misma lengua (...). Acontecía que traducidos al latín o mejor latinizados, se terminaban en *-us*, y se declinaban por la segunda en donde están muchos nombres en *-us*, y dejados como estaban terminados en *-o* los declinaban por la tercera como se declinaban otras muchas palabras que terminaban en *-o* los latinos (cap. 39).

En canto á terminación en *-on*, á que lle dedica o cap. 40, parte dunha cita de Macrobio adiantada xa no cap. 22:

De esta vieja deidad dice Macrobio en sus Sátiras 1, 19 “Acitanni, hispana gens, simulacrum Martis radiis ornatum maxima religione celebrant, Neton vocantes” (cap. 22).

GR pon en relación esta forma *Neton* cos testemuños epigráficos *Neto* dat. e *Netoni* dat. En ningún momento, porén, reflexiona sobre as distintas posibilidades de interpretar esta forma transmitida por Macrobio. Non debemos esquecer que a transmisión textual está chea de erros que puideron estar xa no orixinal ou teren xurdido nalgún momento da cadea de copiados. *Neton* é un hapax na onomástica antiga e antes de considerar esta forma como a reprodución verdadeira e fidedigna dunha palabra indíxena temos que ter en conta outras dúas posibilidades alternativas: un posible erro de transmisión por *Neton(em)* e a posibilidade de que a forma se recollese dunha fonte grega, sendo *Neton* un acusativo grego que en latín debería ter sido transformado en **Netum*.

GR non discute todas estas posibles tentativas imaxinables de encara-lo problema, senón que, sen máis lugar para as dúbidas, suma *Neton* a un feixe de formas en *-on* documentadas en epígrafes latinos e procedentes de moi distintos lugares que en realidade son sempre formas incompletas ou mal lidas.

Por exemplo, na inscrición que cita no cap. 40 procedente de Lara de los Infantes: AIAE . CÆL/AON. PEREG/RINI. FILIAE / AN . LVI . AME / MATRI F. C. non temos un nome en *-on*, senón probablemente unha forma abreviada do nome de familia en xenitivo plural *Caelaon(icum)* (segundo C. Jordán Cólera en “Chronica epigraphica celtiberica I: novedades en epigrafía celtibérica”, *Paleohispánica* 2001, p. 376, *Caelaon(icum)* presenta a mesma base que temos na tésera celtibérica *Kailaunika / kar* publicada por A. Marques de Faria 1998 “Duas novas tésseras celtibéricas de procedência desconhecida”, *Rev. Port. de Arqu.* 2, pp. 119-122). Estes nomes de familia adoitan rematar coa terminación de xenitivo plural *(-ic)-um* (por exemplo, *Proculus Tritalicum L(uci) f(ilius)* CIL II 5084, *Cadus Pedaccianus Pentovio Auligum amico suo...* CIL II 6338k) que na lingua indíxena pode experimentar un cambio *-um > -un* (cf. *Aiae Quemiae Boddi f(iliae) Celtigun...* *Aiae Caravancae Boddi f(iliae) Celtigun...* CIL II 6298), xurdindo así esporadicamente verdadeiras formas onomásticas rematadas en *-n*. Pero non se trata de nomes indeclinables, son xenitivos de plural.

A propósito da característica frecuencia de formas en *-om* GR cae nunha das súas frecuentes contradicións. Por unha parte, afirma que a ausencia de *-m* na epigrafía é un indicio de que a lingua indíxena debía carecer de *-m* final:

Frecuentísimamente omiten la m y s finales [los textos epigráficos]. Probará esto que en su lengua nativa eran muy raras estas finales? Así parece (cap. 6).

Pero no capítulo 40 volve sobre esta cuestión, insistindo agora na frecuencia de *-om* na lingua indíxena:

En ellas [inscripciones en lengua indígena] hallamos estas palabras que llevan todas esa manera de terminar: Anucom, Arimom, Carlaepraisom, Lamaticom, Etadom, (V)edagarom, Teucom, Teucaecom, Sintamom (...). Pero aunque no sepamos con certeza lo que dicen [sc. as inscricións en lingua indíxena], bien podemos con seguridad afirmar que aquel lenguaje de nuestros viejos abuelos abundaba en la terminacion *-on* ú *-om* (cap. 40).

No capítulo 41 reúne datos en que se mostra o uso da terminación en *-a* para marcar femininos: *Aetura*, *Ambata*, *Boutia*, *Camala*, *Quoelia*, *Lobesa*, *Reburr(in)a*, *Tancina*, etc. e, por último, no capítulo 42 xunta correspondencias de todas estas terminacións fóra da Península, con frecuencia a partir de epígrafes con problemas semellantes ós que acabamos de comentar.

4.3.1d. A carencia de flexión nominal.

GR defende que a lingua indíxena, como a galega moderna, carece de flexión nominal, sen ter en conta o que a este respecto poden achegar as inscr. indíxenas.

(...) las hay [inscripciones] sobre todo escritas asimismo en ese antiguo lenguaje de nuestros mayores desconocido todavía para nosotros, grabadas unas veces con esos sus especiales caracteres (...) y otras con caracteres latinos que, aunque dejan en las tinieblas el significado de las palabras, nos permiten conocer el valor de los sonidos de que estaban ellas constituidas (cap. 28).

Dedica o cap. 45 a xuntar “probas” sobre a inexistencia de flexión nominal na lingua indíxena que, segundo GR, serían basicamente, por unha parte, os dativos en *-a* e, por outra, distintas terminacións que non poden entenderse como pertencentes a un paradigma latino:

- dativos en *-a*. Aquí mestura testemuños tomados de inscricións con enormes problemas de lectura e/ou mal transmitidas, como por exemplo a seguinte procedente de Padrón e perdida:

una inscripción (...) que el P. Fita (...) copia de esta manera: NETA·CI / VEILFERI / CAE · SVL/PICIVS · SE/VERVS / V · S · L · M y traduce: “A Neta la trabadora (del combate) satisfizo gustoso su voto Sulpicio Severo” y advierte que Neta es un dativo y bien lo demuestra el Civeilfericae que con ella concierta y forma quizá una sola palabra como parece indicar el docto Hübner (cap. 45).

con dativos en *-a* froito da confusión que se empeza a manifestar pola transformación do sistema nominal latino cara ó románico (véxase máis arriba o comentario sobre esta cuestión):

Capera, en los restos de un arco, en la base de las estatuas desaparecidas hay la siguiente inscripción: BOLOSEA· FIDIO / PELLI·F· MACRI· F / M· FIDIVS· MACER / TESTAMENTO· F· C. En ella Fidio es indudablemente un dativo, como se ve por Fidius que mas adelante en la misma se lee: luego Bolosea debe ser tambien dativo, como por otra parte lo exigen el ser una dedicacion y el contexto mismo de la frase “Bolosea Pelli filiae, Fidio Macri filio”: y es un dativo terminado en *-a* que no cabe en la declinación latina como acabamos de decir. (cap. 45).

CIL II 4963: Celer Erbuti· f· limicus· / Borea· Cantibedonesi / muneris· tesser· dedit· / Auno M· Licinio· Cos· (...) No se puede precisar si el Borea que aquí se dice haber recibido la tésera es persona libre o siervo, quizá fuese un gladiador, pero es en esta inscripción ciertamente un dativo: lo exige el contexto de la frase, lo reclama el Cantibedonesi que a su lado está y a él indudablemente se refiere, y lo pide imperiosamente la sintaxis (cap. 45).

- en canto ás formas en *-o* tamén hai que distinguir casos moi diferentes. Por unha parte, achéganse inscricións con distintos problemas de lectura e interpretación, non sempre procedente do occidente hispánico, como por exemplo:

CIL II 4406 (de Tarragona): D . M . / TROCINAE SIRVANDO / VIXIT·AN·XXV / M . II D XXV / TROCINA AEFRO/DISIA MATER INFELICISSIMA / MEMORIAE . EIVS / POSVIT que dice: “A los dioses manes: a Trocina Sirvando. Vivió 25 años y dos meses y 25 días. Trocina Afrodisia, madre infelicísima, puso esto a su memoria.” *Trocinae* puede ser genetivo ó dativo como vemos, lo que no vemos es su concordancia con *Sirvando* pues para el genetivo no puede ser que no hay al genetivo y para cualquiera de los dos debía escribirse y decirse *Sirvandae* (cap. 45).

Aquí debe lerse seguramente *Trocinae Sirvand(i filiae) q(uae) vixit an(nos) XXV m(enses) II d(ies) XXV* “para Trocina filla de Servando que viviu 25 anos, 2 meses e 25 días”.

Por outra, temos efectivamente algunhas formas en *-o* na onomástica persoal que non son nominativos, senón nomes de familia en xenitivo plural grafados sen *-m* (desinencia indíxena *-ōm* = lat. *-ōrum*), como por exemplo no caso de Teida da familia dos Tauricos (*Tauricō(m)* = lat. *Tauricōrum*):

Sigüenza: TEIDA · TAVRICO / LONGANI / VXOR / H · S · E · (cap. 45).

- con respecto a *-um*, reúne igualmente inscricións nas que se producen fenómenos de distinta natureza como, por exemplo, FLORO . CVM / PACATIANVM / APER . EX . TESTAMENTO (CIL 405) de Viseu (capítulos 5 e 45), onde temos un ablativo (*cum Pacatiano*) representado por unha grafía de acusativo, fenómeno que debe entenderse no contexto do sincretismo casual do latín vulgar tardío. E, por outra parte, temos tamén un grupo de formas en *-um* que son os xa citados nomes de familia en xenitivo plural nun estadio evolutivo posterior (*-ōm* > *-ūm*), como, por exemplo, *Tritalicum*, *Avvancum*, *Aulgigum* entre as que GR aduce no capítulo 45.

Dedica logo os capítulos 46-47 a mostrar que na lingua indíxena as relacións sintácticas se establecían exclusivamente a través de preposicións, sendo neste caso as súas presuntas probas os usos incorrectos de preposicións e casos en inscricións latinas antigas (*pr(o) salutem*, *ob meritis*, etc.) e sobre todo textos medievais. Chega pois así de novo a unha conclusión insostible por mesturar fenómenos mal interpretados da lingua indíxena, do latín e da historia das linguas románicas peninsulares.

4.3.1e. O artigo determinado

Unha das súas conviccións é que o galego antigo tiña un artigo determinado que resulta documentarse fundido co substantivo en formas como os topónimos antigos *Ocelum* e *Amaea* que segundo GR se deben interpretar como O *Celum* e

A *Maea* (dun xeito semellante pois a *Alcántara* “a ponte” ou ó cast. *Oporto*). Por unha parte, estarían pois estes artigos *o*, *a*:

el 6 de Mayo de 899 (...) Alfonso III había (...) donado a la referida iglesia [la catedral de Santiago] entre otras cosas ecclesiam sei Vincentii in insula Oco-bre cum dextris **suis**, y casi trece años después de esto el obispo Sisnando confirma a S. Martín Pinario entre otras posesiones Sanctum Vincentium de Ogo-bre (...) Y aunque el Sr. Martínez Salazar, a quien respeto tanto como él sabe, asegura que estos Oco-bre, Ogobre y Ogrobe, que son uno solo y mismo lugar, no sirven para probar lo que tratamos, porque forman todas sus letras una sola palabra (...), no debe su parecer en este caso conmovernos en lo más mínimo, pues para ello era indispensable que nos olvidásemos por entero de los pueblos grovios cuya memoria nos conservaron Mela y Plinio y Ptolomeo. (...) Y si a alguno se le ocurre pensar que está nuestro Grove muy lejos de la región que a los antiguos grovios señalan los geógrafos griegos y latinos, que hay mucha distancia desde el Grove de nuestros días hasta los grovios de Tuy y de las márgenes del Ave y del Limia, advierte que no se ve inconveniente mayor en que el nombre de una gente se conserve algo alejado del sitio en que se dice haber aquélla poblado, pues el decir que vivían en el Miño no es negar que se estendiesen mas acá, ni la distancia que separa de Tuy nuestro Grove es tan grande que equivalga a un viaje al polo. (...) No es por consiguiente justo, a mi modo de ver, asegurar que la O- de Ogrobe de la escritura de 912 forma parte de la palabra, pues no formaba parte de ella diez siglos antes cuando dió nombre a los pueblos grovios y si hoy el nombre de ferrolano por ejemplo con que conocemos las gentes del Ferrol nos dan a entender que la o de O Ferrol no forma parte de este nombre, también el nombre grovio nos demostrará que la O- de Ogrobe es agena y extraña al nombre de ese pueblo. (cap. 59).

Y sospecho acontezca lo mismo, que haya también algo del artículo en el nombre de uno de nuestros pueblos. Es éste Ocelum (...). Y queréis saber por qué pienso así? Porque a su lado se halla asimismo Celi, uno de nuestros viejos poblados, cuyo nombre conserva aún hoy, según Hübner, la actual Medinaceli y al cual no parecen ser extraños la antigua Caelobriga que guardó en sus muros a los Caeilobricoi de que nos habla una inscripción de Lamas de Moledo (...) (cap. 59).

Ammaea nos trae también Ptolomeo entre las ciudades de la Lusitania, a la cual también pertenecían según opinión de varios sabios los cives amaienses de que nos hablan las citadas inscripciones. Pero entre las diversas Amaias y Amaeas que hubo en España es más útil a mi propósito la que nos da Ordoño I en el diploma que otorgó a la iglesia de Santiago el 854 (...): Cujus (Apostoli Jacobi) corpus tumulatum est in Gallecia in finibus Amaea. Y en la página 169 del tomo I de la referida Historia se lee que está in provincia Gallecie in finibus Amaee. Están ambos testimonios tomados del tumbo A de la Catedral (...). Y en nota al pié de esta misma página 169 escribió: “La Amaea era una pequeña región comprendida entre el Sar y el Tambre. El próximo valle de la Mahía aún lleva su nombre”. De suerte que Amaea es “a Mahía” de hoy (...) (cap. 59).

Por outra parte, na inscrición de Lamas de Moledo teriamos ademais un artigo coa forma *le*:

Y aún parece hallarse en esta misma inscripción otro caso de artículo. Lo sospecho al menos. Dice el referido sabio [Fita] que las dos líneas anteriores LEAMNICORI / DOENTI son le amni Cori Doenti y valen El río Coura Dios, es decir, que fué dedicada a la divinidad del río Coura no lejos del cual está Lamas de Moledo. Y si le amni significa el río parece bastante indicado el artículo, pues amnes es río y sería artículo el LE que le precede (...) y tratándose de una inscripción bilingüe, indígena y latina, parece que no nos falta razón para pensarlo así (cap. LIX).

Dado que o galego non ten ningunha forma do artigo *le*, sorprende esta proposta mesmo dende a perspectiva de GR. En calquera caso, o certo é que a lectura correcta desta parte inicial do texto é VEAM(I)NICORI, de xeito que así e sen máis desaparece toda ilusión dun artigo determinado semellante.

Na procura de atopar formas galegas actuais co artigo aglutinado, trata dos topónimos *Amoreira* e, segundo a súa interpretación e grafía, *Afigueira* (por *A Figueira*):

Cerca de la casa en que yo nací, en las cimas del Barbanza, lleva uno de sus picos el nombre de “coto da Amoreira” y no lejos de él hay un poblado que se dice Afigueira y ni el uno se llama “coto da Moreira” ni “lugar da Figueira” el otro. Y si, como parece probable Amoreira y Afigueira significaban algo cuando este nombre a tales sitios se impuso, deben haber transcurrido desde entonces muy largos y dilatados siglos, pues ni nada significan hoy, ni hay memoria de lo que pudieran haber jamás significado. Y no fué nunca Afigueira tierra de higos! Y en ambas hay restos de muy remota antigüedad! (cap. 51).

Dúas cousas son de notar aquí. Por unha parte, GR non parece darse conta de que *amoreira* é un derivado de *amora*, non de *mora*. Por outra, unha forma *Afigueira* só resulta imaxinable e admisible dende a perspectiva castelá (*vivo en Afigueira* como *vivo en Oporto*), de ningunha maneira en galego, mentres o substantivo sexa unha palabra viva no noso léxico. Non é este o único caso onde se pode observar que GR fai unha análise incorrecta dun fenómeno galego, confundindo ou mesturando galego con castelán.

4.3.2. Todas estas características atribuídas á lingua prerromana son insignificantes, falsas ou mal interpretadas e non teñen ningún punto en común coas principais cuestións de debate actuais, como son a nivel fonético a conservación do **p* inicial e intervocálico fronte ó que ocorre nas demais linguas celtas (*porgom* “porco” acus. en Lamas de Moledo, *Trebopala* no Cabeço das Fráguas), presenza dunha grafía <F> en contacto con /i/ (*ifadem*[...] no Cabeço das Fráguas), aspiración de -s- intervocálico nos arredores de Lugo (teón. *Cuhue* < *Cusue*), rotacismo de **d*^(h) > *dʒ* > *z* > *r* (teónimo *Reve* < **dyew* -ei). O ditongo *ou* documéntase efectivamente nas linguas celtas antigas, pero nin é exclusivo delas (está tamén en

latín arcaico, grego, algunhas linguas xermánicas medievais, etc.) nin é estable *in aeternum*. De feito está claro que no occidente peninsular se converteu moi pronto en *ũ*, antes da súa incorporación ó latín: *busto* < *būstum* < **bou-sto-*, *Tui* < *Tūde* < **toutai*, *Compludo* < *Complūtum* < **kom-plouto-* (A Coruña < Cruña se cadra < *Clūniam* < **klounia*). Tendo isto en conta, resulta que ningún ditongo *ou* galego pode proceder dun *ou* na lingua prerronana. En canto á secuencia *-rr-* debe observarse que non tódolos *-rr-* teñen que te-la mesma orixe. Nun nome de persoa como *Burrus* pode tratarse da reduplicación típica das formas breves dos nomes propios (pode tratarse, por exemplo, dun elemento inicial ou final **buro-* dun primitivo composto convertido en **Burro-*); noutros casos podemos ter un sufixo *-ro-* tras, por exemplo, calquera dos distintos temas en *-s-* posibles, xerando por asimilación novas secuencias (**-as-ro-* > *-arro-*, **-es-ro-* > *-erro-*, **-os-ro-* > *-orro-*, **-us-ro-* > *-urro-*) que puideron chegar a independizarse para formar novos sufixos (por exemplo, *-urro-* que aparece con relativa frecuencia: etnónimos *Gigurrus*, *Seurrus*, etc.).

Con respecto ás terminacións que GR considera típicas da lingua indíxena, só é acertada a súa interpretación de *-a* como sufixo de moción feminina. En canto ás alternancias onomásticas en *-us -i / -o -onis*, hai que lembrar que o indoeuropeo dispoñía dun sufixo *-on-* caracterizador-determinativo que seguimos utilizando en galego en derivados como *torpón* “o que se caracteriza por ser torpe”. O seu carácter individualizador facíao apropiado para a formación de nomes propios: en grego *Strabón* é “o que se caracteriza por ser virollo (gr. *strabós*)”, en latín *Catón* é “o que se caracteriza por ser listo (lat. *catus*)”. Este é o motivo polo que temos tantos nomes propios en *-on-* á beira de nomes en *-o-*. Non se trata pois de ningunha vacilación latina á hora de adaptar nomes indíxenas, senón de variantes que están na propia lingua indíxena, como en latín ou en calquera outra lingua indoeuropea. En canto á terminación *-om* e *-um* (/ *-un*), trátase de acusativos singulares (por exemplo, *porgom* en Lamas de Mole-do) ou xenitivos de plural nos nomes de familia da Hispania central. Non son, por tanto, terminacións de nomes carentes de flexión, senón todo o contrario, probas de que o sistema nominal da lingua indíxena era flexivo. É importante engadir aínda os dativos documentados na teonimia, ós que GR non fai ningunha referencia. Nas inscricións votivas latinas resulta que o teónimo aparece ás veces coa desinencia de dativo propia da lingua indíxena, como, por exemplo, *Reve* (dat. de **Reus*, tema en *-u-*), que só esporadicamente se documenta na súa adaptación latina *Reo* (dat. de **Reus -ī*). Este fenómeno, coñecido tamén noutros lugares, ten varias causas. Por unha parte, está o feito de que cando se fala outra lingua xeralmente non se sente necesidade de adapta-los nomes propios. Así, por exemplo, se falando en castelán hai que dicir que en Barro se celebra a festa do San Breixo non se ve un necesariamente na obriga de dicir San

Breijo, a pesar de que un saiba que en castelán non existe o fonema representado por <x>. Uns seguirán dicindo San Breixo, mentres que outros optarán por castelaniza-la forma como San Breijo ou San Brejo. O mesmo sucedía no caso dos indíxenas cando querían falar ou escribir en latín, co problema engadido de que eles ademais declinaban os nomes, sendo as terminacións dos distintos casos en parte semellantes (dat. plur. indíxena *deiba-bo*, latino *dea-bus*), pero en parte moi diferentes das latinas (por exemplo, no dat. sing. de temas en *-u-* como *Reu-*: indíxena *Revē*, latino [adaptado pola segunda declinación] *Reo*). Estas formas con declinación indíxena só aparecen na teonimia e non, por exemplo, na antroponimia, feito que non pode ser casual. As posibles causas deste fenómeno son, por unha parte, que na teonimia son especialmente frecuentes os temas en *-u-* (*Bandus*, *Cosus*, *Reus*) e, por outra, que a teonimia ten unha compoñente sacra que sen dúbida determinaba que se tendese a non altera-lo nome “verdadeiro” co que un se debe dirixir á divindade.

Por último, con respecto á posibilidade de que a lingua indíxena tivese un artigo determinado, hai que dicir que as poucas inscricións conservadas realmente non o documentan. En calquera caso é moi improbable que puidese ter calquera parecido (que en todo caso sería casual) con calquera das dúas formas do artigo do galego moderno.

4.4. AS INSCRICIÓNS OCCIDENTAIS EN LINGUA INDÍXENA

GR fai referencia ó longo do seu traballo a distintas inscricións occidentais en lingua indíxena. Dúas delas, ambas perdidas, poden ser actualmente descartadas como tal:

- a. a do altar de Mosteiro de Ribeira (Xinzo de Limia) transmitida por Martín Sarmiento como CROVGIN / TOVDA/DIGOE / RVFONIA / SEVER (no final *Rufonia Sever[a]* ou *Rufonia Sever[i]* que se cadra ía seguido aínda dunha parte perdida, posiblemente da fórmula votiva), onde debe corrixirse *Crougin* polo dativo *Crougiai* ou talvez *Crougiae* (*Crougiai Toudadigoe* dat. sing. indíxena < **kroukiāi toutatikōi*, onde **krouk(i) ā-* é un tema en *-a-* masculino).
- b. a rupestre de Freixo de Numão (Vila Nova de Foz Côa, distr. Guarda) transmitida como IVNO / VEAMVAEARVM / TARBOUVMAN / CNVNARVM / SACRVM / CIRI / CVR e que sen dúbida está en parte mal lida, probablemente polo mal estado de conservación do campo epigráfico. En calquera caso, distintos elementos do texto (*-arum*, *sacrum*, *cur(avit -averunt ?)*, *Iuno[ni] ?*) delatan que se trata dunha inscrición latina.

As únicas inscricións en lingua indíxena coñecidas ata o momento son as seguintes:

4.4.1

Inscrición rupestre de Lamas de Moledo, Castro Daire, distr. Viseu (v. Untermann, MLH. *Band IV. Die tartessischen, keltiberischen und lusitanischen Inschriften*, Wiesbaden, 1997, p. 750-754):

RVFINVS . ET
TIRO SCRIP
SERVNT

VEAMiNICORI
DOENTI
*an*GOM
LAMATIGOM
CROVGAI MAGA
REAIGOI . PETRANIOI . *t*
ADOM . PORGOM IOVEA[?]
CAeiLOBRIGOI

As tres primeiras liñas están en latín, indicando os nomes dos lapicidas: *Rufinus et Tiro scripserunt* “Rufino e Tirón grabaron esta inscrición”. O texto utiliza moitas ligaduras de xeito que con frecuencia non é fácil resolver a súa lectura. O final das liñas máis longas antepenúltima e penúltima está máis desgastado, polo que é insegura a lectura das últimas letras. Na primeira pode tratarse dun T, na segunda non é seguro que falte algo realmente. As resolucións inseguras dos nexos e lecturas dubidosas márcanse no texto anterior con minúscula cursiva. No primeiro caso temos VEAMINICORI ou VEAMNICORI, no segundo hai varias posibilidades de lectura ANGOM, MVGOM, ANVGOM (*angom* é a lectura tradicional, pero non é mellor ca calquera das outras), na última liña pode lerse CAEILOBRIGOI ou CAIELOBRIGOI.

A interpretación do texto aínda non está clara. A tendencia xeral é a interpretar *Veam(i)nicori* como un etnónimo en nom. plur., *doenti* como o verbo “dar” en 3. pers. plur. presente, *angom lamatigom* como unha ofrenda en acus. sing. (o adxectivo **lamat-iko-* sería un derivado toponímico), *Crougeai Magareaigoi Petranioi* como teónimo en dat. sing., *tadom* dende o meu punto de vista pode ser un tipo de conxunción copulativa aditiva “e mais”, *porgom* é outra ofrenda en acus. sing. “porco2, *iovea[?]* non está claro, *Caeilobrigoi* pode ser unha forma teonímica en dat. sing.

4.4.2.

Inscrición rupestre do Cabeço das Fráguas [“cabezo das rocas/penas”] (1015 m.), Quinta de S. Domingos, freg. Pousafoles do Bispo, mun. Sabugal, distr. Guarda, sobre unha laxe no chan (Untermann 1997, pp. 755-758):

OILAM . TREBOPALA .
 INDI . PORCOM . LABBO .
 COMAIAM . ICCONA . LOIM
 INNA . OILAM . VSSEAM .
 TREBARVNE . INDI . TAVROM
 IFADEM[.....]
 REVE . TRE[.....]

O final das dúas últimas liñas está perdido por destrozo do campo epigráfico. Na última palabra da segunda liña a primeira B é de lectura insegura. O Cabeço das Fráguas recibiu antigamente o nome de *Ocelum*, como nos demostra o nome dos *vicani Ocell[e]nn[se]s* documentado nunha inscrición achada nas súas inmediacións (Alarcão 2001, 315).

Neste texto atopamos teónimos en dativo (*Trebarūn-ē* dat. sing. do tema en *-n-* *Trebaron-*, *Revē* dat. sing. do tema **Reu-*), formas en acusativo, algunhas claramente nomes de animais (*porcom* “porco”, *taurum* “touro”) e unha conxunción copulativa *indi* idéntica á do antigo alto alemán *indi* > alemán moderno *und*. Os demais elementos do texto son problemáticos. En todo caso parece que estamos ante unha relación de ofrendas a distintas divindades.

4.4.3.

Tres inscrición procedentes de Arroyo de la Luz (na bibliografía máis vella co seu antigo nome Arroyo del Puerco), prov. Cáceres, dúas delas perdidas.

4.4.3a. Fragmento de inscrición sobre lousa que se conservaba nunha casa da Plaza Nueva de Arroyo de la Luz (Marqués de Monsalud, “Nuevas lápidas romanas de Extremadura”, *BRAH* 43, 1903, pp. 534-535 § 7, Untermann 1997, pp. 747-750):

L°EMINA . INDI . ENV
 PETANIM . INDI . AR
 IMOM . SINTAMO
 M . INDI . TEVCOM
 SINTAMO

A palabra inicial *loemina* debe compararse con *loiminna* do Cabeço das Fráguas. Temos outra vez a conxunción copulativa *indi* e distintas formas rematadas en *-m* que poderían ser acusativos singulares. Tendo en conta a secuencia *arimom sintamom* é posible que tamén debamos reconstruír máis abaixo *teucom sintamo[m]* con perda do *-m* final. Se tódolos elementos unidos por *indi* son acusativos é posible que *loemina* sexa un acusativo neutro plural.

4.4.3b. Fragmento de inscrición procedente unha devesa de Arroyo de la Luz (F. de Masdeu, *Historia crítica de España y de la cultura española*, vol. 19, supl. 24, 1800, p. 630 e fe de erratas p. 687, Untermann 1997, pp. 747-750).

MBATVS
 SCRIPSI
 CARLAE PRAISOM
 SECIAS . ERBA . MVITIE
 AS . ARIMO . PRAESO
 NDO . SINGEIE] O
 INDI . AVA . INDI . VEA
 VN . INDI . !EDAGA
 ROM . TEVCAE COM
 INDI . NVRIM . I] [
 VDE !EC RVRSE! !CO
 AMPILVA
 INDI

Coma no caso de Lamas de Moledo temos unha parte inicial en latín na que o lapicida deixa constancia da autoría do seu traballo: [A]mbatus scripsi[t]. Os símbolos estraños nas liñas 6, 8, 10 e 11 son os transmitidos por letras que no seu momento non puideron ser identificadas. As dúas últimas liñas están incompletas e a continuación falta con toda seguridade parte do texto. Non podemos estar seguros de que polas marxes dereita e esquerda non se teña perdido algunha letra.

Os elementos que reaparecen son a conxunción copulativa *indi*, *arimo* e a forma *teucaecom* que, se realmente se debe ler así, sería un derivado en *-aiko-* do *teucom* da inscrición anterior. Na liña 6 temos unha posible forma verbal que talvez debamos restituír como *singeieto* aparentemente en voz media (desinencia secundaria de 3. pers. sing. *-t-o*). *Praesom* e *praisondo* comparten un mesmo elemento inicial. A forma *erba* presenta a mesma forma radical ca o teónimo *Erbi-ne* dat. sing.

4.4.3c. Fragmento de inscrición sobre lousa conservado, achado nos anos cincuenta na rúa de San Gregorio, Arroyo de la Luz (M. Almagro-Gorbea - J. Ortega Blanco - F. Villar Liébana, “Una nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”, *Complutum* 10, 1999, pp. 167-173; F. Villar - Rosa Pedrero “Arroyo de la Luz III”, “La nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”, en F. Villar - P. Fernández (eds.), *Religión, lengua y Cultura prerromanas de Hispania*, Salamanca 2001, pp. 663-698; F. Villar - Rosa Pedrero, “Arroyo de la Luz III”, *Paleohispanica* 1 2001, pp. 235-274.).

ISAICCID . RVETI .
 PVPPID . CARLAE . EN
 ēTOM . INDI . NA[—]
 [—]ce . iOM .
 [—]

As letras en cursiva son de lectura insegura. Trátase dun fragmento no que, poden faltar letras ou palabras polas marxes e con seguridade unha parte do texto pola parte inferior. Temos dous elementos coñecidos, a conxunción copulativa *indi* e a forma *carlae* que aparecía no fragmento anterior. A forma *rueti* parece un verbo con desinencia primaria de 3. pers. sing. *-t-i*. A secuencia *iom* pode ser un pronome relativo en acusativo.

Aparece por primeira vez unha terminación en *-d*, aínda que non se pode descartar que sexan formas abreviadas (cf. antropónimo *Puppidius*).

Como pode observarse, a brevidade e fragmentariedade das inscricións impídenos un mellor coñecemento desta lingua. Fronte ás inscricións de Lamas de Moledo e do Cabeço das Fráguas que parecen feitos illados, as de Arroyo de la Luz mostran a existencia nesta zona dunha cultura epigráfica en lingua indíxena (de aí que se deba contar coa existencia de abreviaturas máis ou menos estandarizadas). É posible pois que co tempo e un pouco de fortuna se poidan ir atopando máis testemuños que nos permitan completar a nosa visión da lingua que falaban os nosos antepasados antes da súa latinización. A pesar da escaseza dos nosos datos, está claro que se trata dunha lingua indoeuropea cun sistema flexivo semellante ó do latín ou do grego. Para a súa clasificación con respecto ás distintas familias indoeuropeas é necesario ter en conta tódolos datos que tamén achega a onomástica occidental. Grazas a eles sabemos, por exemplo, que <F> é unha grafía extraordinariamente infrecuente e que aparece practicamente só en contacto con /i/, de xeito que o máis verosímil é que a lingua indíxena non tivese un fonema /f/, senón que <F> só sexa unha grafía máis das relacionadas co fenómeno do betacismo. O conxunto dos datos de que dispoñemos permiten considerar que a lingua indíxena forma parte do grupo céltico, a pesar dalgún dos seus arcaísmos (conservación de *p inicial e intervocálico) e dalgunha das súas innovacións máis recentes (*dy > *z > r). Moitos investigadores, non obstante, rexeitan esta interpretación dos feitos.

DOUS AUTÓGRAFOS INÉDITOS DE EDUARDO PONDAL: O BANQUETE DE CONXO

Juan Félix Neira Pérez

Licenciado en Filoloxía e Historia

IES Fernando Blanco, Cee

1. O BANQUETE DE CONXO, EPIFANÍA DE PONDAL POETA

Desde o lírico entusiasmo de Manuel Murguía en *Los precursores*, ata o rigor histórico de Xosé Ramón Barreiro, o celeberrimo Banquete de Conxo ten suscitado case sempre intensos cualificativos por parte dos que dedicaron a súa atención a este acontecemento. Se Murguía falou do “advenimiento de la democracia á la vida política del país gallego”, Ricón Virulegio considerou o banquete como “símbolo dunha nova época”. Arrefría tanto fervor X. R. Barreiro, quen se resiste a considerar como “un fito importante na toma de conciencia dos dereitos do pobo” esta xuntanza. Barreiro tampouco confirma a relevancia deste suceso no tocante á reivindicación da “idea da identidade de Galicia e da súa redención”, sinxelamente porque “non aparece por ningures nen no brindis nen nas referencias xornalísticas que tivemos diante”.

Celebrado no Bosque de Conxo na xornada dominical do 2 de marzo de 1856, participaron nel estudantes universitarios e obreiros, nunha confraternidade liricamente enxalzada coa lectura de brindes poéticos, en castelán, de Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal. Nestes versos latexaban as ideas ilustradas que había menos dun século abriran as portas da contemporaneidade: liberdade, igualdade, fraternidade; palabras todas -e moitas outras de espírito afín- que bolen polos brindes de Aguirre e Pondal. A mensaxe poética é moi clara: a través destes valores cívicos chegará a sociedade á percepción da inxustiza que supón a desigualdade social, e á necesidade de dignificación do traballador.

O que ocorreu despois veu dar timbre de gloria a un xantar que seguramente acabaría pasando desapercibido. A intransixencia das atávicas autoridades civís e eclesiásticas conseguiu o efecto contrario ó desexado: darlle sona a unha xuntanza que dará que falar dentro e fóra de Galicia, na prensa da época, e darlle rango de efeméride a un feito constantemente aludido na bibliografía literaria e histórica, libros de texto escolares incluídos.

A reacción das xerarquías é de sobra coñecida: pola lectura dos seus brindes poéticos, considerados “revolucionarios”, Aguirre e Pondal foron sometidos a proceso pola Audiencia da Coruña, pesando sobre eles a ameaza de seren deportados ás Illas Marianas. Parece que se impuxo a cordura, en parte por iniciativa do fiscal de Santiago, que considerou excesiva a, pensaría el, sobreactuación das autoridades.

Mais os acusados debían volver á orde: propósito da emenda, confesión, penitencia. Sabiamos, ata o de agora, da retractación de Aguirre: nunha entrevista co cardeal arcebispo de Santiago, Miguel García Cuesta, o poeta vai proclamar a súa ortodoxia *urbi et orbi*: Cristo non era “hijo del pueblo”, como cantara no seu *Brindis*, senón de Deus. E Pondal? Os documentos que aquí exhumamos, depositados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, confirman que tamén algún movemento houbo, neste caso desde o ámbito familiar e parroquial, para dar satisfacción ás autoridades presuntamente aldraxadas.

2. A RELEVANCIA BIOLITERARIA DOS ACHADOS

Segundo información do profesor Manuel Ferreiro, o *Brindis* de Pondal só se conservaba en fontes impresas, e non en manuscritos, salvo fragmentos xa moi tardíos. O folletín vigués *La Oliva* foi o primeiro en dar o poema ó prelo, poucos días despois (26-3-1856) da súa pública lectura. Esta é precisamente a fonte da que bebe Carballo Calero para a súa edición das pezas pondalianas ignoradas ou esquecidas. Porén, desde o punto de vista literario, as descubertas das que aquí tratamos achegan novidosa información sobre o labor creativo do *Brindis*, con variantes textuais con respecto ó texto ata hoxe coñecido. Pero ademais, o manuscrito autógrafo recolle catro versos absolutamente descoñecidos de Pondal e que, na metade da composición, supoñen unha variación na súa estrutura externa. Por último, hai que ter en conta que estamos ante o manuscrito autógrafo máis antigo conservado de Pondal.

Mais tamén a carta do Bardo de Bergantiños constitúe unha achega relativamente interesante na epistolografía pondaliana, xa que esta breve misiva de retractación, asinada por Pondal mesmo, é a máis antiga carta conservada do poeta. Tal estatus correspondía ata o de agora á enviada polo poeta a José Pondal del Pozo y Ruiz dende Ferrol o 25 de xuño de 1861, cando Pondal xa era médico titulado da Sanidade Militar, case cinco anos máis tarde. A carta inédita de Pondal non está datada porque hai que considerala adxunta á do cura párroco de San Tirso de Cospindo, que si ten data: 7 de agosto de 1856.

A carta do cura, que oficia como intercesor entre Pondal (máis ben habería que dicir entre a súa familia) e o cardeal arcebispo, funciona como nexo entre os dous manuscritos autógrafos do poeta, de forma que estamos ante tres docu-

mentos interrelacionados, con mención expresa desta interconexión: o cura alude á “adjunta carta” de Pondal, quen á súa vez entrega, en calidade de fetiche anatematizado da súa irreverente conduta, o “brindis adjunto”. En nada pode nin debe estrañar o labor intercesor do crego en favor da familia socioeconomicamente máis potente, fidalga, xa case pequena burguesía local, daquel microcosmos rural que era a desembocadura do Cesó-Anllóns, tendo en conta, como afirma X. R. Barreiro, que “o clero funciona como unha fracción de cras polo xeral homoxeneizada nos seus intereses coa fidalguía”.

No tocante á execución do poema, paga a pena formular algunhas interesantes cuestións. Unha delas refírese á redacción deste manuscrito do *Brindis*. A deíxe demostrativa da frase inicial, en alusión a “esta Ciudad” (de Santiago de Compostela, claro é), avala a nosa tese da relativa inmediatez deste autógrafo con respecto ó lugar e tempo dos feitos, do Banquete celebrado en Conxo, daquela aínda concello propio. Mais non é o único indicio desta sospeita. Que explicación ten o nome de Aguirre escrito por Pondal nun poema de Pondal? Que sentido tería a riscadura do nome de Aguirre? É este o mesmo exemplar do *Brindis* que Pondal leu baixo a follaxe de Conxo ou é unha copia *ad hoc* para ser enviada ó pazo arcebispal de Compostela? Se é unha simple copia, non encaixa o feito de que apareza o nome de Aguirre, primeiro riscado ó final da páxina e despois escrito de novo no comezo da seguinte.

Podemos maxinar dúas hipóteses: ou o nome de Aguirre indica, a modo de acoutamento, a entrada do poeta compostelán co recitado de versos do seu propio *Brindis*, conformando así unha lectura alterna; ou o *Brindis* pondaliano foi de lectura compartida entre ambos os dous poetas. Se cadra, ningunha das dúas posibilidades, pero hai que recoñecer que esta cuestión confire ó autógrafo unha sospeitosa fasquía de obxecto “vivido”, coma se estiveramos ante o mesmo papel que Pondal levou no peto o día de autos. E como falamos de poesía e de poetas, non deixa de ter o seu aquel do romanticismo da época, que no mesmo manuscrito, pero asinado só por Pondal, aparecen, como fraternais e solidarias vítimas fronte á intolerancia, os nomes de dúas promesas do Parnaso.

3. A REPRODUCCIÓN DOS ACHADOS: OS TEXTOS DUN POETA NACENTE

A reprodución dos textos fíxose coa maior fidelidade con respecto ós orixinais, mantendo as peculiaridades lingüísticas e erros léxicos, ortográficos e de puntuación. Especial interese merece, por suposto, o do *Brindis*, no que hai algún lapsus significativo, como nunha palabra que rompe a rima: *valles* en troques de *vallas* (v. 46). Outros afectan a cultismos como **fatricida* (v. 52) ou **sermícalo* (v. 65); nesta palabra advírtese a vacilación de Pondal na escrita entre *cernícalo* e

**cernícola*, seguramente por influencia analóxica das palabras con elemento latino *-cola* co significado de “que habita en” (cavernícola, pinícola, rupícola). Xa na reprodución deste poema no *Boletín de la Real Academia Galega*, tomo X, páx. 204 s., sinalase o seguinte: “Publicamos el brindis de Pondal conforme fue escrito aquel día, con las incorrecciones propias de quien empezaba su carrera literaria”.

[1]

Manuscrito autógrafo, nun papel (310 x 210 mm) dobrado pola metade, escrito a pluma por ambas as dúas caras dunha metade. O poema está asinado, e sen rúbrica, coas iniciais *E.P.* (Eduardo Pondal), sistema empregado polo autor non poucas veces. A frase inicial entre parénteses, escrita con tinta e caligrafía distintas, é apógrafa.

[(Banquete en Conjo el 2 de Marzo de 1856)]

[r]

Brindis.

*Pronunciado en el banquete democrático que se
celebró el día dos de Marzo en las inmediaciones
de esta Ciudad.*

- | | |
|---|---|
| Brindo por quien, Señores , la victoria
muerto mas no vencido dio al tirano;
al ilustre varon de alta memoria,
el Celebré Catón republicano; | señores ¹

el ilustre |
| 5 de nuestra idea á la futura gloria,
y brindo por el pueblo soberano
y á quien acate libre como el viento
el vuelo del humano pensamiento. | |
| 10 Oye joh pueblo! sectario de una idea ,
bendecida de Dios ; Oid hermanos:
no abandoneis el campo de pelea,
todos sois en la tierra soberanos:
ya rompe nuestra aurora y centelléa
y ha quemado la frente a los tiranos, | oh pueblo... Idea
bendecido por Dios |
| 15 que cobardes les ciega y les asusta
el resplandor de la verdad augusta. | los ciega |
| Campeones de Dios sabio y clemente,
yguales os formó naturaleza;
soltad el vuelo á la abrasada mente,
20 levantad á los cielos la cabeza;
decid, ¿quien hizó al hombre diferente | |

de su hermano? ¿quien dió mayor nobleza
al corazón de un déspota tirano
que al honrado sudor del artesano?

- 25 Responded, ¿no sentis todos latiendo
gigante un corazón dentro del pecho,
un pensamiento en la cabeza ardiendo
que á todos guzga con igual derecho?
¿hay razón **a que el uno** esté gimiendo
30 **y el otro duerma** en el dorado lecho,
convirtiendo de Dios los hijos bravos
en tropel de reptiles y de esclavos?

a que uno
y duerma el otro

- Hijo del pueblo soy y me envanece
digno vastago ser de su linage.
35 Oprobio, megua y maldición mereze
quien el blason de su virtud ultrage,²
.....

A.Ag.³

[v]

A. Aguirre

- Y tú pueblo, el que sufres resinado,
el que das hijos á la inicua guerra
el que haces, pobre, de sudor bañado
40 en pardas mieses reventar la tierra;
tu que ignorante vives y humillado,
tu grande porvenir en ti se encierra:
¡pueblo libre! Levantate, y valiente,
al sol contempla con osada frente.
45 No es tu suerte alcanzar sangrienta palma
para un poder sin leyes y sin valles,
el quebrantar las alas de tu alma
y el entregar tu cuerpo á las vatallas;
no servir como esclavo a quien con calma
50 te mira revolverte en las metrallas,
y enemigo inhumano de tu vida
ásaltarte en combate fatricida.⁴

pueblo libre (sen exclamacións)
el Sol

- No hay vallas para ti, sobre ti brilla
grande la libertad; libre es tu ciencia,
55 tu corazón sagrado y sin mancilla,
libres tu pensamiento y tu creencia;
y baldón de tu raza la cuchilla
que viola la voz de tu conciencia.
¿quien es tu juez? ¡oh pueblo!: no tu hermano⁵

libre
un baldón

¿Quién es tu juez, oh pueblo?

60 *tu eres de ti mismo el soberano.*⁶ soberano

*Cayga, pues, esa turba de reptiles
que ostenta con orgullo sus blasones,
pisalos todos cual guzanos viles,
queme el fuego sus nescias destenciones
65 y habiten los sernícalos sutiles
la oscura soledad de sus mansiones,
y arrebatan los roncós torbellinos
el montón de sus viejos pergaminos.*

E.P.

1. Á dereita dos versos consta a versión dada nas edicións de Carballo Calero (CC) e Ricón Virulegio (RV).
2. Estes catro versos hendecasilábicos de rima consonante (ABAB) non aparecen en CC e RV. Parecen parte dunha oitava real (incompleta?), na parte central do poema.
3. Estas tres letras están riscadas. Corresponden sen dúbida ás iniciais de Aurelio Aguirre, nome que encabeza a páxina seguinte.
4. Esta oitava real aparece como penúltima en CC e RV.
5. A frase *no tu hermano* aparece escrita sobre *pueblo*, e non aparece en CC e RV.
6. Esta oitava real aparece como antepenúltima en CC e RV.

[2]

Manuscrito autógrafo, nun papel (310 x 210 mm) dobrado pola metade, escrito a pluma por ambas as dúas caras dunha metade. O poema está asinado e rubricado por Manuel Ant^o Pose. A frase inicial (*D. Eduardo Pondal*), escrita con tinta e caligrafía distintas, é apógrafa.

[*D. Eduardo Pondal*]

Excm^o. Señor Arzobispo de Santiago¹.

Por la adjunta carta verá V.E.Y. el objeto de la mia: y es, que hallandose ligeramente indispuerto el joven que la escribe, hijo de un comerciante acaudalado² de esta parroquia, con título además de Hidalguía³; cursante en la Universidad de Santiago en segundo de medicina⁴, ha tenido la desgracia de leer libros prohibidos que han estragado su corazón: hasta sentir mal de los Santos Sacramentos, dejando de recibirlos; y

proferir ante ótros, con error pertinaz algunas doctrinas que saven á heregia mista⁵. Pero es de advertir Excmo. Señor: que el padre del suplicante asi como sus tres señoritas hijas⁶, han observado hastaqui los buenos modales cristianos cumpliendo puntualmente con los preceptos de la Yglesia. Y, aunque no faltó quien contase al padre del suplicante sus extravios, se los tergiversaron por el bien de la paz domestica. Es cierto Sr. Excmo; que hasta el desgraciado Brindis nadie le ha notado de impio, alomenos en este Pais en donde vivió, y habitó hasta la edad de veinte años⁷ en que se halla. Tengo motivos Exmo Señor para abrigar la conviccion de que la Divina Providencia le está trabajando para rendir su corazon en obsequio de la Fé. Las hermanitas del Penitente, me han contado antes de ahora que, queria hacer Confesion General: una tarde que fuy á visitarlo, le ví impaciente, y me dijo que deseaba confesarse; yo a fin de enterarme de su sinceridad, le dije: que le oiria con mucho gusto; pero que no habiendo peligro, como no lo habia: la confesión pedia preparación para ser fructuosa; me despedí: pero al dia siguiente me mandó llamar por medio de una de sus hermanitas⁶, y al punto partí á casa del indispueto: y dando principio a la confesion en medio de copiosas lagrimas y tiernos sollozos: invocando con frecuencia las Divinas misericordias: abjurando de sus errores, y protestando volver a la ovidiencia de la Santa Yglesia Romana y sus legitimos pastores: y prometiendo en fin la reparacion posible del escandalo dado, no le absolví por falta de Jurisdiccion, fuera del articulo ó peligro de muerte. Por tanto uniendo mis votos con los del penitente, imploro la clemencia de V.E.Y. a fin de que se digne concederme la necesaria jurisdiccion para reconciliarlo con la Esposa del Cordero.

Dios guarde á V.E.Y. muchos años. Sⁿ Tirso de Cospindo Agosto 7 de 1856

Manuel Ant^o Pose⁸.

1. Miguel García Cuesta, salmantino que foi cardeal arcebispo de Compostela (1851-1873), catedrático na súa cidade natal, bispo de Jaca e senador vitalicio.
2. Xoán González Pondal Frois fixo fortuna en América e noutros puntos da Península (Cádiz, Asturias, País Vasco).
3. Como sinala Manuel Ferreiro, a familia de Pondal tiña documentalmente recoñecida e acreditada pola Real Chancelaría de Valladolid dita fidalguía, desde o século XVIII; pertencería á pequena nobreza rural, que irá evolucionando cara á burguesía vilega.
4. É precisamente na súa etapa de estudante na cidade do Apóstolo cando contacta cos círculos liberais, contexto no que temos que ubicar o *affaire* do Brindis.
5. *Error pertinaz... saven á heregia mista* son conceptos específicos nos procesos de herexía.

6. Emilia, Xosefa, Eduarda, Xulia e Euloxia eran as irmás do Bardo. Emilia e Eduarda xa faleceran nas datas do *Brindis*, de aí que o cura só mencione tres.
7. Se o párroco non fala *grosso modo*, erra no seu cálculo: Pondal ten xa 21 anos acabados de facer en marzo, cando recita o *Brindis* en Conxo.
8. Manuel Antonio Pose y Soto, natural de San Estebo de Cesullas (Cabana de Bergantiños), era o cura párroco da freguesía de San Tirso de Cospindo polas datas do *Brindis*, e foino antes da parroquia cabanesa de San Xoán de Borneiro. Máis tarde obterá o cargo de Arcipreste de Seaia. Conserve a carta (1845) de Pose y Soto como opositor á vacante de Cospindo, cando aínda era párroco de Borneiro. Da situación de Cospindo di: “me es sumamente agradable (...). Aunque la gracia sea sobre el merito del suplicante, el haber vivido hasta aquí en una situa^{on} montañosa, y en casa de un Labrador sin poder tener a su disposición una mera caballeria le anima a (...) esperar de la notoria vondad de V.E. un favorable despacho”. Parecía Cospindo destino moi apetecido, segundo se desprende das cartas doutros opositores, tamén conservadas no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

[3]

Manuscrito autógrafo, nun papel de cor azulada-lila (266 x 206 mm) dobrado pola metade, escrito a pluma. A carta está asinada por Eduardo Pondal.

S.^a Tirso de Cuspindo

Escelentísimo Señor:

He tenido la satisfaccion de hacer confesion con el Sr cura parroco de la Diocesis de su Escelencia Dⁿ Manuel Pose. No pudiendo recibir la absolucion por haber vertido el brindis adjunto, con el debido respeto solicito de S.E. el permiso para que se me absuelva.

Hago ademas retractacion completa de lo que en dicho brindis haya pronunciado en contra de nuestra religion.

Besa S M. de V.S. Ylustrisima, su humilde servidor

Eduardo Pondal

FONTE ARQUIVÍSTICA

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo General, Serie Varia, Arciprestazgo de Seaia, 1753-1897. Número 1.168 (Carpeta Cospindo y su anejo suprimido Graña, 1827-1897).

FONTES BIBLIOGRÁFICAS

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia, IV. Edade Contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1961): *Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (2001): *Con Pondal en Bergantiños*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Ferreiro, Manuel (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Ferreiro, Manuel (1995-2001): *Eduardo Pondal. Poesía galega completa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, Vols. I-III.
- Forcadela, Manuel (1988): *A harpa e a terra*. Vigo: Xerais.
- Forcadela, Manuel (1989): *Eduardo Pondal. Poesía*. Vigo: Xerais.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.
- Murguía, Manuel M. (1886): *Los precursores*. A Coruña: Latorre y Martínez Editores.
- Ricón Virulegio, Amado (1981): *Eduardo Pondal*. Vigo: Galaxia.
- Valdés Parga, Jaime (2009): *Ponteceso, el nacimiento de un pueblo*. Ponteceso: Concello de Ponteceso.
- VV.AA. (1986): *Eduardo Pondal, home libre, libre terra*, Vigo: A Nosa Terra, Extra-7.



S. Weissler

Parque de la Cruz al
2 de Mayo de 1881

unida en el bouquet democrático que se
señala al día de la guerra en las insurrecciones
de esta Ciudad.

Brindo por quien, Señor, la victoria
suaviza mas novenario dio al tirano;
al ilustre varón de alta resonancia,
al noble Latino republicano,
dominó la idea de la futura gloria,
y brinda por el pueblo soberano...
y a quien acate libre como el viento
el vuelo del humano pensamiento...
Oye; oh pueblo! detén la marcha
barrida de Dios; No huyas
no abandonas el campo de pelea,
toda vez en la tierra soberanos:
ya campo a campo a la vez y en la tierra
ya queriendo la frente a los tiranos,
ya sabiendo las riendas y las aspas
el replantar la libertad augusta.
Compañeros de Dios, de la y del viento,
agente reformador natural;
luchad al vuelo a la abstracción;

levantad a los cielos la cabeza;
decid, ¿quién tiene el hombre diferente
de su hermano? ¿quién dio mayor nobleza
al varón de un día potestativo
que al humilde obrero del artesano?
¿Responde, ¿no sentís lavar la sangre
gigantesca en la sangre del pueblo,
un pensamiento en la derrota de la
que a todo guerra con igual desdén?
¿Hay varón que al mundo se le oponga
y el otro dictando en el mundo lecho,
como cuando el Dios, los hijos de la
entropía de la tierra se asombró?
Elijo del pueblo soy y me levanto
digo castigo a los tiranos.
Apresado, en la y en la derrota
quien el blason de la virtud se levanta

A. Weissler

Fondo General
Varia 1168

A. Aguirre!

¿De qué feres tú, el que me feres resaca, ¿quién es tu feroz? ^{¡votabamelo!}
 el que das la vida a la tiranía, ¿quién es tu feroz?
 el que das la vida a la tiranía, ¿quién es tu feroz?
 en guardas misas reventar la tierra; que os tentad con orgullo sus banderas,
 tu que ignorante vives y humillado, ¿quién es tu feroz?
 tu grande por venir en la conciencia: que os al fuego sus nascios ^{¡votabamelo!}
 ¡pueblo libre! ¡levantate y valiente! y habita en las torres altas, ^{¡votabamelo!}
 al sol como ayla con cada feroz. ^{¡votabamelo!}
 No es tu suerte al amor sangriento paloma
 para un poder sin leyes y sin vales, ^{¡votabamelo!}
 el que bramar los alas de tu alma
 y alen trepar tu cuerpo a los castillos;
 no servir como esclavo a quien con calma
 te mira revolver en las miradas,
 y menziga en humana de tu vida
 a salarte en combate patriótico.
 No hay millos para ti; sobre ti brilla
 grande la libertad; libre es tu conciencia;
 tu corazón sagrado y sin manchar,
 libre tu pensamiento y tu conciencia;
 y baldar de tu vida la cuchilla
 que ciela la voz de tu conciencia.

J. P.



Fondo General
 Varia 1168



D. Donoso Pardo

Excmo. Señor Arzobispo de Santiago.

Por la adjunta carta verán V.E. el
 objeto de la mia: y es, que hallandose liegre-
 mente indignado el Joven que la escribe,
 hijo de un comerciante acudido de es-
 trañerías, con título además de Hi-
 dalguía, constante en la Universidad de
 Santiago en segundo de medicina, ha
 tenido por desagravio de leer libros pro-
 hibidos que han entorpecido su corazón, ha
 sentido mal de los Santos Sacramentos,
 dejando de recibirlos, y profesar ante o-
 tros, con error pertinaz algunas doctri-
 nas que saben al herejía munda. Pero es
 de advertir como Señor, que el padre del
 suplicante así como sus tres hermanas hi-
 jas, han observado hartísimo los buenos ma-
 dres cristianos cumpliendo puntualmente
 con los preceptos de la Iglesia. Y aunque
 no faltó quien contara al padre del su-
 plicante sus extravíos, y los torpimientos

Fondo General. Varia 1168

por el bien de la paz doméstica. El cierto
 Sr. Lomas que le presta el decaído Bain-
 die nadie le ha notado de impio, alome-
 nor en este País en donde vivió y habitó
 hasta la edad de veinte años en que se
 halla. Tengo motivos como señor pu-
 ra abrigar la convicción, de que la Di-
 vina Providencia le está trabajando
 para rendir su corazón en obsequio de
 la Jé. Las hermanitas del Penitente, me
 han contado antes de ahora que, querían
 hacer Confesión General: una tarde que
 fui a visitarlo, le vi impaciente, y me
 dijo que deseaba confesarse; yo a fin de
 enterarme de su sinceridad, le dije que
 le oíría con mucho gusto; pero que no
 habiendo peligro, como no lo había; la
 Confesión podía preparacion para res-
 taurar; me despecé: pero al día siguiente
 me mandó llamar por medio de una
 de sus hermanitas, y al punto parti-
 ó casa del indispuesto: y dando pri-
 mo a la Confesión en medio de copiosas
 lagrimas y tiernas súplicas: invocando

Fondo General. Varia 1168



con frecuencia las Divinas mis-
ericordias: abjurando de sus exco-
municaciones y protestando volver a la obediencia de
la Santa Iglesia Romana y sus legi-
timos pastores: y prometiendo en fin la
reparacion posible del escándalo dado,
no le absolvi por falta de Jurisdiccion,
fuera del artículo o peligro de muerte.
Por tanto uniendo mis votos con los del
penitente, imploro la Clemencia de S. S.
y ojin de que se digase concederme la
necesaria Jurisdiccion para recomen-
darlo con los hijos del condado.

Dios oje a S. S. y n. a. S. S. S. S.
10 de despindo Agosto 7, de 1846.

Mmanuel Arto, Don



Fondo General
Varia 1168

1ª Visto do lapinto

Excelentísimo Señor:

He tenido la satisfacción
de hacer confesion con
el Sr. cura párroco de
la Diocesis de su Excelencia
Don Manuel Dae. No por-
diendo recibir la absolucion
por haber vertido el brin-
dis advenuto, con el debido
respeto solicito de S. E. el
permiso para que se me
absuelva.

Hago ademas retractacion
completa de lo que en di-
cho brindis haya promun-
ciado en contra de nues-
tra religion.

Desa L. de V. S. D. S. D.
tuissima, su humilde servidor
Eduardo Pondal



Fondo General
Varia 1168

IV

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2009)

NECROLÓXICAS:

ANTONIO GIL MERINO / Lucía Fernández Gil-Merino

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2009)

Directiva da Real Academia Galega

Dende o 17 de decembro de 2005 ata o 18 de decembro de 2009, a Executiva da RAG estivo formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Secretario: D. Manuel González González.
- Vicesecretario: D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.
- Tesoureiro: D. Andrés Fernández-Albalat Lois.

Dende o 19 de decembro ata a elección da nova executiva (23 de xaneiro de 2010), exerceu o cargo de presidente en funcións D. Manuel González González.

Relación de académicos numerarios:

1. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández del Riego.
Ingreso: 26 de novembro de 1960.
Faleceu o 26 de novembro de 2010
2. Excmo. Sr. D. Antonio Gil Merino. Ingreso: 13 de decembro de 1975.
Faleceu o 18 de outubro de 2009.
3. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
4. Excmo. Sr. D. Francisco Xabier Río Barxa. Ingreso: 25 de xuño de 1983.
Faleceu o 5 de xaneiro de 2011.
5. Excma. Sra. D.^a Olga Gallego Domínguez. Ingreso: 15 de novembro de 1986.
Faleceu o 4 de setembro de 2010.
6. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
7. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
8. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
9. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
10. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
11. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
12. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
13. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
14. Excmo. Sr. D. Xaime Illa Couto. Ingreso: 29 de xaneiro de 1999.
15. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
16. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
17. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.

18. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
19. Excma. Sra. D.^a Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
20. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
21. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
22. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
23. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
25. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
26. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
27. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
28. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
29. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
30. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar.
Académico electo: 27 de xuño de 2009.

Relación dos actuais académicos correspondentes:

1. Ilmo. Sr. D. Francisco Mayán Fernández. Ingreso: 16 de xaneiro de 1944.
Faleceu o 5 de setembro de 2010
2. Ilmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
3. Ilmo. Sr. D. Benito Varela Jácome. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
Faleceu o 22 de outubro de 2010.
4. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
5. Ilmo. Sr. D. Carlos Pereira Amil. Ingreso: 4 de maio de 1952.
6. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez. Ingreso: 4 de marzo de 1955.
7. Ilmo. Sr. D. Manuel Fernández Rodríguez. Ingreso: 25 de marzo de 1956.
8. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
9. Ilmo. Sr. D. Antonio Iglesias Álvarez. Ingreso: 23 de abril de 1961.
10. Ilmo. Sr. D. José Isorna Ferreirós. Ingreso: 25 de xuño de 1967.
11. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
12. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
13. Ilmo. Sr. D. Carlos Comparé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
14. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
15. Ilmo. Sr. D. Francisco Guitián Ojea. Ingreso: 19 de abril de 1970.
Faleceu o 4 de abril de 2009.
16. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
17. Ilmo. Sr. D. Carlos A. Zubillaga. Ingreso: 25 de outubro de 1970.
18. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.

19. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo: Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
20. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
21. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
22. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
23. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
24. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
25. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
26. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
27. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz–Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
28. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
29. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
30. Ilmo. Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
Faleceu o 4 de xaneiro de 2010.
31. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
32. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
33. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
34. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
35. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
36. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
37. Ilmo. Sr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández. Ingreso: 12 de xullo de 2003.
38. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
39. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
40. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
41. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
42. Ilmo. Sr. D. Marcos Valcárcel López. Ingreso: 19 de xuño de 2004.
Faleceu o 5 de decembro de 2010.
43. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
44. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
45. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
46. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
47. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
48. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
49. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
50. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
51. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
52. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
53. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.

Relación dos actuais académicos de honor:

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. José Viale Moutinho.

Académico electo: 20 de decembro de 2008.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2009)

XUNTAS CELEBRADAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2009, nas seguintes datas:

- Xunta extraordinaria: 7 de febreiro de 2009
(Ingreso de D.^a Margarita Ledo Andión)
- Xunta ordinaria: 28 de marzo de 2009
- Xunta extraordinaria: 17 de maio de 2009
(Día das Letras Galegas)
- Xunta ordinaria: 27 de xuño de 2009
- Xunta ordinaria: 31 de xullo de 2009
- Xunta extraordinaria: 10 de outubro de 2009
- Xunta extraordinaria: 12 de decembro de 2009
(Ingreso de D. Manuel Rivas Barrós)
- Xunta extraordinaria: 14 de novembro de 2009
(Homenaxe a Ramón Cabanillas en Cambados con motivo do seu 50 cabodano).
- Xunta ordinaria: 18 de decembro de 2009

A Comisión Executiva da Real Academia Galega, reuniuse nas seguintes datas:

- Xunta de goberno: 28 de xaneiro de 2009
- Xunta de goberno: 26 de maio de 2009
- Xunta de goberno: 16 de xuño de 2009
- Xunta de goberno: 30 de xullo de 2009
- Xunta de goberno: 13 de xullo de 2009
- Xunta de goberno: 14 de setembro de 2009
- Xunta de goberno: 1 de outubro de 2009
- Xunta de goberno: 19 de novembro de 2009

INGRESO DE ACADÉMICOS

De honra

Non ingresou ningún académico de honra.

A Real Academia Galega, en Plenario ordinario celebrado o 31 de xullo de 2009, acordou declarar nulo o nomeamento de Francisco Franco Bahamonde como Presidente honorario e eliminar o seu nome da nómina de membros da Real Academia Galega.

Previamente, examinouse a situación do seu nomeamento. Non se conservan actas, pero existen cartas de comunicación deste nomeamento: o acordo tomouse na sesión que a Real Academia Galega celebrou na Universidade de Santiago de Compostela, na que se produciu unha entrada masiva de novos académicos, e na que falou en nome de todos Fermín Bouza Brey. As circunstancias que rodean este nomeamento mostran con claridade que foi un nomeamento forzado polas circunstancias extraordinarias que rodeaban a RAG naquel momento en que estaban ameazadas as chamadas academias rexionais.

Numerarios

Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión

Lugar e data de ingreso: Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2009

Título do discurso: *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega.*

Resposta da Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco



Comisión Executiva da RAG no acto de ingreso de Margarita Ledo Andión.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Xosé Ramón Barreiro (presidente da RAG) felicita a Margarita Ledo polo seu nomeamento como académica numeraria.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Margarita Ledo Andiñón, académica numeraria da RAG.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Portada do discurso de ingreso de Margarita Ledo Andión

Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, Terra Cha, 1951), escritora, cineasta, é actualmente catedrática de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela.

Estudou xornalismo na Escola Oficial de Barcelona e foi lectora da Facultade de Letras do Porto (Portugal). De volta en Galicia, puxo en marcha e dirixiu durante tres anos o semanario nacionalista *A Nosa Terra*. Anos despois, exerceu a docencia na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Autónoma de Barcelona, fixo o doutoramento e, de volta outra vez en Galicia, organizou a Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago, da cal foi decana. Os seus estudos profesionais, de gran novidade, están plasmados en varios libros e en numerosas colaboracións en revistas. Como poeta, publicou dous importantes libros nos primeiros anos da década dos setenta, dentro dunha estética máis avanzada ca a dominante naqueles anos, e que en gran medida anuncian camiños que se impuxeron máis tarde. Margarita Ledo Andión, aínda que a súa activa vida de profesional da información poida facer esquecerlo ás veces, é unha das personalidades literarias máis interesantes do noso tempo.

A destacar entre a súa obra fílmica, a dirección e o guión da longametraxe *Santa Liberdade* (2004) e *Liste, pronunciado Lister* (2007).

Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barros

Lugar e data de ingreso: Paraninfo da Universidade da Coruña, 12 de decembro de 2009

Título do discurso: *A boca da literatura. Memoria, ecoloxía, lingua*

Resposta do Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo



Manuel Rivas e Xosé Luís Axeitos.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Xosé Ramón Barreiro (presidente da RAG) entrega a medalla de académico de número a Manuel Rivas.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Manuel Rivas, membro numerario da RAG.
Real Academia Galega. Arquivo /
/ Foto: Xosé Castro



Portada do discurso de ingreso de Manuel Rivas Barrós

Manuel Rivas Barrós, “Manolo Rivas”, naceu na rúa Marola do barrio coruñés de Montealto o 26 de outubro de 1957. Estudou na escola pública de Castro de Elviña e no instituto de Monelos. É licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

Comezou a súa carreira como xornalista moito antes de licenciarse, aos 15 anos, como meritorio en *El Ideal Gallego*.

Foi colaborador en diversos medios de comunicación galegos: *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*. Tamén colaborou nas revistas *Teima* e *Man Común*, desenvolveu unha sección fixa no semanario *A Nosa Terra*, e foi cofundador e director da revista cultural *Luzes de Galiza*.

Na actualidade mantén unha columna semanal no xornal *El País*, onde comezou como correspondente coruñés e fixo numerosas intervencións en medios de comunicación audiovisuais.

No campo da creación literaria, deuse a coñecer como cofundador do grupo poético *Loia* e na revista co mesmo nome apareceron as súas primeiras composicións poéticas en 1977.

A partir de 1980 a obra literaria de Manolo Rivas introdúcese con audacia en todos os xéneros literarios: na poesía (*Libro do entroido*, *Mohicania*, *Balada nas praias do Oeste*), na novela (*Os comedores de patacas*, *En salvaxe compañía*, *O lapis do carpinteiro*, *A man dos paños*, *Os libros arden mal*), no relato (*Un millón de vacas*, *Que me queres amor?*, *As chamadas perdidas*), no teatro (*O heroe*), na novela infantil e xuvenil (*Todo ben*, *Bala perdida*) ou no xornalismo literario (*Toxos e frores*, *Muller no baño*, *Os grouchos*).

Moitas destas obras foron levadas ao cine (*A lingua das bolboretas*, *A rosa de pedra*) e ao teatro (*O lapis do carpinteiro*, *A man dos paños*).

Ademais da súa recoñecida obra literaria, avalada por numerosos premios (Premio de Poesía Nova d'O Facho (1979), Premio Leliadoura (1989), Torrente Ballester de Narrativa (1995), Premio Nacional de Narrativa (1996), Premio da Crítica Española, Premio da Crítica de Galicia, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (1998), Premio Arcebispo Xoán de San Clemente (1998), Premio ONCE - Galicia á Solidariedade, etc) temos que destacar o compromiso de Manolo Rivas coa lingua e coa nosa cultura, que proxectou con dignidade fóra das nosas fronteiras. Proba desta proxección é a tradución a vinte e un idiomas da súa obra narrativa *O lapis do carpinteiro* ou as trece linguas nas que se pode ler *Que me queres amor?*

Correspondentes

Non ingresou ningún académico correspondente.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2009



O Día das Letras Galegas do ano 2009 foi dedicado ao egregio intelectual Ramón Piñeiro López (Láncara, 1915 – Santiago de Compostela, 1990).

O seu nomeamento produciuse na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Real Academia Galega o día 5 de xullo de 2008, e tendo en conta, entre outras razóns:

- o seu esforzo por manter aceso e transmitir o facho do galeguismo nos negros anos da posguerra;
- o seu compromiso sostido ao longo dos anos coa defensa da lingua galega por considerala o elemento máis substancial da nosa identidade e un elemento fundamental de cohesión social de todos os galegos por riba das diferenzas ideolóxicas e dos intereses partidistas;
- o seu labor a favor da dignificación e da difusión da cultura galega;
- o maxisterio exercido por todos os medios que tiña ao seu dispor, pero fundamentalmente boca a boca e a través dunha copiosa correspondencia;
- tendo en conta o seu papel relevante na recuperación do recoñecemento dos dereitos xurídicos do galego como lingua “propia” de Galicia.

Os actos conmemorativos transcorreron no concello de Láncara. O acto central tivo lugar no Pavillón Polifuncional (Campo da Feira), segundo o seguinte programa:

Orde dos actos

11:30 horas

Recepción na casa do concello de Láncara (rúa Rosalía de Castro, 17).

12:00 horas

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega no Pavillón Polifuncional (Campo da Feira), coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

- D. Ramón Villares Paz.
- D. Víctor Fernández Freixanes.
- D. Andrés Torres Queiruga.

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.

14:00 horas:

Xantar popular (Carracedo).

17:00 horas:

Ofrenda floral diante do busto de Ramón Piñeiro (Carracedo).





Orde dos actos:

11:30 horas
Recepción na casa do Concello de Lincara
(rua Rosalía de Castro, 17)

12:00 horas
Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real
Academia Galega no Pavillón Polifuncional
(Campo da Feira), coa intervención dos
Excmos. Sres. Académicos:

- ❖ D. Ramón Villares Paz
- ❖ D. Víctor Fernández Freixanes
- ❖ D. Andrés Torres Queiruga

Pecha o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real
Academia Galega:

- ❖ D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

17:00 horas
Ofrenda floral diante do busto de Ramón Piñeiro
(Carracido)



Comisión Executiva da RAG e presidente da Xunta de Galicia no acto do Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro López.

De esquerda a dereita: Salvador García-Bodaño, Manuel González, Alberto Núñez Feijoo, Xosé Ramón Barreiro, Andrés Fernández-Albalat e Xosé Luís Axeitos.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro




Ramón Villares Paz.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Víctor Fernández Freixanes.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



Andrés Torres Queiruga.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro



RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

Beatriz García Turnes

INFANCIA

Ramón Piñeiro López naceu no seo dunha familia labrega da parroquia de Armea, concello de Láncara (Lugo), en maio de 1915. Tivo outros sete irmáns, dos que tres morreron sendo nenos. Era fillo de Vicenta López Fernández e de Salvador Piñeiro García, quen sempre demostrou unha preocupación pola cultura e pola educación dos seus pequenos superior á habitual naquela época entre a xente humilde. Isto, e a incipiente curiosidade e intelixencia de Ramón, explica que xa antes de chegar, con seis anos, á escola, o neno soubese ler, escribir e resolver algunhas operacións matemáticas. Se a escola non supuxo dificultades intelectuais para Ramón Piñeiro, adiantado con respecto aos seus compañeiros grazas á axuda familiar, si que lle causou un forte impacto ao facerlle percibir en toda a súa crueza a diglosia presente na sociedade.

Entre 1924 e 1928, Ramón Piñeiro cursou en Lugo o bacharelato elemental. Neses anos descubriu a literatura; tamén a literatura na súa lingua, que lle chegou da man dunha antoloxía de poetas nosos. Quedou impresionado ao decatarse de que o idioma de campesiños que a escola desprezaba era tan apto coma o castelán para as sutilezas da poesía.

DESCUBRIMENTO DO GALEGUISMO

A precaria situación económica da familia impediu inicialmente que Ramón Piñeiro puidese continuar os seus estudos, polo que este regresou á casa para dedicarse aos labores do campo. Mais, aconsellada polo fillo do secretario do concello de Láncara, a familia resolveu enviar a Ramón a Sarria, onde levaría a contabilidade do comercio dun amigo do pai. Alí tivo Piñeiro os seus primeiros contactos co galeguismo. Subscribiuse ao diario *El Pueblo Gallego*, onde escribían artigos na lingua de Rosalía destacados intelectuais, como Ramón Otero Pedrayo. Ademais, cando en 1931 se proclamou a II República, o galeguista Lois Peña Novo foi falar á vila nun mitin que acabou de espertar as simpatías do mozo de Armea polo movemento que o orador defendía.

A finais daquel ano, Ramón Piñeiro volveu a Lugo para cursar o bacharelato superior axudándose da circunstancia de que unha súa irmá tiña traballo e casa naquela cidade. Alí medrou o seu sentimento galeguista, polo que fundou, canda os seus compañeiros de instituto, a Mocidade Galeguista de Lugo, da que foi secretario de cultura. A súa intelixencia e a súa entrega á causa levárono a rela-

cionarse cos líderes do Partido Galeguista (PG) e a recibir deles importantes encargos, a pesar de ser aínda moi novo. A súa traxectoria culminaría coa súa elección como secretario do Comité Provincial do partido, o que o levou a implicarse fondamente na campaña a prol do Estatuto de autonomía.

A GUERRA

Cando, o 18 de xullo daquel mesmo ano, se produciu o levantamento militar contra o goberno, Ramón Piñeiro participou como representante do PG na comisión asesora do gobernador civil en defensa da República. Dende o momento en que os sublevados tomaron o control da situación, o mozo de Láncara estivo en perigo. En diversas ocasións tivo que esquivar, só ou coa axuda de compañeiros de estudos ou amigos da familia afectos aos rebeldes, a detención e a morte. Finalmente, cando chamaron a súa quinta, incorporouse a filas, pois servir no exército dos sublevados semellaba a única opción de protexer a súa vida.

Axiña descubriu que tampouco no exército estaba a salvo das denuncias e que, aos perigos normais da guerra, debía sumar os que derivaban da súa filiación política durante os tempos da República. Á súa insegura situación persoal uniu tamén Piñeiro a angustia que lle produciu comprobar como, a medida que se prolongaba o conflito bélico, as persoas que o rodeaban se ían insensibilizando e endurecendo. Agoniado ante a posibilidade de rematar coma elas, caeu na depresión. Desta experiencia xurdiu, unha vez superada a enfermidade, o seu interese pola filosofía, na que Piñeiro buscou a resposta á actitude deshumanizada que vira xeneralizarse ao seu arredor nos tres anos de guerra.

A LOITA CLANDESTINA

Así pois, rematada a contenda, Ramón trasladouse a Santiago de Compostela para estudar os anos comúns da carreira de Filosofía e Letras. En 1942 marchou a Madrid para cursar a especialidade de Filosofía.

En 1943 participou na reconstrución clandestina do PG e pasou a formar parte do seu Comité de Dirección. Aproveitou a súa estadía en Madrid para impulsar tres proxectos iniciais do partido: tomar contacto cos galeguistas exiliados, cos nacionalistas cataláns e vascos e co resto das forzas antifranquistas clandestinas. No ano 46, axudado por nacionalistas vascos, Ramón Piñeiro cruzou os Pirineos a pé e, dende a fronteira, viaxou a París para entrevistarse co presidente do goberno republicano no exilio, José Giral. A súa misión era dobre: por unha banda, conseguir que se incluíse un ministro galego no dito goberno e que este fose Castelao, tal e como acordaran todas as forzas democráticas galegas; por outra, informarse dos plans e medios que o goberno tiña para derrocar o réxime de Franco. Conseguiu ambos os propósitos, mais quedou desolado ao

constatar que o proxecto de Giral para rematar co franquismo era inxenuo e irrealizable, froito do descoñecemento da verdadeira situación que se vivía en España. De volta a Madrid, Ramón Piñeiro foi prendido nunha reunión na que ía informar os outros grupos clandestinos das súas xestións en Francia. Foi condenado a seis anos de cárcere, dos que cumpriu tres.

A LOITA CULTURAL

Vista a fortaleza que fora adquirindo o réxime franquista e o seu progresivo recoñecemento internacional, ao saír da cadea Ramón Piñeiro creu inviable continuar cunha decidida loita política na clandestinidade e optou pola loita cultural. Tras operarse da vista, que se resentira dos tres anos de prisión, uniuse ao proxecto de levar adiante unha nova editorial, Galaxia, que lle dese cobertura legal ao galeguismo e permitirse facer públicas as súas ideas co fin de crear conciencia de país, especialmente entre as xeracións que estaban medrando baixo o férreo control ideolóxico do franquismo. Co mesmo propósito, tras instalarse en Santiago coa súa muller, Isabel López García, coa que casou en 1952, iniciaría o labor de entrar en contacto cos mozos que chegaban á cidade para cursar os seus estudos universitarios. Pola famosa mesa de braseiro da súa casa na rúa Xelmírez, 15, pasarían durante as dúas décadas seguintes moitos rapaces con inquietudes culturais e políticas.

Ramón Piñeiro foi o director literario de Galaxia e, dende ese posto, un dos principais artífices da reconstrución cultural galega da posguerra. Un dos primeiros propósitos da editorial foi crear unha revista, *Grial*, para a que non se conseguiría autorización gubernamental ata o ano 1963. Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego dirixírlana dende esa data e nela o primeiro publicaría máis de corenta colaboracións. Mais, previamente, esta publicación periódica foi saíndo do prelo de forma encuberta, como colección de libros de autoría múltiple. Na Colección *Grial*, que editou catro números antes de que as autoridades a suspendesen, publicou Ramón Piñeiro o seu primeiro ensaio filosófico: “Significado metafísico da saudade” (1951), de grande impacto nos medios intelectuais galegos e portugueses. Con esta obra demostraba sobradamente o que o goberno e moitos cidadáns poñían en dúbida: a capacidade da lingua galega para o xénero ensaístico e para a especulación filosófica. Á saudade dedicaría Ramón Piñeiro outros catro traballos máis (“A filosofía e o home”, “Para unha filosofía da saudade”, “Saudade e sociedade, dimensións do home” e “A saudade en Rosalía”) que, en 1984, reuniría no libro *Filosofía da saudade*. Dez anos antes, no volume *Olladas no futuro*, escolmara o máis significativo dos artigos que fora publicando dende o ano 49 en publicacións periódicas, nomeadamente en *Grial*. Ademais da creación orixinal, destaca no labor de Ramón Piñeiro a prol da cultura de Gali-

cia e da dignificación da súa lingua a publicación de dúas traducións realizadas en colaboración con Celestino Fernández de la Vega: o *Cancioneiro da poesía céltica*, de Julius Pokorny, tradución que foi premiada pola editorial Bibliófilos Gallegos, e a conferencia de Martin Heidegger *Da esencia da verdade*. A significación que tiña a publicación en galego dun dos filósofos máis relevantes do momento, aínda non traducido ao castelán, non escapou ás autoridades, que puxeron reiterados atrancos á súa saída do prelo. A preocupación pola lingua galega de Ramón Piñeiro reflíctese tamén na súa dedicación á revisión e publicación do *Diccionario gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González, que finara en 1949 sen sacar á luz o seu traballo lexicográfico.

En resposta ao afogamento da cultura galega que o franquismo practicaba sistematicamente, Ramón Piñeiro redactou un documento de denuncia que foi asinado por diversos centros galegos de América e repartido na nosa lingua, en inglés e en francés na VIII Asemblea Xeral da UNESCO (1954), causando o desconcerto entre a delegación española, presidida polo ministro de Educación. Xesús Alonso Montero deulle a este episodio o nome de “batalla de Montevideo”. A partir do ano 1966, Ramón Piñeiro foi convidado durante catro veráns ao Middelbury College de Vermont (EEUU) para impartir cursos sobre a sociedade e o pensamento español. En 1967 ingresou na Real Academia Galega co discurso *A linguaxe e as linguas*, no que, en opinión de Henrique Monteagudo, poden atoparse ecos dos estudos de sociolingüística que estaban xermolando naqueles anos nas universidades norteamericanas.

VOLTA Á ARENA POLÍTICA

Durante os últimos anos do franquismo, Ramón Piñeiro ocupouse tamén de facilitar a creación dun partido socialista e outro de tendencia democristiá galegos, convencido de que “a maioría de idade política de Galicia tiña que consistir mesmamente en que deixase de existir un partido galeguista para que fosen galeguistas todos os partidos democráticos”. Con todo, el non se integrou en ningunha destas formacións, pois coidaba que cumpría continuar facendo unha política cultural á marxe dos partidos que servise para galeguizar a parte da sociedade que non militaba en ningún deles.

A situación cambiou coa chegada da democracia e, con ela, da posibilidade da autonomía. Ramón Piñeiro comezou por apoiar diversos manifestos a prol da consecución dun auténtico autogoberno para Galicia e por participar na formación da sociedade de estudos e opinións Realidade Galega, que esixiu para o noso país un estatuto que lle garantise niveis de autonomía equivalentes aos do País Vasco e Cataluña. Nas primeiras eleccións democráticas foi candidato ao senado por Lugo nunha candidatura de unidade dos partidos que propugnaban

o federalismo. A pesar de que a apoiaban o Partido Popular Galego (demócrata-cristiáns galeguistas), o PSG, o PSOE, o PC e o Movemento Comunista de Galicia, os seus resultados foron cativos. Preocupado por asegurar a presenza galeguista no primeiro Parlamento galego, cando chegaron as eleccións autonómicas aceptou a oferta do PSdeG-PSOE de ir como independente nas súas listas. Deste xeito, foi elixido deputado autonómico, o que lle deu a oportunidade de traballar a prol da Lei de normalización lingüística, aprobada por unanimidade en 1983. Nese mesmo ano, Ramón Piñeiro foi elixido presidente do primeiro Consello da Cultura Galega, cargo que ocuparía ata o seu pasamento en 1990.

BIBLIOGRAFÍA

LIBROS:

Olladas no futuro. Vigo, Galaxia, 1974.

Lembrando a Castelao. Santiago de Compostela, SEPT, 1975.

Filosofía da saudade. Vigo, Galaxia, 1984.

Fermín Penzol. Vigo, Galaxia, 2001.

Da miña acordanza. Memorias. Vigo, Galaxia, 2002.

Galicia. Vigo, Galaxia, 2002.

A linguaxe e as linguas. Vigo, Galaxia, 2008.

PRÓLOGOS:

“Carta a Novoneyra”, en Novoneyra, U.: *Os eidos*. Vigo, Galaxia, 1955.

“Limiar” a Maside, C.: *50 dibuxos de Carlos Maside*. Vigo, Galaxia, 1959.

“As andadas literarias de Méndez Ferrín”, en Méndez Ferrín, X. L.: *O crepúsculo e as formigas*. Vigo, Galaxia, 1961.

“Prólogo” a Lugrís, R.: *Vicente Risco na cultura galega*. Vigo, Galaxia, 1963.

“Prólogo” a Pondal, E.: *Queixumes dos pinos*. A Coruña, La Voz de Galicia, 1979.

“Prólogo” a Albert Robatto, M.: *Rosalía de Castro y la condición femenina*. Madrid, Ediciones Partenón, 1981.

“Alfredo Brañas e o galeguismo”, en Brañas, A.: *El Regionalismo: estudio sociológico, histórico y literario*. Centro Cultural Alfredo Brañas, 1982.

“Algunhas consideracións sobre Luís Pimentel”, en *Luís Pimentel*. A Coruña, Real Academia Galega, 1990.

“Lembrando a Luís Pimentel”, en VVAA: *Luís Pimentel (1985-1958). Unha fotobiografía*. Vigo, Xerais.

ARTIGOS:

- Cancioneiriño da Virxe. Escolma de cantigas populares*, Vigo, Edicións Monterrey, 1954.
- “Saudade”, en *Gran enciclopedia gallega*. T. 28. Santiago/Xixón, Silverio Cañada Editor, s.d.
- “Retorno a Tagen Ata, por X. L. Méndez Ferrín”, *Grial* 32, 1971, pp. 238-239.
- “En percura do Castelao verdadeiro”, *Grial* 47, 1975, pp. 17-23.
- “[Castelao], mestre da concencia galega”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 32, 1975, pp. 106-108.
- “Sobre o pensamento galego da xeneración Nós”, *Avriense* 5, 1975, pp. 31-35.
- “Vicisitudes históricas da cultura galega”, *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia* 4. *Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid*. Sada, Edicións do Castro, 1975; pp.105-119.
- “Castelao e Pondal, dúas visións da nosa historia”, *Homenaxe a Castelao*. Santiago de Compostela. Universidad de Santiago, 1976; pp. 55-59.
- “Importancia decisiva da xeneración Nós”, *Grial* 59, 1978, pp. 8-13.
- “Carlos Maside na miña lembranza”, en *VVAA: Maside: un pintor para unha terra*. Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1979, pp. 33-47.
- “A Galicia de Seoane”, *Grial* 65, 1979, pp. 288-92.
- “A personalidade política de Fermín Penzol”, *Grial* 73, 1981, pp. 279-88.
- “Parolar con Rafael Dieste”, *Grial* 78, 1982, pp. 467-69.
- “Peculiaridades del nacionalismo gallego”, *Muga. Homenaje a Koldo Mitxelena*, 1982, pp. 12-19
- “A revista *Grial*”, en Kremer, D. e Lorenzo, R. (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1982, pp. 35-41.
- “Consello da Cultura Galega”, *Grial* 84, 1984, pp. 238-40.
- “Castelao político”, *Anthropos* 65, 1986, pp. 38-41.
- “Lembrando ao Cilistro [Celestino Fernández de la Vega]”, *Grial* 95, 1987, pp. 13-22.
- “Os contos de Ánxel Fole”, *Grial* 95, 1987, pp. 113-14.
- “O pensamento de Rosalía de Castro”, *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeoreses* 6, 1988, pp. 149-58.
- “25 anos de *Grial*”, *Grial* 100, 1988, pp. 135-37.
- “Heidegger na cultura galega”, *Grial* 103, 1989, pp. 384-89.

DISCURSOS:

A lingoaxe i as língoas. Vigo, Galaxia, 1967 [edición facsimilar, Consello da Cultura Galega, 1994]

“Resposta ao discurso de Andrés Torres Queiruga”, en Torres Queiruga, A.: *Nova aproximación a unha filosofía da saudade. Discurso lido na recepción pública de 20 de xuño do 1980 por Andrés Torres Queiruga*. A Coruña: Real Academia Galega, 1981.

Discurso lido na sesión de aprobación. *Lei de normalización lingüística*. Santiago de Compostela, Publicacións do Parlamento de Galicia, 1983.

“Limiar” (resposta ao discurso de ingreso na Real Academia Galega de Marino Dónega), en Dónega, M: *A memoria e os amigos*. Traslaba, Fundación Otero Pedrayo, 1994.

Traducións (en colaboración con Celestino Fernández de la Vega)

Pokorny, J.: *Cancioneiro da poesía céltica*. Santiago de Compostela, Editorial Bibliófilos Gallegos, 1952. Heidegger, M.: *Da esencia da verdade*. Vigo, Galaxia, 1956.

CORRESPONDENCIA:

Fernández del Riego, F.: *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo, Galaxia, 2000.

Alonso Girgado, L. e T. Monteagudo Cabaleiro.: *Cadernos Ramón Piñeiro II. Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003.

Alonso Girgado e outros: *Cadernos Ramón Piñeiro V. Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004.

Allué Andrade, X. L.: *Cartas a un mozo galego*. Vigo, Galaxia, 2005.

ENTREVISTAS:

Fdez del Riego: *Galicia Emigrante* 11, 1955, pp. 16-17.

X. Díaz Sixto: *Grial* 36, 1972, pp. 197-201.

V. Freixanes: *Unha ducia de galegos*. Vigo, Galaxia, 1982, pp. 103-124.

C. Casares: *Seiva* 2, 1989, pp. 135-146. L. Álvarez Pousa: *Tempos Novos* 43, 2000, pp. 64-71.

Sobre Ramón Piñeiro e o seu tempo

Alonso Girgado, L. e T. Monteagudo Cabaleiro.: *Cadernos Ramón Piñeiro II. Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003.

- Alonso Montero, X.: *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na Unesco en 1954*. Vigo, Xerais, 2003 (inclúe edición facsimilar da *Denuncia diante a Unesco da persecución do idioma galego pol-o Estado Hespañol*. Bos Aires, 1954).
- Casares, C.: *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Vigo, Galaxia, 2005.
- Dasilva, X. M.: “Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego”, en *Grial* 179, 2008.
- Fernández del Riego, F.: *A xeración Galaxia*. Vigo, Galaxia, 1996.
- Ferreiro, Ch. e I. Pena (coords.): *Encontro Ramón Piñeiro*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2006.
- Forcadela, M.: *Cadernos Ramón Piñeiro VIII. Diálogos na néboa, Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2005.
- Franco Grande, X. L.: *Os anos escuros*. Vigo, Galaxia, 2004.
- García Turnes, B.: *Vida e obra de Ramón Piñeiro. Escolma de textos*. Galaxia, 2009.
- Monteagudo, H.: “Limiar”, en *Ramón Piñeiro: A linguaxe e as linguas*. Vigo, Galaxia, 2007.
- Monteagudo, H.: “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo”, en *Grial* 177, 2008.
- Mourelle de Lema, M. (ed.), *Ramón Piñeiro y su circunstancia*. Madrid. Grugalmá, 1993.
- Santamarina Fernández, A.: *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña, RAG, 1998.
- VVAA: “Ramón Piñeiro (1915-1990)”, *Grial* 111, 1991.
- VVAA: *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1991.
- VVAA: *Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.

CONGRESO RAMÓN PIÑEIRO

Entre os días 18, 19 e 20 de novembro do ano 2009, celebrouse o Congreso *Ramón Piñeiro e galeguismo* que, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración do Consello da Cultura Galega, foi o peche oficial de todas as actividades que se desenvolveron durante o ano en honra do homenaxeado o Día das Letras Galegas.



SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18, 19 E 20 DE NOVIEMBRE DE 2009

PROGRAMA

DÍA 18 NOVEMBRO DE 2009

- 10:00 horas INAUGURACIÓN
Coordinador do Congreso, Presidente do Consello da Cultura Galega, Presidente da Real Academia Galega, Conselleiro de Cultura e Deporte

O PENSAMENTO

- 11:00 horas Lingua e Filoloxía: Antón Santamarina
12:00 horas Café
12:30 horas Filosofía: Andrés Torres Queiruga
13:30 horas Coloquio

16:30 horas Idea de Galicia: Ramón Máiz
17:30 horas Café
18:00 horas Piñeiro e o marxismo: Xesús Alonso Montero
19:00 horas Coloquio

DÍA 19 NOVEMBRO DE 2009

A CULTURA

- 10:00 horas O concepto de cultura en Piñeiro: Henrique Montegudo
11:00 horas O labor editorial: Víctor Freixanes
12:00 horas Café
12:30 horas Relacións culturais co exterior: Ramón Villares
13:30 horas Coloquio

17:00 horas Panel de debate e café
Coordinador: Basilio Losada
Participantes: Marina Mayoral, Xavier Carro, Siro López e Basilio Losada
19:30 horas Coloquio

OUTROS ACTOS

29 de xaneiro de 2009: presentación, no salón de actos da Real Academia Galega, do número 10 da revista *CASAHAMLET*, que contén un monográfico sobre o Teatro Fantástico.

Interveu o equipo de redacción da revista: Santiago Fernández, Manuel Lourenzo, Isaac Ferreira e Xesús Pisón.

A académica numeraria Luz Pozo Garza, reflexionou sobre a historia da revista e o Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, clausurou o acto tras a lectura de dous textos a cargo dos actores de CASA-HAMLET.

26 de marzo de 2009: presentación da tradución ao ruso do Tomo XIII da *Antoloxía da literatura galega*, dedicado a Manuel Curros Enríquez, edición ao coitado de dona Elena Zernova e publicada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo.

O acto tivo lugar no salón de actos da Real Academia Galega.

Estiveron presentes: Elena Zernova; Xosé María Paz Gago; María Xosé Bravo, Concelleira de Cultura do concello da Coruña e Marisol López Martínez, Secretaria Xeral de Política Lingüística

17 de xullo de 2009: con motivo da conmemoración do 90 aniversario da sede de Euskaltzaindia, o presidente e o secretario da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Manuel González González, desprazáronse a Bilbao para estaren presentes neste evento. Ademais de celebrar o 90 aniversario, este encontro serviu para promover a interacción entre os traballos das academias.

6 de setembro de 2009: entrega do XXV PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS” á Real Academia Galega.

SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

I. SECCIÓN DE LINGUA: componse dos seguintes seminarios:

1. Seminario de Lexicografía

Creado en 1983.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

Durante o ano 2009 realizáronse as seguintes actividades:

1. Revisión da nova edición do Dicionario da RAG

Continuouse coa revisión do *Dicionario da Lingua Galega* da Real Academia Galega. Enviouse unha copia do texto aos académicos para o seu exame e corrección. Un número importante das discrepancias manifestadas por algún dos académicos están aínda sen dilucidar.

2. Emitiuse un número considerable de informes sobre cuestións lexicográficas a pedimento de organizacións, empresas e particulares.

3. Como consecuencia das conversas mantidas con diversos colectivos de homosexuais e transexuais, acordouse introducir modificacións nas entradas *homosexual*, *homosexualidade*, *matrimonio*, *pederasta*, *pederastia*, *inversión* e *invertido*, que quedan redactadas da seguinte maneira:

homosexual [ks] *adx.* 1. Que sente atracción sexual polas persoas do seu mesmo sexo. *Unha lesbiana é unha muller homosexual.* Tamén *s.* *Un homosexual.* 2. Propio da homosexualidade ou relativo a ela. *Relacións homosexuais.* ANT. **heterosexual**.

homosexualidade [ks] *s.f.* Atracción sexual polas persoas do mesmo sexo. *Nas súas películas adoita saír o tema da homosexualidade.*

matrimonio *s.m.* 1. Unión de dúas persoas feita legal por medio de cerimonia civil ou relixiosa. *Contraeron matrimonio polo rito da Igrexa católica.* 2. Situación ou estado dunha persoa ou dunha parella que se uniu en matrimonio. *Non lles vai ben no matrimonio.* 3. Parella unida en matrimonio. *Son cinco de familia, o matrimonio e tres fillos.*

pederasta *s.m.* Persoa que practica a pederastia. *Foi condenado por pederasta.*

pederastia *s.f.* Abuso sexual cometido por un adulto cun menor. *A pederastia está penada pola lei.*

inversión *s.f.* 1. Acción e efecto de inverter ou invertirse. *Ao facer a inversión das figuras, aparecían outras con significado diferente.* 2. Biol. Fenómeno polo cal un individuo dun determinado sexo, nun certo momento da súa vida, se transforma adquirindo caracteres e capacidades funcionais propias do outro sexo. *A inversión sexual dáse nalgúns peixes e anfibios, que se comportan coma machos nunha parte da súa existencia e coma femias noutra.* OBS. Para esta acepción utilízase tanto **inversión** coma **inversión sexual**.

invertido *-a part.* 1. Participio do verbo inverter. // *adx.* 2. Biol. Que padece inversión sexual. *Nesa poboación de anfibios atopouse un índice baixo de individuos invertidos.*

4. Publicouse o número dobre 30/31 (2008/2009) de *Cadernos de lingua*, co seguinte contido:

ARTIGOS

- X. H. COSTAS GONZÁLEZ, “A deturpación da toponimia galega do Eo-Navia”.
- S. DOMÍNGUEZ PORTELA, “*Olla e mira*, dous marcadores discursivos en tres linguas: portugués, galego e español”.
- A. B. ESCOURIDO PERNAS, “A prosodia de Camelle: descrición acústica dunha fala”
- A. RODRÍGUEZ GUERRA, “*A oración en galego medieval* (AOGM): O banco de datos sintácticos medievais do ILG”.
- E. DOMÍNGUEZ NOYA, FCO. M. BARCALA RODRÍGUEZ, M. A. MOLINERO, “Avaliación dun etiquetador automático estatístico para o galego actual: Xiada”.

RECENSIONÍS

- Petit atlas lingüístic del domini catalá*, J. VENY (M. González)
- Historia de la lengua gallega*, R. MARINÑO PAZ (E. Moscoso Mato)

2. Seminario de Sociolingüística

Creado en 1990.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvoltos:

Durante o ano 2009 no Seminario de sociolingüística realizouse a análise dos resultados das enquisas para a actualización do Mapa Sociolingüístico de Galicia na parte correspondente a Opinións e estereotipos lingüísticos en Galicia.

1. Preferencias motivacionais polas linguas en Galicia.

- 1.1.1. Comparación entre as preferencias motivacionais para falar e a lingua habitual
- 1.1.2. Preferencias motivacionais para falar segundo a lingua habitual
- 1.1.3. Preferencias motivacionais para falar segundo a idade
- 1.1.4. Preferencias motivacionais para falar segundo o nivel de estudos
- 1.1.5. Preferencias motivacionais para falar segundo o hábitat de residencia

- 1.1.6. Preferencias motivacionais para falar nas sete cidades principais
- 1.1.7. Preferencias motivacionais para falar segundo o xénero
- 1.2. Preferencias motivacionais para ler
 - 1.2.1. Comparación entre as preferencias motivacionais para a lectura e a lingua de lectura habitual
 - 1.2.2. Preferencias motivacionais na lectura segundo a lingua habitual
 - 1.2.3. Preferencias motivacionais na lectura segundo a idade
 - 1.2.4. Preferencia motivacional na lectura segundo o nivel de estudos
 - 1.2.5. Preferencia motivacional na lectura segundo o hábitat de residencia
 - 1.2.6. Preferencia motivacional na lectura nas sete cidades principais
 - 1.2.7. Preferencias motivacionais na lectura segundo o xénero
- 1.3. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe no ensino obrigatorio
 - 1.3.1. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe
 - 1.3.2. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe segundo a idade
 - 1.3.3. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe segundo o nivel de estudos
 - 1.3.4. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe segundo o hábitat de residencia
 - 1.3.5. Preferencia motivacional polo modelo educativo bilingüe nas sete cidades principais
 - 1.3.6. Preferencias motivacionais polo modelo educativo bilingüe segundo o xénero
- 1.4. Preferencias motivacionais nos medios de comunicación e nas TIC
 - 1.4.1. Comparación entre as preferencias motivacionais polas linguas nos xornais, a lingua preferida na lectura xeral e a lingua de lectura habitual
 - 1.4.2. Preferencias motivacionais polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC segundo a lingua habitual
 - 1.4.3. Preferencias motivacionais polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC segundo a idade

- 1.4.4. Preferencia motivacional polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC segundo o nivel de estudos
- 1.4.5. Preferencias motivacionais polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC segundo o hábitat de residencia
- 1.4.6. Preferencia motivacional polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC nas sete cidades principais
- 1.4.7. Preferencias motivacionais polas linguas nos medios de comunicación e nas TIC segundo o xénero
- 5. Preferencias motivacionais polas linguas nas situacións formais
 - 1.5.1. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos segundo a lingua habitual
 - 1.5.2. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos segundo a idade
 - 1.5.3. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos segundo o nivel de estudos
 - 1.5.4. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos segundo o hábitat de residencia
 - 1.5.5. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos nas sete cidades principais
 - 1.5.6. Preferencias motivacionais polas linguas nos contratos segundo o xénero
 - 1.5.7. Preferencia motivacional polas linguas para os oficios no casamento segundo a lingua habitual
 - 1.5.8. Preferencias motivacionais polas linguas para os oficios no casamento segundo a idade
 - 1.5.9. Preferencias motivacionais polas linguas para os oficios no casamento segundo o nivel de estudos
 - 1.5.10. Preferencias motivacionais polas linguas para os oficios no casamento segundo o hábitat de residencia
 - 1.5.11. Preferencias motivacionais polas linguas para os oficios no casamento nas sete cidades principais
 - 1.5.12. Preferencias motivacionais polas linguas para os oficios no casamento segundo o xénero
- 2. Opinións sobre lingua e sociedade en Galicia
 - 2.1. Lingua que deben falar os galegos
 - 2.1.1. Lingua que deben falar os galegos segundo a lingua habitual
 - 2.1.2. Lingua que deben falar os galegos segundo a idade

- 2.1.3. Lingua que deben falar os galegos segundo o nivel de estudos
- 2.1.4. Lingua dos galegos segundo hábitat de residencia
- 2.1.5. Lingua que deben falar os galegos nas sete cidades principais
- 2.1.6. Lingua que deben falar os galegos segundo o xénero
- 2.2. Lingua propia de Galicia e identidade galega
 - 2.2.1. Lingua propia de Galicia e identidade galega segundo a lingua habitual
 - 2.2.2. Lingua propia de Galicia e identidade galega segundo a idade
 - 2.2.3. Lingua propia de Galicia e identidade galega segundo o nivel de estudos
 - 2.2.4. Lingua propia de Galicia e identidade galega segundo o hábitat de residencia
 - 2.2.5. Lingua propia de Galicia e identidade galega nas sete cidades principais
 - 2.2.6. Lingua propia de Galicia e identidade galega segundo o xénero
- 2.3. Valoración da evolución histórica do uso oral do galego
 - 2.3.1. Valoración da evolución histórica do uso oral do galego segundo a lingua habitual
 - 2.3.2. Valoración da evolución histórica do uso oral do galego segundo a idade
 - 2.3.3. Valoración da evolución histórica do galego segundo o nivel de estudos
 - 2.3.4. Valoración da evolución histórica do uso oral galego segundo o hábitat de residencia
 - 2.3.5. Valoración da evolución histórica do galego nas sete cidades principais
 - 2.3.6. Valoración da evolución histórica do galego segundo o xénero
- 2.4. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego
 - 2.4.1. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego segundo a lingua habitual
 - 2.4.2. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego segundo a idade
 - 2.4.3. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego segundo o nivel de estudos

- 2.4.4. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego segundo o hábitat de residencia
- 2.4.5. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego nas sete cidades principais
- 2.4.6. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego segundo o xénero
- 2.5. A responsabilidade na situación do galego
 - 2.5.1. A responsabilidade na situación do galego segundo a lingua habitual
 - 2.5.2. A responsabilidade na situación do galego segundo a idade
 - 2.5.3. A responsabilidade na situación do galego segundo o nivel de estudos
 - 2.5.4. A responsabilidade na situación do galego segundo o hábitat de residencia
 - 2.5.5. A responsabilidade na situación do galego nas sete cidades principais
 - 2.5.6. A responsabilidade na situación do galego segundo o xénero
- 2.6. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa
 - 2.6.1. Razóns para elixir unha das dúas linguas como lingua de interacción cos fillos
 - 2.6.2. Razóns para elixir as dúas linguas como lingua de interacción cos fillos
 - 2.6.3. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa segundo a lingua habitual
 - 2.6.4. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa segundo a idade
 - 2.6.5. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa segundo o nivel de estudos
 - 2.6.6. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa segundo o hábitat de residencia
 - 2.6.7. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa nas sete cidades principais
 - 2.6.8. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa segundo o xénero
- 2.7. Comparación das opinións sobre lingua e sociedade entre o MSG-92 e o MSG-04
 - 2.7.1. Lingua que deben falar os galegos

- 2.7.2. Lingua propia de Galicia e identidade galega
- 2.7.3. Valoración da evolución histórica do uso oral do galego
- 2.7.4. Valoración das medidas para favorecer o uso do galego
- 2.7.5. A responsabilidade na situación do galego
- 2.7.6. Lingua que se lles debe falar aos nenos na casa
- 3. Estereotipos dos galegos sobre os galegos e sobre os españois
 - 3.1. Estereotipos dos galegos sobre os galegos
 - 3.2. Estereotipos dos galegos sobre os españois
 - 3.3. Modelo multidimensional dos estereotipos sobre os galegos e sobre os españois

3. Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)

Creado en 1996.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

Durante o ano 2009, o traballo do Servizo Galego de Terminoloxía científico-técnica (TERMIGAL), dentro da RAG, centrouse especialmente nos seguintes aspectos:

1. Colaboración con Microsoft:

Asesoramento terminolóxico para a elaboración dun glosario multilingüe sobre as enfermidades da patata, a pedimento do Consello Regulador de Patata de Galicia.

Revisión do glosario inicial de termos de Windows 7 e Office 14.

Confección da guía de estilo para os localizadores de Windows 7 e Office 14.

Asesoramento terminolóxico para a localización ao galego de Windows 7 e Office 14.

Creación da listaxe de termos politicamente correctos que se van incluír en Windows 7 e Office 14.

Tradución da lista de topónimos que se van incluír en Windows 7 e Office 14.

Revisión da calidade da tradución de Windows 7, iniciada en decembro de 2009 e con data de entrega prevista para o 14 de xaneiro de 2010. Este proxecto ten por obxectivo velar pola calidade lingüística, adecuación terminolóxica e mellora da coherencia interna do sistema operativo.

2. Asesoramento terminolóxico do vocabulario castelán-galego de rugby, a pedimento do club deportivo Ourense Rugby.
3. Terminoloxía galega do motor. Elaborouse unha base de datos sobre a terminoloxía do motor do automóbil, que presenta os campos: entrada en galego, categoría gramatical, a súa definición, exemplo ilustrativo, e as posibles correspondencias desta en seis linguas (castelán, portugués, inglés, francés, catalán e italiano).
4. Dicionario galego das TIC. Termigal participou na elaboración deste Dicionario que consta de máis de 4000 termos pertencentes ás tecnoloxías da información e da comunicación. Esta obra foi coordinada polo Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, e nela participaron uns 30 especialistas da Universidade de Vigo ou adscritos ao Colexio de ET. O traballo realizouse integramente dunha maneira telemática, e a obra foi aberta ao público o día 15 de decembro de 2009.
5. Dicionario galego de bioloxía. Proxecto realizado en colaboración coa Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Consta duns 2000 termos coas súas definicións e equivalentes en castelán e inglés. A obra está practicamente concluída, e neste momento atópase en proceso de revisión.
6. Vocabulario galego de gastronomía e alimentación. Iniciouse a revisión da base de datos de gastronomía e alimentación. Este proxecto consta de aproximadamente 3200 conceptos, inclúe definicións e recolle as equivalencias en castelán e en inglés, aínda que tamén se documentan as doutras linguas (portugués, francés, italiano e catalán) que se incluírán na versión en liña do dicionario. Na actualidade este proxecto atópase en estado de revisión: adecuación das definicións existentes á información recollida na lexislación (Códex alimentarius, regulamentos técnico-sanitarios, directivas comunitarias etc.), exame polo miúdo de cada rexistro, elaboración de informes puntuais sobre os termos problemáticos e presentación e resolución destes problemas nas reunións semanais.
7. Asesoramento terminolóxico para a elaboración dun glosario multilingüe sobre as enfermidades da pataca, a pedimento do Consello Regulador de Pataca de Galicia.
8. Revisión de textos para a páxina web do Colexio Notarial de Galicia.
9. Sección de consultas: consulta de dúbidas terminolóxicas sobre os distintos campos de especialidade é, sen ningunha dúbida, a sección

do Servizo que crece dunha maneira máis notable, tanto as realizadas por vía telefónica como as realizadas por correo electrónico.

Durante o ano 2009 atendéronse máis de 2000 consultas de terminoloxía puntual, procedentes das administracións autonómica, local e do Estado, das tres Universidades Galegas, de empresas non só radicadas en Galicia, senón tamén fóra do territorio da Comunidade Autónoma, de tradutores, escritores, etc. A atención deste servizo de consultas para resolver necesidades inmediatas ocupa cada vez unha porcentaxe maior dos recursos de TERMIGAL, xa que unha parte importante das consultas necesitan un estudo previo por veces de certa complexidade que alicercen a toma de decisión por unha proposta determinada.

En canto aos ámbitos científicos de maior volume de consultas foron os das Ciencias Naturais (Botánica e Zooloxía), a informática; o mundo relacionado coa hostalaría (especialmente a gastronomía e a alimentación), a industria das artes gráficas, da madeira e da metalurxia e o mundo da economía e da empresa.

Aínda que o servizo de terminoloxía non ten como función a realización de traducións, aténdense de maneira regular as traducións de documentos procedentes de organismos públicos que necesitan un especial coidado terminolóxico.

10. Sección de documentación: mantense unha continuada actualización da sección de documentación, de maneira que se procura non só que non falte ningún dos traballos terminolóxicos realizadas referidos á lingua galega, senón tamén contar coas obras de referencia máis importantes referidas á teoría e práctica do traballo terminolóxico. Enviáronse distintos informes sobre a bibliografía existente en determinados campos temáticos, como por exemplo, matemáticas, arquitectura, automoción, deportes, dereito, alimentación etc.

11. Publicacións e participación en reunión científicas durante o ano 2009:

Fresco Barbeito, V.: “Transliteración e adaptación do árabe: aplicación terminolóxica”, *Cadernos de lingua* 29 (2007), 5-43.

González González, M.: “Curiosidades en torno a los vocablos científicos”, *Jornadas de la Pierre Fauchard Academy* 2009. Noia, 1-2 maio 2009.

González González, M.: “A terminoloxía na normalización do galego na xustiza”, *II Xornada “Xustiza e Lingua”*, Colexio de Avogados de Santiago. Santiago, 30-10-2009.

Presentáronse dúas comunicacións no *IV Congreso da AIETI: Traducir na fronteira* sobre o método de transliteración e adaptación de arabismos e de niponismos no galego, que se publicarán nas actas do congreso.

12. Actividades de divulgación: participación nun programa de *Ben Falado* da TVG, dedicado ao Servizo de Terminoloxía Galega.

4. Seminario de Gramática

Creado no ano 2000.

Directora: D.^a Rosario Álvarez Blanco.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

A elaboración dunha gramática e un dicionario forma parte da misión que marca o nacemento da Real Academia Galega. Cumprido xa un século desde aquel momento inaugural, os seus estatutos seguen situando en primeiro lugar o obxectivo da elaboración da norma gramatical, ortográfica e fónica.

Nos últimos anos, un equipo de gramáticos, coordinado por Rosario Álvarez, ten o cometido de elaborar a gramática institucional da RAG; o equipo, que permanece coa mesma composición desde o inicio, definiu os seus criterios e obxectivos en Álvarez/Monteagudo 2004. A gramática académica que se pretende é unha gramática de referencia, que describe o galego estándar e o “bo” uso da lingua; non se programa como unha gramática prescritiva senón cunha gramática descritiva, mais así a todo debe orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística.

Da súa natureza nace tamén a súa dificultade, pois a gramática da RAG non pode ser unha gramática máis. Os promotores e os redactores son conscientes de que calquera texto gramatical emanado da institución que ten a autoridade en materia normativa vai ser entendido cun forte carácter prescritivo. Son conscientes tamén de que o usuario vai demandar dese texto unha luz que disolva os seus problemas, polo que se sentirá defraudado sempre que o texto non o guíe nas súas dúbidas. Por tanto, o novo texto ten que ser descritivo do estándar, e para iso é preciso definir que é ou non é “estándar”, mais alá da norma morfolóxica que marcan as *Normas*. Como se indica no inicio do texto normativo, o estándar debe ser fiel á lingua falada e asentado na tradición, ademais de ser congruente coas outras linguas románicas, nomeada-

mente o portugués. No ano 2009, Álvarez, González e Xove dedicaron gran parte da súa investigación ó estudo determinados problemas gramaticais na lingua do século XIX, os dous primeiros centrados nas décadas iniciais e o terceiro en todo o período, incluídas as primeiras décadas do século XX. Cidrás e Regueira, por outra banda, afrontaron o estudo dos procesos de cambio lingüístico detectables no galego actual, un no campo da sintaxe e outro do plano fonético e fonolóxico; os resultados inmediatos foron publicados en forma de senllos artigos (*ELG* 2009), pero tamén terán traslación de xeito diferente ó texto da gramática académica.

Asemade, a gramática da RAG debe informar sobre a corrección lingüística e orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística. Como xa foi sinalado en anterior ocasión, o equipo redactor non sempre atopa na bibliografía bases seguras que lle permitan ir máis aló da respectiva experiencia como falantes dos seus membros, polo que debe concentrar o labor en investigacións puntuais, que vén a luz en forma de artigos ou comunicacións (poñamos como exemplo os dous publicados por Álvarez/Xove en 2009 sobre os adv. *acó* e *aló*).

O auxilio ó equipo vén tamén por parte da base de datos de construcións semánticas e sintácticas dos verbos galegos máis frecuentes, dentro do proxecto *Construcións verbais e sintaxe da oración*, resultado dunha cooperación entre o ILG e o Seminario de Gramática. No ano 2009 apenas se incrementou a base con novas análises de rexistros, labor que esperamos retomar ó comezo do ano 2010. En troques, fíxose traballo de síntese a partir dos datos introducidos anteriormente; véxase, como mostra, o artigo de María Pereira, bolseira do Seminario de Gramática, en *ELG* 2009 (construcións dos verbos *oír* e *escoitar*).

5. Seminario de Onomástica

Creado en 2001.

Director: D. Antón Santamarina Fernández.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

A Comisión de Onomástica, a través do seu membro e académico de número, D. Xesús Ferro Ruibal, durante o ano 2009, elaborou numerosos informes solicitados por institucións xurídicas e particulares referidos, os máis deles, a establecer a forma galega correcta dun nome ou dun apelido, entre os que figuran:

Nomes: Abraam, Adrián, Arira, Calixtino, Iago, Inacio, Juan, Roxelio, Salvador, Vanessa e Xesús

Apelidos: Bertebouros, Dapena, Maio, Mauriz, Quintairo, Reme-seiro, Roxo, Sestayo, Vixande.

Outros termos: Galiza, ONG, labrego, Oia e diversa documentación oficial da Policía de Galicia.

6. Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia

Creados en 1993.

Director: D. Francisco Fernández Rei

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Colaboración: Universidade de Santiago de Compostela

Os cursos desenvolvéronse de acordo co programa previsto que se aprobou na reunión da comisión de seguimento do 28 de maio do 2009.

1. Participantes e países

Foron 100 os alumnos e alumnas que participaron nos cursos, procedentes dos seguintes países: Alemaña, Arxentina, Brasil, Reino Unido, República Checa, Chile, Costa Rica, Croacia, Cuba, Eslovenia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Indonesia, Italia, Marrocos, México, Polonia, Porto Rico, Portugal, Romanía, Rusia, Serbia, Ucraína e Venezuela.

2. Recepción e asignación de nivel

O mércores 2 de xullo, data de chegada do alumnado, na secretaría dos cursos instalada no seminario A do Instituto da Lingua Galega foise recibindo, a partir das dez da mañá, a cada un dos alumnos e alumnas para lles entregar o material didáctico e outro material, así como a documentación das bolsas a aqueles ós que se lles concedera.

Ás 16 h da tarde realizáronse no salón de actos da Facultade de Filosofía da USC as probas para coñecer o nivel do alumnado, especialmente para quen tiña realizado un nivel dentro destes cursos de verán. Á tarde baixa procedeuse á distribución dos grupos que, despois dalgún reaxuste, quedaron do seguinte xeito:

- Elemental A (20 estudantes): un curso teórico e práctico
- Elemental B (18 estudantes): un curso teórico e práctico
- Medio A (23 estudantes): un curso teórico e práctico

- Medio B (21 estudantes): un curso teórico e práctico
- Curso superior de Filoloxía Galega (18 estudantes)

O mesmo día 2, entre 17:30 e as 19:30 uns 50 estudantes fixeron unha visita opcional ó Museo do Pobo Galego e ó Panteón de Galegos Ilustres. Dividíronse en dous grupos, que guiaron a secretaria dos cursos de verán (Malores Villanueva) e o director dos cursos (Francisco Fernández Rei).

O día 3, das 17,30 h ás 19,30 h o historiador Miguel Anxo Seixas impartiu a conferencia “Un paseo por unha terra e un tempo”, que consistiu nun percorrido polas prazas e monumentos máis significativos do casco antigo de Santiago de Compostela, con explicacións sobre a arte e a historia de Santiago e de Galicia. Acompañouno en todo o percorrido Malores Villanueva.

3. Inauguración dos cursos

O venres 3 de xullo, despois das clases teóricas da mañá, realizouse ás 12:00 h o acto oficial de apertura dos cursos de verán no Salón de Graos da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, na praza de Mazarelos.

No acto interviñeron o Vicerreitor de Profesorado e Organización Académica da USC (D. Juan Viaño), o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (D. Anxo Lorenzo Suárez), o Secretario da Real Academia Galega (D. Manuel González González), a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC (D.^a Rosario Álvarez) e o Director dos cursos (D. Francisco Fernández Rei).

4. Actividades académicas

As actividades académicas con carácter obrigatorio realizáronse co seguinte horario e esquema en aulas da Facultade de Xeografía e Historia da USC:

- a) De 9:30 h a 11:30 h clases teóricas para todos os grupos na aula 9 (Elemental A), aula 11 (Elemental 2), aula 13 (Medio 1), aula 14 (Medio 2) e aula 6 (Superior).
- b) De 12:00 h a 13:30 h: conferencia sobre algún tema de cultura galega ou ben proxección de documentais ou películas, que nalgúns casos tiñan relación co tema que se ía tratar na conferencia do seguinte día. Realizáronse todas na aula 12.
- c) De 16:00 h a 17:30 h: clases prácticas para os grupos dos niveis elemental e medio nas correspondentes aulas dos grupos teóricos.

O día 3 parte das actividades académicas tiveron que realizarse noutras aulas da Facultade de Xeografía e Historia ou ben na Facultade de Filosofía.

De 16:00 h a 20:00 h a biblioteca do Instituto da Lingua Galega estivo a disposición do alumnado dos cursos, especialmente para os do curso superior no horario en que os demais estudantes tiñan as clases prácticas. Polas tardes encargouse da biblioteca foi Lucía Doval Iglesias, mentres que de mañá ocupouse Flori Xoubanova.

4.1. Profesorado

A distribución do profesorado dos niveis elemental e medio foi a seguinte:

Elemental A:

Raquel Alonso Parada (teoría)

Noelia Estévez Rionegro (práctica)

Elemental B

María Pereira Maceda (teoría)

Xurxo Martínez González (práctica)

Medio A:

Ana Fachal Fragueta (teoría)

Verónica Rúa Garrido (práctica)

Medio B:

Mari Carme Pazos Balado (teoría)

Rosa Mouzo Villar (práctica)

4.2. Curso Superior de Filoloxía Galega

Desenvolveuse co profesorado e temas que se indicaran na comisión de programación:

- I. Seminario impartido polos profesores Xesús Alonso Montero e Xo-sé Manuel Salgado (3, 6, 7, 8 de xullo): *Leccións de literatura galega*.
- II. Seminario impartido pola profesora Carme Hermida Gulías (10, 13, 14, 15, 16 de xullo): *Historia da lingua galega*.
- III. Seminario impartido polo profesor Xosé Luís Regueira (17, 20, 21, 22, 23 de xullo): *Problemas de gramática galega*.
- IV. Seminario impartido pola profesora Rosario Álvarez (23, 24, 28, 29, 30 de xullo): *Variación e cambio lingüísticos no galego actual*.

4.3. Conferencias

Os temas e os conferenciantes estiveron a cargo dos seguintes profesores ou investigadores:

- 6 de xullo: Henrique Monteagudo: *Situación e evolución socio-lingüística en Galicia*. Presentación de Malores Villanueva.
 - 8 de xullo: Xesús Alonso Montero: *Sobre as Cartas de repúblicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 10 de xullo: Xosé Ramón Barreiro: *Levantamento de 1846 e a evolución do galeguismo*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 13 de xullo: Mar Llinares: *Mitoloxía popular en Galicia*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 15 de xullo: Xosé Manuel Salgado: *Compostela na literatura. A presenza da cidade de pedra nos textos de Rosalía, Cabanillas, Otero Pedrayo e Méndez Ferrín cun colofón de Federico García Lorca*. Presentación de Malores Villanueva
 - 17 de xullo: Xosé M.^a Lema Suárez: *Percorrido cultural pola Costa da Morte*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 20 de xullo: Antón Dobao: *Unha anomalía necesaria: audiovisual en Galicia*. Presentación de Malores Villanueva
 - 22 de xullo: Xosé Manuel Beiras: *A economía galega hoxe*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 24 de xullo: Xosé Luís Méndez Ferrín: *Función de Madrid como centro de renovación cultural de Galicia no exilio*. Presentación de Malores Villanueva
 - 27 de xullo: Montse Ribera (Grupo Leilía): *Leilía e o canto tradicional*. Presentación de Francisco Fernández Rei
 - 29 de xullo: Rosa Aneiros: *Escribir, ler, soñar: pero onde vive Dinis agora?* Presentación de Malores Villanueva.
- 4.4. Películas e documentais
- Fixéronse as proxeccións seguintes:
- 7 de xullo: Filme de Ignacio Vilar: *Pradolongo* (100 min.). Presentación de María Pereira Maceda
 - 9 de xullo: Ópera *O arame, ópera nun acto* (texto de Manuel Lourenzo) (68 min.). Presentación de Mari Carme Pazos Balado.
 - 14 de xullo: Documental de Víctor Coyote: *Afranio* (60 min.). Presentación de Xoán Carlos Domínguez Alberte
 - 16 de xullo: Documental de Rubén Pardiñas: *Fronteiras* (58 min.). Presentación de Francisco Fernández Rei

- 21 de xullo: Filme de Antón Dobao: *O clube da calceta* (90 min.). Presentación de Rosa Mouzo Villar
- 23 de xullo: Filme de José Luís Cuerda: *A lingua das bolboretas* (95 min.). Presentación de Ana Fachal Fraguela
- 28 de xullo: Filme de Antón Dobao: *A mariñeira* (90 min.). Presentación de Francisco Fernández Rei

5. Actividades extraacadémicas

A partir das 18 h realizáronse diversas actividades extraacadémicas con carácter voluntario. Salientamos soamente as que dalgún xeito se relacionan con actividades académicas dos cursos:

- a) 15 de xullo, 20 horas. Asistencia en Padrón ó acto *Commemoración do 124º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro*, organizado pola Fundación Rosalía de Castro. Acudiron máis de 50 estudantes dos diversos niveis, acompañados no acto pola secretaria Malores Villanueva e o director dos cursos Francisco Fernández Rei.
- b) 16 de xullo, ás 18 horas. Uns 60 estudantes visitaron en dous grupos a redacción do xornal compostelán *Galicia Hoxe* e os estudos de Correo TV e Radio Obradoiro. O director e a secretaria dos cursos acompañaron cada un dos grupos nesa visita.
- c) O mércores 22 de xullo catro estudantes (tres do grupo medio Beun do superior), xunto coa secretaria dos cursos, participaron na gravación do programa “Máis berberechos”, que a Radio Galega emitiu o 25 de xullo das doce da noite á unha da madrugada.

6. Excursións

Realizáronse tres excursións de xornada completa, tres sábados, co percorrido que en liñas xerais se indicara na sesión de programación.

A primeira excursión (4 de xullo) foi ó Museo de Víctor Corral de Baamonde (Begonte), Penas de Rodas (Begonte), San Paio de Narla (Friol), Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), Pedregal de Irimia (Meira), castro de Viladonga e cidade de Lugo. Fixo de guía en todo o percorrido Felipe Senén (ex director do Museo Arqueolóxico da Coruña e actualmente Técnico de Xestión Cultural e Museólogo da Deputación da Coruña). A secretaria e o director dos cursos de verán participaron na excursión.

A segunda excursión (11 xullo) foi a Cedeira, onde se visitou o castelo da Concepción, con explicacións do seu guía, Gonzalo; a Santo André de Teixido e ó mirador da Garita Herbeira (en plena Capelada); logo a Cariño, onde pola tarde se visitou a fábrica de conservas “La Pureza”, guiados pola súa propietaria Ana Docanto, e finalmente visitouse o Cabo Ortegal.

A guía xeral da excursión foi Ana Fachal (profesora do grupo medio A e concelleira de Turismo e Medio Ambiente en Cariño). Tamén participaron na excursión o director dos cursos e a profesora dos grupo medio B Carme Pazos.

A terceira excursión (18 xullo) foi a Muros (casco antigo e igrexa parroquial), Carnota (hórreo), Fisterra (porto e faro), Muxía (igreja da Virxe da Barca e Pedra de abalar), dolmen de Dombate e castro de Borneiros (Cabana de Bergantiños).

A excursión guiouna Xosé María Lema Suárez (Catedrático de Xeografía e Historia e Presidente do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte), agás en Fisterra onde o guía foi Francisco Manuel López “Alexandre Nerium” (mariñeiro-poeta e actualmente guía do museo da pesca do castelo de San Carlos de Fisterra) e no dolmen de Dombate, onde Ángel Eiroa (da Deputación da Coruña) deu as explicacións pertinentes. Tamén participaron na excursión a secretaria e o director dos cursos, a bibliotecaria dos cursos Lucía Doval e a profesora do grupo medio B Rosa Mouzo.

7. Xantar de irmandade

Programárase a celebración dun xantar de irmandade e confraternización entre o estudantado e o profesorado do curso para o 24 de xullo ó ar libre no recinto do Xirimbao, á beira do río Ulla, no concello de Teo. Celebrouse ese mesmo día, pero polo mal tempo houbo que facelo na Casa Común de Oza, amplo e soleado local social que coa infraestrutura necesaria nos cedeu o concello de Teo. O alumnado puido coñecer unhas das periferias de Santiago e particularmente a zona onde se desenvolveu a Batalla de Cacheiras, feito histórico relacionado co alzamento de 1846, tema que tratou o presidente da RAG na súa conferencia.

Despois do xantar, e durante varias horas, houbo diversas actividades de integración e un festival de cancións (e danza a cargo das estudantes gregas) no que participou todo o alumnado agrupado por países (e por rexións e nacionalidades no caso de España). Foi realmente exitosa a nova edición deste xa tradicional festival de Mundovi-

sión, tan ben levado pola secretaria dos cursos Malores Villanueva, e que se fechou coa actuación sorpresa do coro do grupo medio B dirixido polas profesoras Carme Pazos e Rosa Mouzo.

8. Clausura dos cursos

O acto de clausura tivo lugar o día 30 de xullo, despois da revisión dos exercicios realizados e da cumprimentación das enquisas de avaliación.

Celebrouse no Salón de Actos da Facultade de Filosofía da USC, coa participación do Reitor da USC (Senén Barro), o Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia (José Alberto Díaz de Castro), o Presidente da Real Academia Galega (Xosé Ramón Barreiro Fernández), a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC (D^a. Rosario Álvarez) e o Director dos cursos (D. Francisco Fernández Rei). No acto entregáronse os diplomas de asistencia e tamén os diplomas de capacitación a quen superou as probas establecidas para cada nivel.

No remate do acto de clausura, igual que se fixera o día na inauguración, serviuse un refrixerio ás autoridades, ó profesorado e a todo o alumnado.

II. SECCIÓN DE HISTORIA

Creada en 1998.

Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Financiamento: Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

Na espera da publicación dos tomos restantes do epistolario de Murguía, o profesor e académico Xosé R. Barreiro Fernández, actual Presidente da Academia, está a preparar unha magna biografía de D. Manuel Murguía. Será esta obra unha obrigada referencia para aquilatar a personalidade intelectual e humana do historiador e ideólogo que contribuíu a construír a identidade de Galicia.

III. SECCIÓN DE LITERATURA

Creada en 1998.

Director: D. Xesús Alonso Montero.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

A RAG colaborou na investigación e posterior publicación dunha monografía que recolle as colaboracións de Emilia Pardo Bazán relacionadas co

Balneario de Mondariz. Na primeira parte da obra, Patricia Carballal recolle os artigos da escritora publicados en *Mondariz. Suplemento a La Temporada*.

Na segunda parte recolle aquelas colaboracións sobre Mondariz aparecidas en diferentes publicacións como *La Época* (Madrid), *El Imparcial* (Madrid) ou *Las Provincias* (Valencia).

No prólogo, a autora da antoloxía resalta as especiais relacións do establecemento da familia Peinador coa cultura galega e maiormente coa Academia.

Esta publicación inscríbese nun amplo programa de colaboracións históricas entre o Balneario de Mondariz e a Real Academia Galega.

BIBLIOTECA E HEMEROTECA

Creadas en 1905.

Director: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvoltos na Biblioteca e Hemeroteca:

1. Rexistro informatizado dos fondos bibliográficos, que serve de base á elaboración de numerosas listaxes e estatísticas.

Ingreso de fondos no 2009:

Doazón: 441 obras.

Intercambio: 229 obras.

Compra: 102 obras.

2. Envío mensual de avisos de recibimento e agradecemento a todos os particulares e institucións que nos remiten publicacións, xa sexa en concepto de doazón ou intercambio.

No 2009 enviamos un total de 3 cartas e 153 correos electrónicos de agradecemento.

3. Xestión das diversas doazóns (fondos repetidos) efectuadas dende a biblioteca.

No ano 2009 foron doadas 102 obras.

4. Xestión da base de datos de intercambios de publicacións entre a Real Academia Galega e diversas entidades, así como dos correspondentes envíos.

5. No capítulo de saídas temporais de fondos destacamos a achega bibliográfica e xestión do todo o relacionado coas seguintes exposicións:

Cidades en guerra, 1808-1814. Vigo na guerra de Independencia, organizada pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e o Concello de Vigo.

Cidades en guerra, 1808-1814. Pontevedra na guerra de Independencia, organizada pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e o Museo de Pontevedra.

Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo (Cambados e Pontevedra), organizada polo Concello de Cambados e o Museo de Pontevedra.

6. Colaboración bibliográfica coa Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, especialmente no referido á actividade *Os xoves da rúa Tabernas*.
7. Recolocación dos fondos bibliográficos situados no despacho do bibliotecario (agora tamén contabilidade), na segunda planta, que pasaron ás dependencias da biblioteca.
8. Dixitalización de fondos.

A tarefa máis importante levada a cabo no 2009 e á que dedicamos a maior parte do tempo foi a dixitalización de fondos.

Podemos distinguir dous grandes grupos.

- 8.1. Dixitalización de fondos bibliográficos e hemerográficos pertencentes na súa maioría ao fondo galego do século XIX.

Foi posible grazas ao “Convenio de colaboración entre a Cidade da Cultura de Galicia e a Real Academia Galega para a conservación e difusión do seu fondo bibliográfico e documental” (Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2008).

A empresa encargada de levar a cabo esta tarefa foi Informática El Corte Inglés, que desprazou o seu equipo material e humano ata as instalacións da RAG, onde levou a cabo a dixitalización de 811 monografías e 56 publicacións periódicas entre os meses de abril e setembro do 2009.

Pola nosa banda o traballo desenvolvido foi o seguinte:

- Selección do grupo de obras que se dixitalizarían, seguindo as directrices da Consellería de Cultura.
- Selección do exemplar concreto para dixitalizar no caso de existiren varios.
- Preparación dos exemplares. Houbo que desintonar 39 volumes.
- Proporcionar e recoller a cantidade de volumes estipulada periodicamente.
- Control de todo o proceso mediante unha base de datos.
- Facer constar no catálogo automatizado a nota de –dixitalizado– en todas as obras sometidas a este proceso.

8.2. Dixitalización do *Boletín da Real Academia Galega*.

Grazas a unha axuda solicitada e concedida no ano 2008 polo Ministerio de Cultura denominada: “Ayudas para la creación y transformación de recursos digitales y su difusión y preservación mediante repositorios” puidemos levar a cabo este ano o proxecto de dixitalización do *Boletín da Real Academia Galega*, anos 1906-1980 (núms. 1-360) así como a *Colección de Documentos Históricos*, editados co *Boletín*.

Ademais o proxecto incluíu a creación dunha aplicación que permite aos usuarios consultas sobre os fondos dixitalizados por diferentes campos (autor, título, ano, número e texto) a través da plataforma Web.

A empresa encargada da dixitalización foi Imaxin Software.

O noso traballo consistiu en:

- Especificación de contidos que será preciso ter en conta no deseño da aplicación destinada á consulta dos usuarios.
- Elaboración do texto de presentación da citada aplicación.
- Revisión de todas as pantallas de consulta, ao final do proceso, coas modificacións e suxestións pertinentes.
- Revisión dos Índices, en especial o referido aos nomes de autor, co fin de uniformizalos para evitar dispersións na información obtida.
- Elaboración da Xustificación da Axuda.
- Creación dos formatos Marc XML e Dublin Core dos distintos artigos do *Boletín* e *Documentos Históricos* (como complemento á xustificación da axuda) en colaboración con Imaxin.
- A nosa intención é que estes fondos estean proximamente accesibles a través da nosa páxina web.

9. Catalogación informatizada das monografías.

Incorporáronse ao catálogo de 360 novos volumes.

10. Atención de usuarios (consultas telefónicas, resposta de correos electrónicos ou atención na propia sala de lectura):

10.1. Información bibliográfica.

10.2. Consulta e reprodución de fondos segundo a normativa.

10.3. Tratamento informático destes datos de consulta e reprodución.

Este ano consultáronse 643 obras e realizáronse 334 reproducións, na súa maioría en formato dixital.

Ademais revisouse e modificouse lixeiramente a normativa e o formulario de pedimento de reprodución.

O Día da Letras Galegas, este ano dedicado a Ramón Piñeiro, centrou gran parte das consultas e reproducións e na sala de lectura reservouse un andel para expoñer todas as obras relacionadas dalgún xeito co homenaxeado.

ARQUIVO

Creado en 1905.

Director: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvoltos:

Ao longo do ano 2009 realizáronse os seguintes traballos técnicos:

1. Catalogación dos fondos documentais:
 - Angel del Castillo
 - D. Garcia Sabell
 - E. de la Roche Mille
 - Familia Góñez de las Riberas
 - Familia Fernández Insúa
 - Familia Bermúdez de Castro
 - Familia Villar Chao
 - María Casás
 - Oscar Correa Barceló
 - Correspondencia de Vaamonde Lores
 - Irmans de la Iglesia (entrega 2)
2. Catalogación dos fondos fotográficos:
 - Irmáns de la Iglesia
 - Sofía Casanova
 - X. Bóveda
 - E. Abente y Lago
 - J. Naya
 - Real Academia Galega. Actos.
3. Migración da base de datos de fotografías ao sistema de xestión documental ALBALA.
4. Corrección da migración fotográfica.
5. Corrección de fondos no Sistema Integrado para a Xestión de Arquivos ALBALA.
6. Estruturación e mantemento das coleccións.
7. Corrección da colección de pergameos.

8. Xestión das reproducións: 46 solicitudes.
9. Integración de 142 ms. na colección do Arquivo.
10. Colaboración coas seguintes institucións e actos: BMEL, Editorial Hércules, Concello do Grove, Exposición *Telón de Fondo*, Exposición *Ondas de Irmandade*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Filmanova, Exposición *Centenario do Asociacionismo mariñeiro en Sada*, Museo das Peregrinacións, Voz Audiovisual, Xornal de Galicia, Alvarellos editora, Concello de Ourense.
11. Rexistro de entrada
 - Compra:
 - 12 accións antigas.
 - Himno de Galicia e unha tarxeta de socio da Asociación de Amigos da Fala.
 - Doazón
 - Colección de fichas heráldico-xenealóxicas por Carmen Correa Barceló.
 - Fotografía de José Viale Moutinho por José Viale.
 - Documentación da Asociación Iniciadora e Protectora da RAG na Habana doazón de L. Alonso Girgado.
 - Documentación do Congreso X. M. Perez Parallé doazón da Asociación de Amigos de Barallobre.
 - Reprodución de documentación sobre o cerco de María Pita, doazón de C. Martín Velazquez (RDO Comunicación cultural).
 - Reprodución de documentación referente ao sable de Solís, doazón de I. Novoa Cisneros.
 - Parte do arquivo dos Irmáns de la Iglesia, doazón de R. Saurín de la Iglesia.
 - Reprodución dun programa sobre Álvarez Blázquez, doazón de Fernando Santos (TVG).
 - Fotografía da visita do Presidente da Xunta á RAG, doazón de A. Fernández Albalat.
1. Redacción de normas e procedementos.
 - Normas de consulta.
 - Procedemento de reprodución.
 - Procedemento de saída.
2. Atención a
 - 104 usuarios presenciais.
 - 100 consultas correo electrónico.
 - 25 consultas telefónicas.

MUSEO RAG

Creado en 1905.

1. Catalogación informatizada do patrimonio artístico da RAG, 83 novas referencias.
2. Xestión do patrimonio.
 - 2.1 Saídas temporais de fondos con destino ás seguintes exposicións:
 - *La Ciudad desde los tiempos de Alfonso IX*, organizada polo Concello da Coruña, 2 pezas:
Retrato fotográfico coloreado de D. Manuel Murguía.
Chistera de D. Manuel Murguía.
Rostros de Brigantium, organizada polo Concello d A Coruña, 1 peza:
Pendente Romano.
A Cidade na arte. A Coruña vista polos artistas. Organizada polo Museo de Belas Artes da Coruña, 1 peza:
Fonte da fábrica de mistos, óleo pintado en 1918 por Germán Taibo.
Cabanillas e os artistas galegos da súa época, organizada polo Museo de Pontevedra, 1 peza.
Retrato de D. Ramón Cabanillas por I. Díaz Pardo.
 - 2.2. Compactación na almacenaxe da colección, co fin de gañar espazo útil para a ampliación da mesma.
 - 2.3. Mantemento e limpeza da colección, xestión de traballos de restauración nas pezas máis danadas.
3. Atención de usuarios mediante correo electrónico e teléfono.
 - 3.1 Información sobre a colección.
 - 3.2 Consulta e reprodución dos fondos segundo a normativa.
 - 3.3 Tratamento informático das peticións de reprodución e consulta.
4. Rexistro de entrada:
 - Doazóns:
Reprodución dun Busto de Emilia Pardo Bazán realizado por Lorenzo Coullaut, doado por Mondariz Balneario.
Medalla e diploma XV premio “Celanova, casa dos poetas”.
Figura conmemorativa do 90 aniversario da Euskaltzaindia.

CONVENIOS, ACORDOS E CONTRATOS

Durante o ano 2009 a Real Academia Galega asinou unha serie de convenios de colaboración con distintas entidades co fin de desenvolver proxectos concretos:

- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o mantemento do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a organización da vixésimo segunda edición dos Cursos de verán de lingua galega para estranxeiros.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para traballos de lexicografía e da gramática galega.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para darlle continuidade ao equipo de traballo sociolingüístico.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o desenvolvemento dun proxecto de migración de fondos do seu arquivo histórico a unha nova aplicación informática.
- Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a informatización da biblioteca e o arquivo.
- Subvención da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a realización dos seus traballos a prol da normalización lingüística do idioma galego.
- Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e Real Academia Galega para o financiamento das actividades do ano dous mil nove.
- Acordo de colaboración entre Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín e a Real Academia Galega para contribuír ao financiamento da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Financiamento da edición do *Boletín da Real Academia Galega*, pola Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones, S.A.
- Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e o Concello de Laxe para a organización do fondo fotográfico Xosé Manuel Vidal, pertencente aos fondos do concello.
- Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e Microsoft para a inclusión do idioma galego.
- Convenio de colaboración entre Flora Pérez Marcote e a Real Academia Galega para a confección dun vestido para a exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

OUTRAS CONTRIBUCIÓN ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación y Ciencia. Secretaría de Estado de Universidades e Investigación (subvención destinada a financiar as actividades e funcionamento da Real Academia Galega).
- Ministerio de Cultura. Dirección General de Política e Industrias Culturales. Subdirección General de Promoción de Industrias Culturales y de Fundaciones y Mecenazgo (Axudas de acción e promoción cultural para a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán).

REPRESENTACIÓN DA RAG

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

- Consello da Cultura Galega.
- Consello de Comunidades Galegas.
- Consello Social da Lingua Galega (Concello de Vigo).
- Fundación Cidade da Cultura.
- Instituto da Lingua Galega.
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado.
- Padroado da Biblioteca Nacional.
- Padroado da Fundación Caixa Galicia.
- Padroado da Fundación Carlos Casares.
- Padroado da Fundación Castelao.
- Padroado da Fundación Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Padroado da Fundación Luís Seoane.
- Padroado da Fundación Manuel Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro.
- Padroado do Museo do Pobo Galego.
- Padroado da Fundación Camilo José Cela.
- Padroado da Fundación Otero Pedrayo.
- Padroado da Fundación Manuel Puente “Cultura Gallega” de Buenos Aires.

PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO

- Premio Antón Losada Diéguez.
- Premio das Letras e das Artes de Galicia.

- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres.
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo.
- Premio Otero Pedrayo.
- Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística e Premio para Investigadores Mozos (área de humanidades) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación.
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

- Arquivo do Reino de Galicia.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega.
- Asociación PuntoGal.
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Caixa Galicia.
- Caixanova.
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Concello da Coruña.
- Consello da Cultura Galega.
- Deputación da Coruña.
- Deputación de Lugo.
- Fundación Caixa Galicia.
- Fundación Luís Seoane.
- Fundación Otero Pedrayo
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Fundación Rosalía de Castro
- Fundación Rodríguez Iglesias.
- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.
- Grupo Radio Televisión de Galicia.
- Hércules de Ediciones.
- Instituto da Lingua Galega (ILG).
- Museo de Pontevedra.
- Museo do Pobo Galego.
- Parlamento de Galicia.
- P.E.N. Clube de Galicia.
- Universidade da Coruña.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Universidade de Vigo.
- Xunta de Galicia.

DOAZÓNS, DEPÓSITOS E ADQUISICIÓNS

13 de febreiro de 2009: Carmen Correa-Barceló Pérez-Escudero doou á Real Academia Galega unha colección de fichas manuscritas de contido heráldico-xenealóxico recompiladas e pertencentes ao seu pai D. Óscar Correa Barceló.

26 de marzo de 2009: María Rosa Saurin de la Iglesia doou á Real Academia Galega unha colección de manuscritos, impresos, revistas, libros, debuxos e outros documentos que completan o Fondo Irmáns de la Iglesia doado á Real Academia Galega nos anos 1941 e 1944 por Dña. Eladia de la Iglesia Santos.

1 de abril de 2009: Luís Alonso Girgado doou á Real Academia Galega diversa documentación da Asociación Iniciadora da Real Academia Galega en Cuba.

25 de setembro de 2009: María Rosa Cal Martínez doou á Real Academia Galega a seguinte documentación:

1. Un exemplar da súa tese de doutoramento titulada *A prensa alternativa en Galicia (1975-1984)*, lida na Universidade Complutense de Madrid en 1987.
2. Unha colección completa da publicación *Pumariño* (46 números) editada pola Asociación de Veciños de San Saturnino, entre 1976 e 1983.
3. Un exemplar da publicación *Xornalistas os nenos. Xornais escolares de Galicia 1975-1984*, da autoría de María Rosa Cal, Ferrol 2004.

30 de setembro de 2009: a Fundación Mondariz Balneario (FMB), e na súa representación D. Javier Solano Rodríguez-Losada, en calidade de Presidente da FMB doou á Real Academia Galega unha reprodución do busto de Emilia Pardo Bazán, realizado polo escultor Lorenzo Coullaut Valera a finais do século XIX, por encargo de Enrique Peinador Vela.

PUBLICACIÓNS DA RAG

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.), *MAPA sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. II: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: RAG, 2009.

LEDO ANDIÓN, M., *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega*. A Coruña: RAG, 2009.

Discurso de ingreso.

RIVAS BARRÓS, M., *A boca da literatura. Memoria, ecoloxía, lingua*. A Coruña: RAG, 2009.

Discurso de ingreso.



Gil Merino na década dos anos 50
(Colección da familia Fernández Gil-Merino)

D. ANTONIO GIL MERINO (1916-2009)

Lucía Fernández Gil-Merino

O día 18 de outubro do ano 2009 finou aos 93 anos de idade, na súa casa da Coruña, Antonio Gil Merino, historiador, arquiveiro, bibliotecario e membro numerario da Real Academia Galega.

Antonio Gil Merino nacera o 4 de xuño de 1916 nunha vila da provincia de Palencia chamada Castrillo de Villavega, á beira do río Valdavia, afluente do Pisuerga, e próxima ás localidades de Carrión de los Condes, Osorno ou Saldaña. En Castrillo vive os seus primeiros anos, no seo dunha familia culta e preocupada por darlles estudos universitarios aos seus fillos. A súa nai, Basilisa Merino, era ama de casa e o seu pai, Julian Gil, estudara maxisterio, música e comercio e exercerá de profesor en diferentes lugares de Cantabria. Antonio era o segundo de tres irmáns; a primeira, Rosario, morrera de cativa antes do nacemento de Gil Merino, polo que sempre desenvolveu o papel de irmán maior. Tivo despois outra irmá, Concepción, á que lle leva dous anos, que estudará Farmacia entre Valladolid e Santiago de Compostela. Aínda que soamente tres anos nesta localidade palentina, gardoulle sempre grande apegue, conservando a familia a súa casa de nacemento (e onde a súa irmá establecería a farmacia durante un tempo), polo que volveu para pasar moitos veráns ata o falecemento dos seus pais nos anos sesenta.

Debido precisamente á profesión do pai tiveron que mudar de residencia en varias ocasións. Os primeiros lugares foron no val de Soba, na provincia de Cantabria. Primeiramente Santayana, en 1919, onde o seu pai foi director da Fundación¹ Velasco, e un ano despois mudáronse a Hazas de Soba, onde viviron dende 1920 ata 1927 na casa-escola da Fundación Lastra, na que o seu pai era mestre e tamén director.

As primeiras lembranzas da súa nenez foron precisamente nesta paisaxe cántabra; as primeiras feiras en Espinosa de los Monteros, as neves invernaís que os deixaban incomunicados durante case un mes, os lobos que paseaban diante do “patín” da súa casa durante eses crús invernos, os seus primeiros “xoguetes”, como

1 Éstas fundacións eran creadas por indianos, como fundacións benéfico-docentes coa intención de ensinar estudos mercantís e de contabilidade a futuros emigrantes de diversas idades, sobre todo a América, para que non abusasen económica nin laboralmente deles. A fundación Velasco fora creada grazas ás doazóns de D. Dionisio García Velasco, e a de Hazas de Soba grazas ás de D. Cirilo Lastra Fernández.

un aro que era movido por un pau, e por suposto as súas primeiras trasnadas das que aínda lle quedaban cicatrices, como cando caeu do patín da escaleira da casa e se mancou no brazo, e que despois lles dicía ós seus netos: “é unha ferida da Guerra”, historias que nunca cansaba de contar.

É no ano 1927 cando a familia se muda a Ramales de la Victoria (Cantabria), novamente polo traballo do pai, esta vez na Fundación Orense². Namentres, Antonio estuda o bacharelato, facendo dous cursos nun, entre esta vila cántabra e o colexio dos P.P. Escolapios en Villacarriedo (Cantabria), ao que acode a estudar exclusivamente a materia de latín ata o ano 1932, sempre aconsellado polos coñecementos dos seus pais. Aos catorce anos vive o nomeamento da II República: “Ese día subíronnos a todos ao faiado porque os republicanos querían queimar o colexio”, acontecemento que recordaba ultimamente todos os anos o 14 de abril.

Nos anos 1932 ata 1936 estuda Filosofía e Letras na Universidade de Valladolid, sección de Historia, e licénciase no mes de xuño, pouco despois de facer os vinte anos. Nese mesmo ano, o 18 de xullo estala a Guerra civil española, co que o seu labor académico e laboral queda estancado ata a fin da contenda, tres anos despois.

Rematado o conflito, dende 1940 ata 1944 exerce como docente de bacharelato en institutos de Santander e Torrelavega (Cantabria). Durante eses anos frecuenta, na cidade de Santander, a Biblioteca Menéndez Pelayo, coa que sempre manterá boísima relación, carteándose durante moito tempo co que neses momentos era o seu director, o seu amigo Enrique Sánchez Reyes, e tamén posteriormente cun dos seus directores máis representativos D. Ignacio Aguilera Santiago. Participa tamén como asistente en diversos cursos de verán na Universidade Internacional de Santander, o que o levou a reorientar os seus estudos cara á historia das institucións e das ciencias auxiliares³, aconsellado novamente polo seu pai.

Comeza entón a preparar oposicións ao Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, que aproba no ano 1944 co número dous da súa promoción, dándolle facilidades para elixir destino. Decantouse pola cidade de Lugo, pois “tiña Galicia fama de boa comida”. A partir deste intre, a actividade cultural desenvolvida por Gil Merino comeza a ser sobresaínte, tanto na cidade coma na provincia lucense, e relaciónase con recoñecidos persoeiros como Álvaro Cunqueiro, Ferro Couselo, Antonio Fraguas, Marino Dónega, Santiago Montero Díaz....

2 Fundación sita en Ramales de la Victoria e creada pola doazón de D. Francisco de Paula Orense. Centro de Segunda Ensenanza y Estudios mercantiles.

3 “Antonio Gil Merino”, en *Enciclopedia Gallega*, pp. 29-30.

En Lugo establécese nun coñecido hotel do centro, hotel Doña Virtudes. Alí coñece a Josefina Meiriño San Martín, unha coruñesa aínda que *borinqueña* de nacemento, destinada tamén na cidade polo seu traballo na Comisaría de Abas-tecementos e Transportes, moi alegre, vital e valente, coa que inicia un noiva-do.

Nesta cidade é destinado como director da Biblioteca pública. Mais para a súa sorpresa dita biblioteca aínda non existía, e mentres tivo que exercer como Profesor Axudante do Instituto Masculino de Ensino Medio.

Durante a súa xestión creou a Biblioteca Pública Provincial Unificada, (1944) resultado da fusión nunha soa entidade da antiga biblioteca da Deputación e a creada polo Estado, previo acordo do Ministerio de Educación e a Corporación Provincial, co que conseguiu crear unha das mellores bibliotecas de Galicia⁴. Tamén foi nomeado director dos Centros Provinciais de Arquivos e Bibliotecas.

Dous anos despois é nomeado vogal do Padroado do Museo Provincial de Lugo, e no ano 1948 funda o Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas, co fin de fomentar a cultura a través do libro e das bibliotecas na provincia. Grazas a esta iniciativa creáronse bibliotecas municipais nas vilas e localidades máis importantes, ordenadas e catalogadas por este Centro Coordinador, que tamén se responsabilizaba da formación do persoal encargado de atendela⁵. Nese mesmo ano concédeselle o cargo de Xefe de Arquivo da Delegación de Facenda e nos anos seguintes é nomeado Secretario do Padroado Provincial para o Fomento de Arquivos, Bibliotecas e Museos, Secretario da súa Comisión Executiva, e vogal de Xunta do Museo Provincial, de Lugo.

No mes de agosto do ano 1949, e tras catro anos de noivado, contrae matrimonio con Josefina, “Fina”, na cidade da Coruña, aínda que o novo matrimonio vivirá algúns anos máis en Lugo, cidade na que estaban perfectamente integrados. Neste tempo nacen os seus dous fillos, Antonio e María José.

O 30 de maio de 1951 inaugúrase o Arquivo Histórico Provincial de Lugo⁶, creado pola súa propia iniciativa, con sede no Palacio Provincial, e do que sería o director. Ao ano seguinte, inaugúrase tamén unha importante sala da Biblioteca, pola doazón de D. Benito Menacho Ulibarri, a sala tomaría o seu nome. Durante esta etapa lucense realiza un importante número de exposicións e traballos, entre os que destacamos *Portugal en la obra de Méndez Pelayo*, co que

4 Gonzalez Catoyra, A., *Nuevas biografías coruñesas*. A Coruña: Imprenta Valladares, 1997, pp. 306.

5 Ibidem.

6 Arquivo creado por Orde do Ministerio de Educación Nacional, e como resultado dun longo proceso iniciado en 1938 polo Padroado Provincial de Arquivos, Bibliotecas e Museos, a partir da publicación do Decreto conxunto dos Ministerios de Graza e Xustiza e Instrución Pública e Belas Artes de 12 de novembro de 1931, polo que se crean os Arquivos Histórico Provinciais).

foi galardoado co premio Laverde Ruiz nun certame celebrado en Lugo no ano 1947 sobre as letras portuguesas.

Porén, a súa estancia en Lugo estaba preto de rematar. No ano 1954 a familia trasládase á Coruña, onde se asentan definitivamente por causa do seu traballo, e tamén por desexo da súa muller, Fina, que sempre quixo volver á súa cidade. Gil Merino pasou a ser, por concurso de méritos, Director do Arquivo do Reino de Galicia (no ano 1954) e da Casa da Cultura da Coruña (dous anos despois). A correspondencia recibida durante algún tempo demostra a boísima relación que tiña cos seus colegas de profesión, xa que son numerosísimas as felicitacións e ofrecementos polo seu novo cargo. Cando chegaron á cidade, o edificio no que se situarían as dependencias do arquivo aínda non estaba rematado, razón pola que estiveron vivindo un ano na rúa Rubine, na casa familiar de Fina.

Na década dos anos sesenta morren os seus pais e a súa irma traslada a súa farmacia a Madrid, polo que Gil Merino espaza moito máis as súas visitas ao pobo que o viu nacer, e deixan de veranear alí. É precisamente neste anos cando coñece Prexigueiro, unha pequena aldea de montaña preto de Ribadavia, na provincia de Ourense, da que procede o seu sogro. A partir dese intre quedará irremediabilmente unido a ela, rehabilita a casa familiar na que vai pasar longas tempadas no verán e á que invita moitos dos seus amigos e tamén colegas de profesión, onde teñen agradables faladoiros nun tempo e lugar de lecer.

No ano 1954, na súa chegada á cidade da Coruña, incorpórase ao seu traballo nos baixos do edificio do Palacio de Xustiza onde estaban os fondos documentais que posteriormente pasarían a estar no novo edificio de San Carlos. Atopou un arquivo desorganizado, de feito abandonado, a pesar de ter no pasado á súa fronte homes como Martínez Salazar ou Marcelo Macías, que dedicaron máis tempo á súa tarefa literaria que a facer o labor dun verdadeiro arquivo; ler, ordenar, clasificar, inventariar e gardar⁷.

En 1955, o entón xefe de Estado, Francisco Franco, inaugura o Arquivo do Reino de Galicia, A Casa da Cultura, como era chamado o edificio naqueles tempos. Alí comparten dependencias o Arquivo, a Biblioteca e o A.C.I. (Asociación Cultural Iberoamericana). O novo edificio acolle tamén as vivendas das familias de Gil Merino, e do bibliotecario Miguel González Garcés.

Xa no edificio de San Carlos, axudado por un equipo reducido de persoal, puxo en orden e clasificou toda a documentación existente no arquivo, dende pergamiños familiares e documentos de fundación medievais do século IX ata papeis máis recentes⁸ como é a causa do home lobo, Romasanta. Destacando o labor de Elvira Dugñol Villasonete, e co servizo anexo incorporado do Arquivo

7 González Catoyra, A., *Nuevas biografías coruñesas*. A Coruña: Imprenta Valladares, 1997, p. 306.

8 Ibidem.

da Audiencia Territorial da Coruña, procedeu a desdobrar enormes legaxos do fondo da Real Audiencia, que constituía o groso do arquivo, a súa organización, descrición en cédulas soltas, pasando a súa cifra de 5.000 a 34.000 caixas e legaxos. A súa guía para o investigador do Arquivo Histórico do Reino de Galicia⁹, publicada en 1968 pola Dirección Xeral de Arquivos e Bibliotecas, é boa proba da súa intensa actividade. Este tipo de publicacións son mostra material de que os arquivos e os seus fondos son algo vivo, que crece, que necesita poñerse ao día para aqueles arquivistas que necesitan información actualizada e completa.

Dende a súa chegada á cidade herculina o seu labor no Arquivo foi incesante. Sempre interesado en achegar a cultura a través do libro e da investigación, organizou algúns cursos sobre o traballo dos arquivistas e bibliotecarios, o interese sobre a conservación e a recuperación dos fondos arquivísticos, sobre fontes documentais, e sobre a utilización de novas tecnoloxías, como a informática ou as novas máquinas coas que se ía traballar (microfilme, etc.). Tamén destacou pola organización de congresos ou exposicións¹⁰ xa foran no Arquivo, ou co préstamo de documentos a outras Institucións.

Así mesmo, non podemos esquecer o interese que amosou en achegar o arquivo á xuventude, con visitas guiadas para estudantes, como por exemplo as que facían as alumnas do colexio feminino Calasanz no ano 1962, as que realizaban anualmente aos alumnos de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago baixo a tutela do catedrático D. Manuel Lucas Álvarez, ou as da Escola de Artes e Oficios, que el facía en compañía do seu compañeiro e amigo Vales Villamarín, e das que aínda quedan os agradecementos polas atencións prestadas

Era tamén habitual velo rodeado de xente nova e non tan nova, que acudía ao Arquivo do Reino para obter información tanto para libros, artigos, teses, estudos... aos que Gil Merino atendía cunha amabilidade e dedicación abraiante, axudándolles coa súa experiencia e sabedoría. Moitos deses escritores e investigadores mantiveron con Antonio unha excelentísima relación anos despois,

9 Gil Merino, A., *Archivo Histórico del Reino de Galicia: Guía del Investigador*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976, con prólogo de Vicenta Cortés Alonso. Na primeira publicación do ano 1968 contou coa colaboración de Elvira Dugnol e D. Antonio Matilla Tascón, Inspector Xeral de Arquivos, quen participou co prólogo. Sete anos máis tarde de publicarse a primeira guía do Investigador e coincidindo con ano do Bicentenario da Creación do Arquivo, Gil Merino confeccionou unha nova edición corrixida e aumentada da mesma, esta vez sen colaboradores e prologada pola entón Inspectora Xeral de Arquivos, Vicenta Cortés Alonso, coa que mantivo unha grande amizade.

10 Algunhas desas exposicións son: “España e as súas provincias”, do ano 1958; “A lingua de Galicia nos documentos medievais”, no 1978; “O constitucionalismo español” (exposición itinerante que chega ao Arquivo no ano 1979); no ano 1980 expónse “XV centenario do nacementos de San Benito de Nursia”; ao ano seguinte, “Cántabros, astures y galaicos” e “A comunicación nos mosteiros medievais”... e un longo etcétera.

algo que se pode comprobar en moitas cartas que pasado o tempo seguía recibindo (Maurin Mitchel, Laura Fernández de la Vega, María Rosa Saurin de la Iglesia...).

A súa presenza en actos culturais era habitual, normalmente convidábano a reunións, exposicións, actos, coloquios, congresos nacionais e internacionais, mostrase... e participaba activamente naqueles que así o requirían. Tamén era membro habitual do tribunal de Oposicións ao corpo de Facultativos Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos e Documetalistas.

O seu labor pronto sae das paredes do Arquivo, xa que son varias Institucións as que lle recoñecen o seu traballo cultural. Así, no ano 1954 é nomeado académico correspondente da Real Academia Galega, e vogal da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán tan só dous anos despois. Nun principio, a Institución estaba nas dependencias do Concello, ata que na década dos sesenta se muda á localización actual, na rúa Tabernas, número 11. A pesar de ir de cando en vez, o seu labor é destacable. Creou un grupo ao que lle ensinaba a catalogar mediante a *catalogación alfabética por autores*. No ano 1975, é proposto para académico numerario da Real Academia Galega polos seguintes académicos: Enrique Chao Espina, Antonio Meijide Pardo, Francisco Vales Vilamarín e Eugenio Torre Enciso. O 13 de decembro de 1975 le o seu discurso de ingreso sobre *La obra del Dr. D. Juan Francisco de Castro en la cultura gallega del siglo XVIII*, que foi contestado en nome da institución por Enrique Chao Espina.

No ano 1959, noméano membro da Academia de Genealogía Mota Padilla¹¹, primeira asociación xenealóxica de América latina, con sede en Guadalajara, México.

En 1964 é nomeado membro numerario do Instituto “José Cornide de Estudos Coruñeses¹²” e director da súa revista. Alí, dirixiu o inventario da abundante correspondencia de Salvador de Madariaga e o propio Instituto.

No ano 1965 confecciona unha relación de fondos de interese para a historia de España en arquivos italianos e para a historia de Italia en arquivos españois, pola que recibe a medalla ao mérito civil polo seu labor difusor da literatura e arte italiana polo goberno dese país.

No ano 1976 o Arquivo do Reino de Galicia convértese en membro institucional fundador do Padroado do Museo do Pobo Galego, celebrando o acto fun-

11 Fora erixida en memoria do primeiro historiador do Antigo Reino de Nova Galicia no Virreinato da Nova España, Matías Ángel de Mota Padilla (1688-1766), autor de *Historia de la Conquista del Reino de la Nueva Galicia* (1741).

12 A finalidade do Instituto e a razón do seu nome, que pretendía honrar a memoria do ilustre polígrafo coruñés José Cornide Saavedra, foi a de canalizar a actividade cultural de todas aquelas persoas interesadas no pasado, presente e futuro da Coruña, encamiñando os estudos da cidade cara a diversas áreas como: historia, tradicións, exaltación dos seus fillos ilustres...

dacional o 31 de xullo na cidade de Santiago de Compostela. Posteriormente, convértese en membro da asociación de ANABAD¹³.

As décadas dos setenta e oitenta son unha época feliz, pois aumenta a familia. Casan os seus fillos, Antonio con María José Matallín, e M.^a José con Ángel Fernández e nacen os seus netos. Non obstante no ano 1985 tense que xubilar aos 67 anos de idade. E tense que xubilar aos 67 anos, tras 3 décadas de intenso traballo, reflectido tamén nos 10 km de andeis de documentos e cinco mil fichas de catalogación. Supuxo un cambio radical no seu estilo de vida. Era un home ao que lle gustaba o seu traballo, estar arquivando e axudando á xente nos seus doutoramentos, teses... e non realizar diariamente esas tarefas causoulle unha pequena depresión. Mudouse coa súa muller á casa de Riazor, na que vivirá ata o ano 2009.

Pero a súa xubilación non é sinónimo de cesamento na súa actividade cultural. Un ano despois da mesma comeza a formar parte do Xurado do premio Nacional de Literatura Narrativa, ata o ano 1993. Así mesmo, tamén nese ano e tralo falecemento de Juan Naya, na Real Academia Galega comeza a ocuparse do arquivo e da biblioteca, aínda que haberá que agardar ao ano 1997 para que sexa nomeado oficialmente para o posto, cargo que ocupa ata o ano 2005.

Pero, por suposto, non podemos esquecer a súa produción bibliográfica, que sen ser o que máis define o seu traballo, é digna de mención. Os seus escritos aparecen publicados en diversas revistas científicas e profesionais, en prensa periódica local, actas de congresos.... Non ten unha liña de investigación, posto que son moitos e moi diversos os temas que abarca nos artigos. Así, podemos citar algúns relacionados cos arquivos, e da cultura escrita:

“Catálogo de la I exposición del Libro Lucense”, Lugo, 1945.

“El Archivo Histórico Provincial de Lugo”, *El Progreso* (11-VI-1950).

Incunables y libros raros del siglo XVI en la Biblioteca Provincial de Lugo. Lugo, 1952.

“El Speculum Nauticum de Waegenaert y su descripción de las costas de Galicia”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, núm. 43, Lugo 1953.

El archivo Regional de Galicia y la historia de la agricultura: aportación a la ponencia de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas en la VIII Conferencia de la Table Ronde de Archivos, Budapest, 1963.

13 A Federación Española de Asociaciones de Arqueólogos, Bibliotecarios, Arqueólogos, Museólogos e Documentalistas (ANABAD) é unha entidade sen ánimo de lucro destinada a agrupar a cantos se ocupan profesionalmente dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación e información, parques arqueolóxicos e centros de interpretación, ou que teñen un interese especial por este tipo de institucións

“Notas históricas sobre la Real Audiencia de Galicia en la Segunda mitad del siglo XVI y su traslado a La Coruña”, *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, A Coruña, 1966.

Archivo Histórico del Reino de Galicia: Guía del Investigador. A Coruña. Dirección General de Archivos y Bibliotecas, 1968. En colaboración con Elvira Dug-nol Villasonde e con prólogo de Antonio Matilla Tascón.

Guía del investigador del Archivo Histórico del Reino de Galicia. Madrid: Servicio de publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, 1976 (2ª edición conmemorativa del bicentenario de la creación del Archivo). Prólogo de Vicenta Cortés Alonso.

“Pólogo” en Gallego Domínguez, Olga: *Archivo histórico provincial de Orense: Guía del investigador*. Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, 1977.

“Un órgano de expresión cultural de Galicia: *El Boletín de la Real Academia*”, *La Voz de Galicia* (2-X-1977).

“Algunas ideas acerca de la incorporación de los documentos procedentes de organismos de la Administración pública e institucional a los Archivos históricos”, comunicación presentada no V Encontro dos Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas Portugueses en Braga, 6-9 de outubro de 1976.

Participou nas “Bases para unha organización autonómica dos Arquivos de Galicia” *Boletín de Anabad*, 1978.

“El archivo Histórico del Reino de Galicia. Presente y futuro de La Coruña”. *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, A Coruña, 1983-1984, V. I, p. 93-98.

“O Pazo de Xustiza, sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en *O Pazo de Xustiza da Coruña, Sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*. Folleto Conmemorativo de la rehabilitación da Sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, 2000.

Outra liña importante é a que ocupa o século XVIII, momento de renovación cultural e intelectual de Galicia, con diversos estudos.

“La Jurisdicción de la Puebla de Brollón en la segunda mitad del siglo XVIII”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*. T. 5, n. 37-38 (1952), pp. 73-79.

“Un epistolario entre Mayáns y Siscar y el deán de Santiago D. Manuel Francisco Rodríguez de Castro”, *Boletín de la Real Academia Gallega*. T. 28, n. 321-326 (1957), pp. 127-151.

Abad Flores, Odeón Luis: “Sobre la Academia de Apicultura de La Coruña”/discurso leído por el Sr Odeón Abad Flores, contestación a cargo del Sr

Gil Merino “La vida y obra de Don José Cornide Saavedra (breve biografía)”, *Revista Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, 1992.

“La Vendimia en Las Mariñas de Betanzos durante el siglo XVIII”, *Anuario brigantino*, núm. 5 (1982), pp. 92-94.

Outros dos seus artigos destacan por estar relacionados coas cidades de Lugo e A Coruña, da súa historia e dalgunhas das personaxes máis salientables de cada unha delas:

“Mecenas en la emigración: Don Gumersindo del Busto y Don Benito menacho Uribarri”, *El Pueblo Gallego*, (25-VII-1950).

“Lugo: Ciudad del Sacramento. Tradición y Poesía”, *El Progreso* (11-VI-1950).

“La bibliofilia de San Froilan de Lugo”, *El Pueblo Gallego* (16-X-1954).

“Transcripción de las Constituciones de la Real Cofradía de Nuestra Señora del Rosario de La Coruña hechas y ordenadas por los cofrades de ella el 14 de noviembre del año 1574”, *Revista Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, Ano 2, núm. 2 (1966), pp. 71-83.

Las constituciones de la Cofradía de Nuestra Señora del Rosario y de La Coruña. A Coruña. 1968.

“El comercio y el puerto de La Coruña durante el siglo XVI”, *Revista Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, Ano 12, núm. 12 (1976) pp. 137-177.

“El puerto pesquero de La Coruña en el siglo XVI”, *Revista Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, núms. 17-21 (1981-1985), pp. 185-210.

“Tres acontecimientos estelares”, *La Coruña al frente Ante el futuro de Galicia*, A Coruña, 1982, pp. 5-7.

“Estado social y urbanístico en La Coruña del año 1589”, *Galicia en Madrid*-Ano 8, núm. 30 (xullo-setembro 1989) pp. 7-13.

“La Vida y obra de don José Cornide Saavedra: breve biografía”, *Revista Instituto José Cornide de estudio coruñeses*, 1992.

“Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán”, *Revista de Museología*, T. 4, núm. 14 (xuño 1998), pp. 41-43.

“Enrique Chao Espiña”, *Boletín de la Real Academia Galega*, núm. 361 (2000) pp. 294-295.

“El padre Sarmiento y los estudios paleográficos en España”, *Boletín de la Real Academia Galega*, T. 31, núms. 353-354 (1971-1972), pp. 96-109.

“Los barroes de Buño. La artesanía alfarera”, *El Ideal Gallego* (28-IV-1974).

“Prólogo” en Daviña Sainz, Santiago: *Nuestro diario intimo: memorias del alcalde Manuel Casás (al servicio de La Coruña y de Galicia)*. A Coruña Concello da Coruña, 1999.

É posible que eu como neta non sexa a persoa máis indicada para resaltar o seu labor cultural e laboral, pero si o persoal e o máis familiar. Bo, agarimoso coa familia e amigos, servizal, alegre e agradecido, dende o meu punto de vista todos os adxectivos bos quedan curtos. Dende logo, de cativos non tiñamos consciencia de a qué se dedicaba, só que sabía moito, moitísimo (custoulle o agarimoso alcume de “avó dicionario”). Eu, non obstante, tiven a sorte de compartir con el o gusto pola historia e tamén algúns momentos nos seus últimos anos na Real Academia Galega, velo gozar entre libros, facsímiles, e compañeiros. Sei, polos seus amigos e compañeiros de profesión que foi considerado como un pai para unha xeración de arquivistas, ademais foi un home respectado, recoñecido, querido e, espero, recordado con cariño.

Índice xeral

I. CONGRESO UXÍO NOVONEYRA

7

PRESENZA DE NOVONEYRA EN MADRID / *Ana Acuña*

17

SOBRE O PRIMEIRO LIBRO DE NOVONEYRA (*ABROJOS*, 1948)E OUTRAS PÁXINAS SÚAS / *Xesús Alonso Montero*

29

TERRA E POBO EN NOVONEYRA / *Anxo Angueira*

41

A LIBERDADE DAS AMADAS MULLERES / *Carmen Blanco*

51

ASPECTOS FORMAIS DA POESÍA DE NOVONEYRA / *Darío Xohán Cabana Yanes*

61

ROMANCEIRO E CANCIONEIRO ENTRE OS VERSOS DE NOVONEYRA / *Luís Cochón*

83

LINGUA E ESTILO NA OBRA DE UXÍO NOVONEYRA / *Xosé Ramón Freixeiro Mato*

115

NOVONEYRA: NOVA XEIRA. A POESÍA COMO ANTÍDOTO CONTRA O RUÍDO

/ *María Pilar García Negro*

133

DIVERSIDADE INTERNO-EXTERNA E MULTIPLICIDADE TEXTUAL

EN UXÍO NOVONEYRA / *Luís Alonso Girgado*

139

OS CAMIÑOS Á IDADE MEDIA NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA / *Teresa López*

155

UXÍO NOVONEYRA NA DISTANCIA DO LOBO / *Antón Lopo*

161

ARREDOR DOS *EIDOS* DE NOVONEYRA / *Ramón Lorenzo*

185

A PALABRA DESEÑADA E FEITA A MAN / *Carlos Paulo Martínez Pereiro*

201

UXÍO NOVONEYRA E A LINGUA LITERARIA / *María Xesús Nogueira Pereira*

215

ATA CANDO ISTE TEMPO DE ELEXÍA? / *Branca Petra Novoneyra Rei*

219

LINGOA SEN MAOS. O NACIONALISMO DEFENSIVO E CRÍTICO.

A PROSA PÚBLICA DE UXÍO NOVONEYRA / *Uxío Novoneyra Rei*

233

ESCRITURA DO CORPO: OS POEMAS CALIGRÁFICOS / *Antón Patiño*

251

NATUREZA E PAISAXE DO COUREL / *Xosé Benito Reza*

263

POETAS DA FALA NO LABIRINTO DAS LINGUAS. CORRESPONDENCIA ENTRE
VALENTE E NOVONEYRA / *Claudio Rodríguez Fer*

271

NOVONEYRA, RECITADOR. UN EXEMPLO DE EXECUCIÓN DO VERSO LIBRE
(NA LEMBRANZA DE RAMÓN BARCE) / *Olivia Rodríguez González*

II. ALOCUCIÓNS ACADÉMICAS SOBRE UXÍO NOVONEYRA NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

289

UXÍO NOVONEYRA: O ANDAR DA ETERNIDADE / *Manuel Rivas Barrós*

293

UXÍO NOVONEYRA LETRAS GALEGAS 2010 / *Margarita Ledo Andión*

297

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2010 / *Darío Xohán Cabana Yanes*

301

UXÍO NOVONEYRA COA LINGUA DO SEU POBO / *Manuel González González*

III. TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN E ESTUDO

309

UN NOVO TESTEMUÑO DA GLOSA A “ADÁN NON PUDO PECAR”, DO CURA DE FRUÍME
/ *Rosario Álvarez / Xosé Luís Rodríguez Montederramo*

333

SOBOR DO ANTIGO LINGUAXE DO POBO GALLEGO DE C. GARCÍA ROMERO.
UN ESTUDO ANACRÓNICO SEN DIACRONÍA / *Carlos Búa*

389

DOUS AUTÓGRAFOS INÉDITOS DE EDUARDO PONDAL: O BANQUETE DE CONXO
/ *Juan Félix Neira Pérez*

IV. VIDA OFICIAL DA RAG

407

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

412

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2009)

465

NECROLÓXICAS:

D. ANTONIO GIL MERINO / *Lucía Fernández Gil-Merino*

